Ademais das conexións comerciais marítimas, houbo rutas terrestres cara a Tartesos, Gadir e outros portos comerciais na costa sur da Península Ibérica a través da «Vía da Prata», ó sueste de Galicia, para que os minerais extraídos no norte puidesen chegar o sur por terra ou por mar. Por suposto, toda esta actividade extractiva acadou o seu punto máximo no período da dominación romana, pero todo indica que esta actividade ten a súa orixe na primeira idade do bronce.

Se nos fixamos máis atentamente o mapa dos asentamentos de Galicia na época romana, observamos o asentamento urbano de Flavium Brigantium, onde os romanos construíron un importante faro. A cidade é coñecida hoxe como A Coruña, pero foi coñecida polos irlandeses da época de Geoffrey Keating, a comezos do século XVII, como *An Chruinne*[21] («O círculo», presuntamente debido á forma da baía ó pé do Monte de San Pedro).

Segundo Keating, a torre romana foi construída no lugar de *Tor Bhreoghain* («A Torre de Breoghan»), a lendaria torre desde a que se di que Breoghan viu Irlanda. Segundo a tradición irlandesa, foi este o punto do que os milesios saíron a conquistar Irlanda no inicio do século do bronce.

Se examinamos máis atentamente o nome de lugar indígena romanizado como *Brigantium*, descubrimos que a súa antiga forma celta sería *Brigantion*, e que o seu significado é «terreo alto»[22]. Isto non describe ben o sitio do faro romano, pero certamente describe o impoñente Monte de San Pedro de Visma, que protexe a baía no seu lado sur, ten unha vista dominante sobre o océano, tanto ó norte como ó sur, e está cuberto de emprazamentos de artillería. Este sería o lugar ideal para construír un castro na Idade do bronce ou na Idade do Ferro para protexer o porto máis próximo de tódolos invasores que se aproximasen do mar.

O Desenvolvemento da «Cultura Castrexa»

Como vimos na figura 2, Galicia estivo comerciando cos seus veciños celtas do norte desde a primeira idade do bronce. Parece que este comercio de longo alcance tivo lugar nun contexto de relativa estabilidade social a longo prazo en todo o mundo da Idade do Bronce, onde as elites armadas con escasas armas de bronce e monopolizando a riqueza local, gobernaban as sociedades agrarias ou pastorís dirixidas por dinastías de reis ou raíñas sagrados e mantiveron relacións comerciais a grandes distancias con sociedades semellantes. Os arqueólogos están de acordo en que este período, que parece mostrar pouca perturbación social, reflicte a idea grega dunha «idade de ouro» anterior, recordada nos mitos e nas lendas.

Este período relativamente tranquilo, que reflectía a relativa estabilidade do período neolítico anterior, chegou a un final relativamente abrupto a finais da Idade do Bronce ó redor do 1200 a. C. en toda a conca do Mediterráneo. No suroeste da Península Ibérica, isto provocou a explosión da actividade comercial fenicia e grega entre os pobos celtas

locais a mediados do seguinte milenio e o crecemento de Tartesos e Gadir como centros comerciais, integrando os pobos celtas na rede comercial do Mediterráneo.

En contraste, mentres que o comercio no sur e no leste da Península Ibérica xiraba cara ó comercio cos fenicios e cos gregos, no noroeste da Península Ibérica, especialmente en Galicia, desenvolveuse un forte rexionalismo celta relativamente illado do mundo mediterráneo. Este rexionalismo foi exemplificado polo crecemento dunha moi característica «cultura castrexa», que desenvolveu fortes características locais aínda que permaneceu en contacto con culturas celtas similares ó norte e ó leste. Durante este período, xurdiron no noroeste da Península Ibérica miles de castros. A extensión de área dos castros móstrase na Figura 3.

Como explica Barry Cunliffe:

> Este longo período de tempo pódese dividir en tres grandes fases. A primeira, desde c. 1000 - c. 500 a. C., cobre o final do período de contacto marítimo xeneralizado, reflectido polo extenso intercambio de bronces, ata o desenvolvemento de relacións comerciais cos portos fenicios e púnicos do sur. A segunda fase, desde c. 500 - c.140 a. C., é un momento de intenso desenvolvemento rexional no que xorde a tan característica cultura local, absorbendo ideas que seguen chegando do sur púnico por mar e da cultura celtibera ó leste, aínda que mantendo un forte carácter rexional.[23]

O terceiro período é o período da absorción deste mundo celta na órbita romana. Como di Cunliffe:

> A terceira fase comeza coas expedicións militares romanas de Decimus Brutus, que fixo campaña pola parte sur da rexión en 138 - 136 a. C.[24] Isto veu seguido polas expedicións máis amplas de Xullo César no 61-59 a. C., durante as cales penetrou en Galicia e capturou a poboación nativa de Brigantium (A Coruña). A conquista do noroeste foi finalmente completada por Augusto e os seus xenerais nas chamadas guerras cantábricas do 29 ó 19 a. C.[25]

Volvendo agora á cultura castrexa no seu punto álxido, vemos que era basicamente unha sociedade pastoril como a dos cántabros, pero parece que foi máis rica materialmente, quizais debido á súa posición clave no comercio atlántico desde o inicio da Idade do Bronce. O seu acceso a fontes de metais preciosos tamén sería de grande importancia.

Parece que esta riqueza deu lugar a unha estratificación social distinta:

> En Galicia estivo en funcionamento un sistema de elite guerreira e, evidentemente, ocorreu unha agrupación da poboación, converténdose algúns dos castros máis grandes en asentamentos considerables formados por varias familias que vivían moi preto unhas das outras. Noutras partes da rexión atlántica, con excepción da agrupación limitada que se desenvolveu en Orkney no primeiro século a. C. ou no século I d. C., non hai evidencia de grandes asentamentos nin hai indicación algunha de elites guerreiras.[26]

Os contactos a longa distancia co norte están exemplificados pola distribución de fíbulas atopadas no noroeste da Península Ibérica e en Aquitania, por unha banda, e no suroeste de Gran Bretaña, pola outra. Cunliffe pensa que «o descubrimento de fíbulas como estas en lugares distantes invita á suxestión de que os intercambios puidesen implicar a noivas»[27].




Figura 3. Distribución de castros no noroeste de Iberia. (De Cunliffe (2001), p. 338).

Por suposto, hai tempo que a circulación de mulleres a niveis de elite é unha estratexia universal para fortalecer as alianzas entre sociedades distantes. Cunliffe tamén sinala a supervivencia do que os romanos chamaban o *hospitium* («hospitalidade recíproca acordada entre dúas comunidades») na época romana.[28] Finalmente, é moi probable que algunha forma do antigo costume irlandés de *géillsine* («acollemento») existise entre estas comunidades celtas. En definitiva, malia as distancias físicas entre as comunidades celtas marítimas e a crecente rexionalización, parece que habería unha serie de mecanismos sociais dispoñibles para manter os lazos entre as elites en comunidades distantes.

A Contribución da Evidencia Xenética

Ó explorarmos a prehistoria da Península Ibérica e, máis concretamente, ó explorar as áreas celtas da Península no período prerromano, usamos a toponimia, a arqueoloxía e as descricións de escritores clásicos contemporáneos dos pobos celtas indíxenas da Península. Pero, podemos descubrir máis sobre estes pobos e as súas relacións cos pobos doutras zonas?

Dado que parece que os celtas chegaron ó comezo da Idade do Bronce, ¿de onde viñeron e que impacto xenético tiveron sobre a poboación que xa vivía na Península? E de onde viñeron orixinalmente os habitantes indíxenas? E, finalmente, que relación xenética teñen estes pobos cos habitantes actuais da Península Ibérica?

As investigacións xenéticas recentes teñen moito que ofrecer, especialmente ó comparar grupos de poboacións humanas actuais con poboacións fantasmas que habitaban os sitios culturais explorados por arqueólogos e lingüistas. Estas investigacións están proporcionando respostas tentativas a cuestións clave que, durante moito tempo desconcertaron ós arqueólogos, por exemplo, chegaron a Gran Bretaña e Irlanda os grupos de lingua celta desde o sur da Europa central ou desde a Península Ibérica?

Stephen Oppenheimer foi particularmente emprendedor no uso de datos xenéticos procedentes de poboacións vivas. Explica así a súa metodoloxía:

> A filoxenia xenética céntrase no seguimento dos movementos de liñaxes específicas desde as supostas poboacións de orixe ata as poboacións obxectivo, identificando e datando ós haplotipos fundadores e os seus derivados, estes últimos [de] agrupacións de liñaxes fundadoras cunha nova variación única na poboación obxectivo.[29]

Continúa:

> A data de chegada de cada nova agrupación pódese estimar a partir da súa diversidade mutacional derivada. A filoxeografía é moito máis poderosa cando se utilizan loci non recombinantes (como o ADN mitocondrial ou o cromosoma Y), xa que se poden reconstruír árbores detalladas definidas por mutacións, e as ramas derivadas poden rastrexarse cun sorprendente detalle xeográfico.[30]

Como se mostra en Duran (2014), empregando esta metodoloxía, Oppenheimer puido conectar Gales e Irlanda (a través de Galicia) cos Balcáns occidentais e con Albania como un epicentro xenético.[31] Así, observando de cerca a distribución de dous haplotipos e relacionando os datos xenéticos cos datos arqueolóxicos, xorde a seguinte imaxe:

> A distribución do haplotipo E3b1 parece seguir unha ruta terrestre, dirixíndose directamente desde Albania sobre os Alpes e a través da Francia máis setentrional ata un «punto quente» xenético na mina de cobre Great Ormes Head no norte de Gales.
> A distribución do outro haplotipo, J2-M12, segue en gran parte unha ruta marítima cara ó oeste a través do Mediterráneo a dous «puntos quentes» xenéticos na Península Ibérica: Galicia e sueste de España, na zona dos iberos.[32]

Resumindo os datos xenéticos e arqueolóxicos, Oppenheimer suxire que «... tales rutas paralelas separadas cara a Gran Bretaña e Irlanda poderían ser a base das diferenzas sistemáticas de son entre as ramas das linguas goidélicas e britónicas».[33]

A información derivada da observación coidadosa da distribución destes haplotipos deunos unha confirmación da hipótese «Celtic from the West» («celta do oeste») e unha imaxe clara dos distintos movementos de falantes de linguas celtas temperás cara a Gales e a Galicia desde aproximadamente o mesmo lugar no oeste da Península Balcánica a comezos da Idade do Bronce.




Figura 4. Distribución da frecuencia do haplogrupo xenético E3b1a2, que se expandiu desde os Balcáns (epicentro Albania) durante a primeira Idade do Bronce nos Balcáns.
(De Cunliffe e Koch (2012), p. 142).

O grupo que tomou a ruta terrestre sería o antepasado dos falantes de linguas británicas, e o grupo que tomou a ruta marítima sería o antepasado dos (falantes) de linguas goidélicas, chegando a Irlanda desde Galicia. Curiosamente, como se afirma en Duran (2014), as tradicións antigas dos galeses e dos irlandeses apoian os datos xenéticos, o que suxire a chegada dos dous grupos ó seu destino final a través de diferentes rutas.[34]

As implicacións de tales datos xenéticos para resolver cuestións relativas á prehistoria son claras. Unha coidadosa toma de mostras xenéticas de poboacións vivas pode proporcionar información incriblemente exacta respecto dos movementos de poboacións antigas.

Evidencias do ADN Antigo

O desenvolvemento máis revolucionario no uso de datos xenéticos nos últimos anos é o uso de «ADN antigo» – ou sexa, o uso de datos xenéticos extraídos dos corpos de individuos que quizais morreron hai miles de anos.

Para os nosos propósitos, isto permítenos examinar o código xenético - o xenoma - de individuos que morreron na Península hai miles de anos e comparar estes datos xenéticos cos datos de individuos que hoxe viven na Península Ibérica para descubrir que relación xenética existe entre as poboacións antigas e as poboacións modernas da Península. Tamén podemos usar estes datos para determinar a relación xenética de grupos antigos identificados por exploracións arqueolóxicas con grupos similares doutros tempos e noutros lugares para ter unha idea máis clara dos movementos de poboación e da mestura de poboación a través do matrimonio.

Por exemplo, son as poboacións vivas da Península Ibérica a continuación da poboación do paleolítico ou do mesolítico na Península? Canta continuidade houbo? Foron substituídas as poboacións máis antigas por poboacións máis recentes? Como e ata que punto reflicten as poboacións vivas as poboacións máis antigas? Como se relacionaban entre eles xeneticamente estes antigos grupos?

David Reich e Carles Lalueza-Fox, ambos pioneiros nesta nova rama da ciencia, deixáronnos relatos fascinantes sobre o que fan eles e mailos seus colegas, así como as implicacións que esta investigación ten para a exploración da prehistoria.[35] Para os nosos propósitos, esta investigación mostrou que tódolos vestixios das poboacións paleolíticas da Península Ibérica desapareceron da poboación actual da rexión, e que as poboacións do Mesolítico foron substituídas en gran medida polos descendentes de agricultores neolíticos do Oriente Medio, que se movían cara ó oeste ó redor do 6.800 a. C. en adiante.

Os agricultores neolíticos entraron na Europa occidental por dúas rutas principais: unha ruta seguiu o val do río Danubio desde o Mar Negro ata a súa fonte no centro de Europa, e a outra ruta seguiu a costa norte do Mediterráneo. Na Península Ibérica, como noutras partes de toda Europa, houbo poucos matrimonios mixtos entre a poboación agrícola neolítica e a poboación mesolítica de cazadores-colleiteiros de ollos azuis e de pel escura.[36]

Só no norte de Europa, particularmente en Escandinavia, houbo unha gran mestura dos agricultores neolíticos coa poboación mesolítica, e estes matrimonios mixtos so tiveron lugar finalmente despois dun par de miles anos durante os cales ámbolos dous grupos viviron na mesma zona. Á fin e ó cabo, o norte de Europa tiña un clima duro e solos arxilosos pouco adecuados para a agricultura mediterránea, polo que a poboación de agricultores neolíticos pioneiros seguiu sendo escasa e nesa zona os bosques eran extensos. Nestas áreas, a poboación mesolítica puido continuar o seu modo de vida, ata que, co paso do tempo, ambas poboacións puideron coñecerse moito mellor e valorar mutuamente os seus servizos - pero isto tardou un par de mil anos en ocorrer.

Os Yamnaya no Norte de Europa

Así e todo, ó pouco de que esta nova síntese cultural tivese lugar no extremo norte de Europa, unha marea demográfica atravesou o norte de Europa desde as estepas do leste distante. Ó final do Neolítico, os descendentes dos pastores Yamnaya da estepa, cos seus cabalos, carros e rabaños de vacas, cabras e ovellas, movéronse rapidamente cara ó oeste a través da chaira do norte de Europa, levando ás escasas poboacións mesolíticas e neolíticas por diante deles.[37] A substitución da poboación foi tan completa que hoxe quizais o 90% da poboación actual de Irlanda sexa descendente de pastores das estepas rusas.[38]

Probas procedentes de Gran Bretaña indican que o cambio puido ser moi abrupto. Nunha conferencia moi recente dada por David Reich en Seattle, Washington, en outubro de 2018, cita evidencias de que xeneticamente, as persoas enterradas en Gran Bretaña ó




Figura 5. Distribución da frecuencia do haplogrupo xenético J2-M12, que se expandiu desde os Balcáns (epicentro Albania) durante a primeira Idade do Bronce nos Balcáns.
(De Cunliffe e Koch (2012), p. 139).

redor do 2500 a. C., cando se estaba a construír a última sección do monumento megalítico de Stonehenge, eran todas de orixe mediterránea. Cen anos despois, o 90% das persoas enterradas en Gran Bretaña tiñan xenes Yamnaya. Isto só puido ser o resultado dun movemento masivo de persoas do continente cara a Gran Bretaña.

O cambio xenético é tan impresionante que é difícil de aceptar, pero a evidencia é clara. A miña explicación consistiría en que varios factores converxeron para producir este cambio. Os pastores da estepa, igual ca outros pastores da estepa posteriores ata os tempos modernos, movíanse constantemente cos seus rabaños e non estaban atados a ningunha localidade. A chaira do norte de Europa, a partir de Polonia, non ofrecía barreiras topográficas como os Pireneos, os Cárpatos ou os Alpes.

Frearíanos os vastos bosques, pero se os pastores practicaban a agricultura de roza e queima, queimando áreas do bosque durante a estación seca e logo plantando algúns cultivos e deixando pacer os seus rabaños nos claros abertos no bosque, poderían avanzar rapidamente cara ó oeste ano tras ano. Por suposto, as terras despexadas anteriormente

polos agricultores locais simplemente poderían ser tomadas como pastos - en detrimento dos agricultores.

Un probable factor final da desaparición das poboacións anteriores do norte de Europa é mencionado por Reich e Lalueza-Fox - as pragas traídas polas pestes portadas polos seus animais domésticos. Ó observaren os desastrosos efectos sobre as poboacións nativas das Américas por microbios levados polos españois e os portugueses, ámbolos dous autores sinalan que as mostras de ADN antigas de Europa e das estepas revelan trazos de *Yersinia pestis*, a bacteria coñecida como a «peste negra» e como sinala Reich, «esta enfermidade era endémica na estepa» [39].

Os Yamnaya no Sur de Europa

No sur de Europa, exactamente ó mesmo tempo, atopamos cambios de poboación igualmente dramáticos, pero doutro tipo. Na súa charla en Seattle en outubro de 2018,[40] David Reich describe a chegada de pastores Yamnaya a España aproximadamente no ano 2500 a. C. Durante 300-500 anos, a poboación do neolítico mediterráneo e os pastores Yamnaya comparten a Península Ibérica. Entón comeza a mestura das dúas poboacións.

Despois do 2000 a. C., a poboación da Península Ibérica mostra un 60% de ascendencia de agricultores mediterráneos do neolítico e un 40% de ascendencia dos Yamnaya da estepa, pero existe unha tendencia concreta nesta mestura – o 100% dos cromosomas Y son Yamnaya e os cromosomas Y dos agricultores mediterráneos do neolítico desapareceron totalmente. Os temperáns agricultores europeos foron eliminados da poboación por medio da mestura.

Como puido ocorrer isto? Puido ocorrer mediante o acceso selectivo ás mulleres. Noutras palabras, parece que os pastores Yamnaya monopolizaron as mulleres da poboación xeración tras xeración. Esta é unha situación ben coñecida polos antropólogos, onde un grupo social dominante pode ter acceso preferente ou exclusivo ás mulleres novas dunha poboación.

Ademais, en sociedades de todo o mundo, as mulleres novas son tomadas como prisioneiras na guerra e logo usadas como escravas e / ou concubinas.[41] De feito, na sociedade precristiá irlandesa, os dous elementos empregados como unidades de moeda ó calcular os pagamentos nos casos legais, eran mulleres[42] e gando, e isto está ben reflectido na lei antiga irlandesa.

Non obstante, a historia do mundo mediterráneo occidental parece bastante complexa. Os pastores Yamnaya foron case certamente os inmigrantes que introduciron as linguas indoeuropeas en Europa, e as posicións das diversas ramas dos pobos indoeuropeos no momento da conquista romana de Europa apoian esa hipótese. Os alemáns serían a punta principal dos invasores Yamnaya na chaira do norte de Europa, mentres que os celtas serían a punta do sur, seguidos de cerca polos falantes de linguas itálicas.[43]

En Duran (2014) tracei as diferentes rutas das dúas ramas principais dos celtas desde os Balcáns occidentais, cos antepasados dos celtas británicos movéndose cara ó norte a través da Galia ata Britannia e os devanceiros dos celtas goidélicos desprazándose cara ó oeste de España, e de Galicia a Irlanda. E se a poboación da Península ibérica sufriu ás mans dos pastores Yamnaya, entón os celtas parecen ser os principais sospeitosos. Sen dúbida, a imaxe da elite guerreira galega altamente estratificada dada anteriormente parece presentar a imaxe dun grupo masculino dominante.

Así e todo, na zona do Mediterráneo occidental sobreviviron moitas linguas non indoeuropeas, por exemplo, o éuscaro, o ibérico e o etrusco. E mesmo cando as linguas

non sobreviviron, é posible que os invasores Yamnaya deixasen intacta a poboación, como no caso dos sardos, que teñen unha ascendencia máis ou menos pura de agricultores do Neolítico mediterráneo. De feito, demostrouse que, xeneticamente, os vascos están moi relacionados cos sardos. Está claro que hai que investigar moito máis.

De momento, podemos imaxinar que a densidade da poboación agrícola da conca mediterránea foi suficiente para asegurar a supervivencia da poboación e, en circunstancias favorables, a das linguas e culturas indíxenas. Nesas circunstancias, na cunca do Mediterráneo, os pastores Yamnaya, puideron actuar como un grupo dominante sobre unha sociedade agrícola, con acceso preferente ás mulleres, do mesmo xeito que os invasores celtas e xermánicos da zona mediterránea fixeron a miúdo nos tempos clásicos e posteriores ós romanos. Isto bastaría para asegurar a difusión de linguas indo-europeas entre os falantes de linguas non indoeuropeas.

Como se ve desde Irlanda

Despois de observarmos as prácticas sociais que puideron levar á «aristocracia guerreira»[44] altamente distintiva da cultura castrexa durante a posterior prehistoria de Galicia, e mailo feito de que os seus curmáns milesios en Irlanda, con escravas e gando como base da súa divisa comercial na antiga lei irlandesa, mostrasen unha forte tendencia a que poderosos grupos guerreiros monopolizasen as mulleres da sociedade - especialmente as mulleres collidas en incursións e en guerras, chego o momento de examinar máis de cerca as evidencias xenéticas de Irlanda.

No caso de Irlanda e de Escocia, temos unha oportunidade única de seguir as ramificacións das liñas xenéticas da poboación gaélica. Estas son, de feito, liñaxes masculinas marcadas por apelidos de liñaxe («nomes de clan»), e en certos casos, poden remontarse a preto de 1500 anos no rexistro escrito. Como sinalou Kenneth Nicholls nun relato fascinante sobre o que este corpus masivo de material xenealóxico pode dicirnos sobre a historia social de Irlanda desde a primeira historia rexistrada:

> Os textos xenealóxicos irlandeses constitúen un corpo de material único en Europa tanto pola súa extensión cronolóxica - desde o século VII ata o século XVIII – como pola súa cantidade, tendo en conta a súa data e as perdas que sufriu.[45]

Ó examinarmos esta masa de datos, podemos aprender moito sobre «quen se estivo deitando con quen» – xa sexa dentro dos límites do matrimonio como fóra deles, pero lembremos que aquí nos imos centrar nas actividades das liñaxes («clans») – e non nas actividades dos individuos.

En primeiro lugar, porén, permítanme explicar como funcionan os apelidos de liñaxe irlandeses. O meu apelido, herdado de meu pai, é *Ó Dioráin*, e significa «o neto de Diorán». Meu pai herdou ese apelido de seu pai, igual que el o herdou de seu pai, e así sucesivamente ata a prehistoria. Ese é o apelido da miña liñaxe masculina.

Miña nai pertencía a outra liñaxe masculina: *Mac Tiarnáin* («o fillo de *Tiarnán*»). A súa nai pertencía a outro liñaxe masculina: *Mac Muirí* («o fillo de Muiríoch»), e a nai de meu pai pertencía a outra liñaxe masculina: *Ó Ceallaigh* («o neto de *Ceallach*»).

Teñamos en conta que recordamos o lado da familia das nosas nais, pero rastreamos a súa orixe no tempo a través das liñaxes masculinas ás que pertencen. Esta é a marca dunha sociedade dominada polos homes, onde todos, homes ou mulleres, encontran a súa

identidade a través dos seus vencellos con liñaxes masculinas, xa sexa pola banda do pai ou pola da nai. Máis adiante, exploraremos o que implica todo isto.

É por iso que gaeles, tanto en Irlanda como en Escocia, normalmente teñen apelidos que comezan por «*Mac*» ou por «*Ó*», que significan «fillo» (*mac*) ou «neto» (*ua*). Estes apelidos evocan ó antepasado masculino que fundou a liñaxe. En case ningún caso non teriamos idea de quen era este antepasado - podería estar perdido nas néboas da prehistoria, pero sabemos que, dalgún xeito, estamos relacionados xeneticamente con tódolos outros gaélicos que levan ese apelido. Clasificar esta maraña de apelidos e as redes de parentesco era a tarefa dos tradicionais xenealoxistas irlandeses de tempo inmemorial.

Ás veces atopamos nomes como *Mac Gabhann*, que non denotan un antepasado. *Mac Gabhann* significa «fillo do ferreiro» (*gabha*). Nese caso, o antepasado sen nome era un practicante dunha arte apreciada e temido por posibles poderes sobrenaturais tanto na sociedade celta como na xermánica. O apelido da liñaxe xeraba respecto, fosen cales fosen as súas orixes.[46]

Por outra banda, un apelido inglés como «Baker», como no nome de «*John Baker*», pareceríalle gracioso a un Gael dos tempos pasados, xa que unha persoa con ese apelido non estaría asociada a ningunha outra liñaxe, con vencellos con liñaxes similares remontándose ó inicio da historia. Significaría simplemente que tiña o oficio de panadeiro ou que un dos seus antepasados masculinos fora panadeiro e que lles pasara o apelido ós seus descendentes. Na sociedade gaélica, unha persoa así non sabería quen eran realmente os seus antepasados. Non tería lugar nun mundo de liñaxes masculinas. O seu apelido sería simplemente unha etiqueta de identificación.[47]

Os grupos destes apelidos de liñaxes masculinas - polo menos nos séculos pasados - estaban fortemente vencellados a certas áreas de Irlanda, mostrando a forte natureza «tribal» da sociedade irlandesa no pasado, enraizada nunha paisaxe que reflicte un profundo pasado prehistórico. No meu propio caso, os apelidos da liñaxe masculina *Ó Dioráin* e *Ó Ceallaigh* vencéllanme á paisaxe das illas máis grandes do arquipélago Aran, mentres que os apelidos *Mac Tiarnáin* e *Mac Muirí* conéctenme á montañosa rexión do norte de Leitrim. Os dous lugares forman parte da miña herdanza como Gael.

Apelidos Gaélicos, Liñaxes Masculinas e Xenética

Un estudo recente baseado no banco de cromosomas irlandeses Y dá un exemplo interesante de como se poden relacionar os apelidos gaélicos ó uso de datos xenéticos a gran escala para explorar a prehistoria. Este estudo «revelou unha extraordinaria preponderancia dun cromosoma Y (e os seus parentes próximos), que se chamou haplotipo modal irlandés ou IMH». (Cf. Figura 6)

> Aproximadamente o 8% dos homes irlandeses tiñan un dos grupos IMH de cromosomas Y. Ademais, o IMH mostrou unha impresionante especificidade xeográfica coa zona do noroeste da illa... onde máis de 1/5 homes levaban o cromosoma Y. Usando o número observado de cambios mutacionais entre o grupo IMH dos cromosomas Y e certo coñecemento da taxa de mutación, foi posible datar o antepasado deste grupo ata 1.700 anos antes do presente aproximadamente. As datas e a xeografía coincidiron co putativo fundador da dinastía Uí Néill, o caudillo militar Níall Noígíallach «Niall dos Nove reféns», ...que presuntamente viviu no século V d. C.
>
> Para analizar a asociación circunstancial e demostrar unha conexión entre o fundador de IMI e o fundador dos Uí Néill, foron cruciais os apelidos modernos, xa que poden remontarse ós

reinos tribais ás veces prehistóricos e ós seus supostos fundadores... Descubruiuse que o IMH foro enriquecido de maneira significativa en homes con apelidos xenealóxicos ligados ós Uí Néill [«descendentes de Níall»] en comparación con homes cuxos apelidos non o estaban...[48]

Observemos agora a conexión con «acceso preferente ás mulleres»:

Isto suxire, á súa vez, que o maior reino da Irlanda medieval primitiva estaba, en realidade, unido por cantidades importantes de parentesco patrilineal. A notable frecuencia do IMH é consistente coa práctica da polixinia cun estreito vínculo entre o poder e a prodigalidade. Polo contrario, un estudo posterior pero similar da Eoghanachta [unha poderosa dinastía de Irlanda do Sur] proporciounou poucas evidencias de parentesco paterno..., suxerindo, á súa vez, fortes diferenzas socioculturais entre as distintas partes da illa nese momento.[49]




Figura 6. Plano acoutado que mostra a frecuencia xeográfica do Haplotipo Modal Irlandés (HMI) e cromosomas Y estreitamente relacionados. (De Cunliffe e Koch (2012), p. 115).

Teñamos en conta aquí que o poder dos homes sobre as mulleres e os seus efectos sobre a herdanza xenética dunha poboación pode diferir fortemente de rexión a rexión mesmo dentro dunha sociedade patrilineal da Idade do Ferro que é fortemente pastoril.

Rememorando a Península Ibérica dos séculos posteriores á intrusión dos Yamnaya (celtas) e deixando a un lado as poboacións non celtas polo momento, é razoable preguntar se o impacto xenético dos intrusos Yamnaya (celtas) foi igual en tódalas zonas celtas. Noutras palabras, foron eliminados os machos agricultores do neolítico mediterráneo igualmente en tódolos distantes recunchos do «triángulo celta» — Tartessos, Cantabria e Galicia? Sospeito que, igual que en Irlanda, a situación social puido ser bastante diferente nas distintas áreas. No futuro, datos xenéticos máis detallados de toda a Península Ibérica poden axudar a responder a pregunta.

Máis sobre o «Acceso Preferente ás Mulleres» en Irlanda

Kenneth Nicholls ten algunhas perspectivas moi especiais sobre as presións sociais que operan nunha sociedade patrilineal como a Irlanda ou a Escocia gaélicas. Falando de tempos máis recentes en Irlanda, observa:

... [Nunha sociedade] onde opera un sistema de polixinia recoñecido ou, como na Irlanda gaélica, unha regra inclusiva de lexitimidade que garante que os que nacen fóra do matrimonio recoñecido poden esperar, de tódolos xeitos, compartir o estado e as vantaxes sociais dos seus pais, unha muller optimiza a oportunidade para os seus fillos ó teren como pai,

> tanto dentro como fóra dun matrimonio formal, un membro dunha liñaxe dominante..., que así tenden a aumentar en número a expensas das liñaxes de sangue subordinadas.[50]

Aquí vemos o poder das liñaxes masculinas dominantes para expandirse de maneira importante ó longo do tempo nunha sociedade dominada polos homes a través do desexo dunha nai de proporcionar un futuro mellor para os seus fillos. Esta presión social aínda existía na Irlanda do século XIX:

> ... En Connacht, onde unha proporción considerable de nobres nativos conseguiu sobrevivir ás expropiacións do século XVII, seguiu sendo forte a tradición de xerar un gran número de fillos ilexítimos.[51]

Volvendo á perspectiva das nais:

> Esta consideración, de optimizar as vantaxes para os nenos, estaba na raíz do estraño costume irlandés de «nomear» ós nenos, segundo a cal, as mulleres, moitas veces nos seus propios leitos de morte, facían constar como pais dos seus fillos outros homes que non eran os seus maridos ou aqueles que antes soaran como pais deles.[52]

Noutras palabras, nunha sociedade patrilineal na que o poder e a riqueza están asociados a certas liñaxes masculinas, unha muller pode escoller un poderoso cromosoma Y para o seu futuro fillo accedendo ás insinuacións dun home poderoso, e ese cromosoma Y invisible, unha vez adquirido, será visible para a sociedade circundante a través da adquisición por parte do neno do apelido da poderosa liñaxe masculina que leva ese cromosoma. Á vista da nai, ese apelido pode ser o pasaporte do seu pequeno fillo cara a un futuro prometedor nun mundo difícil.

A historia — ou incluso a prehistoria – ten unha sombra moi longa no mundo celta. A este respecto, ó o acceso preferente das mulleres por homes dunha liñaxe dominante nunha sociedade patrilineal, podemos prestar unha atención especial ós consellos de Nicholls sobre que «...as detalladas descendencias que proporcionan as xenealoxías irlandesas poden usarse para ilustrar a capacidade de expansión de liñaxes masculinas concretas».[53] Pódese aprender moito do enorme corpus de datos xenealóxicos de Irlanda.

«Barbarie» contra «Civilización»

Vendo a posición das mulleres nas sociedades patrilineais de pastores celtas tanto na Península Ibérica como en Irlanda, poderíamos tender a culpar ós «bárbaros». Chegando aquí, convén discutir a importantísima obra de James C. Scott no seu libro *Against the Grain*: *A Deep History of the Earliest States*.[54]

Scott argumenta que ó longo dos milenios o ser humano aprendeu a domesticar as plantas e os animais, pero no proceso de domesticación das plantas e dos animais, domesticáronse eles mesmos. Cando xurdiron estados en certas áreas xeográficas favorecidas despois de varios milenios da primeira domesticación de plantas e animais, completaron o proceso de domesticación dos seres humanos.[55]

Estamos afeitos admirar os grandes logros da «civilización», tales como as pirámides de Exipto, as grandes murallas de China, ou os complexos sistemas de irrigación de moitas comunidades asiáticas, e a desacreditar os pobos que nunca crearon artefactos tan impresionantes. O que non logramos entender é que eses monumentos non se construíron

a si mesmos: foron construídos por seres humanos, normalmente a través de traballos forzados e decotes por escravos. De feito, estas civilizacións antigas non poderían sobrevivir sen enormes cantidades de man de obra escrava.[56]

A posición das mulleres, especialmente nestas sociedades, tampouco era alta. Fose cal fose a posición das mulleres nos niveis máis altos desas sociedades, os niveis máis baixos adoitaba ser abismal. Observemos a posición das mulleres actuais – mesmo nos niveis máis altos da sociedade — nas zonas xeográficas que viron nacer as primeiras civilizacións. Non parece haber moitos cambios.

.Lembremos canto impresionou o historiador romano Tácito o status relativamente elevado das mulleres nas tribos xermánicas do norte de Europa en oposición á situación das mulleres en Grecia ou en Roma. O status relativamente alto das mulleres nas culturas nómades, en oposición á das mulleres nas vilas ou cidades próximas, coméntase frecuentemente por viaxeiros en áreas xeográficas moi separadas.

Alén do feito da urbanización e de certos avances tecnolóxicos que a acompañaron, non houbo moita diferenza entre as sociedades temperás «civilizadas» e as sociedades «bárbaras». Os primeiros estados estaban todos baseados na agricultura e, sobre todo, no cultivo de varios tipos de grans. As sociedades pastorís estaban dedicadas ó pastoreo, pero normalmente practicaban a metalurxia e as artesanías, como tecedura, normalmente asociada á civilización. Ámbalas dúas tiñan as súas leis e os seus modos de goberno.[57]

Por suposto, ó seren pastores, os «bárbaros» normalmente estaban centrados nos seus rabaños. E iso significaba protexer os rabaños dos depredadores, animais ou humanos, e recuperar os animais perdidos ou roubados. Así, estas actividades - ademais do desexo irresistíbel de aumentar o tamaño dos rabaños roubando ós rabaños de outros - normalmente conducía a roubos endémicos de gando e a guerras intermitentes con sociedades pastorís semellantes que caracterizan as sociedades pastorís de todo o mundo. Isto daríalles ós pastores a reputación de ser inherentemente belixerantes e propensos ós roubos de gando.

Pero, nas Idades do Bronce e do Ferro, eran realmente máis amantes da paz e corteses cos seus veciños os grandes estados de Oriente Medio ou do Mediterráneo? Á fin e ó cabo, necesitaban unha aportación constante de escravos para manter funcionando os seus reinos e imperios.

Cooperación Mutua entre os «Mundos Civilizados» e os «Mundos Bárbaros»

Pero, como sinala Scott, as sociedades «bárbaras» tiveron unha relación simbiótica coas sociedades «civilizadas» desde o inicio do nacemento dos estados no Oriente Medio e noutros lugares. Os estados necesitaban materias primas, como minerais ou madeira, e normalmente estaban situados no interior, lonxe das cidades, e estas áreas eran os territorios máis salvaxes que normalmente estaban ocupados por sociedades «bárbaras». Polo tanto, negociar con sociedades «civilizadas» para abastecer eses recursos podería ser bastante rendible para os «bárbaros».[58]

Pero ademais de tódolos outros elementos de comercio, os estados necesitaban escravos para as enormes cantidades de man de obra humana necesaria para manter as súas sociedades. Os pastores, a través da súas guerras constantes, podían proporcionar moitos escravos. Como sinala Scott, os escravos de zonas distantes falarían linguas exóticas e a súa aparencia física faría que salientasen entre a poboación local.[59] Esta sería unha gran axuda para os propietarios de escravos preocupados polos escravos que fuxían, xa que sería menos probable que os escravos que non falaban a lingua local ou que non

podían «mesturarse facilmente coa multitude» fuxises dos seus amos. E os escravos vendidos polos «bárbaros» eran outros «bárbaros» capturados durante a guerra.

Ademais, debido ás súas habilidades marciais, os «bárbaros» normalmente ofrecían o seu servizo a estados próximos como mercenarios para loitar nos seus exércitos - e isto podía moi ben ser contra outros «bárbaros». A ollos dun líder romano, o uso de «bárbaros» para eliminar «os bárbaros» e vender os cativos nos mercados de escravos de Roma era unha solución óptima para un problema irritante nas fronteiras.[60]

Se agora volvemos a vista cara á Península Ibérica, descubrimos que toda esta actividade foi característica da prehistoria peninsular, polo menos, desde o comezo da Idade do Bronce. En Duran (2014) observamos a intensa exploración na procura de minerais na costa atlántica do que hoxe son Portugal e de España e a rápida expansión das exploracións á illa de Ross no suroeste de Irlanda e ós depósitos de estano de Cornualla a comezos da Idade do Bronce.

Observamos a intensa actividade comercial fenicia na costa occidental da Península que comezou pouco despois do 1000 a. C., e o ascenso de Tartesos como provedor de minerais para os fenicios e os gregos. A rica sociedade de Galicia tamén mantivo contactos cos comerciantes do sur, tanto por vía marítima como pola «Vía da Prata». Posteriormente, observamos guerreiros celtas procedentes da Península Ibérica nos exércitos cartaxineses que marcharon con Aníbal contra Roma, e finalmente Roma, ó conquistar a Península Ibérica pouco e pouco, enrola guerreiros celtas nas súas lexións.[61]

O que o traballo de Scott permítenos facer é ver toda esta actividade nunha perspectiva máis ampla e axudar a encher as lagoas nos nosos coñecementos actuais sobre a prehistoria ibérica peninsular, achegándonos ós motivos de toda esa actividade nas mentes dos implicados.

A Ideoloxía Indoeuropea

Albiscamos o lado máis escuro das «grandes civilizacións» de Oriente Medio e as súas extensións na conca occidental do Mediterráneo. As inxustizas sociais endémicas nestas sociedades estratificadas xeraron relixións que buscaban abordar as queixas sociais. Como sinalou James Breasted[62] hai moito tempo, seguido do clásico traballo de V. Gordon Childe[63] sobre o ascenso da civilización en Oriente Medio, estes desenvolvementos relixiosos foron a raíz das grandes relixións actuais. E como xa vimos varias veces na historia mundial, ningún grupo tivo máis éxito cós pastores na promoción da difusión das grandes relixións ata os nosos días.

Como poderiamos esperar, a explosión dos pastores indoeuropeos en tódalas direccións da estepa póntico-caspia a comezos da Idade do Bronce parece estar inspirada no nacemento dunha relixión que promulgou o que os eruditos veñan chamando «a Ideoloxía indo-europea «. O gran erudito Georges Dumézil[64] foi o explorador principal desa ideoloxía, e desde entón foi un campo de investigación moi frutífero para un gran número de eruditos.

Esta ideoloxía, que sería a base da relixión dos indo-europeos, previu unha división tripartita da sociedade humana en sacerdotes, guerreiros e produtores de alimentos (principalmente pastores). No cume da sociedade había un rei, que era unha figura sagrada cunha conexión directa cos deuses. Se gobernaba ben, había paz e abundancia. Se gobernaba mal, producíase un desastre. A clave estaba na súa relación coa verdade. A verdade promovía a abundancia. A falsidade xeraba o desastre. Na antiga sociedade irlandesa, isto era coñecido como «o poder da verdade». Mohandas Gandhi entendería perfectamente este concepto.

Non temos ningunha maneira de conectarnos coa chegada dos Yamnaya á Península Ibérica para comprender en detalle cal foi a forza motriz da súa conquista, pero podemos recoller algunha información dos seus descendentes – en especial, dos tartesos ó descubrírense máis textos escritos en lingua tartesa. Entrementres, podemos aprender moito dos seus curmáns milesios en Irlanda.

O Testamento de Morann (Audacht Morainn)

Temos a sorte de posuír un documento irlandés que parece datar do século VII. Non podemos saber a antigüidade da tradición oral subxacente ó texto, pero esa tradición parece datar do período precristián, xa que non contén referencias á deidade cristiá. Suponse que son consellos por un posiblemente mítico xuíz Morann,[65] e dise que tradicionalmente eran recitados na investidura dun rei.

O propio rei sería o rei dun *tuath*, traducido como «tribo» ou «pequeno reino»,[66] dos que había, polo menos, 150 en calquera época da Irlanda temperá. Estes pequenos reinos eran «tribais, rurais, xerárquicos e familiares»,[67] con liñaxes masculinas que dominaban toda a sociedade.

O testamento é unha advertencia á persoa que está a piques de asumir o reinado dun *tuath*. Como explican Patrizia de Bernardo Stempel e os seus colegas da Universidade de Texas:

> Xeralmente, a sociedade precristiá irlandesa considérase violenta e guerreira, pero o texto actual presenta un cadro diferente ó adoptar unha actitude, en xeral, non militarista: a idea central é que o benestar do rei e da súa tribo depende da xustiza do rei (*fír flathemon*), que os protexe da desgraza e garante a prosperidade.[68]

Este documento faise eco de advertencias semellantes, dadas na investidura dos reis por homes santos, nas sociedades indoeuropeas tradicionais tan distantes como Persia e India. Está claro que o que escoitamos é o núcleo do contrato social entre os pastores Yamnaya da estepa. Estas sociedades pastorís son violentas, pero o rei que se afaste demasiado das limitacións da xustiza social – como son comprendidas por unha sociedade pastoril patrilineal – arríscase á ira dos deuses, que cae sobre toda a tribo.

Escoitemos algúns fragmentos deste texto:[69]

> ...Dígolle - é a través da verdade do soberano que o número de mortes dunha poderosa banda de guerreiros [e] grandes estouros de raios se manteñen lonxe das persoas...
>
> É a través da verdade do soberano, que xulga grandes tribos (e) grandes tesouros.
>
> É a través da verdade do soberano que cumpre a paz, a tranquilidade, o benestar dos sabios, (e) a comodidade.
>
> É a través da verdade do soberano que envía (grandes) grupos de guerreiros ás fronteiras dos inimigos mutuos (da súa tribo)...

(Estas instrucións resumen os poderes terreais e sobrenaturais dun rei dun *tuath*, pero deixan claro que estes poderes dependen fundamentalmente da súa veracidade e da súa xustiza.)

> É a través da verdade do soberano que a boca pode degustar o abundante froito do gran bosque.
>
> É a través da verdade do soberano que se pode trocar a produción de leite do numeroso gando.

É a través da verdade do soberano que pode haber moito gran abundante e alto.

É a través da verdade do soberano que abundantes peixes da auga nadan polos regatos arriba.

É a través da verdade do soberano que se pode acadar unha boa descendencia nada de mulleres novas...

(Aquí vemos que a fertilidade de todo o territorio do *tuath* depende da «verdade do soberano».)

Debería determinar o valor dos guerreiros que acompañan un verdadeiro soberano, porque cada rei posúe o dominio da súa banda de guerreiros; todo o que non calcule segundo o seu valor como luxo non lles dará todo o seu froito.

Debe determinar o valor das persoas sen liberdade [e] as masas que serven: deixe que sirvan, deixe que traian comida, deixe que consideren, deixe que dean a cambio da verdadeira concesión de valor do soberano...

Debe determinar o valor do «prezo honorífico» correcto de tódalas clases de persoas libres e non libres de privilexio [nemed]...[70]

(Aquí observamos o estrito control que o rei mantén sobre os guerreiros. Observemos tamén a referencia ós «non libres» e ás «masas que serven «. Isto reflicte as accións dos pastores Yamnaya en todo o mundo indoeuropeo mentres absorben as sociedades agrícolas, que despois se converten en poboacións suxeitas que non teñen un lugar real no sistema social á parte do de servidores.)

...Hai dez cousas que superan a falsidade de todo soberano. Teñan coidado de non facelas; teñan coidado con todo, oh soberanos!...

Dille -: pode morrer, morrerá; pode irse, irase; como era, como será; son estes os que serán declarados. Non é un soberano a non ser que controle estas accións.

Dille: hai catro soberanos: o verdadeiro soberano e o soberano polo seu enxeño, o soberano que toma posesión con bandas de guerreiros e o touro soberano.

(Agora comezan as advertencias terribles sobre o que acontece cando un soberano se afasta demasiado da lei tradicional e da xustiza do *tuath*. Observemos os distintos tipos de soberanos mencionados.)

Primeiro o verdadeiro soberano – ese é conmovido cara a toda cousa boa. Sorrí á verdade cando a oe. Levántaa cando a ve.

Xa que non é un verdadeiro soberano aquel que os homes vivos non glorifican con bendicións.

O soberano polo seu enxeño – o que protexe as fronteiras e as tribos que lle dan os seus tesouros e os seus privilexios.

O soberano que toma posesión con bandas de guerreiros estranxeiros – que as súas bandas de guerreiros se virarán cara a dentro. Rexeitan os seus requisitos, pois un home ben destinado non xira cara a fóra.

O soberano touro – que golpea, é golpeado; defende, é defendido; cava, é desenterrado; ataca, é atacado; persegue, é perseguido. É por el que hai un clamor perpetuo con trompas...

(Aquí, ademais do gobernante xusto, vemos presentados varios tipos alternativos, que parecen empeorar mentres baixamos pola lista. O «soberano polo seu enxeño» non é particularmente xusto, pero serve o *tuath* de forma eficaz. O «soberano que toma posesión con bandas de guerreiros estranxeiros» non é bo en absoluto para o *tuath*, xa que, calquera que sexa a súa pretensión ó reino, confía no poder estranxeiro para reivindicalo e pode involucrar o *tuath* nunha guerra civil. Finalmente, o «soberano touro» ou *tarbh-rí* é un rei totalmente fóra de control e, polo tanto, un desastre para o *tuath*.)

Creo que neste documento temos unha imaxe moi precisa dos contratos sociais que probablemente subxacen nas sociedades patrilineais do «triángulo celta» da Península Ibérica. Sen dúbida, a «aristocracia guerreira» da cultura castrexa da Galicia da Idade do Ferro podería reflectir este concepto de orde social.

Nunha sociedade semellante, as «persoas sen liberdade [e] as masas que serven» non terían un lugar real na orde social, sexan cales sexan as concesións de xustiza social para o sistema. Non obstante, as súas mulleres poderían servir para que «bos descendentes, nados de mulleres novas, [fosen] ben xerados...». De aí, tódolos cromosomas Y dos Yamnaya na poboación.

A Revolución Cristiá en Irlanda

No seu ensaio «O bautismo dos deuses»,[71] John Carey escribe sobre a transformación da sociedade pagá irlandesa nunha sociedade única en Europa occidental: unha sociedade na que un arcaico mundo precristián estaba fusionado cunha nova visión cristiá do universo. Esta revolucionaria transformación dunha antiga sociedade indoeuropea clásica nunha sociedade diferente ás outras sociedades cristiás da Europa posterior a Roma non se detivo en Irlanda.

Pasou a transformar primeiro Escocia e o norte de Inglaterra e despois a propia Europa continental cunha cadea de mosteiros famosos pola súa aprendizaxe clásica e o seu ensino do latín clásico, así como polo cultivo da aprendizaxe tradicional irlandesa, arraigada profundamente no seu pasado precristián.

Con todo, en todas estas actividades, os monxes irlandeses parecían buscar os interiores rurais de Europa onde as crenzas pagás seguían sendo fortes - lugares onde os bispos cristiáns, quen se centraban nas áreas urbanas do mundo posromano e non tanto entre os *pagani* rurais, quizais non se sentisen cómodos, pero onde os monxes gaélicos se sentían como na súa casa.

Foron os monxes irlandeses quen trataron cos anglosaxóns de Northumbria cando o clero galés, que sufriu moito polas invasións anglosaxoas, non quería ter nada que ver con eles. E despois, os irlandeses enviaron os seus monxes anglosaxóns que acababan de converterse a cristianizar as áreas continentais xermánicas das que viñeran os seus pais.

Esta enerxía debeu ser semellante á enerxía exhibida polos monxes budistas tibetanos que introduciron o budismo ós pastores de Mongolia, que aceptaron o budismo tibetano con entusiasmo e fundaron moitos mosteiros en Mongolia, polo que hoxe hai un vínculo moi estreito entre os Budistas do Tibet e os de Mongolia. O espírito dos Yamnaya e dos seus veciños da zona Altaica, ó leste, segue dando estraños froitos!

Pero, como se indica en Duran (2017), a revolución cristiá en Irlanda foi en gran parte obra dun home, San Patricio, un home singularmente axeitado para a tarefa pola súa forzada aculturación á cultura pagá irlandesa. Aínda así, é sorprendente que a nova fe tivese unha acollida tan boa entre a poboación irlandesa.

Un estudo da tradición conectada cos santos irlandeses revela cal puido ser o segredo. O traballo dos santos estaba dirixido en gran parte ós pobres e ó sufrimento - e ese traballo levouse a cabo en gran parte por mulleres asociadas a ordes monásticas femininas.

No folclore irlandés, as santas son figuras poderosas. Santa Bríxida de Kildare tiña unha posición poderosa na xerarquía dos santos irlandeses, e o seu santuario en Kildare, no que mantiña ardendo un lume perpetuo, era un santuario no que ningún home podía entrar. As súas credenciais pagás tamén eran impresionantes. Moitas das anécdotas contadas sobre ela parecían reflectir os atributos das tres Bríxidas, fillas do Dagda (o «Deus Bo»).[72]

Santa Gobnait tamén é unha santa con sólidas credenciais pagás e cunha conexión especial cos cervos e as abellas. Foi a patroa dos traballadores do ferro.

Non obstante, a figura máis destacada é a de Santa Dymphna, filla do rei dun *tuath*, en Oriel, no século VII. Fuxiu de Irlanda debido ás insinuacións incestuosas de seu pai para atopar un refuxio para os pobres e os enfermos no que hoxe é Bélxica. Seu pai seguiuna e decapitouna. Na Idade Media, o seu santuario converteuse nun refuxio para os enfermos mentais de Europa.

Para min, Santa Dymphna simboliza a presión dos machos dominantes que as mulleres irlandesas deberon sentir no mundo patrilineal establecido polos pastores Yamnaya. E dedicou a súa propia vida precisamente a aqueles que serían excluídos de calquera papel nese mundo – á parte dos que serven. Este poderoso instinto para restablecer o equilibrio entre os sexos - para honrar o noso lado materno, así como o noso lado paterno - e incluír os marxinados sociais da orde social patrilineal dominante debeu ser a base da explosión do cristianismo irlandés.

Pero, como se sinala en Duran (2017), nos dous contos históricos analizados na sección «O Folclore Gaélico como unha Xanela no Mundo Irlandés do Alén», tamén vemos fortes conexións femininas cun mundo espiritual distinto ó do cristianismo. Nun relato, unha moza é enviada por un pai furioso a recuperar gando perdido antes dunha treboada e non o dá atopado. O malhumorado pai maldia dicindo: «Que os outeiros e as alturas te leven!» e mándaa ir outra vez. Momentos despois, vea camiñando cara ó outeiro chamado *Creig na Caillí* («O Outeiro da Vella») ou *Cnoc Áine* («O Outeiro de Áine»), e nunca máis volveu ser vista.

No segundo conto, unha moza é persuadida por unha rapaza de pelo vermello para segui-la ata un outeiro, onde é recibida por unha muller que sabe o seu nome e o seu apelido. Ofrécenlle pan e está a piques de comelo cando unha segunda muller, que veu correndo desde *Cnoc Áine*, tira o pan da man da moza, salvándoa de quedar atrapada no outeiro das fadas. Logo dille á moza que lle diga a súa nai quen a salvou e que é unha muller que afogou hai moito tempo e que era unha coñecida da nai da nena.

Observemos que os personaxes (excepto o pai furioso do primeiro conto) son todos femininos, e que están relacionados cos outeiros que representan tanto o mundo dos mortos como o das fadas (os *Aos Sí*). Polo menos, nestes dous contos, son mundos nos que os machos non son prominentes e que parecen recordar as memorias do mundo dos túmulos megalíticos comunais do período neolítico. Os escandinavos contan historias moi semellantes sobre os seus túmulos prehistóricos habitados polos *huldre-folk* (espíritos dos mortos).

Conclusión

Neste artigo examinamos a zona da Península Ibérica que foi delimitada nos tempos romanos por topónimos claramente celtas co elemento *-briga*. Observamos que os topónimos formaban un triángulo irregular con Tartesos na esquina suroeste, con Cantabria na esquina do nordés e con Galicia na esquina noroeste. Non só examinamos as descricións deixadas polos escritores clásicos, senón tamén as abundantes evidencias arqueolóxicas dispoñibles, e vimos culturas celtas moi contrastadas nos tres puntos do triángulo.

Galicia, que sobresae cara ó Atlántico, case podería ser vista como o cumio do triángulo desde a perspectiva do comercio atlántico da Idade do Bronce e da Idade do Ferro. Xerou claramente unha rica e distintiva cultura que se converteu na cultura castrexa, caracterizada por unha rica aristocracia guerreira.

Tartesos converteuse nunha cultura sofisticada con fortes lazos co Mediterráneo oriental e deixounos textos valiosos nunha lingua celta arcaica que agora está a ser lida por eruditos como John Koch. Con sorte, atoparanse moitos máis textos.

Cantabria deixounos unha valiosa descrición da vida celta nas partes máis afastadas da Península Ibérica. Desafortunadamente, os que nos deixaron esa descrición foron os que destruíron esa cultura - por interese de Roma. Con todo, a obra de González Echegaray e doutros estudosos ofrécenos unha imaxe completa daquel mundo que é moi congruente coas descricións doutras partes do mundo celta.

Finalmente, poderiamos botar unha ollada ó que a ciencia da xenética nos pode dicir sobre a prehistoria da xente da Península Ibérica. Debido a avances sorprendentes na secuenciación do xenoma humano nos últimos anos e ás técnicas de extracción de ADN de restos humanos atopados en escavacións arqueolóxicas, podemos tirar evidencias non só do ADN de seres humanos vivos, senón do ADN extraído dos corpos de individuos mortos hai moitos miles de anos.

As probas de ADN recollidas ata agora permitíronnos organizar as distintas poboacións anteriores da Península Ibérica - do Paleolítico, do Mesolítico, do Neolítico, da Idade do Bronce e da Idade do Ferro, e rastrear os seus movementos – e isto xerou moitas sorpresas. Poida que a maior sorpresa fose o feito da intrusión dos pastores Yamnaya da estepa na Península Ibérica a comezos da Idade do Bronce e o seu devastador impacto na herdanza do cromosoma Y nos descendentes das poboacións vivas naquela época.

Creo que podemos esperar moitas máis sorpresas nos próximos anos.

NOTAS

[1] Cf. Von Humboldt (1821). De feito, Von Humboldt consideraba os vascos e os íberos como o mesmo pobo. Os estudiosos modernos rexeitaron esta tese, pero isto non debilita a forza dos seus argumentos en canto á extensión da zona ibérica de asentamento.
[2] Cf. Untermann (1963).
[3] Para a discusión deste asunto, véxase o material presentado por Jordán Cólera en Alberro e Jordán Cólera (2008), pp. 185-187.
[4] Ibíd.
[5] Cf. Alberro e Jordán Cólera (2008), p. 188.
[6] Ó Maolfabhail (2005), p. 35.
[7] Ibíd., p. 34.
[8] Ibíd., p. 36. O meu colega, Martín Fernández-Maceiras, vive en Cambre.
[9] Koch (2013a), páxinas 5-6. Dáse unha ampla discusión sobre a lingua tartesa en Koch (2012).
[10] Ibíd., p. 6.
[11] Ibíd., p. 3.
[12] Cf. Wodko (2012).
[13] Aceptaremos, polo momento, a inclusión do lusitano na familia celta.
[14] *Gadir* é a forma fenicia do topónimo, e *Gades* é a forma grega. A forma moderna española do nome é *Cádiz*.
[15] Cf. Cunliffe (2001), en particular pp. 374-378.
[16] Cf. Scott (2017).
[17] A natureza bélica das mulleres celtas nos contextos pastorís é mencionada polos autores clásicos citados en González Echegaray (1997, p.107) e en Cunliffe (1997, p.109). En canto ás mozas Kipsigis, mentres estaba en Kenya fun invitado unha noite ás primeiras etapas da cerimonia de circuncisión das adolescentes. Nesta parte do cerimonia, fixeron que as mozas cantasen cancións de guerra e que insultasen ritualmente a seus pais, cortando así o vínculo anterior de dependencia pai-filla. A cerimonia estaba presidida por unha muller cunha conduta benigna pero forte vestida cunha pel de boi e adornada ó xeito dos Maasai. O obxectivo da cerimonia era certificar as nenas como guerreiras e poñelas ó mesmo nivel social cós mozos guerreiros. Por esta razón, non se consideraba prudente deixar soa nunha cabana cun machado unha parella casada nova que estivera bebendo, xa que calquera discusión podía ter fatais consecuencias para calquera das partes.
[18] Cf. González Echegaray (1997).
[19] Ibíd., p. 103.
[20] Cf. Duran (2014).
[21] Cf. Keating (1983), parte XVIII.
[22] Ó Maolfabhail (2005), pp. 36-37.
[23] Cunliffe (2001), p. 339.
[24] Ó parecer, isto foi á conclusión das guerras romanas cos lusitanos (194-138 a. C.).
[25] Cunliffe (2001), p. 339.
[26] Ibíd., p. 364.
[27] Ibíd., p. 345.
[28] Ibíd., p. 381.
[29] Oppenheimer (2012), p. 122.
[30] Ibíd.
[31] Duran (2014), p. 63.
[32] Ibíd. Os mapas de Oppenheimer que amosan os datos xenéticos móstranse nas figuras 4 e 5, respectivamente.
[33] Ibíd.
[34] Ibíd., pp. 88-90.
[35] Cf. Reich (2018) e Lalueza-Fox (2018), respectivamente.
[36] Cf. Capítulo 3 de Lalueza-Fox (2018).
[37] Os vestixios arqueolóxicos deste movemento atópanse nos restos da cultura da cerámica cordada.
[38] Os achados no nordés de Irlanda suxiren un cambio radical na demografía de Irlanda. O corpo dunha muller neolítica do Condado de Down ten unha orixe xenética ibera, mentres que os corpos de tres varóns da Idade do Bronce atopados na próxima illa de Rathlin mostran os fortes trazos dos Yamnaya que son característicos da poboación irlandesa actual - e máis dos escoceses e dos galeses. Cf. Lalueza-Fox (2018), pp. 133-134.
[39] Reich (2018), p. 113.
[40] Cf. David Reich, *ADN antigo* ... nas fontes electrónicas de información que aparecen nas referencias ó final deste artigo.
[41] A captura de mulleres durante a guerra menciónase como un problema importante, mesmo hoxe en día, en conflitos por todo o mundo. Parece ser unha característica da sociobioloxía humana e discútese amplamente en Singer (2003).
[42] O termo para denominar unha muller escrava era *cumal*.
[43] A tradición islandesa parece conservar un recordo distante desta migración. A obra *Prose Edda* de Snorri Sturluson contén a viaxe de Oðin desde «Turquía» ata Escandinavia a través do norte de Alemaña. O mesmo Oðin é degradado de deus a rei humano, e convértese en parte da lenda de Troia, pero a ruta seguida é a ruta dos pastores Yamnaya desde a estepa póntico-caspia cara ó noroeste. Cf. Sturluson (1964), páxinas 25-28.
[44] Cf. Cunliffe (2001), p. 345, pero tamén páxinas 338-345 e 364.
[45] Nicholls (2000), p. 156.
[46] Excepcionalmente, o nome *Míle Spáinne*, co que se designa o galego que, segundo a tradición irlandesa, levou as súas hordas á conquista de

Irlanda, simplemente significa «o soldado de España». De feito, ten un nome real - *Galamh mac Bhile mhic Bhreoghain* (*Galamh* fillo de *Bile* fillo de *Breoghan*) - pero nunca se refiren a el por ese nome. Así, os seus descendentes coñécense como *clann[a] Mhíle* e non *clann[a] Ghalaimh*. Cf. Keating (1983), Vol.1, p. 104.

[47] A amarga sátira *Páirlement Chloinne Tomáis* («O Parlamento do Clan Thomas») ía dirixida precisamente contra o establecemento inglés de «ninguéns» recén chegados quen substituíron as antigas liñaxes patrilineais gaélicas. Aínda hoxe, nas zonas de fala irlandesa pode haber animosidade dirixida a aqueles que leven apelidos «Cromwelliános» como «Cook».

[48] Cf. McEvoy e Bradley (2012), pp. 115-117. Aquí, o apelido clave sería *Ó Néill*, un dos apelidos máis estendidos no norte de Irlanda.

[49] Ibíd., p. 117.

[50] Nicholls (2000), p. 157.

[51] Ibíd.

[52] Ibíd.

[53] Ibíd.

[54] Cf. Scott (2017), en especial pp. xii-xiii.

[55] Ibíd., pp. 20-21.

[56] Ibíd., pp. 27-30 e pp. 180-182.

[57] Ibíd., pp. 226-228.

[58] Ibíd., pp. 34-35, e p. 135. Para unha lista detallada das materias primas típicas importadas ás terras «bárbaras» do interior, cf. p. 192.

[59] Ibíd., p. 175.

[60] Ibíd., p. 35.

[61] Cf. Cunliffe (2001) para unha descrición detallada de todo este período.

[62] Cf. Breasted (1933).

[63] Cf. Childe (1952).

[64] Cf. Dumézil (1958).

[65] Morann sería un *breitheamh*, un intérprete da lei tradicional irlandesa, e certo grao de santidade estaría ligada ó seu papel social.

[66] Kelly (1988), p. 3.

[67] Ibíd. «Familiar» aquí significa baseado na familia, é dicir, a unidade social é a liñaxe patrilineal, non o individuo.

[68] Cf. De Bernardo Stempel et al. na lista de fontes electrónicas de información.

[69] Cf. Koch e Carey (2000), pp. 188-193.

[70] Unha nota ó pé da páxina infórmanos de que «*Nemed* representa un status especial de privilexio ou exención legal. Á antiga realeza irlandesa, á nobreza, e ós graos de oficios máis altos, foilles concedido o status *nemed*...»

[71] Cf. Carey (1999), pp. 1-38.

[72] Cf. Carney (2005), p. 464.

REFERENCIAS

Alberro, Manuel e Jordán Cólera, Carlos (2008). *Os Celtas da Península Ibérica*. Noia, A Coruña: Editorial Toxosoutos, Serie Keltia.

Audacht Morainn: The Testament of Morann (2000). (En Koch e Carey, 2000, pp. 188-193.)

Benavente Jareno, Pedro e Xesus Ferro Ruibal (2010). *O libro da vaca: Monografía etnolinguística do gando*. A Coruña: Xunta de Galicia. Servizo Central.

Breasted, James (1933). *The Dawn of Conscience*. Nova York: Charles Scribner's Sons.

Buttimer, Neil, Colin Rynne e Helen Guerin (eds.) (2000). *The Heritage of Ireland.* Cork: The Collins Press.

Carey, John (1999). *A Single Ray of the Sun: Religious Speculation in Early Ireland.* Aberystwyth: Celtic Studies Publications, Inc.

Carey, John (2006). Russia, Cradle of the Gael. (En Mac Mathuna e Fomin, 2006, pp. 149-161)

Carey, John, Máire Herbert e Kevin Murray (eds.) (2004). *Cín Chille Cuile: Texts, Saints and Places, Essays in Honour of Pádraig Ó Riain*. Aberystwyth: Celtic Studies Publications.

Carmichael, Alexander (1992). *Carmina Gadelica: Hymns and Incantations, with Illustrative Notes on Words, Rites and Customs, Dying and Obsolete...* Edinburgh: Lindisfarne Press.

Carney, James (2005). Language and Literature to 1169. (En Ó Cróinín, 2005, pp. 451-510)
Childe, Gordon (1952). *What Happened in History: A Study of the Rise and Decline of Cultural and Moral Values in the Old World up to the Fall of the Roman Empire*. Harmondsworth, Middlesex: Penguin Books.
Cunliffe, Barry (1997). *The Ancient Celts.* Oxford: Oxford University Press.
Cunliffe, Barry (2001). *Facing the Ocean: The Atlantic and its Peoples, 8000 BC-AD 1500*. Oxford: Oxford University Press.
Cunliffe, Barry (2012). Celticization from the West: The Contribution of Archaeology. (En Cunliffe e Koch, 2012, pp. 13-38)
Cunliffe, Barry e John Koch (eds.) (2012). *Celtic from the West: Alternative Perspectives from Archaeology, Genetics, Language and Literature*. Oxford: Oxbow Books.
Danaher, Kevin (1972). *The Year in Ireland: Irish Calendar Customs.* Dublin: Mercier Press.
Dillon, Myles (1975). *Celts and Aryans: Survivals of Indo-European Speech and Society.* Simla.
Dumézil, Georges (1958). *L'Idéologie tripartite des Indo-Européens.* Brussels: Latomus.
Duran, James/Séamas Ó Direáin (2014). Conexións linguísticas entre as Illas Británicas e a Península Ibérica: Unha perspectiva nova para unha pregunta vella. *Anuario Brigantino*, 37, 2014, pp. 53-91.
Duran, James/Séamas Ó Direáin (2015). Descubrindo o vocabulario de substrato celta en Galicia. *Anuario Brigantino*, 38, 2015, pp. 35-66.
Duran, James/Séamas Ó Direáin (2016). Construcións verbais progresivas en gaélico irlandés e en galego. *Anuario Brigantino*, 39, 2016, pp. 121-139.
Duran, James/Séamas Ó Direáin (2017). Explorando sistemas de crenzas precristiás na rexión atlántica. *Anuario Brigantino*, 40, 2017, pp. 65-106.
Estyn Evans, E. (1957). *Irish Folk Ways.* London: Routledge & Kegan Paul.
González Echegaray, Joaquín (1997). *Los Cántabros* (Cuarta edición revisada). Santander: Ediciones de Librería Estudio.
Grant, Isabel (1961). *Highland Folk Ways*. London: Routledge & Kegan Paul.
Harris, Marvin (1974). *Cows, Pigs, Wars and Witches: the Riddles of Culture*. New York: Random House.
Isaac, Graham (2007). Celtic and Afro-Asiatic. (En Tristram, 2008, pp. 25-80)
Isaac, Graham (2012). The Origins of the Celtic Languages: Language Spread from East to West. (En Cunliffe e Koch, 2012, pp. 153-167.)
Kalygin, Viktor (2006). The Celts and the Slavs: On K. H. Schmidt's Hypothesis on the Eastern Origin of the Celts. (En Mac Mathuna e Fomin, 2006, pp. 63-70)
Keating, Geoffrey (Seathrun Céitinn) (1983). *Foras Feasa ar Eirinn* (Dous tomos). Dublin: Foilseacháin Náisiunta Tta.
Kelly, Fergus (1988). *A Guide to Early Irish Law*. Dublin: Dublin Institute for Advanced Studies.
Kelly, Fergus (1998). *Early Irish Farming.* Dublin: Dublin Institute for Advanced Studies.
Koch, John T. e John Carey (eds.) (2000). *The Celtic Heroic Age: Literary Sources for Ancient Celtic Europe & Early Ireland and Wales*. Aberystwyth: Celtic Studies Publications. (Terceira edición con correccións.)
Koch, John T. (2012). Paradigm Shift? Interpreting Tartessian as Celtic. (En Cunliffe e Koch, 2012, pp. 185-301.)

Koch, John T. (2013a). Ha Cia ≠ PC (The Earliest Hallstatt Iron Age Cannot Equal Proto-Celtic). (En Koch e Cunliffe, 2013, pp.1-16.)

Koch, John T. (2013b). Out of the Ebb and Flow of the European Bronze Age: Heroes, Tartessos and Celtic. (En Koch e Cunliffe, 2013, pp. 101-146.)

Koch, John T. e Barry Cunliffe (eds.) (2013). *Celtic from the West 2: Rethinking the Bronze Age and the Arrival of Indo-European in Atlantic Europe*. Oxford and Oakville: Oxbow Books.

Lalueza-Fox, Carlos (2018). *La forja genética de Europa: Una nueva visión del pasado de las poblaciones humanas*. Barcelona: Universitat de Barcelona.

Lewis, Archibald R. (1958). *The Northern Seas: Shipping and Commerce in Northern Europe A.D. 300-1100*. Princeton: Princeton University Press.

Lincoln, Bruce (1980). *Priests, Warriors, and Cattle: A Study in the Ecology of Religions.* Oakland: University of California Press.

Mac Mathuna, Séamus e Maxim Fomin (eds.) (2006). *Parallels between Celtic and Slavic: Proceedings of the First International Colloquium of Societas Celto- Slavica held at the University of Ulster, Coleraine, 19-21 June, 2005*. Belfast: Graham and Heslip.

Mallory, J.P. (1989). *In Search of the Indo-Europeans: Language, Archaeology and Myth*. London: Thames and Hudson.

Mallory, J.P. (2016). *In Search of the Irish Dreamtime: Archaeology and Early Irish Literature.* London: Thames and Hudson.

MacNeill, Máire (1962). *The Festival of Lughnasa*. London: Oxford University Press.

Matasovic, R. (2008). Insular Celtic as a Language Area. (En Tristram, 2008, pp. 93-112.)

McEvoy, Brian P. e Daniel G. Bradley (2012). Irish Genetics and Celts. (En Cunliffe e Koch, 2012, pp. 107-120.)

Nicholls, Kenneth (2000). Genealogy. (En Buttimer et al., 2000, pp. 156-161.)

Nicholls, Kenneth (2004). The Protean Placename. (En Carey et al., 2004, pp. 225-233.)

Ó Catháin, Séamas (1995). *The Festival of Brigit: Celtic Goddess and Holy Woman.* Dublin: DBA Publications, Ltd.

Ó Cróinín, Dáibhí (ed.) (2005). *A New History of Ireland 1: Prehistoric and Early Ireland*. Oxford: Oxford University Press.

Ó Duinn, Seán (2000). *Where Three Streams Meet: Celtic Spirituality.* Dublin: The Columba Press.

Ó Duinn, Seán (2005). *The Rites of Brigid: Goddess and Saint.* Dublin: The Columba Press.

Ó hEochaidh, Seán e Máire Mac Neill (1977). *Síscéalta ó Thír Chonaill (Fairy Legends from Donegal)*. Dublin: University College.

Ó Maolfabhail, Art (2005). *Ó Lyon go Dun Luiche: Logainmneacha sa Oidhreacht Cheilteach (From Lyons to Dun Luiche: Placenames in the Celtic Heritage)*. Dublin/ Cork: Clódhanna Teoranta.

Oppenheimer, Stephen (2007). *The Origins of the British*. London: Robinson.

Oppenheimer, Stephen (2012). A Reanalysis of Multiple Prehistoric Immigrations to Britain and Ireland Aimed at Identifying the Celtic Contributions. (En Cunliffe e Koch, 2012, pp. 121-150.)

Owen, Nicholas (ed.) (2003). *Human Rights, Human Wrongs: The Oxford Amnesty Lectures 2001*. New York: Oxford University Press.

Rees, Alwyn e Brinley Rees (1961). *Celtic Heritage*. New York: Grove Press.
Reich, David (2018). *Who We Are and How We Got Here: Ancient DNA and the New Science of the Human Past*. Oxford: Oxford University Press.
Ross, Anne (1967). *Pagan Celtic Britain*. London: Routledge & Kegan Paul.
Scott, James C. (2017). *Against the Grain: A Deep History of the Earliest States*. London: Yale University Press.
Singer, Peter (2003). How Can We Prevent Crimes Against Humanity? (En Owen, 2003, pp. 92-137.)
Sturluson, Snorri (1962). *The Poetic Edda*. Austin: University of Texas Press.
Sturluson, Snorri (1964). *The Prose Edda of Snorri Sturluson: Tales from Norse Mythology*. Berkeley: University of California Press.
Sykes, Bryan (2007). *Saxons, Vikings and Celts: the Genetic Roots of Britain and Ireland.* London: W.W. Norton & Co.
Torrado Cespón, Milagros and Fernando Alonso Romero (2015). El rito propiciatorio de la fecundidad humana en el entorno del antiguo alcornocal de San Ramón de Bealo (Boiro, A Coruña) y otros testimonios de dendolatría. *Anuario Brigantino*, 38, 2015, pp. 91-110.
Tristram, H.L.C. (2008) (ed.) *The Celtic Languages in Contact*. Potsdam: Potsdam University Press.
Vansina, Jan (1965). *Oral Tradition: A Study in Historical Methodology.* London: Routledge e Kegan Paul.
Waddell, John (2014). *Archaeology and Celtic Myth: An Exploration*. Dublin: Four Courts Press.
Williams, J.E. Caerwyn e Máirín Ní Mhuiríosa (1979). *Traidisiún Liteartha na nGael.* Dublin: An Clóchomhar Tta.
Wodtko, Dagmar (2012). The Problem of Lusitanian. (En Cunliffe e Koch, 2012, pp. 335-367.)
Wodtko, Dagmar (2013). Models of Language Spread and Language Development in Prehistoric Europe. (En Koch e Cunliffe, 2013, pp. 185- 206.)

FONTES ELECTRÓNICAS DE INFORMACIÓN

David Reich: *Ancient DNA and the New Science of the Human Past.* Town Hall Seattle (en YOUTUBE)
De Bernardo Stempel, Patrizia, Caren Esser e Jonathan Slocum (Comentario sobre *Audacht Morainn*). Austin: University of Texas – Linguistics Research Center. https://lrc.la.utexas.edu/eieol/iriol/60

A Igrexa Celta en Galicia a partir do século VI, reflectida na toponimia e no léxico galegos

G. MARTÍN FERNÁNDEZ MACEIRAS*

Sumario

A Alta Idade Media foi unha época de grande importancia para o espallamento da relixión cristiá por Europa. Trala caída do Imperio Romano de Occidente, os santos e misioneiros celtas, en especial, os gaeles, espallaron a fe e conservaron a lingua latina. Galicia non foi allea a ese proceso.

Abstract

The Early Middle Ages was a time of great importance for the spread of the Christian religion throughout Europe. Following the fall of the Western Roman Empire, the Celtic saints and missionaries, especially the Gaels, spread the faith and preserved the Latin language. Galicia was no stranger to this process.

CONTIDO

Introdución..... 72
«Fórmulas» gaélicas para a formación de hipocorísticos e hipocorísticos honoríficos con nomes de santos..... 73
O sufixo gaélico-irlandés -óc / -óg e o sufixo gaélico-escocés -ag no léxico galego... 73
San Moluoc..... 75
Maeloc o bispo britoniense galego..... 76
San Maelog, o santo galés e bretón..... 77
Topónimos galegos de posible orixe picto-gaélica..... 79
Palabras de orixe picto-británica no léxico galego..... 80
Topónimos picto-gaélicos e topónimos galegos derivados da raíz picta pett- / pit-..... 84
Petán, Betán e Betanzos..... 86
O nome dun santo «irlandés» e os seus hipocorísticos honoríficos..... 87
Toponimia galega directamente relacionada con Easpag Sanctán ou San Sactán..... 88
Spassandus, Spassandi, Ispasanda, Espasande..... 89
San Sanctán ou Easpag Sanctán..... 91
Sande, Sende, Santín, Sandín, Santín..... 92
Santon, Saint Ann(e) e San Antón..... 92
O sufixo antroponímico xermánico -sindus e o sufixo toponímico e antroponímico galego de orixe gaélico-galaica sande / -sende / -sindo..... 94
Conclusión..... 95

* **G. Martín Fernández Maceiras**, coruñés, é traductor de inglés, gaélico, galego e castelán de miles de películas, documentais e libros. É fundador e director do Proxecto Gaelaico. Foi, ademais, socio fundador e director das primeiras discográficas galegas: Ruada e Cítola.

Introdución

Unha gran porcentaxe dos eruditos galegos e alleos, lingüistas, historiadores, etnógrafos, etc., adoita ter moitas dúbidas sobre a supervivencia da lingua galaica[1] en épocas posteriores á caída do Imperio Romano de Occidente. Esta lingua, tamén coñecida como galaico ou hispano-celta do noroeste da Península Ibérica[2], foi unha lingua Celta-Q emparentada coas linguas goidélicas ou gaélicas que aínda se conservan vivas en Irlanda, en Escocia e na Illa de Man, derivadas estas últimas do irlandés antigo ou gaélico antigo[3] e este do irlandés ou gaélico primitivo, moi próximo ó celta insular e ó celta común.

Dáse por feito que trala conquista romana definitiva da Gallaecia, levada a cabo polo emperador Augusto entre o 26 e o 19 a. C. no contexto das guerras cántabras, a lingua galaica foi esmorecendo ata desaparecer debido ó empuxe do latín que, co tempo, daría paso ó latín vulgar, ó latín medieval e ó latín eclesiástico ata converterse na lingua ibero-romance antecesora do galego-portugués, do asturleonés, do castelán antigo e doutras linguas e dialectos romances que xurdiron no noroeste peninsular entre o s. III e o s. VIII d. C.

Tendo en conta a importancia da relixión na Alta Idade Media, así como o papel dos monxes irlandeses no espallamento da relixión cristiá ou católica, ata o punto de levaren consigo un estilo de latín literario coñecido como hiberno-latín que espallaron desde o s. VI ata o s. X d. C., non debemos desbotar a posibilidade de que esta curiosa versión do latín tivese certa influencia na formación das linguas romances. San Columba, por exemplo, foi un dos autores irlandeses que usaron o hiberno-latín na súa obra[4].

A maioría dos santos coñecidos como «primeiros santos irlandeses» viviu durante os séculos IV-X d. C., cando a Cristiandade Celta produciu moitos misioneiros que predicaron en Gran Bretaña e no continente europeo, motivo polo que nun adaxio do s. XIX Irlanda é descrita como «a terra de santos e eruditos»[5].

O que pretendo neste artigo é demostrar que no territorio que hoxe abrangue Galicia, así como na zona occidental de Asturias e no norte de Portugal, aínda se conservan topónimos e apelidos que reflicten un pasado gaélico-galaico e que teñen a súa orixe na relixión, nun período no que se supón que no noroeste peninsular reinaron os suevos, posteriormente os godos e onde, finalmente, xurdiron os reinos cristiáns da península.

Tendo en conta que Irlanda foi pagá ata a chegada do cristianismo á illa a comezos do século IV da man dos primeiros misioneiros, Palladius[6], San Patricio, etc., calquera evidencia clara que encontremos en Galicia relacionada coa igrexa irlandesa e, en particular, coa lingua gaélica, ten que ser, forzosamente, dunha data posterior ós séculos IV e V d. C., unha época na que segundo a maioría dos eruditos, galegos e alleos, en Galicia xa se falaba unha versión do latín da que co paso do tempo xurdiría o galegoportugués, aínda que é probable que convivise durante un tempo indefinido coa lingua galaica ou lingua hispano-celta do noroeste da Península Ibérica.

Tradicionalmente, unha boa parte dos santos irlandeses e escoceses, así como os da Illa de Man, ou sexa, os santos gaélicos, foron e son coñecidos pola forma hipocorística ou hipocorística honorífica do seu nome[7], sendo esta última unha forma moi peculiar de referirse ós santos que adoita estar formada por un pronome posesivo gaélico seguido do nome do santo e, ás veces, cun diminutivo gaélico sufixado. Parece evidente que o resultado desta fórmula é un hipocorístico moi singular que só se dá nos nomes dos santos gaélicos ou de orixe gaélica, xa que cada país ou rexión ten formas de seu para formar hipocorísticos de seu.

«Fórmulas» gaélicas para a formación de hipocorísticos e hipocorísticos honoríficos con nomes de santos

Como xa dixen, os hipocorísticos polos que eran coñecidos moitos destes santos gaélicos formábanse de diversas maneiras. Deseguido imos ver unha táboa na que explico dunha maneira moi sinxela a formación destes curiosos nomes de santos. Nela vemos como se forma un hipocorístico honorífico en gaélico irlandés utilizando como exemplo un santo irlandés cun nome derivado dun préstamo do latín: *San Cellach* (*Saint Cellach* en inglés). *Cellach* deriva do termo latino *cella* e significa «persoa asidua ás igrexas»[8].

Pronome posesivo	Nome do santo	Hipocorísticos honoríficos resultantes
mo ("meu")	Cellach	Mochellóc
ma ("meu")	Cellach	Machellóc
do ("voso")	Cellach	Dochellóc
da ("voso")	Cellach	Dachellóc
to[9] ("voso")	Cellach	Tochellóc
ta ("voso")	Cellach	Tachellóc

[10]

O sufixo gaélico-irlandés -óc / -óg / e o sufixo gaélico-escocés -ag no léxico galego

Aquí compre sinalar que o sufixo que observamos ó final dos hipocorísticos honoríficos da táboa anterior é o sufixo diminutivo *-óc*[11], en gaélico irlandés antigo, que se conservou como *-óg* e *-ag* en gaélico irlandés moderno e gaélico escocés moderno respectivamente. Este diminutivo parece ser un préstamo do protobritónico **-og*, do protocelta **-akos*, dobrete de *-ach*[12], así é doado entender a conversión de *mo + cellach* en *Mochellóc*, como vemos na táboa anterior. Compre telo presente porque, como veremos posteriormente, vai xogar un papel fundamental cando cheguemos ó nome dun bispo galego moi coñecido na nosa terra.

Deseguido, imos ver unhas palabras do léxico gaélico, irlandés e escocés, que conteñen o sufixo *-óc* / *óg* / *-ág*, para comparalos con termos galegos con significados e formas fonéticas moi semellantes nos que a posibilidade de que conteñan o sufixo *-óc* adaptado á lingua romance galega é evidente.

No dicionario eDIL, baseado no dicionario da Royal Irish Academy vemos a palabra *bunóc*[13] (de *ban* + *óc*) co significado de «meniña» ou «nena pequena». A palabra galega e portuguesa *boneca*[14] significa «figura que representa unha muller ou unha rapaza que serve sobre todo como xoguete aínda que tamén pode ser feita para outros usos» e tamén «moza ou muller fermosa e delicada»[15]. A palabra galega *moneca* é unha variante galega de *boneca*, quizais por influencia da palabra castelá *muñeca*, directamente relacionada con *moneca* e con *boneca*, sobre a que o DRAE di o seguinte: *La forma f., de or. prerromano; cf. moño, muñón, vasco muno 'colina[1]', etc.* (Refírese ó que en galego coñecemos como *pulso* e non a unha figura de muller nin a unha moza).

bunóc > *boneca*

Co propósito de reafirmar a miña idea sobre a presenza do sufixo gaélico *-óc* / *-óg* no léxico galego, malia non estar recollido como tal en ningunha das listas de sufixos galegos publicadas, paso agora á palabra gaélica *pit*[16], que significa «vulva», «vaxina». Esta palabra gaélica, que tamén significa «cavidade», «foxo», «gabia», ten a súa orixe no termo latino *puteo* , igual cá palabra Romance *pozo*[17], de *puteus*.

Así, temos que de *pit*, «vulva», «vaxina», e máis o sufixo *-eóg*, optemos *piteóg*, «efeminado», en clara referencia a *pit*, «vulva», «vaxina». Igual que en galego un «home covarde, pusilánime, falto de resolución e de firmeza de ánimo», é coñecido vulgarmente como un *conainas* ou *conainiñas*[18]. (*pit*, «vulva», «vaxina» máis diminutivo / *cona*, «vulva», «vaxina», máis un ou dous diminutivos, *-inas* e *-in* + *-iñas*).

En galego, a palabra *pitoco*[19] significa «burato do fondo do bote polo que se achica a auga cando está varado». A palabra galega *pichoco*[20,21] ten varios significados: «burato pequeno na terra», «xogo que consiste en tirar a un burato feito no chan, desde certa distancia, moedas, procurando metelas dentro», «manancial que encharca facendo pozo».

piteóg > *pitoco* *piteóg* > *pichoco*

Como vemos, tanto *pitoco* como *pichoco* conteñen o sufixo gaélico antigo *-óc*, adaptado como *-oco*, pero con significados relacionados con «cavidade», «foxo», «gabia» e non con «vulva», «vaxina», aínda que «manancial que encharca facendo pozo» parece relacionar directamente todos estes significados.

A palabra gaélico-escocesa *béisteag*[22], é un «termo indefinido para (designar) un animal pequeno, un bicho, (especialmente insectos, pero tamén vermes, larvas, arañas, etc.). Teñamos presente que o sufixo gaélico-escocés *-ag* deriva do sufixo gaélico-irlandés antigo *-óc*, polo que un posible termo irlandés **béisteóg*, tería o mesmo significado.

A palabra galega *bichoco*[23], e a súa variante *bechoco*[24], significan xustamente iso: «verme, insecto, animal pequeno e noxento». Está claro, ademais, que tanto estas palabras gaélicas como as galegas coas que as estou comparando teñen a súa raíz no termo latino *bestia*[25], pero todas elas teñen un sufixo cunha forma gaélica, *-óc* / *-og* / *-oco* / *-oca* (celta-Q).

béisteag / **béisteog* > *bichoco* / *bechoco*

Deseguido, unha táboa coas palabras que vimos e algunhas máis coas súas raíces e significados:

Palabra gaélica	Significado	Raíz	Significado da raíz	Palabra galega	Significado
piteóg	"Efeminado".	pit (puteo)	"Cavidade", "foxa", "gabia". "Vulva", "vaxina".	**pitoco**	"Burato para achicar auga nun bote".
piteóg	"Efeminado".	pit (puteo)	"Cavidade", "foxa", "gabia". "Vulva", "vaxina".	**pichoco**	"Burato pequeno na terra", "manancial que encharca facendo pozo".
bèisteag / biastag / *béisteóg	"Animal pequeno", "bicho", (especialmente insectos, pero tamén vermes, larvas, arañas, etc.)	béist (bestia)	"Besta", "animal".	**bichoco / bechoco**	"Verme, insecto, animal pequeno e noxento"

mionóg[26]	"Fragmento".	min[27]	"pequeno", diminuto".	**miñoca** (sinónimo: **bichoca**)[28]	Anélido da clase dos oligoquetos, de corpo longo, brando e cilíndrico e, frecuentemente, de cor rosada que vive nos terreos húmidos.
ballóg[29]	"mancha pequena"	ball (inglés)[30]	"bola", "bala", "paca".	**baloca**[31]	"Pataca temperá pequena e redonda".

Segundo o erudito irlandés Whitley Stokes, o significado da palabra gaélico-irlandesa *ballóg*, «mancha pequena», está asociado á da palabra inglesa *ball*, «bola», «bala», «paca», «fardo»[32]. Aínda que puidese parecer que non ten nada que ver co galego, en gaélico escocés, *ball dubh*[33] significa «punto negro», «borrón», «imperfección», «defecto» e a palabra galega e portuguesa *balda*[34,35] significa «defecto, costume desagradable, cousa que non ten utilidade», «residuos e inmundicias que algunhas veces arrastra a rede de pesca», «defecto ou falta recorrente».

ballóg (*ball* + *óg*) > *baloca* / *boleca*

San Moluoc

Agora que vimos que é moi posible que o sufixo diminutivo gaélico *-óc* se conservase na lingua romance galega adaptado con diversas formas como *-oco, -oca, -ouco, -ouca*, etc., chegamos a outra táboa co nome doutro santo, *St. Lua* (San Lua), na que imos ver a formación de hipocorísticos honoríficos, só que esta vez está feita cun só pronome posesivo prefixado, *mo*, e a súa variante *ma*, e o nome do santo cun diminutivo sufixado, xa que son os hipocorísticos honoríficos necesarios para facer posteriores comparanzas:

Pronome posesivo	Nome do santo	Sufixo diminutivo	Hipocorísticos honoríficos resultantes
mo ("meu")	Lua ou Lughaidh	-óc ou -ag	Mo-Luóc Moluag Moluoc Moloc
ma ("meu")	Lua ou Lughaidh	-óc ou -ag	*Maluag *Maluoc *Maloc Malew

En *Omnium Sanctorum Hiberniae,* Michael Barrett di o seguinte:

San Moluag[36], contemporáneo de San Columba, foi un monxe de Bangor que pasou a Escocia para traballar polas almas. Fixou a súa residencia na illa de Lismore, en Argyleshire, e converteu a moitos á fe. Tamén fundou igrexas e mosteiros noutras localidades, sobre todo

> en Ross-shire. O nome de San Moluag é un exemplo dun costume ó que xa fixemos referencia, a adición do Mo ó nome real dunha persoa. O seu verdadeiro nome era Lugaidh (ás veces pronunciado é escrito Lua); a súa forma latina é Luanus. En gaélico escocés, Mo é un título honorífico e *-ag* é un sufixo que indica cariño; así, Moluag pódese traducir literalmente como «meu queridiño Lugaidh». Killmalomaig, un antigo camposanto preto de Fort Augustus, e reservado para os católicos moito despois da Reforma, está relacionado con San Moluag: «Dun dos fillos desa sagrada familia (Bangor), de nome Lua, dise que el só foi o fundador de cen mosteiros»- isto é en referencia a Irlanda, por suposto. San Moluag finou no ano 592 d. C. (Tradución do autor)

En A Forgotten Aberdeenshire monastery[37], de William Douglas Simpson, lemos o seguinte:

> No lado sur de Tap o' Noth, mirando cara a Clova, hai un penedo enorme que sobresae coñecido como Closh-Malew, «a pedra de Moluag», que sen dúbida formaba o «disert» ou retiro do santo mentres traballaba nesa zona. (Tradución do autor)

Noutra pasaxe da mesma obra, o autor di:

> A partir de aí, Cloveth converteuse nunha parroquia, e o antigo mosteiro foi substituído pola igrexa parroquial cuxos alicerces aínda perduran e que, ó estilo romano, foi dedicada a San Lucas. É probable que Lucas fose escollido deliberadamente polos romanistas debido ó parecido do seu nome co de Moluag, en particular, cando se omite o prefixo honorífico «Mo» (...)».
> San Moluag un dos primeiros santos irlandeses, foi un picto irlandés de orixe nobre intimamente asociado ós Dál nAraide, que no ano 562 fundou a súa primeira gran comunidade na Illa de Lismore, a illa sagrada dos pictos occidentais. San Moluag foi un misioneiro contemporáneo de San Columba que evanxelizou os pictos de Escocia no s. VI. Desde Lismore, St. Moluag pasou a fundar outros dous grandes centros na terra dos pictos, en Rosemarkie e en Mortlach. Estes foron os seus tres grandes centros de ensino e é significativo que os tres se convertesen nas sés da Igrexa Católica nas Illas, en Ross y en Aberdeen. Insatisfeito con estes tres centros, a Moluag tamén se lle atribúe a fundación de cen mosteiros sobre os que tiña xurisdición absoluta. (Tradución do autor)

Penso que queda suficientemente claro que o nome de *San Moluag* (c. 510–592)[38] está formado polo sufixo honorífico *mo*, o seu nome, *Luaighdh* ou *Lua* e o sufixo diminutivo afectivo *-ag* / *-óg* / *-óc*, que dan como resultado o hipocorístico honorífico *Moluag* polo que é coñecido o santo e mailas súas variantes *Moloag*, *Molluog*, *Moloc*, *Mouloc*, *Malew*, etc.. *Kirk Malew* é unha das igrexas dedicadas a este santo. A igrexa está situada na parroquia de *Malew*, na Illa de Man. A sílaba final, *-lew*, é unha versión anglicanizada de *Luaghidh* ou de *Lua*. *Moluag*,[39] tamén coñecido como *Malew*[40]

Maeloc, o bispo britoniense galego

O Segundo Concilio de Braga, que tivo lugar no ano 572 e foi presidido por Martiño de Braga, tiña o obxectivo de incrementa-lo número de bispos na Gallaecia. A el atenderon os bispos sufragáneos da arquidiocese de Braga e os da diocese de Lugo. O Papa Inocencio III disipou calquera dúbida sobre a súa autenticidade[41]. Nas súas actas[42], constan os seguintes bispos asistentes:

Martinus Bracharensis Metropolitanae episcopus his gestis subscripsi. Remisol Visensis ecclesiae episcopus his gestis subscripsi. Lucretius Conimbriensis episcopus his gestis subscripsi. Adorius Egitanae ecclesiae episcopus his gestis subscripsi. Sardinarius Lamecensis ecclesiae episcopus his gestis subscripsi. Viator Magnetensis ecclesiae episcopus his gestis subscripsi. Item ex synodo Lucensi. Nitigisius Lucensis ecclesiae episcopus his gestis subscripsi. Andreas Iriensis ecclesiae episcopus his gestis subscripsi. Wittimer Auriensis ecclesiae episcopus his gestis subscripsi. Avila Tudensis ecclesiae episcopus his gestis subscripsi. Polemius Asturiensis ecclesiae episcopus his gestis subscripsi. ***Mailoc Britonensis ecclesiae episcopus*** *his gestis subscripsi.*

Martiño, *metropolitano de Braga, subscribe estes feitos. Remisol, bispo da igrexa Visense, estes feitos subscribe. Lucrecio, bispo Conimbriense, estes feitos subscribe. Adorio, bispo da igrexa Egitana, estes feitos subscribe. Sardinario, bispo da igrexa Lamecense, estes feitos subscribe. Viator, bispo da igrexa Magnetense, estes feitos subscribe. Tamén do sínodo lucense: Nitigisio, bispo da igrexa lucense, estes feitos subscribe. Andreas, bispo da igrexa iriense, estes feitos subscribe. Wittimer, bispo da igrexa auriense, estes feitos subscribe. Avila, bispo da igrexa tudense, estes feitos subscribe. Polemio, bispo da igrexa asturiense, estes feitos subscribe. Mailoc, bispo da igrexa britoniense, estes feitos subscribe.*

Para podermos comprender a presenza deste bispo de suposta orixe británica, temos que entender que, no século V, coa chegada de tribos xermánicas ó que hoxe é Gran Bretaña, membros de comunidades de fala británica decidiron emigrar a zonas poboadas por grupos étnicos afíns que falaban a mesma lingua ou, cando menos, da mesma familia lingüística.

Unha desas zonas era Armórica, o que hoxe coñecemos como a Bretaña francesa, onde aínda se fala bretón, unha lingua pertencente ó grupo de linguas celta-P. Pero, nesa época, tamén na Gallaecia houbo asentamentos de comunidades procedentes das Illas Británicas. E a unha desas comunidades pertencía o bispo *Mahiloc* ou *Maeloc*. Co tempo, estas comunidades estendéronse por Galicia, construíron diversas igrexas e mesmo a acadaron un bispado de seu, *Britonia* ou *Bretoña*, que tiña a súa sé nun mosteiro propio, o *Monasterium Maximi*[43]. Todo isto tivo lugar no que hoxe son o norte da provincia de Lugo e a zona occidental de Asturias.

San Maelog, o santo galés e bretón

No mesmo século no que naceron, viviron e finaron *San Moluag* ou *San Moloc* e o bispo *Maeloc*, vivía en Gales un santo coñecido como *Maelog*, fillo de *Caw*, rei dos pictos de *Strathclyde*[44], un dos reinos britóns medievais que xurdiron no período posromano na zona de fala *británica* do sur de Escocia. *San Maelog* pertencía a unha familia con moitos fillos entre os que se incluía seu irmán *San Xildas* (*Gildas*) (c. 517-570), que morreu na Bretaña francesa. *San Maelog* foi o santo patrón de *Llanfaelog*, Gales, onde construíu a súa igrexa[45]. Este santo tamén foi e segue sendo venerado na Bretaña francesa onde é coñecido como *Maelog* e *Maeleg*.

Sobre o bispo galego *Mailoc* ou *Maeloc*, o erudito galés *Grafton Melville Richards* (1910-1973) di o seguinte[464]:

A primeira vista, o nome deste bispo, mencionado no ano 572, parece ser un cognado exacto do nome galés Maelog. Maelog é un derivado de Mael, «príncipe, xefe, líder» en galés, que ocorre como nome común e como nome propio, e mailo sufixo -og < *-acos vía -awc, -awg > -og. Por isto resulta difícil aceptar Mailoc no ano 572, xa que o cambio de -awc (-awg) a -oc, -og non ocorreu en galés ata uns séculos máis tarde.

> Así e todo, Mael e os seus derivados están firmemente establecidos en galés en varias formas. Maelog, como nome de santo, aparece en Llanfaelog, en Anglesey, e co prefixo hipocorístico -ty no nome Tyfaelog, como en Llandyfaelog, en Carmarthenshire e en Breconshire. Maelog podería ser un diminutivo afectuoso, xa que sabemos que outro santo moi coñecido era coñecido familiarmente como Cadog, aínda que o seu nome oficial era Cadfael. Por tanto, Maelog pode representar un nome composto por dous elementos como Maelien (Maglo + genos) ou Maelgwn (Maglo-cunos), pero non existen probas que o demostren definitivamente.
> Parece que Maelog tamén era coñecido como Meilyg (posteriormente Meilig), santo patrón de Llywes en Radnorshire, pero pódese tratar dunha confusión temperá entre dúas persoas diferentes. Meilyg podería ser < *Maglocu, o caso nominativo de *Maglocunos. Pódense encontrar os detalles haxiográficos en Baring-Gould e Fisher, The Lives of the British Saints, Vol. III, s.n. Maelog. (Tradución do autor)

Con toda esta información, a similitude entre os nomes destas tres persoas directamente relacionadas coa Igrexa Celta parece indubidable. Con todo, o que di *Grafton Melville Richards* sobre o que «*o cambio de -awc (-awg) a -oc, -og non ocorreu en galés ata uns séculos máis tarde*», lévame a pensar na posibilidade de que se trate do sufixo diminutivo *-óc* do gaélico irlandés antigo, e que o nome do bispo galego *Maeloc*, poida ter unha orixe gaélica e non británica. Na seguinte táboa que vemos deseguido podemos ver a formación do nome do santo e bispo picto-gaélico, *San Moluag*, a formación do nome do santo galés e bretón, *San Maelog*, e a máis que posible formación do nome do bispo galego-britano, *Maeloc*.

Teñamos en conta que co paso dos anos e por efecto da superposición de linguas nestas tres rexións da zona celtoatlántica do occidente europeo, os nomes polos que son coñecidas estas tres figuras da Igrexa Celta puideron sufrir e, de feito, sufriron, deformacións debidas en gran parte á anglicanización ou á romanización. Tamén debemos observar que as formas dos nomes polos que hoxe coñecemos estas tres persoas son as de hipocorísticos honoríficos gaélicos, británicos ou simplemente celtas, xa que proceden das linguas celta-Q e celta-P.

Nome do santo	Compoñentes que o forman			
Nomes máis coñecidos	Compoñente 1	Compoñente 2	Compoñente 3	Orixe
Moluag / Moloc / Malew	mo / ma ("meu")	Luaghaidh / Lua	-ag / -óc	Picto-irlandesa
Maelog / Meilig	mael ("príncipe")	---	-ag	Galesa / bretoa
Maeloc / Mahiloc	ma? (meu) mael? (príncipe)	Lua? Luaghidh? (?)	-óc	Galaico-británica

Do que non parece haber dúbida é de que *Mailoc Britonensis ecclesiae episcopus* é unha clara referencia a un bispo dunha zona de fala británica. Que eu saiba, nesa época, os únicos pobos históricos que falaban linguas británicas estaban nas Illas Británicas e en Armórica (Bretaña Francesa). Un deses pobos vivía no norte de Gran Bretaña e son coñecidos como pictos, o nome co que os designaban os romanos, do latín *picti*, aínda que non sabemos como se denominaban eles mesmos.

As fontes clásicas falan dos pictos como un pobo mariñeiro[47]:

> (...) «As fontes clásicas da primeira metade do primeiro milenio d. C. Suxiren que os habitantes desta zona facían uso frecuente de embarcacións nos seus encontros co Imperio Romano. Tamén existen evidencias documentais de que os pictos posuían poderosas forzas navais: no 729 d. C. os Anais de Tigernach rexistran que <cento cincuenta barcos pictos naufragaron preto de Ros-Cuissine>, posiblemente en Troup Head (Anderson 1922, vol. I, p. 226). (...) Na década de 580 d. C., os Anais de Ulster rexistran <Aidan, o fillo de Gabran, levou a cabo unha campaña nas Orcadas> (Anderson 1922, vol. I, p. 86) e na década de 680 d. C. Os Anais de Tigernach din que <As Orcadas foron destruídas por Brude». (Tradución do autor)

Se os pictos xa se enfrontaron ós romanos no mar antes da caída do Imperio Romano, e na década de 580 d. C. levaron a cabo unha campaña nas Orcadas, e no 729 d. C. 150 barcos pictos naufragaron ou foron destruídos preto de *Ros-Cuissine*, é evidente que non se trataba de *currachs*, botes de madeira cubertos con peles de animais, senón que tiñan que ser barcos que durante o verán, con bo tempo, e a unha distancia prudente da costa, podían percorrer longas distancias. De feito, W. A. Cummins[48] di o seguinte sobre os pictos no s. V d. C.:

> «As derradeiras lexións que atravesaran o mar cara á Galia e ó sur de Gran Bretaña, en lugar de ser unha ameaza para os pictos, quedaron indefensas ante eles. As súas incursións no sur de Gran Bretaña, que no s. IV podían ser interpretadas como ataques lexítimos en territorio inimigo, dexeneraron e convertéronse en operacións de saqueo cuxo único propósito era a pillaxe. Os pictos (e os Scots) convertéranse nos viquingos do século V». (Tradución do autor)

Así, é posible que, aproveitando a caída do Imperio Romano, algúns pictos decidisen asentarse en territorios nos que tradicionalmente vivisen pobos «amigos», de fala semellante á deles ou que lles resultase familiar, nos que probablemente fosen ben recibidos. Polas actas do Segundo Concilio de Braga sabemos que, se non antes, no s. V, había un pobo britoniense asentado na zona que hoxe coñecemos como Bretoña que moi probablemente abranguese tamén o norte das provincias de A Coruña e Lugo así como a parte occidental de Asturias.

Topónimos galegos de posible orixe picto-gaélica

Para que isto non pareza simple especulación, vou analizar dous topónimos da zona de posible asentamento do pobo británico ó que pertencía o bispo *Maeloc* ou *Mahiloc*. Para isto, vou ter en conta que, como vimos ó analizar os hipocorísticos honoríficos de *San Moluag*, *San Maelog* e do bispo *Maeloc*, a mediados do s. VI, os gaeles xa estaban asentados no oeste de Escocia ou Alba e xa enviaran misioneiros a evanxelizar os pictos, sendo algúns deles picto-irlandeses como parece ser o caso de *San Moluag* ou *Moluoc*.

Na provincia de Lugo, no concello de Muras, na parroquia do mesmo nome, hai un lugar coñecido como *Invernés*. Un dos concellos que lindan con Muras é coñecido como *Abadín*, igual cá parroquia e a vila do mesmo nome. As formas fonéticas dos topónimos galegos *Invernés* e *Abadín* pódense considerar idénticas ás dos topónimos escoceses *Inverness* e *Aberdeen*. Aínda que puidese tratarse dunha simple coincidencia, o feito de que estas dúas entidades de poboación estean situadas nunha zona próxima a *Bretoña*, onde vivía o pobo

de fala britónica que tiña un bispo chamado *Maeloc*, indica que estes catro topónimos, dous escoceses e dous galegos, poderían estar relacionados.

O topónimo escocés *Aberdeen* é unha anglicanización do topónimo gaélico-escocés *Obar Dheathain*, «desembocadura do río Don». O primeiro termo, *obar*, considérase un préstamo que chegou ó gaélico procedente do picto, xa que, en gaélico, *inbhir* é a palabra empregada para designar unha desembocadura. E esta palabra gaélica, *inbhir*, lévanos directamente ó topónimo escocés *Inverness*, unha anglicanización do topónimo gaélico-escocés *Inbhir Nís*, «a desembocadura do río *Nís*». Ámbalas dúas cidades están no zona tradicionalmente picta de Escocia, posteriormente dominada polos gaeles.

Topónimo escocés	Forma fonética	Topónimo galego	Forma fonética
Inverness (Inbhir Nís)	/ɪnvərˈnɛs/ /iɲɪrʲˈniʃ/	Invernés	/inβernes/
Aberdeen (Obar Dheathain)	/ˌæbərˈdiːn/ /opər ˈɛ.ɛɲ/	Abadín	/aβadin/

Aínda que podería pararme a analizar outros topónimos da zona, vou pasar directamente ó santo de maior veneración en todo o norte de Galicia: Santo André de Teixido. O santuario dedicado a San Andrés está situado nuns dos cantís máis altos de Europa, e orientado ó norte, «mirando» para as Illas Británicas. Lembremos que Santo André é coñecido como «Santo André de lonxe» e que Santo André é o patrón de Escocia. En Galicia, á parte das capelas e ermidas, hai 74 parroquias dedicadas a Santo André.

Palabras de orixe picto-britónica no léxico galego

No dicionario eDIL, baseado no dicionario da lingua irlandesa da Royal Irish Academy, encontramos o seguinte en relación á palabra *pít*[49]: (formas: *pite*, f*it*, *fita*, *fíta*, *fitta*) «pequena cantidade de comida, comida lixeira ou colación. (...) «xeralmente de racións monásticas» (...) *bithfer fíta na riagglae*, «un que se cingue á ración prescrita». As formas que que comezan por *f* son o resultado da lenición do *p* inicial de *pít*.

As palabras gaélicas que comezan pola consoante *p* adoitan ser préstamos doutras linguas: o fonema **kw* herdado do indoeuropeo convértese en /*p*/ no celta-P, mentres que en celta Q consérvase o /*kw*/, con posterior perda do elemento labial en gaélico irlandés. Neste mesmo artigo vimos que houbo pictos irlandeses e tamén que os gaeles conformaron un reino picto-gaélico en Escocia.

En The Age of the Picts[50] lemos o seguinte: Os topónimos máis abundantes e distintivos deste grupo son aqueles que comezan por *Pit*-, tales como *Pitlochry* e *Pittenweem*. *Pit*, orixinalmente *pett*, unha palabra picta que significa «peza de terra», está relacionada coa palabra galesa *peth*, que significa «cousa», e coa bretoa *pez*, «peza, anaco».

Un exemplo derivado da raíz *pett* / *pit* é a palabra francesa (e inglesa) *petit*[51]: «do francés antigo *petit*, «pequeno, novo, poucos en número» (s. XI), probablemente da raíz *pittinus*, «pequeno», do latín vulgar ou tardío, de orixe incerta; non se corresponde con ningunha forma latina coñecida e quizais sexa da raíz celta *pett*-, «parte, peza, anaco», que tamén aparece no termo italiano *pezza* e no inglés *piece*.

Asumindo que se pode tratar dun préstamo dunha lingua britónica, xa que podemos desbota-la raíz latina, pero cinguíndonos ó significado principal da palabra *pít* en gaélico irlandés antigo, e máis o da raíz *pett*, pasamos a diversas palabras galegas que conteñen ámbalas dúas raíces, *pít* / *pit* e *pett*, con significados directamente relacionados:

Palabra galega	Significado (na lingua da fonte)	Raíz	Orixe (baseada no significado da raíz)
pita[52]	"Polla, gallina nueva que aún no pone huevos".	pit-	Británica (picta ?)
pitada[53]	"Porción pequeñísima de alguna cosa".	pit-	Británica (picta ?)
pitallo[54]	"Cantidad de comida que portan los pájaros en el pico para las crías que están en el nido".	pit- / pít	Gaélico-británica (Gaélico-picta ?)
pitambón[55]	"Piedra de unas diez libras con que nuestros pescadores producen el BALO cuando pescan con el trabuquete".	pit-	Británica (picta ?)
pitanza[56]	"Ración de comida distribuida a los religiosos o a los pobres".	pit- / pít-	Gaélico-británica (Gaélico-picta ?)
pitaña[57]	"Pitarra, legaña".	pit-	Británica (picta ?)
pitar[58]	"Distribuir, repartir las pitanzas".	pit- / pít-	Gaélico-británica (Gaélico-picta ?)
pitareco[59]	"Pedazo, retazo de tela, cuero..."	pit-	Británica (picta ?)
pitarela[60]	"Terreno de poco fondo y mala calidad. Mones. DE LA RAIZ PET".	pit-	Picta.
pitarro[61]	"Chorizo pequeño que suele hacerse para los niños, cuando el envase de la carne adobada de	pit- / pít-	Gaélico-británica (Gaélico-picta ?)
	Cerdo"		
pitarrúa[62]	"Mariquita, insecto. Ordes, Rairíz de Veiga, Our."	pit-	Británica (picta ?)
piteira[63]	"Aparejo pequeño para pescar calamares (Miñortos, Fieiro, Co.)".	pit-	Británica (picta ?)
piteirar[64]	"Picotear las aves.	pit-	Británica (picta ?)

piteiro[65]	"Pequeño huerto junto a la aldea para lechuga, cebollas, etc. (Medeiros)". "Pedazo, parte separada de un todo (Ourense). En Fondo de Vila, piteiro "finca pequeña". Es frecuente la aplicación a tierras".	pit-	Picta.
pitela[66]	"Astilla".	pit-	Británica (picta ?)
piteleiro[67]	"El que poco a poco ba haciendo la suya, socarron, zorro, sonsacador, indagador, etc."	pit-	Británica (picta ?)
pitero[68]	"Palito usado en trabajos de viña. Beade, Ribeiro.(FrampasIII)"	pit-	Británica (picta ?)
pitillo[69]	"Ventosa de los cefalópodos': Ribeira".	pit-	Británica (picta ?)
pitinga[70]	"Sardina pilchardus (Walb.), sardina joven: Caión, Cesantes. Etim. De origen desconocido. La misma palabra está documentada en port.: petinga 'sardinha miúda' y 'peixe miúdo que às vezes serve para isca' (Grande Enciclopedia Pt. e Bras.).	pit-	Británica (picta ?)
pitís[71]	"Pequeño".	pit-	Británica (picta ?)
pitisa[72]	"Tejo; pedazo de piedra o hueso donde se ponen alfileres, botones o cuartos en el juego de patefa".	pit-	Británica (picta ?)
pitisca[73]	"Migaja, cosa pequeña, cantidad minúscula o ínfima".	pit- / pít-	Gaélico-británica

pitiscar[74]	"Comiscar, comisquear, comer poquito de cada cosa o de cada vez.".	pit- / pít-	Gaélico-britónica
pitochada[75]	"Pequeñez, insignificancia.".	pit-	Británica (picta ?)
pitolo[76]	"Pedacito, astilla (en que se divide un tronco), cuando es pequeña (Fondo de Vila)".	pit-	Británica (picta ?)
pitorro[77]	"Parte de la hoja de la guadaña en la que se incrusta el mango".	pit-	Británica (picta ?)
pituco[78]	"Aplícase a la persona pequeña".	pit-	Británica (picta ?)
pitusco[79]	"Pituco, pituca, nombre cariñoso que se da a los niños	pit-	Británica (picta ?)
petécaro[81]	"Individuo de poca altura".	pet-	Británica (picta ?)
petela[82]	"Porción de manteca, o de pan, de forma redondeada"	pet-	Británica (picta ?) (Relacionada coa gaélica)
petello[83]	"Pastizal pequeño y cerrado".	pet-	Británica (picta ?)
peterelo[84]	"Panecillo. Redondela".	pet-	Británica (picta ?) (Relacionada coa gaélica)
petís[85]	"Chico. Pequeño. Niño".	pet-	Británica (picta ?) (Relacionada coa gaélica)
petiscar[86]	"Sacar pequeñas partes de una cosa, probar, comer a bocaditos".	pet-	Británica (picta ?) (Relacionada coa gaélica)
petisco[87]	"Golosina. Pequeña cosa agradable o conveniente".	pet-	Británica (picta ?)
petiso[88]	"Pequeño".	pet-	Británica (picta ?)
petisqueiros[89]	"Aplícase a los ojos pequeños, vivos y alegres".	pet-	Británica (picta ?)
petola[90]	"Azadilla para	pet-	Británica (picta ?)

	escardar las huertas".		
petolo[91]	"Trozo de palo. Astilla".	pet-	Británica (picta ?)
petón[92]	"Punta, extremo sobresaliente de una piedra en el mar".	pet-	Británica (picta ?)
petorello[93]	"Dícese de la persona de corta estatura, en Álvare".	pet-	Británica (picta ?)
petouco[94]	"Mota o golpe de hierba que el ganado deja sin pacer".	pet-	Británica (picta ?)
petoulo[95]	"Tolondro, tolondrón, bulto a chichón que se levanta en una parte del cuerpo, especialmente en la cabeza, de resultas de un golpe"	pet-	Británica (picta ?)
petouto[96]	"Cerro, o collado o vericueto de poca altura".	pet-	Británica (picta ?)

Nota: A palabra galega *pitarrúa* é un dos diversos nomes que ten o insecto coleóptero tamén coñecido como boíña ou reirrei. En gaélico irlandés, *rua* significa «vermello», *ruadh* en gaélico escocés. Sabendo o significado da raíz *pit-* / *pet*(*t*)-, «pequeno», *pitarrúa* significaría «pequena vermella», un nome axeitado para a xoaniña. Como xa dixen, este mesmo insecto coñécese en galego como *boíña*[97] / *voíña*. En gaélico irlandés a boíña coñécese como *bóín Dé*, «vaquiña de Deus». Tendo en conta que este insecto tamén é coñecido en galego como *mosca de Deus* e *polboretiña de Deus*, *margaridiña de Dios* e *xoaniña de Dios*[98], é razoable pensar que *boíña de Deus* puido ser un dos nomes galegos deste insecto, co significado «vaquiña de Deus». *Bóín Dé* > *boíña* (*de Deus*).

Entendo que a lista que vimos de ver é unha lista longa, pero paréceme necesaria para entender que ningunha outra lingua da Europa atlántica, romance, celta ou mesmo xermánica, ten unha cantidade e variedade tan grande de palabras derivadas da raíz *pett-* / *pit-* mencionada anteriormente. Quedan moitas palabras do léxico galego por incluír, variantes, derivados, palabras compostas... Escollín as máis evidentes, todas relacionadas con porcións, racións, partes, pezas pequenas de terra, etc., para eliminar tódalas dúbidas posibles.

Topónimos picto-gaélicos e topónimos galegos derivados da raíz picta pett- / pit-

Vimos que en The Age of the Picts o autor di: «*Os topónimos máis abundantes e distintivos deste grupo son aqueles que comezan por Pit-*»(...) orixinalmente *pett-* (...).Na mesma obra, na páxina 40, o autor di o seguinte: *«Outro dato importante sobre os topónimos pit- é que o segundo elemento é case invariablemente de orixe gaélica como o caso de Pitcaple (de capull, «cabalo ou egua»)».* (Tradución do autor)

Se é verdade que no léxico galego hai palabras derivadas desta raíz, é razoable que tamén haxa topónimos que comecen por esa raíz igual que os hai en Escocia, e se, ademais,

algúns deses topónimos teñen un segundo elemento de orixe gaélica, poderemos deducir que a poboación coa que se mesturaron os pobos (ou pobo) de orixe británica na Gallaecia, falaban unha lingua goidélica ou gaélica, que neste caso sería a lingua galaica, pero, e isto é importante, séculos despois da caída do Imperio Romano. Deseguido, unha táboa con topónimos galegos que comezan por *Pet-*:

Topónimo galego	Raíz picta	Sufixo gaélico	Orixe	Situación
Petín	Pet- / Pett-	-ín	Pet- / Pett-	Ourense
Petán	Pet- / Pett-	-án	Pet- / Pett-	Salvaterra de Miño, Pontevedra
Petán	Pet- / Pett-	-án	Pet- / Pett-	A Gudiña, Ourense
Petón	Pet- / Pett-	-án	Pet- / Pett-	Moeche, A Coruña
(O) Petouto	Pet- / Pett-	-uachtar	Pet- / Pett-	Cambre, A Coruña

Cinco exemplos (un repetido) que son suficientes para demostrar que en Galicia hai topónimos coa raíz picta e un elemento gaélico sufixado, de feito, dous deles conteñen cadanseu sufixo diminutivo gaélico.

O sufixo gaélico *-ín*[99], «pequeno», «diminuto». Emprégase con substantivos, as veces, cun cambio semántico, como en *capall*, «cabalo» + *-ín* = *capallín*, «poni».

O sufixo gaélico *-án*[100]. Úsase para formar diminutivos de substantivos e mesmo outros substantivos.

A palabra gaélica *uachtar*[101] significa «cumio, parte alta». Observámolo en topónimos irlandeses como *Béal Átha hUachtair*[102], «Boca do Vao do Alto», anglicanizado como *Ballyoughter*. Ou como *Baile Uachtair*[103], «Vila do Alto», anglicanizado como *Balloughter*. Nos Ancares leoneses hai un lugar coñecido como *Balouta*, no municipio de Candín, que por estar situada nun lugar alto da montaña, parece encaixar perfectamente con este último topónimo irlandés: *Baile Uachtair* (*Balloughter*) > *Balouta*. O feito de que *petín* e *petán* / *petó*n conteñan os sufixos diminutivos gaélicos *-ín* e *-án*, parece reforza-lo feito de que se trataba de aldeas ou lugares pequenos cando lles puxeron eses nomes.

Aínda que hai moitos máis exemplos de topónimos galegos que podería empregar para intentar xustificar a formación do topónimo galego *Petouto*, vou pasar directamente á toponimia escocesa onde encontramos o topónimo cuxa forma orixinal foi *Pett uachdarach*[104] e que co paso do tempo foise deformando debido á anglicanización ata acabar sendo coñecido como *Pitodrie*:

Pett uachdarach > *Pettochery* > *Pettodry* > *Pettodrie* > *Pitodrie*

Pett uachdarach / *Pett uachtair* > *Petouto*

Nota: Ó anglicanizar o topónimo *Pett uachdarach*, o dígrafo *ch*, /x/, desaparece debido á dificultade que teñen os ingleses para pronuncialo, xa que a lingua inglesa non ten o son /x/. Ocorre exactamente igual no caso de *Baile Uachtair,* ó ser romanizado como *Balouta*. Desaparecen o son /X/ do dígrafo *ch* e mailo *r* final ó converterse *uachta*(*i*)*r* en *-outa*.

Lembremos que vimos que na súa obra The Age of the picts, W. A. Cumminns di que «*Pit, orixinalmente pett, unha palabra picta que significa «peza de terra»*. Na mesma páxina di, ademais, que «*a maioría dos topónimos pit (pett) seguen designando lugares pequenos e non aldeas ou vilas, como corresponde á súa orixe*». (Tradución do autor)

Iso é xustamente o mesmo que ocorre en Galicia, xa que a maioría dos topónimos que conteñen a raíz picta *pit-* / *pet-* son lugares pequenos. Pero sempre hai excepcións.

Petán, Betán e Betanzos

En Galicia hai dous lugares coñecidos como *Petán*, un no concello de Salvaterra de Miño, Pontevedra, e outro en A Gudiña, Ourense. *Betán* é o nome dunha parroquia do concello de Baños de Molgas, Ourense. Aquí debemos observar que a conversión da oclusiva xorda *p* na oclusiva sonora *b* é un cambio moi frecuente, sobre todo ó pasar unha palabra dunha lingua a outra. A palabra castelá *berrinche* significa «*Irritación grande que se manifiesta ostensiblemente, y sobre todo la de los niños*». A palabra galega *perrencha* ten o mesmo significado, «*enfado de niños o como de niños, pararse en puntillos o cosas ridículas, andar con mosca*». As formas fonéticas e os significados deixan ver claramente que se trata da mesma palabra, *perrencha – berrinche.*

O topónimo *Betanzos*, nome da capital dunha das primeiro cinco e logo sete provincias galegas históricas, ten a súa orixe no lugar que actualmente coñecemos como *Betanzos o Vello*, pertencente á parroquia de Tiobre. *Betanzos* e *Betanzos o Vello* teñen en común un elemento topográfico moi importante que consiste en que están nunha zona alta próxima á gran marisma que hai no curso baixo dos ríos Mendo e Mandeo, da que aínda se conservan unhas 170 hectáreas de xunqueiras e praderías halófilas. Agora que sabemos a posible orixe dos topónimos galegos *Petán* e *Betán* e tendo en conta que *Betán* está contido no topónimo *Betanzos*, queda por descubrir a que pode corresponder –ços / *-zos,* a derradeira parte do topónimo brigantino.

En gaélico escocés, a palabra *seasg* ou *seasc*, pronunciada /ʃesg/ e /ʃask/ en gaélico escocés e irlandés, respectivamente, deriva do gaélico irlandés antigo *sesc* e significa «estéril, seco, improdutivo». Tamén se usa para designar a *carex aquatilis* e a *sparganium*, dúas plantas típicas de xunqueiras e praderías halófilas. A palabra gaélica *seascann* ou *seasgan* , tamén derivada de *sesc*, significa «xunqueira», «zona cuberta de xuncos», e en gaélico-escocés, ademais de ter ese mesmo significado, tamén se usa para designar a carriza ou canaveira, *phragmites australis*. En Irlanda, no condado de Galway, hai un lugar coñecido como *An Poll Seasc*, «a charca dos xuncos» ou «a charca infértil». Obsérvese que todas estas palabras gaélicas derivadas da raíz *sesc* en gaélico irlandés antigo, están relacionadas con xuncos, xunqueiras e, en xeral, lugares estériles ou pouco produtivos.

Tendo moi presente a pronuncia da palabra gaélico-irlandesa *seasc*, /ʃask/, pasamos a analizar o topónimo galego *Lonza*s, nome dun lugar próximo a O Birloque, na parroquia coruñesa de San Cristobo das Viñas, onde tradicionalmente se desbordaba cada ano o río Mesoiro ou Monelos, sendo *Lonzas* antano unha zona pantanosa ou de xunqueira hoxe totalmente urbanizada.

En gaélico escocés, a palabra *lón* significa «pantano» ou «río pequeno, en especial coas marxes pantanosas». Xuntando as dúas palabras, *lon* + *seasc*, obtemos un termo composto que significa «pantano ou rego da xunqueira», un topónimo que describe perfectamente a zona de *Lonzas*, por onde fluía o río Monelos ou Mesoiro antes de ser canalizado non hai moitos anos. Igual que **Petán Seasc*, «lugar pequeno da xunqueira»,

describe perfectamente o lugar de *Betanzos o Vello*, onde xurdiu o topónimo orixinal que a partir do ano 1219 foi empregado en referencia ó que hoxe é a cidade brigantina.

**Lon Seasc* /Lon ʃask/ > *Lonças* / *Lonzas* (con perda do *c* final de *seasc*).

**Petán* > *Betán*

**Petán Seasg* /petan ʃesg/ > *Betán Seasg* > *Betanços* / *Betanzos* (con perda do *g* final de *seasg*)

Así, o topónimo *Betanços* / *Betanzos*, a actual denominación da Cidade dos Cabaleiros que xunto con Tui é a capital galega do gótico, pode deber a súa orixe ó feito de que *Betanzos o Vello* fose noutrora un lugar próximo á gran marisma ou xunqueira da que, malia ser unha zona infértil, tanto proveito tiraron durante séculos os habitantes da zona.

Trala fundación de *Betanzos* no ano 1219, a importancia da cidade foi medrando ata alcanzar o seu primeiro momento de esplendor da man dos *Andrade*, unha familia coa súa orixe na zona norte de Galicia amante da caza e en especial a dos porcos bravos. Tendo en conta que o porco bravo é un dos animais totémicos dos pictos, é doado caer na tentación e especular co nome desta familia eumesa e betanceira tomando a primeira sílaba do apelido, *An-*, como o artigo gaélico *an*, e o segundo elemento, *-drade*, como unha posible romanización da palabra *draoidh*, «druida», en gaélico escocés, obtendo *an* + *draoidh* co significado «o druída».

Aínda que sexa pura especulación, malia o feito de que a estrela de seis picos, ou Selo de Salomón, decote relacionada coa maxia, na empuñadura da espada de Fernán Peres de Andrade o Boo, así como en diversos lugares das igrexas góticas brigantinas é moi tentador para deixalo pasar sen mencionalo mesmo como unha simple anécdota:

An draoidh > *Andrade* / *Andraíde* (nome dun monte do concello de Pol, Lugo)

Antes de pasar a analizar o nomes doutro santo irlandés de suposta orixe britónica, compre dicir que en Galicia hai moitos máis topónimos que comezan pola raíz *pet-*. Algúns deles incluso teñen a mesma forma ca algunhas das palabras galegas derivadas da mesma raíz: *A Petada*, *A Petella*, *A Petisa*, *O Petelo*, *Petelo*, *Petón*, *O Petón*, *A Petella* e un moi longo etc.

O nome dun santo «irlandés» e os seus hipocorísticos honoríficos

Lembremos agora a primeira táboa feita co único propósito de explicar como formaban os hipocorísticos honoríficos os gaeles de Irlanda, Escocia e a Illa de Man cos nomes dos seus santos como mostra de admiración e de respecto. Deseguido, imos ver outra táboa exactamente igual, pero usando *Sanctán*, o nome de *San Sanctán* en lugar de *Cellach.* Trátase dun bispo e santo gaélico de suposta orixe britónica tamén coñecido como *Easpag Sanctán* ou *Easpuig Sanctán*. As palabras gaélicas *easpag* e *easpuig*, derivada do latín tardío *episcopus*, e este á súa vez do grego *epískopos*, «supervisor», significan «bispo». En gaélico irlandés antigo existen diversas variantes como *epscop*, *epscuip*, etc., que permiten ver a evolución da palabra gaélico-irlandesa a partir do termo latino .

Teñamos en conta que, malia ser venerado en Irlanda, a orixe do nome deste bispo e santo, *Sanctán*, é latina. Está formado pola raíz *sanct*[113], de orixe latina, introducida no gaélico irlandés como préstamo, co diminutivo gaélico *-án* sufixado: *sanct-án*, co significado de «santiño», polo que o nome deste santo pódese considerar tamén un hipocorístico.

Aquí compre termos en conta que encontrar palabras gaélicas relacionadas coa relixión procedentes do latín é bastante común, xa que son moitos os préstamos que chegaron ó gaélico irlandés antigo do latín vulgar e do latín eclesiástico ou medieval para expresar ideas e conceptos relacionados coa relixión que se supón que chegou a Irlanda procedente de Roma. Os seguintes son claros exemplos: *cell*, «igrexa», do latín *cella*; *tabernacuil*, «tabernáculo», «cabana»; *tempul*, «templo», «igrexa», etc.:

Pronome posesivo	Nome do santo	Hipocorísticos honoríficos resultantes
mo ("meu")	Sanctán	Mosanctán
ma ("meu")	Sanctán	Masanctán
do ("voso")	Sanctán	Dosanctán
da ("voso")	Sanctán	Dasanctán
to ("voso")	Sanctán	Tosanctán
ta ("voso")	Sanctán	Tasanctán

[114] / [115]

Nota: Os hipocorísticos que vemos na táboa son tódolos que se poden dar coas combinacións dos pronomes posesivos gaélicos, tendo en conta que *to* e *ta* son variantes de *do* e de *da*, respectivamente. Isto non quere dicir que tódalas combinacións que vemos na táboa se empregasen con tódolos nomes de santos nin que sobrevivisen tódalas formas. Estes son algúns dos exemplos citados en eDIL (Electronic Dictionary of the Irish Language) : *Moedocc*, *Maedocc*, *Togiallóc*, *Taedóc*, *Dobécoc*, *Dabhaotóc*... *Mo Lua*, *Mo Luóc*.

Toponimia galega directamente relacionada con Easpag Sanctán ou San Sanctán

Antes de facer un pequeno percorrido polo que se sabe da vida deste santo gaélico de suposta orixe británica, unha táboa que contén distintos topónimos galegos que imos comparar cos hipocorísticos honoríficos da táboa anterior que, como veremos posteriormente, tamén se conservan na toponimia gaélica de Irlanda e da Illa de Man.

Teñamos presente que *Saint Sanctán* era bispo e tamén era coñecido como *Easpag Santcán* ou *Easpuig Sanctán*. *Easpag*[116] e *Easpuig* son variantes derivadas de *Epscop*, «bispo» en gaélico irlandés antigo, derivado do termo latino *episcopus*.

Podemos observar a forma xenitiva de *Easpag Sanctán* e de *Easpuig Sanctán*, no topónimo *Cill Easpaig Sanctáin* / *Cill Easpuig Santcáin*, «Igrexa do Bispo *Sanctán*», de onde deriva o nome dunha parroquia da Illa de Man anglicanizado como *Santon*:

Topónimos gaélicos derivados de diversas formas do nome de San Sanctán	Topónimos galegos[117]
(Cill) Easpaig Sanctáin	Espasandín
Easpag Sanctán	Espasante
Easpag Sanctán	Espasande
Easpuig Sanctán	Esposende
Mosanctán	Mosende
Mosanctán	Mousende
Masanctán /(Killmasanctan)	Masende (Coto)
Masanctán	Macenda
(Kill)mesantan	Meicende
Tosanctan	Tosende
Tasanctan	Tasende

Fonte: Nomenclátor Xunta de Galicia

Como vemos, a forma fonética (en xenitivo) do nome gaélico do bispo (co título incluído), *Easpaig Sanctáin*, concorda coa forma fonética do topónimo galego *Espasandín*. A forma fonética do nome gaélico do bispo *Easpag Sanctán* concorda coas formas fonéticas dos topónimos galegos *Espasante* e *Espasande* (perda da consoante final é común mesmo en

palabras de orixe latina como *chave* < *clavem*) A forma fonética dunha variante máis antiga do nome gaélico do bispo, *Easpuig Sanctán*, concorda coa do topónimo galego *Esposende*.

Agora pasamos ós hipocorísticos honoríficos. A forma fonética do hipocorístico honorífico gaélico *Mosanctán* concorda coa forma fonética dos topónimos galegos *Mosende* e *Mousende*. A forma fonética do hipocorístico honorífico gaélico *Masanctán* (en *Killmasanctán*) concorda coa forma fonética dos topónimos galegos (Coto) *Masende* e *Macenda*. A forma fonética do hipocorístico honorífico gaélico *Tosanctán* concorda coa forma fonética do topónimo galego *Tosende.* A forma do hipocorístico honorífico gaélico *Tasanctán* concorda coa forma fonética do topónimo gaélico *Tasende*.

Chegados a este punto, pódese dicir que os elementos finais dos topónimos galegos se corresponden ó nome do santo irlandés de orixe británica, Sanctán, adaptados á lingua romance galega como *-sandín*, *-sande*, *-sante*, e *-sende*. Disto despréndese que, en última instancia, estes catro elementos toponímicos teñen a súa orixe no termo latino *sanctus*, que pasa ó gaélico irlandés antigo como *sanct*[117], engadíndoselle posteriormente o sufixo diminutivo gaélico *-án*, de maneira que *sanctán* significa, literalmente, «santiño», polo que *mo sanctán* significa, tamén literalmente, «meu santiño», que sería moi semellante ó hipocorístico honorífico deste santo irlandés se en lugar de usar o sufixo gaélico *-án*, se usase o sufixo diminutivo gaélico *-ín*, que daría un hipotético **mo sanctín*.

Calquera persoa criada en Galicia, nunha zona galegofalante, sabe que «meu santiño» é un hipocorístico afectuoso empregado frecuentemente. Un exemplo moi claro do uso deste hipocorístico galego é o caso de San Ramón (Moeche), tamén coñecido popularmente como Meu Santiño[118]. Tamén atopamos este hipocorístico galego nunha canción que di: «Santo Cibrán do Monte/ meu santiño queridiño/ Santo Cibrán do Monte/ quen vos puxo tan altiño»[119]. En ámbolos dous casos en referencia a un santo, San Ramón e San Cibrán, respectivamente.

Outro exemplo atopámolo, no poema San Antonio bendito, de Rosalía Castro, no que no primeiro verso da segunda estrofa di «Meu santo San Antonio» e no primeiro verso da décimo quinta estrofa di «Ay! meu santiño». No primeiro destes dous exemplos, «Meu santo San Antonio», é evidente que usa «meu santo» como un hipocorístico para dirixirse ó santo que menciona deseguido, San Antonio.

Spassandus, Spassandi, Ispasanda, Espasande

En *Toponimia e Arqueoloxía (Algunhas notas verbo de toponimia arqueolóxica)*, en Gallaecia 19 pp. 369-380 [sobre arca e mámoa] Juan A. Carneiro Rey di o seguinte:

> Por último, temos a referencia a outra <arca>, nesta ocasión coa particularidade de que se menciona en distintos documentos: Colección Diplomática do mosteiro de Caaveiro; Tombo II do mosteiro de Sobrado dos Monxes e no Catastro do Marqués de la Ensenada. Aparece mencionada por primeira vez nun documento de Caaveiro no que se cita a delimitación dun terreo. Dito documento está datado o 17 de xuño, entre os anos 1102 e 1109:
>
> *(...) ad terminum de Listidu usque ad archam de Voado Spassandi; deinde per aquam de rivulo Covelo; deine per portu de Ferrion; deinde per aquam de Corrago (...)* (cit. Fdez. De Viana et al., 1996).

Nun documento do *Tumbo II* de Sobrado tamén se cita esta <arca>. Trátase dunha doazón de terras realizada polo propietario do devandito mosteiro no mes de decembro do

ano 1173. Para que fiquen ben sinalizados os límites, exprésanse con gran detalle os marcos que conforman ditas divisións:

> *(...) per termino set divisiones suas antigas, id est villa de Platanedo (...) et per illum carvallum Peladii Fernandi et per arcam de vados pasandi (...) et per illam portam castri (...).* (*Tumbo II*, fol. 148 r., cit. Loscertales, 1978)

A terceira mención á <arca> de Vespasante como marco do territorio faise no Catastro de Ensenada, é dicir, case sete séculos máis tarde. En efecto, na resposta ó Interrogatorio Xeral na que se establecen os límites da freguesía de San Mateo de Trasanco, side:

> (...) Dibidiendose deestos confinantes por marcos principiando en el rio do Pozo, jirando por su natural Corriente a la fuente da cadela, y de esta al marco dela Arca de Bespasante (...). (C.de E., 1752)

Como vemos, *Spassandi* xa aparece documentado como topónimo no s. XII e, posteriormente, cinco séculos despois, no s. XVIII, observamos que «reaparece» convertido en *Vespasante* e *Bespasante*, dúas variantes que teñen un gran parecido con «bispo santo», que podería ser unha tradición case literal de *Easpag Sanctán*. Aínda que despois volverei a *Vespasante* / *Bespasante*, agora vou seguir con outras versións documentadas do nome *Spassandus* / *Spassandi*.

Nun dos seus numerosos artigos sobre toponimia, Nicandro Ares Vázquez escribe o seguinte sobre a igrexa parroquial de *Espasande*, no municipio de Castroverde, Lugo:

> Hai unha parroquia luguesa no concello de Castroverde, que se chama Santiago de Espasande (...) algo novo e interesante sobre o nome desta parroquia, que é Espasande, que se repite noutra parroquia luguesa de Riotorto e mesmamente na provincia de A Coruña (dúas veces) e en Asturias; hai ademais as variantes de Espasante en A Coruña e Pontevedra, así como Espasantes, en Pantón, e Vilaspasantes en Cervantes (Lugo).
> Todas estas formas toponímicas proceden directa ou indirectamente do antropónimo Spassandus, ou sexa, do nome da persoa que fundou e posuíu inicialmente tales vilas.
> O antropónimo Spassandus aparece con frecuencia en documentos medievais do noroeste peninsular e polo mesmo nos lucenses, por exemplo, no Tumbo de Samos (41, 144, 154) ou nos citados no Boletín de Monumentos de Lugo (IV, 14, 130, 194)
> Pero con este nome foi especialmente célebre un abade do mosteiro de San Vicente de Pino, en Monforte, aló polo ano 821, protagonista dun pseudoprivilexio concedido por Afonso II nun concilio de Oviedo en favor do citado convento monfortino (...) consérvase gravado nun epígrafe dun pequeno sartego, que aínda hoxe está na igrexa monacal de San Vicente do Pino, onde se le a seguinte inscrición: HIC EST TVMULANDVS STISIMVS ABBA SPASANDUS.

De feito, *Spassandus, Episcopus Complutensis*[120] aparece documentado con ese nome un bispo que participou en dous dos Concilios de Toledo, XV e XVI, nos anos 688 e 693 d. C., respectivamente. E no II Concilio de Sevilla[121], presidido por San Isidoro, no que se aproba a regulación da vida monástica, no ano 537, aparecen os antropónimos *Spassando*, *Spassandus*, s. v. *Ispasanda* e os topónimos *Mataspasandas* e *Tosando*.

Estas formas do antropónimo, *Spassandus*, *Spassando* e *Ispasand*a, xunto co topónimo *Tosando*, cf. *Tosende*, e o topónimo *Mataspasandas*, teñen que ter unha orixe, xa que se

trata de versións latinizadas de antropónimos de orixe non latina. Tradicionalmente, se lles atribúe unha orixe xermánica debido estes tres concilios tiveron lugar durante a época visigótica e tanto os concilios como os devanditos antropónimos e topónimos son citados por Isabel Velázquez Soriano en Las Pizarras Visigodas: Edición crítica y estudio (1989).

Compre dicir agora que as primeiras alusións a *Easpag Sanctán* en gaélico irlandés antigo nos refiren a un dos primeiros santos, mesmo como discípulo de San Patricio (s. V).

Antes de analizar máis detalladamente tódolos aspectos coñecidos do bispo e santo irlandés coñecido como *Easpag Sanctán* e como *San Sanctán*, quero recordar unha vez máis a táboa anterior na que figuran as distintas versións do nome deste santo irlandés de orixe británica e os topónimos galegos que considero versións romanizadas dos mesmos (Fonte: Nomenclátor Xunta de Galicia)

San Sanctán ou Easpag Sanctán

De *Easpag Sanctán* sábese moi pouco. Hai varias referencias á súa persoa nalgúns documentos escritos en gaélico irlandés antigo, tales como o *Martiroloxio de Oengus*, con diversa grafía ó longo dos anos: *Easpuic Sanctán*, *Epscop Sanctán*, *Santan Cennmar*, *Sanctanus*, *Santane*, *Sanddane*...

O que si sabemos del é que tivo que ser considerablemente famoso, xa que no *Calendario de Oengus* emprégase a frase «*Epscop Sanctáin sochlae*», «o famoso *Bispo Sanctán*». É o único bispo irlandés merecente do adxectivo *sochlae*, «famoso» en gaélico irlandés antigo, despois do seu nome.

O *Irish Liber Hymnorum*[122] di que o himno escrito en gaélico irlandés antigo coñecido como *Hymnus S. Sanctani* ou *Himno de Sanctán*, foi composto polo propio *Bispo Sanctán* ou *San Sanctán*. O seu irmán Madoc e el, ambos britanos, organizaron unha viaxe a Irlanda. Durante esa viaxe, *San Sanctán* compuxo o himno. O curioso disto é que o himno foi escrito en gaélico irlandés e o *San Sanctán* non coñecía esa lingua. Aprendeu gaélico irlandés durante a viaxe a Irlanda, porque Deus lle concedeu ese don. Tanto se aconteceu así como se non, o himno existe e está incluído no devandito *Irish Liber Hymnorum*, aínda que non se sabe cando foi escrito realmente.

A seguinte pasaxe ofrécenos máis información sobre *San Sanctán*[123]:

> En Irlanda, existe unha considerable evidencia do desenvolvemento do culto a Sanctán. San Sanctán figura dúas veces no Martiroloxio de Tallaght como «Santán»; nunha delas descríbeno como bispo. Sanctán tamén aparece en Félire Óengusso, un martiroloxio métrico irlandés. Hai días xeneaoloxías dispoñibles para este santo: difiren nalgúns puntos, pero concordan en que o pai era un británon que se chamaba ou ben Cantón ou Samuel Cennísel. Unha das xenealoxías di que a nai de Sanctán era unha princesa do Ulaid (Ulster). <Bispo Santán, Bispo Sanctán e Bispo Lethnán, tres fillos de Cantón, rei dos británons. Son eles quen están en Cell Epscoip Shantáin>. <Deichter, filla de Muiredach Muinderg, rei do Ulaid (Ulster), nai de Matóc e do Bispo Santán, fillo de Samuel Cennisel («Cabeza Baixa»)>
> Da afirmación na segunda xenealoxía sobre que Sanctán era irmán de Matóc, faise eco o prólogo a un himno atribuído a San Sanctán, que foi incluído en ámbolos dous manuscritos do Irish Liber Hymnorum. Esta información sobre o pedigree da ascendencia de Sanctán repítese nunha versión do comentario do s. XII en Félire Óengusso».

Toda esta información indica claramente que *San Sanctán*, *Easpag Sanctán*, foi un personaxe importante de orixe británico-gaélica, se damos por válida a información dunha

das xenealoxías e o prólogo ó Himno de *Santán*. Esta orixe britónico-gaélica encaixa perfectamente con todo o que estamos descubrindo no léxico, na toponimia e na historia de Galicia, xa que o bispo *Maeloc* forma parte dela. Pero antes de chegar a conclusións que poidan resultar precipitadas, imos afondar un pouco máis na toponimia galega e máis concretamente nunha parte da toponimia galega que pode estar relacionada con *San Sanctán* ou *Easpag Sanctán*.

Sande, Sende, Santín, Sandín, Santín

Dando por válida, polo momento, a hipótese de que os topónimos gaélicos derivados do nome de *San Sanctán*, (*Cill*) *Easpaig Sanctáin*, *Easpag Sanctán*, *Mosanctán*, etc., están relacionados cos topónimos galegos *Espasandín*, *Espasande*, *Mosende*, etc., deberiamos encontrar tamén topónimos galegos derivados do nome do santo, igual que ocorre na Illa de Man, onde o nome do santo, *Sanctán*, foi anglicanizado como *Santón*.

Dito doutro xeito, os elementos finais dos topónimos galegos, *-sande*, *-sante*, *-sandín*, etc., deberían aparecer sos, como topónimos enteiros, sen o primeiro elemento ou a primeira parte dos topónimos galegos en cuestión, igual que ocorre con *Sanctán* en Irlanda. Buscámolos coa axuda do Nomenclátor da Xunta de Galicia:

Sande: 11 entidades de poboación, 4 terreos mixtos ou de cultivo.

Sante: 7 entidades de poboación.

Sandín: 2 entidades de poboación, 3 terreo mixto, bosque, matogueira.

Santín: 3 entidades de poboación.

Como vemos, son vinte e tres as entidades de poboación coñecidas polo segundo elemento ou segunda parte dos topónimos galegos que ata agora viñemos comparando cos topónimos gaélico derivados do nome de *San Sanctán*. A estes 23 topónimos hai que engadirlles dous que, como imos ver deseguido, poderían estar relacionados con este amplo grupo de topónimos: *O Santón* e *Os Antóns*, dúas entidades de poboación, a primeira en Lalín, Pontevedra, e a segunda en Cortegada, Ourense, que, como imos ver, reflicten algo moi interesante.

Santon, Saint Ann(e) e San Antón

Agora, chegamos a un curioso caso de corrupción dun topónimo gaélico, *Sanctán*, tanto en Irlanda como na Illa de man: *Sanctán* > *Santon*, *Saint Ann(e)*. Observemos que as formas fonéticas destas palabras son moi semellantes.

Santon é o nome da parroquia máis pequena da Illa de Man, unha dependencia da coroa británica situada no Mar de Irlanda, de fala gaélica ata o terceiro cuarto do s. XX, cando finou o derradeiro gaélicofalante, aínda que debido ó esforzo realizado na illa, hoxe contan cun número crecente de falantes de gaélico.

O nome desta parroquia, *Santon*, é de orixe irlandesa e non é o topónimo orixinal. Igual ca moitas outras parroquias antigas da Illa de Man, débelle o seu nome á súa igrexa parroquial que, neste caso, está dedicada a *San Sanctán* ou *Easpuig Sanctán*. Os distintos rexistros mostran que a grafía da palabra *Sanctán* cambiou en diferentes ocasións ó longo dos anos, pasando de *Sanctán* a *Santan* e despois a *Santon*, a súa forma actual. A forma deste topónimo en gaélico irlandés antigo é *Epscop Sanctán* (Bispo *Sanctán*), que se converte en *Easpag Sanctán*[124] no período irlandés medio.

Igual có topónimo, o nome da igrexa tamén foi obxecto de diferentes cambios ó longo dos anos. Aparece rexistrado por primeira vez no s. XII, e foi rexistrado en latín como *Sancti*

Santani. En anos posteriores, foi rexistrado como *Saint Santan*, *Sanctan e Santon*, ata que, finalmente, no s. XVIII, debido, aparentemente, a un erro de reinterpretación da forma fonética do nome do santo, a igrexa foi identificada con *Saint Ann*(*e*) (Santa Ana) a nai da Virxe María. Así foi como o nome deste bispo e santo irlandés quedou no esquecemento ata que a finais do s. XIX recuperou o seu nome orixinal. Desde entón, a igrexa volve ser coñecida como *Saint Santain*.

Para ilustrar outro caso de malentendido, traduzo a seguinte pasaxe de *Master Book of Irish Placenames: Master Atlas and Book of Irish Placenames*, de *Michael C. O'Laughlin*:

[Os cambios de forma dos topónimos tamén foron comúns nos rexistros irlandeses, como queda demostrado na seguinte anotación tomada de] citando a *Haverty's Irish-American Illustrated Almanac /1893*):

> Tres millas máis arriba da aldea de Tallaght, preto de Dublín, na ladeira de Glenas Mole, mirando cara ó río Dodder, hai un pintoresco e pequeno cemiterior e unhas ruínas coñecidas como «Kill Saint Ann», ou «Igrexa de Saint Ann». Moi preto, atópase «Saint Ann's Well» (a fonte de Santa Ana), e unha residencia adxacente tomou prestado da igrexa o nome de Ann-Mount (Monte de Ana). De feito, todo o lugar foi cedido en silencio a Saint Ann (Santa Ana) (...) Os Four Masters (Catro Mestres) dannos a forma orixinal do nome no ano 952 d. C., cando rexistran a morte de Caenchomhrac, abade do lugar, concretamente, Cill-Easpuig-Sanctáin, ou sexa, «Igrexa do Bispo Sanctán», de xeito que o fundador desta solitaria igrexa foi un dos primeiros santos – varios dos cales son conmemorados nos calendarios – chamado Sanctán ou Santan. O nomke é unha forma diminutiva da raíz latina sanct (santo), que chegou como préstamo ó irlandés. Kill Santan foi natural e correctamente traducido como Igrexa de Santan, en primeiro lugar; e a súa obra espiritual non tardou en ser convertida en Saint Ann's Church (Igrexa de Santa Ana).

E xa para completar a información sobre este santo, a súa parroquia e mailo topónimo, a seguinte información[125] complementaria pode resultar moi útil:

> A fe cristiá foi traída a Mann contra o 447 d. C. Por misioneiros da Igrexa Celta de Irlanda, que difería da Igrexa Latina na súa organización e nos tempos do ano cristián. A Igrexa Latina chegou a Canterbury da man de San Agustín e os seus 40 monxes benedictinos no ano 597 d. C., o mesmo ano no que morreu San Columba, o monxe celta que era seguidor de Santa Bríxida e San Patricio.
> A igrexa de Saint Sanctain, Santon, encóntrase no solar dunha igrexa antiga construída hai uns mil cincocentos anos, moito antes de que San Agustín chegase a Canterbury procedente de Roma. (...) San Sanctán foi bispo de Cell da les (Igrexa de dous castros), en Irlanda, un lugar de importancia no seu día, pero que, ata agora, en tempos modernos, non foi identificado especificamente.

Despois, o autor segue falando de tódolos aspectos que xa mencionei neste artigo, tales como a xenealoxía do santo, a corrupción do seu nome e máis do topónimo, etc. Pero é este último dato o que máis me interesa: que tanto na Illa de Man como en Dublín, Irlanda, haxa, como mínimo, dous lugares coñecidos como *Easpag Sanctán* e *Mosanctá*n e nos que o nome do santo, *Sanctán*, se deformase ata adoptar dúas formas con formas fonéticas moi semellantes: *Santon* e *Saint Ann*(*e*), porque se descubrimos que en Galicia hai un lugar, unha parroquia ou un concello no que haxa uns topónimos que tamén teñan unhas formas fonéticas semellantes, desaparecerá calquera dúbida sobre a relación dos topónimos gaélicos e dos galegos.

No concello coruñés de Cedeira, na parroquia de Piñeiro, está o lugar de *Mosende* (cf. *Mosanctán*) coñecido polas ruínas dunha igrexa e un antigo cemiterio cercado, medio abandonado e medio cuberto de maleza. A dous quilómetros de *Mosende*, ó outro lado do río Condomiñas, atopamos o lugar de *Espasante* (cf. *Easpag Sanctán*). No lugar de *Espasante* non se conservan igrexas nin cemiterios, pero a menos dun quilómetro encontramos unha antiga ermida coñecida como Capela de *San Antón* (cf. *Santon* e *Saint Ann*[*e*]).

Tamén debo mencionar que no concello de Ortigueira, está o lugar de *Espasante* (cf. *Easpag Sanctán*) e en *Porto Espasante* está a Capela de *San Antón* (cf. *Santon* e *Saint Ann*[*e*]) e en ortigueira existe a interesante tradición do Porco Antón ou Porco de San Antón. A tradición di que no s. XVIII, cando os veciños quixeron construír unha capela en honor a San Antón, decidiron criar un porco entre todos, por iso anda ceibo pola vila, e vendelo para xuntar cartos para a capela. Ata a separación de Cariño, o concello de Ortigueira lindaba co concello de Cedeira na Serra da Capelada, onde se encontra o santuario que máis devoción esperta en Galicia, o santuario de Santo André de Teixido – Santo André é o santo patrón de Escocia – e o Santuario de Santo André de Lonxe está no alto duns cantís desde os que a única vista é o Atlántico... cara ó norte.

O sufixo antroponímico xermánico *-sindus* e o sufixo toponímico e antroponímico galego –de orixe gaélico-galaica *sande* / *-sende* / *-sindo*

Pódese dicir que está «tradicionalmente» aceptado que os sufixos antroponímicos *-sande, -sende, -sinde, -sindo*, etc., teñen orixe xermánica. Sen ánimo de crear polémica, vou facer unha pequena análise dos devanditos sufixos que adoitan estar presentes na toponimia e na antroponimia galega.

Como acabamos de ver, é moi posible, eu diría que é moi probable, que os sufixos *-santín, -sante, -sande*, e *-sende*, signifiquen «santo» ou «santiño», como en *Espasandín*, *Espasande*, *Espasande*, *Mosende*, *Tosende*, etc. Hai un topónimo galego, *Cristosende*, o nome dunha parroquia do concello de A Teixeira, Ourense. Cristo santo parece unha tradución que encaixa perfectamente. *Marcosende*, o nome dunha aldea de Zamáns, Vigo, Pontevedra, parece ter a mesma lectura. Pero o que máis me interesa é o topónimo *Gomesende*, do que sempre se dixo que deriva o antropónimo *Gumersindo*.

Se dividimos o topónimo *Gomesende* e o antropónimo *Gumersind*o en dous elementos, obtemos *Gome-* e *Gumer-*. *Gumer-* é moi parecido ó antropónimo bíblico *Gómer*, nome tamén usado nas Illas Británicas que mesmo serviu como título a unha serie de televisión. E non escollo este nome ó chou, senón cun propósito moi claro. En todo este artigo, falo de galegos, gaeles e britóns ou britanos, sendo estes dous últimos pobos de fala britónica, celta-P, unha lingua directamente emparentada co galo, outra lingua celta-P.

A Biblia di que *Gómer* foi o primoxénito de Xafet, fillo de Noé. Titus Flavius Josephus (Yosef ben Matityahu), un historiador romano-xudeu do s. I, situou a *Gómer* e os «Gomeritas» na Galatia anatoliana: «Xa que *Gómer* fundou aqueles que os gregos agora chaman Gálatas, pero que entón eran chamados «gomeritas». Con todo, Hipólito de Roma, o escritor da Igrexa Cristiá primitiva, sinalou a *Gómer* como o devanceiro dos capadocios, veciños dos gálatas. Isidoro de Sevilla seguiu a identificación de *Gómer* cos gálatas, os galos e os celtas (gaélicos e britónicos).

É posible que os britóns ou britanos asentados na *Bretoña* galega ou os gallaeci de fala galaica aínda recoñecesen a *Gómer* como santo? O topónimo galego *Gomesende* e antropónimo *Gumersindo* parecen insinualo. Teñamos en conta que o antropónimo *Diosinda*

/ *Dosinda* tamén encaixa perfectamente nesta hipótese co posible significado «Dios santo». O antropónimo galego *Roi* podería ser *Ro*(*i*)*send*o... sen necesidade dunha forma latinizada ou romanizada como *Rodesindus,* e co significado «rei santo», non esquezamos que *Rosendo* naceu no seo dunha familia da nobreza galaica emparentada coa realeza. O propio *Rosend*o foi fillo dunha santa, Santa Aldara de Celanova, e tanto *Rosend*o como San Gonzalo, ámbolos dous bispos de Mondoñedo, foron coñecidos como «bispos santos». Veremos que sorpresas nos depararán as posibles pescudas que se fagan sobre isto no futuro.

Conclusión

Dando por sentado que a cultura castrexa, ou cultura galaica como debería chamarse por ser propia da *Gallaecia*, estaba plenamente desenvolvida séculos antes da chegada dos romanos e dando tamén por sentado que, como mínimo, os *gallaeci* falaban galaico, xa que é razoable pensar que non perderon a súa lingua ata épocas moito máis tardías, como no caso doutros pobos celtas cuxas linguas perduraron ata séculos despois da caída do Imperio Romano de Occidente, podemos concluír que a *Gallaecia* dos séculos IV e V d. C. podía ser considerada un territorio amigo para outros pobos que falasen linguas semellantes e que tivesen unha cultura similar, se non a mesma.

No s. VI, cando os suevos abrazan a relixión cristiá, xa hai en Galicia un bispo britoniense, *Maeloc*, que representa unha comunidade de orixe britano asentada no norte da *Galleacia* nunha época indeterminada. O nome deste bispo, cunha forma fonética exacta á do nome de *Maelog*, o bispo galés tamén venerado na Bretaña francesa, e moi próximo o do nome dun santo irlandés ou picto-irlandés, *San Moluag* ou *Moluóc*, permítenos ver a posibilidade de que o nome conteña o sufixo diminutivo gaélico *-oc* / *-óg*, empregado na formación de hipocorísticos honoríficos empregados polos gaeles como mostra de admiración e respecto ós santos.

Neste artigo vemos tamén a alta probabilidade de que o devandito sufixo diminutivo estea presente en centos de palabras do léxico galego romance, indicando claramente a existencia dun duradeiro substrato gaélico ou galaico da nosa fala romance actual. Tamén vemos que os pronomes posesivos gaélicos, de uso honorífico cando preceden o nome dun santo, *mo*, *ma*, *do*, *da* e as súas variantes *to* e *ta*, están presentes en preto dunha trintena de topónimos e apelidos galegos directamente relacionados coa relixión, cando menos, na súa orixe.

Vemos tamén a existencia de palabras pertencentes ó léxico galego romance que conteñen o prefixo *pit-* / *pet*(*t*) asociado ós pictos do norte de Escocia e nunha cantidade tal que probablemente sexa moito maior cá súa presencia en calquera das outras linguas celtas, romances ou xermánicas do occidente atlántico europeo.

Logo vimos que hai preto de cen topónimos e apelidos galegos que coinciden con topónimos e nomes de santos venerados en Irlanda e na Illa de Man que teñen unha orixe híbrida gaélico-latina, xa que se trata de termos latinos que chegaron ó gaélico irlandés como préstamos do latín e que sufriron unha adaptación, que é de esperar ó pasar a unha lingua gaélica ou goidélica.

Vimos tamén que, co paso do tempo, os devanditos topónimos sofren unha anglicanización en Irlanda e na Illa de Man que case chega a «disfrazalos» como nome dunha santa. E en Galicia, os topónimos que consideramos adaptacións das palabras gaélicas que os compoñen, ou galaicas, quizais, aparecen tamén disfrazados co nome dun santo, San Antón.

Tratándose dun ou dous topónimos, poderíase admitir a posibilidade dunha ou dúas coincidencias fortuítas, pero tratándose de tantos... só podemos contemplar a probabilidade dunha orixe común, unha orixe allea ó latín e a Roma, xa que o personaxe ou personaxes designados como *Easpag Sanctán* son considerados de orixe británica ou gaélica.

É moi posible que o devandito termo gaélico-galaico *Easpag Sanctán / Espasante* sexa un título honorífico empregado para designar unha persoa de importancia dentro da Igrexa Celta, xa que non sería lóxico empregar no seo da Igrexa Latina ou Romana un termo que os latinofalantes considerarían corrupto por estar composto de dúas palabras adulteradas de orixe latina.

Neste artigo vimos tamén que xa aparece un bispo coñecido como *Spassandus*, a forma latinizada de *Easpag Sanctán*, ou de calquera das súas versións gaélicas anteriores, nos Concilios de Toledo, XV e XVI, nos anos 688 e 693 d. C., respectivamente, e no II Concilio de Sevilla , presidido por San Isidoro, no ano 537 d. C.

Supoñendo que haberá posteriores pescudas e investigacións relacionadas cos temas tratados neste artigo, quero rematar dicindo que os personaxes, probablemente procedentes da Igrexa Celta, designados por medio dese título honorífico, a todas vistas gaélico ou galaico, deberon ter moita importancia. Isto dígoo porque J. N. Hillgarth, no seu artigo titulado «El Prognosticum Futuri Saeculi de San Julián de Toledo, na páxina 17, menciona o seguinte:

> *Los Mss. (manuscritos) antiguos se dividen en dos familias. Para nuestra edición, la cual esperamos salga en la nueva colección de los Padres, el Corpus Christianorum, publicado en Bélgica, hemos utilizado cinco códices que llevan los nn. 3, 18, 111, 122 y 133 en nuestra lista de Mss. Lo interesante es que parece que todos los Mss. existentes proceden no, como habría parecido natural, del original enviado a Idalio sino de una copia mandada, probablemente por Julian mismo, a otro obispo visigótico, a Spassandus, obispo de Complutum (hoy Alcala de Henares) Muchos de los Mss. Antiguos llevan una inscripción, hasta hoy mal entendida, que dice lo siguiente: «In Christi nomine incipit Prognosticum futuri saeculi. Utere feliciter, Spassande papa, iugiter per saecula longa» Otros Mss. omiten esta inscripción, probablemente porque no decía nada a los copistas; pero hallamos rastros. La inscripción se encuentra en Mss. de las dos familias y es casi cierto que se encontraba en el arquetipo del cual todos descienden.*

Paréceme unha inscrición moi interesante para rematar o artigo:

> *In Christi nomine incipit Prognosticum futuri saeculi. Utere feliciter, Spassande papa, iugiter per saecula longa.*

NOTAS

[1] DRAG, Dicionario da Real Academia Galega.
[2] *Prósper, B. M. (2002). Lenguas y religiones prerromanas del occidente de la península ibérica. Ediciones Universidad de Salamanca. pp. 422–427. ISBN 84-7800-818-7.*
[3] Koch, John Thomas (2006). *Celtic culture: a historical encyclopedia.* ABC-CLIO. p. 831. O (gaélico) irlandés antiguo do período c. 600– c. 900 d. C. aínda está libre de diferencias dialectais e pódese tratar como antepasado común do (gaélico) irlandés, do gaélico escocés e do gaélico manés da Idade Media e do período moderno; así, ás veces, o (gaélico) irlandés antigo é denominado «gaélico antigo» para evitar confusión.
[4] James Carney, Medieval Irish Lyrics Berkeley, 1967.
[5] The Monthly Packet of Evening Readings for Members of the English Church, Volume 3, John and Charles Mozley (1852), p. 215.
[6] The Lives of the Saints, Rev. S. Baring-Gould, Vol. 16th, Appendix Volume, p. 249 (John C. Nimmo [1898].
[7] Roibéard Ó hÚrdail. Mochellóc: some traces of the name, and a particular case in the Béarra peninsula (p.p. 302-308). Cín Chille Cúile. Edited by John Carey, Máire Herbert & Kevin Murray.
[8] Roibéard Ó hÚrdail. Mochellóc: some traces of the name, and a particular case in the Béarra peninsula (p. 302). Cín Chille Cúile. Edited by John Carey, Máire Herbert & Kevin Murray.
[9] eDIL s.v. to or dil.ie/41032 (based on the ROYAL IRISH ACADEMY'S Dictionary of the Irish Language).
[10] Roibéard Ó hÚrdail. Mochellóc: some traces of the name, and a particular case in the Béarra peninsula (p.p. 302-303). Cín Chille Cúile. Edited by John Carey, Máire Herbert & Kevin Murray.
[11] eDIL s.v. óc or dil.ie/33398 (based on the ROYAL IRISH ACADEMY'S Dictionary of the Irish Language).
[12] wiktionary.org/wiki/-óc#Old_Irish.
[13] eDIL s.v. bunóc or dil.ie/7465 (based on the ROYAL IRISH ACADEMY'S Dictionary of the Irish Language).
[14] Real Academia Galega (1913-1928): Diccionario gallego-castellano.
[15] Dicionário Priberam da Língua Portuguesa [em linha], 2008-2013.
[16] eDIL s.v. pit, (put) or dil.ie/34383 (based on the ROYAL IRISH ACADEMY'S Dictionary of the Irish Language).
[17] https://dle.rae.es/?id=Tst4nI1.
[18] Eladio Rodríguez González (1958-1961): Diccionario enciclopédico gallego-castellano, Galaxia, Vigo
[19] Constantino García González (1985): Glosario de voces galegas de hoxe, Universidade de Santiago, Verba, anexo 27.
[20] Aníbal Otero Álvarez (1977): Vocabulario de San Jorge de Piquín, Universidade de Santiago, 1977 (Verba anexo 7).
[21] Eligio Rivas Quintas (2001): Frampas, contribución al diccionario gallego (inédito ata a 1ª ed electrónica neste dicionario).
[22] Am Faclair Beag. An English - Scottish Gaelic dictionary incorporating Dwelly.
[23] Leandro Carré Alvarellos (1951): Diccionario galego-castelán, Terceira Edizón, A Coruña, Roel.
[24] Francisco Porto Rey (1900c): Diccionario gallego-castellano, ed. de María Xesús Bugarín e Begoña González Rei;, A Coruña, Real Academia Galega, 2000.
[25] eDIL s.v. bíast, béist or dil.ie/5830 (based on the ROYAL IRISH ACADEMY'S Dictionary of the Irish Language).
[26] Foclóir Gaeilge-Béarla, Niall Ó Dónaill, An Gúm, Baile Átha Cliath.
[27] eDIL s.v. 1 min or dil.ie/32281 (based on the ROYAL IRISH ACADEMY'S Dictionary of the Irish Language).
[28] Dicionario da Real Academia Galega.
[29] Foclóir Gaeilge-Béarla, Niall Ó Dónaill, An Gúm, Baile Átha Cliath.
[30] An Etymological Dictionary of the Gaelic Language, MacBain, Alexander, Gairm Publications, 1982.
[31] Leandro Carré Alvarellos (1933): Diccionario galego-castelán, Segunda Edizón, A Coruña, Roel.
[32] An Etymological Dictionary of the Gaelic Language, MacBain, Alexander, Gairm Publications, 1982.
[33] Am Faclair Beag. An English - Scottish Gaelic dictionary incorporating Dwelly.
[34] Leandro Carré Alvarellos (1933): Diccionario galego-castelán, Segunda Edizón, A Coruña, Roel.

[35] Dicionário Priberam da Língua Portuguesa [em linha], 2008-2013.
[36] Michael Barrett, O. S. B., The American Catholic Quarterly Review, Vol. 44. (1919), p.p. 337-338
[37] A forgotten Aberdeenshire monastery, William Douglas Simpson (Aberdeen University Press 1922) p. 6
[38] Annals of Ulster.
[39] Annals of Ulster.
[40] Irish Saints in Great Britain, p. 76–77.
[41] Ferreiro, Alberto. «Braga and Tours: Some Observations on Gregory's De virtutibus sancti Martini.» Journal of Early Christian Studies. 3 (1995).
[42] Collectio Hispana Gallica Augustodunensis (Vat. lat. 1341) INCIPIT SYNODUS BRACCARENSIS SECUNDA.
[43] Manuel Alberro Carlos Jordán Cólera, Os celtas da Península Ibérica.p.p. 87, 88.
[44] Rev Rice Rees, Welsh Saints or Primitive Christians usually considered to be Founders of Churches in Wales (Longman Rees Orme Brown and Green, 1836).
[45] J Douglas Davies, Saint Maelog: A Brief Long Life. (J Douglas Davies, 1995).
[46] Gil Fernández, Juan, De Alta Media Hispana, Habis, ISSN 0210-7694, Nº 3, 1972, págs. 159-160.
[47] A Journal of Early Medieval Northwestern Europe, Issue 8, Pictish Arts and the Sea, Craig Cessford, University of Cambridge (2005).
[48] The Age of the Picts, W. A. Cummins, Sutton Publishing Limited, (1999) p. 66).
[49] eDIL s.v. pít or dil.ie/34382 (based on the ROYAL IRISH ACADEMY'S Dictionary of the Irish Language).
[50] The Age of the Picts, W. A. Cummins, Sutton Publishing Limited, (1999) p. 38).
[51] Online Etymology Dictionary. https://www.etymonline.com/search?q=petty.
[52] Eladio Rodríguez González (1958-1961): Diccionario enciclopédico gallego-castellano, Galaxia, Vigo.
[53]Leandro Carré Alvarellos (1928-1931): Diccionario galego-castelán, 1ª ed., Lar, A Cruña, 1926-1931
[54] Varios autores (1961): Apéndice ó Diccionario de Eladio Rodríguez.
[55] Eladio Rodríguez González (1958-1961): Diccionario enciclopédico gallego-castellano, Galaxia, Vigo.
[56] Eladio Rodríguez González (1958-1961): Diccionario enciclopédico gallego-castellano, Galaxia, Vigo.
[57] Eladio Rodríguez González (1958-1961): Diccionario enciclopédico gallego-castellano, Galaxia, Vigo.
[58] Eladio Rodríguez González (1958-1961): Diccionario enciclopédico gallego-castellano, Galaxia, Vigo.
[59] Eligio Rivas Quintas (2001): Frampas, contribución al diccionario gallego (inédito ata a 1ª ed electrónica neste dicionario).
[60] Aníbal Otero Álvarez (1964): Contribución al léxico gallego y asturiano, Archivum (Oviedo) XIV, pp. 233-249.
[61] Marcial Valladares Núñez (1884): Diccionario gallego-castellano, Santiago, Imp. Seminario Conciliar.
[62] Eligio Rivas Quintas (2001): Frampas, contribución al diccionario gallego (inédito ata a 1ª ed electrónica neste dicionario).
[63] Eligio Rivas Quintas (1988): Frampas, contribución al diccionario gallego, Alvarellos, Lugo.
[64] Juan Cuveiro Piñol (1876): Diccionario Gallego, Barcelona.
[65] Eligio Rivas Quintas (1978): Frampas, contribución al diccionario gallego, CEME, Salamanca.
[66] Varios autores (1961): Apéndice ó Diccionario de Eladio Rodríguez.
[67] Luís Aguirre del Río (1858): Diccionario del dialecto gallego, ed. de Carme Hermida Gulías, CSIC-IPS, 2007.
[68] Eligio Rivas Quintas (2001): Frampas, contribución al diccionario gallego (inédito ata a 1ª ed electrónica neste dicionario).
[69] M. do Carme Ríos Panisse (1977): Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. I. Invertebrados y peces, Universidade de Santiago, Verba anexo 7.
[70] M. do Carme Ríos Panisse (1977): Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. I. Invertebrados y peces, Universidade de Santiago, Verba anexo 7.
[71] Juan Cuveiro Piñol (1876): Diccionario Gallego, Barcelona.
[72] Bernardo Acevedo y Huelves e Marcelino Fernández y Fernández (1932): Vocabulario del bable de occidente.
[73] Eladio Rodríguez González (1958-1961): Diccionario enciclopédico gallego-castellano, Galaxia, Vigo.
[74] Eladio Rodríguez González (1958-1961): Diccionario enciclopédico gallego-castellano, Galaxia, Vigo.
[75] Eladio Rodríguez González (1958-1961): Diccionario enciclopédico gallego-castellano, Galaxia, Vigo.
[76] Eligio Rivas Quintas (1978): Frampas, contribución al diccionario gallego, CEME, Salamanca.
[77] Constantino García González (1985): Glosario de voces galegas de hoxe, Universidade de Santiago, Verba, anexo 27.

[78]Aníbal Otero Álvarez (1977): Vocabulario de San Jorge de Piquín, Universidade de Santiago, 1977 (Verba anexo 7).
[79] Eladio Rodríguez González (1958-1961): Diccionario enciclopédico gallego-castellano, Galaxia, Vigo.
[80] Marcial Valladares Núñez (1884): Diccionario gallego-castellano, Santiago, Imp. Seminario Conciliar
[81] Varios autores (1961): Apéndice ó Diccionario de Eladio Rodríguez.
[82] X. L. Franco Grande (1972): Diccionario galego-castelán, 2ª ed., Galaxia, Vigo.
[83] Constantino García González (1985): Glosario de voces galegas de hoxe, Universidade de Santiago, Verba, anexo 27.
[84] Eligio Rivas Quintas (2001): Frampas, contribución al diccionario gallego (inédito ata a 1ª ed electrónica neste dicionario).
[85] Leandro Carré Alvarellos (1928-1931): Diccionario galego-castelán, 1ª ed., Lar, A Cruña, 1926-1931.
[86] Juan Manuel Pintos Villar (1865c): Vocabulario gallego-castellano, ed. de Margarita Neira e Xesús Riveiro, A Coruña, RAG, 2000.
[87] Leandro Carré Alvarellos (1979): Diccionario galego-castelán e Vocabulario castelán -galego, A Coruña, Moret.
[88] X. L. Franco Grande (1972): Diccionario galego-castelán, 2ª ed., Galaxia, Vigo.
[89] Varios autores (1961): Apéndice ó Diccionario de Eladio Rodríguez.
[90] Eligio Rivas Quintas (1988): Frampas, contribución al diccionario gallego, Alvarellos, Lugo.
[91] Eligio Rivas Quintas (2001): Frampas, contribución al diccionario gallego (inédito ata a 1ª ed electrónica neste dicionario).
[92] X. L. Franco Grande (1972): Diccionario galego-castelán, 2ª ed., Galaxia, Vigo.
[93] Aníbal Otero Álvarez (1964): Contribución al léxico gallego y asturiano, Archivum (Oviedo) XIV, pp. 233-249.
[94] Eligio Rivas Quintas (1978): Frampas, contribución al diccionario gallego, CEME, Salamanca.
[95] Eladio Rodríguez González (1958-1961): Diccionario enciclopédico gallego-castellano, Galaxia, Vigo.
[96] Eugenio Reguera y Pardiñas (1840-1858): Traducción de algunas voces, frases y locucionesgallegas, especialmente de agricultura, al castellano, ed. de J. L. Pensado (Cadernos de Lingua, RAG, 1995).
[97] Real Academia Galega (1913-1928): Diccionario gallego-castellano.
[98] Eladio Rodríguez González (1958-1961): Diccionario enciclopédico gallego-castellano, Galaxia, Vigo.
[99] Foclóir Gaeilge-Béarla, Niall Ó Dónaill, 1977.
[100] Foclóir Gaeilge-Béarla, Niall Ó Dónaill, 1977.
[101] Foclóir Gaeilge-Béarla, Niall Ó Dónaill, 1977.
[102] Logainm.ie Dublin City University (IE).
[103] Logainm.ie Dublin City University (IE).
[104] Place-names of West Aberdeenshire, James Macdonald (falta páxina).
[105] Francisco Javier Rodríguez (1854c): Diccionario gallego-castellano, transcrito do ms da RAG por AS para este diccionario.
[106] Am Faclair Beag. An English - Scottish Gaelic dictionary incorporating Dwelly.
[107] eDIL s.v. sesc, seisc or dil.ie/37276 (based on the ROYAL IRISH ACADEMY'S Dictionary of the Irish Language).
[108] Foclóir Gaeilge-Béarla, Niall Ó Dónaill, An Gúm, Baile Átha Cliath.
[109] Am Faclair Beag. An English - Scottish Gaelic dictionary incorporating Dwelly.
[110] Logainm.ie Dublin City University (IE).
[111] Emiliano Mouzo, La Voz de Galicia, A Coruña (01/07/2018).
[112] Am Faclair Beag. An English - Scottish Gaelic dictionary incorporating Dwelly.
[113] Master Book of Irish Placenames: Master Atlas and Book of Irish Placenames. Michael C. O'Laughlin.
[114] eDIL s.v. mo- or dil.ie/32402 (based on the ROYAL IRISH ACADEMY'S Dictionary of the Irish Language).
[115]eDIL s.v. 2 do or dil.ie/17097 (based on the ROYAL IRISH ACADEMY'S Dictionary of the Irish Language).
[116] eDIL s.v. 1 epscop or dil.ie/20188 (based on the ROYAL IRISH ACADEMY'S Dictionary of the Irish Language).
[117] eDIL s.v. sanct or dil.ie/36181 (based on the ROYAL IRISH ACADEMY'S Dictionary of the Irish Language).
[118] Meu Santiño, La Voz de Galicia, Ramón Loureiro (27/8/2016).
[119] Meu santiño queridiño, La Voz de Galicia, Harry Dorial (28/8/2008).
[120] Concillium Toletanum XV (a. 688, Egica) (124) e Concillium Toletanum XVI (a.693, Egica) (125).

[121] Concilios visigóticos (C.V.) (Edic. De Vives-Marín).
[122] The Irish Liber hymnorum: Text and Introduction, Robert Atkinson, John Henry Bernard Society, p. 129 (1898).
[123] Celtic-Norse Relationships in the Irish Sea in the Middle Ages 800-1200, Jón Vidar Sigurdson e Timothy Bolton. (2013) (Series: The Northern World, Volume: 65) pp. 46-47.
[124] eDIL s.v. 1 epscop or dil.ie/20188 (based on the ROYAL IRISH ACADEMY'S Dictionary of the Irish Language).
[125] St. Sanctain's Church, Reverend J. M. Cotter, (marzo 1977) Santon Parish Commissioners (http://www.santon.org.uk/history.html).

BIBLIOGRAFÍA

AGUIRRE DEL RÍO, Luís (1858): *Diccionario del dialecto gallego*, ed. de Carme Hermida Gulías, CSIC-IPS, 2007.

ATKINSON, Robert, *The Irish Liber hymnorum*: Text and Introduction, John Henry Bernard Society (1898).

BARING-GOULD, S., *The Lives of the Saints*, Vol. 16th, Appendix Volume (John C. Nimmo [1898].

BARRETT, Michael, O. S. B., The American Catholic Quarterly Review, Vol. 44. (1919).

CARNEY, James, *Medieval Irish Lyrics* Berkeley, 1967.

CARRÉ ALVARELLOS, Leandro (1951): *Diccionario galego-castelán*, Terceira Edizón, A Coruña, Roel.

CARRÉ ALVARELLOS, Leandro (1928-1931): *Diccionario galego-castelán*, 1ª ed., Lar, A Cruña, 1926-1931.

CARRÉ ALVARELLOS, Leandro (1933): *Diccionario galego-castelán*, Segunda Edizón, A Coruña, Roel.

CESSFORD, Craig, *A Journal of Early Medieval Northwestern Europe*, Issue 8, Pictish Arts and the Sea, University of Cambridge (2005).

COLLECTIO HISPANA GALLICA AUGUSTODUNENSIS (Vat. lat. 1341) INCIPIT SYNODUS BRACCARENSIS SECUNDA.

CONCILIOS VISIGÓTICOS (C.V.) (Edic. De Vives-Marín).

CONCILLIUM TOLETANUM XV (a. 688, Egica) (124) e Concillium Toletanum XVI (a.693, Egica) (125).

COTTER, J. M., *St. Sanctain's Church*, (1977) Santon Parish Commissioners.

CUMMINS, W. A., *The Age of the Picts*, Sutton Publishing Limited, (1999).

CUVEIRO PIÑOL, Juan (1876): *Diccionario Gallego*, Barcelona.

DAVIES, James Douglas, *Saint Maelog: A Brief Long Life*. (J Douglas Davies, 1995).

FERREIRO, Alberto. «*Braga and Tours: Some Observations on Gregory's De virtutibus sancti Martini*.» Journal of Early Christian Studies. 3 (1995).

FRANCO GRANDE, X. L. (1972): Diccionario galego-castelán, 2ª ed., Galaxia, Vigo.

GARCÍA GONZÁLEZ, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe*, Universidade de Santiago.

GIL FERNÁNDEZ, Juan, *De Alta Media Hispana*, Habis, ISSN 0210-7694, Nº 3, 1972.

KOCH, John Thomas (2006). *Celtic culture: a historical encyclopedia*. ABC-CLIO.

MAC AIRT, Seán & MAC NIOCALL, Gearóid, (ed. & trans.) *The Annals of Ulster* (to A.D. 1131) (Dublin 1983).

MACBAIN, Alexander, *An Etymological Dictionary of the Gaelic Language*, Gairm Publications, 1982.

MACDONALD, James, *Place-names of West Aberdeenshire*, Printed by Milne & Hutchinson, Aberdeen (1989).

MOZLEY, John and Charles, *The Monthly Packet of Evening Readings for Members of the English Church*, Volume 3, (1852).

Ó DÓNAILL, Niall, *Foclóir Gaeilge-Béarla*, An Gúm, Baile Átha Cliath.

Ó HÚRDAIL, Roibéard. *Mochellóc: some traces of the name, and a particular case in the Béarra peninsula*. Cín Chille Cúile. Edited by John Carey, Máire Herbert & Kevin Murray.
O'LAUGHLIN, Michael C., *Master Book of Irish Placenames: Master Atlas and Book of Irish Placenames*. Irish Genealogical Foundation (1994).
OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1964): *Contribución al léxico gallego y asturiano*, Archivum (Oviedo) XIV.
OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín*, Universidade de Santiago, 1977.
PINTOS VILLAR, Juan Manuel, (1865c): *Vocabulario gallego-castellano*, ed. de Margarita Neira e Xesús Riveiro, A Coruña, RAG, 2000.
PORTO REY, Francisco (1900c): *Diccionario gallego-castellano*, ed. de María Xesús Bugarín e Begoña González Rei;, A Coruña, Real Academia Galega, 2000.
PRÓSPER, B. M. (2002). *Lenguas y religiones prerromanas del occidente de la península ibérica*. Ediciones Universidad de Salamanca.
REAL ACADEMIA GALEGA (1913-1928): *Diccionario gallego-castellano.*
REES, Rice, *Welsh Saints or Primitive Christians usually considered to be Founders of Churches in Wales* (Longman Rees Orme Brown and Green, 1836).
REGUERA Y PARDIÑAS, Eugenio (1840-1858): *Traducción de algunas voces, frases y locuciones gallegas, especialmente de agricultura, al castellano*, ed. de J. L. Pensado (Cadernos de Lingua, RAG, 1995).
RÍOS PANISSE, M. do Carme (1977): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. I. Invertebrados y peces*, Universidade de Santiago.
RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas, contribución al diccionario gallego*, Alvarellos, Lugo
RIVAS QUINTAS, Eligio (2001): *Frampas, contribución al diccionario gallego*.
RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Eladio (1958-1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*, Galaxia, Vigo.
RODRÍGUEZ, Francisco Javier (1854c): *Diccionario gallego-castellano.*
SIGURDSON, Jón Vidar & BOLTON, Timothy. *Celtic-Norse Relationships in the Irish Sea in the Middle Ages 800-1200*, (2013) (Series: The Northern World, Volume: 65).
SIMPSON, William Douglas, *A forgotten Aberdeenshire monastery* (Aberdeen University Press 1922).
VALLADARES NÚÑEZ, Marcial (1884): *Diccionario gallego-castellano*, Santiago, Imp. Seminario Conciliar.

FONTES ELECTRÓNICAS DE INFORMACIÓN

AM FACLAIR BEAG https://www.faclair.com/
DICIONÁRIO PRIBERAM DA LÍNGUA PORTUGUESA [em linha], 2008-2013: https://dicionario.priberam.org/
DRAE https://dle.rae.es/
DRG https://academia.gal/dicionario
NOMENCLÁTOR XUNTA DE GALICIA https://www.xunta.gal/nomenclator
DWELLY'S CLASSIC SCOTTISH GAELIC DICTIONARY http://www.dwelly.info/
eDIL(Electronic Dictionary of the Irish Language) http://www.dil.ie/index.php
INSTITUTO DA LINGUA GALEGA - Recursos http://ilg.usc.es/gl/recursos
ONLINE ETYMOLOGY DICTIONARY https://www.etymonline.com/



Fig. 1.– Igrexa de San Sanctán, parroquia de Santon (Cill Easpaig Sanctáin), Illa de Man.



Fig. 2.– Capela de San Antón, a carón de Espasante, Cedeira, A Coruña.



Fig. 3



Fig. 4



Fig. 5



Fig. 6



Fig. 7.– Marismas de Betanzos.

Os Pardo de Cela:
fidalgos de Coirós

MANUEL FIAÑO SÁNCHEZ[1]

Sumario

No presente traballo faise un percorrido pola historia dunha familia fidalga de Coirós, os Pardo de Cela, na que ten as súas raíces a famosa escritora e condesa Emilia Pardo Bazán.

Abstract

In the present work a tour through the history of a noble family of Coirós, the Pardo de Cela, in which the famous writer and countess Emilia Pardo Bazán has its roots.

A CASA DE COIRÓS

Non se pode datar con certeza a orixe desta familia fidalga da que empezamos a ter noticias xa mediado o século XVI, posuidora, como se verá ao longo do traballo, dunha considerable cantidade de bens e de certo poder e privilexios propios da súa categoría social.

O estudio da liñaxe dos Pardo de Cela vainos levar inevitablemente ata a condesa Emilia Pardo Bazán, famosa escritora e dona nos seus días das Torres de Meirás (Pazo de Meirás), xa que foi descendente por liña paterna dos posuidores da casa patrucial fundada na freguesía de san Xulián de Coirós.

Non podemos tampouco situar fisicamente no territorio a casa onde habitaba a familia dos Pardo de Cela, aínda que o estudio documental indicanos, con un certo grao de aproximación, que se atoparía no que agora se coñece como a aldea de Coirós de Abaixo, preto da casa reitoral, xa que nas partillas feitas en 1658 entre os herdeiros de Juan Pardo de Cela, da súa primeira muller Inés Vázquez de Noboa e da súa segunda muller Margarita Suárez, aparece a seguinte referencia na partida da lexítima adxudicada á filla do segundo matrimonio, Inés Pardo

> *los castaños de la aldea de coiros de entre las casas que se quentan dende la casa de Antonio do campo como corre del rrigueiro hasta la casa del rretor y Pedro Sanchez hasta llegar a la cortiña de la casa principal de coiros como son conocidos*

Isto lévanos a deducir que a casa principal, coa súa cortiña anexa, estaría situada preto da ***«casa del rretor»*** ou casa reitoral, aínda existente hoxe en día en Coirós de Abaixo. Ademais, analizando a toponimia do actual concello de Coirós, atopamos nomes que se repiten ao longo dos diversos documentos testamentarios e de partillas relacionados coa familia, como son os de: ***Agra de Quinta***, ***Seixo***, ***Prado das Hortas*** ou ***Lenar da Luz***, todos eles lugares onde os Pardo de Cela tiñan a maior parte das posesións.

---

[1] **Manuel Fiaño Sánchez**, natural de Coirós, foi funcionario da Deputación da Coruña. É colaborador habitual da revista *«As 4 aldeas»* que edita a S.C.R.D. Fillos de Ois e doutras publicacións de entidades culturais. É autor dos libros «*Coirós por dentro*» e «*Historia escolar de Coirós*» editados pola Deputación de A Coruña, asi como de diversos traballos sobre a historia do seu concello, algúns deles publicados no *Anuario Brigantino*.

Diversas fontes documentais apuntan a existencia dun ***Pazo*** ou ***Torre*** pertencente á familia. Así, na documentación do preito entre Pedro Pardo de Cela e a súa irmá Bernardina, pola herdanza de seus pais, atopamos algunha referencia sobre esa torre dos Pardo, ao reclamar Pedro Pardo que se lle tiveran en conta na partilla os arranxos que se vira obrigado a facer nas ***«Casas Grandes de Coirós»,*** que mesmo tivera que reedificar despois da morte de seus pais[2]:

Primeram^te^ el patio para la entrada de la Torre por la p^te^ de la aira con su cubierto - El balcon que tenia dha torre [...] y asimesmo la puerta de el p^a^ entrar a la sala q^e^ sale a dho Balcon - tres bentanas de la torre por no aver dexado alg^a^ - todo el fayado de dha torre [...] el piso mas alto de dha torre [...] el quarto vaxo de la mesma torre [...] el portal de palo que zierra la Bodega [...] el fayado de la antesala [...] la casa del lagar

De igual xeito, no testamento outorgado por Pedro Pardo Patiño Montejano en 1795 aludese a este feito[3]

Declaro que a los diez y nueve años y algunos meses de mi edad por consejo de mi Padre D^n^ Pedro Pardo de Lama y Andrade q^e^ de Dios goce tomé estado de matrimonio con la Señora D^a^ Ángela Antonia Pardo de Zela hija primogénita de los Señores D^n^ Pedro Pardo de Zela ***Dueño de la torre y Pazo de Coyrós*** *y de D^a^ Ángela Roel Ponte y Andrade su leg^ma^ muger*

Segundo datos do Catastro da Ensenada, feito no 1752, Pedro Pardo de Cela, por aquelas data dono da casa

Tiene una casa de dos alttos; al sitio da Casa Grande hace de frentte 18 baras; y de fondo seis; linda a la derecha e izqui^a^ con el dueño

Ata aquí as referencias documentais, pois o Pazo ou Torre, desaparecerían físicamente cara a finais do século XVIII, non quedando hoxe en día nin siquera vestixios do mesmo.

XENEALOXÍA DA CASA DE COIRÓS

Á marxe de situar nun lugar ou noutro do territorio a casa principal desta familia fidalga e as súas características construtivas, imos tentar debullar a historia da liñaxe fundadora e posuidora da mesma. Para elo manexaremos, fundamentalmente, diversos documentos que se atopan no arquivo da Real Academia Galega e que pertencen ao fondo da familia Pardo Bazán.

Vasco Gómez, veciño que foi de san Xulián de Coirós, tivo dous fillos, chamados Rodrigo e Constanza. En 1566 Vasco Gómez xa morrera e o seu fillo, Rodrigo (ou *Roi de Coirós*, que así se alcumaba) era escudeiro e veciño da cidade de Betanzos[4].

En la feligresía de san Giao de Coirós a catorze días del mes de nobienbre de mill e qui^s^ e sesenta e seis años en presença de mi escrivano público e testigos descritos pareció presente ***rroy de coiros****, escudero vezino de la ciudad de betanços e dixo que se dava e dio por pago, contento e satisfecho de* ***costança pardo su hermana*** *que ansimismo hestava presente de todos los frutos e rrentas que avía gozado e esfrutuado de sus vienes y hazienda dende el tiempo del falecimiento de* ***Vasco Gomez padre de entrambos*** *y asta agora porque se los*




Fig. 1.- Árbol de los poseedores de la Casa de Coirós y agregaciones y vínculos que a ella se unieron, R.A.G., Caixa 372 11.

avia pagado y satisfecho en cosas de que el hera contento e por tanto la dava e dio por libre e quita de todo ello e a sus herederos para todo tienpo de siempre jamas.

Da vecindade de Rodrigo na cidade de Betanzos, danos conta, tamén, unha carta de obriga estendida a favor de «*taresa de biuja*»[5]

En la felegresia de san martin de tiobre a seis dias del mes de ag^to^ de mill e quis^o^ y sesenta y cinco años en pssncia de mi el scrivano (...) y testigos ***Rodrigo de coyros v^o^ de la ciudad de betanços***

Rodrigo de Coirós casou con Mayor Yañez e tiveron dous fillos: Juan e Bernal Pardo. Este último casaría con Teresa Pardo, coa que tería a Basco Pardo, quen a súa vez casou con Maria Yañez de Oys[6].

A irmá de Rodrigo, Constanza Pardo, casou con Gabriel Rodríguez da Rigueira, fillo de Vasco Gómez de Boimil e de María Rodríguez da Rigueira e habitaron en Coirós. Do matrimonio entre Constanza e Gabriel naceu, entre outros, Ares Pardo da Rigueira, quen casaría con Inés Alonso de Quiroga y Lugo. No ano 1573 Ares Pardo promoveu a probanza da súa fidalguía diante da coroa. Ares Pardo e Inés Alonso tiveron por fillos a Diego, Ares, Vasco e Juan Pardo de Cela. Este último casou en primeiras nupcias con Inés Vázquez de Noboa coa que tivo a Constanza Pardo de Noboa. En segundo matrimonio casou con

Margarita Suárez de Saavedra, da freguesía de san Xenxo de Padriñan, e tiveron por fillos a Diego (clérigo e reitor que sería, andando o tempo, de san Xulián de Coirós e santa Mariña de Lesa), Lucía, Margarita e Inés Pardo de Saavedra. Margarita Suárez de Saavedra procedía dunha familia fidalga da actual vila de Sanxenxo, posiblemente os fundadores do Pazo e Torre de Miraflores, que co paso do tempo sería pazo de veraneo da familia de Emilia Pardo Bazán[7].

A comezos do século XVII Juan Pardo de Cela promoveu a súa condición de fidalgo, sendo así que en 1625 acudiu como tal á cidade da Coruña convocado pola Coroa diante dunha posible invasión da Armada inglesa enviada polo rei Carlos I de Inglaterra. En setembro dese mesmo ano o Capitán Xeral de Galicia, don Pedro Toledo, concedíalle licenza para regresar á súa casa[8].

> *Por quanto Juan Pardo de Cela á venido a esta Ciudad a servir a su Mag^d a su costa, como uno de los demas Hijosdalgo deste Reyno que acudieron a la ocassion de la Armada de Inglaterra Residiendo aqui algunos dias, mostrando deseo de continuarlo e tenido por bien de concederle licencia como por el tenor de la presente se la concedo para que acuda a su casa y mando que ningun ministro de Justicia ni de la guerra le ponga impedimento en su viaje.*

En decembro de 1640 prodúcese o levantamento de Portugal, que vai dar lugar á guerra de secesión portuguesa. Aí van ser chamados os fidalgos para contribuir á redución do reino portugués. Na súa condición de fidalgo, Juan Pardo de Cela será listado tamén para acudir á defensa da coroa. Sen enbargo en decembro de 1641 solicitaba ser eximido da obriga de formar parte das tropas. Entre outros motivos que aducía estaban o de ser maior de setenta anos, viudo e ser Xuiz e Merino da xurisdición de Muniferral[9]

> *Juan Pardo de Cela Vz^o de la fr^a de san xiao de coyros jurisdicción de la Ciu^d de betanços digo que a mi noticia es benido que entre los hombres que an de montar de a caballo para serbir a su mag^d en la guerra con portugal en este distrito me an listado y nombrado por uno de tales siendo ansi que en mi no concurren los possibles que an de tener cada persona que aya de montar de a caballo. Lo uno porque soy juez de la jurisdición de minoferral por los señores dean y cabildo de la santa ygl^a del s^er Sant^o y el Can^o Don Fran^co de Billafane (...) de la merindad de minoferral cuyos emolumentos no llegan a diez ducados cada un año y sin embargo en dicho oficio sirbo a su mag^d en todo lo que toca a su real serbicio lo otro soy persona de mas de setenta años de edad y pribado de la bista de un ojo y del otro muy poca por tales enfermedades y aotra ques de orina que padesco de contino con otros muchos; y de porque va lo otro porque soy hombre biudo de dos matrimonios de que me fincaron quatro yjas y un yjo que los tengo por remediar y criar. Lo otro porque mi posible no llega para esa monta.*

Sería este fidalgo, Juan Pardo de Cela *(o maior),* o fundador do Vínculo da Casa de Coirós. Mediante testamento outorgado en agosto de 1654, diante do escriban Domingo de Leirado[10], «***formo vínculo regular con fundación de dos misas***» a favor da súa filla Inés e mellorouna na tercia e quinta parte de todos os seus bens.

Inés Pardo de Saavedra, a «***vinculeira***», casou con Gonzalo da Rigueira Freijomil, alférez da compañía de Betanzos, co que tivo dous fillos: Juan Pardo de Cela *(o mozo)* e Simón Díaz de Saavedra. Gonzalo da Rigueira cando enviuvou de Inés casou de novo coa súa cuñada Lucía.




Fig. 2.- Parte dunha árbore xenealóxica contida no documento de «Partijas que en el año 1658 se hizo de la fincabilidad de Juan Pardo de Cela, su primera muger Ignes Vazquez de Noboa y su segunda muger Margarita Suarez», R.A.G. Caixa 448 26.

Á morte de Juan Pardo de Cela *(o maior)* quedan, polo tanto, como herdeiros a filla do seu primeiro matrimonio: Constanza Pardo de Noboa, e os fillos do segundo matrimonio: Diego, Lucia, Margarita e Inés. Esta última, como xa temos dito, era a mellorada polo testamento do pai. Sen embargo cando o 14 de marzo de 1658 se fai división e partilla dos seus bens, a filla Inés Pardo xa morrera e, polo tanto, serán os seus fillos Juan e Simón, menores de idade e titorados polo pai, Gonzalo da Rigueira, os que herden a parte da nai.

Por outra parte, a filla Margarita renunciaría á herdanza de seus pais, cedendo todos os dereitos nos seus irmáns Diego e Lucía, e máis nos seus sobriños Juan e Simón. A cambio o seu irmán Diego cedeulle a herdanza que lle correspondera como herdeiro universal do seu tío Esteban Suárez de Saavedra (irmán da súa nai) en toda a xurisdición da Lanzada[11].

Margarita Suarez repudio la lexitima paterna y materna que le podia tocar por dho su padre y madre por quanto se apartava con un legado que en su fabor otorgo Antonio de Sabedra y por la parte de lexitima que thenia rescibido en san jenjo [...] y todo el derecho de lexitima que le podia tocar por dha su madre y dho su padre la cedio en el dho licenciado diego pardo de saabedra y en el dho gonçalo da rrigueira como padre de sus yjos y de Dª Ines Pardo difunta su ermana en dha Dª Margarita y en dha Doña Lucia Pardo para que llebasen dhas lexitimas en tercias partes como sus hermanos

A mellora de Juan Pardo de Cela (*o maior*) a favor da súa filla Inés incluía os seguintes bens:

1ª. La casa principal de Coirós con su cortiña de 7 ferrados de trigo en ssª junto della ayra corrales y mas salidos al lado hechos en territorio de dicha cassa.
2ª. El pinar de la fuente avajo de dicha cassa con su agua de riega sembradura de qtº ferrados de trigo

3ª. mas el ttarreo de fontela de [...] ferrados de centeno y la casa de junto a la chousa no hes de esta mejora
4ª. yten la cortiña de junto a la ygª [...]
5ª. la chousa da nogueira con sus riegas de 22 ferrdos en ssª
6ª. la chousa das aveas de 16 en ssª
7ª. la chousa de la fraga del rei de 30 en ssª con su posta de molino avajo en el fondo de ella
8ª. yten el prado do hespiño de 10 ferrados en ssª
9ª. yten las viñas da seara que aora estan de soto manso de mas de 100 cabaduras [...]
10ª. los vienes de foro que conprendieron una sola pda son la casa de avajo de carricoba con su cillero corral y salidos ttarreo de junto a ella de 12 ferrados de zo en ssª. la leira das pedras y la agra do barbeito de 3 en ssª. la de arriba en dicha de otros quatro y no entra con ella un retaco del yglo como cosa de un ferrado. Un retaco de prado en las ortas ferrado de liñaza. Un jornal de [...] en las searas con sus castaños. otros dos ferrados de [...] con sus castaños

Unha vez morta Inés Pardo de Saavedra, o «***Vínculo***» pasou ao seu fillo Juan Pardo de Cela y Andrade (*o mozo*), neto do fidalgo fundador do mesmo. Nese vínculo estaba incluído o Padroado dos *«**Beneficios Curados**»* de san Xulián de Coirós e santa Mariña de Lesa, no que a familia tiña unha parte, aínda que entre 1678 e 1686, o *«**vinculeiro**»* fíxose coas partes restantes, polo que a totalidade do Padroado pasou a formar parte do Vínculo da Casa de Coirós. Destes *«**Beneficios Curados**»* falaremos máis adiante.

Juan Pardo de Cela y Andrade (*o mozo*) estivo casado con Andrea Pardo Pita da Veiga, coa que tivo dous fillos: Pedro Antonio Pardo de Cela que será o seguinte herdeiro do Vínculo de Coirós, e Bernardina Pardo de Cela. Esta última casou co rexedor Miguel Maseda e foron veciños de Betanzos.

En xullo de 1702, o dono da casa de Coirós foi chamado como fidalgo polo capitan xeral do reino de Galicia, o Principe de Barbanzón, para combater na coñecida como ***«batalla de Vigo»***, no contexto da guerra de Sucesión. Diante deste chamamento o fidalgo de Coirós solicita ser reemplazado polo seu fillo Pedro Antonio Pardo, de vinte e dous anos. Alega no escrito de súplica[12]

un achaque gravoso que padeze de umor salado que de continuo vaja del Celebro a la Boca y gasnate resolviendosele en postema con falta de respirazon

Juan Pardo de Cela morreu no ano 1725, e en 1745 a súa filla Bernardina Pardo, xa viúva, reclamoulle xudicialmente as partillas dos bens de seus pais ao seu irmán Pedro, reclamación que, como veremos máis adiante, daría lugar a un longo preito[13].

reclamando su Dotal, una mejora de tercio y quinto y su Legitima, todo con frutos: Opusose el Dn Pedro escepcionando varios bienes vinculares procedentes de distintas vinculaciones e yndegnizacion de desperfectos sobre cuyas respectibas reclamaciones se escito un ruidoso litigio. Parece tubo principio en el Corregimiento de Betanzos en 22 de Marzo de 1745. Apelose al Tribunal por parte de el Dn Pedro en Julio de 1746 y se ultimo el de 1750.

O seguinte herdeiro da Casa de Coirós será, pois, Pedro Antonio Pardo de Cela y Andrade, o fillo maior.

Arredor do ano 1729 a casa fidalga dos Pardo de Cela en Coirós sería vítima dun roubo e o seu dono obtivo do Arcebispado de Santiago unha *«**Paulina**»* co fin de esclarecer e

atopar aos causantes. Unha ***«Paulina»*** era unha carta do Arcebispo para que os curas a leran publicamente nas igrexas e así intimidar, baixo pena de excomuñón, aos autores dun roubo co fin de que devolveran o roubado, ou para que aqueles que soubesen dos ladróns os delataran. A ***«Paulina»*** foi concedida polo arcebispo José Yelmo Santibañez, e no seu nome polo Provisor Antonio Fernández de Traba.

A relación de pertenzas que declaran ser obxecto do roubo dannos unha idea da posición desta familia fidalga. Ademais de moedas (ducados de vellón) noméanse[14]:

primeramente le han hurtado catorce ducados de v^{on} zerca de la Yglesia de Coyros Y en otra ocasión y tiempo de Diez meses le hurtaron otros ocho ducados de su propia Casa= Con mas le hurtaron otros treinta rr^{s} de v^{on} en diferentes monedas de dha su Casa= Y mas le hurtaron cantidad de frutos que se componian de trigo zenteno mijo queso que tenía en su Casa= Y en las Cavazeras del ayra de ella= Y ansi mesmo le hurtaron de dha. Casa muchas ropas blancas como son sabanas= Almoadas= servilletas= manteles =paños de Manos = camisas= corbatas= colchas= de Botonzillo y otros generos Carpetas de mesa y Bufetes= Cantidad de ropas del vestido de su gn^{a} Y que an quedado del dho Su Padre= con mas le ocultaron diferentes cobertores de lana de Castilla= mantas de Burel de la tierra= cantidades de maderas ansi de castaños Carballos como de otros arboles que tenía para la rredificazion de Su Casa= destruiendole diferentes zerraduras Y hurtandole la leña Y tojos de pisar dellas= mas le hurtaron cantidad de vino de dha Casa= lino= lana= y otras aladas como son fouzes= machados= tenaza= azadones= fouziñas= Candeleros= Yerbas de prados= aguas de riega que le toca= hurtandole una campana que tenia en su Capilla= destruiendole muchos arboles frutales= Y otras cosas.

Parece ser que a ***«Paulina»*** tivo certo éxito, pois o día 30 de marzo de 1729, o veciño de Caraña, na freguesía de san Martiño de Tiobre, ***«Pedro de millia»***, declaraba diante do notario eclesiástico Blas Sánchez Espiñeyra o seguinte[15]:

que es verdad que philipa freire estando en casa de d^{n} Pedro pardo v^{no} de s^{n} Julian de Coyros le avia quitado de su casa una poca de ropa y alajas y los avia puesto en la ayra de dicho D^{n} Pedro entre una poca de paja y despues de orden de la dha los avia benido a buscar thomas Carro v^{no} de la fr^{a} de Colantres y los avia llebado a su casa; y aviendose quejado dho D^{n} Pedro por lo que le faltaba y cojiendo a dha philipa le restituyo alguna ropas alajas y dho thomas Carro se quedo con dos sabanas de lienzo grandes dos almoadas dos servilletas y una sobremesa y un espeto de fierro; y aviendosela pedido dha philipa freyre p^{a} restituyrlo al dho thomas a la pres^{a} del que declara y de otros dijo era berdad tenia en su poder las dos sabanas dos servilletas dos almoadas y sobremesa y el espeto de fierro pero que estaban fechados en una arca y que el no tenia la llabe della que la llebaba una su hermana que era costurera y iba trabajar fuera; y estando dha philipa acabando con la vida dejo declarado que se lo pidiesen y que lo restituyesen a dho D^{n} Pedro

Pedro Pardo de Cela y Andrade casou con Ángela de Ponte y Andrade, viúva de Francisco Gómez Sotomayor, co que non tivera fillo algún e herdeira, polo tanto, do morgado fundado polo seu sogro, tamén chamado Francisco Gómez. Pedro Pardo de Cela e Ángela de Ponte tiveron dúas fillas: Teresa Pardo de Cela y Andrade quen casaría con José Movilla Hermida e que herdou o Vínculo fundado polo sogro da súa nai, Francisco Gómez; e Ángela Pardo de Cela y Andrade, nacida en 1719, que herdaría, entre outros, o Vínculo de Coirós.

O 30 de maio de 1751 Pedro Pardo de Cela y Andrade, dono da Casa e Vínculo de Coirós, fai testamento diante do escribán de Betanzos, Mauro Espiñeyra y Aguiar. Daquela xa non vivía na freguesía de san Xulián de Coirós, senón que residía no lugar de Gas, da parroquia de santa María de Souto, onde tiña unha casa con caseiros[16].

yo Don Pedro Antº Pardo de Zela y Andrade Dueño de la casa de Coiros situada en la frª de Sn Julian de Coiros y al presente residente en esta qe tengo en este Lugar de Gas frª de santa Maria de souto allandome en cama y enfermo de enfermedad Natural [...] Ytem qe mi cadaver sea sepultado en la Yglª Parroqal de esta dha fª de souto y pudiendo ser en la Capilla maor de ella lo qe supco al exmo señor Conde de Mazeda como Pattrono y en su nombre al sor cura Actual y permitiendolo de mi herª se pague Quarenta Rs Vellon pª ayuda de los reparos de dha Capilla y no pudiendo alli hacerse dho entierro Mando que mis cumplidores lo agan hazer en la ymediazon en la sepultura mas dezente a mi calidad por qe se pague a la fabrica el esttipendio señalado = Ytten mando qe para mi entierro se llamen diez y seis señores sacerdotes yncluso el señor Cura los quales aygan de concurrir a sacar el cadaver de casa y acompañarlo a la yglª con la solegnidad que se deva y alli ofiziar ademas de las misas rrezadas que deveran dezir pr mi alma la Vijilia misa Cantada responsos y mas qe se acostumbra y qe con el mismo numero de señores sacerdotes se agan las Honras de primo dia y Cavo de año porque se pague a dhos señores sacerdotes el estipendio acostumbrado y al señor Cura por sus derechos de ofrenda y mas qe le corresp de lo que mi cumplidor con el ajusttare buenamte = Ytten declaro soi Cofrade de la de Sn Julian de Coiros mdo se avise a su Mayordomo para qe me concurra con la cera y pª los mas actos y Belar el cadaver en casa se compre o alquile Ytenn mdo qe en los ttres Dias de mi entierro y onrras se de en cada uno de ellos a los Pobres qe concurrieron a la puerta veinte y quattro Rs Von en Honra y gloria de Dios y vien de mi Alma = Ytenn mdo se me agan dizir por mi Alma y mas de quien soi a cargo quinientas misas rezadas pr la Limosna cada una de dos Rs vellon

As posesións que tiña Pedro Pardo de Cela na freguesía de santa María de Souto víñanlle por herdanza da súa nai Andrea Pardo Pita da Veiga, que á súa vez as herdara, entre outros, do Vínculo fundado por Rufina Ares de Gundín[17].

A seguinte herdeira da casa de Coirós, Ángela Pardo de Cela y Andrade, casou en marzo de 1742 con Pedro Pardo Patiño Montejano, fillo de Pedro Pardo da Lama e Ángela Patiño Montejano, dono da casa e Vínculo de Callou, en san Fiz de Vixoi e da casa de Meirás. Previamente ao casamento Pedro Pardo como dote cedeulle á súa filla varios Vínculos, Casas e Morgados dos que era titular, ademais do de Coirós. Comprometíase, ademais, a darlle ***«un bestido de Gala que se a de componer de basquiña y casaca de terciopelo y un guardapies de damasco»***.

Pedro Pardo Patiño e Ángela Pardo de Cela tiveron catro fillos: Antonio (o primoxénito), Pedro (cego desde cativo), María do Carme que casaría con Jose de Puga Patiño, e Juan José Pardo Patiño que casaría con Luisa Bazán de Mendoza. Será o fillo primoxénito, Antonio Pardo Patiño, o seguinte herdeiro do Vínculo de Coirós, por herdanza da súa nai.

En 1770 o dono da Casa de Coirós vaise facer có vínculo da Casa de Callou do que era titular o seu pai e, parece ser que, entre 1770 e 1801 os Pardo deixan de habitar en Coirós e Antonio Pardo Patiño, por aquela época dono da casa, aproveitou as pedras desta para facer unha no lugar de Callou (San Fiz de Vixoi, Bergondo), e poder dotar ao Vínculo que alí posuía dunha casa petrucial da que ata entón carecía[18], sendo así que trasladaría a súa residencia de Coirós a Vixoi, desaparecendo a casa principal dos seus antepasados neste

concello. Por un documento de maio 1795 sobre o recoñecemento da casa e bens do beneficio curado de san Xulián de Coirós sabemos que nese tempo Antonio Pardo Patiño Montejano era xa veciño de Callou[19]

> *En el lugar de Callou felegresia de San Pedro Feliz de Vijoi a veinte dias del mes de maio año de mil setecientos noventa y cinco yo escribano requerido constituido ante mi Don Antonio Pardo Patiño y Montejano vecino de este dicho lugar y fra. como Patrono ynsolidum de los veneficios curados de San Julian de Coirós y su unido Santa Maria de Lesa [...]*




Fig. 3.- Licencia concedida en 22 de setiembre de 1621 por el Capitán General de Galicia a Juan Pardo de Cela para regresar a su casa mediante como los demás Hijosdalgo habia venido a la Coruña con motivo de la Armada de Inglaterra, R.A.G., Caixa 370 05.

Antonio Pardo Patiño casou con Benita Bazán coa que non tivo ningún fillo. Ao carecer de descendentes, a herdanza foi para o seu sobriño Miguel Pardo Bazán, fillo primoxénito de Juan José Pardo de Cela e de Luisa Bazán de Mendoza, seguindo a liña sucesoria imperante naquela época en canto aos morgados, quen, ademais da casa de Coirós, herdaría os Vínculos de Meirás, Callou (San Fiz de Vixoi, Bergondo), Miraflores (San Xenxo de Padriñán, Sanxenxo), o Rañal (San Xurxo de Moeche, Moeche), As Enchousas (San Pedro das Enchousas, As Somozas), e Pinar de Nós (San Pedro de Nós, Oleiros)[20]. Miguel Pardo casaría con Joaquina Mosquera y Rivera, sendo o seguinte herdeiro da Casa de Coirós o seu fillo José María Pardo Bazán y Mosquera. Este último casou con Amalia de la Rúa Figueroa y Somoza e deste matrimonio nacería Emilia Pardo Bazán de la Rúa Figueroa, condesa de Pardo Bazán e famosa escritora coruñesa, ademais de herdeira do Vínculo da Casa de Coirós e Patroa do Beneficio Curado. de San Xulián de Coirós e Santa Mariña de Lesa.

Emilia Pardo Bazán casou con José Quiroga y Pérez de Deza, con quen tivo tres fillos: Jaime, María Nieves e Carme. Sería o primoxético, Jaime Quiroga Pardo Bazán, quen herdaría os dereitos sobre a Casa de Coirós. Este casou con Manuela Esteban Collantes y Sandoval

coa que tivo como fillo a Jaime Quiroga Esteban Collantes, último herdeiro da Casa de Coirós. Con Jaime Quiroga, quen morrería sen descendentes, xunto co seu pai, en agosto de 1936 na «*matanza da calle Goya*» en Madrid, extinguíuse a liña sucesoria da Casa de Coirós.

O PATRIMONIO FAMILIAR

Non sabemos con certeza cal sería o patrimonio inicial ou primitivo desta familia fidalga de Coirós. Non obstante damos por seguro que a filla de Vasco Gómez, Constanza Pardo e o seu home Gabriel Rodríguez incrementaron de xeito notable o mesmo, mediante agregacións e compras.

Para aproximarnos a importancia do patrimonio que os Pardo de Cela posuían no século XVII en Coirós, botamos man das partillas feitas en 1658 entre os herdeiros de Juan Pardo de Cela (*o maior*) a súa primeira muller Inés Vázquez e a segunda Margarita Suárez de Saavedra. Aí van aparecer varias casas e un bo número de ferrados de terras de cultivo, viñas e montes.

Cando Constanza (filla do primeiro matrimonio entre Juan Pardo de Cela e Inés Vázquez de Noboa), Diego, Lucia e Inés Pardo (fillos do segundo matrimonio con Margarita Suárez de Saavedra), fan partillas do capital, atopamos un considerable número de propiedades pertencentes á Casa de Coirós. Lembremos que a filla Margarita repudiara a herdanza de seus pais a cambio dos bens de san Xenxo de Padriñán e que Inés Pardo xa morrera, polo que recibirá a herdanza o seu viúvo Gonzalo da Rigueira como tutor dos fillos menores de idade, Juan e Simón.

Nesas partillas á filla Constanza Pardo adxudicaronlle os seguintes bens:

> ***La casa en que bibe gregorio peres en la fr[a] de santa eulalia de hespenuca*** *tasada en ochocientos y ochenta reales Mas se hadjudico los arboles de junto a la misma casa en cinq[ta] y un rreales Mas un pedaco de Patelo sito en dha fr[a] en treynta y tres reales Mas le adjudicamos la leyra de la agra de Roibal de sembradura de una fanega de pan en ducientos y quarenta reales=Otra leyra en la misma agra de sembradura de otra fanega en ducientos reales Unos nogales con el salido en dha fra en ciento y diez reales=La viña del Pumar con su bouca que seran todas ellas quarenta jornales en seiscientos y sesenta reales La fraga da serra en cinquenta reales La leira da fiura [...] otra leira trabesa da fiura de sembradura de otra fanega de pan en trescientos reales=otra leira en el lugar de andrade [...] otra leira en la agra do rroibal del mismo lugar [...] la viña de Carballo de catorce jornales = otros quatro jornales con pension en quarenta y quatro rreales=el derecho de la viña que labra maria nobas en cinquienta rles La bouça de junto a ella =una leira en la agra de espenuca [...] la guerta y arboles del lugar de andrade =* ***La casa de Espenuca en que bibe Juan de andrade*** *en quinientos y cinquenta reales La cortiña de gregorio peres [...] el souto las lobateiras [...] otros dos sotos que el uno se llama das Lobas y el otro da fonte do bocelo con sus castaños y mas arboles [...] El derecho de las viñas que lleba el liz[do] franco en rribeira [...] la quinta parte de los montes bacarios del lugar de Coiros [...] las viñas del mandeo el derecho dellas [...] las leiras de santiago de ois [...] el derecho de la viña de santiago de ois [...] el prado de Antonio lopes de sembradura de una fanega de pan en la fr[a] de coiros donde llaman de seara [...] el soto do cal con su monte [...] la bouça do Pico do seijo en la fr[a] de Lesa de nuebe ferrados de pan de sembradura [...] el monte de linar de lus abajo del camino que fue bina [...] una leira en el cabo de la agra de quintas de sembradura de otra fanega de pan [...] Segun todos los dhos bienes referidos por nos dhos hombres tasadores fueron tasados y abaluados en las cantidades aqui declaradas que*




Fig. 4.- Posesión que en 1746 tomó por medio de apoderado D. Pedro Pardo de Lama de los beneficios curados de San Julián de Coirós y Santa María de Lesa, R.A.G., Caixa 450 01 02.

suman y montan los dhos honce mill tres cientos y treynta y un Reales. Mas se adjudico a este monton la mitad de otra leyra q^e^ hes de la Yglesia de coiros sita (¿?) que testa en el camino frances la parte de arriba en el atrio de dha Yglesia que llebara cinco ferrados de pan toda ella

A Inés Pardo (defunta) e no seu lugar o viúvo Gonzalo da Rigueira como tutor dos fillos Juan e Simón, adxudicanlle por mellora:

La casa Principal de la fr^a^ de Coiros con la cortiña guerta y salidos que se tasaron en honce mill reales=*[...] el pinar de la fuente abajo de dha casa en mill y quinientos y quarenta rreales [...] el derecho del fuero de santo Domingo desta ciu^d^ de vetanços en dos mill rreales [...] la chousa das abeas de sembradura de diez y seis ferrados de pan en quinientos y quarenta R^s^ [...] el molino de torrente con la chousa de abajo de la fraga del rrei de sembradura quarenta ferrados de trigo en mill rreales [...] el prado do hespiño en ochocientos rreales [...] el tarreo de fontela de sembradura de diez y seis ferrados de pan en nuebe cientos rreales [...] la leira que topa en el adrio de la yglesia en quatro cientos y quarenta Reales la qual es de dha Yglesia sembradura de un ferrado de pan [...] el prado da nogueira con su chousa de sembradura de veyinte y ocho ferrados de pan poco mas o menos en mill Reales [...] las viñas das searas y derecho de parte dellas de cien cabaduras poco mas o menos en mill ochocientos rreales*

E pola parte da lexítima adxudícanlle aos herdeiros da citada Inés Pardo,

el caseron do seijo *con su tarreo de sembradura de catorce ferrados en dos mill quatro cientos Reales con los salidos del dho Caseron [...] la tercera parte de la quatro quintas de los montes boçarios anejos al lugar de Coiros en mill ciento y sesenta y tres Reales [...] el souto y prado da bareira con sus castaños de dentro y de fuera con sus entradas y salidas en quinientos reales [...] los castaños de la aldea de coiros de entre las casas que se quentan dende la casa de Antonio do campo como corre del rrigueiro hasta la casa del rretor y Pedro Sanchez hasta llegar a la cortiña de la casa principal de coiros como son conocidos en ciento y sesenta Reales [...] la tercera p^te^ del prado que llaman das hortas que fue tasado en seis mill Reales de que toca a este quarto monton dha tercia parte que son dos mill rreales y cupo dende la tença de arriba que ba declarada que cupo a Diego Pardo de sabedra [...] y ansimismo los harboles del pumar conforme a dha demarcacion y entradas y salidas [...] la rrenta que paga lorenço da nabeyra y sus consortes por el fuero del monasterio de Sobrado en el lugar de briallo en quinientos y cinquenta Reales [...] el derecho de una biña de quatro jornales y dos hermeros q^e^ estan en el tuber da barcia en ochenta y ocho Reales [...] el derecho de las viñas del liz^do^ Cobelo sitas en la f^ta^ de colantres en ducientos reales [...] el yermo del pabian y otro yermo mas abajo en ciento y cinquenta y quatro reales [...] los yermos de monte en cien reales [...] segun los solia llebar y poseer dho Juan pardo exceto el monte do cal dos prados que se adjudico en el segundo monton al dho diego pardo de sabedra [...] el souto del coydo con sus castaños y lo mas del pertenesciente en quatro cientos Reales [...] la mitad del canal q^e^ esta en el Pico do mandeo en ciento y diez Reales [...] la tercia p^te^ de la viña de linar de lus como se dibidio que se entiende la del medio abajo del cano de arriba que toco a D^a^ Lucia Pardo de cabo a cabo con las arboles que tubiere hasta topar en la tercia que toco al liz^do^ Diego Pardo [...] la bouça de arriba y del lado como esta demarcado y cerrado por tener mucha leña y tojo y no se pode dibidir se queda por dhos gonçalo da rrigueira y sus yjos y D^a^ Lucia Pardo y el licenciado Diego Pardo [...] la tercia parte de la leira das pedreiras que es la que esta en medio por donde pasa el camino para la yglesia y la sebe de toda la dha cerradura hes declaracion q^e^ la*

tienen de cerrado de mestidumbre tanto uno como otro en tercias p^es y no la queriendo cerrar el jues alcalde o mayordomo de dha f^ta de coiros la pueda mandar cerrar a costa del q^e fuere rebelde [...] un pedaço de bouça donde llaman fuente Juan q^e hes de la yglesia [...] la quarta parte de la leira de junto a la yglesia que la otra quarta cupo a D^a Lucia Pardo y la dha mitad de dha leyra cupo a dho Don Luis y su mujer [...] un pedaço de heredad en la cortiña da yglesia q^e llebara un ferrado poco mas o menos la qual es dha leyra que no ban tasadas por seren de la yglesia [...] en la agra de barbeito sembradura de medio ferrado de pan que no fue tasada q^e tambien consta ser de dha yglesia

Ao fillo Diego Pardo tocaronlle os seguintes bens:

el casaron da cal con su cortiña *entradas y salidas y dos nogales junto del y dos poças junto a ellos en dha fr^a de Coiros en mill ducientos y veyinte rreales [...] el prado do carballo sito en dha fr^a de sembradura de cinco ferrados de pan en mill ducientos y veynte rreales [...] tercia parte de las quatro quintas de los montes boçarios del lugar de coiros en mill ciento y setenta y tres rreales [...]* ***el casaron das cerdeiriñas*** *en dha fr^a de Coiros con las leyras de junto a el ques la una de ellas la de la cortiña llebara tres ferrados de pan y la otra una fanega en ochocientos Reales [...] la leira de la agra das cortiñas con dho pedaço junto a la fuente en la fr^a de coiros q^e llebara catorce ferrados de pan de sembradura en quinientos rreales [...] la tercia parte del prado de las guertas que todo fue tasado en esis mill rreales de que le toco al dho Diego Pardo la tercia que esta o longo del camino que ba de dha fr^a de coiros para las viñas de baliñas y p^r la parte de abajo queda demarcado por el cano primero entre marcos Por nos puestos en pago de dos mill rreales que es la tercia parte de dhos seis mill reales en que todo el fue tasado [...] los castañeiros del soto de torrente y los de campo da meda sitos en dha fr^a de coiros en quatro cientos y treynta Reales [...] el derecho de dos jornales de viña (¿?) en quarenta y quatro Reales [...] el derecho de las viñas del campo da meda en ducientos y veynte Reales [...] la parte del molino do peago en ciento veynte Reales [...] el pedaço de monte que esta en el cal dos pardos segun esta cerrado y circundado en ducientos Reales [...] la mitad del cañal del rio del mandeo en ciento y diez Reales [...] la leira de las medoñas sin tasa [...] la mitad de la chousa y prado de carraceda de la otra parte el rio de la lama da ermida ansimismo sin tasa [...] la mitad de la chousa de lesa [...] una pequeña leira das cerdeyriñas que es del yglesario [...] las dos tercias de abajo y arriba que tiene dos canos que estan ariba del fondal de la viña de linar de lus y la bouça q^e esta arriba y de lado de dha viña por estar de leña y tojo [...] la tercera parte de la leira das pedreiras*

Pola súa parte á filla Lucía adxudicáronlle

la casa de quinta sita en dha fr^a de Coiros *en dos mill y ducientos Reales [...] la cortiña guerta y patelo y salidos con sus arboles del dho lugar hasta el salido de Juan barela en dos mill ducientos Reales [...] la viña del mismo lugar q^e esta junto a la cortiña de arriba que seran ocho jornales en quinientos y cinq^ta Reales [...] la tercera parte de las quatro quintas de los montes boçarios anejos a la casa de coiros de que se ace partija en mill ciento y setenta y tres reales [...] los tres castaños que estan encima de la fuente junto a la cortiña de arriba en quarrenta rreales [...] el prado das ortas fue tasado en seis mill rreales de que todo a este tercer monton la tercia parte que son dos mill rreales [...] Y aviendose echado a suertes cupo a la yja Doña Lucia en este dho monton a la parte de avajo juntam^te con el prado da seara conforme se demarca por el Rigueyro y arroyo de agua biejo que ba de la aldea de coiros para el rio da barcia y es segun queda entre marcos por nos puestos ansi arboles como therritorio y las aguas para rregar dha tercera p^te se a de partir por dias en*

tercias partes [...] excepto que en el prado da seara ay un pedaço de prado que llebara quatro ferrados de pan en sembradura y este se adjudico al dho gonçalo da rrigueira en el tercio y quinto como bienes del fuero de santo Domingo desta ciu[d] [...] Con mas sin tasa adjudicamos a este tercer monton la mitad de la chousa de lesa y dos pedaços de leyras en la agra de quintas donde llama a estrada [...] Y una quarta parte de la leira de junto de la yglesia [...] la tença de la cabecera de la viña de linar de lus de junto a la bouça hasta el cano de cabo a cabo [...] la ultima tença del fondal de dha viña con sus arboles segun se demarca por el cano ultimo con sus entradas y salidas [...] la tercera parte de la heredad de las pedreiras que se entiende a la parte de arriba acia el bendabal

A tasación de todo o capital repartido acada a cantidade de sesenta e un mil cincocentos cincuenta e sete reais.

Co matrimonio entre Juan Pardo de Cela e Andrea Pardo Pita da Veiga, o patrimonio da familia medrou de xeito considerable. Nun documento de Censo datado en 1682 atopamos bens pertencentes a Andrea Pardo situados no lugar de Sas da parroquia de Velouzas, en Ambroa e na cidade de Betanzos[21]

el lugar que se dice de Sas sito en la aldea del miss[o] nonbre felegresia de san salbador de billoças en que al presente bibe Antonio tayn [...]otro lugar sito en la mesma aldea y felegresia que al presente bibe Dominga peres como casera [...]otro lugar sito en dha aldea de sas con su casa en q[e] biben Domingo y Pedro do pico herreros [...]otro lugar sito en la fr[a] de santiso de ambroa con su casa que bibe y lleba como cass[o] fran[co] do rigueyro [...] la casa y molino sito en la rria de caraña fr[a] de tiobre en que bibe por cass[o] Pedro de brañas porque paga de renta en cada un año veynte y cinco ducados en dinero un celemin de trigo y dos gallinas [...] la casa y orno sito en la calle de la fuente dunta desta ciu[d]

Posteriormente, en 1742, cando o ***«vinculeiro»*** Pedro Pardo de Cela sinala a dote da súa filla Ángela Pardo para casar con Pedro Pardo Patiño, aparecen, ademais das propiedades do Vínculo de Coirós, outras en Fisteus, Parada e Oza[22]

el Lugar y Casa que se dice y nombra do Fieytal termino de la Jurisdicción y feligresia de santa Maria de Fisteus provincia de Santiago [...] que al presente llevan y cultivan como colonos Juan y Bartolome Nuñez por arriendo porque le pagan el tercio de todo el fruto que en el se coge dos pares de capones y seis cuartillos de manteca = Los dos lugares que al otorgante le pertenecen en la feligresia de san hestteban de Parada Jurisdición de Pruzos [...] que los lleban y poseen como Colonos y por arriendo Joseph de Neyra y Domingo Colette porque le pagan el tercio del fruto que en ellos se coje y la mitad del que produze; La cortiña de debajo de la yglesia de dha fra de Parada treze ferrados y medio de trigo y la mitad de la leña que se coje y corta en las bouzas zerradas pertenecientes a dhos dos lugares y el tercio del trigo o zenteno que en ellas y montes se sembrare y ademas dello le consigna un ferrado de zenteno que le paga la viuda de Joseph de aller [...] = el lugar que se dice da Via sito en la fra de san Pedro de Oza jurisdicción del monasterio de San Martin de Santiago con su casa heredades [...]que los lleban y poseen como colonos Domingo Vazquez el maior y Domingo Vazquez su hijo porque le pagan de renta en cada un año el tercio de todo el fruto que en el cogen y ademas dello diez ferrados de trigo seis de zenteno y cuatro gallinas [...] le cede y dona la parte de presentación que como dueño de dicho Lugar le pertenece en el Veneficio Curado de dha fra de Oza = tres ferrados de trigo seis de zenteno y una gallina que en cada un año le pagan de renta Antonio de Boado vecino de dha fra de Oza y lugar de Carrazeda della por la hazienda que lleba del dominio del otorgante y una anega de zenteno que tanvien le paga anualmente Domingo Pardo vecino del mismo lugar

AGREGACIÓNS, FOROS, CENSOS E OBRIGAS

Os sucesivos herdeiros irían aumentando o patrimonio desta Casa, levando a cabo numerosas compras de bens na propia parroquia de san Xulián de Coirós. A modo de exemplo, poderíanse citar as compras efectuadas por Ares Pardo da Regueira a Diego López e outros propietarios de varios bens na freguesía, así como as efectuadas por Gabriel Rodríguez e Constanza Pardo a Alonso da Cal e a Alonso Raña, entre outros. Tamén se sucederon diversas agregacións de bens ao Vínculo, como a feita por Diego Pardo, crego e irmán do fundador Juan Pardo de Cela *(o maior)*, quen nunha desas agregacións, mediante testamento inclúe, entre outros bens[23]




Fig. 5.- D. José Mª Pardo Bazán y Mosquera, primeiro Conde de Pardo Bazán. Pai de Emilia Pardo Bazán. Diputado a Cortes pola Coruña no reinado de Isabel II e no Sexenio Democrático.

> *toda la harmada de Cuerda de Lobos Jabalis con sus lanzas y Perros; por averlas agregado al Bínculo que fundo Juan Pardo de Zela el m^or^ D^n^ Diego Pardo hijo del redho con prabanes de Vinculo; y obliga^on^ a los subzesores de dho Binculo de tenerlas siempre compuestas seg^n^ consta de el testam^to^ que otorgo por ante Rodrigo Colmelo s^no^ año de 1678.*

Agregou, ademais, o citado Diego Pardo ao Vínculo e Morgado fundado polo seu pai, a parte que lle correspondía nos montes ***«Bozarios»*** de Coirós, nos que despois o seu irmán Juan Pardo *(o mozo)* construiría a ***«Casa de taverna del llano de Coiros»*** e outra máis xunto a ela, xunto con vinte ferrados de terra[24].

> *[...] que dho D^n^ Diego agrego al Bínculo que fundo su Padre D^n^ Juan Pardo el ma^or^ seg^n^ consta por su testamento que principia al folio ziento y quarenta de el primer Legaxo y por dicho termino averlo zerrado D^n^ Juan Pardo subzesor en dho Maiorazgo del* ***monte Comun y Bozario*** *que se halla misto y en unión con los mas montes Boçarios de dha f^ta^ sin que conste hasta aora averse echo Partixa de ellos. Y en todas partes thener su parte dcho Bínculo y su porzion y a lo menos que se haga ver por lo obrado tanvien le corresponde la mesma porzion en donde se halla fabricada dha Casa a dho Binculo.*

Aparece aquí a existencia en Coirós dos chamados ***«Montes de Voces»***, que nos diversos documentos reciben o nome de ***«Bozarios»***. Son montes abertos e proindiviso, anexos a unha aldea e, tal como os definen algúns autores, son un tipo de propiedade consorciada que se considera anexa ás casas da parroquia ou aldea nunha porción determinada. Tamén aparece a referencia á ***«casa taverna»***, que construeu o dono do Vínculo no ***«llano de Coirós»***.

Aínda con todo, non sempre debeu estar saneada a economía dos Pardo de Cela, pois en 1682 Juan Pardo de Cela y Andrade e o seu irmán Simón Pardo de Saavedra, facían escritura de Censo redimible, a favor das monxas Recoletas do Convento da Encarnación de Betanzos, diante do escribán de número de Betanzos Juan Sánchez de Baamonde. por un importe de mil cen reais vellón de principal cos seus correspondente réditos. O censo saía a razón dun cinco por cento, con unha cota anual de cincuenta e cinco reais vellón, cada un deles de trinta e catro maravedís[25].

Para asegurar o pago dese censo, os irmáns Pardo hipotecaban un considerable número de bens, tanto deles propios como os que herdara Andrea Pardo Pita da Veiga, muller de Juan. Ademais poñían como fianza bens da súa tia Lucía Pardo, viúva do capitán Gonçalo da Rigueira Freixomil, segundo poder que esta lle outorgaba, e que comprendian, entre outros

la casa en donde la susodha bibe en dha fr^a^ de coyros con su cortiña y patelo de abajo ayra y guertas y todo lo demas a ella anejo y perteneciente a dha casa con su alto y bajo

Polo que respecta a Simón Pardo de Saavedra, poñía como garantía do pago do Censo, entre outras, as seguintes propiedades

la casa y bodega que hesta junto a ella sita en la aldea de queyris felegresia de san salbador de colantres en que al presente bibe como cass^o^ Juan (¿?) con sus corales y salidos ayra y guertas arboles y plantados que hes la mitad que dello le toca [...] la mitad de otra casa sita en dha fr^a^ de colantres y aldea de queyris en q^e^ al presente bibe Pablos su cass^o^ con su guerta junto a dha casa corales y salidos

Todos estes datos aproxímanos un pouco máis ao volume de bens que posuían os Pardo de Cela non solo en Coirós, senón en toda a comarca.

Usaron tamén os Pardo de Cela a figura do ***«foro»*** nun sentido e noutro, pois tanto foron tomadores como outorgantes. Así en 1648 Juan Pardo de Cela tomaba en foro do convento de Santo Domingo de Betanzos bens que o veciño de Espenuca, Juan de Sa deixara ao citado convento e que comprendían, entre outros[26]

La cassa que se dice de Carricoba con ssu celeyro [...] Y con el tarreo grande que esta pegado a dha cassa y celeyro y con el pedaço que era de guerta que esta ansimiss^o^ con dha eredad y a las espaldas de la dha cassa [...] otra leyra de eredad labradia sitado dicen o Pedregal [...] otra leyra de eredad sita en la cabeça de la agra que sse dice de barbeyto [...] un xornal de yermo sito a do dicen A seara [...] el pedaço de prado sito a do dicen as ortas [...] xornal y medio de viña sita en la agra de baliñas

O convento aforaba as propiedades a Juan Pardo de Cela ***«para el sus yxos erederos y suscessores por las bidas de los señores tres Reyes de españa»*** a cambio de dezaseis ferrados de ***«pan en grano medido por la medida Biexa [...] con mas un par de gallinas buenas»***.

En 1657 Alonso da Cal, veciño de Betanzos, obrigábase a pagarlle a Gonzalo da Rigueira Freijomil, cónxuxe de Inés Pardo de Saavedra[27],

la quinta parte de los frutos de los castañales nuebos que estan plantados en el tarreo que se dice das areosas y de los mas que estan plantados en la biña de la lama da hermida que estan junto al prado de los couceiros y de los que estan en prado de Juan de seoane junto al rio y de los mas que estuvieren plantados en los montes boçarios sitos todos ellos en la fr[a] de san Julian de coiros y del fruto que dios en ellos diere me obligo segun ba dho pagar dho quinto al dho alferes gonçalo da rigueira freijomill vz[no] de dha fr[a] a el como heredero de juan pardo y a los demas hijos del dho juan pardo difunto



Fig. 6.- Da. Emilia Pardo Bazán, Condesa de Pardo Bazán. Membro da Real Academia Galega.

En 1664, Diego Pardo de Saavedra, crego de Coirós, tomaba en foro unha propiedade que pertencera ao canónigo Pedro de Andrade, a saber[28]

el canal que dho canonigo don pedro tenia y esta sito en el rrio de mandeu que esta arriva de otros dos canales que el dho canonigo don pedro pardo tenia en el dho rrio y el dho canal de que le ace dho fuero testa por la parte del bendabal en heredad que finco de sebastian crespo y otros porcioneros y es conocido segun que el dho canonigo don pedro pardo y antes del rrodrigo pardo de andrade su ermano lo abia lebantado el qual dho canal dijo que en el dho nombre lo aforava y aforo por las bidas de tres Señores rreyes o reinas despaña

Como renta ou canon, o aforado debía de pagar cada ano un salmón e seis reos, entregados entre os meses de xuño e agosto.

En 1695 Juan do Campo aforaba a Simón Pardo de Saavedra o lugar que chamaban «***Carricoba***», composto de casa e unha cortiña de dezaoito ferrados. Ademais inclúia o foro[29]

el soto de torrentes, cinco jornales de fornu en Cancela de Valiñas, un jornal de viña en Campo da Meda y otros seis jornales de yermos en el mismo sitio

Como contraprestación, o aforado debía pagar anualmente oito ferrados de trigo e outros oito de centeo. Atopamos aquí a figura do ***«subforo»*** xa que Juan do Campo tomara en foro as mesmas propiedades en xaneiro dese mesmo ano de Juan de Ponte y Andrade. Pero tamen aforaron os Pardo de Cela unha boa parte dos bens patrimoniais, e así en 1690 Juan Pardo de Cela aforaba ao veciño de Colantres, Antonio da Fraga, a cortiña chamada ***«Verea»***, no lugar de Queirís, por unha renda de 50 reais vellón ao ano e máis un par de capóns cebados[30]. En 1745 sería Pedro Antonio Pardo de Cela quen aforaba a Domingo de Prado un pedazo de bouza e un labradío no lugar de ***«Gallegos»*** xunto ao ***«Crucero de Paraños»***, en san Vicente de Armea, con unha renda anual de cincuenta reais[31].

PREITOS POLA HERDANZA

Non estiveron libres de disputas a sucesións dos bens desta familia fidalga, non solo entre irmáns, senón tamén entre pais e fillos, como o que enfrontou a Pedro Pardo Patiño Montejano co fillo primoxénito habido do seu primeiro matrimonio con Ángela Pardo de Cela, Antonio Pardo, despois de que o pai tentara apartalo da herdanza do Vínculo de Meirás, en favor dos fillos do segundo matrimonio con María Rosa Pardo de Lama[32].

No que afecta á Casa de Coirós, temos documentado o preito que tivo lugar entre Pedro Pardo de Cela e a súa irmá Bernardina Pardo de Cela, pola herdanza dos bens de seus pais Juan Pardo de Cela e Andrea Pardo Pita da Veiga. Un preito que duraría cinco anos (do 1745 ao 1750) e no que estiveron en liza varios bens e froitos do Vínculo de Coirós.

Pedro Pardo Patiño Montejano, cónxuxe de Ángela Pardo, sería o encargado de litigar en nome do seu sogro Pedro Pardo de Cela, actuando ademais no preito en representación da súa muller, a quen previamente seu pai lle fixera cesión dos bens do Vínculo.

Non debia ter moitos recursos Pedro Pardo de Cela para facerlle fronte a contía do preito, pois en agosto de 1749 fixo unha declaración mediante escritura, na que afirmaba[33]

que por dha Bernardina se pretende yncluir en dha Partija diferentes Partidas perttenezientes a los dhos Vinculos que como tales los avia llevado y poseido y antes de el sus causantes en cuia defensa tiene suplido y gastado dho D^n^ Pedro Pardo Pattiño de su propio caudal mil y nuebecientos R^s^ de V^on^ que confiesa el otorgante estarle deviendo por dha razon mediante allarse de la crezida hedad que se reconoze; ynposibilitado de poder defenderse doi por ella como por falta de medios desde luego por la presente se obliga de dar y pagar al prezitado D^n^ Pedro Pardo Pattiño asi la canti^d^ que tiene suplida para los gastos de dho pleyto como todos los que desde oy en adelante hiciere en el

Na mesma declaración concede poder ao veciño de san Julián de Mondego, Juan Antonio Montoto y Sevil, para que o representase no preito.

Pedro Pardo Patiño facía referencia no seu testamento a este litixio que lle causaría inmensos gastos[34]

si es cierto q^e^ a pocos años de este enlace p^r^ parte de D^a^ Bernardina Pardo hermana del citado mi suegro contesto contra este el juicio de partijas a los vienes petruciales [...] y por los años e indisposiciones del explicado mi suegro descuidó tanto en exponer y defender sus dros q^e^ me vi en la precision de salir a la Causa y según la cuestión que duró mucho tiempo y tubo varias determina^nes^ con Abogados de primer orden [...] en cuio litis me fue preciso consumir toda mi legítima q^e^ subia de quatro mil ducados y venderla a D^n^ Vicente Sanchez Pro que ha sido de la Parroquia de Espasante, a un tal Pequeiras de la de Mañon, a D^n^ Ponceano Varela es^no^ a Thomas Rodriguez y otros para desempeñarme y pagar los crecidos desembolsos q^e^ me ocasiono acreditar por de Vinculo de vienes q^e^ lo eran en q^e^ debia recaer la expuesta muger como para pagar por su padre el alcance de frutos q^e^ contra el resulto

Establecía o testante que os máis de catro mil ducados que lle custara o pleito, debían cargarse na parte da herdanza que lle correspondía ao seu fillo Antonio, por ser este o herdeiro do Vínculo que se litigara.

que dichos quatro mil ducados deben recargarse al expresado D^n^ Antonio Pardo mi hijo por haberse expendido en conocida utilidad de los vinculares q^e^ goza y posee por dicha su madre

Pedro Pardo Patiño, mantivo tamén un preito con Santiago Ayala, arquiveiro de Simancas, pola posesión da Casa do Pinar de Nos (san Pedro de Nós, Oleiros) e para facerlle fronte aos gastos do xuizo, tería que empeñar a Casa de Coirós e os seus froitos e rendas a Juan Montoto.

interim no desempeñe la Casa de Coyrós de poder de D^n^ Juan Montoto quien a la sazón aun me alcanzaba en doce mil r^s^ resto de mayor partida q^e^ me ha sido preciso sacar de su poder para seguim^to^ del p^to^ que controberti

Co segundo matrimonio de Pedro Pardo Patiño Montejano con María Rosa Pardo de Lama (ou Pardo y Osorio), foi posible o desempeño da Casa de Coirós de máns de Juan Montoto polas débedas do preito

En la edad de quarenta y quatro años cumplidos que ha sido el de sesenta y seis me case con la Señora Doña Maria Rosa Pardo de Lama [...] cuyo matrimonio me ha sido tan plausible como ventajoso para mi desempeño y poder satisfacer a D^n^ Juan Montoto el alcance de los doce mil r^s^ de q^e^ le estaba deudor segun queda expresado y por cuyo motivo hasta ser enteram^te^ cobrado disfrutaba la renta de la Casa de Coyros y para entregarla como lo hice a mi hijo D^n^ Antonio lo pude lograr hechando mano de la expresada cantidad por haber trahido en tal especie al matrimonio la repetida mi consorte

O patrimonio dos Pardo de Cela contaba cun bo número de lugares ***«acaserados»***, que contribuían á economia familiar mediante rendas en metálico ou en especie.

Paga Antonio Bieites casero de arriendo del lugar de la casa principal 24 ferrados centeno, 3 de trigo, 24 rs. en dinero y además la mitad de la producción de la cortiña y pinar [...] siendo maiz y el tercio en fruto blanco. Arriendo dió 120 rs.

O PADROADO DOS BENEFICIOS CURADOS DE SAN XULIÁN DE COIRÓS E SANTA MARIÑA DE LESA

Houbo un tempo no que familias nobres e poderosas creaban unha fundación e dotaban a igrexa parroquial dunha serie de bens que constituían o **«*Beneficio*»**. A cambio tiñan dereito a percibir certas rendas obtidas polos impostos relixiosos tales como os **«*diezmos*»**, as **«*primicias*»** (que representaban unha trintena ou unha sesenta parte dos froitos), os cobros polos servicios do culto, os **«*derechos de estola*»** e outros ingresos procedentes das propiedades da igrexa.

Os **«*Beneficios*»** tiñan **«*beneficiados*»**, que eran os curas. A obtención dun **«*Beneficio*»** era moi importante, non so pola renda que supoñía senón porque abría as portas ao estado eclesiástico, xa que os pretendentes ás ordes sagradas precisaban de rendas que lles permitiran vivir dignamente. Aos **«*Beneficiados*»** seleccionábaos o **«*Patrón*»** da fundación beneficial, quen tiña o dereito a nomear ao titular dun Beneficio vacante e de presentalo á autoridade eclesiástica co fin de obter a súa investidura formal. Pero os **«*Patróns*»** gozaban ademais doutros dereitos de tipo honorífico[35], como eran o de

ter reservado un lugar principal na igrexa, ocupar o primeiro posto nas procesións, a mención nominal nas oracións, a sepultura dentro da propia igrexa e o loito desta en caso da morte do Patrón. Economicamente tiñan dereito á percepción dunha pensión anual sobre as rendas que xerase o Beneficio, aínda que a cambio estaban obrigados á conservación e manutención decorosa dos bens patrimoniais que formaban parte dese Beneficio. Con todo, o privilexio máis importante era o do dereito á presentación do Beneficiario.

Moitas familias nobres eran posuidoras de Padroados de igrexas fundadas por eles ou polos seus antepasados ou ben por terse feito con moitos deles por diversos títulos como cesións, compras, etc. A miúdo as familias posuidoras do Padroado nomeaban a membros da propia familia como Beneficiados, por iso a fundación dun Beneficio era unha boa inversión económica que se usaba para o mantemento dos fillos que non se ían casar ou ben para premiar a servidores fieis.

Cando en 1654 Juan Pardo de Cela (*o maior*) fixo Vínculo a favor da súa filla Inés Pardo de Saavedra, incorporou ao mesmo o Padroado dos Beneficios Curados de san Xulián de Coirós e santa Mariña de Lesa, do que xa viñan gozando os seus antepasados. Nese tempo era o seu fillo Diego Pardo de Saavedra o reitor da igrexa de Coirós, por designación do Padroado. Pero non eran os Pardo de Cela os únicos posuidores dese Padroado, aínda que entre 1678 e 1686, Juan Pardo de Cela (*o mozo*), faríase coas partes restantes, ben por cesións ou por compras, pasando a totalidade deste Padroado a formar parte do Vínculo da Casa de Coirós.

O Padroado dun Beneficio Curado podía ser laico ou eclesiástico. No primeiro caso incluíanse aqueles que foran fundados por persoas particulares ou familias. O de Coirós será un Padroado laico ***«patronato lego real anejo a la Casa y Pazo de Coyros y Casar de Mesias uno y otro sitos en dha felegresia»***.

Ao longo do tempo van ocupar a reitoría de san Xulián de Coirós e o seu anexo santa Mariña de Lesa, distintas persoas desta familia fidalga. Así en 1686, coa totalidade do Padroado nas máns da familia, será Simón Pardo de Saavedra, neto do fundador do Vínculo e nese tempo, irmán do dono da Casa, Juan Pardo de Cela o titular do ***«Beneficio»***, despois da morte do anterior titular, o crego Pedro Sánchez Vaamonde.

Cando os Pardo trasladan a súa residencia de Coirós a Vixoi, desfacéndose deste xeito a casa patrucial, sobreviven os dereitos de Padroado.

No ano 1735 será o crego Blas Sánchez da Espiñeira o titular do Beneficio, aínda que no mes de maio dese ano, Pedro Antonio Pardo de Cela como Patrón vaille conceder licencia para renunciar ao posto, motivado por

> *allarse yndispuesto a alg^{os} dias y no poder p^{r} su p^{sa} y achaques q^{e} le sobrebinieron asistir personalm^{te} a las cosas de su oblig^{on} sin detrim^{to} de su bida.*

Autorizao a renunciar en favor de Juan Francisco Varela, ***«clérigo de menores ordenes»***, veciño da freguesía de santa María de Dordaño, parroquia do actual concello de Oza-Cesuras.

Non sabemos canto tempo estivo á fronte das freguesías o crego Varela, pois en 1746 estaba vacante o ***«Beneficio»*** por morte do seu titular Antonio Pardo de Andrade. A provisión da vacante vai ocasionar un litixio entre os presbíteros Pedro Fariña Medal e Pedro Pardo de Lama. O litixio viña ocasionado porque Pedro Fariña quixo facer valer o



Fig. 7.- Presentación ao beneficio curado de San Xulián de Coirós feita por Amalia Rúa-Figueroa como apoderada de Emilia Pardo Bazán, 1891, R.A.G. Caixa 452 1 6.

nomeamento que nel tiña feito Pedro Pardo como dono da Casa de Coirós e, polo tanto, Patrón do Beneficio, diante da eleción que facía Angela Pardo, a súa filla, en Pedro Pardo de Lama y Andrade. A resolución caeu a favor deste último, xa que Pedro Pardo de Cela, fixera cesión do Vínculo e tamén do Patronato á súa filla, polo que lle correspondía a esta escoller ao Beneficiado[36].

declaramos que Dⁿ Pedro Pardo de Zela y Andrade dueño y poseedor de la dha Casa Pazo y Casar de Mesias haver zedido y donado el derecho de presentazion y patronato en la forma que pudo hazerlo a favor de Doña Angela Pardo de Zela y Andrade su hija primogenitta e ynmediata subcesora en lo uno y otro su binculo y maiorazgo y sin enbargo de la presentazion que en la presente vacante hizo el referido Dⁿ Pedro Pardo en favor de dho Dⁿ Pedro Fariña Medal y su acomulado y tocar y pertenecer el motivado beneficio y su anexo al dho Dⁿ Pedro Pardo de Lama en virtud de la presenttacion en su favor echa por la referida Doña Angela Pardo de Zela y ratificazion del expresado Don Pedro Pardo de Zela su padre que se allan aprobadas por la Bulla de su Santidad en este pleito presentada por dho Dⁿ Pedro Pardo de Lama

O 26 de febreiro de 1746, Pedro Pardo de Lama y Andrade tomaba posesión do Beneficio de san Xulián de Coirós e anexo, por medio dos apoderados José do Rego, Fernando Gallo e Pedro Crespo[37]. Na transcrición do documento podemos saber do ritual que se seguía nas tomas de posesión dos curatos naquela época.

por ante mi notario Dⁿ Pedro Thomas Rodríguez y Pardo presvittº y vezino de dha fra en virtud del despacho espedido por el Proviᵒʳ Governᵒʳ de este arzovispado a favor de Dⁿ Pedro Pardo de Andrade cura electo de dha frᵃ su anejo santa Mariña de Lesa y poder por este dado y otorgado a Dⁿ Joseph do Rego tanvien presvitero y otros para efecto de tomar la posesᵒⁿ de dhos veneficios recogio al sobredho Dⁿ Joseph do Rego por la mano y le hizo entrar en dha Yglesia y le entrego la Cadena de la campana de ella que toco y de alli se paso al altar mᵒʳ donde le entrego el hornato Caliz patena imagenes campanilla y Corporales y mas ynsignias de dha Yglesia en virtud de las quales dixo le dava y dio la posesion real Corporal avitual civil

En abril de 1793 foi Isidro Saenz de Bazán y Barba o ***«Beneficiado»***. Tomou posesión como cura de san Xulián de Coirós e, por tanto, da casa reitoral e demais bens que formaban parte do Beneficio da citada parroquia. Segundo consta en diversos documentos, tanto a casa reitoral como o resto de bens non se atopaban en moi bo estado, debido principalmente ao descoido do anterior crego e ao tempo que estivo sen rector a parroquia. Por iso, ao facerse cargo o novo crego, solicitou diante do Alcalde Maior de Provincia da Real Audiencia que se fixera un recoñecemento de tódolos bens do Beneficio para tasar os desperfectos que había, con presencia de Antonio Pardo Patiño Montejano ***«Patrono ynsolidum de los veneficios curados de San Julian de Coirós y su unido Santa Marina de Lesa»***. O recoñecemento da casa reitoral e do resto de bens vaise levar a cabo en xullo de 1795 por Melchor Ares de Parga como Perito. O estado no que atopa a casa reitoral non é moi bo, xa que, ao seu entender, precisanse uns dez mil seiscentos vinte e dous reais vellón para levar a cabo as obras precisas na mesma. Ademais da casa reitoral, os bens que inclúe o Beneficio do que os Pardo de Cela son Patróns, comprenden tres montes e un prado de regadío, todos eles situados na parroquia de san Xulián de Coirós.

No testamento que fai en xuño de 1808 o dono do Patronato de San Xulián de Coirós, Antonio Pardo Patiño Montejano, establece como obriga dos seus herdeiros[38]

Asimismo encargo a dha mi mug^{r} y sobrinos y les impongo por obliga^{n} expresa a todos tres cuiden de la Fma de mi medio hermano D^{n} Ramon Pardo hasta llegarlo al estado sacerdotal y le asistan a costa de mis vi^{es} interin no sea Cura Parroco de la fra de S. Julian de Coiros cuio curato como du^{o} que soi de el tengo intencion declararle desp^{s} que vaque q^{e} no podra tardar muchos años p^{r} la abanzada edad en que se alla el actual cura

Este Ramón Pardo Patiño era fillo do segundo matrimonio de Pedro Pardo Patiño Montejano e de María Rosa Pardo y Osorio. Non sabemos si o tal Ramón chegaría ao estado sacerdotal e moito menos se sería crego de Coirós, pois parece ser que, despois de estudiar na universidade de Santiago, seguiu a carreira militar[39].

O crego Isidro Saenz de Bazán y Barba mediante testamento feito en xullo de 1816 nomeou herdeiro a Francisco Xabier Bazquez Vazán, párroco de san Andrés de Valiñas, na xurisdicción de Peñaflor (actual concello de Barro en Pontevedra). O herdeiro arrenda ao veciño de Coirós, Luis Rodríguez, os ***«medios frutos, oblatas y más derechuras anejas»*** do curato de Coirós e Lesa, na cantidade de cinco mil novecentos reais, que despois serían doados, por orden do testador, a Manuela Vázquez e Joaquina Moscoso, ambalas dúas monxas do convento de Santa Clara da cidade de Santiago[40]. En 1818 quedou vacante o Beneficio por morte de Isidro Saenz. Nese momento pretende cubrilo o crego Manuel Vázquez, pero atópase coa oposición de Joaquín Pardo y Bazán, ***«Beneficiado de Simple Sincura de San Miguel de Deyxo»***, tío avó de doña Emilia Pardo Bazán, condesa de Pardo Bazán. A provisión do Beneficio vai causar un litixio diante do arcebispado que se vai saldar cunha sentenza favorable a Joaquín Pardo y Bazán, descendente por liña paterna do fundador do Vínculo da Casa de Coirós[41].

Y haviendo en su consecuencia comparecido personalmente a nuestra presencia dicho D^{n} Joaquín Pardo y Bazán y la de tres examinadores sinodales de los de este Arzobispo que al efecto han sido nombrados y por todos ellos examinado, aprovado y dado por havil y Benemerito para Cura Parroco, estandolo constituido de rodillas, le hicimos Colacion Canonica Institucion del expresado Beneficio Curado de S^{n} Julian de Coyros y unido Santa Marina de Lesa por imposición de un Bonete puesto sobre la caveza

Era este Joaquín Pardo y Bazán fillo de Juan Pardo Patiño Montejano e de Luisa Bazán de Mendoza. José Pardo Bazán, fillo de Juan e de Luisa e pai de dona Emilia, no seu testamento impoñía a condición aos seus herdeiros de atender a dar atención suficiente ao seu tío Joaquín Pardo[42]

con la condición de contribuir a mi tío Don Joaquín Pardo Bazán con doce mil reales anuales durante los días de su vida, al cual en todo caso y aunque me hereden mis hijos mios es mi voluntad se le atienda y den unos alimentos suficientes si quedase incóngruo como ya así lo dispuso en su testamento mi Señor padre Don Miguel Pardo Bazán

Aínda que a ascendencia de Joaquín Pardo Bazán parece estar acreditada, atopamos no documento do seu nomeamento como titular do Beneficio curado de san Xulián de Coirós unha referencia, que creemos errónea e que o sitúa como fillo lexítimo de Antonio Pardo Patiño Montejano, cando sabemos que este último non tivo descendentes.

En el Pleyto y Causa Beneficial que ante nos pende y se litiga entre Dⁿ Joaquin Pardo Bazan como hijo legitimo de Dⁿ Antonio Pardo Patiño y Montejano declarado en la Sentencia de mil setecientos ochenta y quatro que como tal se alla en la quasi Posesion de presentarle en que le mantenemos y amparamos.

Velaí temos un dos privilexios dos ***«Beneficios»*** aos que anteriormente aludiamos: situar como ***«Beneficiado»*** a un membro da familia dos fundadores do Padroado, privilexio do que fan botar man constantemente sucesivos herdeiros.

O crego Joaquín Pardo y Bazán vai estar á fronte da parroquia de san Xulián de Coirós e da anexa santa Mariña de Lesa desde 1818 ata maio de 1865 en que falece. Da rendición de contas que se fai á morte deste reitor resulta que, desde xuño de 1857 ata marzo de 1865, percibiu en ámbalas dúas parroquias un total de 15.266 reais vellón e gastou 5.292 reais, polo que resulta un beneficio a favor das igrexas de 9.974 reais vellón. Despois de varias revisións das contas esa cantidade quedou reducida a 3.757 reais e 5 maravedís, que o conde de Pardo Bazán ingresou en xuño de 1886 no «*Economato General del Arzobispado de Santiago*», en concepto «*que el Sr. Dⁿ Joaquín Pardo Bazán quedó adeudando a su muerte por razón de culto y fábrica a la parroquia de Sⁿ Julian de Coirós*».

Do estudio desas contas sabemos que, desde xuño de 1857 ata maio de 1858, administráronse na igrexa de Coirós un total de 75 bautismos que xeraron outros 75 reais, mentres que na igrexa de Lesa rexistráronse 101 bautismos que xeraron 101 reais[43].


O dono do Patronato estaba obrigado a invertir anualmente unha certa cantidade en concepto de ***«cargas piadosas de mi casa»***, que en 1868 ascendía a 1.170 reais. Tamén en maio de 1890 o daquela titular do curato de Coirós, Juan Platas, reclamáballe á condesa viúva de José Pardo Bazán, a cantidade de sete mil cento vinteoito reais que o crego Joaquín Pardo Bazán quedara adebedando por razón de ***«desperfectos e inquilinato»***. A reclamación ía dirixida a José Pardo Bazán como herdeiro do seu tío Joaquín[44].

Así las cosas se dió ahora de reciente el caso de arruinarse parte de la casa rectoral y precisar rectificación el resto del edificio, y como no haya fondos para atender a esta imprescindible obra me vi obligado a poner en conocimiento del Excmº Prelado el estado en que se encuentra la casa quien previo presupuesto al caso referente, me autorizó para llevarla a efecto y a la vez reclamar de los herederos del referido Dⁿ Joaquín Pardo lo que adeudan por los indicados conceptos de inquilinato y desperfectos[...]

A Joaquín Pardo y Bazán vaino suceder no Beneficio das dúas igrexas, Antonio Valle de Paz y Andrade e posteriormente Manuel Serapio Casal.

No ano 1884 quedou vacante o Beneficio por promoción do seu titular Manuel Serapio Casal ao curato de Elviña e, consecuentemente, o Patrono José Pardo Bazán presentou para cubrila, en primeiro lugar a Antonio López Fernández, cura de Alba na diocése de Mondoñedo; en segundo lugar a Juan Brañas Penelas, cura de san Cristovo de Muniferral, e en terceiro lugar a Estanislao Rocha Charlón, crego de Mandaio. Ao final solo quedaría Juan Brañas Penelas por renuncia dos outros dous candidatos.

En setembro de 1891, dona Emilia Pardo Bazán y Rua, condesa de Pardo Bazán, exercía o seu dereito de Padroado do Beneficio curado de san Xulián de Coirós que se atopaba vacante. Para ocupar o cargo a condesa presentou diante do Prelado Diocesano, en primeiro


Vasco Gómez
Roi de Coirós
Escudero
Constança Pardo
cc
Gabriel Rodríguez da Rigueira
Ares Pardo da Rigueira
cc
Inés Alonso de Quiroga
Diego
Ares
Vasco
Juan Pardo de Cela
cc 1ª
Inés Vázquez de Novoa
cc 2ª
Margarita Suárez de Saavedra
Fundador do Vínculo
en Inés Vázquez
en Margarita Suárez
Constança Pardo de Novoa
cc
Luis de Ulloa Ribadeneira
Diego Pardo
(Clérigo)
Lucía Pardo
cc
Gonzalo da Rigueira
(viúvo da súa irmá)
Margarita Suárez de Saavedra
cc.
Domingo Pose de Faxin
Inés Pardo de Saavedra
cc
Gonçalo da Rigueira
Juan Pardo de Cela
cc
Andrea Pardo Pita da Veiga
Simón Pardo de Saavedra
(clérigo)
Pedro Antonio Pardo de Cela
cc
Ángela de Ponte y Andrade
Bernardina Pardo de Cela
cc
Miguel Maseda
Ángela Pardo de Cela y Andrade
cc
Pedro Pardo Patiño Montejano
Teresa Pardo de Cela y Andrade
cc
José Movilla Hermida
Antonio Pardo Patiño Montejano
cc
Benita Bazán de Mendoza
(sin descendencia)
Pedro
(cego)
María Carme
cc
José Puga
Juan José Pardo de Cela
cc
Luisa Bazán de Mendoza
Herda o sobriño
Miguel José Pardo Bazán
cc
Joaquina Mosquera y Rivera
José María Pardo Bazán
cc
Amalia de la Rúa Figueroa
Emilia Pardo Bazán
cc
José Quiroga y Pérez de Deza
Jaime Quiroga Pardo Bazán
cc
Manuela Esteban Collantes
Carmen
María de las Nieves
cc
José Cavalcanti
Jaime Quiroga Esteban Collantes

lugar a Manuel Rubio, cura de san Martín de Armental, do concello de Arzúa, en segundo lugar a Manuel León e en terceiro lugar a Ramón López, estes dous últimos canónigos da Colexiata da Coruña[45].

> *La Exma. Sra. Doña Amalia Rúa Somoza y Piñeiro, Condesa viuda de Pardo Bazán [...] en concepto de apoderada de su hija la Exma. Sra. Doña Emilia Pardo Bazán y Rúa, Condesa de Pardo Bazán [...] dijo [...] Que a los vínculos y mayorazgos que ha poseído en sus días el Exmo. Sr. Don José María Silverio Pardo Bazán y Mosquera, primer Conde de Pardo Bazán, difunto esposo de la que habla y padre de su Señora comitente, es anexo y perteneciente el Beneficio-Curado de San Julián de Coirós, ayuntamiento del propio nombre en dicho partido judicial de Betanzos, que se halla vacante*

O 12 de maio de 1921 morría en Madrid, dona Emilia Pardo Bazán e once días despois, o luns 23, celebrabanse funerais pola mesma, na igrexa parroquial de san Xulián de Coirós, oficiados polo crego da mesma, José Rey Barreiro. Así o contaba o diario ***«El Orzán»***

> El lunes se verificaron en la iglesia parroquial de Coirós, que regenta el virtuoso párroco D. José Rey Barreiro, unos solemnísimos funerales por el eterno descanso de la ilustre condesa de Pardo Bazán, a cuya señora correspondía la presentación de este curato.
> El templo, severamente engalanado, vióse muy concurrido por los numerosos colonos de la eminente escritora, asistiendo también las autoridades.
> Dijo la misa el señor Rey, ayudado por los párrocos de Oza y Fervenzas y asistieron otros señores sacerdotes y dos RR.PP. franciscanos de Betanzos.
> *El Sr. Rey Barreiro, que era muy amigo de la ilustre condesa y que sentía por ella gran admiración, pronunció, muy emocionado, unas sentidísimas frases a la memora de la eximia escritora.*

Un dos últimos cregos titulares do ***«Beneficio Curado»*** foi Joaquín Noche Crespo, quen viña da parroquia de san Juan de Paderne e que tomaría posesión do mesmo en febreiro de 1932[46].

> *En la secretaría de Cámara del Arzobispado se recibió la noticia de la posesión del beneficio curado de San Julián de Coirós y unidos Santa Marina de Lesa y Santa Eulalia de Espenuca (Betanzos), del Patronato laico de la familia de la condesa de Pardo Bazán, por don Joaquín Noche.*

En agosto de 1936 morría asasinado en Madrid, Jaime Quiroga Esteban Collantes, último Patrón dos beneficios curados de San Xulián de Coirós e Santa Mariña de Lesa, extinguíndose con el a Casa de Coirós e os dereitos do Padroado.

NOTAS

[2] R.A.G. *Partillas de bens de Juan Pardo de Cela e Andrea Pardo Pita da Veiga.* Caixa 447 06.

[3] R.A.G. *Testamento de Pedro Pardo Patiño Montejano,* Caixa 370 18.

[4] R.A.G. *Papeis soltos con noticias sobre a casa de Coirós,* Caixa 450 2.

[5] R.A.G. *Papeis soltos con noticias sobre a casa de Coirós,* Caixa 450 2.

[6] R.A.G. *Arbore xenealóxica da casa de Coirós,* Caixa 372.13.

[7] RODRIGUEZ, Purificación, (2012), *Casa da Torre de Miraflores,* <Xenealoxia.org>

[8] R.A.G. *Licenza do Capitán Xeral de Galicia a Juan Pardo de Cela para deixar regresar á súa casa despois de runirse na Coruña con outros fidalgos ante a chegada da Armada Inglesa.* Caixa 350 5.

[9] R.A.G. *Papeis soltos con noticias sobre a casa de Coirós*, Caixa 450 2.

[10] R.A.G. *Arbore de posuidores da casa de Coirós e agregacións e vínculos que a ela se uniron,* Caixa 372.11.

[11] R.A.G. *Partillas de Juan Pardo de Cela, Inés Vázquez de Novoa e Margarita Suárez,* Caixa 448.26.3.

[12] R.A.G. *Papeis soltos con noticias sobre a casa de Coirós,* Caixa 450 2.

[13] R.A.G. *Partilla dos bens de Juan Pardo de Cela y Andrade e a súa muller Andrea Pardo y Gayoso a entre os seus fillos Pedro Pardo de Cela y Andrade e Bernardina Pardo de Cela,* Caixa 447 06.

[14] R.A.G. *Pauliña a favor de Pedro Pardo de Cela y Andrade polo roubo do seu pazo de Coirós,* Caixa 452 10.

[15] R.A.G. *Pauliña a favor de Pedro Pardo de Cela y Andrade polo roubo do seu pazo de Coirós,* Caixa 452 10.

[16] R.A.G. *Testamento de Pedro Pardo de Cela y Andrade,* Caixa 447 7.

[17] R.A.G. *Partillas de bens de Juan Pardo de Cela e Andrea Pardo Pita da Veiga.* Caixa 447.06.

[18] Arquivo da Real Academia Galega, *Notas da Historia institucional da casa de Coirós.*

[19] R.A.G. *Recoñecemento da casa e bens do beneficio curado de San Xulián de Coirós,* Caixa 452 1 1.

[20] «Grupo de Investigación *La Tribuna»*, (2012-2013), «Don Miguel Pardo Bazán, abuelo paterno de Doña Emilia Pardo Bazán», *La Tribuna. Caderno de Estudos da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán,* nº 9, pp 15-74.

[21] R.A.G. *Censo outorgado por Juan Pardo de Cela e a súa muller Andrea Pardo y Gayoso a favor do Convento das Agostiñas Recoletas de Betanzos,* Caixa 448 11.

[22] R.A.G. *Obriga de Pedro Pardo de conceder unha pensión por alimentos á súa filla Angela Pardo de Cela cando case con Pedro Pardo Patiño Montejano,* Caixa 447 5.

[23] R.A.G. *Partillas de bens de Juan Pardo de Cela e Andrea Pardo Pita da Veiga,* Caixa 447 06

[24] R.A.G. *Partillas, op. cit.*, Caixa 447 06.

[25] R.A.G. *Censo outorgado por Juan Pardo de Cela y Andrade e a súa muller Andrea Pardo y Gayoso a favor do Convento das Agostiñas Recoletas (Betanzos),* Caixa 448 11.

[26] R.A.G. *Partillas de Juan Pardo de Cela, Inés Vázquez de Novoa e Margarita Suárez,* Caixa 448 26 3.

[27] R.A.G. *Obriga de Alonso da Cal a favor de Gonçalo da Rigueira de pagarlle por castaños prantados en bens de san Xulián de Coirós,* Caixa 449 17 1.

[28] R.A.G. *Foro de bens en san Xulián de Coirós outorgado por Gabriel de Novoa Somoza como pai de Antonia Pardo de Andrade a favor de Diego Pardo y Saavedra,* Caixa 448 29 1.

[29] A.R.G. *Foro de bens en san Xulián de Coirós outorgado por Juan do Campo a favor de Simón Pardo de Saavedra,* Caixa 449 9 2.

[30] R.A.G. *Foro de bens en san Salvador de Colantres,* Caixa 449 9 4.

[31] R.A.G. *Foro de bens en san Vicente de Armea,* Caixa 449 10.

[32] «Grupo de Investigación *La Tribuna», op. cit.*

[33] R.A.G. *Declaración de Pedro Pardo de Cela,* Caixa 450 3 13.

[34] R.A.G. *Testamento de Pedro Pardo Patiño Montejano,* Caixa 370.18.

[35] WALTER, Fernando, (1845) *Manual de Derecho Eclesiástico de todas las confesiones cristianas.*

[36] R.A.G. *Título outorgado por Policarpo de Mendoza provisor eclesiástico de Santiago a favor de Pedro Pardo de Lama, presentado por Ángela Pardo de Cela,* Caixa 448 28 2.

[37] R.A.G. *Posesión dos Beneficios curados de san Xulián de Coirós e santa Mariña de Lesa por Pedro Parda de Lama,* Caixa 450 1 2.

[38] R.A.G. *Testamento de Antonio Pardo Patiño Montejano,* Caixa 370 20.

[39] «Grupo de Investigación *La Tribuna», op. cit.,* p. 22, nota al pie 34.

[40] R.A.G. *Poder para administrar os beneficios curados de Coirós e Lesa,* Caixa 452 04 01.

[41] R.A.G. *Título e posesión dos Beneficios curados de san Xulián de Coirós e santa Mariña de Lesa a nome de Joaquín Pardo Bazán,* Caixa 452 1 2.

[42] «Grupo de Investigación *La Tribuna», La riqueza de Emilia Pardo Bazán. Una aproximación a su estudio,* pp. 37-79.

[43] R.A.G. *Correspondencia sobre nomeamentos de Capeláns e pagos ao Arcebispado dos beneficios curados de San Xulián de Coirós e Santa María de Lesa*, Caixa 452 1 5.

[44] A.R.G. *Correspondencia sobre nomeamentos de capeláns e pagos ao Arcebispado dos beneficios curados de san Xulián de Coirós e santa Mariña de Lesa,* Caixa 452 1 5.

[45] A.R.G. *Presentación ao beneficio curado de San Xulián de Coirós feita por Amalia Rúa Figueroa como apoderada de Emilia Pardo Bazán,* Caixa 452 1 6.

[46] *La Voz de Galicia* 21 Febreiro 1932.

Mondoñedo y el Camino de Santiago en el s. XVI

ROBERTO REIGOSA*

Sumario

El camino de Santiago puede considerarse como arquitectura de multitud de núcleos urbanos a lo largo y ancho de la Europa continental e insular. Mondoñedo, aunque no está especialmente bien documentada, no de ja de ser un ejemplo más. Un espacio para vivir que seguramente no fue escogido solo por estar más a resguardo de las visitas de los hombres del norte y demás pirateo marítimo, no cabe duda que cuando se ofrece para mudar la ubicación de la sede diocesana, este regalo debió de estar precedido por negociaciones entre la corona y la iglesia de las que no nos han quedado constancia. Puede que acercar la capital a los lindes del obispado lucense o cuando menos situarla en una posición geográficamente más céntrica, aunque, también traerla a un entorno apetecible para la nueva futura clase dominante allá por los últimos años de la duodécima centuria, la burguesía. Este lugar no podía ser mejor que un nudo en el mayor y más completo flujo de mercado de la edad media europea, nuestra ruta de la seda, el Camino de Santiago. En este breve artículo aportaremos además una visión diferente aún no tocada aunque recurrente como es la de los falsos peregrinos.

Abstract

[25] Julia de Landauer é a segunda mulher por quem o viúvo TV deixa transparecer um carinho imenso e a quem dedica o livro estudado sobre a viagem à Corte de Madrid. A filha do casal, Josepha de Vasconcellos, é amada à distância pelo pai escritor que a cria e vive na esperança de voltar a viver junto dela, lutando por um cargo na Europa. Casa já depois do falecimento do pai com um barão alemão, não deixando descendência e enviando a correspondência para os netos do escritor com quem troca pareceres e que seguem por varonia a família de Maria Adelaide da Cunha Teixeira de Vasconcellos de Portocarrero, a única filha do primeiro casamento que é criada por padrinhos, a qual casa com João Corrêa Pacheco Pereira de Magalhães, amigo do pai desde os tempos de estudante na Universidade de Coimbra. Apud OSÓRIO, Helena Cristina Afonso de Azevedo (de Gouveia) – *Impressões sobre a Arte e o Património nas Cidades Europeias mais Visitadas por Viajantes Portugueses (Londres, Madrid, Nápoles e Paris): Notas para o Estudo de uma Sensibilidade Estética (1860-1910)*. Santiago de Compostela: Tese de Doutoramento em Estudos sobre a História da Arte e da Música, apresentada à Faculdade de Geografia e História da Universidade de Santiago de Compostela, 2014. p. 115.
26 Político, jornalista, revolucionário, escritor e diplomata do Porto passa parte da vida no estrangeiro. Casa em primeiras núpcias, no Paço de Valpêdre, com 19 anos, com a prima Antónia Adelaide Vasques da Cunha Coutinho Osório de Melo e Castro de Portocarrero, Senhora da Casa de Valpêdre (Penafiel) e da Casa do Barreiro (Madalena, Paredes), sobrinha do célebre Fidalgo da Bandeirinha, a quem os

amotinados portuenses de 1809 acusam de *jacobino* e por isso lhe cortam a cabeça. Vasconcellos casa em segundas núpcias com Julia de Landauer, filha de um médico de Estugarda que exerce funções na Corte Imperial de Napoleão III – imperador casado com uma prima de sua primeira mulher, a Imperatriz Maria Eugenia de Montijo de Guzmán que também assina Portocarrero. Conhecido pela boa disposição e apuramento de gosto por requintes, Vasconcellos chega a ser impedido por parte de D. Pedro V de exercer funções como director da Torre do Tombo por, na juventude, ter levado uma vida sexual aventurosa. Vd. MÓNICA, Maria Filomena – *Cenas da Vida Portuguesa*. Lisboa: Livros Quetzal, 1999, p. 94. Apud OSÓRIO, Helena Cristina Afonso de Azevedo – *Ambientes Decorativos Românticos em Casas Nobres do Norte de Portugal.* Porto: Dissertação de Mestrado em Artes Decorativas apresentada à Escola das Artes da Universidade Católica Portuguesa, Pólo do Porto, 2008. pp. 19-20.

[27] ORTIGÃO, Ramalho – *Pela Terra Alheia. Notas de Viagem*. Paris-Lisboa: Livraria Aillaud e Bertrand, Tomo I, 1910. pp. 39-43.

[28] António Vicente Teixeira de São-Payo, Brigadeiro-Comissário-em-Chefe dos Reais Exercitos (célebre chefe do primeiro levantamento militar contra o invasor francês, conhecido pela Revolução Transmontana), Fidalgo da Casa Real, Cavaleiro da Ordem de Cristo, Comendador da Ordem de Nª Sª de Vila Viçosa, Sr. da Casa de Jugueiros, em Sendim (Felgueiras). Vd. VASCONCELOS, Teixeira de – *O Prato de Arroz Doce*. Porto: Livraria Civilização Editora, 1983. p. 8.

BIBLIOGRAFIA

Índice da Bibliografia. Bibliografia Primária

VASCONCELLOS, A.A. Teixeira de (1859): *Les Contemporains Portugais, Espagnols et Brésiliens. Le Portugal et la Maison de Bragance.* Paris: Typographie Guiraudet, 2.ª ed.

VASCONCELLOS, A.A. Teixeira de (1873): *Succinta Narração das Circumstancias que Precederam e Seguiram A União dos Realistas Insurgentes com A Junta do Porto*. Lisboa: Typographia Portugueza, 2.ª ed.

Bibliografia Secundária

FERREIRA, Carlos José Furtado (2015): *Revisitar o Porto: D. Pedro IV e o Cerco do Porto – Proposta de Exposição e Roteiro.* Porto: Relatório de Estágio realizado no âmbito do Mestrado em História e Património – Mediação Patrimonial, FLUP.

MARTELO, David (2001): *O Cerco do Porto. A Cidade Invicta. Lisboa: Prefácio.*

QUEIROZ, Teixeira de (1907): *Elogio Historico de Antonio Augusto Teixeira de Vasconcellos Lido na Sessão Solemne da Academia Real das Sciencias de Lisboa em 16 de Junho de 1907.* Lisboa: Typographia da Academia.

SILVA, Francisco Ribeiro da (dezembro 2010): *A Guerra Civil dentro do Porto.* O Tripeiro. 7.ª Série. Ano XXIX, n.º 12.

Bibliografia Geral

ABREU, Susana (2014): *Mosteiro da Serra do Pilar.* Vila Real: Direção Regional de Cultura do Norte.

DOYLE, William (2002): *The Oxford History of the French Revolution.* Oxford: Oxford University Press.

MÓNICA, Maria Filomena (1999): *Cenas da Vida Portuguesa.* Lisboa: Livros Quetzal.

ORTIGÃO, Ramalho (1910): *Pela Terra Alheia. Notas de Viagem*. Paris-Lisboa: Livraria Aillaud e Bertrand, Tomo I.

OSÓRIO, Helena Cristina Afonso de Azevedo (2008): *Ambientes Decorativos Românticos em Casas Nobres do Norte de Portugal.* Porto: Dissertação de Mestrado em Artes Decorativas apresentada à Escola das Artes da Universidade Católica Portuguesa, Pólo do Porto.

OSÓRIO, Helena Cristina Afonso de Azevedo (de Gouveia) (2014) *Impressões sobre a Arte e o Património nas Cidades Europeias mais Visitadas por Viajantes Portugueses (Londres, Madrid, Nápoles e Paris): Notas para o Estudo de uma Sensibilidade Estética (1860-1910).* Santiago de Compostela: Tese de Doutoramento em Estudos sobre a História da Arte e da Música, apresentada à Faculdade de Geografia e História da Universidade de Santiago de Compostela.

SANTOS, Joana Isabel Pegado dos (2017): *O Impacto da Revolução Francesa na Historiografia Portuguesa Oitocentista: Uma Perspectiva Comparada.* Lisboa: Dissertação de Mestrado em História Contemporânea apresentada à UNL.

SARDICA, José Miguel (2011): *A Europa Napoleónica e Portugal: Messianismo Revolucionário, Política, Guerra e Opinião Pública.* Parede: Tribuna da História.

VASCONCELOS, Teixeira de (1983): *O Prato de Arroz Doce.* Porto: Livraria Civilização Editora.

O devalar vital dun librepensador: Carlos Pol Caamaño

CARLOS PEREIRA MARTÍNEZ*

A Magda Tofé Pol

Sumario

Este artigo ten o obxectivo de contribuír á reconstrución da biografía do mestre laico, dirixente republicano e masón de Ordes Carlos Pol Caamaño.

Abstract

This article aims to contribute to the reconstruction of the biography of the lay teacher, republican leader and freemason of Ordes Carlos Pol Caamaño.

INTRODUCIÓN

Hai xa algúns anos que tiñamos en mente traballar nunha semblanza biográfica do escritor masón Carlos Pol Caamaño, coma fixemos coa figura do seu pai, o notario, escritor, espiritista e teósofo Florencio Pol Ramos.[1] Un autor cuxa presenza na historiografía é moi escasa e sintética.[2] Propoñémonos, con este artigo, contribuindo con datos inéditos e ampliando, onde corresponda, outras informacións xa coñecidas, tentar reconstruír a súa vida e obra.

1.- DATOS XENEALÓXICOS E ACTIVIDADE PROFESIONAL

1.1.- Datos xenealóxicos

Carlos Pol Caamaño foi fillo de Francisca Caamaño Quiroga e Florencio Pol Ramos Tenreiro. A súa nai era filla do 3º matrimonio de José Mª de Caamaño Sotomayor y Romero (da Casa dos Caamaño de Andeiro, alférez de Navío, cabaleiro de Orde militar de Alcántara, Inspector de las Marinas? da provincia da Coruña e xefe principal do sexto Departamento), con Rita Quiroga y Hermida (irmá do xeneral betanceiro Antonio Quiroga). Destas terceiras nupcias naceron tamén María del Carmen, José Ramón, Francisco e Andrés Caamaño y Quiroga.

O seu pai procedía da familia dos Pol de Lermo, de Santiago. Era fillo de Juan Pol, que fora xuíz de 1ª Instancia en Xallas, «y estuvo despreciado de su familia por casar con una hermosa y gentil aldeana llamada Manuela Ramos». Juan e Manuela tiveron por fillos a María, Josefa, Carmen, Florencio e Dolores.

Ademais de a Carlos, Florencio e Francisca tiveron por fillos a Carmen (casada en Santa María de Vigo con Felipe Romero), Sofía (casada con José María Carballido, farmacéutico de Ordes), Clotilde Elisa (mestra), Pastora (defunta), Rita (defunta), Julio (oficial de Cabalería retirado, casado dúas veces: con Carmen Crespo e María Amor), Aurora e dous Florencios, defuntos.[3]

---

* **Carlos Pereira Martínez é funcionario do Concello de Culleredo é historiador.**

O 17-9-1892, aos 70 anos, falece a súa nai, Francisca Caamaño Quiroga. A mediados de decembro de 1893, a súa irmá Clotilde Elisa, mestra elemental. E o 3 de xuño de 1902 o seu pai, na rúa Real nº 28 da Coruña, sendo soterrado no cemiterio civil da mesma.[4]

Logo de residir sempre en Ordes, debeu chegar á Coruña a comezos de 1900, aínda que non temos información concreta ata o Padrón da Coruña de 1904 [os pregos do barrio levan data de 1-2-1904], que nos permiten ampliar a información xenealóxica.[5] Neste Padrón, Carlos figura en dous lugares distintos. O primeiro, na rúa Vera, n.º 2, 1º, no que se indica que a familia leva catro anos residindo na cidade. El ten 42 anos, é de Ordes, casado e xornalista. Vivían con el a súa esposa Josefa Crespo Puente, de 42 anos, nacida en Santa Juana de Santiago, dedicada aos seus labores, sabendo ler e escribir, e a súa filla Pastora, de 15 anos, natural de Ordes, tamén sabendo ler e escribir.

No mesmo Padrón, mais na rúa Castiñeiras de Arriba, sen número, baixo, encontramos os seguintes datos, máis completos:

Carlos Pol Caamaño, 42 anos, nacido en Ordes, casado, escritor, catro anos de residencia na Coruña (toda a familia figura con estes anos de residencia); a súa esposa Josefa Crespo, de 42 anos, nacida en Santiago, dedicada aos seus labores; e os seus fillos Pastora, de 15 anos, Ramiro, de 13 anos, Lucila, de 12 anos e Pablo, de 11 anos, todos nacidos en Ordes e estudantes.

A ausencia nos padróns do seu fillo maior, Julio, indica que, como nos informou Magda Tofé, xa marchara a Arxentina. E a explicación de que Carlos apareza tamén empadroado na rúa Vera é que alí tería unha escola.

1.2.- Estudos e actividade profesional

Debeu cursar algúns estudos no Instituto de Santiago, xa que unha referencia arquivística sitúao nel entre 1871-1889.[6]

Temos constancia que aprobou os exames para procurador celebrados na Audiencia da Coruña na segunda quincena de maio de 1882; ademais del, aproban outros dous mozos de Ordes, José Carnota Pérez e Gumersindo Liñares.[7] Uns anos despois, nun *Anuario* de 1886 aparece como procurador en Ordes.[8]

En 1887 e 1888 encontrámolo como escribano no Xulgado de Primeira Instancia de Ordes.[9] En xuño de 1890 participa nunha excursión científica e recreativa que sairía de Ordes para visitar a Mira e Torre de Buzarelos, en San Martiño de Rodís, organizada por unha sociedade excursionista presidida polo seu pai: aparece citado como «escribano».[10] Por último, o 18-12-1895 estaba de actuario no Xulgado de Instrución do Partido de Ordes. Sábemolo por un auto ditado polo xuíz, Luis Suárez Prado: «De orden de S. S., el actuario, Carlos Pol».[11] Aínda debía exercer este oficio en 1899.[12]

Carlos sería tamén, durante uns anos, mestre laico na Coruña. No curso 1899-1900, cun número de 120 alumnos, quedaría vacante unha praza de profesor na Escola laica que sostiña a «Antorcha Galaica del Libre Pensamiento».[13] Os mestres de instrución primaria que a solicitasen debían dirixir as súas instancias á directiva da sociedade; a praza sería cuberta polo mestre Carlos Pol.[14]

Pouco sabemos do seu labor nesta escola. Si encontramos un dato curioso, que foi unha «oposición» que se fixo, na que participaron varios alumnos, que tiña como premio unha estatua de Minerva, en xeso, de regulares dimensións e moi ben esculpida, doada polo profesor, Carlos Pol. O tema dos discursos versaban sobre a emancipación da clase popular, basada na instrución e educación individual e colectiva.[15]



A familia de Carlos Pol Caamaño en Arxentina.

En 1901 publica un par de colaboracións en *El Combate*, da Coruña. Nunha delas, di que é mestre laico:[16] «NOS EL ILUSTRE Y VENERABLE CAROLUS…MAGISTER-LAICO…[…] CAROLUS POL. Coruña 23-12-1901.[17]

Segundo uns *Anuarios*, -como en 1903- rexentaba unha escola de nenos na rúa Vera, da Coruña; ao mesmo tempo, Julio Pol Crespo, seguramente o seu fillo, mestre de Primeira Ensinanza,[18] rexentaba outra en Caballeros, 14, curiosamente o domicilio de Carlos. O que non é real é que o seu nome siga aparecendo ata 1911, polo menos, xa que en 1906 marchou a Arxentina.[19]

Dende finais da década dos 80, ata a súa marcha a Arxentina, Carlos participará en varias actividades xornalísticas e literarias, das que nos ocuparemos en cadanseus epígrafes. En 1901 aparece como presidente da «Sociedad de composición musical y declamación» da Coruña, sendo Julio o vicesecretario.[20] Tamén neste ano represéntanse algunhas obras de teatro súas.

En 1904, como xa vimos, residía na rúa Castiñeiras nº 1, 1º, da Coruña: ademais do Padrón, figura nunha instancia que presenta ao alcalde do concello de Coruña, na que solicita que se repoña un farol que existía en dita vía e se lle indemnice polos desperfectos ocasionados na súa casa.[21] Neste enderezo, así como no Salón Teatro-Circo Emilia Pardo Bazán, vendía un libro de *Contabilidade*.[22] En novembro deste ano segue vendendo o libro, pero agora o enderezo que dá é rúa Real, nº 67.[23]

Ao ano seguinte, 1905, doa varios libros para a Biblioteca pública que estaba organizando a Liga de Amigos da Coruña: tres da súa autoría, *El crimen de la calle de San*

Andrés, *Sir Wasongtong* e *Los locos del siglo XX*, así como *Viaje-Isla de Cuba*, de Jacinto de Salas e *Doctrina cristiana*, de Rodrigo de la Cerda.[24] Neste ano tamén solicitou á alcaldía da cidade que se lle perdoase unha multa que se lle impuxera «por haber arrojado habas durante los días de Carnaval desde el primer piso de la casa número 67 de la calle Real».[25]

Quizais por desánimo ou por falta de expectativas, quizais co desexo de comezar de novo, en 1906 colle o camiño da emigración, trasladándose a Arxentina. Segundo nos testemuñou unha bisneta súa, Magdalena Tofé Pol, residente na Arxentina, partiu coa súa esposa, Josefa Crespo, e os seus fillos menores Pastora e Pablo, no barco «Entre Ríos», arribando ao porto de Bos Aires o 28-3-1906. En Arxentina xa estaban os seus fillos Julio, o primoxénito, e o segundo, Ramiro (avó de Magda).

Alí levou unha vida moi retirada, morrendo aínda xove. No ámbito da familia non se falaba moito desa época. Alí tamén se conserva un álbum con recortes de prensa, etc., do propio Carlos.

2. A ACTIVIDADE POLÍTICA

As referencias que temos sobre as actividades de carácter político de Carlos Pol Caamaño vincúlano co Partido Republicano Progresista, cuxo líder era Manuel Ruiz Zorrilla, antigo Gran Mestre e Soberano Gran Comendador do Gran Oriente de España.

A primeira delas é do 26 de outubro de 1884, cando se elixe un comité dese partido en Ordes, no cal figura como secretario Carlos Pol Caamaño, procurador de profesión.[26]

O 30 de novembro deste ano, en Ordes, realízase unha nova xuntanza na que se aproban por unanimidade a ampliación do comité de Ordes, as directivas dos comités dos concellos do partido xudicial, a ampliación do comité do partido xudicial[27] e apróbanse tamén as directivas dos subcomités de Cerdeda, Trazo, Oroso e Tordoia.

A dita xuntanza, ademais do comité, asiste un grupo importante de correlixionarios dos concellos adheridos a ese comité.

Na xuntanza acordouse facerlle constar ao director e redactores de *La Voz de Galicia*, (nestes anos, de inspiración zorrilista), que tendo sido denunciados os números correspondentes aos días 22 e 23 de novembro, no caso de que fosen multados podían contar con eles como favorecedores.

Asinan a acta os membros da Xunta directiva do Comité: Joaquín Castro Amor, presidente; Manuel Gende Villamisar, vicepresidente; Antonio Couselo Noya, Domingo Rodríguez, Manuel Ríos, Ramón Sánchez, Ignacio Ríos, Domingo Gende, José Villamisar, Antonio Gende, Gregorio Fernández, José Castro Domínguez e Carlos Pol, como secretario.[28]

Uns meses despois, en marzo de 1885, encontramos un novo Comité do Partido: Presidente efectivo: Carlos Pol Caamaño; vicepresidente, Manuel Gende Villamisar; secretario, Domingo Rodríguez Cid; vicesecretario, Antonio Couselo; representante na Coruña, Antonio Prieto Puga; vogais, Joaquín Castro Amor, Domingo Gende y Gende, José Villamisar Rey, Manuel Ríos Barbeito, e José [...].[29]

Neste mesmo mes celebraron unha xuntanza co obxecto de valorar os medios máis axeitados para reunir fondos con destino aos exiliados republicanos. Neste acto pronunciou un brillante discurso Joaquín Castro Amor.[30]

Unha década despois, en abril de 1897, renóvase o comité do distrito de Ordes, que ten como presidentes honorarios ao Dr. José María Esquerdo y Zaragoza e Manuel Martínez Pérez, e como presidente efectivo a Carlos Pol Caamaño.[31]

Dous meses despois, envían unha carta ao director do periódico republicano madrileño *El País*:

Órdenes (Coruña).-Señor director de EL PAIS.
Muy señor nuestro y distinguido correligionario:
Este comité republicano progresista de partido en sesión extraordinaria del día de ayer, adoptó por unanimidad los siguientes acuerdos:
1.º Adherirse en un todo al homenaje que ha de rendirse á la memoria de nuestro inolvidable jefe D. Manuel Ruiz Zorrilla, en el acto de la celebración del segundo aniversario de su nunca bien llorada muerte, y á los acuerdos que en tan solemne reunión se tomen.
2.º Y hacer público una vez mas, desde las columnas de EL PAÍS, contando con la amabilidad de su digno Director, que este comité siempre entendió y seguirá entendiendo, primero: que el único medio para restaurar la República, es el revolucionario, y segundo: que para llevar á la práctica el ideal que perseguimos, necesita un solo hombre que mande y los demás que obedezcan.
Y sirva esto de contestación á las preguntas que con tal motivo se nos han hecho, pues no comprendemos que partido ni fuerza alguna llegue á la meta de sus aspiraciones sin una sólida disciplina.
Nuestro parecer es y será aquel que tenga nuestro único é indiscutible jefe. Y aunque por delante de nosotros desfilen todos los republicanos aconsejándonos otra más cómoda postura, habremos de mantenernos firmes en nuestro puesto á la espera de órdenes superiores que nunca llegarán tarde.
No en vano nos llamamos progresistas.
De usted, señor director, con fino afecto y gracias anticipadas sus atentos seguros servidores y correligionarios q.s.m.b.,
Por el Comité, Carlos Pol, presidente.- El secretario, Manuel Ruano.[32]

3. A OBRA LITERARIA

3.1. Obra poética en galego:

Concéntrase no ano 1888 e aparece case exclusivamente no xornal *A Fuliada,* publicado na Coruña entre febreiro e xullo de 1888 (aínda que algunhas tamén se reproduciron no semanario *O Tío Marcos d´a Portela*).[33]

En *A Fuliada*, publica as seguintes poesías:

-«Fábula que non é d'Esopo». (nº 3, 15-2-1888. Datada en Ordes, 13-2-1888).

-«¡¡Probe labradoriño!!». (nº 4, 22-2-1888. Datada en Ordes, 19-2-1888).

-«¡Ei, pola miña monteira!». (nº 7, 15-3-1888. Dedicada «A meu amigo Anxel Vázquez Taboada».

-«O conto de Don Mateu». (nº 8, 22-3-1888).

-«O grande acontecemento». (nº 9, 29-3-1888. Dedicada «ó meu ilustre correlixionario Excmo. S. D. R. P. Costales»).

-«¡Probe muller!». (nº 10, 5-4-1888 -reeditada en *O Tío Marcos d'a Portela*, parrafeo 224, 15-4-1888).

-«Dende o Mesón do Vento». (nº 11, 12-4-1888). Dedicada «A meu querido irmán Xulio»).

-«O verdadeiro amor». (nº 13, 26-4-1888 -reeditada en *O Tío Marcos d'a Portela*, parrafeo 227, 6-5-1888 e dedicada «A miña querida Pepa»).

-«Un xuicio de faltas». (nº 14, 3-5-1888 -reeditada en *O Tío Marcos d'a Portela*, parrafeo 229, 20-5-1888).

-«O home e a formiga». (nº 15, 10-5-1888).



Florencio Pol Ramos,
pai de Carlos Pol Caamaño.

-«Minguiños de Busto». (nº 18, 31-5-1888 -reeditada en *O Tío Marcos d'a Portela*, parrafeo 233, 17-6-1888).

-«O esquirbano D. Bartulo». (nº 19, 7-6-1888. Dedicada «A meu querido irmán político D. Vicente Carnota».

Noutras revistas, publicaría:

-«Másimas». (*O Tío Marcos d'a Portela*, parrafeo 214, 5-2-1888).

-«Dios amor e poesía». (*A Monteira*, nº 7, Lugo, 16-11-1889. Datada en Ordes o 22-10-1889). Carlos Pol aparece coma un dos colaboradores da revista. (*A Monteira*, somanario de intreses rexionales e literatura, Lugo, 1-10-1889).

3.2. Poesía en castelán:

Os poemas en castelán da autoría de Carlos Pol Caamaño que temos localizado, todos no semanario coruñes *Brisas y Tormentas*, dirixido por el, serían os seguintes:

-«¡Qué cuadro!». (nº 1, 15-4-1900. «Dedicado a mi sobrina Jacobita Lea Crespo». Datado na Coruña, abril de 1900).

-«(¡AH!)». (nº 1, 15-4-1900. «Dedicado á mi querido amigo D. Manuel López del Río, Coronel de la Benemérita». Coruña, abril de 1900. Carlos Pol).

-«De todo un poco». (nº 4, 6-5-1900. Asinado por Carlitos).

-«¡Maldita sumisión!». (nº 5, 13-5-1900. Datado na Coruña en maio de 1900. C. Pol).

-«Á la hija del pueblo». (nº 7, 27-5-1900. Carlos Pol).

Así mesmo, no Arquivo da Real Academia Galega, Fondo Pascual Veiga (RAG. Depósito 1 Caixa 229-45), consérvase un texto de Carlos Pol, titulado *A Romería*, e datado o 9-10-1889. Non o puidemos consultar, pero pensamos que quizais sexa un poema. Que se conserve nos fondos do célebre músico indúcenos a pensar que quizais, nalgún momento, valorouse poñerlle música.[34]

3.3. Novelista

Dúas son as novelas que coñecemos da autoría de Carlos Pol Caamaño: *El Brujo don Severo* e *El crimen de la calle de San Andrés*.

En 1889 comeza a publicarse, no semanario madrileño *La Cantárida,* a novela *El Brujo Don Severo* «debida a la pluma del notable escritor D. Carlos Pol Caamaño».[35] Uns días despois, outro periódico republicano progresista turolense informa aos seus lectores sobre esta publicación:

> Llamamos la atención sobre el folleto que publica nuestro querido colega de Madrid, *La Cantárida*, debido á la bien cortada pluma del conocido escritor don Cárlos Pol Caamaño.
> Lo recomendamos á los aficionados á la bella literatura, pues tanto por la forma como por el fondo, amen del gran interés que desde el principio presenta, es digno de leerse.[36]



Carlos Pol Caamaño.

Unha década despois, esta novela volve saír publicada, como folletín, no xornal madrileño *La Izquierda Dinástica*. Comezou a súa publicación no nº 4953, de 10-2-1899, e finalizou no nº 4984, de 18-3-1899 (comezaba o capítulo 5), no que cesan a súa publicación pola seguinte causa:

> ADVERTENCIA
> Participamos á nuestros lectores que el folletín que hasta el día venimos publicando titulado «El Brujo D. Severo», lo suspendemos por enfermedad del autor y habérle prohibido los facultativos toda clase de trabajo intelectual.

Polos datos que poñen cando inician a publicación, dedúcese que estaba impresa en Madrid en 1899, na Imprenta Salud, nº 13.

Encontramos igualmente unha dedicatoria: «Al Excelentísimo Sr. D. Joaquin Gonzalez Fiori, Ilustre jurisconsulto y Diputado á Córtes». E, a continuación, o seguinte: «Dedicada esta obra al escritor público, don Joaquin de Castro por el conocido publicista galaico, don Cárlos Pol, aquel se la dedica á V. en prueba de verdadera amistad».

No prólogo da mesma, dirixido aos leitores, Carlos Pol indica as razóns de que a escribise:

> La humilde obra que vas á leer no es un bello ramo de flores artificiales, ó con más propiedad, un conjunto de hermosos conceptos literarios colocados con mano maestra, según puede representarte una de las muchas novelas que hoy se publican y son poco menos que ejemplares de literatura; por el contrario, mi librito se reviste de cierta candidez especial y abusa del diálogo con el mismo objeto de darte á conocer con mayor claridad sus conceptos y penetrar tu corazón; es una pobre madreselva nacida entre áridos peñascos lejos de la vista de los hombres, cuyos perfumes sólo pueden ser recojidos por el que se vé proscripto de la sociedad aristócrata, ó por el que aún siendo aristócrata, siente amor al prójimo y á la Naturaleza.
> Comprendo que si *El Brujo don Severo* tiene la fortuna de salir á luz será mirado entre sus compañeros del propio modo que un arapiento [sic] entre los comensales de un régio banquete, la diferencia de sus vestiduras será objeto de sarcasmo, y sus palabras reprochadas por los que viven á cuenta de la engañifa ó rinden culto al relumbrón; pero ya lo he prevenido así y nada temo.

> ¿Qué espero sino ser agradable á los que tienen un espíritu grande y poseen purísimos y bondadosos sentimientos y repugnante á los que se hallen en oposición con aquellos?... Desheredado pueblo, libre pensador, honrado proletario, cariñosa madre, fiel esposa, solo á vosotros consagro mi insignificante trabajo, recibido como una prueba de filantropía de vuestro hermano. EL AUTOR.

En 1904 publica outra novela, *El crimen de la calle de San Andrés*. Por un anuncio publicitario, dísenos que será unha distracción amena «la lectura de la interesante y lindísima novela **El crimen de la calle de San Andrés»,** que acababa de poñerse á venda na librería *La Literaria* (rúa Real, nº 98, rexentada por Agustín L. del Río) ou no salón do Teatro Emilia Pardo Bazán (aquí, á quen se lle pedía era ao propio Carlos Pol). A obra, en dous tomos, estaba «esmeradamente impresa con preciosos grabados y con elegante encuadernación de rústica» e vendíase ao prezo de 3,50 pesetas exemplar na capital e a 4 pesetas, por correo, para o resto da Península, pago anticipado.[37]

Desta novela, Carlos doará un exemplar á biblioteca do Centro de estudos sociais *Germinal*[38] e, con outros libros seus ou da súa propiedade, á Biblioteca pública que estaba organizando a Liga de Amigos da Coruña.[39]

Chamounos a atención a referencia ao Teatro Circo Emilia Pardo Bazán como lugar de venda da obra, directamente polo autor, xa que, neste mesmo ano, encontramos un anuncio no cal se publicida a venda do libro *Contabilidad mercantil simplificada*, de Manuel F. Font, que podía adquirise a través de Carlos, ben no seu domicilio particular na rúa Castiñeiras, nº 1, 1º, ben no «salón Teatro-Circo Emilia Pardo Bazán».[40]. A explicación debe ser que aquí tiña a súa redacción e administración a revista *El Argos*, órgano da Liga de Amigos, da Coruña, que dirixía Carlos.[41]

3.4. Artigos e relatos breves.

Igual que na súa poesía, a obra narrativa en galego de Carlos Pol[42] concéntrase no ano 1888 e aparece case exclusivamente no xornal *A Fuliada,* publicado na Coruña entre febreiro e xullo de 1888 (algún, reeditado en *O Tío Marcos d´a Portela*). Nela, publica oito relatos:

- «E vaya de conto». (nº 5, 1-3-1888).
-«Conto que parece hestoria». (nº 5, 1-3-1888; nº 6, 8-3-1888).
- «As cartas». (nº 12, 19-4-1888 -reeditada en *O Tío Marcos d'a Portela*, parrafeo 226, 294-1888).
-«E siga o conto». (nº 16, 17-5-1888).
-«Vamos seguindo coa múseca». (nº 17, 24-5-1888).
-«A ermida de San Roque». (nº 20, 14-6-1888 -reeditada en *O Tío Marcos d'a Portela*, parrafeos 247, 30-9-1888 e 248, 7-10-1888).
-«A caridade». (nº 22, 28-6-1888).
-«Un sono». Deste último só se conserva a súa conclusión no nº 26 de *A Fuliada*, 26-7-1888, xa que a primeira parte do relato debía atoparse nos números non conservados (24 ou 25) desta publicación.

Mais tamén publicará Carlos relatos breves en castelán. Os que puidemos localizar viron a luz no citado semanario *Brisas y Tormentas*, dirixido por el, e que se publicou durante uns meses en 1900. Serían os seguintes:



Cabeceira de *A Fuliada*. da «Cruña».

-«Un caso especial». (nº 1, 15-4-1900. Asina «Carlitos»).
-«Desde el Faro de Hércules». (nº 2, 22-4-1900. Asina «Carlos Pol»).
-«Un cuentecito». (nº 2, 22-4-1900. Asina «Carlitos»).
-«Desde el Faro de Hércules». (nº 3, 29-4-1900. Asina «Carlos Pol»).
-«Desde el Faro de Hércules». (nº 4, 6-5-1900. Asina «Carlos Pol»).
-«Cuadros sociales. El Montañés». (nº 4, 6-5-1900. Asina «EGO»).
-«Desde el Faro de Hércules». (nº 5, 13-5-1900. Asina «Carlos Pol Caamaño»).
-«A la mujer del pueblo». (nº 6, 20-5-1900. Asina «Carlos Pol»).
-«Memento homo». (nº 7, 27-5-1900. Asina «C. Pol»).
-«¡Al ladrón, matadle!». (nº 8, 3-6-1900. Asina «Carlos Pol»).
-«Por el fruto conocereis el árbol». (nº 8, 3-6-1900. Asina «C. P.»).

Mais serían da súa autoría a maior parte dos artigos de fondo ou de redacción deste semanario, aínda que non viñesen asinados.

Tivo, que saibamos, unha colaboración puntual co periódico brigantino *El Mendo*, do que era fundador e propietario o seu amigo, e destacado francmasón, Adolfo Vázquez Gómez. O artigo titulábase «Crónica de Órdenes».[43]

Noutra publicación coruñesa, o semanario republicano *El Combate*, encontramos outros dous textos en prosa:

-«Apocalipsis» (Cuento)». (nº 32, 8-12-1901; nº 33, 15-12-1901, e nº 34, 22-12-1901).
-«Pastoral». (nº 35, 29-12-1901).

Outros textos:

Colabora tamén no *Almanaque Gallego para 1895 (*A Coruña, Tip. «La Unión Gallega», A Coruña, 1894, todo escrito en galego), dirixido por Farruco Lage e Guillermo Díaz. Os outros colaboradores eran Salvador Golpe, Fernando García Acuña, Eduardo Pardo y Gómez, Constantino Fernández, Florencio Vaamonde, Galo Salinas, Dionisio C. Pardo, Juan Beltrán e Alejandro Barreiro.

3.5. Autor teatral.

Na altura de 1888, publicaría Carlos unha comedia en dous actos e en verso, titulada *Edad de locos*. Sabémolo porque envía exemplares da mesma á prensa.[44]

O 29 de abril de 1901 o gobernador civil da Coruña aprobou o regulamento da «Sociedad de composición musical y declamación», que tiña a seguinte Xunta directiva: Presidente, Carlos Pol; vicepresidente, Manuel Vicente Martínez; tesoureiro-contador, José García; secretario, Benjamín Carnota; vicesecretario, Julio Pol Crespo; vogais: Luis Fuentes, Manuel Calvo, Ciríaco Domingo e Emilio Muñiz. Celebrarían as xuntanzas nunha casa na rúa Caballeros, 14 (era a de Carlos)[45] Esta Sociedade, como veremos, organizará algunha velada teatral na que se representarán obras de Carlos.

En 1902 tirará do prelo da Tipografía de El Noroeste, da Coruña, dúas pezas teatrais.

A primeira foi *Oinegni ó Los Locos del Siglo XX*, xoguete cómico en cinco cadros e en verso. (Sabemos que foi a primeira porque, cando saia a segunda, como veremos despois, xa se indica que esta estaba publicada).[46]

Ao final do libro aparece unha relación doutras obras do autor en preparación, pero falaremos delas aparte.

Non nos consta que chegase a ser representada.

A seguinte en ver a luz foi *Sir Wasongtong*, xoguete cómico nun acto, en prosa e verso. No comezo do libro dísenos que fora estreada na noite do domingo 6-10-1901, con grande éxito, no Teatro de Variedades da Coruña, pola compañía cómico-dramática que dirixía José Sánchez Palma.[47]

Temos outra constancia desta representación:

> SIR WASINGTON (sic.)
> Con este título, según estaba anunciado, se estrenó el domingo último en el teatro de Variedades de esta localidad, por la compañía que dirije don José Sánchez Palma, el juguete cómico en un acto y cuatro cuadros original de D. Carlos Pol Caamaño.
> A pesar de las malas condiciones del local y lo tempestuoso de la noche concurrió numeroso público que con entusiasmo aplaudió desde los primeros momentos la bien escrita obra. El autor fué llamado únanimemente á la escena y ovacionado al presentarse.
> Sin ánimo, por hoy, de hacer un bosquejo del mencionado juguete cómico nos concretaremos á manifestar que en el mismo abundan desde la bien manejada sátira dirigida á la burguesía y al oscurantismo, hasta la agudeza de los chistes originalísimos que sirven de agrado é hilaridad al espectador.
> Dámosle la enhorabuena al que ha sido nuestro compañero en la prensa y deseámosle nuevos triunfos y prosperidad, tanto en dicha obra, cuanto en otras que parece desea publicar, brevemente.[48]

Destas dúas pezas teatrais enviará Carlos Pol exemplares á prensa, para a súa difusión:

> D. Carlos Pol, muy conocido por sus aficiones literarias, nos ha enviado un ejemplar de *Sir Washington*, y otro de *Oinegni*, piezas representables –la primera ya lo fue- que están editadas con mucho primor.
> Con tiempo y humor nos ocuparemos en estas amenas producciones del Sr. Pol.[49]


OINEGNI
ó
LOS LOCOS DEL SIGLO XX
Carlos Pol Caamaño
LA CORUÑA
1902

Oinegni ó Los Locos del Siglo XX, xoguete cómico en cinco cadros e en verso

Tamén enviará un exemplar da cada unha para a Biblioteca pública que estaba organizado a Liga de Amigos, da Coruña.[50]

Precisamente cando tire do prelo, en 1902, *Oinegni ó Los Locos del Siglo XX* (a mesma relación aparece no seu libro que publicou inmediatamente despois, tamén en 1902, *Sir Wasongtong*) ao final do libro, en páxinas interiores, encontramos unha listaxe de obras súas que estaban en preparación, supoñemos que para publicar.

Trátase de *El Amor y el Deber* (drama en dous actos, en prosa e verso), *España Árabe* (xoguete cómico nun acto e en verso), *¡Cayó el Gobierno!* (xoguete cómico nun acto e en prosa), *A caza de microbios* (xoguete cómino nun acto, en prosa e verso), *La Madre Obrera* (monólogo didascático) e *El Despido* (zarzuela nun acto).

Non temos constancia de que saísen do prelo; sen embargo, algunhas delas xa foran representadas o ano anterior.

Como paso previo á súa representación, Carlos presentaría no Goberno civil da Coruña, para a censura, «dos obras dramáticas, en un acto, tituladas *La madre obrera* y *A caza de microbios…*».[51] Polo título, semella que *A caza…* estaba escrita en galego.

Esas dúas obras, xunto con *El amor y el deber*, puxéronse en escea nunha velada dominical celebrada no Salón Lino, e organizada pola Sociedad musical de declamación y composición, que presidía Carlos, da que antes falamos.[52]

A última obra teatral da que temos constancia da autoría de Carlos foi o libreto para a zarzuela *A revirar a novia*, escrito en galego, e estreada no Teatro Principal da Coruña en 1905.

Só coñecemos unha crítica dela, e foi demoledora. Posto que é a única referencia á mesma, engadímola completa.

TEATRO PRINCIPAL
«A REVIRAR A NOVIA»

Con mejor deseo que aptitudes unos apreciables jóvenes de la sociedad *Bellas Artes*, aficionados al arte escénico, hicieron el domingo último en el Teatro principal, tres obras dramáticas: las comedias *Barro y cristal* y *La partida de ajedrez* y una zarzuela de costumbres gallegas original de dos autores de la localidad.

La Comisión mixta administrativa del Teatro haría muy bien no autorizando que en él actuasen aficionados, que no hacen otra cosa que profanarlo.

Y hablemos de las obras. Pasemos por alto las dos comedias, harto conocidas del público y limitémonos á la zarzuela, cuyo título es *A revirar a novia*.

El autor de *El crimen de la calle de San Andrés*, don Paco Lacazan Moñol ó don Carlos Pol Caamaño, que tanto monta, es el padre del esperpento.

Pero en colaboración, con dos cómplices merecedores como él de inhabilitación absoluta perpétua, los Sres. Morales, padre é hijo plagiarios de la música.

La poesía, la métrica, el idioma, dialecto, ó como ustedes quieran, gallego, el sentido común y hasta la moral están maltratados en el libro.

La originalidad, la harmonía, la composición, las reglas del arte… todo está ultrajado en la partitura.

En cuanto al libreto, los regionalistas que se precian de amar las letras patrias, debieran fulminar un anatema contra el intruso é incapacitarlo judicialmente para volver á escribir.

Y no se crea que exageramos. Vean, vean ustedes lo que se dicen Margarida y Xanete en un duo de amor muy tierno, con música de La Revoltosa, de una rebeirana de Montes y no sabemos si de alguna otra más:

Ella: *Teño unha cousiña cousa*
Teño unha cousa cousiña,
El: *Eu tamén teño unha cousa*
Para ti miña meniña.

O esto otro que canta el coro.

Ellos: *Achégate á min*
Ellas: *Non que tes calzós.*

Y dígannos ahora sinó es cosa de pedir la intervención del juez, de la guardia civil y hasta del magistrado inspector Sr. Covián.

Bueno; pues aparte de todo eso, la obra –Dios nos lo perdone- tiene unos diálogos en que los personajes se expresan con la mayor libertad y desenfado, en que el novio afirmó que admitiría á la novia hasta en cueros y en que los padres de ambos usan unas interjecciones más propias de una taberna que de un escenario.

A pesar de estos defectos y de otros muchos que no citamos porque la cosa realmente no lo merece, la zarzuela tiene cierta vida, se suceden las escenas, sin orden ni concierto, eso sí; sube y baja el telón infinidad de veces; hay mutaciones, coros de hombres y mujeres, todos vestidos con el clásico traje de la tierra; gaitero, tamborilero, romería de San Andrés de Teixido, canto del gallo, su poquito de baile flamenco, y al final el juez y el alguacil que vienen cuando mayor es la alegría, no á prender al autor, sino á un personaje bufo, ni gallego ni andaluz, pero con algo de ambas cosas, que resulta ser un ladrón de alhajas y que como en *Fausto* obsequia con unas joyas á *Margarida* que se deslumbra con ellas y se *revira*.

Al final hubo muchos aplausos, y los tres autores, Pol y Morales (padre é hijo) cogiditos de la mano, en unión de los actores, del coro general y del gaitero, se adelantaron hasta la

candileja, mientras el telón subía y bajaba sin cesar a saludar al auditorio, por cierto bien escaso –unas 50 personas en total- que aplaudía á rabiar, de buena fe unos, de pura guasa otros.
Y para que la fiesta resultase gallega completa solo faltaron los *aturuxos*, pues las monteras anduvieron por el aire y hasta el *fol* de la gaita estuvo á punto de perecer estrujado por el varal de un telón que cayó sobre el hombro del que tañía tan dulce instrumento.
En fin: una regocijadísima noche y un mal negocio para la *Liga* que es lo más triste.
¡Ah! Una felicitación para el coro, por la afinación y por lo bien vestido.[53]

3.6. Director de revistas.

Tres foron as revistas, que saibamos por agora, dirixidas por Carlos Pol Caamaño: *A Fuliada* (A Coruña, 1888), *Brisas y Tormentas* (A Coruña, 1900) e *El Argos* (A Coruña, 1904).

3.6.1. *A Fuliada*

Co precedente nunha revista do mesmo título publicada en Betanzos entre 1886-1887, dirixida por Ángel Vázquez Taboada, o 2-2-1888 sae do prelo, na cidade da Coruña, *A Fuliada ou zanfona semanal d'alegrias ou de bágoas segun qu'o pobo gallego s'adivirte, canta ou laya*, aínda que, segundo a crítica, non sería unha continuación da anterior. Debeu desaparecer en xullo de 1888 (o último número coñecido leva data do 26-7-1888). A revista saía os xoves de cada semana, con 8 páxinas.

Xosé Ramón Barreiro Fernández cre que o director foi Carlos Pol Caamaño. Entre os colaboradores figura habitualmente o citado Ángel Vázquez Taboada (Carlos e máis el deberon soster a publicación da revista co seu traballo de redacción). Tivo tamén colaboracións literarias de escritores como Manuel Curros Enríquez, Francisco de la Iglesia, Eladio Rodríguez, Benito Losada, Fernando García Acuña ou Roque Pesqueira Crespo.

A revista, ademais do seu fundamental carácter literario, tamén se ocupaba de temas de actualidade e de política, así como da vida coruñesa. Segundo Barreiro Fernández, foi unha publicación crítica co sistema político da época, mais non agresiva cos poderes establecidos.[54]

3.6.2. *Brisas y Tormentas.*

Brisas y Tormentas. *Revista política-artística-literaria*,[55] publicábase os domingos. A Dirección e Administración estaba en Pórtico de San Andrés, nº 11, 2º, A Coruña. Como director figura Carlos Pol Caamaño.[56]

O primeiro número saiu o 15-4-1900, e o derradeiro o 3-6-1900.

Os prezos de suscrición eran: A Coruña, 0,50 pta ao mes. Fóra da Coruña: 2 pesetas ao trimestre. Números soltos: 0,10 céntimos. O pago era por adiantado.

Tivo dous locais de impresión: os tres primeiros números, imprimíase na Imprenta La Gutemberg; do nº 4 ao 8 (o derradeiro), na Imprenta da Viúva de Abad.

No artigos, aparecen varios de Carlos (con variantes, como Carlitos, C. Pol...), algúns de José Romero Astray e un de Florencio Pol Ramos, pai de Carlos. Os outros, de tipo redacción, veñen sen asinar: probablemente serán de Carlos.

Ao longo dos oito números, conseguiu ter correspondencia con lugares como Madrid, Vigo, Betanzos, Pontevedra, Corcubión, Santiago, Valladolid, Barcelona, Ordes, Barco de Valdeorras ou Oviedo.

Segundo van aparecendo os números aumentan as seccións: «Torbellinos y pedriscos», «Brisas y Tormentas», «Latigazos», «Cuestiones militares»... Trae noticias de tipo local, a

maioría relacionadas co concello da Coruña. Todos os números, agás o derradeiro, o 8, levan na portada, debaixo da cabeceira, unha ilustración, sen nada máis.

Cal foi a causa de que desaparecese tan axiña? Non foi por motivos económicos, senón de persecución por parte do arcebispo de Santiago, o obsesivo antimasón Martín de Herrera.

Coñecemos o Auto polo que foi condenada:

CONDENACIÓN DE DOS PERIÓDICOS[57]

José, por la misericordia divina de la Santa Iglesia Romana, Presbítero Cardenal Martín de Herrera y de la Iglesia, del título de Santa María in Traspontina, Arzobispo de Santiago de Compostela, Capellán Mayor de S. M., Juez Ordinario de su Real Capilla, Casa y Corte, Notario Mayor del Reino de León, Caballero del Collar de la Real y distinguida Orden de Carlos III, Senador del Reino, del Consejo de S.M., etc., etc.

AUTO

Por cuanto fueron á Nuestra autoridad denunciados la Revista-Política-Artística-Literaria que se publica en la Coruña con el título de *Brisas y Tormentas*, y el *Semanario de intereses generales* dicho *El Eco de Marín* y editado en aquella villa, hemos dispuesto que personas de reconocida probidad y competencia, examinasen los números 2, 3, 4, 5 y 6 de la REVISTA, y los 152, 158, 160 y 164 del Semanario referido.

Resultando, primero: que la Revista *Brisas y Tormentas* excita al odio entre las diversas clases sociales, con detrimento de la Religión y de la caridad cristiana; que contiene proposiciones hereticales y racionalistas; que pretende ridiculizar la predicación de la divina palabra y de la confesión sacramental; y calumnia á las Órdenes Religiosas, en especial á la ínclita y benemérita Compañía de Jesús.

Segundo: que el semanario *El Eco de Marín* se ensaña contra el Romano Pontífice, el celibato eclesiástico y el estado clerical.

Tercero: que ambas producciones contienen chistes impúdicos y obscenos del más repugnante realismo y desenvuelta liviandad, que ningún cristiano puede leer por ser de todo en todo contrarios á la moral y buenas costumbres.

En cumplimiento de nuestro deber como Prelado y de lo dispuesto por Su Santidad en la Constitución Apostólica *Officiorum ac munerum*, venimos en prohibir y prohibimos, bajo pecado grave, á todos los fieles de este nuestro Arzobispado, el subscribirse á la Revista y Semanario referidos, como también el leerles, oirles leer, cooperar á su impresión y publicación ó prestarles en otra cualquier manera auxilio y favor. Y mandamos que cuantos tuvieren en su poder algún ejemplar de las publicaciones mencionadas lo entreguen á su Párroco ó Confesor.

Dado en nuestro Palacio Arzobispal á 6 de Junio de 1900.

+ EL CARDENAL ARZOBISPO.

Por mandado de su Emcia. Revma.,

EUGENIO DEL BLANCO, *Secretario.*

Fixéronse eco desta prohibición varias publicacións galegas,[58] e mesmo algún xornal foráneo.[59]

3.6.3. *El Argos*.

El Argos foi un semanario editado na Coruña. Levaba o subtítulo de *Defensor imparcial de los intereses del pueblo* e apareceu a finais de maio de 1904, publicándose os domingos.

Era órgano da Liga de Amigos da Coruña. Carlos Pol Caamaño era o director, e a redacción e administración estaba establecida no Salón do Teatro Circo Emilia Pardo Bazán. O último número coñecido é o do 12-8-1904. Presidían a Liga de Amigos Emilia Pardo Bazán e José M. Rigueira Montero.[60]



Portada do semanario *Brisas y Tormentas*.

4. CARLOS POL CAAMAÑO, FRANCMASÓN.

O único estudo do que dispoñemos, aínda a día de hoxe, é o libro de Alberto Valín Fernández, que recolle a súa tese de doutoramento.[61] Nun dos epígrafes, estuda brevemente a historia da loxa «Amor Universal nº 32» de Ordes, e a figura do seu Venerable Mestre, Carlos Pol Caamaño.

Mais, como veremos ao final deste apartado, o labor masónico de Carlos Pol non estivo vencellado exclusivamente á loxa que fundou, senón que tivo unha participación moi activa na fundación e desenvolvemento doutras.

O primeiro contacto de Carlos Pol coa «Gran Logia Simbólica Española de Menfis y Mizraim» aparece a través da remisión que se lle fai de 10 exemplares do órgano da obediencia, o *Boletín de Procedimientos*. Ao mesmo tempo, o ordense é recoñecido como socio corresponsal.[62]

Auspiciada pola citada obediencia, a loxa «Amor Universal nº 32» constituiuse en Ordes o 12-12-1889.[63] Xa dende o 1 de xaneiro de 1890 comeza a figurar na relación de loxas da GLSEMM.[64]

Aquí xa se nos presenta unha interrogante: onde e cando foi iniciado Carlos Pol, e quizais algúns dos fundadores da loxa ordense, con anterioridade ao nacemento desta? Porque, como mínimo, debía ter, polo menos, o grado 3º, Mestre Masón.

En maio, adquiren dúas láminas das 35 que enviara a loxa «Acacia» de Puerto Rico.[65] E, pouco despois, sabemos que se aproban as comunicacións que varias loxas, entre elas «Amor Universal», dirixiran ao «insigne Peral».[66]

A mediados deste ano 1890 remiten o seu cadro lóxico; á súa vez, o Gran Mestre da Obediencia expresa a súa satisfacción «del buen estado en que el Honorable Gran Maestro de la Gran Logia Provincial de la Coruña, ha encontrado á las Respetables Logias «Amor Universal» de Ordenes, y «Unión Masónica» del Ferrol. En nombre de la Orden se felicita á tan dedicados obreros.[67]

Un mes despois, o Gran Mestre, en nome da Soberana Gran Logia Simbólica Española, «dá las más expresivas gracias al Ven:., Ddig:. y Oof:. de la Logia «Amor Universal, núm. 32», de Ordenes (Coruña), por el cuadro fotográfico que de los mismos se ha recibido con atenta dedicatoria».[68]

En novembro, a Secretaría Xeral da obediencia acusa recibo das comunicacións que enviaran varias loxas felicitando ao Gran Mestre; unha delas, a de Ordes.[69] E finaliza o ano e a loxa, con Carlos Pol Caamaño á fronte, segue aparecendo na relación das loxas da obediencia.[70] Por esta boa marcha da loxa, o seu V:.M:. é premiado cun «aumento de salario»; neste caso, polo organismo responsable dos graos filosóficos, o Soberano Gran Consejo General Ibérico:

> En atención á los excelentes servicios prestados á la Orden y cualidades especiales que concurren en el Ilustre y querido H:. D. Carlos Pol y Caamaño, Ven:. Maestro de la Resp:. Log:. *Amor Universal*, núm. 32, de Órdenes, y á propuesta de la Honorable Gran Logia *Provincial*, de la Coruña, se ha elevado al referido H:. Pol al gr:. 18 libre de derechos.
>
> Madrid, 14 de Diciembre de 1890.-El Gran Secretario General, I. Villarino.[71]

Chega xaneiro de 1891 e, por fin, podemos coñecer un cadro lóxico de «Amor Universal nº 12» para ese ano: Venerable Mestre, Carlos Pol Caamaño; Primeiro Vixilante, José Castro Domínguez; Segundo Vixilante, Leoncio Gasset Armesto; Orador, Manuel Ruano Bello; Secretario Garda Selos, Joaquín Castro Amor; Tesoureiro e Esmoleiro, Juan José Durán Iglesias; Gardatemplo interior, Manuel Iglesias Rapela; Gardatemplo exterior: Julio de la Cruz García:[72]

Uns meses despois, co desexo de estreitar lazos fraternais, visitan a sé da Gran Loxa Provincial da Coruña:

> 2
> Por los hh:. que componen la Log:. «Amor Universal» núm. 32 de los Vall:. de Órdenes, ha sido visitado el 7 de los corrientes la Gr:. Log:. Prov:. de la Coruña donde fueron recibidos con agasajo, pronunciándose un breve cuanto entusiasta discurso por el Ven:. de aquélla á quien contestó el Or:. de la última, y acto seguido tuvo lugar en la sala de pas:. perd:. un animado refresco durante el cual se brindó con vehemencia por la unión mas:. cruzándose entre los hh:. de ambas Llog:. cariñosas frases y sinceros ofrecimientos. Dichos hh:. de los Vall:. de Órdenes tienen el pensamiento de repetir la visita en la próxima estación á todas las Llog:. de la Región gallega, para estrechar más los vínculos y deberes que unen á todos los Mmas:. Si en todas las Regiones y provincias se siguiera este ejemplo, mucho adelantaría la Institución, y las inteligencias, amistades y relaciones se afianzarían más y más, para de común acuerdo realizar cuanto la orden tiene que realizar.[73]

A estas alturas, un órgano de prensa moi querido por masóns e librepensadores, *Las Dominicales del Libre Pensamiento*, faise eco da fundación de «Amor Universal nº 32»:

> Libre pensamiento en acción.
> En Órdenes, provincia de la Coruña, se ha fundado recientemente una respetable Logia masónica, compuesta de muy distinguidas é ilustradas personas de aquella población, gracias á la actividad y constancia de nuestro buen amigo y correligionario D. Carlos Pol.
> Todos los caminos que van contra Roma y la soberbia de sus clérigos son caminos de progreso, sendas que conducen recto y seguramente á la República.[74]

A loxa colabora tamén, con 5 pesetas, nunha suscrición voluntaria en favor da Irmá *Caridad*, da loxa «Minerva nº 70» de Herrera (Sevilla).[75] E, por fin, reciben a Carta Patente definitiva.[76] Tamén dende a Gran Secretaría se lle informa á loxa que, con data 26 de novembro, «se remitió á San Fernando la elocuente felicitación que esa Resp:. Log:. dirige al sabio eminente don Isaac Peral».[77]

Co inicio de 1892, coñecemos o novo cadro lóxico de «Amor Universal nº 32» que rexería ese ano: Venerable Mestre, Carlos Pol Caamaño; Primeiro Vixilante, José Castro Domínguez; Segundo Vixilante, Leoncio Gasset; Orador, Jacobo Amor; Secretario, Manuel Ruano; Mestre de Ceremonias, Julio de la Cruz; Diácono, Joaquín Castro; Tesoureiro e Esmoleiro, Juan J. Durán; Gardatemplo interior, Manuel Iglesias; Porta Estandarte, Domingo Rodríguez; Porta Espada, Tomás Rabiña.[78]

De novo en xaneiro de 1893, vemos que «Amor Universal nº 32», de Ordes, con Carlos Pol Caamaño como representante, é unha das loxas da GLSEMM.[79] Así seguirá ata 1897.[80]

Coñecemos igualmente o cadro lóxico para 1896[81]: Venerable Mestre, Carlos Pol Caamaño; Primeiro Vixilante, José Castro Domínguez; Segundo Vixilante, Leoncio Gasset Armesto; Orador, Jacobo Amor del Río; Mestre de Ceremonias, Julio de la Cruz García; 1º Diácono, Joaquín Castro Amor; Tesoureiro e Esmoleiro, Juan José Durán Iglesias; Gardatemplo interior, Manuel Iglesias Rapela; Obreiro, Domingo Rodríguez Cid; Obreiro, Tomás Rabiña Túñez; Obreiro, Manuel León Ruano Bello.

(Sorprende a ausencia de Secretario. Seríao quizais algún dos que figuran como obreiros?).

Por outros números, no apartado de «Correspondencia administrativa», «Amor Universal nº 32», ou o propio Carlos, envían diversas cantidades de diñeiro para pagar, supoñemos, os exemplares que reciben.[82]

Como dixemos antes, non foi a loxa ordense a única na que traballou Carlos. Dispoñemos dunha fonte de primeira man, nada menos que un artigo da súa autoría, de carácter anticlerical e librepensador, titulado «Pastoral». Reproducimos íntegro o que sería o seu introito:

> PASTORAL
> NOS EL ILUSTRE Y VENERABLE CAROLUS, FUNDADOR DE LAS IGLESIAS «AMOR UNIVERSAL» - «¡PASO Á LA VERDAD!» - COOPERADOR DE LA IGLESIA «PROGRESO» - CREADOR DE DOCE CAPILLAS AB RELIGIONIS ARBITRIORUM Á LAS ÓRDENES DE NUESTRO SEÑOR DON MANUEL, ET MAGISTERLAICO: Á LOS DISCÍPULOS AMADOS EN JESUCRISTO, QUE PROFESAN LOS ÚNICOS Y VERDADEROS IDEALES, Y Á LOS QUE TENGO ENCARGADOS DE DIFUNDIRLOS, LES ENVÍO LA CORRIENTE MAGNÉTICA SUBLIME (BENEDITIONEM IMPERTERI), PARA QUE SUS CORAZONES SEAN LLENOS DE ESPÍRITU SANTO.
> […]
> Interin os bendice, desde su humilde palacio (Caballeros, 14), vuestro padre en Jesús que os desea Salud y República.
> CAROLUS POL.
> Coruña 23-12-1901.[83]

Como podemos comprobar, os datos que nos proporciona son de moita relevancia. Só temos que substituír «iglesia» por «loxa» e «capilla» tamén por «loxa» ou «triángulo».

Para empezar, dinos que foi fundador da loxa ¡Paso á la Verdad!: sería esta a loxa *«¡Paso á la Verdad, nº 81»*, fundada oficialmente en Santiago de Compostela o 10-8-1891; unha loxa da que apenas se coñecen oito nomes de membros.[84]

Dinos tamén que foi cooperador da loxa «Progreso»: trátase da loxa da cidade coruñesa *«Progreso nº 39»*, da que formaron parte os seus irmáns Julio e Carmen.[85]

Nos dous casos, foron loxas auspiciadas, o mesmo que «Amor Universal nº 32», pola GLSEMM. E as afirmacións que fai Carlos Pol dos vencellos con elas, perfectamente explicable, xa que a fundación das mesmas foi posterior.

Mais, por último, achega o que sería nova información sobre a fundación da Federación de Loxas Independentes de Galicia, xa que nos indica que el foi **o creador** (a negrita é nosa) ás ordes de «Nuestro Señor Don Manuel», de 12 capeliñas, que serían, curiosamente, as doce pequenas loxas que tivo esta obediencia galega, espalladas por diversas vilas galegas.

Pola achega que fai Valín sobre esta obediencia,[86] sabemos que xa estaba constituída en decembro de 1893 e que chegaría a ter, co tempo, doce loxas e seis triángulos.

Como o desenvolvemento do proceso de nacemento da FLLIG aínda ten aspectos escuros, é posible que caiba aquí ese labor do que fala Carlos. Por outra parte, o «Don Manuel» do que fala tería que ser Manuel Martínez Pérez, *Milton*, Gran Mestre da Gran Logia Regional de Asturias y Galicia n.º 2, Venerable Mestre de «Progreso n.º 39» da Coruña. En calquera caso, só é unha hipótese.

NOTAS

[1] «Florencio Pol Ramos: un espiritista, teósofo e librepensador na Galicia do século XIX», publicado o 4-8-2015. http://www.terraetempo.gal/artigo.php?artigo=3934&seccion=13

[2] Antonio Couceiro Freijomil: *Diccionario Bio-Bibliográfico de escritores*, 3 vols, Bibliófilos Gallegos, Santiago, 1953, vol. III, p. 106, fai unha brevísima semblanza de Carlos Pol Caamaño. Menciona que publicou *Sir Wasongton* e *Oinegni*, e que na portada deste último anuncia que ten preparadas varias obras, que cita. Ricardo Carballo Calero: *Historia da Literatura Galega Contemporánea*, 2ª ed., Editorial Galaxia, Vigo, 1975, p. 466, cita simplemente o seu nome, dicindo que era do Carballiño (sic), e que Fernández Gallego o cualificaba como escritor «de mucha vis cómica». E menciona que en 1902 imprimiu na Coruña xoguetes cómicos en castelán. Alberto Valín Fernández: *Galicia y la masonería en el siglo XIX*, Edicións do Castro, Sada, 1991, fala brevemente da súa faceta masónica. Nos temos feito algunha mención da súa faceta de mestre laico e xornalista en «Masonería e cultura en Galicia no contexto das dúas repúblicas (1873-1936)», *Nalgures*, nº 1, A Coruña, 2005; *A Galicia heterodoxa,* Espiral Maior, Culleredo, 2010, p. 24; «A proxección social, cultural e educativa da masonería galega: unha panorámica con América ao fondo», *Revista Galega de Educación*, nº 53 (2012), pp: 36-40 ou «Dous séculos de francmasonería en Galicia (1814-2014)», publicado o 28-5-2014 en https://praza.gal/opinion/dous-seculos-de-francmasoneria-en-galicia-1814-2014. Tamén, recentemente, fai unha pequena biografía Carlos Calvo Varela: «Pam, cravos e desordens»: https://aldeiasdeordes.wordpress.com/2018/08/20/pam-cravos-e-desordens/. Un estudo máis amplo, analizando o seu labor literario en galego, en Modesto Hermida (dir.): *Narradores ocasionais do século XIX (Relato breve)*, Xunta de Galicia, Centro Ramón Piñeiro, Coruña, 2003, páxs. 317-342.

[3] Arquivo persoal de Magdalena Tofé Pol, bisneta de Carlos Pol e residente na Arxentina.

[4] Vid. o noso artigo sobre Florencio Pol Ramos.

[5] Arquivo Municipal da Coruña, Padrón de 1904, sin. 1428.

[6] http://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/gl/consulta/resultados_ocr.do?buscar_cabecera=Buscar&id=28260&forma=ficha&tipoResultados=BIB&posicion=2

[7] *La Voz de Galicia*, A Coruña, 26-5-1882. En adiante, *LVG.*

[8] *Anuario del Comercio, de la Industria, de la Magistratura y de la Administración*, Madrid, 1886, p. 1091.

[9] *Anuario del Comercio...* Madrid, 1887, p. 1066; *Anuario del Comercio..*, Madrid, 1888, p. 1130.

[10] *LVG*, 7-6-1890; *Gaceta de Galicia*, nº 124, Santiago, 9-6-1890.

[11] *Gaceta de Madrid*, nº 4, Madrid, 4-1-1896, p. 39.

[12] *Anuario del Comercio...,* Madrid, 1899, p. 1329.

[13] Da escola laica da «Antorcha» tense ocupado o profesor Antón Costa Rico en varios traballos. (Vid., por exemplo: *Escolas e mestres. A eduación en Galicia: da Restauración á Segunda República*, Consellería da Presidencia e Administración Pública, Santiago, 1989, páxs. 219-222, ou «Laicismo e

Educación Integral: a «Escuela Moderna» e «La Antorcha Galaica del Librepensamiento» nas fontes da Escola Democrática», pp: 71-83, en Alfredo Erias (dir.): *Sociabilidade e Librepensamiento*, Fundación IEPS, A Coruña, 2005).

[14] *LVG*, 11 e 18-5-1900; Carlos Pereira Martínez e Ana Romero Masiá: «Os inicios da «Antorcha Galaica do Librepensamento» (1897-1900)», *Ferrolanálisis*, nº 19, 2004, pp: 84-89.

[15] *LVG*, 8-7-1900: «Fueron opositores los niños Francisco España Barral, Antonio García Rey, Eduardo Álvarez, Manuel Insua y Rafael Fraguela Celeiro. Fué agraciado con el premio el niño Espada Barral. Los demás, sobre todo el Insua, desarrollaron bastante bien el citado tema».

[16] É posible, logo, que seguise de mestre na Escola laica. Esta tiña tamén clases nocturnas para adultos, para obreiros e os seus fillos, que comezaran o 1-11-1900 e ás que asistían 68 alumnos. No mes de marzo de 1901 suspéndense, debido á que xa anoitecía moi tarde, estando previsto que se volvesen a abrir no seguinte 1 de novembro. (*LVG*, 2-3-1901). Neste ano a escola xa chegou a 160 alumnos. (Ana Romero Masiá: «Ferrol e a Coruña, pioneiras do laicismo escolar galego», pp: 85-90, en Alfredo Erias (dir.): *Sociabilidade e Librepensamento*, Fundación IEPS, A Coruña, 2005. Esta autora tamén sinala a Carlos Pol como mestre da escola laica).

[17] Carlos Pol Caamaño: «Pastoral», *El Combate*, ano I, nº 35, A Coruña, 29-12-1901.

[18] Nunha carta remitida a *La Voz*, Julio Pol Crespo, «profesor de primera enseñanza», di que Agustín Seijas carecía de título académico, a pesar de ter exercido funcións pedagóxicas. (*LVG*, 21-10-1900).

[19] *Anuario del Comercio...,* Madrid, 1903, p. 1632; *Anuario del Comercio...,* Madrid, 1904, p. 1671; *Anuario del Comercio...,* Madrid, 1905, p. 1784; *Anuario del Comercio...,* Madrid, 1906, p. 2022.

[20] *LVG*, 30-4-1901.

[21] *LVG*, 10-1-1904.

[22] *El Noroeste*, 19-1-1904. En adiante, *EN.*

[23] *EN*, 29-11-1904.

[24] *EN*, 8-1-1905.

[25] *EN*, 23-5-1905.

[26] *LVG*, 29-10-1884. Ademais de Carlos, compuñan o resto do comité as seguintes persoas: presidente, Joaquín Castro Amor, licenciado en Medicina; vicepresidente, Manuel Gende Villamisar (Encrobas); vogais: José Tasende Pedrouzo (Cerceda), Gregorio Castro Fraga (Meirama), Gregorio Fernández Nogareda (Rodís), José Castro Domínguez (Papucín), Antonio Couselo Noya (Numide), Jesús Noya (Trazo) e Ángel Gianzo (Xesteda).

[27] O comité do partido xudicial, radicado na vila de Ordes, amplíouse cos vogais Domingo Rodríguez Cid, Domingo Gende y Gende, José Villamisar Rey, Manuel Ríos Barbeito e Ramón Sánchez Noya.

[28] *LVG*, 12-12-1884.

[29] *LVG*, 14-3-1885.

[30] *LVG*, 21-3-1885.

[31] *LVG*, 27-4-1897. O resto da directiva era a seguinte: vicepresidente, Julio Pol Caamaño; secretario, Manuel León Ruano; vicesecretario, Andrés del Río; vogais, Jacobo Amor del Río, Félix Ruano Pedraz, Juan Troche Rivas, Ricardo Amor, Félix Ruano Bello, Antonio Platas, Pedro García Franqueira, Manuel Botana, Policarpo Bello, Benito Rego, Ángel Álvarez, Victorino Veiga, José García Barros e Andrés Blanco; representante no comité provincial, Carlos Pol; suplente, Antonio Lens Viera; delegados nos comités municipais: por Buxán, Ramón María Hermida; por Cerceda, Manuel Gende Villamisar; por Frades, José Castro Domínguez; por Mesía, Antonio Pérez; por Oroso, Eduardo Rodríguez González; por Tordoia, Julio Caamaño Fariña, e por Trazo, Ángel Caamaño.

[32] *El País*, ano XI, nº 5639, Madrid, 21-6-1897.

[33] O seu traballo poético en galego aparece compilado en Modesto Hermida, 2003, op.cit.

[34] http://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/gl/consulta/resultados_ocr.do?buscar_cabecera=Buscar&id=8446&forma=ficha&tipoResultados=BIB&posicion=1

[35] *Las Regiones*, periódico federal, ano III, nº 104, Madrid, 21-9-1889.

[36] *La Antorcha*, periódico republicano progresista, ano III, nº 42, Teruel, 29-9-1889.

[37] *EN*, 16-2-1904.

[38] *EN*, 20-2-1904.

[39] *EN*, 8-1-1905.

[40] *EN*, 19-1-1904.

[41] *LVG*, 12-11-1967.

[42] O seu traballo como narrador en galego aparece compilado en Modesto Hermida, 2003, op. cit.

[43] *El Mendo*, nº 433, Betanzos, 21-10-1891. Está datado en Ordes o 18-10-1891 e asinado como Carlos Pol. Consultámolo na hemeroteca dixital de Betanzos.
[44] *LVG*, 10-10-1888; https://gl.wikipedia.org/wiki/Carlos_Pol_Caama%C3%B1o.
[45] *LVG*, 30-4-1901; *La Correspondencia Gallega*, nº 3388, Pontevedra, 3-5-1901; *El Norte de Galicia*, nº 77, Lugo, 6-4-1901.
[46] Os personaxes da obra eran os seguintes: *«Oinegni: Literato; Némun: Criado; Líquido, Pitin, Chamirra: Jóvenes de la alta sociedad; Carmindo: Oficial de Caballería; Doña Fernanda: Señora de distinción; Marina, Luz, Flora: Señoritas de distinción; Sofío, Carlito: Jóvenes imberbes de familia distinguida; Don Leopoldo, Don Valeriano: Ancianos de la clase elevada; Dos segadores; Un ujier; Una campesina»*.
[47] O reparto fora o seguinte: *Doña Flor*, señora Coggiola; *Doña Juliana*, señora Rodríguez; *Doña Melania*, señora Bernáldez; *Sir Wasongtong*, señor Llopis; *Don Juan*, Arturo Sánchez; *Fatuiparlanchín*, José Sánchez; *Mateo*, Luis Sánchez; Simplicio, Cochola; *Pantaleón*, Julio Pol; *Serafín*, Víctor Vázquez; *Julián Lepe*, Benjamín Carnota; *Inspector de Policía*, Julio Pol. E, ademais, *Policías*.
[48] *El Combate*, nº 24, 13-10-1901.
[49] *EN*, 25-11-1902.
[50] *EN*, 8-1-1905.
[51] *LVG*, 10-5-1901.
[52] *LVG*, 21-5-1901; https://gl.wikipedia.org/wiki/Carlos_Pol_Caama%C3%B1o
[53] *EN*, 11-7-1905.
[54] https://academia.gal/destaque-publicacion/-/asset_publisher/K5an/content/a-fuliada. Vid., tamén, José Antonio Míguez: «*A Fuliada*: brigantina y coruñesa», *Anuario Brigantino*, n.º 19, 1996, pp: 319-330.
[55] Pódese consultar na hemeroteca dixital da Real Academia Galega.
[56] Fanse eco da súa aparición *LVG*, 15-4-1900 ou *El Correo Gallego*, nº 7309, Ferrol, 16-4-1900. Tamén a mencionan, -xa desaparecera- en *El Diario Palentino*, nº 5288, Palencia, 17-7-1900.
[57] *Boletín Oficial del Arzobispado de Santiago*, ano XXXIX, (nº 17 do ano), nº 1581, Santiago, 9-6-1900, páxs. 249-250.
[58] *Gaceta de Galicia*, nº 128, Santiago, 12-6-1900; *La idea moderna*, nº 2854, Lugo, 14-6-1900; *El Eco de Santiago*, nº 1083, Santiago, 11-6-1900.
[59] *El Semanario católico*, ano II, nº 76, Alicante, 4-8-1900, que engade a seguinte apostilla: «Estas justas prohibiciones muestran el estado de descoco á que ha llegado buena parte de la prensa liberal española».
[60] *EN*, 5-6-1904; *LVG*, 12-11-1967; https://gl.wikipedia.org/wiki/El_Argos.
[61] Op. cit., páxs. 335-337.
[62] *Boletín de Procedimientos del Soberano Gran Consejo General Ibérico* (en adiante, *BPP*), ano I, nº extraord., Madrid, 30-11-1889.
[63] *BPP*, ano IX, 31 xaneiro e 1 febreiro 1897, suplemento aos nºs 1º e 2º; *BPP*, ano IX, nº 9, 31-12-1897.
[64] *BPP*, ano II, nº 1, 15-1-1890.
[65] *BPP*, ano II, nº 9, 15-5-1890.
[66] *BPP*, ano II, nº 13, 15-7-1890.
[67] *BPP*, ano II, n.º 14, 30-7-1890.
[68] *BPP*, ano II, n.º 15, 15-8-1890.
[69] *BPP*, ano II, nº 21, 15-11-1890.
[70] *BPP*, ano II, nº 24, 31-12-1890.
[71] *BPP*, ano II, nº 23, 15-12-1890.
[72] *BPP*, ano III; nº 2, 11-1-1891
[73] *BPP*, ano III, nº 21, 24-5-1891.
[74] *Las Dominicales del Libre Pensamiento*, nº 458, Madrid, 25-7-1891.
[75] *BPP*, ano III, nº 33, 16-8-1891.
[76] *BPP*, ano III, nº 38, 20-9-1891.
[77] *BPP*, ano III, nº 48, 29-11-1891. Neste mesmo número vemos dous membros da loxa «Progreso nº 39» da Coruña, os dous grao 33º, que son honrados con altos cargos: Manuel Martínez Pérez, como Gran Mestre da Gran Logia Regional de Asturias y Galicia nº 2, e Vicente M. Ochandorena, como Gran Mestre da Gran Logia Provincial de la Coruña nº 1.
[78] *BPP*, ano IV, nº 8, 21-2-1892.
[79] «Catálogo general de los Cuerpos que bajo los auspicios del Soberano Gran Consejo General Ibérico y de la Soberana Gran Logia Simbólica Española del Antiguo y Primitivo Rito Oriental de Memphis y

Mizraim, están constituídos legalmente en la Península Ibérica, posesiones ultramarinas y territorios ocupados». Incluído no *BPP*, ano V, Suplemento nº 1, 14-1-1893. Datos de 1-1-1893.

[80] *BPP*, ano IX, nº 9, 31-12-1897.

[81] *BPP*, ano VIII, nº 3, 14-2-1896.

[82] *BPP*, ano III, nº 29, 19-7-1891: Órdenes.— Amor Universal, núm. 32.[recibidas] 3 [pesetas]; *BPP*, ano VII, nº 2, 28-1-1895: Órdenes. D.C.P.C. 6 pesetas; *BPP*, ano VIII, nº 1, 15-1-1896: Órdenes. D.C.P. 3 pesetas.

[83] Carlos Pol Caamaño: «Pastoral», *El Combate*, nº 35, 29-12-1901.

[84] Valín Fernández, op. cit., páxs. 310-314.

[85] Valín Fernández, op. cit, p. 118, menciona como membros da «Progreso» a Julio (*Mefistófeles*, grado 9º) e Carmen, mais non a Carlos.

[86] Valín Fernández, op. cit., páxs. 316-321.

FONTES E BIBLIOGRAFÍA

Arquivos

Arquivo Municipal da Coruña (A Coruña).

Arquivo persoal de Magdalena Tofé Pol (Arxentina).

Publicacións periódicas:

A Fuliada (A Coruña).

Anuario del Comercio, de la Industria, de la Magistratura y de la Administración (Madrid).

Boletín de Procedimientos del Soberano Gran Consejo General Ibérico (Madrid).

Boletín Oficial del Arzobispado de Santiago (Santiago).

Brisas y Tormentas (A Coruña)

El Combate (A Coruña).

El Correo Gallego (Ferrol).

El Diario Palentino (Palencia).

El Eco de Santiago (Santiago).

El Mendo (Betanzos).

El Noroeste (A Coruña).

El Norte de Galicia (Lugo).

El País (Madrid).

El Semanario católico (Alicante).

Gaceta de Galicia (Santiago).

Gaceta de Madrid (Madrid).

La Antorcha (Teruel).

La Correspondencia Gallega (Pontevedra).

La idea moderna (Lugo).

La Izquierda Dinástica (Madrid).

La Voz de Galicia (A Coruña).

Las Dominicales del Libre Pensamiento (Madrid).

Las Regiones (Madrid).

Bibliografía.

CALVO VARELA, Carlos: «Pam, cravos e desordens». Recuperado de:
https://aldeiasdeordes.wordpress.com/2018/08/20/pam-cravos-e-desordens/

CARBALLO CALERO, Ricardo: *Historia da Literatura Galega Contemporánea*, 2ª de., Editorial Galaxia, Vigo, 1975.

COSTA RICO, Antón: *Escolas e mestres. A eduación en Galicia: da Restauración á Segunda República*, Consellería da Presidencia e Administración Pública, Santiago, 1989.

-«Laicismo e Educación Integral: a «Escuela Moderna» e «La Antorcha Galaica del Librepensamiento» nas fontes da Escola Democrática», pp: 71-83, en Alfredo Erias (dir.): *Sociabilidade e Librepensamiento*, Fundación IEPS, A Coruña, 2005.

COUCEIRO FREIJOMIL, Antonio: *Diccionario Bio-Bibliográfico de escritores*, 3 vols, Bibliófilos Gallegos, Santiago, 1953.

HERMIDA, Modesto (dir.): *Narradores ocasionais do século XIX (Relato breve)*, Xunta de Galicia, Centro Ramón Piñeiro, Coruña, 2003.

MÍGUEZ, José Antonio: «*A Fuliada*: brigantina y coruñesa», *Anuario Brigantino*, n.º 19, 1996, pp: 319-330.

PEREIRA MARTÍNEZ, Carlos e Romero Masiá, Ana: «Os inicios da «Antorcha Galaica do Librepensamento» (1897-1900)», *Ferrolanálisis*, nº 19, 2004, pp: 84-89.

PEREIRA MARTÍNEZ, Carlos: «Masonería e cultura en Galicia no contexto das dúas repúblicas (1873-1936)», *Nalgures*, nº 1, A Coruña, 2005.

-*A Galicia heterodoxa*, Espiral Maior, Culleredo, 2010.

-«A proxección social, cultural e educativa da masonería galega: unha panorámica con América ao fondo», *Revista Galega de Educación*, nº 53 (2012), pp: 36-40.

-«Dous séculos de francmasonería en Galicia (1814-2014)». Publicado o 28-5-2014. https://praza.gal/opinion/dous-seculos-de-francmasoneria-en-galicia-1814-2014

-Florencio Pol Ramos: un espiritista, teósofo e librepensador na Galicia do século XIX». Publicado o 4-8-2015. http://www.terraetempo.gal/artigo.php?artigo=3934&seccion=13

POL CAAMAÑO, Carlos: *El Brujo don Severo*, Madrid, 1889 e 1899.

-«Pastoral», *El Combate*, nº 35, A Coruña, 29-12-1901.

-*Oinegni ó Los Locos del Siglo XX*, Tipografía de El Noroeste, A Coruña, 1902.

-*Sir Wasongtong*, Tipografía de El Noroeste, A Coruña, 1902.

ROMERO MASIÁ, Ana: «Ferrol e a Coruña, pioneiras do laicismo escolar galego», pp: 85-90, en Alfredo Erias (dir.): *Sociabilidade e Librepensamento*, Fundación IEPS, A Coruña, 2005.

ROMERO MASIÁ, Ana, e Pereira Martínez, Carlos: «Os inicios da «Antorcha Galaica do Librepensamento» (1897-1900)», *Ferrolanálisis*, nº 19, 2004, pp: 84-89.

VALÍN FERNÁNDEZ, Alberto: *Galicia y la masonería en el siglo XIX*, Edicións do Castro, Sada, 1991.

Páxinas web:

http://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/gl/consulta/resultados_ocr.do?buscar_cabecera=Buscar&id=8446&forma=ficha&tipoResultados=BIB&posicion=1

https://gl.wikipedia.org/wiki/Carlos_Pol_Caama%C3%B1o.

https://gl.wikipedia.org/wiki/Carlos_Pol_Caama%C3%B1o

https://gl.wikipedia.org/wiki/El_Argos.

https://gl.wikipedia.org/wiki/Carlos_Pol_Caama%C3%B1o

http://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/gl/consulta/resultados_ocr.do?buscar_cabecera=Buscar&id=28260&forma=ficha&tipoResultados=BIB&posicion=2

https://academia.gal/destaque-publicacion/-/asset_publisher/K5an/content/a-fuliada

José García Verdía: o cura de Guísamo

XOSÉ LUÍS MOSQUERA CAMBA*
XOSÉ MARÍA VEIGA FERREIRA**

Sumario

Trátase da historia dun polifacético e polémico personaxe cunha importante traxectoria de labor social, de ampla cultura, e que destacou fundamentalmente polo seu coñecemento dun gran número de linguas.

Abstract

This is the story of a multifaceted and controversial character with an important trajectory of social work, of wide culture, who stood out mainly for his knowledge of a large number of languages.

Como resultado do empeño que Antonio José Sánchez Barreiro, actual presidente da xunta directiva da S.A.T. Guísamo (traída de augas veciñal), tivo en poñer en valor o mérito «do cura de Guísamo» por ter levado a cabo con tan poucos medios e nun contexto particularmente difícil unha obra que, sen dúbida algunha, é un dos máis valiosos legados transmitidos á súa parroquia, naceu este traballo. O momento non é caprichoso, pois está relacionado coa próxima conmemoración do 50º aniversario da constitución da mencionada S.A.T. no ano 1970. O motivo parece sobradamente xustificativo para render homenaxe ó impulsor intelectual e material da mesma, José García Verdía, cura párroco de Santa María de Guísamo entre os anos 1953 e 2011. Con ese motivo activouse por parte da mencionada directiva un programa de traballo que ten como obxectivo último a dedicatoria dun espazo público e a colocación dun humilde monumento en



Fig. 1.- Imaxe de José García Verdía nun acto relixioso en 2006 (foto Veiga).

* **Xosé Luís Mosquera Camba** é doutor en Xeografía e Historia e profesor de Ensino Secundario no Instituto Francisco Aguiar de Betanzos.

** **Xosé María Veiga Ferreira** é licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela nas especialidades de Arquivos e Historia Contemporánea. Traballa no Arquivo Municipal de Betanzos.



Fig. 2.- Casa parroquial de Guísamo nos anos oitenta (autoría descoñecida).

agradecemento póstumo. Mais a celebración non podía deixar pasar por alto o recoñecemento de moitas outras virtudes e méritos deste home, e por iso mesmo e de xeito natural xurdiu a necesidade de facer un achegamento minimamente serio á súa biografía.

As principais dificultades para a súa elaboración eran xa *a priori* obvias: a abundante cantidade de información oral que aínda se mantén viva na contorna non ía ser posible confirmala doadamente con documentación. Todo o mundo sabía da importancia da súa biblioteca persoal e da necesidade de salvala tendo en conta que a «súa» casa (a casa parroquial) fora chegando a tal estado de abandono e deterioro que non podería sobrevivir moito tempo. Aparentemente os seus libros foron rescatados e atópanse a bo recaudo ben en Soandres, en mans da súa familia máis directa, ou ben en Bergondo, en dependencias municipais. Desgraciadamente non podemos dicir o mesmo de moito outro material documental. Intentar atopar dalgún xeito o que aínda puidera sobrevivir tiña que ser un dos primeiros pasos para abordar calquera aproximación á vida deste home. E foi así como comezou esta aventura. O resultado da mesma queda reflectido en gran medida nestas páxinas.

Datos biográficos

Natural de Coiro, onde naceu o 20 de marzo de 1927 no lugar de Pías, como consta en acta de nacemento feita polo párroco de San Xián de Coiro no concello da Laracha. Era fillo de Rogelio García Coence e de María Verdía Suárez, da que quedou moi pronto orfo. Seu pai casou de segundas nupcias con Dorinda, medio irmá da finada, facéndose así esta cargo da crianza do neno e de outro irmán máis novo. Non tardaron moito en trasladar o domicilio familiar á veciña parroquia de Soandres, onde adquiriron unha propiedade próxima



Fig. 3.- Interior da Casa parroquial en novembro de 2017 (foto Veiga).

ó mosteiro de San Pedro. A orixe desta propiedade tiña unha curiosa historia: A casa pertencera ao cura Manuel Aller López, natural de Mesía, quen fixo unha Fundación, deixándoa en usufruto á criada pero á súa morte construiríase un local para escola e co produto da renda da propiedade pagaríaselle a un mestre para escolarizar os nenos da parroquia. Pasaron os anos e na república pasou a mans do Ministerio de Educación que o sacou a subasta, daquela foi cando o adquiriu Rogelio por 20.100 pesetas. O Estado colleu os cartos e meteunos no Banco de España pero reservou un ferrado de terra por se se facía a escola.

Xa de moi pequeno mostraba aptitudes para o estudo polo que ingresou no Seminario en Santiago de Compostela, unha das poucas opcións para poder recibir unha completa escolarización se eras pobre e por enriba do rural, como lle pasou a moitos outros nenos. Na súa familia seguiron o mesmo camiño un primo e un tío que coincidiron con el no Seminario xa que tiñan máis ou menos a mesma idade.

Os anos no seminario non foron doados ao coincidir coa época de posguerra, eran tempos nos que se pasaba realmente fame, diso dá fe unha anécdota que contaba el e agora contan os seus familiares: Para paliar estas necesidades os tres familiares que estaban no Seminario acordaron de ir á casa natal en Soandres. Con tal fin tiñan que decidir quen sería o encargado de facer a viaxe. Primeiro tocoulle ao tío e non se atreveu e logo ao primo e tampouco. Finalmente decidiuse el a facer a viaxe: colleu o tren e baixou en Meirama a tres quilómetros da casa e cando chegou estaban cocendo. Contaba que con tan so ver o pan xa estaba satisfeito. Regresou levando alimentos pero á parte das reprimendas paternas tamén se lle contou como unha mancha no seu expediente ao longo dos anos de seminarista.



Fig. 4.- Cos pais e co irmán pequeno arredor de 1930 (facilitada pola familia).



Fig. 5.- Foto dos anos cincuenta (facilitada pola familia).



Seminario Conciliar de Santiago de Compostela

CURSO DE 1940 A 1941

D. Xoxé García Verdía alumno de 1º Curso, ha obtenido las calificaciones siguientes:

ASIGNATURAS	CALIFICACIONES	
	EX. ORDINARIO	EXTRAORDINARIO
Latín	Meritissimus	
Castellano	Meritissimus	
Griego		
Religión	Benemeritus	
Geografía	Meritissimus	
Historia		
Matemáticas	Benemeritus	
Lengua Moderna		
Música	Meritissimus	

Santiago 28 de agosto de 1941.

El Secretario del Tribunal en los ejercicios ordinarios.

Antonio Caballero Soto

Santiago de de 1941.


El Secretario del Tribunal en los ejercicios extraordinarios.

Fig. 6.- Notas do curso 1940-41 no Seminario en Santiago (facilitada pola familia).

Non eran soamente dificultades materiais senón que tamén tiñan que soportar as eivas derivadas dunha educación retrógrada e marcada pola censura intelectual. Moitas lecturas estábanlles prohibidas, polo que os estudantes recorrían ao enxeño como o que acontecera co libro de Juan Valera, «Pepita Jiménez», que escondían nos propios colchóns para evitar os rexistros e o cal pasaban clandestinamente duns a outros. Non era para menos, a novela contaba a historia dun seminarista que se acababa namorando da prometida do seu pai, unha xove viúva, pola que acabaría renunciando aos votos.

Destes anos en Santiago temos unhas follas soltas atopadas nos escombros da súa casa que a modo de índice con anotacións vai contando a súa experiencia nos anos de Seminario en Santiago (Anexo 1).

Rematou os seus estudos sacerdotais no ano 1952 cun brillante expediente



Las vacaciones. Las de Navidad. Ayudar a misa. Concepto sacral de la vida. La fugacidad de los días de vacaciones. La marina. El problema del habla: Desprecio del habla gallega. Vacaciones de Verano: Repaso de las asignaturas. Mi pequeña hermanita con mi Primo. Las personas de toda: En casa de mis abuelos: Mis tías. Segregarlas a pupilo.

Curso de 1941-1942.

El traumo de S. Felipe. No [illegible]

Vuelta al Seminario. [illegible] libros de texto. Las mismas caras. Los alumnos de 1º: Ya me siento un pequeño veterano. Encuentro con los Profesores de este curso. Don José Pardiñas. Don Alejandro Blanco Barón. Don Manuel Fernández Conselo. El Profesor "Paramba". Mi primer grande incidente con este Profesor. Un día tengo que latar a clase: Recuerdo de ese día. Un incidente en la clase de Latín. Idem en la clase de Geografía. El hambre: Una grande aventura: Mi idea de ella. Un heroe: mi paso por entre las filas de los mayores. Reacción laborable de Rey y Rafaela. Idem desfavorable del Rector. Se ensaña conmigo: Buenas calificaciones académicas y malas calificaciones en conducta. Empiezo a descorrer un velo que me deja ver la frialdad y rigor del Seminario. Comienzo de mi desilusión. Vivo deseo de que vengan las vacaciones para poder comer y sentir un poco de calor humano. Los Retiros y los Ejercicios Espirituales [illegible]

Fig. 7.- Unha das páxinas do diario da estancia no Seminario en Santiago (documentos recuperado na Casa Parroquial).




Fig. 8 a b.- Recordatorio da Ordenación Sacerdotal de 1952 (facilitado pola familia).

académico. Ordenouse nese mesmo ano en Barcelona, nunha ordenación masiva de 820 presbíteros, a máis multitudinaria da historia, coincidindo coa celebración do XXXV Congreso Eucarístico Internacional que tivo lugar a finais de maio. Celebrou a súa primeira misa no mosteiro de Montserrat.

Ordenación sacerdotal (primeiro acto de carácter internacional do réxime despois da guerra)

Este encontro ademais de relixioso tivo unha forte compoñente política. Manifestaba a conexión evidente entre a Igrexa e o réxime de Franco, sen contar que ía ser transmitido ao exterior. Foi un acto multitudinario que contou coa asistencia do propio Caudillo, o Nuncio Apostólico en España, Federico Tedeschini, así como unha numerosa representación internacional (participaron 77 países, 300.000 congresistas e asistiron á misa do acto de clausura un millón cincocentas mil persoas). Quedou amplamente recollido en imaxes que se poden visualizar nas reportaxes do Nodo a través da páxina web de rtve. Este acontecemento debeu significar para el unha experiencia vital de fondo e incalculable impacto.

Inmediatamente foi destinado como ecónomo á parroquia mugardesa de San Vicente de Mehá, onde estivo escasamente un ano, xa que no 1953 pasou a ocupar o posto de cura párroco de Santa María de Guísamo.



Fig. 9.- Fotografía da súa promoción na viaxe a Barcelona en 1952 para a Ordenación Sacerdotal. Está na parte superior á dereita (foto facilitada pola familia).



Fig. 10 a b.- Recordatorio da súa primeira misa celebrada no mosteiro de Montserrat o 1 de xuño de 1952.



Fig. 11.- Foto de finais dos anos cincuenta con Manuela, súa avoa materna (foto cedida pola familia)

En Mehá, no pouco tempo alí pasado, coñeceu de primeira man a complicada situación dun entorno de tensa posguerra, pois aínda existía un importante foco de guerrilla encabezado por Francisco Martínez Leira «Pancho», morto pola Garda Civil en Pontedeume o 31 de decembro de 1954. Con respecto a isto contaba algo que lle acontecera en marzo dese ano 1953: Fóranlle encargar unhas misas na memoria de José Antonio Primo de Rivera e esa mesma noite petáronlle á porta e advertíronlle que se facía esas misas por José Antonio tamén as tiña que facer por Stalin –morto o día tres dese mesmo mes-, servindo isto de mostra da tensión político-social que había nese momento. Non sabemos como rematou o conto.

A dura represión á que se vían sometidas algunhas familias por parte das autoridades provocaba que algúns nenos e nenas non puideran recibir ningunha escolarización, e foi entón cando el comezou unha tarefa de carácter filantrópico atendendo no posible esas necesidades, tanto nas horas de catequese como despois na súa casa. Algúns destes nenos e nenas estivéronlle por sempre agradecidos, tanto é así que moitos anos despois seguíano a visitar na súa casa en Guísamo.

A finais do ano 1953 é nomeado cura párroco de Santa María de Guísamo.

Á súa chegada a Guísamo atopouse cun contexto non moito menos conflitivo, pois a guerra deixara tamén episodios de dura crueldade entre os veciños. Ademais a parroquia mostraba unhas enormes carencias de todo tipo. Foi así que a súa actividade pastoral desenvolveuse en paralelo a un intenso labor social.

Entre as súas primeiras e destacadas intervencións levou a cabo un acondicionamento da igrexa e do cemiterio, pero tamén dos camiños, mobilizando para iso a veciñanza como podemos ver nas fotografías. Moitas veces todas estas actuacións xeraron enfrontamentos con algúns dos veciños pero non por iso se detiña nos seus proxectos. Cóntase que algún deles a quen as obras lle collían algún pedazo de terra rifou con el e mesmo se enfrontou cun fouciño, resultando a sotana do cura maltreita.

Nos primeiros anos de estancia na parroquia tanto el como seu pai traballaron en mellorar o aspecto do templo parroquial ao que sacaron o terrazo do interior e tamén adecuaron o entorno. Nun daqueles labores atoparon o cadáver dun home que se dixo que era un paseado da querra e que fora alcalde na zona de Cabanas (Información facilitada por Juan Sobrino). Podería tratarse do tenente alcalde de Cabanas apelidado Buhigas e do que aínda actualmente se descoñece o seu paradeiro. Finalmente cubríronse os restos e deixáronse no lugar en que estaban .

Este papel seu como dinamizador acabaría producindo unha das actuacións máis destacadas da parroquia, cando a finais dos anos sesenta comeza a organizar un proceso de asociación para levar auga corrente ás casas dos veciños.







Fig. 12.- 13 e 14 Compoñendo nos camiños de Guísamo a principios dos anos sesenta (Fotos realizadas por Claudio Amil e achegadas polos seus descendentes).

A traída de augas de Guísamo

Nos últimos anos da década dos sesenta, dentro dunha política xeral de mellora do mundo rural, o Ministerio de Agricultura a través das Cámaras Agrarias coa implicación dos veciños levaron a cabo importantes reformas. Foron varios lugares dos arredores os que coñeceron importantes transformacións. Moi relevante fora a construción da traída de auga da parroquia de San Xulián de Vigo no concello de Paderne, que serviu como modelo para outras, e concretamente para a de Guísamo. Esta actuación foi recollida nun interesante documental do NODO (*Comunidad de Aguas de San Julián de Vigo. Direcc. Francisco de la Calle. Producción do Servicio de Extensión Agraria del Ministerio de Agricultura. Nº 369 A377).*

Coñecedores desta política de mellora do rural o cura de Guísamo e algúns veciños quixeron ver por eles mesmos o que se estaba a realizar en San Xulián de Vigo, e partindo desa experiencia finalmente acabaría frutificando como un «Grupo Sindical de Colonización» para poñer en práctica ese proxecto sumamente ambicioso e problemático.

O primeiro paso foi mobilizar os veciños para darlles a coñecer os beneficios e as dificultades desta empresa. Era precisa a colaboración de todos ao requirirse unha serie de compromisos económicos e tamén a cesións de dereitos de paso en moitas fincas e propiedades.

O sete de marzo de 1970 constitúese o Grupo Sindical de Colonización co fin de realizar as obras necesarias para dotar de auga potable á parroquia, tal e como se recolle na correspondente acta fundacional (Arquivo da traída de augas de Guísamo).

Este grupo estaba formado por cento dez veciños e quedou constituída nos seus cargos directivos por: Presidente, Antonio Castro Casal; Interventor, Pedro Mantiñán Miramontes; Tesoureiro, Manuel Máquez Nogueira; secretario, José García Verdía; vogais, Manuel Iglesias Ventureira e Gerardo Fandiño Vilarino.

Os asinantes quedaban comprometidos a satisfacer unha cantidade económica para xerar o capital social inicial, ademais aceptaban o paso polas súas fincas dos tubos de condución de auga se así se requiría no proxecto. O encargado de realizar os estudos técnicos da obra foi o enxeñeiro Joaquín de la Cuadra Díaz (Documentación facilitada pola Oficina Agraria de Betanzos).

Antes de constituírse en sociedade, os interesados acordaran xa un sinal de 500 pts. como xesto de implicación no proxecto. Posteriormente, unha vez constituído o Grupo, realizaron un primeiro pagamento de 10.000 pts. En total foron 172 os asinantes desta primeira acta. Posteriormente foron aumentando ata 198 e finalmente acabaron participando 255.

A subvención concedida polo Ministerio de Agricultura foi de 600.000 pts.

A unha das reunións que celebrou a sociedade asistiu o Gobernador Civil, Prudencio Landín Carrasco ao que lle expuxeron o problema dalgúns veciños que a pesar de estar interesados en instalar a auga nas súas casas non podían facelo por non dispoñer de posibles. Concedéuselles unha axuda que permitiu a estes formar parte do proxecto. Polo tanto a todos os que tiñan dificultades para facer o pagamento aplicáronselles cantidades compensatorias, establecéndose tres categorías de cotas adecuadas ás posibilidades económicas de cada participante:

Categoría A: 198 veciños a 10.000 pts
Categoría B: 36 veciños a 5.000 pts.
Categoría C: 21 veciños a 500 pts.




Fig. 15.- Plano orixinal da traída a realizar en 1970
(Arquivo da Traída de Augas).

Se ben en principio a organización do Grupo Sindical de Colonización foi similar a outros lugares, tiña as peculiaridades de estar formada por un número elevado de participantes así como tamén pola entidade da obra a realizar.

Captouse a auga de varias fontes ou mananciais da parroquia e con dúas autobombas de 12 CV bombeouse ata un depósito de 245 metros cúbicos que se situou en Bos. O lugar elevado do depósito permitía mediante ramales abastecer os distintos lugares da parroquia.

A partir deste momento e durante varios anos fóronse realizando as obras onde o cura era o encargado da seu desenvolvemento. As obras eran discontinuas no tempo, ben por problemas meteorolóxicos, por cuestións de trámites administrativos, paso por fincas ou

En Guisamo (Bergondo), a siete de marzo de mil novecient
setenta, y siendo las dieciocho horas, se han reunido bajo la
presidencia del Jefe de la Hermandad Sindical de Labradores y
Ganaderos, los productores agrícolas-ganaderos cuya relación
acompaña. -

Declarada abierta la sesión, por la presidencia se manif
to, que la misma tiene por objeto constituir un Grupo Sindica
de Colonización, que ha de realizar las obras necesarias para
dotar de agua potable a los diez lugares, casas y dependencia
ganaderas que componen la parroquia de Guisamo, del término m
nicipal de Bergondo, conforme proyecto de la Obra Sindical "C
lonización"y que tiene por objeto beneficiar a los beneficiar
que concurren a esta reunión.- - - - - - - - - - - - - - - - -

Asímismo se declaró, que el Grupo Sindical habra de regi
se por el Reglamento aprobado por Orden del Ministerio de Agr
cultura de 5 de julio de 1.941, publicado en el Boletin Ofici
del Estado de fecha 13 del mismo mes.- - - - - - - - - - - - -

Los asistentes declaran por unanimidad:

1º.- Que se tenga por constituido el Grupo Sindical de C
lonización, cuyo objeto inmediato es la realización de las ob
señaladas anteriormente por la presidencia, así como cualquie
otras que puedan beneficiar las fincas pertenecientes a los s
cios del Grupo.- -

2º.- Que el Grupo se somete,además de a la disciplina si
dical, al Reglamento Orgánico de dichos Grupos, aprobado el d
5 de julio por el Ministrio de Agricultura y a las Ordenanzas
de Régimen Interior que en su día seran redactadas y elevadas
la Jefatura Nacional de la Obra Sindical "Colonización", para
su aprobación definitiva.- - - - - - - - - - - - - - - - - - -

3º.- Se acuerda nombrar la primera Junta Rectora del Gru
integrada por los beneficiarios que más abajo se indican, la
que sera aprobada por la O.S. "Colonización", según lo dispue
to en el Reglamento antes citado, autorizandola para que dete
mine el capital social del Grupo y la participación que a cad
uno de los socios le corresponderá aportar, que deberá ser pr
porcional al beneficio que la mejora habrá de producir a cada
uno de ellos.- -

Una vez puesto a votación han salido elegidos los socios
que se citan, que ocuparán los cargos siguientes:

PRESIDENTE. - D. ANTONIO CASTRO CASAL.

INTERVENTOR.- D. PEDRO MANTIÑAN MIRAMONTES.

TESORERO.- D. MANUEL MAQUEZ NOGUEIRA.

SECRETARIO.- D. JOSE GARCIA VERDIA.

VOCAL 1º .- D. MANUEL IGLESIAS VENTUREIRA.

VOCAL 2º .- D. GERARDO PANDIÑO VILARIÑO

4º.- Los reunidos se someten para el caso de falta de ..,

conformidad en la distribución indicada en el artículo anteri
al arbitraje de la O.S."Colonización", que será la que en def
nitiva determine la cantidad que cada uno de los socios ha de
aportar, para formar el capital social.- - - - - - - - - - - -

5º.- Que los socios del Grupo, se comprometen de modo es
cial y con independencia de sus demás obligaciones específica
como tales dentro de aquél, a ceder en todo momento al Grupo,
el paso por sus fincas de las tuberías de conducción del agua
según la distribución que resulte del correspondiente proyect
así como el resto de obras o mejoras que sirvan de base a ben
ficiar la explotación para cuya puesta en marcha se ha constit
tuido el presente Grupo Sindical. - - - - - - - - - - - - - -

6º.- Igualmente acuerdan solicitar un préstamo del Insti
to Nacional de Colonización, comprometiéndose a la aportación
por su parte del tanto por ciento del presupuesto de ejecució
de la mejora proyectada, que no habrá de resultar auxiliada p
este Organismo.- -

7º.- Que los reunidos acuerdan expresamente encomendar l
realización de los estudios técnicos de carácter previo y la
confección del correspondiente proyecto, al Ingeniero de la O.
"Colonización", D. JOAQUIN DE LA CUADRA DIAZ, comprometiéndose
al abono de los honorarios reglamentarios.- - - - - - - - - -

8º.- Que facultan expresamente al Presidente de Grupo Si
dical D. ANTONIO CASTRO CASAL, para formular la petición de a
xilio económico y para percibir en su día las cantidades que
no consecuencia de aquél sean al Grupo concedidas.- - - - - -

Y no habiendo más asuntos que tratar, se levanta la sesi
firmándose la presente acta en prueba de conformidad, por los
asistentes a la misma, en el lugar y fecha indicados.- - - -



Fig. 16.- Acta de constitución do Grupo Sindical de Colonización de Guísamo de 7-3-1970 para realizar as obras da traída (Arquivo da Traída de Augas).


BANCO PASTOR

RESGUARDO DE ENTREGA EN EFECTIVO

Quinientas.—

ABONA PESETAS

A FAVOR de Traída de Augas de Guísamo

en su cuenta N.º

Entrega efectuada por

y por cuenta de D. José García Verdía

(Ptas.) 500,—) 29 de Julio de 1969.—

BANCO PASTOR

P. P.

Fig. 17.- Recibo de pago da primeira cota de 500 pts da Traída de Augas (Arquivo da Traída de Augas).

meramente económicos. Non se dispoñía de moitos recursos polo que o número de traballadores era limitado, e moi poucas veces se usou maquinaria, unicamente cando era realmente imprescindible.

A meirande parte das zanxas realizáronse á man, e os operarios que máis asiduamente interviron foron Manuel Cardelle Díaz, veciño de Baldomir, e Francisco Fontenla Ventureira e José Varela Vieiro, os dous do Vilar, así como tamén Rogelio García, pai do propio cura. Isto non quita que de forma ocasional participaran algúns outros veciños. Os operarios traballaban ao xornal de pico e pala (por suposto sen asegurar) e cobraban por horas (35 ptas. hora).

Existe unha descrición moi interesante realizada polo propio cura nunha carta de maio de 1972 a Juan Barja de Quiroga (Documentación facilitada por Pablo Santiso Vázquez):

> *«…desde el 13 de marzo hasta hoy estuvimos trabajando en las zanjas, todos los días: festivos y demás. Incluso durante los tres últimos días de Semana Santa. ¡No se asuste: El Papa de Roma aquí soy yo, y estamos trabajando bajo los auspicios del Sindicalismo Español y de las autoridades Provinciales y Municipales! Así que huelga toda explicación en busca de disculpa.»*

Curiosamente neste mesmo ano de 1972 o Grupo Sindical de Guísamo realizou en colaboración co concello de Bergondo a obra de sumidoiros desde «Casa de Blas a San Paio», posto que a reparación e ampliación da estrada nacional VI destruíra ou alterara todo o sistema de drenaxe que existía e producíanse inundacións na escola e lavadoiro de San Paio e varios camiños (Arquivo Municipal de Bergondo). As obras da traída de auga chegaron ata 1976, período no que José García Verdía actuou como secretario nos diferentes



Fig. 18.- Foto familiar dos anos cincuenta con súa prima Matilde, seu primo e compañeiro do Seminario en Santiago, Gesto, e José García. Abaixo sentados seu pai Rogelio e súa tía Rafaela. O neno da esquerda é o seu sobriño Sindo e o da dereita un veciño amigo seu, Manolito Ferreira (foto facilitada pola familia).

equipos directivos que se foron formando ao cabo destes anos. El foi o motor de todo este proceso aínda que oficialmente existía un cargo de presidente que foi recaendo en varios veciños. No momento en que a auga chegou ás casas apartouse definitivamente de calquera tipo de cargo na Sociedade. Na última das asambleas á que el asistiu tomouse a decisión de levar a auga de balde para a escola e a igrexa.

Relacións coa Igrexa

Xa desde o Seminario mostrou unha fonda posición crítica co funcionamento da Igrexa. Manifestou o seu desencanto tal e como se pode ler no que conservamos das súas supostas memorias de estancia no mesmo.

Foi un crego comprometido coas persoas da súa parroquia, cun aire aperturista nas súas ideas sociais e relixiosas fronte a unha maioría dun clero integrista e conservador maioritario na igrexa nese momento. Foi adiantado ao seu tempo, e así tamén lle xurdíron problemas coa xerarquía eclesiástica e tamén con moitos dos seus compañeiros.

Conservamos documentos de varios momentos da súa vida onde segue mostrando a súa postura completamente desconforme coas directrices da curia.

Un acontecemento que marcou a súa traxectoria dentro da igrexa foi dunha conferencia que ía dar no ano 1960 en Santa Cruz titulada: «Enseñanza catequética: niños, adultos. Visita de escuelas» (Documento rescatado nas ruínas da súa casa. En anexo 2). Presentoulle

o texto ao bispo e este prohibiulle realizala. Temos a propia versión de Don José que el mesmo deixou escrita co texto da conferencia (anexo I):

«Esta conferencia debía ser pronunciada, en Santa Cruz ante los Rvdos. Señores Curas del Arciprestazgo de Cerveiro a finales de este mes de Junio. Se me prohibió por parte del Sr. Obispo Auxiliar de Santiago, debido a mis convicciones como hombre y Sacerdote. En San Martín de Orto, en presencia de varios Sacerdotes, se me conminó a retractarme de ciertos puntos de vista, usando el Sr. Obispo del insulto y la amenaza. Un deber de conciencia me impidió dar el brazo a torcer. Luego, el Sr. Don Pío Escudeiro y Don Severino Bugallo me aconsejaron en Santa Cruz que le pidiera perdón al Sr. Obispo. Les contesté que no tenía por qué y que sería indigno de un Obispo y de mí, si tal cosa la llegara a hacer yo. Don Severino estuvo de acuerdo. Y más, cuando le dije que quien debiera estar ofendido era yo y no el Sr. Obispo, al ver que después de un mes todavía él no había rectificado su errónea y antievangélica actitud para conmigo.

Ese mismo día, en Santa Cruz, no he oído más que indirectas picantes: que si algunos no hacíamos más que escuchar emisoras extranjeras y las sirenas de otros mundos...

Me he marchado de la reunión sin despedirme de nadie, al sentirme indignado por la ofensa que se trataba de inferirme.

La barquilla de Pedro hace agua por todas partes. Como no soplen otros aires, más sanos y más puros, la Iglesia de Roma, se desintegrará. Los Obispos y ciertos grupos de presión Eclesiásticos se arrogan prerrogativas de poder y mando que no les pertenecen. Así no nos interesaría continuar en la Iglesia de Roma, por considerarla antievangélica.

Ese día hice un definitivo propósito de no aceptar ya ningún otro Cargo Eclesiástico, fuera del que tengo. Seguiré ya para siempre el gran consejo de Fray Luís de León:

«¡Qué descansada vida
la del que huye del mundanal ruído
y sigue la escondida senda...»

Ya no picaré más en este estilo de agrupaciones. Cualquier cosa será tan buena o mejor que continuar bajo la mano intransigente de nuestros Jerarcas. Me «siento sólo entre Curas y bien acompañado entre Laicos, que comparten mis puntos de vista con grande aplauso por su parte y convicción mía personal. A partir de hoy mi postura ha de ser Crítica. La Verdad nos la tenemos que buscar día a día con trabajos y dudas de cada «uno, independientemente de los grandes grupos de Creyentes, que, a veces, no son más que cucos. Si fueran otra cosa, otro gallo cantara, ya que me vería precisado de todo punto, a aceptar la postura de la Comunidad de Creyentes, prefiriendo sus categorías mentales, religiosas y culturales a las mías propias. La Iglesia de Roma tiene que renunciar a su Política de imperialismo y atenazamiento de nuestras conciencias, personales y colectivas. ¡Pero le ha de costar mucho trabajo reconocer este estado de cosas! La clarividencia y la prudencia no son las dos virtudes en que se basa la actuación de nuestros Obispos, del Papa y Grupos dentro de la Iglesia.

Dejo constancia de esto, para que quien lo lea se digne verificar todos los extremos expuestos por quien se sintió y vio incomprendido de los que se dicen Pastores de Cristo. Creo en los grandes valores de la Humanidad, pero no creo que, hoy por hoy, los pueda dispensar en exclusiva, por no poseerlos tampoco de ese modo, la Iglesia Romana. A Nuevos Tiempos, Planteamientos Nuevos. ¡Y éstos vengan de dónde vinieren! La Verdad viene de Dios, pero sus canales son patrimonio de todos los Hombres.»

En 1961 foille concedido pola Arquidiocese compostelá e polo arcebispo Fernando Quiroga Palacios un permiso de tres anos para trasladarse á Arquidiocese de Bogotá en

Colombia coa finalidade de realizar estudos de filosofía na Universidade Católica. Isto probablemente estaba motivado polo seu desencanto. Finalmente non o realizou.

Entre 1962 e 1965 levouse a cabo o Concilio Vaticano II co obxectivo de renovar e adaptar a Igrexa aos tempos modernos e de mellorar a relación coas demais relixións, así como de proporcionar unha apertura dialogante co mundo moderno actualizando a vida da igrexa. Entre outros puntos hai que sinalar o do debate sobre o celibato dos presbíteros. O Concilio non alcanzou o nivel de apertura que algúns esperaban, entre eles José García Verdía. Consérvase correspondencia co cardenal holandés Johannes Alfrink, que representaba un dos sectores máis progresistas do cónclave.

Una segunda diferencia: La Educación Religiosa del Pueblo antes fue una hazaña de la Administración Eclesiástica, dueña del Poder Temporal y Eterno. Entonces los dos poderes se encontraban en una mano y nadie osaba, bajo castigo de excomunión, poner en tela de juicio tal estado de cosas. Fue el Liberalismo, a la postre, el que trastocó los términos que se barajan en la Teoría y Arte de la Educación. Y eso, no al principio. Hace aún poco tiempo que advertimos su funesta presencia entre nosotros en lo meramente religioso: idea, vida pedagógica-religiosa. El Pueblo vino tirando hasta nosotros en virtud de la Ley de Inercia, a pesar de las Ideas Liberales.

Hoy hace ya muchísimo tiempo que la Administración Eclesiástica no es capaz de dar orientación a la Vida Pedagógica entera de nuestras Parroquias. Y eso aún teniendo en cuenta ciertas facilidades que la Sociedad Civil nos proporciona. ¡No nos engañemos!

Entonces las riendas de la Educación eran nuestras y lo abarcaban todo: lo Divino y lo Humano. Hoy no creo que podamos, siquiera, representar lo Divino en todas las esferas y multiplicidad de la vida de nuestros Feligreses.

Más bien, nace la Educación del seno de la Sociedad Civil, de un modo siempre nuevo y libre, hasta cierto punto de las sabias trabas de la Sacrosanta Religión. La Semilla antigua no se perdió, pero resulta difícil sino imposible de regarle si no tratamos de restaurar tiempos pasados con medios más directos.

A la inminente complicación de la Vida Cultural corresponde la multiplicidad de las Formas e Ideas Educativas, Ya por eso es imposible volver hoy a reducir todo su mundo a un ideal de Formación Salvacionista. Sólo, en circunstancias muy primitivas, espartanas, es tan grande la uniformidad de las condiciones de vida que el Pueblo, entero o en parte, esté determinado por una idea de Formación Salvacionista, santificada por la Iglesia. En nuestro nivel sólo puede ser común a todos una cierta norma fundamental Legalista, Externa, del modo de pensar en una multipolar Pedagogía Eclesiástica de buscar la ayuda Estatal indirecta -por la directa estamos dispuestos a luchar- ya que no nos canvence la limosma que se nos da al permitirnos visitar las Escuelas del Estado: cosa loable, pero, a todas luces, insuficiente. Además, sabemos y estamos sinceramente afianzados en la idea de que los Contenidos Culturales, del Creyente y no Creyente, tienen que ser múltiples como la Vida misma. Para ello hay que buscar medios Pedagógicos y Didácticos que vayan tan lejos como la vida misma de nuestros Feligreses. De lo contrario, provocamos una despectiva actitud por parte de esos mismos a quienes con nuestras armas monopolares tratamos de preparar para la vida terrena y por ella para la vida eterna.

He hablado varias veces de esto y he oído hablar en este sentido. Es por lo que me tomo la libertad de exponer mi punto de vista en este asunto cuestionable.

Con ello creo haber expuesto la importancia de la Educación pedagógica para la vida de nuestros Pueblos. Y, si no fuera porque el tiempo apremia, trataría, en esta parte temática, de exponer cómo esa Pedagogía debe ir adornada del pomposo y eficaz epíteto de «Científica». Pero supóngase, y libéreseme del interés en demostrarla; y permítaseme tan solo decir que nuestra Educación Pedagógica Eclesiástica ha de estribar como científica: «En tomar una realidad cultural ya dada, quizás, por el Magisterio Estatal, someterla a conceptos ordenadores, por último, darle forma mediante posiciones valorativas y normas sobre las cosas y el ambiente, de acuerdo con las directrices de las magníficas lumbreras pedagógicas, católicas y no católicas,que cualquier Manual de la Historia de la Pedagogía o una visita a los grandes Centros Docentes nos ponen a la vista. Démosla, pues, al Pueblo.

Guísamo, Junio de 1960.

Documento 3. 20 de maio de 1966. Resposta a unha carta circular dos membros de SEPT para introducir a lingua galega na liturxia:

Meus queridos señores:

Teño recebida a Carta Circular, que vostedes adreitaron ao Cardeal, Bispos e Cregos de Galicia. Dou por suposto que seña verdade tudo canto os meus señores nela digan, inda que encol a certos pontos e xeitos de presentárennos as cousas, eu teña as miñas dúbidas.

Mais, boeno, é certo todo. E qué?

É que temos dabondo coa introducción da lingua Galega na Liturxia? Non hai outras rexións do Esprito, cuia laboura é previa á da Liturxia e das que non existe na fala nosa exposición e inseño neñún? Eu estou cavilando nas distintas ramas das Ciencias e das Artes e Técnicas.

No Arte e Cencia Literarios hai que faguer percura de obras do tesouro alleo. Estou maxinando nas diferentes Literaturas da Europa aitual e nas millores de tempos antergos da Europa e da Asia e da África. ¡Qué pena me da vere que case nadia se lembra de arriquecer a nosa Literatura clásica con novas adequisicións por mor de traduccións de obras mestras de tudas as Literaturas!

¡Que ricaz ficaría a nosa Literatura coa versión das obras crásicas da Literatura Rusa!

Nin que dicir teño que desto ninguén se fai acordo. Fai tempo que veño traballando nesto e non recolectéi máis que as olladas que nós os Galegos sabemos botar cando con desdén ollamos a calquer persoa.

Espero que teñan arrouto para maxinaren que de moi puco nos viría empregarnos a lingua galega nas nosas cousiñas da Eirexa, se denantes, de pirmeiro, non a arriquecemos coas pelras e tesouros de outras falas no centífico ténnico e cultural.

Vostedes nos puxeron o enxempro da Basconia e da Cataluña. A literatura da Basconia non a coñezo. Pro a Catalana, sin. E dende aquí da miña biblioteca lles podo amostrar a vostedes as muitas traduccións que os cataláns fixeron das grandes obras da Cultura Universal. Eso espero que se faga tamén na nosa Galicia. Ónde están tamén os Cregos que con seus estudos das Humanidades Clásicas: Gregas e Latiñas, e os da Teoloxía e Literatura Relixiosa poden facernos a nos un belo servicio neste terreo? Ónde están os Clubes de todas crases para vellez e para mocedade que conxunten todas as forzas: inteleituales, moraes e económicas para levarmos a cabo tan importante tarefa?

Máis que sobrados casos tivemos xa nos tempos idos dun traballo parello. Nembremos, por todos, na Hespaña do Rei Sabio o Cisneros no campo da lingua e literatura Bíblicas e outras. Quizabes, tudos os que queremos a galeguización da nosa rexión deberíamos realizarmos unha tarefa somellante, tratando de aviscar descobrindo e intresando e unindo nun equipo ou clube a todos os posibres obreiros en prol da Cultura Galega en todos os niveles: da Universidade da igrexa e do Pobo senlleiro. Cómo se potenciaría a lingua a toda a nosa Cultura Galega?

Faleilles da Literatura Rusa, Grega e Latiña, na primeira das caes teño traballos feitos, coma o Pai Serguei de Tolstoi. Agora mesmo, estou verquendo ao Galego un Heroi do noso Tempo, de Liérmontov, e Homillados e Ofendidos de Dostoievski, Pro o meu desexo sería traducirme

ao Galego dreitamente do Ruso toda a ricaz e belida novela Clásica Rusa: Tolstói, Liérmontov, Dostoievski, Turguiéniev, Pushkin e o Don Tranquilo de Xólojov. Mais un soilo pérdese nesta verea. Eu tírolles o S. OSS. E vostedes xa verán o que fan. Lémbrense aquí o que fixo o ruso Lomonósov.

Despois lévame a ialma a tradución de Goethe. Quixera eu verquer toda a sua obra ao Galego. Pro é moito para un soio. Aquí me teñen. E qué dicirmos da Literatura Inglesa e Francesa? Tamén me oferezo a colobourar en tradución direitas.

E da fala Grega? Platón, Homero, Luciano, Tucídides, Plutarco, Herodoto e os Tráxicos, Aristófanes: tudos estes están esperando unha man amiga. Eu tamén arrimo o hombro nesta doce, inda que traballosa tarefa. Haberá alguén máis? Eu queixera crer que sín.

E dos Hebreos qué decirmos? Ofrezo xa o Libro de Xob, traducido direitamente deste idioma, máis a axuda para a tradución de outros libros.

Arestora teño traducida toda a primeira parte da Comedia de Dante: o Inferno. Verquina en tercias rimas, conservando, a poder ser, o ritmo, rima, aliteración e demáis da obra Italiana. Pro estou soíño: Non teño a ninguén que lle dea un pouquiño, siquer, de caloriño ao meu ánimo acougado pola soedá na laboura. Hai moitas falas e pouco trigo.

Din os nosos probiños petrucios: «¡Qué lle imos a facer! ¡Outro día será!

Non lles digo máis ren que: «Menos falas e máis obras!» Asín faremos a nosa Lingua e dimpóis poderemos enseñála e amosala repoludiña. Se non a probiña ficará esquelética e sen roupiñas: Me entenden vostedes?

Adeus, meus Siñores. Moito obrigado lles presento os meus saúdos.

Xosé García Verdía

Guísamo, 20 de Maio de 1966.

Documento 4. Carta a Vidán Torreira en 20 de abril de 1970

Sr. D. Manuel Vidán Torreira

A Coruña.

Querido amigo:

dendes que empezaches a escribires no xornal de «La Voz de Galicia», contó que sempre lin os teus nomeados artigos. Me apracentaron moito por duas claras razóns: 1ª- porque lle deches nivel e amplitude científicas ao Galego, conforme aos medios de que dispoñemos hoxe no campo da Cencía de Linguaxe, deixando ao lado o vulgarismo que tanto abonda nestas cousas. 2ª- Porque fixeches galanía da túa meirande comprensión encol a outras posturas que non son a tua. Non as iñoraches ou miraches por enriba do hombro, como acostuman a facer outros.

Emporeso sinto azos -como penso que os sintirán máis- para contestar as cuestións que nos puxeches este domingo na seución «Da Nosa Fala» sobor do informe «FOESSA». EU xa sabía de denantes que che podía responder con toda libertade, como tiven xa visto noutras moitas ocasións. Neste marco percuraréi eu dar as miñas respostas.

Primeira pregunta: «Quiénes son los que niegan esta realidad y por qué?

No meu parecer son os de sempre, os que pescan en augas revoltas e o caladiño, os puselámines, os de corazón cativo e egoísta, sen capacidade de «comprensión pra nadia e pra nada, como non seia pra os seus puntos de vista dentro do mundo oficial, se lles convén, ou fora déle, se ven que esto é de máis proveito. A estes non lles din ren os datos, a non seren que estean de acordo con seus intreses. E teñen sobrado dreito a maxinar así, porque o mundo non é como é, senón como lles peta a eles. Mais terán de seren as cousas sempre así?

Segunda pregunta: «Por qué el certero y fino instinto femenino de la mujer gallega confiesa tan rotundamente su galleguidad?»

¡Home! Eu maxino, porque confesa o seu ser, enteiro e sin fallas. Deste xeito as nosas mulleres, inda que poideran falar o Castelán, usan o Galego. Como din elas: «Deste modo saberán que aínda estamos aquí».

E, antre elas, a xuventú femenina, ademáís do que tiven xa dito, porque saben e ven que, mundo adiante, se pode falar o propio Idioma, cando lle pete a cadaquén, anque haxa que ire contra o estabelecido na nosa nación e noutras poucas de semellante ordenación.

Xa case que todas se decatan da mísera, tacañenta e nada engadante politiquería dos tempos idos do Centralismo nas nosas Sociedades, polo que fai ao Linguaxe e ideias políticas. Elas e todos nos sentimos a vergonza de ver que non podemos ser como a demais xente de fora. Xa comenzamos a caermos na conta da falsedade en que tivemos vivido, en que xeito nos alienaron ao querer roubarnos o máis santo e ámago que temos: a nosa Lingua. Quixeron sacarnos a fala e o xeito de ser. E nos lo tornaran a facer de novo, pro non poden. Sabemos todo esto e estamos dispostos a «contestarmos».

O noso ser e a nosa outura Cultural está no cultivo da nosa Galeguidade e a nosa Fala. Eso é o que nos importa.

Terceira pergunta: «Por qué, pues, dicen algunos que las madres gallegas no quieren que sus hijos hablen gallego? De qué madres gallegas hablan?»

Todas queren que os seus fillos falen galego. Mais tamén queren que falen castelán, porque este é o idioma da Comunidade hispanoamericana e o que lles permiten empregar en todos os niveles do Ensino do Estado e da Eirexa en España. Elas teñen que levar aos seus fillos polos vieiros que lles permiten viviren, -¡pra eso estamos no Mundo!- inda que teñan que botar man dun linguaxe alleo que non acae aos xeitos e cousas nosas. ¡Só é por viviren e teren un posto de traballo! Non máis. Pouco máis nos pode dar o emprego do Castelán por nos os Galegos, sobre todo nas aldeias.

Que hai algunha nai de escepción, é certo. Pero pouquiñas. Moitas delas cando se formaron -millor dito: cando se deformaron- nas Escolas, nas nosas Eirexas, solo ouviron falar do que lle vai ao Centralismo. E ¡sácalles esa formación unicornia dos miolos! Só eso acontecerá si é que ven de ganaren máis cartos ou bós postos na Administración. Xa que de esprito elas, ¡miñas pobres!, deso non saben unha papa. Inda que, se oficialmente dixeran outra cousa, cicais, cambearan de opinión. O de «autós éphee» pode moito nelas. Polo menos, fainas calar. Non son capaces de pensar por elas mesmas.

Coarta pergunta: «Por qué las entidades y asociaciones de Galicia -tanto privadas como públicas- no han reclamado masivamente la inclusión del Gallego en las escuelas?»

Porque o máis delas viven en Babia. ¡Ben se lles vai a elas eso dos valores do Pobo e do Esprito! O que desexan anguriadamente non é eso, é outra cousa. Para qué decilo? Aparencia e soio aparencia. Se foran os tiros por outra beira, xa verías tí como eles daban a volta. Pro por de agora éche así.

Quinta pergunta: «por qué los gallegos que saben leer y escribir el Castellano, no saben leer ni escribir el gallego, a pesar de saberlo hablar? No será culpa de la ortografía diferencialista?

Como vamos a saber ler e escribir en Galego, se non tíñamos libros en Galego? E ¡inda máis! Tíñamos vedado lélos, caso de que os tivéramos. Non recordas cómo nos coutaban a leitura de Rosalía? E non quero lembrarme do que pasaba, se nos collían con Curros nas mans. Daquela ¡arrenegados sexan todos os demos! Xa non había perdón polo crimen e pecado. Tí sabes Teoloxía e Dreito. Xa me entendes.

E aínda máis: Ninguén nos insinou a ler e escribir o Galego cando de rapaces da escola. Se fixéramos por eso, teríannos por tolos ou por tontos. E eso ¡inda maores! Ben o sabes tí. Non o palpaches xa no teu mesmo pelexo? Xa o palparás: «Que non hai ben que por mal non veña». E aínda queda moito que tecer neso de deixarnos anque non seña máis que falarmos o Galego. Xa mo dirás.

Eu creo que a ortografía diferencialista nin vai nin ven nesto. Se tal vez, nalgún con certos coñecementos linguísticos. Pro eu coido que nesta custión hai moito renxer. A Fonética e Fonoloxía, coma tamén a Etimoloxía, comparadas teñen moito que decir. E non digamos nada dos nosos usos e libertades. Ou é que vamos a séremos esclavos tamén nesto? Emprego o Galego por moitas razóns, pro unha delas é que me permite ser libre en cousas que non mas permite o Castelán. Se non fora deste xeito, empregaría outro Idioma ou o inventaría.

O movemento faise andando. Tamén nos temos que camiñar polos vieiros da galeguidade e do Galego inda que seia a remache e martelo. Non vexo outra saída. Asín faguemos na aldeia. É que hai outra?

A nosa esperanza non se acaba. Emporeso, seguimos agardando. O Pobo Galego sempre vivíu de esperanzas e saudaddes. É que se trata de vivirmos e sermos nos. E eso dánolo a nosa Fala.

Sobor da ortografía diferencialista moito me gustaría parolar contigo. Pro hai que rematar esto.

Hastra outro día. Con ademiración e afeuto.

Documento 5. Reflexión sen data (probablemente de 1972) titulado «Importancia de los idiomas».

Es posible que nunca se haya tomado de ningún valor natural o cultural tan clara conciencia como del estudio de los Idiomas y por ello problematizado tanto acerca de la ventaja o desventaja del conocimiento de Idiomas que no son los nuestros en el uso cotidiano y oficial. De ahí que la cuestión se nos plantee hoy en todos los niveles culturales, a diferencia de lo que sucedía poco tiempo hace, máxime, en el seno de nuestra Sociedad Española. Y su solución se nos hace necesaria con caracteres de unha inmediatez para muchos insospechada.

Así para poder proyectar un poco de luz y dirimir esta cuestión de suma actualidad, se irán exponiendo, los diferentes aspectos, bajo los cuales debemos ver los Idiomas, y fines para que se puede usar de los conocimientos lingüísticos.

Esos aspectos podrían ser los de la Ciencia del Lenguaje, los tipos de estructura lingüística y sus productos históricos -con las transformaciones pertinentes- debidas a raza, cultura, economía y política; y e l uso científico-técnico-profesional. Desde todos estos puntos se pueden vislumbrar matices, que permiten dilucidar el tema sobre la importancia de los idiomas con bastante exactitud.

Desde e l punto de vista general del a Ciencia del Lenguaje, lo primero que salta a nuestros ojos es la palabra como distintivo exterior del hombre, cuando emplea el lenguaje haciendo uso del Idioma. En efecto, la palabra es un don singular y maravilloso en nuestro mundo de los sentidos, concentra en sí toda, la grandeza creadora y expresiva del hombre, ser racional. Viene a poner a disposición de la criatura racional, como expresión de la inteligencia, el cetro de la soberanía que le corresponde sobre todos los otros seres de este mundo visible que es la Tierra.

Luego, al primer golpe de vista, se impone la dignidad e importancia de la misma palabra. Porque en ella -sonido articulado- halla encarnación, vida y nutrición el pensamiento y l a facultad de pensar de los individuos y de los Pueblos. Se transmite de generación en generación a través de las edades. Es a manera de un espejo en que se refleja la actividad vital de la inteligencia del hombre, individual o colectivamente considerado, que lautiliza para las múltiples y variadas manifestaciones de la vida: Ciencia, Arte y Cultura. A todas estas actividades racionales -e incluso irracionales- lleva la palabra los sublimes destellos de la fuerza creadora del Espíritu y la luz prodigiosa que alumbra y ordena el mundo de las ideas dentro de conjuntos o subconjuntos sistematizados.

Mediante ella guardamos todos los tesoros del ingenio y del saber, permitiendo abrir cuentas corrientes como un magnífico legado histórico. Es una potencia misteriosa que conecta al hombre con el hombre, al entendimiento con el entendimiento y a las comunidades con las comunidades, estableciendo corrientes inefables de ideas y afectos. Lo cual convierte a la palabra en lazo poderoso que reaciona y une en universal agrupación a los hombres de la Tierra, y revela fielmente todas las maravillas del genio humano y los más elevados conceptos de las operaciones espirituales, que informan las Civilizaciones y las Culturas. Podríamos comparar la palabra con el Sol, astro Rey. Del mismo modo que éste en nuestro sistema solar es fuente de vida, de actividad y energías, vertiendo incesantemente los esplendores de la belleza en el Globo terráqueo, así la expresión de nuestro mundo psiquico-espiritual por la palabra es, en el ámbito de las inteligencias, fuente imperecedera de movimiento y colorido de las ideas y sentimientos, a los que con su influjo da esplendor y vida.

Y así como, cuando el Sol desaparece por el horizonte, nos son arrebatados de nuestros ojos todos los bellos fulgores, que en concierto estupendo de la Naturaleza se ofrecen a nuestra mirada regalada, de semejante forma una horrenda noche de incomprensión y silencio se cierne entre los hombres y las naciones, cuando en su hablar non se entienden, al desaparecer o no existir aún el vínculo comunicante de los Reinos del Espíritu. Entonces se apaga la luz que a nuestros ojos ofrece

el fúlgidobrindis. Estos Reinos con toda su variedad, hermosura y peculiaridad por medio de la facultad de hablar, y sobre las regiones del entendimiento de los hombres y de las Sociedades caen densísimas las sombras del mútuo desconocimiento e incomprensión, presagio inexorablemente cierto de la tormenta de un desquiciamiento de las facultades personales y sociales, que no se puede evitar, de la muerte y de la frialdad del sepulcro. Los hombres y las comunidades nacionales y regionales, en este caso, estarán irremediablemente abocadas a un trágico y rotundo fracaso. Crisis de toda clase prenderán en este ambiente situacional. Lo peor se puede esperar: ¡hasta la total y recíproca aniquilación!

Sin embargo, a pesar de lo dicho, por nada del mundo -quisiera hacer de la palabra el único medio, exagerando su fuerza creadora y unitiva al estilo de las Escuelas Tradicionalistas, Ontologistas y Positivistas. Pero no se puede menos de reconocer su enorme influjo como signo y como instrumento, según lo demuestra la fecunda obra de la Ciencia del Lenguaje.

En todas las épocas y en distintos pueblos se ha reconocido la extraordinaria importancia de la palabra articulada en sistemas y estructuras del lenguaje y de las maneras peculiares de cada pueblo o nación. Así entre los Griegos este interés y aprecio puede valorarse por lo que significaba para ellos la pureza y armonía de su Idioma, que con tanto empeño procuran siempre mantener. Cabría traer aquí la anécdota de Demóstenes -que introducía un guijarro en la boca para llegar a hablar bien y cambiaba intencionadamente el acento de algunas palabras en las frases, para llamar la atención del público oyente sobre ellas, y luego las corregía al instante, y que tantos éxitos le proporcionaba.

Lo mismo podría decirse sobre los Latinos, que heredaron de los Griegos el conocimiento sobre esta materia.

A este respecto voy a hacer, atinente al asunto, una cita tomada del Rig-Veda de los Indios: «Ella (la palabra)... es la que manifiesta cuanto es digno de estima a los hombres y a los dioses, y que hace poderoso, brahmán, profeta y sabio a quien ella dispensa sus favores... pelea por el Pueblo, llena Cielo y Tierra y en medio de todos los seres eleva hasta el Cielo su cabeza».

Dejo de exponer la alta estima en que tienen la palabra los Hebreos y los hombres de la actualidad. Basta con saber cómo se portan los hombres contemporáneos y los magníficos y bien meditados programas de los Estudios Lingüísticos.

La importancia de los idiomas puede y debe, en el aspecto empírico, considerarse desde el punto de vista étnico-político con derivaciones también al mundo económico.

En este aspecto, partiendo de la definición de Idioma: «Conjunto de palabras con que se comunican las gentes de un determinado país o región», podemos extraer luz más que suficiente para dilucidar nuestro tema. En efecto, todos los Idiomas tienen diferencias entre sí atendiendo a su vocabulario y a su gramática. Pero, si se comparan, se ve que muchas lenguas son hermanas porque proceden de una, que viene a ser como la Madre Común de todas ellas. Así podemos constituir familias de Idiomas por el parecido de sus vocablos. En este caso podemos citar:

Chino con 700 millones de parlantes;
Inglés con 280 millones;
Ruso con 250 millones;
Español con 145 millones;
Japonés con 100 millones y
Alemán con 70 millones.

Como las distintas lenguas no se dan independientemente de la Cultura, esto es, del conjunto de costumbres y creencias cue constituye una herencia social y que determina la contextura de nuestra vida, cuanto se ahonde en el conocimiento de la Geografía Lingüística no hará sino derramar claridad sobre el asunto que tememos entre manos.

Y fijándonos en la Geografía de las Lenguas, tenemos las Asiáticas, que se agrupan alrededor del Idioma chino con sus dialectos, el Japonés y las lenguas de la India y del Tibet.

Asimismo, las lenguas Europeas, que se distribuyen en tres grandes grupos:

1) El Ruso, con el que tienen afinidades el Polaco, Búlgaro, Checo...;

2) El Germánico, con los grandes Idiomas: El Inglés y el Alemán con otros Idiomas de menor amplitud y peso;

3) El Románico, derivado del idioma madre, el Latín de Roma. Este grupo comprende los siguientes lenguajes:

El Español, con 145 millones, que se habla, además, en casi toda l a América, Filipinas y otras partes;

El Gallego-Portugués con 85 millones, que se extiende a: Galicia-España, Portugal con sus colonias y Brasil;

El Francés con 58 millones, extendido a Francia con la Unión Francesa, Bélgica y parte de Suiza;

El Italiano con 50 millones, usado en Italia, parte de Suiza y emigración Italiana por todo el mundo;

El Rumano, que se emplea en Rumania;

El Catalán en Calaluña, Valencia y Baleares, y

y El Reto-romano, que se habla en parte de Suiza.

El Castellano, que se llama también Español, es el más importante de las lenguas Románicas citadas y otras de la misma familia. Está muy extendido por el Mundo, pues se habla en toda la extensión de lo que fue el glorioso Inperio Español. Su importantacia es tal que figura en los programas de Bachillerato de casi todos los países. Sería interesante pararse en el estudio de la geografía de este lenguaje.

Lo mismo podría decirse del Gallego-Portugués. Su extraordinaria importancia y el poco reconocimiento que hacia ellos tenemos, desde el punto de vista político, religioso y cultural, en España y ¡ay, dolor! incluso, aquí en Galicia, es exponente más que suficiente para echarnos en cara el subdesarrollo que padecemos en ese aspecto antes aludido. Hoy no existe disculpa para nadie que se precie de medianamente ilustrado o interesado por los grandes tesoros de nuestro Pueblo Gallego. Es una pena que los Gallegos no apelemos a la solidaridad y fraternidad Gallego-Portuguesa, para recabar un trato de igualdad con los Carpeto-Vetónicos Castellanos. La base de su justificación en la actitud ético-político-cultural de Francia con la actitud francesa para con sus idiomas Regionales, no hace más que denunciar el canibalismo Castellano de nuestro Estado e Iglesia, amén del de todos aquellos que consciente o inconscientemente mantienen una actitud de feroz y devorador Imperialismo lingüístico.

Ahí está el Estado Ruso con su política de las Nacionalidades para que aprendamos una lección de simple sentido común. Pero, repito, nuestro gregarismo simiesco no sería capaz

de aprender y menos seguir los estupendos ejemplos de conducta generosa y eficiente del Gobierno de la Unión Rusa para con los Pueblos de las Nacionalidades, dando la bienvenida, de aceptación fraternal a todas las Culturas y Lenguas Regionales y ayudando -pródigamente con el dinero del Presupuesto Estatal a toda iniciativa en el desarrollo, extensión y perfeccionamiento del patrimonio Regional. La Prensa, la Radio, la Televisión, la Universidad y el Pueblo Rusos ayudan a la expansión de los valores Regionales. Cuando lo haremos, siquiera, los Gallegos con nuestros Valores de la Cultura Regional?

Hay otro aspecto que nos permite medir la importancia de los Idiomas. Es el aspecto científico-técnico-cultural con proyección profesional. Desde este punto de vista los Idiomas

sufrirían una clasificación que, atendiendo al orden de importancia, podría no coincidir con la jerarquía de valores de acuerdo con otros aspectos. En este punto valdría citar por todos el Alemán, de extremada importancia en el mundo de las Ciencias y de las Técnicas.

Es evidente que la importancia de un Idioma cualquiera depende del punto de vista conforme al cual se le mira y de los fines a los que se destina. Idiomas que poseen mucha importancia desde la Ciencia del Lenguaje, pueden tener nula o muy poca por razones étnico-político-económicas; otros la tienen desde este punto, pero -carecen de ella en el orden científico-tecnico-cultural.

Por ello, supuesto el extraordinario interés del estudio de los Idiomas -ya que es indiscutible en la actualidad- el futuro educando de un idioma ha de pensar en el destino que piensa dar a la lengua que pretende aprenderse. Así las razones por las que se escoge el Latín no son las mismas que podrían valer a la hora de escoger el Inglés o el Ruso, por ejemplo. Ni las de éstos, las del Alemán

u otro idioma. Aun siendo parecidas las razones, éstas tienen una peculiaridad que las distingue. Lo que hace más sugestiva la aventura del estudio de los Idiomas.

De donde, hablando en general, es posible que en el tercer aspecto, además de la propia Lengua Oficial y Regional, para un Español, quizás, le resultaría muy interesante estudiar: Inglés, Francés, Alemán y Ruso. No se olvide -vuelvo a insistir- que en el caso de los Gallegos es imperdonable el desconocimiento del Gallego-Portugués con tanto porvenir. Para ello sería conveniente una. intercomunicación entre las comunidades gallega, Potuguesa y Brasileña. En todos los niveles y en las formas más dispares, debiera enseñarse el Idioma Gallego-Portugués. Tenemos obligación de conocer y dar a conocer todos los resortes de esta Cultura Gallego-portuguesa. Lo de Portugal y de Brasil debe interesar a los Gallegos. Pero la inversa no debe ser menos cierta. Saldría ganando tanto el Centralismo como el Regionalismo, ya que así quien saldría beneficiado sería el Pueblo. ¡Y esto es lo único que nos debiera interesar a los Estados Español, al Portugués y al Brasileño.

Desde luego, desde el punto de vista científico se hace imprescindible el Alemán, porque sería imposible dar un paso seguro en la mayoría de las Ciencias sin su conocimiento, por más que el grado y forma de conocimiento de una Lengua no ha de ser para todos igual. A veces bastaría sólo con saber leer y traducir correctamente; otras veces, con hablarlo bien.

Tampoco debe olvidarse que a lo largo de los siglos, con los cambios que imponen los acontecimientos del devenir histórico, también se desvía el centro de interés de un Idioma o grupo de Idiomas, con lo que se favorece a otros que hasta entonces quedaron relegados a un segundo o tercer plano, e, inclusive, podría ocurrir que emergiera alasuperficie algún otro nuevo, nacido del Organismo Natural Lingüístico. Podría hacerse aplicación de lo dicho en este párrafo a l caso del Ruso y del Chino. La razón del estudio de estos dos Idiomas se ha desviado hacia nuevas perspectivas de carácter político-social que ennoblecen el estudio de tales Idiomas. Con la aparición de un Tercer Mundo con su gama de problemas -y novísimas soluciones-, pudiera surgir pujante el Español, el Gallego portugués o el Francés. Nada se puede decir. El Hombre conoce pocas cosas y de ellas un porcentaje mínimo de su ser y operar.

Para terminar, solo quiero recalcar: Hoy a tods es necesario el conocimiento de varios idiomas. ¡Y cada vez lo será mucho más! Si queremos asegurar un avance progresivo en las Ciencias y las Artes; si ‘los Pueblos han de aprender a convivir educados para la Paz y no para la Guerra; si aislamos producir en los Hombres Felicidad y Goce Espirituales, han de conocerse unos a otros. Y ésto únicamente se hace de un modo básico por el conocimiento de los respectivos Idiomas.

Hoy pagamos caro el desconocimiento de los usos y costumbres de otras Gentes y Culturas. Las guerras no valen lo que cuestan. Y no pensemos en un solo Idioma. Siempre habrá varios, como es vario el Espíritu del Hombre y de los Pueblos. Ya no habrá Idiomas «Bárbaros». Fuera del ámbito de cualquier Idioma siempre habrá algo que atraiga por su interés o encanto, de los que no podemos carecer. Siempre podremos y tendremos que enriquecernos con algo que no es de nuestra peculiar -individual o colectiva- sustancia idiomática. Siempre nos faltará la propia del otro idioma.

El poder de comprensión del Hombre crecerá en geométrica progresión en razón del número de Idiomas que sepa. Por consiguiente, siempre querrá correr el irresistible y encantador riesgo de conocer y saber un nuevo idioma.

Agradecementos:

Moi especialmente ós Familiares de José García Verdía, á dirección e persoal da Traída de Augas de Guísamo, a Pablo Santiso Vázquez, que evitou a desaparición de importantes documentos que el mesmo conserva, a Xabier Rodríguez Campos da Oficina Agraria de Betanzos, Marta López do Arquivo Municipal de Bergondo, Persoal da Biblioteca da Senra e a Elena Veiga Rilo. E ás veciñas e veciños de Guísamo que aportaron algúns documentos e moita información.

Meirás rebelde: un conflito agrario na Galicia da Segunda República

MANUEL PÉREZ LORENZO*

A lo largo de los siglos, familias de labradores han pagado ya con sus rentas, no una vez, sino cien veces, el valor del terruño que cultivan [...]. Y la tierra sigue expuesta al traspaso del que cree tener un derecho mercantil de poseerla a cambio del amarillo metal... [...]. Pero ya en buena hora despierta el campesino, [...] por las veredas y «rueiros» cruzan rojinegras banderas de las sociedades agrarias. Y en cívica romería ya se oyen las notas rebeldes de la Internacional.

Manuel L. Freire-Calvelo[1]

Sumario

Entre os anos 1933 e 1936 tivo lugar un conflito que enfrentou a boa parte da veciñanza de Meirás con varios propietarios de fincas. O motivo, o despoxo inicial de dúas familias das súas terras de traballo, que deu lugar a sucesivas tomas das parcelas coordinadas polo sindicato local, adscrito á CNT. Os acontecementos -enfrontamentos coas forzas de orde, detencións, actos de protesta- serán recollidos polos principais diarios e cesarán coa sublevación militar de xullo de 1936 e a posta en marcha de mecanismos represivos que afectaron aos seus protagonistsas.

Abstract

Between the years 1933 and 1936, a conflict took place in Meiras. This conflict confronted a large part of the neighborhood with several owners of estates. The reason was the initial eviction of two families of their farmlands, that resulted in successive occupations of the estates coordinated by the local trade union, integrated in the CNT. These events -confrontations with the law enforcement, arrests, protests- were collected by the main newspapers and finished with the military uprising of July 1936 and the implementation of repressive mechanisms that affected their protagonists.

No ano 1933, un trebón sacudiu a parroquia de Meirás. O seu nome, asociado ata entón á figura de Emilia Pardo Bazán, volveu ocupar titulares nos principais diarios do Estado: «Los campesinos se reparten una finca en las inmediaciones de La Coruña». Estoupaba un conflito que, ata o inicio da Guerra Civil, enfrontaría a boa parte da veciñanza con varios propietarios de terras. Todo iso nun contexto de expansión do sindicalismo agrario, ligado á CNT, e de pluralización política, favorecido pola chegada do réxime republicano. De seguido, estudaranse os acontecementos que tiveron lugar en Meirás e as súas repercusións máis alá de xullo de 1936[2]. Ese «espertar» do campesiñado que alumeou os campos e os rueiros co devezo dun futuro máis próspero. Ese «Meirás rebelde» do que falaba a prena anarquista.

Acción colectiva no Meirás dos anos 30

San Martiño de Meirás é unha parroquia interior do concello de Sada, a media distancia entre a capital municipal e o porto de Santa Cruz, en Oleiros, e a escasos 10 quilómetros da cidade da Coruña. Residencia da escritora Emilia Pardo Bazán, foi, na Restauración, lugar

* **Manuel Pérez Lorenzo** é licenciado en Historia e Máster en Formación do Profesorado pola USC. Colaborador do Grupo de Investigación Hispona, é autor do libro *Meirás. Un pazo, un caudillo, un espolio* e de diversos traballos sobre a II República e o primeiro franquismo ou sobre historia local de Sada.

de reunión de figuras da intelectualidade e da política[3]. Cunha forte tendencia migratoria con dirección maioritaria aos EEUU, a poboación de Meirás nos anos 30 dedicábase fundamentalmente aos labores agropecuarios: «trátase -dicía o xornalista Xohán Antón Suárez Picallo- dunha parroquia de 571 habitantes, na súa maioría campesiños que viven en lugares acaseirados, ate fai pouco propiedade dos herdeiros da Condesa de Pardo Bazán, e dun convento de monxas, tamén dalí»[4].

É na segunda década do século XX cando nacen as primeiras asociacións veciñais, se ben de finalidade fundamentalmente recreativa[5]. A irrupción, en 1931, da democracia republicana verase acompañada da aparición de novos modelos organizativos. Xa en setembro de 1931 constitúese a Asociación Agraria de Meirás co obxecto de «prestar apoyo y guía a los socios en los atropellos de que fueren objeto por parte de los dueños de las tierras»[6]. Este colectivo, que non estaba adscrito a ningunha central sindical, disolverase poucos meses despois, en febreiro do 1932[7], para dar paso á fundación do novo Sindicato de Profesiones Varias, adscrito á CNT e integrado na Federación Comarcal de Betanzos[8]. Todo semella indicar que esta decisión obedeceu ao influxo exercido polo Sindicato de Oficios Varios da veciña vila de Sada, que irradiaba a súa influencia ás parroquias[9].

A nova entidade propúñase «facilitar a todos los obreros de buena voluntad, así manuales como intelectuales, el medio de contribuir al bien común de sus hermanos». A súa propia organización interna participaba do ideario ácrata, como reflicte o regulamento nas disposicións xerais: «Todo poder obrero social, la soberanía, la suprema dirección, reside en la Asamblea general de socios. La Comisión administrativa que la asamblea nombre es simplemente una delegación»[10]. O Sindicato dotábase dun programa agrario no que se reivindicaba que os impostos municipais, nomeadamente o reparto de utilidades, «se efectúen equitativamente, o sea rigurosamente proporcional, manteniendo esta acción al margen de toda intervención municipal»[11]; tamén se solicitaba ao municipio a «abolición de las cargas contributivas que pesan sobre los campesinos, que aun siendo propietarios, trabajan sus tierras sin intervención de asalariados» e das rendas forais, censos e laudemios sen indemnización, e pretendíase a cesión aos sindicatos agrarios das terras pertencentes ao Concello, Deputación e Estado «para su cultivo en común, lo cual servirá como escuela de experimentación, que demostrará la ventaja del trabajo colectivo sobre el sistema individual hoy imperante»[12].

Á fronte da organización estaba Emilio Corral, labrego, que presidía a directiva fundacional co cenetista Manuel Martín Regueiro Sánchez como secretario. Este último estaba a realizar unha intensa labor proselitista para atraer o campesiñado á CNT e fomentar a creación de sindicatos. Para esta empresa, facía uso da voz e da prensa escrita:

> ¡Campesino! Despierta, deja tu sueño para luego. ¿No ves, campesino, que pesa sobre ti el yugo de la explotación? […] ¡No! Tú duermes. Pero... el día que despiertes, ese día será horroroso para tus explotadores. Entonces te darás cuenta de los parásitos que giran a tu alrededor; te darás cuenta, también, de lo que vales […] y te rebelarás contra tus opresores […] contra todos los magnates de la burocracia, que te absorben la vida; contra la represión gubernamental, contra el cacique, contra el cura […].
> Ahora, campesino, piensa y recapacita, y verás que para conseguir tu emancipación te tendrás que apartar de toda política corruptora y pasar a las filas de nuestra siempre gloriosa Confederación Nacional del Trabajo, única organización en la que tendrán eco tus justas aspiraciones.[13]

Con idéntica intención, a central sindical anarquista organizaba actos públicos na bisbarra. En xaneiro de 1933 tiña lugar un mitin en Meirás no que interviñan Fernández, Fandiño, Pazos e Villaverde co fin de trasladar ao campesiñado da parroquia «la posición de nuestra organización frente a los problemas de la Tierra, que hace que tras un inacabable laborar del campesino nunca pueda hallarse libre ni de la tutela inmoral del cacique, ni de las ramplonas manos de la usura». Segundo o correspondente, os «camaradas», que enchían o local, «mostraron su adhesión y entusiasmo»[14]. Actos como este habíanse repetir nos meses seguintes así en Meirás como nas parroquias limítrofes.

Ademais, a finais de 1933 nacería do seo do propio Sindicato unha asociación cultural na liña dos ateneos de inspiración anarquista que se estaban a espallar pola Coruña e a súa área de influencia. Trátase do Centro de Estudios Sociales Generación Consciente, con domicilio social en Torrón-Meirás. No regulamento, aparte de estipularse que, en caso de disolución, os seus fondos serían transferidos ao Sindicato, establecíanse os medios dos que se habían valer para cumprir co seu cometido cultural e educativo. Artellaríase unha biblioteca; celebraríanse conferencias, mitins e excursións; organizaríanse «certámenes y veladas artístico-literarias» e crearíanse unhas escolas libres. Asinaba os estatutos unicamente o propio Manuel M. Regueiro. Descoñecemos cal foi a actividade e a traxectoria deste colectivo, se é que non ficou tan só en iniciativa.

O Sindicato, ademais, procuraría contribuír á modernización técnica das prácticas agrícolas, facilitando maquinaria aos socios. Posuía, cando menos, unha trilladora que os labregos sindicados podían empregar por 35 céntimos[15]. Outra das súas facetas estribaría na organización de colectas en favor da CNT para paliar as necesidades xurdidas dos conflitos e folgas que se sostiñan na Coruña. En agosto do 1933, o Sindicato organizaba un baile en beneficio do Comité Pro Presos da CNT herculina, publicando a seguinte información, que asinaba unha comisión organizadora formada por Manuel Prego, Manuel Muñiz e Antonio Carballeira:

> El Sindicato de Profesiones Varias de Meirás, reconociendo que no se puede abandonar por un momento a nuestros hemanos de clase, los obreros revolucionarios, presos en las mazmorras de los presidios capitalistas, organizó el día 20 de los corrientes, un baile a beneficio del Comité Pro Presos, donde, después de dejarnos el salón gratis y los compañeros que componen la música de Meirás tampoco cobraron nada; recaudamos en total la cantidad de 50'15 pts. […].
> Camaradas: Nuestra iniciativa como veis, es un poco modesta, pero instamos a los Sindicatos de Sada, Carnoedo, Mondego y en general, a todos los obreros y campesinos que quieran ayudar a nuestros hermanos presos, para que hagan lo mismo que nosotros o nos superen.[16]

Do mesmo xeito, en outubro organizaban unha colecta en beneficio dos folguistas da construción, recadando un carro de patacas, preto dun ferrado de fabas e 12 pesetas. Na nota enviada a *Solidaridad Obrera* exclamaban:

> ¡Obreros y campesinos de la comarca!
> Que no quede un solo Sindicato Agrario que no mande sus donativos para los huelguistas del Ramo de la Construcción; su triunfo es el nuestro, por lo tanto, hay que ayudarles lo máximo posible.
> ¡Huelguistas de la Construcción!

En pié hasta vencer.
¡Por el triunfo total de la jornada de seis horas!
¡Viva la solidaridad de los campesinos!
¡Viva la C.N.T.![17]

En paralelo á construción do tecido societario ligado á CNT, e semella que como reacción ao mesmo, a dereita creaba a súa propia organización mutual agropecuaria. Xa no ano 1931 se constituíra a Unión Agraria de Sada, filial da Unión Regional de Derechas[18]. Contaba cun representante de cada parroquia na directiva, exercendo como tal por Meirás José Gayoso Barral. En marzo do 1933 fundábase a Unión Agraria de Meirás, na que Gayoso exercía como vicepresidente e ocupaba a presidencia Emilio Barreiro[19], que, andando o 1935, había formar parte da directiva da URD-CEDA de Sada[20]. No seu regulamento indicábase que poderían integrarse na agrupación os «propietarios y labradores de la tierra que a juicio de la Directiva sean admisibles», pero coa excepción de «aquellas personas que se hallen interesadas directamente o tengan intereses de cualquier clase en alguna sociedad que no sea similar». Estipulábase, xa que logo, a incompatibilidade coa pertenza ao Sindicato adscrito á CNT. Non obstante, o calado social da Unión Agraria de Meirás sería reducido, cando menos ata xaneiro de 1934, cando contaba con 27 asociados[21].

En torno ao ano 1933 temos, polo tanto, un panorama asociativo bastante rico e un campesiñado integrado en diferentes estruturas societarias que promoven actividades de índole diversa, todo iso en consonancia coa realidade municipal e comarcal, onde a implantación da CNT era notoria e se estaba a producir un proceso de pluralización política no que atinxe a siglas e prácticas[22]. Aquel contexto, aquel ambiente que se estaba a percibir, era descrito polo xornalista de Sada Manuel L. Freire-Calvelo nun artigo no que puña o seu foco de atención en Meirás:

> En la Galicia agraria se está produciendo en la hora actual una agitación profunda, un máximo despertar popular. A cada paso, se alza el tablado del mitin en la encrucijada del camino bajo la patriarcal sombra de airosos castaños o en los recintos del salón de baile y festejos populares […].
> En el campo se carece de luz eléctrica, de acondicionados caminos, de clínicas o botiquines de urgencia, de teléfono, etc., y sus viviendas son las más de las veces, más que covachas, rudimentarias medias derruidas por la acción del tiempo y primitivas. Los habitantes duermen en la inmiscuidad con el ganado en una atmósfera verdaderamente deletérea; no extrañándonos por ello su éxodo a la ciudad, atraídos por la falsa visión del urbanismo... Pero ya en buena hora despierta el campesino […] ¡mis buenos hermanos! que por las veredas y «rueiros» cruzan rojinegras banderas de las sociedades agrarias. Y en cívica romería ya se oyen las notas rebeldes de la Internacional.[23]

A revolta labrega de 1933

Neste marco, no que o sindicalismo de clase concita unha ampla base baixo os postulados cenetistas, e nun momento tamén de forte recesión económica e de incremento das desigualdades, non é estraño que se fagan frecuentes os conflitos sociais. Agora, a clase traballadora conta con mecanismos solidarios con que defender os seus intereses e, ademais, existe un Estado de dereito que llo permite. Na vila de Sada desataranse longas pugnas en diferentes sectores: contra os salóns de baile La Terraza e Moderno polo

dereito a sindicar ás traballadoras, contra as fábricas de conserva e salga polo salario das mulleres empregadas, contra a Compañía de Tranvías por despedimentos improcedentes ou contra o contratista das obras da estrada de Riobao a Carnoedo polo incumprimento do acordo salarial.

Porén, serán os sucesos de Meirás os que acaparen a atención da prensa e, tamén, os que se prolonguen máis no tempo. O conflito desencadéase inicialmente entre o propietario duns terreos e as dúas familias que os traballaban en arrendamento. A comezos do ano 1933, Jaime Quiroga Pardo Bazán, marqués de Torre de Cela e herdeiro de Emilia Pardo Bazán, vende as fincas A Lagarta e Tarreo do Pescozo, de 22 ferrados en total, a José Gayoso Barral, un emigrante retornado de Buenos Aires. A transacción faina sen llo comunicar ás dúas familias de campesiños -as de Eduardo Barral Ares e Manuel Carballeira Díaz, respectivamente- que as cultivaban arrendadas desde 70 anos antes como único medio de vida. Gayoso duplica a renda, estipulada ata ese momento nun ferrado de cereal por cada un cultivado, e ante a negativa dos colonos -que pretendían un incremento progresivo- solicita o seu despoxo, alegando que as vai cultivar por si mesmo[24].



Antonio Carballeira Muñiz, fillo dunha das familias que protagonizaron o conflito e dirixente sindical (fotografía cedida por Amable Carballeira).

Ante esta situación, os campesiños preséntase no xulgado municipal de Sada e entregan a renda ao xuíz José Pérez Pazos, que lles expende un recibo. Posteriormente acude Gayoso e demanda a ambos colonos por impago. O conflito acadara xa a vía xudicial, algo moi común nunha época na que persistía o costume entre o campesiñado de iniciar preitos con certa facilidade[25]. No momento de deliberar ante as dúas demandas presentadas por Gayoso, o maxistrado falla a favor dun dos colonos (logo de consultar co avogado dos campesiños, Luis Cortiñas) e en contra do outro (despois de facelo co letrado de Gayoso, César Espiñeira). O colono perdedor recorre a sentencia ante o xulgado de Betanzos, onde Gayoso consegue o fallo ao seu favor para ambos casos e a orde de desafiuzamento[26].

Nos días posteriores procédese ao despoxo de ambas fincas. Para iso preséntanse en Meirás o xuíz de Sada co seu secretario, Gayoso, o seu xenro e unha parella da Garda Civil, que rompe as ferramentas de labranza e as tira á beira das parcelas. Ante esta agresión, o conflito toma xa unha derivación moito máis violenta, involucrando a toda a veciñanza, solidarizada coas familias. Así, o 23 de abril prodúcese a primeira incautación das fincas por parte dos campesiños. Coordinados polo Sindicato local, do que eran socios Eduardo Barral e Manuel Carballeira, toman as terras para seguir cultivándoas, como amplamente

recollen todas as grandes cabeceiras da prensa galega e estatal do momento. *La Voz de Galicia* relataba os feitos nos seguintes termos: «el domingo se presentaron unos enviados suyos en las tierras, guiando algunas yuntas de bueyes con las cuales comenzaron a ararlas, entre cánticos y voces diversas que pudieron parecer de reto». O diario herculino amosábase sorprendido pola acción ao tempo que a atribuía ao influxo dalgunhas persoas: «Se reunió en el lugar del suceso bastante gente curiosa que atribuía a consejos o predicaciones de otros vecinos, más o menos exaltados, aquella actitud inusitada»[27]. *ABC* ofrecía unha visión moi similar dos feitos: «los anteriores colonos […] se cree que, alentados por los elementos extremistas de los contornos, hoy volvieron a los terrenos, con numerosas yuntas de bueyes y nutrido acompañamiento de campesinos, comenzando a arar, como antes, entre cánticos»[28].

Ambos xornais atribuían o conflito á pretensión de Gayoso de cultivar as terras por si mesmo, eludindo todo o referente ao incremento da renda. Ademais, gababan a actuación da Garda Civil de Cabalería, con maior vehemencia no caso de *ABC*, que eloxiaba a «rapidez con que fue sofocada la intentona». Un relato similar dos feitos publicábano en Madrid *El Sol* e *La Voz*, que, nun idéntico texto, incidían en que «la actitud de los labradores y del vecindario de estos contornos es poco pacífica», se ben aclaraban que polo momento contaban con noticias incompletas do acontecido[29]. O día 26, *La Voz de Galicia* rectificaba «en prueba de imparcialidad» e publicaba varios fragmentos dunha carta que lles enviara o Sindicato de Meirás, onde se comunicaba a intención de Gayoso de duplicar as rendas[30].

Un seguimento dos feitos máis afín aos desposuídos será o que realice, desde o diario vigués *El Pueblo Gallego*, de afinidades republicanas, o correspondente en Sada Xohán Antón Suárez Picallo, irmán do deputado Ramón Suárez Picallo. Calificaba o desaloxo de «atropello» e aclaraba que varias persoas foran detidas e trasladadas a Sada, onde o xuíz, logo de escoitar os informes do Sindicato, as puxo en liberdade. Por último, engadía que «en el lugar del suceso se concentraron fuerzas de la Guardia Civil para evitar disturbios, dada la excitación de ánimos que allí existe»[31]. Como consecuencia destes feitos, serán procesadas 49 homes e mulleres -máis mulleres que homes- de Meirás e Mondego[32]. A excepción dunha nena de 11 anos, absolta, o resto terán que ir declarar ao xulgado brigantino os días 1 e 15 de cada mes ata o 27 de novembro do 1934. Nesa data quedarán eximidos da obriga en virtudeda Lei de Amnistía de abril, vendo tamén levantado o embargo que lles fora imposto sobre os seus bens[33].

O día 30, novamente, intentan sementar o millo nas fincas. Gayoso acode ao Gobernador, que envía á Garda Civil para expulsalos, sen que chegue a haber enfrontamentos de consideración[34]. Ás 4 da tarde celébrase un mitin da CNT con Álvarez, Méndez e Claro Sendón, os tres da Coruña, e Manuel M. Regueiro:

> Los campesinos, ansiosos de oír la voz de la verdad, que es la voz de la C.N. del T., concurrieron en masa al acto de protesta y afirmación sindical, y prometieron, con esa fe que nuestro santo campesino pone en sus palabras, no doblegarse ante las imposiciones de ningún cacique y sí seguir por el sendero de la justicia que aprendieron en los postulados de la Confederación.
> El acto resultó imponente y los camaradas que hablaron estuvieron acertadísimos sabiendo interpretar el momento que en Meirás y sus alrededores viven los tristes labriegos[35].

O acto máis multitudinario terá lugar o 28 de maio, cando se desprace ata Meirás todo un continxente de campesiños das Federacións Comarcais de San Pedro de Nós e Sada co obxecto de colaborar coa veciñanza no traballo das terras en disputa. Nunha ampla e poética reportaxe, *Solidaridad Obrera* dará conta do acontecido:

> Fue la mañana del domingo 28, mañana tibia, aromática, mañana del Mayo florido. […]. Raudos, más que corrían, volaban por la carretera ocho camiones abarrotados de campesinos […]. Alegres y dejando que libremente las múltiples flechas despedidas por el vivificante Helios, besara su enmarañada cabellera, los campesinos, al llegar a la finca del usurero Gayoso, descienden de los vehículos y prestos corren, instrumentos de labranza en ristre, a roturar y sembrar una tierra que el judío Gayoso quiere, con mañas raposas, arrebatar a quien en arriendo las lleva hace setenta años.
> Cantando alegres los clásicos alalás estaban nuestros hermanos campesinos.
> Con la reja del arado hendían unos la tierra y otros sembraban el grano que ha de fecundar su vientre.
> Allá a lo lejos se oye bélico tropel. Una nube de polvo apagó por un momento la luz solar. Miramos hacia aquel punto negro y ante nuestra vista aparecen las negras siluetas de la *Benemérita*.
> Un alto en las faenas agrícolas […]. En vez de arados, tran máuseres, de semillas, balas traen […]. Nuestros hermanos desalojan indignados para que la que fecunda vega ha de ser, no se convierta en sombrío cementerio.[36]

Logo da intervención da Garda Civil, os campesiños dirixíanse, nunha multitudinaria manifestación, á casa consistorial, na vila de Sada[37]. Alí, co obxecto de manter unha reunión cos edís do Concello, conforman unha comisión na que, segundo a reportaxe de *Solidaridad Obrera*, «se cuelan de polizones dos comunoides 'made in URSS'» procedentes da Coruña. Os anarquistas pretenden facelos desistir do seu propósito, o que dá lugar a unha discusión na que «se impuso el razonamiento y la serenidad de nuestro compañero Monzo»; é dicir, de José Monzo Ríos, presidente do Sindicato de Oficios Varios de Sada e activo militante da FAI. Finalmente, a concentración será disolta polas forzas da orde[38].

A raíz destes acontecementos comezan a chegar sistematicamente piquetes de 30 ou 40 gardas para vixiar as fincas, ata que deciden montar campamento. Intentan entón deter aos dous colonos, pero as mulleres de Meirás impídeno coa súa oposición. Unha noite en que tarda en producirse o relevo das tropas, son elas as que toman novamente as fincas para continuar os traballos. Gayoso volve a avisar á Garda Civil, que cando chega se atopa con que aquelas xa regresaran as súas casas[39]. As tomas das terras repetiranse en novas ocasións, co común denominador do protagonismo feminino. O 2 de xuño un grupo de mulleres, nenas e nenos de Meirás e Mondego irán novamente roturar as fincas, o que determinará á Garda Civil a deter aos dous colonos, postos en liberdade por orde do Gobernador, que eleva o asunto de Meirás ao Ministro de Agricultura e Traballo para que o resolva[40].

O verán, tempo de festas e colleitas, trerá consigo o agravamento do conflito. Gayoso tomará unha decisión que será percibida como unha provocación: decidirá recoller para si o trigo que cultivaran os colonos. A reacción non tarda en chegar. O día 25 alguén lle prende lume ao cereal. Semanas máis tarde, varios veciños serán detidos como sospeitosos de ter provocado o incidente, o que motivará un novo desprazamento da veciñanza de

Meirás a Betanzos. Na cabeceira do partido xudicial, outros dous serán detidos por desacato, pois semella que «al comparecer ante las autoridades se les fue algo la lengua»[41]. Parte do trigo queimado pertencía ao cura párroco, Benigno Mayo Novo. O sacerdote, que, malia non ser da parroquia, conseguira facerse cun extenso patrimonio e se amosara combativo co Sindicato, apoiara a Gayoso no preito. Gañara así a animadversión de boa parte dos fregueses, que o calificaban de «cacique» e o sinalaban como principal instigador do conflito. Xa en xuño, o «Comité de labriegos» do Sindicato distribuíra unha folla voandeira cun manifesto no que condenaba en duros termos o proceder do sacerdote:

> La lucha entablada por los trabajadores de Meirás contra el ricacho Gayoso, gracias al apoyo decidido de la inmensa mayoría de los trabajadores de la comarca, se ha convertido en la lucha contra todos los explotadores de los labriegos; contra todos los que roban el producto de nuestro trabajo […].
> No puede ser de otra manera. Los Jueces y sus leyes; los Gobernadores y sus Alcaldes; la Guardia civil y sus fusiles; los curas y sus sermones, todos están interesados en someter a los pobres en beneficio de los ricos. Si nosotros dejamos de pagar rentas y ofrendas; si dejamos de pagar consumos, contribuciones y cédulas; si nos unimos todos los pobres contra todos los ricos y sus adulones, ¿cómo van a engordar esos ladrones, que no trabajan? Es por eso por lo que Gayoso Barral no está sólo contra nosotros […].
> No retrocedemos. La ayuda que nos prestasteis, labriegos de la comarca, hace temblar hasta los huesos a nuestros explotadores todos; la decisión de nuestras valientes compañeras y sus pequeñuelos al labrar las tierras; la potente entereza de las mujeres de Meirás y Mondego al sembrar las tierras; la brutal acometida de los negros tricornios lanzándose a la carga sobre nuestras compañeras, todo esto servirá para estrechar más nuestras filas, lanzándonos al ataque hasta vencer […].
> ¡Mujeres trabajadoras, en guardia; el cura pretende quemar la iglesia para después arrancaros pesetas con que hacerla de nuevo! Nada de quemar iglesias; quemar a los curas ladrones. Colonos del cura de Meirás: ese cerdo con sotana os da el cielo a cambio de lo que os roba; uníos a nosotros, y no pagar ni un céntimo a ese ladrón.[42]

O manifesto motivará unha demanda por inxurias por parte do párroco e de Gayoso, que se saldará cunha sanción ao responsable da Tipografía Obrera da Coruña, onde fora impreso. Este non era outro que José Díaz Gamoiras, o popular «Marqués de Pibela», protagonista do Entroido de Sada coas letras que compuña para as comparsas.

Porén, as demandas e as detencións non deterán ás mulleres e homes de Meirás na súa loita. Seguiranse a suceder as reunións -algunhas na casa de Manuel Babío e Josefa Portela, a rentes das Torres- e os actos públicos, que contarán coa presenza de destacados oradores desprazados desde A Coruña. Mitins como o do 16 de setembro, que terá lugar no salón de baile «rodeado de un ambiente de fraternidad y cultura campesina», a dicir do voceiro anarquista *Solidaridad Obrera*:

> el camarada presidente del Sindicato abrió el acto con la presentación de los delegados del Comité Regional.
> El primero […] saludó a los hermanos del campo en nombre de toda la colectividad confederal de España.
> La Sociedad de Profesiones Varias de Meirás, como asimismo de Sada, -dijo- significa una antorcha de redención social entre todo el proletariado de Galicia […].
> Ha hecho una exposición clara y concisa sobre el concepto de la sociabilidad, en torno al

valor que ésta representa concerniente a la defensa más amplia que desde ella se hace en pro de las libertades y derechos de sus componentes cuando saben interpretar y practicar la acción directa en la lucha contra las tendencias de ignorancia (religión), de tiranía (autoridad), de explotación (capitalismo) y de embaucamiento (caciquismo y politiquerismo).
De su parte el auditorio asimilaba sin ninguna interrupción las verdades que sentía […]. Es claro, se les hablaba de una cosa que ellos aman, que ya tienen comprendido los beneficios que les reporta la entidad obrera creada.
El segundo orador tomó como tema la religión, y contra este factor de obscurantismo hizo una descripción reptrospectiva, para hacer ver con que fin se había fundado y cual hasta ahora fue su nociva función histórica. […]
Ocupada la tribuna por el compañero secretario de la Regional, éste puso de relieve los valores que en sí encierra la C. N. del T. y mirados desde todos los puntos de vista. […]
Un camarada agricultor en un instante que hablamos juntos me decía: «Mire, aquí, en el campo, lo que se precisa es la siembra continua de nuestras ideas anarquistas; después los frutos serán un éxito.»[43]



Manuel Prego Chas, presidente do Sindicato de Meirás no momento en que se produciu o conflito (fotografía cedida por Amable Carballeira).

O conflito enquistábase, coa repetición cíclica dos mesmos feitos. Xa en novembro, logo doutra acción na que se pretendía sementar o millo, eran detidos de novo e trasladados á prisión de Betanzos cinco sindicalistas[44]. O Comandante da Garda Civil de Sada describía o suceso do seguinte xeito:

Que sobre las doce horas del día cinco de noviembre de mil novecientos treinta y tres, tuvo conocimiento de que nuevamente habían sido invadidas las fincas […] propiedad del vecino de Meirás en este término municipal, José Gayoso Barral […] y que dicha invasión se había llevado a cabo por los también vecinos de Meirás afiliados al Sindicato de Oficios Varios de dicha parroquia.
En vista de lo cual se personó el cabo que suscribe con la fuerza del Puesto, comprobando que en efecto se encontraban trabajando en dichas fincas un grupo como de unas cincuenta personas, entre hombres y mujeres con niños, yuntas de bueyes, las que fueran retiradas al divisar la presencia de la fuerza.
Dichas fincas, la denominada «Tarreo do Pescozo» estaba arada en una porción mayor de la tercera parte y la «Lagarta» habían terminado de roturarla.
En virtud de todo lo expuesto se procede a interrogar a los dirigentes de la invasión[45]

Ata a cidade do Mandeo marchará unha manifestación formada por unhas 200 persoas que portaban cartaces nos co lema «Queremos la libertad de nuestros presos». En pouco tempo serán excarcerados, mais nos días seguintes volverán a prender a outros cinco veciños, inculpados do que, para o cenetista Manuel Hermida, eran «inciertas amenazas hacia el zopenco Gayoso Barral»[46]. Entre tanto, o diario conservador *El Ideal Gallego* estaba a desenvolver unha intensa campaña de apoio a Gayoso e ao párroco, atribuíndo aos campesiños toda sorte de delitos. O Sindicato contestará con dous novos manifestos, que serán publicados na prensa confederal. Nas páxinas de *CNT*, de Madrid, vía luz un que condenaba ao diario coruñés con especial dureza:

> El diario de la caverna gallega «El Ideal Gallego», que no para de lanzar calumnias sobre los campesinos de la región […] publica en uno de los números recientes un suelto que es todo un poema. Dice, recuerda, mejor al nuevo gobernador de la provincia, que ponga en práctica las medidas que prometió a su llegada para que la paz y el orden reinen en el campo.
> El Sindicato de Meirás, tiene, tiempo ha, un conflicto con el cacique Gayoso. Tipo ruin y de la más baja estofa social. Los campesinos, sabiendo que toda la razón está de su parte, se han dispuesto a laborar unas tierras por su cuenta. Estas tierras dicen son propiedad del mentado mal señor; pero nosotros, que no creemos en propiedades privadas y sabemos que dos familias querían ser lanzadas al hambre por el capricho de la cacicada de este contorno, nos hemos solidarizado con ellas y nos hemos opuesto a que fueran expulsadas de unas tierras que venían ocupando por espacio de cerca de setenta años. Eso no lo ve bien el apéndice de «El Debate» en Galicia, e incita uno y otro día al gobernador para que mande la fuerza pública contra indefensos trabajadores de la tierra para que [un] nuevo Casas Viejas se dé en Galicia […].
> Ya lo sabe el diario de la caverna. Si el gobernador, ignorando los pasados hechos, se determina a hacerle caso, nosotros nos defendemos, y «El Ideal Gallego» lo pasará muy mal, tanto, que quizá tenga que hacer mutis por el foro y desaparecer del escenario periodístico gallego, por ramplón, sinvergüenza e indigno de vivir entre la gente decente.
> Nos defenderemos y, pese a quien pese, triunfaremos también, ya que la razón más pura está de nuestra parte. También lo están nuestros hermanos de la ciudad.[47]

Do camiño sen saída á luz ao final do túnel

O conflito semellaba facerse eterno. Non se albiscaba unha solución. A vitoria da dereita nas eleccións de decembro e o conseguinte cambio de Goberno provocaba o agravamento da situación, con novas acometidas por parte das forzas da orde e novas vítimas. De feito, as circunstancias nas que, inicialmente, se viran inmersas dúas familias -a perda das súas terras de cultivo- extendíanse agora a outras da parroquia. Segundo indicaba X. A. Suárez Picallo, varios propietarios, e nomeadamente o párroco Benigno Mayo, adquiriran a prezos moi baixos, nada máis proclamarse a República, terras dos herdeiros de Emilia Pardo Bazán e do convento de monxas de Meirás, traballadas en arrendamento. Agora, seguindo o proceder de Gayoso, despoxaban aos arrendatarios. As perspectivas eran a cada paso máis desfavorables, e a prensa lanzaba as súas chamadas de alerta:

> De Meirás llegan diariamente voces, anunciando que una serie de labradores de allí, que nacieron en unas tierras de lugares acaserados, que cultivaron ya sus padres, y en algunos casos sus abuelos también, ven vendidas estas por sus antiguos dueños, a veces sin consultárselo a ellos, como, no digamos ya por humanidad, sino también por justicia corresponde, dejándoles en la calle y sin medio de vida alguno.[48]

Dous novos acontecementos complicarían aínda máis o panorama no ano 1935. O primeiro, un cambio lexislativo que viña a agravar a situación. Xa coa CEDA de Gil-Robles no goberno, no contexto desa segunda fase da República na que se paralizan as políticas reformistas do primeiro bienio, ten lugar a promulgación da *Ley de Arrendamientos Rústicos*[49], que facilita a rescisión dos contratos de aluguer de terras. Unha medida á que se acollerán novos propietarios para despoxar a outras familias «co achaque -a dicir de Suárez Picallo- de que as queren traballar eles». Os colonos, «que as levaron nalgúns casos fai máis de 200 anos entre pais, avós e os de agora», perdían o que, en moitos casos, era a súa principal forte de ingresos. Detrás deste proceder agochábase a reacción aos acontecementos de 1933: «no fondo, anda a xenreira que a un grupo de traballadores lle teñen, porque en Maio do 1933, entre todos pola forza, non quixeron deixar unhas terras vendidas sen avisar aos levadores [...] a un grupo de reaicionarios, entre os que estaba o crego de marras»[50].

Nestas circunstancias aumentaban as tensións e tamén a dureza coa que actuaban as forzas da orde. De feito, un segundo suceso engadiría maior gravidade ás disputas: o conflito cobrábase á súa primeira vítima mortal. O activo sindicalista Francisco Babío Portela, logo de ser detido e posto en liberdade en penosas condicións, falecía na súa casa como consecuencia do trato recibido na cadea. «El non sabía nin onde estivera -lembraba o seu neto-. Veu desfeito da paliza que lle deron»[51]. Ante a negativa do sacerdote a darlle sepultura no cemiterio parroquial, sería enterrado polas persoas coas que compartira as loitas dos anos anteriores cunha bandeira galega cubrindo o cadaleito e baixo as notas do Himno de Galicia.

Nunha situación cada vez máis dramática, a veciñanza de Meirás conseguira concitar o apoio do movemento obreiro organizado. Tamén doutros sectores incardinados ideolóxicamente na esquerda. X. A. Suárez Picallo, que viña de constituír en Sada un grupo local do Partido Galeguista, empregaba a prensa como vehículo para visibilizar a problemática que aflixía á parroquia, e, ao tempo, aproveitaba as súas crónicas para transmitir os seus puntos de vista. Para ligar o que estaba a acontecer en Meirás con realidades a maior escala. En primeiro lugar, tiñan que se producir cambios lexislativos que reforzasen os dereitos dos colonos, pero, ao mesmo tempo, compría unha maior vontade política «un goberno de xentes humáns que o resolvan non pola forza, senón por xustiza»[52]. Expuña, ademais, medidas concretas, como a creación dun «Banco Agrario, facilitándolles cartos a baixo intrés para facerse coas terras», é dicir, «una institución que a interés módico les facilite el dinero para adquirirlas, cuando son vendidas»[53].

Se o conflito de Meirás, pola súa dimensión e transcendencia, se convertera nalgo excepcional, o problema que o orixinara tiña, a dicir de Suárez Picallo, «moitos parellos en Galicia», dada a estrutura da propiedade da terra, que tornara ineficaz nas catro provincias a reforma agraria emprendida desde Madrid. Por iso, a súa solución pasaba por unha reformulación da organización territorial do Estado e pola conquista do autogoberno. O galeguista, que compaxinaba o exercicio do xornalismo co traballo na explotación agraria familiar, innovando con novos materiais e técnicas de cultivo, enfocaba o que estaba a acontecer desde a perspectiva do nacionalismo progresista. Existían vías para a resolución do conflito e para evitar outros análogos, máis non no marco xuríudico daquela vixente: «esto amigos de Meirás está algo lonxe, tan lonxe coma poida estar a realidade política galega, unha política galeguista e un réximen autonómico. Outra cousa son panos quentes que alivian mais non curan».

Entre tanto, mentres non se dispuxese das ferramentas legais e políticas, Xohán Antón lanzaba un consello que, en certa medida, chocaba con algunha das proclamas do sindicato naquel 1933 que semellaba xa tan atrás no tempo. Se a CNT cominaba aos colonos do párroco a «no pagar ni un céntimo a ese ladrón», as palabras do galeguista discorrían por camiños máis moderados. Unión, persistencia e actuación dentro da legalidade, esa era a súa receita: «Xuntarse, e até onde sexa posíbel, pagando a renda, aguantarse nas leiras, que un dia serán vosas, porque a terra debe ser de quen a traballa, e non de señoritos é aristócratas de baixa calidade». El, pola súa parte, continuaría a súa tarefa, a de dar difusión a «la tragedia de estos campesinos que gastaron sus energías en cultivar unas tierras, mejorándolas en todo momento, y que se ven privados de ellas». Divulgar un problema que «sobrepasa los límites de una crónica que nada remedia [...] para ver si alguien hace lo posible por remediarlo».

Porén, algúns dos principais dirixentes sindicais da parroquia seguirán unha traxectoria ideolóxica diferente da trazada por Suárez Picallo e á marxe tamén dos postulados ácratas. En xuño de 1936, Antonio Carballeira e Manuel Prego constituían en Sada a primeira agrupación do Partido Comunista[54], un ideario ao que se adscribían outros cadros como Emilio Corral. Xa con anterioridade, producírase un cambio que insuflara optimismo na veciñanza afectada. En febreiro, a Fronte Popular gañaba as eleccións, abrindo espectativas de cambio, tamén para un Suárez Picallo que se situaba á fronte da coalición de esquerdas no municipio, como secretario xeral, e que vía agora como se abrían as portas á conquista da autonomía para Galicia.

Tras case tres anos de conflito, con varias familias da parroquia privadas do seu medio de vida, a chegada do novo tempo traerá canda si unha reacción que non se fará agardar. É entón cando se produce o asalto á casa reitoral, coa expulsión do cura da parroquia, un acontecemento que recolle o cóengo Manuel Silva Ferreiro: «Un mes antes de los sucesos de Julio fuera asaltada la casa del Cura de Meirás, repartiéndose los asaltantes, muebles, ganado, tablas de las divisiones que arrancaron y algunos objetos de la iglesia»[55]. Para aquela xente, que o perdera todo, nacían agora poderosass expectativas de futuro. A supervivencia en condicións de dignidade. A conquista dun mundo novo. A luz ao final do túnel.

A represión como reacción

Porén, non tardarán en toparse de fronte cunha realidade ben diferente da agardada. Logo daquel breve paréntese imaxinando o porvir, a sublevación militar de xullo e a Guerra Civil puñan fin á revolta labrega de Meirás. O conflito morría, e con el as posibilidades de recuperar as terras, co derrube do marco democrático da República, a desaparición do entramado societario e, sobre todo, a posta en marcha dun aparello represivo insólito que reaccionaba contra os acontecementos dos anos anteriores. Sobre a parroquia, de feito, recaerá o exercicio da represión con particular vehemencia. Só a vila de Sada, centro político do concello e principal núcleo de poboación, superará a Meirás en número de vítimas.

A violencia desatada contra as persoas que participaran nas revoltas cobrarase a vida de tres veciños. O 12 de agosto eran torturados e paseados Antonio Carballeira Muñiz, tesoureiro do Sindicato e fillo dun dos campesiños expulsados, e Manuel Prego Chas, presidente do Sindicato no momento en que se inicia o conflito. Canda eles era tamén asasinado Xohán Antón Suárez Picallo, que, como vimos, malia non ser de Meirás, tivera certa vinculación cos acontecementos. Dous meses máis tarde, o 19 de outubro, a familia de Juan Seijo Espino, outro dos principais partícipes da revolta -fora encausado e detido

en 1933[56]-, atopábase co seu cadaver enchoupado de sangue na entrada da súa propia casa. Ante as acusacións dalgúns veciños, que o sinalaban como un dos asaltantes da reitoral, atemorizado ante a posibilidade de que fóran por el, decidira suicidarse.



Xohán Antón Suárez Picallo, xornalista e dirixente do Partido Galeguista implicado no conflito (fotografía cedida por Ramón Tenreiro Suárez).

Outras persoas implicadas padecerían a represión nas súas diversas facianas. Juan Montero Barreiro, Emilio Corral Sánchez, Carmen Sabio Calvo, María Prego Chas, Manuel Carballeira Muñiz, José Mosquera Rey e Antonio Mosquera Rey forman parte dunha longa listaxe de veciñas e veciños que tiveron que ficar agochados, pasaron pola cadea, sufriron sancións económicas ou tiveron que soportar vexacións públicas. As vidas de moitos deles mudaron para sempre. E iso, precisamente, era o que perseguía o novo réxime: inhibir a disidencia e a iniciativa, anular toda forma de acción colectiva á marxe das estruturas da ditadura. Era a reacción dos que viran perigar os seus privilexios durante a II República, os que se sentiran amezados polo inicio de procesos modernizadores, contra aqueles que adquirían un poder de actuación do que anteriormente careceran.

Dous anos despois do inicio da guerra, cinco logo do comezo da revolta, producíase un novo cambio de escenario. En marzo de 1938 facíase pública a iniciativa de obsequiar a Francisco Franco coas Torres de Meirás, o que daría lugar ao exercicio de novas formas de represión. A adquisición do inmoble sería sufragada, cando menos en parte, con achegas forzadas baixo coacción e descontos nos saliarios. Ademais, a parcela orixinal ampliaríase substancialmente a través da toma pola forza dos terreos colindantes, entre os que figuraba a vivenda da familia do defunto Francisco Babío Portela. A partir do ano 1939, o edificio, agora bautizado como Pazo de Meirás, acollerá as vacacións estivais do ditador, que fará del a residencia oficial do Xefe do Estado. Esta circunstancia implicará a establecemento de mecanismos para garantir a súa seguridade, desde o sometemento da poboación a vixilancia ata a detención ou arresto domiciliario sistemático daquelas persoas sospeitosas polas súas actividades pasadas[57]. Meirás nunca volverá a ser o mesmo. Catro décadas despois, a revolta de 1933 persistía na memoria como unha lembraza aínda perfectamente definida, un recordo sobre o que pesaba unha inmensa lousa. A imaxe dunha veciñanza que decidiu rebelarse contra o que consideraba inxusto e foi vencida, en 1936, por un contexto que non podía controlar. Unha derrota colectiva, ducias de dramas individuais.

Conclusións

Do estudo dos acontecementos que sacudiron Meirás nos anos trinta pódense tirar varias conclusións que atinxen ás súas características e á realidade social e política na que

se inscriben. En primeiro lugar, analizando a evolución dos feitos e a actuación dos seus protagonistas, obsérvsase como este conflito campesiño corresponde a un modelo de acción colectiva de transición entre as formas primarias -o motín, as explosións espontáneas e desorganizadas- e outras máis avanzadas -as desenvoltas baixo o amparo e dirección de organizacións formais, neste caso a CNT-, pois ambas conviven[58]. Os enfrontamentos entre o campesiñado e os rendistas non son ningunha novidade na comarca, xa que desde comezos do século XX víñanse desenvolvendo accións de resistencia ao pagamento de cargas señoriais e tributos herdados do Antigo Réxime, involucrando en ocasións a parroquias enteiras, como acontece en Carnoedo, cando a veciñanza se nega a tributar ao Duque de Alba[59]. Os motíns de consumos foran relativamente frecuentes na contorna de Meirás durante a Restauración[60], como tamén as algaradas anticlericais[61] ou as protestas, máis ou menos violentas, ante o que unha comunidade podía considerar unha agresión: a apropiación dun camiño por parte dun particular ou a introdución de novas artes de pesca[62].

A revolta de Meirás bebe de ingredientes semellantes. A indiganación ante un proceder entendido como abusivo, a entrada en escena dun elemento extrano e perturbador, como o é o novo proceder dos propietarios agrarios ao vender as terras... son elementos desa receita que, noutrora, podería dar lugar á protesta desordenada e impulsiva. Porén, o que ocorre en Meirás non é iso. O que hai de novo neste caso é o papel coordinador asumido por unha entidade sindical preexistente, que afianza co conflito os lazos colectivos. Tamén resulta novidosa a presenza dun discurso ideolóxico que vai máis alá da simple reivindicación puntual e mesmo evoluciona co paso do tempo, dotando á reacción inicial dun corpus de ideas incardinado en diferentes correntes de pensamento -anarquismo, socialismo, nacionalismo galego- e adquirindo unha vocación transformadora alén do debate pola propiedade da terra. En estreita conexión con todo isto, pódense identificar outros elementos diferenciais no grao de conexión con organizacións e individuos doutras parroquias e da capital provincial e, desde logo, a propia dimensión dos feitos, en boa medida acrecentados por todos estes factores, pero tamén por un contexto que transcende aos límites da parroquia: o dun Estado español e dunha Europa cada vez máis polarizadas naquela etapa de entreguerras.

Por outra parte, a revolta obxecto de estudo prodúcese nuns anos nos que os medios de comunicación -a radio e a prensa escrita- están a acadar cotas de público elevadas. A información flúe e, con ela, as noticias do que ocorre en cada punto da xeografía. Os sucesos de Meirás aparecen reflectidos en todas as grandes cabeceiras xornalísticas de ámbito galego e estatal e, ao mesmo tempo, a veciñanza da parroquia ten coñecemento doutros conflitos agrarios. En Meirás saben de Casas Viejas. Do mesmo xeito, a prensa é un vehículo polo que circulan discursos, ideas. As mulleres e os homes que naceran á rentes da mansión almeada de Pardo Bazán podían agora escoitar a través das ondas un discurso de Azaña, de Largo Caballero, de Lerroux ou de Gil-Robles. E podían ler nas páxinas de *Solidaridad Obrera* as soflamas dos anarquistas coruñeses unidas ás palabras de Federica Montseny, Ángel Pestaña ou Joan Peiró.

Outra novidade, a respecto de anteriores conflitos, é a súa prolongación no tempo. De feito, este episodio evidencia a capacidade dos mecanismos de solidariedade no ámbito cenetista que permitiron o seu sostemento ao longo de varios anos, os mesmos que fixeran posible a longa folga protagonizada polo sector da construción na Coruña de 1932. O desafiuzamento orixinalmente afecta só a dúas familias e, non obstante, desde o primeiro momento, decenas de persoas que nada tiñan que gañar deciden sumarse á revolta,



4 As Torres de Meirás na época en que tivo lugar o conflito
(arquivo persoal do autor).

expoñéndose a importantes prexuízos: sancións económicas, detencións, vinganzas persoais... Dúas familias, nunha situación extrema como é a da perda do seu medio de vida, rebélanse contra aquel a quen inculpan desta situación, e a veciñanza solidarízase ata o punto de asumir o problema como propio.

Tratándose, en definitiva, dun conflito local, os acontecementos que teñen lugar en Meirás entre o 1933 e o 1936 son unha boa mostra do dinamismo societario do campo galego nese primeiro terzo do século XX, particularmente na na área de influencia da Coruña e Betanzos. Dinamismo que vive un momento de puxanza durante a II República, mercé ao establecemento dun Estado de Dereito que convive cun contexto europeo de polarización política e de debilidade das democracias parlamentarias. O que ocorre en Meirás é, nun primeiro momento, consecuencia dunha acción -a do propietario- que vén rachar os esquemas tradicionais nas relacións entre arrendadores e arrendatarios, empeorando unha situación xa considerada inxusta e precaria por un campesiñado que viñera demandando a abolición efectiva do sistema foral. Mais o conflito axiña se

incorporará a outro de maior espectro: o choque entre permanencia e cambio. Un mundo estaba a esfarelarse ante a aceleración dun proceso modernizador en varios ámbitos que se vería truncado pola sublevación militar concibida, precisamente, co obxecto de deter ese proceso, de anular os seus efectos, de rachar co marco democrático que o posibilitaba. O que aconteceu despois, a rutura que supuxo xullo de 1936, cambiaría aquela realidade para sempre.

NOTAS

[1] «El campo en pie», *Solidaridad Obrera*, 15/07/1933.
[2] Ademais das fontes hemerográficas e arquivísticas empregadas, resultaron determinantes os relatos orais de Amable Carballeira Caño e Carlos Babío Urkidi.
[3] Sobre a presenza de Emilia Pardo Bazán en Meirás, vid. BABÍO URKIDI, Carlos; PÉREZ LORENZO, Manuel (2017).
[4] SUÁREZ PICALLO, X. A.: «Resultados da Lei de Arrendamentos Rústicos», *A Nosa Terra*, 29/06/1935.
[5] No Fondo do Goberno Civil [FGC] do Arquivo do Reino de Galicia [ARG] están rexistradas para os anos 10 as asociacións Cultura y Recreo de Meirás (1914) e La Peña (1918).
[6] ARG, FGC, G-2552.
[7] Id.
[8] TORRES REGUEIRO, Xesús (1992): pp. 85-119
[9] Xa o 13 de decembro do 1931, o Sindicato de Oficios Varios de Sada organizaba un «mitin de orientación sindical» en Meirás no que participaban os oradores da Coruña Jenaro Pazos, José Láuzara e José Moreno (Arquivo Histórico Municipal de Sada, Escribanía-Secretaría, instancias 1932-1970, 1042). Actos semellantes terán lugar nas parroquias de Carnoedo e Mondego, onde tamén se constituirán sindicatos organizados por integrantes do de Sada.
[10] ARG, FGC, G-2552.
[11] Lembremos que os «repartos de utilidades» tiñan sido nas décadas precedentes unha das principais fontes de conflito entre a sociedade e os concellos, ao organizalos frecuentemente en base a intereses de propietarios adscritos a unhas ou outras tendencias políticas. Os motíns por esta circunstancia foron habituais na Sada da Restauración.
[12] ARG, FGC, G-2552.
[13] REGUEIRO, Manuel Martín: «A los campesinos», *Solidaridad Obrera*, 25/06/1932.
[14] «Meirás (Galicia)», *CNT*, 12/01/1933.
[15] Consérvase un recibo emitido a nome do socio Ignacio Díaz Vecino e asinado por Juan Pardo como secretario (arquivo persoal de Carlos Babío Urkidi).
[16] PREGO, Manuel, MUÑIZ, Manuel, CARBALLEIRA, Antonio: «Sindicato de Profesiones Varias de Meirás», *Solidaridad Obrera*, 05/08/1933.
[17] «Cómo se practica la solidaridad campesina para los huelguistas de la construcción», *Solidaridad Obrera*, 21/10/1933.
[18] ARG, FGC, G-2552.
[19] Id.
[20] Sobre a URD-CEDA no partido xudicial de Betanzos e as organizacións agrarias vinculadas a ela vid. GRANDÍO SEOANE, Emilio (1992).
[21] ARG, FGC, G-2552.
[22] No ano 1933 había sindicatos cenetistas organizados nas parroquias de Sada, Mondego, Carnoedo, Soñeiro e Meirás, ademais doutras sociedades agrarias e varias mutuas gandeiras.
[23] L. FREIRE-CALVELO, Manuel: «El campo en pie», *Solidaridad Obrera*, 15/07/1933.
[24] Meses despois, os campesiños de Meirás proclamaban nun comunicado que «los labradores estaban dispuestos a abandonar las tierras siempre que en efecto fueran para labrarlas el señor Gayoso, pero no es así, pues la labranza que dichas fincas requieren no es cosa para personas solas de una familia», e engadían que o «propósito real» era expulsar delas aos colonos («Sobre el pleito de Meirás. Cuarenta y seis procesos en contra de los campesinos de aquel pueblo», *Solidaridad Obrera*, 21/10/1933).

[25] Nun artigo titulado «Pleitos a granel», afirmaba X. A. Suárez Picallo: «Esta plaga que hace tiempo había disminuido en la comarca, vuelve a recrudecerse desde hace unos meses, viéndose casi diariamente el Juzgado lleno de paisanos que vienen a dirimir por vía judicial diferencias que debieran sustanciarse amigablemente entre patriarcas de la aldea» (*El Pueblo Gallego*, 12/12/1934).
[26] Para a reconstrución destes primeiros feitos servímonos principalmente de SUÁREZ PICALLO, Xohán Antón: «En Meirás los labradores pretenden incautarse de unas fincas», *El Pueblo Gallego*, 25/04/1933; «Del suceso de Meirás», *La Voz de Galicia*, 26/04/1933, e HERMIDA, Manuel: «Meirás rebelde I», *Solidaridad Obrera*, 02/12/1933 e «Meirás rebelde II», *Solidaridad Obrera*, 09/12/1933.
[27] «Un suceso en Meirás», *La Voz de Galicia*, 25/04/1933.
[28] «Una intentona de campesinos de Meirás», *ABC*, 25/04/1933.
[29] «Los campesinos de Meirás ocupan unas tierras que fueron de la condesa de Pardo Bazán», *El Sol*, 25/04/1933, e «Los campesinos se reparten una finca en las inmediaciones de La Coruña», *La Vanguardia*, 25/04/1933.
[30] «Del suceso de Meirás», *La Voz de Galicia*, 26/04/1933.
[31] SUÁREZ PICALLO, Xohán Antón: «En Meirás los labradores pretenden incautarse de unas fincas», *El Pueblo Gallego*, 25/04/1933.
[32] As persoas procesadas foron Emilio Corral Sánchez, Eduardo López Barral, José María Mosquera Rey, Juana González Pérez, Mercedes Fernández Díaz, Josefa Álvarez Díaz, Francisco Babío Portela, Juan José Cotos Suárez, Francisco Cotos Suárez, Ramón Pedro Felipe Bartolomé González Chas, Manuel Babío Portela, Manuel Marcelino Prego Chas, José Muñiz Montero, Ventura Montero Barreiro, María Estrella Montero Barreiro, Candelaria Montero Portela, Manuel Muñiz Montero, Ramona Fernández Ferreiro, Luís Méndez Muñiz, María Hortensia Regueiro Sánchez, José Antonio Martínez Muñiz, Juan Seijo Espino, Carmen López Barral, Agustina Babío Carballeira, Josefa Martínez Muñiz, Emilio Abel Díaz, Carmen Babío Portela, María Carmen Suárez Montero, Pilar Suárez Montero, María Suárez Montero, María Vicenta Barreiro López, Francisco Mosquera Rey, Manuela Suárez Montero, Isolina Díaz Sanmartín, Josefa Portela Abel, Juana Clara González Illobre, Juan José Ramos Torreiro, José Martín Torreiro, Emilio Babío Carballeira, Mercedes Illanes Montero, Antonia Ramos Cotos, Petra Muñiz Viqueira, José Francisco Mosquera Pardo, Martina Carmen López Muñiz, Gumersindo Galán Montoto, Antonio Carballeira Muñiz, Antonia Barral Mosquera, Juana López Barral, Francisca Nicolasa Pérez Muñiz, María Fernández Álvarez (ARG, Fondo da Audiencia Territorial [FAT], leg. 3662, nº 6, «Sobre daños y coacción a José Gayoso Barral»).
[33] ARG, FAT, leg. 3662, nº 6, «Sobre daños y coacción a José Gayoso Barral».
[34] SUÁREZ PICALLO, Xohán Antón: «En Meirás», *El Pueblo Gallego*, 05/05/1933.
[35] «Propaganda en la región. En Meirás», *Solidaridad Obrera*, 06/05/1933.
[36] NARDO: «¡Arriba, hermano campesino!», *SO*, 03/06/1933.
[37] Situada no primeiro piso do salón Moderno, na rúa Linares Rivas.
[38] «Una manifestación», *La Voz de Galicia*, 30/05/1933.
[39] HERMIDA, Manuel: «Meirás rebelde II», *SO*, 09/12/1933.
[40] SUÁREZ PICALLO, Xohán Antón: «Todavía Meirás», *El Pueblo Gallego*, 07/06/1933; ARG, FAT, leg. 3662, nº 6, «Sobre daños y coacción a José Gayoso Barral».
[41] «Aún Meirás», *El Pueblo Gallego*, 17/09/1933.
[42] «A todos los labriegos y sus familias.- A los que viven de su trabajo» (ARG, FAT, Leg. 3015, nº 19, «Sobre injurias y publicación de hojas clandestinas»).
[43] OBSERVADOR: «En Meirás fue celebrado un mitin rodeado por el mejor ambiente de fraternidad campesina», *Solidaridad Obrera*, 23/09/1933.
[44] Juan Seijo Espino, Manuel Prego Chas (presidente do Sindicato) Antonio Carballeira Muñiz (fillo dun dos desahuciados) José Mosquera Rey e Emilio Corral Sánchez (ARG, FAT, Leg. 3697, nº 1, contra Juan Seijo Espino et. al. «Sedición y daños ocasionados a las fincas de José Gayoso Barral»).
[45] ARG, FAT, Leg. 3697, nº 1, contra Juan Seijo Espino et. al. «Sedición y daños ocasionados a las fincas de José Gayoso Barral»
[46] HERMIDA, Manuel: «Meirás rebelde III», *Solidaridad Obrera*, 30/12/1933.
[47] «De Meirás-Sada. Contestando a «El Ideal Gallego»» *CNT*, 27/10/1933, en FERNÁNDEZ, Eliseo (2007).
[48] «La tragedia de unos labradores», *El Pueblo Gallego*, 24/02/1935.
[49] *Ley de 15 de marzo de 1935, de arrendamientos rústicos*.
[50] SUÁREZ PICALLO, Xohán Antón: «Resultados da Lei de Arrendamentos Rústicos», *A Nosa Terra*, 29/06/1935.

[51] PRIETO, Daniel, «O outro expolio de Meirás»: *Xornal de Galicia*, 20/06/2010.
[52] SUÁREZ PICALLO, Xohán Antón: «Resultados da Lei de Arrendamentos Rústicos», *A Nosa Terra*, 29/06/1935.
[53] Id.: «La tragedia de unos labradores», *El Pueblo Gallego*, 24/02/1935.
[54] Ambos figuran como organizadores do Radio Comunista de Sada (ARG, FGC, G-2552).
[55] SILVA FERREIRO, Manuel (1938): p. 173.
[56] ARG, FAT, leg. 3697, nº 1, «Contra Juan Seijo Espino et. al. sobre sedición y daños a fincas de José Gayoso Barral».
[57] Acerca do obsequio das Torres a Franco e das actividades represivas desenvolvidas como consecuencia das súas estadías, vid. BABÍO URKIDI, Carlos; PÉREZ LORENZO, Manuel (2017).
[58] Sobre as distintas formas de acción colectiva, vid. CRUZ, Rafael (1998).
[59] BAZ VICENTE, Mª Xesús (2004).
[60] *La Voz de Galicia*, 05/06/1902; *La Época*, 31/12/1903; *La Defensa*, 15/12/1907; *La Aspiración*, 31/01/1909; *El Noroeste*, 09/04/1911.
[61] *El Motín*, 08/08/1889; *Id.*, 05/09/1896; *La Voz de Galicia*, 18/08/1896; *El Pais*, 23/01/1903.
[62] *El Noroeste*, 06/07/1904; *La Época*, 21/12/1900.

BIBLIOGRAFÍA

BABÍO URKIDI, Carlos; PÉREZ LORENZO, Manuel (2018): *Meirás. Un pazo, un caudillo, un espolio*, Fundación Galiza Sempre, Santiago de Compostela, 3ª edición, 2018.
—(2017): «O Pazo de Meirás: 80 anos de espolios», *Sermos Galiza*, 10/08/2017.
—(2017): «A outra cara de Meirás», *Sermos Galiza*, 17/08/2017.

BAZ VICENTE, María Xesús (2004): *A loita pola terra nas Mariñas: das axitacións antiseñoriais á resistencia antiforista*, Cadernos de Estudos Oleirenses, Trifolium, Oleiros.

CABO VILLAVERDE, Miguek (1998): *O Agrarismo*, A Nosa Terra, Vigo.
—(2007): «La II República en la Galicia rural», *Cuadernos republicanos*, nº 64, CIERE, Madrid: 83-109.

CRUZ, Rafael (1998): «El mitin y el motín. La acción colectiva y los movimientos sociales en la España del siglo XX», en *Historia Social*, nº 31, UNED, València: 137-152.

FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, E.; PEREIRA GONZÁLEZ, D. (2004): *O anarquismo na Galiza. Apuntes para unha enciclopedia*, Positivas, Santiago de Compostela.
—(2006): *O movemento libertario en Galiza (1936-1976)*, A Nosa Terra, Vigo.

FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Eliseo (2007): *Galicia no diario CNT*, CNT da Coruña, A Coruña.
—(2007) «La FAI en Galicia», en *Germinal*, nº 3, A Coruña: 97-121.

FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo; NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manoel; ARTIAGA REGO, Aurora; BALBOA, Xesús (coords.) (1997): *Poder local, elites e cambio social na Galicia non urbana (1874-1936)*, Parlamento de Galicia, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.

FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo; CABO VILLAVERDE, Miguel (1998): «Agrarismo y regeneracionismo en la Galicia de comienzos del siglo XX: El desarrollo del regionalismo agrícola», en *Agricultura y sociedad*, nº 86, Madrid: 133-162.

FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo (1992): *Labregos con ciencia: estado, sociedade e innovación tecnolóxica na agricultura galega, 1850-1939*, Xerais, Vigo.

GRANDÍO SEOANE, Emilio (coord.) (2007): *Anos de odio. Golpe, represión e Guerra Civil na provincia da Coruña (1936-1939)*, Deputación Provincial da Coruña, A Coruña.

GRANDÍO SEOANE, Emilio (1992): «La CEDA en el partido judicial de Betanzos: organización local y comportamiento electoral (1931-1936)», en *Anuario Brigantino*, nº 15: 175-199.

—(2010): *A Segunda República en Galicia. Memoria, mito e historia*, Nigra Trea, Vigo.

LÓPEZ, Gloria (1997): *Aportacións para unha Historia de Sad*a, Ediciós do Castro, Sada.

MÍGUEZ MACHO, Antonio (2006): *La construcción de la ciudadanía a través de los movimientos sociales. El movimiento obrero en Galicia (1890-1936)*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.

PEREIRA GONZÁLEZ, Dionisio (coord.) (1992): *Os Conquistadores Modernos: Movemento Obreiro na Galicia de Anteguerra*, A Nosa Terra, Vigo.

PEREIRA GONZÁLEZ, Dionisio (1994): *A CNT na Galiza (1922-1936)*, Laiovento, Santiago de Compostela.

—(1998): *Sindicalistas e Rebeldes*, A Nosa Terra, Vigo.

PEREIRA MARTÍNEZ, Carlos, ROMERO MASIÁ, Ana (2003): *Germinal. Centro de Estudios Sociais* (Cultura Obreira na Coruña, 1902-1936), Briga Edicións, Betanzos.

PÉREZ LORENZO, Manuel (2010): «A represión franquista en Sada. As vítimas mortais», *Cadernos de Estudos Locais*, nº 5, A. C. Irmáns Suárez Picallo, Sada.

—(2011): «Introdución», en «Voces de xustiza. Artigos e manifestos dos anarquistas de Sada na II República», *Cadernos de Estudos Locais*, nº 8, A. C. Irmáns Suárez Picallo, Sada.

—(2012a): «Nomes propios. José Monzo e o sindicalismo anarquista na Sada da II República», *Areal. Revista Cultural de Sada*, nºs 4-5, A. C. Irmáns Suárez Picallo, Sada.

—(2012b): «O sindicalismo anarquista na Sada da II República», *Mariñán*, Sada, 12/2012.

—(2015a): «José Monzo, un anarquista na Sada dos anos 30», *Mariñán*, Sada, 01/2015.

—(2015b): «Xohán Antón Suárez Picallo: nacionalismo e agrarismo na Sada da II República», *Mariñán*, Sada, 03/2015.

—(2018): «Asociacionismo cultural e recreativo en Sada no primeiro terzo do século XX», *Areal. Revista Cultural de Sada*, nºs 14-16, A. C. Irmáns Suárez Picallo, Sada.

SANTIDRIÁN ARIAS, Víctor Manuel (2002): *Historia do PCE en Galicia (1920-1968)*, Ediciós do Castro, Sada.

SILVA FERREIRO, Manuel (1939): *Galicia y el movimiento nacional*, Universidad de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.


SOTO, David; HERRERA, Antonio (2014): «El conflicto agrario en la historia contemporánea de España. Nuevas perspectivas de análisis», *Vínculos de historia*, nº 3, Universidad de Castilla-La Mancha: 75-100.

TORRES REGUEIRO, Xesús (1992): *O movemento obreiro e agrario no Betanzos da II República*, en PEREIRA, Dionisio (coord.): *Os Conquistadores Modernos: Movemento Obreiro na Galicia de Anteguerra*, A Nosa Terra, Vigo.

VELASCO SOUTO, Carlos (2000): *Galiza na II República*, A Nosa Terra, Vigo.



Vista de Sada tomada de *Vida Gallega*, 15-10-1924.



As Torres de Meirás nos anos 30. *Vida Gallega*, 30-03-1938.

Un achegamento á *Falange* local: O libro de afiliados á *Falange* de Betanzos (1936-1967)



XESÚS TORRES REGUEIRO*

Sumario

Achegamento ao coñecemento da *Falange* de Betanzos e dos seus integrantes máis destacados a través do seu libro de afiliados e doutros documentos existentes no fondo da Xefatura Comarcal do Movemento de Betanzos custodiado no Arquivo do Reino de Galicia.

Abstract

An approach to the knowledge of the Betanzos Phalange (*Falange* de Betanzos) and its most prominent members through its affiliate book and other documents existing in the archives of the Regional Headquarters of the Movement of Betanzos (*Xefatura Comarcal do Movemento de Betanzos*) kept in the Archive of the Kingdom of Galicia.

Entre a documentación relativa á Xefatura Comarcal do Movemento de Betanzos existente no Arquivo do Reino de Galicia (ARG en adiante) figura un libriño de afiliados (coa signatura C-65214-4), de pastas negras e sen distintivo externo ningún, que abrangue o período que vai de 1936 a 1967.

O libriño, sen paxinar, consta dun cadro tipo que recolle os seguintes apartados que logo se cubrían a man: «Núm. de orden», «Núm. de expte.», «Nombre y apellidos», «Dirección», «Alta (Día, Mes, Año)», «Baja (Día, Mes, Año)», «Cuota» e «Observaciones». Os apartados referentes a «Núm. de expte.» e «Cuota» aparecen sempre sen cubrir e os de «Baja» e «Observaciones» só nos casos en que se produciu a baixa e para indicar a localidade ou país ao que se desprazou ou ben se foi voluntaria ou por falecemento.

O libro contén dúas listaxes. Unha listaxe manuscrita por orde alfabética (que non sempre se segue correctamente dentro de cada letra) que ten en branco as páxinas que corresponderían ás letras H, J, K, Ñ e U, en que non hai afiliados con apelidos que comecen por esas letras. Os únicos con apelidos que comezan por I e por Y van incorporados ao final do G e do V, respectivamente. Recolle un total de 206 persoas. A continuación comeza outra listaxe manuscrita por «Núm. de orden» (local, engadido a man) ata un total de 266 persoas por data de afiliación á organización, aínda que ao remate hai oito anotados sen orde. Aquí o apartado «Núm. de expte.» aparece corrixido como «Núm. de carnet provinc.» Ao que se engade na marxe, tamén a man, «Núm. de carnet Nacional», apartados que en ningún caso aparecen cubertos. A listaxe alfabética transcribímola ao remate do traballo mentres que a listaxe por data de afiliación reproducímola fotograficamente.

---

* **Xesús Torres Regueiro** é betanceiro e autor de varios libros e numerosos traballos sobre historia local e de Galicia, moitos deles publicados neste mesmo *Anuario Brigantino* dende 1983.

Hai, pois, unha diferenza de 60 persoas entre a listaxe alfabética e a listaxe cronolóxica. Na primeira faltan persoas que ou ben abandonaron a militancia, trasladáronse de poboación, faleceron ou non foron debidamente asentadas nesa listaxe.[1]

O libro comezou a redactarse na década dos cincuenta (quizais en 1957), pois aparecen domiciliados en Grupo «Los Caneiros» (catro dos «camisas viejas» residen aquí) Grupo «Las Mariñas» e Grupo «Brigantium», vivendas sociais que se construíron nesa década e, ademais, un «vieja guardia» que causa baixa en 1952 xa non aparece na listaxe alfabética. A segunda listaxe, por data de afiliación, corresponde case todo el á man dunha mesma persoa, que fai o último asento o 14 de febreiro de 1963. Os últimos oito asentos corresponden a outra ou outras mans. As derradeiras anotacións corresponden a marzo de 1968.[2]


Sumario

O texto do presente artigo correspóndese coa versión ampliada da conferencia pronunciada polo autor, invitado polo Concello, no marco dos actos conmemorativos dos 800 anos do traslado de Betanzos desde Tiobre ao emprazamento actual da cidade. Nel destácase o compromiso cívico e democrático dos irmáns García Naveira desde a perspectiva dunha ética do coidado, e as súas aportacións á educación, á cultura e á protección dos máis vulnerables.

Abstract

The text of this paper corresponds to the extended version of the lecture delivered by the author after an invitation by the City Council in the framework of the commemorative events of the 800th anniversary of Betanzos' transfer from Tiobre to the current situation of the city. It highlights the civic and democratic commitment of García Naveira brothers from the perspective of a ethics of care and theirs contributions to education, culture and protection of the most vulnerable.

1. Notas introdutorias

O meu agradecemento aos organizadores desta conferencia (Fig. 1) pola xenerosidade mostrada comigo, fillo de Betanzos, ao confiarme unha reflexión pública arredor da obra e do legado de D. Juan e D. Jesús García Naveira nun ano peculiar, nun ano especial no que conflúen tanto conmemoracións, coma celebracións, efemérides e datas singulares en relación coa historia do noso país, e coa historia de Betanzos en particular, feitos que constitúen unha invitación para reflexionar sobre o noso pasado colectivo, o noso presente e o noso futuro en moi diversos planos e niveis. Velaquí algúns exemplos da singularidade deste 2019:

* 800 anos do traslado de Betanzos ao Castro de Untia, un fito que se lembra con varios actos e que empurra a analizar o longo percorrido histórico da nosa vila, unha traxectoria na que os irmáns García Naveira ocupan un lugar moi relevante no século XX.

* 300 anos, como mínimo, da apertura da betanceira Farmacia Couceiro, exemplo de bo servicio, competencia profesional, amabilidade e bo trato, de atención e compromiso coa comunidade dunha familia fortemente vinculada a Betanzos.

* 100 anos da Declaración de Monumento Histórico-Artístico do templo betanceiro de San Francisco, unha obra marabillosa que temos que seguir poñendo en valor ao igual que a aportación da orde franciscana en Betanzos e a súa comarca, un legado franciscano, impregnado de valores como a paz e o amor, propios da súa mensaxe, tamén con iniciativas novas, no Betanzos de hoxe, que fomentan unha boa convivencia na que non cabe a soidade destrutiva.

---

* **Eduardo José Fuentes Abeledo é profesor Titular de Universidade no Departamento de Pedagoxía e Didáctica da Universidade de Santiago de Compostela.**



Fig. 1.- Anuncio da conferencia coas fotografías de D. Juan e D. Jesús García Naveira.

* 50 anos da fundación da Coral Polifónica de Betanzos, unha institución cunha traxectoria de enorme valor cultural, social e comunitario.

* 40 anos dos inicios do betanceiro Grupo Untia, do que tiven a sorte de formar parte xunto a outros queridos amigos (Fig.2), e que foi pensado para impulsar a cultura en Betanzos e a conservación, recuperación e posta en valor do seu inmenso patrimonio documental, histórico, etnográfico, artístico e cultural.

* Pero tamén quero citar os 80 anos do final dunha traxedia, do monumental erro da guerra civil española. Aquel fracaso colectivo convídanos a reflexionar sobre por que se instalou a mala convivencia que conduciu á catástrofe, por que a democracia non sobreviviu nos anos trinta e non se lograron resolver pacificamente as diferenzas entre reformistas, revolucionarios e reaccionarios.

Cabe reflexionar con rigor, responsabilidade e debate auténtico sobre a nosa realidade á luz do pasado, nun momento en que necesitamos fortalecer o entendemento entre os españois, o respecto e o recoñecemento mutuo para progresar, desbotando o guerracivilismo. Como nos lembra Juliá (2019) nunha obra publicada recentemente, en España, de 1898 ata practicamente hoxe, sucederon «demasiados retrocesos», como se destaca no mesmo título do libro.



Fig. 2.- D. Francisco Vales con mozos betanceiros (entre eles, tres membros do Grupo Untia: Xoán Manuel Andrade, Alfredo Erias e Eduardo Fuentes; tamén aparece o colaborador Xosé Manuel Santos) e Ángel Núñez nun acto-homenaxe ao cumprir 90 anos o Cronista de Betanzos e Secretario da Real Academia Galega (6/6/1981).

Procurar o entendemento entre españois, parécenos un esforzo que cabe estimular tamén entre os habitantes de todo o planeta ante novas situacións que, unha vez tras outra, alentan tensións, odios, resentimentos, e mesmo confrontacións bélicas, rachando acordos entre países, afastándose de ideais en defensa da paz cos que se identificaban os irmáns García Naveira. Lembremos que nun relevo do xardín do Pasatempo («La Paz por el Arbitraje») un ideograma que incorpora nomes de países comprometidos con tratados de paz invita á solución de conflitos rexeitando a guerra. O fracaso destes ideais pacifistas -con fitos destacados nas primeiras décadas do século XX en España coa Guerra Civil comezada en 1936, ou en Europa coa primeira Gran Guerra iniciada en 1914- conduciu a anos de sangue, ruínas e miseria.

Cando xorden discursos sobre o pasado que poden inducir á confusión, cabe manterse alerta e analizar con sentido crítico relatos que conlevan alentar combates retomando conceptos históricos (como os de «imperio español» e «raza») que tanto se difundiron, e difunden, en certos contextos, e que nada teñen que ver coa mensaxe que penso tentaron transmitir os irmáns García Naveira, máis ben orientados por valores como a igualdade e a liberdade e iniciativas ilustradas de progreso baseadas na fe na educación e na cultura para todos.

Entendo que co obxectivo de propiciar a evitación de atrocidades e inxustizas, os García Naveira apostaron polo progreso, polo coidado, a educación e a cultura dos outros, sobre todo dos máis vulnerables. Cando os betanceiros da xeración dos 60 do pasado século, de rapaces reparabamos nun relevo do Pasatempo («O Sacrificio de Tupac Amaru II»), tomabamos conciencia doutra perspectiva diferente ao relato que na época se difundía oficialmente sobre o «Imperio Español», obtendo unha visión máis equilibrada e rigorosa, percibindo as luces, por suposto, pero tamén algunhas sombras das actuacións,

desenvolvendo así un sentido máis crítico da Historia. Cabe reflexionar sobre o modelo de sociedade que entendo tentaron potenciar no seu Proxecto Educativo os irmáns García Naveira, conciliando diversas tradicións e ideais nun programa de progreso e de comunidade cohesionada e pacifista, fomentando a cooperación e a solidariedade entre os pobos.

Os valores cívicos democráticos, cooperativos, solidarios e pacifistas cabe defendelos, onte e hoxe. Correspóndelle ao sistema educativo replicar os aspectos positivos que fomenta o humanismo, e rexeitar aqueles que potencian a violencia, a inxustiza, a desigualdade, o racismo ou a xenofobia.

Os irmáns García Naveira pretenderon impulsar unha maneira de coidado das persoas e do mundo que garanta o seu progreso, perfilando un horizonte común, tentando conciliar diferentes tradicións, apostando polo entendemento, a comprensión, a igualdade e a paz.

2. Breve referencia a estudios sobre a obra e o legado dos irmáns García Naveira.

A obra e o legado dos irmáns García Naveira require da realización de varias investigacións profundas e rigorosas, con diferente enfoque (histórico, sociolóxico, antropolóxico, económico, político, educativo, artístico, filosófico, ético, psicolóxico, emocional...) para analizar en detalle as súas contribucións e a traxectoria dos protagonistas e do seu Proxecto. Pese a que xa contamos na actualidade con bos e interesantes traballos é preciso facer un esforzo maior de contextualización no Betanzos e no mundo da época. A aportación dos irmáns, cabe recordalo, xorde nunha España que se corresponde coa Restauración, a Ditadura de Primo de Rivera e a II República, nun período en que unha boa parte das cidades españolas e tamén algunhas vilas afrontaron reformas de relevo e na que forzas políticas reformistas, revolucionarias e reaccionarias loitaban polo poder.

Analizar a actuación dos irmáns prestando atención, por exemplo, ao marco social en que se moveron no ámbito local interrelacionado con contextos máis amplos, resulta esencial, ou estudar os cambios que propiciaron na paisaxe urbana betanceira da época, analizar a súa acción en contraste coa actuación política institucional dos gobernantes da vila e con círculos máis amplos, ou desvelar as similitudes e diferenzas en relación coas pautas, códigos sociais dominantes e estratexias de uso do poder.

Situar a obra e o legado na evolución histórica da España contemporánea que sufriu a oscilación pendular entre elementos de modernidade e resistencias diversas, resulta unha empresa apaixonante para os historiadores. E como esta dimensión histórica e sociolóxica, outros moitos temas de gran interese noutros ámbitos poden ser abordados en relación coa aportación dos García Naveira. Mencionarei a continuación algúns dos traballos que se ocupan da súa obra e legado.

Os traballos de Santiago de la Fuente (1984, 1999), unha aldrabada para calibrar a inmensa obra dos irmáns, resultan de imprescindible lectura. O libro de Rodríguez Crespo (1983), publicado con motivo do cincuentenario do falecemento de D. Juan, incorpora datos de interese.

Diversos traballos de historiadores betanceiros son de recomendable lectura ao aludir á obra dos irmáns ou ao contexto histórico con aportacións que permiten comprender mellor a súa traxectoria. Por exemplo o estudo recollido nunha obra publicada polas Irmás Hospitalarias sobre a inauguración do Refuxio da autoría de Núñez-Varela (2010) ou a publicación do mesmo investigador sobre a morfoloxía urbana de Betanzos (2015), ao igual que os traballos de Torres Regueiro sobre a Casa do Pobo (1985), e o Betanzos no tempo da República (2004). Tamén publicacións de Erias Martínez (2001) como a dedicada

á estrutura socioprofesional de Betanzos entre 1840 e 1936, ou a que se centra nos documentos do Arquivo e Museo das Mariñas sobre a educación (Erias Martínez, 2013), así como a de Veiga Ferreira (1987) sobre a poboación nesta cidade no século XIX. O artigo do betanceiro Fernández Fernández en colaboración con Sánchez García (2006) aporta unha análise sobre a asistencia á vellez e os asilos en Galicia con referencia ao Asilo fundado polos irmáns.

Soraluce (1986), no Boletín do Grupo Untia ao que pertenceu este arquitecto e profesor da Universidade da Coruña, dedica unhas páxinas ao pasado do Pasatempo, ao estado da obra a mediados dos oitenta do pasado século, e ao futuro, do que valora como «un proxecto global cun meticuloso estudio dos seus detalles, estruturado en varias zonas, que a modo de plataformas introducían a natureza na realidade e a fantasía na natureza (...) froito dunha apaixonada aglomeración de detalles e elementos, capaces de provocar a sorpresa a cada paso» (p. 47). Soraluce apostaba pola «rehabilitación» cun «proxecto unitario por especialistas», desexando que non acabara transformándose «nun almacén de randeeiras oxidadas» (p. 48).

A investigación de Fernández de Rota e Irimia Fernández (2000), desde unha visión antropolóxica, aporta unha reflexión sobre o pasado, o presente e o futuro de Betanzos e, sobre este último «como historia», unha análise do «Pasatempo» como «unha fantasía en ruínas» (p. 179) con referencia aos proxectos de restauración, pero tamén facendo alusión a outras obras dos irmáns. Os datos recollidos na súa investigación -fundamentalmente no período 1986-1993-, son moi interesantes para obter unha perspectiva dos betanceiros sobre a obra e o legado dos García Naveira. Por exemplo, desvélase que os irmáns «representan o soño materializado dunha multitude de betanceiros pobres» (p. 188), e que as clases populares de Betanzos «maioritariamente, de forma abafadora e case unánime» consideran o Pasatempo como «unha marabilla inigualable» (p. 188), un luxo cultural, a materialización en imaxes dese soño dos pobres, pero tamén valoran moi positivamente que as diversas obras dos indianos, ademais do Pasatempo -escolas, hospitais, lavadoiros...-, serviran para dar salarios, destacando o «carácter pragmático» das súas aportacións.

Mariño (2003), entende o Pasatempo como «o relato que o seu construtor, emigrante de fortuna, fai do seu propio éxito persoal e familiar» (p. 441). Sobrino Manzanares (2006) apoiándose en boa medida na documentada e valiosa obra de Cabano, Pato e Sousa (1991), destacaba o Pasatempo como un «xardín de recreo», mais segundo esta autora: «non existe, no proxecto deste diletante admirador doutros territorios culturais, un programa ou unha clara idea condutora» (p. 74).

A tese doutoral de Martín López (2010) defendida na Universidade de Granada e desenvolta no marco do Departamento de Historia da Arte e Música, aporta interesantes informacións, análises e conclusións en relación con parte do legado dos irmáns. Este investigador, identifica o Pasatempo coa estética masónica. En opinión de Martín López a obra de D. Juan responde ás características propias dun «xardín masónico». O betanceiro Ángel Arcay (2018) defende tamén unha clave explicativa masónica para comprender o Pasatempo na obra que gañou o Primeiro Premio «Masonería Aberta», convocado polo Instituto de Estudios Masónicos de Galicia.

Varios estudos publicados no *Anuario Brigantino* abordan tamén de forma específica a obra do Pasatempo. Por exemplo, cabe resaltar publicacións como as de Mariño (1999, 2000, 2003, 2010), Crespí (2006), Villasol (2001) ou Rodríguez Arnau (2015a e b). Ou traballos

sobre outras obras dos García Naveira, como por exemplo sobre o Lavadoiro Público Gratuíto (Vázquez Mosquera, 2009).

Outros estudos que se poden consultar en papel ou na rede (como o blog da «Asociación de Amigas/os do Parque do Pasatempo» (https://bit.ly/2FNltIf) e a Revista *Casa dos Espellos* (https://casadosespellos.wordpress.com) con título que evoca unha construción desaparecida do propio Pasatempo), son de notable interese. Tamén hai artigos que fan referencia a diversas obras dos García Naveira, centrándose na dimensión educativa (Fuentes Abeledo, 2014, 2015).

No ámbito da historia da educación teño noticia de que se están a desenvolver investigacións sobre a obra dos irmáns na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela, unha en forma de tese de doutoramento nunha das liñas de traballo do historiador e profesor Vicente Peña do Departamento de Teoría e Historia da Educación.

Tendo en conta traballos como os citados, e outros que fan referencia á traxectoria e á obra dos García Naveira, non deixa de ser un atrevemento pola miña banda ofrecervos nesta tarde un fío de reflexións e sentimentos sobre o legado dos irmáns cando penso que cómpren investigacións de longo alcance e que precisan anos de dedicación para profundar nos temas.

A verdade é que non fun capaz de negarme a facer unha modesta aportación para o debate neste ano no que, como xa sinalei, conmemoramos o traslado de Betanzos desde o emprazamento en Tiobre ata o lugar que ocupa actualmente, pero no que lembramos tamén toda a longa traxectoria histórica da cidade a as aportacións ao seu progreso, sobre todo porque hai un detalle que me chama poderosamente a atención en relación coa valoración da obra e do legado dos irmáns García Naveira.

3. Altruísmo, boa convivencia e progreso da sociedade

Vivimos no noso contexto momentos cheos de desencontros, mesmo de abertos enfrontamentos a nivel político, social e intelectual, con clara disputa pola hexemonía entre posicións fortemente enfrontadas. Observamos como se alimenta a polarización ideolóxica e mesmo agroman insultos entre grupos. Crece a cultura da desconfianza e da sospeita en moitos ámbitos. Mais, en Betanzos, as aportacións dos irmáns García Naveira parecen ser un espazo de converxencia, valoradas en positivo desde moitas frontes, persoas, movementos e grupos sociais, institucións e asociacións, e mesmo partidos políticos con diferente ideoloxía, tamén en momentos de pugna electoral.

Este feito constitúe unha realidade de gran relevancia para levar adiante proxectos comúns, polo ben común en Betanzos, que unan á comunidade, proxectos de boa convivencia reforzando ou recompoñendo lazos sociais e comunitarios, que destaquen o valor da dignidade humana, da cooperación e da solidariedade, proxectos de progreso económico, educativo, social, cultural e afectivo para todos e todas.

Certo que, en ocasións xurdiu, e mesmo xorde, algunha crítica, ben escasa, ao labor dos irmáns (como a vertida sobre a figura de D. Juan polo chileno D. Augusto d´Halmar no xornal de *La Voz de Galicia* en setembro de 1925), esa crítica, xa tivo, e ten, respostas. Dª María Barbeito (mestra e Directora da Graduada de nenas e párvulas das Escolas Da Guarda de A Coruña, posteriormente inspectora de educación no tempo da II República e pioneira na renovación pedagóxica en Galicia), invitou á reflexión ao escritor chileno «desfacendo agravios». Sobre esta educadora, defensora de D. Juan, cabe consultar o excelente traballo

de Ana Romero Masiá (2014), nun libro de coidada edición e, por certo, impreso en Betanzos nos talleres de Lugami.

Sobre críticas do estilo do señor d´Halmar, centradas nas causas do altruísmo de D. Juan García Naveira, só quero subliñar un aspecto acudindo a fontes recentes da investigación en neurociencia. Afirman os investigadores Cela e Ayala (2018) que «non é fácil establecer cales son os mecanismos que dirixen o comportamento social (especialmente aqueles relacionados co comportamento altruísta)» (p. 88).

Hai hipóteses sobre as que se está a investigar. Unha das máis recoñecidas é que «certos comportamentos tendentes a reforzar os lazos sociais producen unha descarga no cerebro de opiáceos endóxenos (endorfinas) a modo de ´recompensa´» (p. 89). Por exemplo, os traballos de James Danielli (1980) dan conta de que, como resumen Cela e Ayala (2018), o cerebro humano «conta cun sistema de recompensas, mediante a liberación de endorfinas, que produce euforia cando se está levando a cabo un acto tido por altruísta» (Cela e Ayala, 2018). Pero convén precisar. Mesmo aceptando esta teoría, cabe considerar que «é moi diferente manter que a liberación de endorfinas está causada polo feito de obrar de acordo a certos valores (...) ou que se produce polo feito de axustarse ás normas sociais nun sentido xeral» (Cela e Ayala, 2018, p. 89).

En todo caso, a inclinación a preocuparse do ben alleo e dedicar esforzos e mesmo sacrificios para axudar aos outros, durante toda unha vida ou parte dela, penso que debemos valorala moi positivamente. Unha tendencia que relaciono co concepto de «respecto» ao outro, a toda persoa, que ha de ser percibida como un ser humano integral coa máxima dignidade e cuxa presenza importa, como maxistralmente argumenta un dos máis recoñecidos especialistas en socioloxía interpretativa, o norteamericano Richard Sennett (2003), no seu ensaio sobre «a dignidade nun mundo de desigualdade». A obra de Sennet convén tela moi en conta para analizar e actuar no noso contexto, nun momento en que, como se recolle en recentes informes sobre a pobreza en España, a taxa de exclusión social (sobre todo entre os mozos e familias con nenos) é preocupante, e o ascensor social está roto.

Máis alá de consideracións teóricas arredor das forzas dos mecanismos que conducen ás persoas a ter comportamentos xenerosos e altruístas, as notas que vos presentarei a continuación pretenden destacar o legado dos Irmáns García Naveira arredor de tres conceptos (coidado, educación e cultura) ligados a valores que, na miña opinión, artellaron un determinado Proxecto Educativo, sobre o que xa me estendín en dúas conferencias anteriores publicadas posteriormente no *Anuario Brigantino* (Fuentes Abeledo, 2014, 2015): un Proxecto ligado ao coidado, protección e educación dos máis vulnerables, dos máis necesitados da sociedade. Estas cuestións son de plena actualidade cando en España unha de cada cinco persoas está en risco de pobreza, e moitos nenos crecen sen igualdade de oportunidades, ou aumentan as necesidades de atención e coidado aos nosos maiores.

Valoremos positivamente Proxectos Educativos, Proxectos de Cidadanía para impulsar proxectos de vida persoais xunguidos a determinadas ideas de boa convivencia e progreso social.

É xustamente, a idea de boa convivencia, a que pretendo sirva de alicerce para artellar o conxunto de lembranzas, valoracións e reflexións que me provocou pensar no legado dos García Naveira, e compartilo con vós.

Unha boa convivencia, allea a aquela outra que produce malestar, que ataca á reputación do outro, que sementa a división, que impide chegar a pactos de convivencia sobre múltiples aspectos de gran transcendencia na actualidade española, como a educación ou a organización territorial no noso país. A boa convivencia non se logra baixo a considera-



Fig. 3.- Rúa Valdoncel e Feira Nova arredor de 1910.

ción do «outro» como inaceptable, intolerable, nin florece onde agroma a violencia verbal ou mesmo física.

4. Memoria e «verdade narrativa»

Pretendo ofrecer unha visión íntima, non tanto un discurso, baseada nun estudo académico da obra e legado dos irmáns, aportando moitos datos novos, ou resultados da revisión de variados arquivos e documentos.

Apoiareime sobre todo no que vivín, e no que sentín, e sinto, como influencia dos irmáns García Naveira na miña maneira de ver o mundo, de percibir, pensar, sentir, mesmo de querer e relacionarme cos outros e que penso tamén puido afectar a outras persoas. Voarei á miña nenez e adolescencia cando residía en Betanzos, na rúa Valdoncel (Fig. 3), cos meus pais Elena e Juan, e as miñas irmás, María Elena e Eva. Volto a aquela época cando trataba a diario con familiares e amigos moi queridos e inesquecibles. Foi neses anos cando fun coñecendo aspectos da obra dos irmáns, sobre todo da man dos meus pais e dunha querida amiga, xa falecida.

Quero brindar estas palabras especialmente a aqueles e aquelas que, en diferentes momentos da historia betanceira, ao longo de máis de 800 anos, pensaron non só no seu propio benestar, no dos seus familiares, amigos ou colaboradores directos, senón tamén no dos demais veciños para que puidesen desenvolver un proxecto de vida digna, que pensaron no outro, sobre todo nos afectados polo sufrimento humano, naqueles que tiñan pouco ou nada (nin riqueza, nin propiedades, posición social, cultura, saúde, redes de

apoio material, social e emocional...), ou ben que perderon todo o que posuían por distintos avatares da vida.

Unha perspectiva ben diferente, por certo, daquela outra que observa o sufrimento dos demais baixo o razoamento lóxico de que «a quen lle saen mal as cousas, é sempre pola súa culpa e debe pagalo», e considera a dor, a pobreza, a necesidade en diversas manifestacións como un «castigo merecido» que non merece consideración, axuda, coidado nin compaixón.

Parto da convicción, como argumentaba recentemente Emilio García (2008), filósofo e profesor xubilado da Universidade Complutense, de que «somos as nosas memorias» e, polo tanto, desde elas, e gracias a elas, percibimos, pensamos, emocionámonos, sentimos, planificamos e proxectamos. Asumo a íntima relación entre o que habitualmente denominamos memoria e as emocións e sentimentos. Lembro a Machado: «Só recordo a emoción das cousas, e esquéceseme todo o demais, moitas son as lagoas da miña memoria» .

Concordo co afirmado pola socióloga Elizabeth Jelin (2019), cando expresa que «falar de MEMORIA significa falar de PRESENTE. A memoria non é falar do PASADO, senón a maneira en que os suxeitos constrúen un sentido do seu pasado no seu enlace (...) co presente e cun FUTURO desexado».

Iso si, aceptando que os sucesos do mundo experimentámolos e reconstruímolos dun xeito con enorme carga subxectiva, como argumenta no seu libro póstumo (*El río de la conciencia*) o neurólogo Oliver Sacks (2019). E asumindo tamén que a memoria xorde do intercambio de moitas mentes. Así que animádevos, e colaborade comigo para ir constituíndo unha «verdade narrativa» en permanente reconstrución que nos aporta identidade colectiva á comunidade betanceira, permanecendo atentos á «verdade histórica», ben documentada, que se vai configurando con enorme esforzo por tantos bos historiadores que tivemos, e temos, tamén en Betanzos.

A min sucédeme como a Sacks (2019) que, conforme me vou facendo máis maior, véñenme á memoria primeiros recordos sobre todo da infancia e xuventude que permanecían como aletargados. Lembranzas pero tamén «estados de ánimo, pensamentos, ambientes e paixóns relacionadas con eles» (p. 99), aos que tento, coma el, darlle unidade e sentido, recoñecendo toda a carga de subxectividade que comporta tal pretensión.

5. O legado dos Irmáns García Naveira: memoria persoal, realidade histórica e ética do coidado

Cal é o primeiro recordo que teño da obra dos Irmáns García Naveira?

5.1. O Lavadoiro Público e Gratuíto

Remóntome á miña nenez. É hora de merenda na morada familiar da rúa Valdoncel, portal 16 de Betanzos, no cuarto e último piso, aquel espazo inesquecible de acollida, crecemento e felicidade que xa existía cando D. Juan residía en Betanzos á volta da súa aventura arxentina e D. Jesús, xa tamén con residencia en España, visitaba a vila de continuo (Fig. 3). Miña nai aprende o oficio de modista a varias mozas. Algunhas veñen todos os días a pé desde preto do «Norte», da Infesta. Sei que, de máis pequeno, Teresa e Ana, algúns días, camiñando, me levaban con elas a mediodía á súa casa para volver á sesión de traballo da tarde entre telas, tesoiras e máquina de coser. Escoitase o caer da chuvia sobre o tellado e a azotea que se distingue na imaxe (Fig. 3).



Fig. 4.- A moza Elena Abeledo Amado regando a roupa (3/6/1954).

Miña nai móstrame unha fotografía de cando era moza (Fig. 4). Sostén coas mans un balde do que verte auga. Únense á conversa dúas das aprendices de modista. Falan entre elas lembrando mulleres do lugar de Viuxe, da casa familiar de miña nai. Están recordando a forma de lavar a roupa en pozas, ou á beira do río, como se facía tamén na vila. Escoito historias da fonte do «río da Pena», moi cerca de onde pasaba o tren.

As aprendices comentan a marabilla que supuxo, segundo lle contaran vellas do lugar, dispoñer do «Lavadoiro Público Gratuíto» de As Cascas, en Betanzos (Fig. 5 e 6).

Miña nai relata como veciñas da zona de Viuxe ían recoller roupa sucia, enviada no tren por familias acomodadas da Coruña, móstrame unha fotografía da estación «Betanzos Norte» e informa das tarefas para devolvela limpa e pasada ao ferro á cidade herculina.

As tres mulleres conversan sobre o adianto enorme que supuxo contar co Lavadoiro (dende principios do século XX, en concreto dende 1902), para protexerse das inclemencias do tempo. Un día, Teresa e Ana lévanme ata a construción dos García Naveira para mostrarme os postos cómodos e acomodados aos vaivéns das mareas para o lavado a man. E observamos tamén os secadoiros cubertos e a lareira para quentar o espazo e os corpos das mulleres nos invernos, un recanto onde descansar e xantar. Un auténtico luxo naquela época, e moito máis, se cabe, cando se inaugurou a comezos do século XX!

O Lavadoiro Público dos García Naveira na zona das Cascas, na marxe esquerda do Mendo, foi a primeira fundación dos irmáns. Pensaron naquelas mulleres que sen dúbida viran tantas veces cando, de nenos, a uns metros da súa vivenda familiar, a dos «Subela», á beira do Mendo no barrio da Ribeira, se esforzaban, axeonlladas, mollándose, lavando en calquera estación do ano (Fig. 7). A súa mesma nai, por exemplo.

Algunhas daquelas mulleres lavaban só a roupa da casa. Outras, traballando tamén para casas alleas, obtiñan ingresos para axudar na feble economía familiar.

Esa lavandeira que, provista do cesto da roupa na cabeza percorre as casas para as que lava, desenvolve operacións, usando xabón, fregando ben, batendo e torcendo na auga dun regacho do río, ou dun tanque, para poñela despois ao clareo. Logo, régaa con auga durante o día, e pasa despois recollela para facela colada. Auga limpa e xabón e, se cadra, poñela de novo a clarear e secar, sempre ata que quede ben limpa e branca. Chega a hora de recoller e dobrar, moitas veces axudándose entre as lavandeiras, e de colocar todo no cesto para o transporte.

Os irmáns García Naveira, mostrando un grao de empatía coas mulleres moi salientable, neste caso coas lavandeiras das clases populares, construíron ese fermoso e funcional



Fig. 5.- Lavadoiro Público Gratuíto dos irmáns García Naveira.

edificio, que aínda hoxe marabilla (Fig. 6). «Catedral das lavandeiras», se titulaba unha reportaxe sobre esta construción escrita polo betanceiro Xesús Fraga e publicada o pasado 23 de Marzo no xornal *La Voz de Galicia*.

A «Catedral das lavandeiras» para que as mulleres puidesen facer unhas tarefas en condicións dignas e nunha construción fermosa e funcional con dúas plantas, a baixa con dúas filas de pilóns, e a segunda para tender a roupa a secar, con boa protección ante as inclemencias do tempo. O magnífico edificio servía tamén para que as lavandeiras, nos momentos do traballo e tamén de descanso, quizás ao xantar ou na merenda, puidesen conversar, compartir momentos de confidencias, contar e compartir, que vivir é convivir!

Ese pensar nos outros dos García Naveira, nas outras neste caso, esa empatía considéroa propia dunha ética do coidado que as propias lavandeiras recoñeceron en vida de D. Juan: no acto celebrado en 1929 no seu 80 aniversario -D. Jesús morrera o 24 de Marzo de 1912- en agradecemento, entréganlle un pergamiño.

Imaxinar as mulleres, por exemplo con frío invernal, coa humidade do regato ou do río, mesmo chovendo, fregando a roupa ou as sabas coas mans, sen protección, meterse na súa pel e imaxinar como coidalas, é manifestación tanto de:



Fig. 6.- Lavadoiro Público Gratuíto dos irmáns García Naveira.




Fig. 7.- Lavandeiras. Debuxo de Alfredo Erias.




Fig. 8.-Segundo Lavadoiro gratuíto doazón de D. Juan García Naveira.

*Empatía cognitiva: a capacidade de entender a perspectiva doutra persoa.

*Empatía emocional: a capacidade de sentir o que outra persoa sinte.

*Interese empático: a capacidade de entender o que outra persoa necesita de ti.



Fig. 9.- O Refuxio.

Os propios irmáns decidiran que ese Lavadoiro marabilloso fose «público e gratuíto», deixando estipulado que nunca podería ser obxecto de comercialización, así como que nel tivesen preferencia as lavandeiras que se gañaban a vida con ese duro traballo, e que habitualmente cobraban por cestos ou por prendas, dependendo do tamaño das pezas.

Mulleres que, por outra banda, como escribiu o etnógrafo Xaquín Lorenzo (1983) ao referirse a este oficio feminino, non sempre eran ben tratadas porque as amas ou «señoras» que encargaban o lavado da roupa, normalmente, escribiu o intelectual ourensán, eran «moi da súa casa», eran «celosas defensoras do ajuar doméstico», e manifestábanse «inimigas declaradas de calquera droga que faga desaparecer os lixos con detrimento dos tecidos, e contables fieis das prendas entregadas e recibidas. A perda dunha servilleta ou dunha camisa pode supor para a lavandeira un desconto considerable na súa retribución» (p. 177).

Contar co Lavadoiro dos García Naveira, e mesmo con outro segundo Lavadoiro público uns anos despois -neste caso dunha soa planta- na mesma zona das Cascas e que doou D. Juan García Naveira dez anos despois do primeiro -persistiu ata o ano 1960-, foi unha doazón marabillosa naquela época (Fig.6).

Os irmáns García Naveira, mostraron «interés empático» (intimamente relacionado coa empatía emocional, antes citada); foron capaces de algo máis que sentir o que sentían aquelas mulleres. Foron capaces de saber dalgunhas das cousas que necesitaban, e responderon con sentido práctico, e estético -que fermosas as flores da forxa, por exemplo, ou a harmonía das súas dimensións-, e sentido moral. Non hai máis que acercarse ao Lavadoiro e situarse na época histórica para entendelo.

Cabe tamén subliñar un feito: as investigacións recentes sobre a empatía suxiren que, conforme as persoas ascenden de nivel ou posición social, a súa capacidade para manter relacións sociais vai minguando e algunhas teorías neuronais conclúen que o interese empático é un sentimento de dobre fío: intuitivamente, sentimos a aflición do outro como propia, pero, ao decidir se respondemos ou non ás necesidades do outro, sopesamos de forma calculada canto valoramos o seu benestar.

5.2.O Refuxio

Miña nai e meu pai, cando eu era neno, falábanme dos irmáns García Naveira como uns homes moi ricos, pero tamén me explicaban a súa grandeza como persoas, a súa bondade e xenerosidade.

Miña nai informoume tamén de como moitas nenas «con problemas», dicíame ela, atopaban acollida no que todos chamabamos «O Refuxio» (Fig. 9). Unha mostra máis da



Fig. 10. Monxa do Refuxio acompañando unha nena no paseo. Fotografía do libro das Irmáns Hospitalarias (2010, p. 20).

atención específica ás mulleres, tan esquecidas no que se refire á súa protección, tan desvalidas, tan desconsideradas e, á vez, tan fortes para afrontar a dureza da vida.

D. Juan adquiriu unha parcela onde construíu un edificio que doou á Congregación das Irmás Hospitalarias para «refuxio» de nenas «pobres, raquíticas, escrofulosas e lisiadas» segundo recolle o Regulamento elaborado en 1923.

As nenas eran acollidas e mantidas gratuitamente. En Agosto dese ano de 1923 incorporáronse as primeiras trece nenas de entre os 3 e os 14 anos procedentes de Betanzos, A Coruña, Madrid e Burgos.

D Juan fixo ademais outras contribucións para sostemento da Casa como o pago de diversos recibos, ou un armónium, costeando ademais ata o seu falecemento, acaecido en marzo de 1933, o gasto mensual do pan que se consumía, como se recolle nun fermoso libro editado en 2010 polas Irmás Hospitalarias do Sagrado Corazón de Xesús, obra na que se comenta tamén a evolución do centro ata hoxe.

Na publicación citada descríbese como, nos anos 30 do século pasado, con enormes desigualdades e necesidades entre a inmensa maioría da poboación, aquelas nenas pobres e afectadas pola escrófula, recibían alimento san, adecuado e suficiente, vestidos, boa hixiene e asistencia sanitaria, segundo escritos da Superiora deses anos.

As nenas tamén recibían «ensinanza das primeiras letras, cosido, bordado e labores propias das mulleres, mecanografía, etc» (p.24). Contouse tamén con máquina de tricotar, biblioteca e capela. O centro dispoñía de espazos para patios, xardíns, horta, granxa e monte.

O Regulamento establecía que as nenas, de non necesitar gardar cama, realizasen actividades como «recreacións, paseos, clases e ocupacións que eviten a monotonía e todo contribúa ao desenvolvemento físico e a utilizar a intelixencia e a capacidade das nenas asiladas». (p. 35). Así, pois, fomentábase tanto a capacitación profesional como unha atención e educación integrais (Fig. 10), como se desprende da información recollida na publicación das Irmás Hospitalarias (2010).

Por certo, actividades realizadas nun lugar no que se gozaba, e goza, dunhas fermosísimas vistas da cidade de Betanzos e do seu entorno, destacando a imaxe da ría, ademais de muros con reprodución de tiaras pontificias e paisaxes bíblicas.

5.3.O Sanatorio «San Miguel»

Xa moi maior, D. Juan, no 1930, doa o Sanatorio «San Miguel» no monte do «Coto» para acoller as relixiosas da congregación do «Instituto das Irmás dos Anciáns Desamparados»



Fig. 11.- Sanatorio San Miguel.

de toda España, unha manifestación máis dunha ética do coidado practicada coas que se dedicaban ao coidado dos anciáns máis necesitados (Fig. 11).

Cabe subliñar o feito de que nesa época o persoal relixioso seguía sendo esencial para o funcionamento da rede de beneficiencia en España. Como comenta Schubert (1990): «Moitas das novas ordes femininas creadas na segunda metade do século XIX se dedicaban a obras de caridade e á educación» (p. 82). Un dato: en 1909 existían máis de 1000 institucións de beneficiencia dirixidas por monxas e uns poucos anos máis tarde, o 90% das persoas que traballaban nos 546 establecementos municipais e provinciais de asistencia social eran relixiosas.

Non me cabe dúbida de que D. Juan era consciente do importante labor desenvolto polas monxas no ámbito da beneficiencia e pretende tamén ofrecer «coidados» a quen coidaba dos demais. Como afirman Carballo e Magariños (1978) nun dos seus estudos sobre a reconstrución da historia da Igrexa Católica en Galicia -en especial sobre a etapa republicana-: «a atención prodigada pola Igrexa ao alivio das necesidades inscríbese nunha ancha gama de acción asistencial» (p. 450). Segundo afirman estes investigadores, a asistencia sanitaria «estaba en mans das relixiosas, na súa maior parte das Fillas da Caridade. A hospitalización era practicamente un asunto da beneficiencia» (Carballo e Magariños, p. 450).

5.4.O Asilo

Meu pai foi quen me comentou do coidado aos anciáns por parte dos irmáns, da dotación dun edificio con pavillóns, salas, dispensario, horta... El tiña moi boa relación coas irmás da congregación que os coidaban e que xestionaban o Asilo.

Aos seis anos ingresei nas Escolas que a maioría da xente denominaba «do Asilo». Pero ese Asilo, que estaba a carón das Escolas dos irmáns García Naveira (Fig. 12), xa o coñecín con anterioridade á entrada nas aulas nunha ocasión en que meu pai me levou alí, pouco tempo antes de converterme en alumno do admirado mestre D. José Dapena Espiñeira.

O meu proxenitor traballaba como taxista e nunha ocasión tivo que ir buscar un ancián e deixoume que o acompañase. Leveime unha grande sorpresa porque eu coñecía a aquel




Fig. 12.- Escola e Asilo García Irmáns.

home. Vírao deambular por rúas betanceiras, moi mal vestido, desorientado, famento, sempre só, como só moraba nunha casa con moi malas condicións hixiénicas e de todo tipo.

Paréceme incrible que me lembre dalgunhas cousas daquela idade, pero o que veño de relatarvos recórdoo moi ben. Cando se comentou na casa, meu pai volveu falar dos García Naveira e de que había moitos anos fixeran moito ben á xente, pero o seu labor filantrópico seguía vixente. Máis tarde souben que o Patronato Benéfico-Docente «García Irmáns» constituírase en 1908, con dúas obras: As Escolas e o Asilo. Cabe destacar que os irmáns fixaran «ser pobre» como un dos criterios básicos de preferencia de admisión nos dous establecementos.

A actitude cara aos «pobres» fora cambiando en España entre finais do século XVIII e pouco antes da chegada da Segunda República. Dun grao de tolerancia cara aos mendigos na rúa a finais do século XVIII que, segundo o viaxeiro Joseph Towsend (1797) resultaba «excesivamente xenerosa» (e que pode explicarse pola consideración da súa situación como desafortunada pero querida por Deus e moralmente útil, como comenta Schubert-1998-), foi transformándose noutra actitude na que destaca a visión do pobre como un perigo, como unha molestia, converténdose, polo tanto, nunha «cuestión social» que requería solucións. En todo caso, afirma Shubert (1991), os españois «aceptaron decididamente unha visión da pobreza que negaba a existencia de calquera obrigación de asistir ao pobre e afirmaba, pola contra, o dereito a elixir o tipo de pobres merecedores da súa axuda» (p. 79). Foise estendendo a idea de barrer aos pobres das rúas (como en Estados Unidos e Gran Bretaña), colocalos en institucións e ensinarlles a virtude do traballo, atacando a mendicidade e a doazón de esmolas nas rúas, favorecendo así a orde pública. A burguesía liberal comezou a afrontar o problema con obxectivos sociais e económicos (Fernández Fernández e Sánchez García, 2006).

Como declarara xa no 1861 a galega Concepción Arenal: «as esmolas dadas na rúa eran ´caridade mal dada´», aínda que defendía que os mendigos podían seguir nas rúas cun distintivo oficial que testemuñase o seu merecemento pois «representaban na sociedade a dor, ese elemento de moralidade e da perfección humana» (p.163).



MEMORIAS
DE
UN VIAJE IMPROVISADO
POR
ROGELIO BORONDO

BETANZOS
1900.

R-Ja 503

MEMORIAS
DE
UN VIAJE IMPROVISADO

A las doce del dia 21 de Octubre de 1899, hora en que como habia tomado por costumbre desde mi regreso de América, me dirijia á mi casa con objeto de suministrar al mecanismo orgánico el combustible indispensable para la subsistencia, despues de una sesión con algunos amigos en la sociedad *Liceo Recreativo*. En el canton de San Roque y á inmediaciones del *Mesón* (Hotel) allí establecido, me encaré con los amigos D. Juan y D. Jesús García á los que me aproximé con objeto de saludar especialmente al segundo que aquel dia debia partir para Paris en misión comercial según asi se me habia informado. Cumplido aquel deber, me anunció el mismo

Fig. 13.- Portada do libro que recolle a crónica da viaxe dos García Naveira e Borondo.

Diversas iniciativas dos irmáns para dar traballo aos parados, moitos en situacións ben complicadas, son manifestacións da súa preocupación por proporcionar sustento e, en simultáneo, dignificar o traballo e o esforzo. O obxectivo, pois, era que aqueles que estivesen fisicamente capacitados tivesen a oportunidade de ocuparse de tarefas profesionais e recibisen un soldo digno, transmitíndose así a mensaxe clara das virtudes do traballo que se reflexaban nos muros do Pasatempo creado por D. Juan, e tamén no patio das Escolas «García Irmáns». As actas das Sociedades Obreiras de Betanzos, en tempos convulsos previos á Guerra Civil recollen grandes eloxios ao labor dos García Naveira. E moitos anos despois, os antropólogos Fernández de Rota e Irimia Fernández (2000), recollen no seu estudio datos sobre a percepción das clases populares betanceiras entre mediados da década dos oitenta e da década dos noventa do pasado século: a valoración da obra e legado dos irmáns é moi positiva de forma case unánime.

5.5.As Escolas

En coherencia con esta visión, destaco outros elementos do seu Proxecto Educativo e Cidadá, como por exemplo a importancia dada a que os nenos acudan ás escolas («a sabedoría é riqueza e a ignorancia pobreza» aparecía nunha sentenza esculpida nunha das escaleiras para acceder ás aulas de nenos) e que, como aparece no Regulamento das Escolas García Irmáns de 1915, debe coidarse o desenvolvemento físico do alumnado. O texto normativo concreta, por exemplo, que os nenos reciban instrución militar (un tipo de



Fig. 14.- Encontro dos irmáns García Naveira e Roxelio Borondo. Debuxo de Xoán Andrade.

disciplina peculiar que entendo tamén ligada ao concepto de «control» para forxar o carácter), e as nenas ensinanza en labores varias identificadas cun determinado modelo de muller da época (aprender a facer obxectos decorativos, a coser, remendar, facer traballos de punto, etc.).

Traballo ben feito, rectitude, disciplina, orde, autodominio, esforzo, previsión, constancia. Valores que os irmáns consideraban conveniente desenvolver no marco do seu Proxecto Educativo e de Cidadanía Democrática no contexto histórico en que se atopaban.

Que escolas contaban na época en que se construíron as dos García Naveira -e aínda moitos anos despois- con extraordinarios patios para xogar, para relacionarse, e realizar actividades de desenvolvemento físico, e tamén para ilustrarse con coñecementos varios? Eran un auténtico privilexio, un luxo, como tamén o era contar con Museo Escolar.

5.6.Aportacións económicas directas a familias pobres.

Os García Naveira, ademais de crear toda unha infraestrutura filantrópica moi poderosa, aportaron auxilio material (asistir á escola, por exemplo, significaba poder xantar gratis, ou recibir uns zocos), ou mesmo pecuniario. D. Jesús deixou «Legados testamentarios en beneficio de Betanzos», como 100.000 pesetas para «200 Familias Pobres de Betanzos» en forma de accións do Banco de España, incorporando recomendacións específicas para o seu mellor aproveitamento, e tamén outros legados para o persoal que atendía a súa casa e coche particular.

5.7.Outras aportacións

Traballar, si, pero en boas condicións e cun labor digno e axeitadamente remunerado, e favorecer a organización e a cultura dos traballadores. Lembremos que un legado de D. Jesús, permitiu levantar a «Casa do Pobo» para as sociedades obreiras betanceiras de agricultores, canteiros, carpinteiros e oficios varios, nunha tradición de notable arraigo en Betanzos dende a Idade Media cos gremios de carácter, sobre todo, formativo e asistencial. Casa aínda ergueita na rúa Travesa e, desgraciadamente, non devolta á comunidade betanceira instaurada a democracia. D. Jesús deixou ben claro no seu testamento os seus desexos, violentados durante o franquismo.

Mellorar as condicións das mulleres para realizar diversas tarefas -como no caso das lavandeiras-, atender aos anciáns máis necesitados, educar aos nenos e nenas, coidar, e educar a nenas escrufulosas, lisiadas e raquíticas nunha institución específica, favorecer a organización das sociedades obreiras e aportar os medios para a construción dun edificio para realización de múltiples actividades, ou dotar ao antigo Hospital de San Antonio de quirófano moderno e de arranxos e aplicación de medidas de hixiene axeitadas para a realización de operacións, son só algúns dos exemplos que se relacionan fortemente cunha ética do coidado, que resumo no principio de atender a chamada do outro, e que, dende o meu punto de vista, asumiron con forza os irmáns García Naveira. Eles atenderon necesidades esenciais dos outros e lograron que moitos excluídos, moitos a quen se lle negaban dereitos básicos, se sentiran escoitados, acollidos, recoñecidos, apoiados, estimulados, coidados.

Unha tradición ética, que, como sinalara Bauman (2001), convén estimular na actual «sociedade líquida», sempre cambiante, en novos tempos de «desprotección», «inseguridade» e «incerteza». Unha proposta que considera como o xerme básico da ética, a alteridade, o sentido do outro, o recoñecemento de dependencias, a responsabilidade en relación cos demais, no recoñecemento da súa dignidade como persoas.

O legado, de novo, considero que non se relaciona exclusivamente con patrimonio material, senón tamén coa mensaxe de que o outro, especialmente o máis necesitado, o que dispón de menos recursos, é quen máis require coidado, protección, educación, cultura da máxima calidade, que dicimos hoxe, e apoio, respecto, amor fraterno, xenerosidade, afecto e atención.

A palabra, «atención» vén do latín «attendere», que quere dicir, «tender cara», en definitiva, centrarse nos demais, actitude que constitúe a base da empatía, como recorda Daniel Goleman (2018), un dos recoñecidos especialistas en intelixencia emocional.

O mesmo libro de Actas da fundación, reflexa o eco dun determinado tipo de comportamento e de actitudes que entendo tentou fomentar o Proxecto dos García Irmáns. Por exemplo, cítase no documento o nome dun grupo de empregadas domésticas que confeccionaron e regalaron roupa e sabas para os residentes no Asilo. A mensaxe dos García Naveira atopaba eco tamén en persoas modestas do propio Betanzos da época, tal e como xa me fixera notar meu pai con outros casos que me relatara na nenez. Exemplos de empatía.

5.8.Recoñecemento oficial da filantropía

O Estado español recoñeceu e ata estimulou as actividades filantrópicas, e xa no 1856 creara a Cruz de Beneficiencia, unha condecoración civil para premiar a filantropía que lle foi outorgada a D. Juan García Naveira por solicitude do Concello Betanceiro en 2011, e que tamén cursara para D. Jesús, pero este morreu antes da concesión.

Cabe destacar que unha betanceira, Dª Matilde Augustina Andrea Golpe Brañas, viúva do tamén betanceiro D. Manuel Naveira González, recibiu a Orde de Beneficiencia pola súa

xenerosidade cos pobres. Sobre esta muller betanceira poden consultarse aspectos da súa biografía na publicación de Couceiro Vicos (2016) quen destaca igualmente o labor filantrópico do propio D. Manuel e do seu fillo, D. José Roque Naveira, o «neno de ouro» como se lle coñeceu sempre en Betanzos.

Entendo que no pensamento dos irmáns, o esforzo, a aprendizaxe para desenvolver un oficio, a responsabilidade para facer un bo traballo é unha das caras do bo vivir, do progreso persoal, ligado ao comunitario. Algúns destes valores refléxanse na «Árbore xenealóxica do Capital» que se reproduce tanto no patio das Escolas, como no Pasatempo.

Por outra banda, penso que as relacións sociais, a amizade e determinadas actividades de ocio ligadas ao enriquecemento cultural constitúen a outra cara para axudar a construír un bo presente e un bo futuro desde a perspectiva que mantiñan os irmáns García Naveira. Non se trata de centrarse exclusivamente no traballo, de empregar toda a enerxía e o tempo nesta actividade.

5.9.Bo vivir, ocio cívico, formación e adquisición de cultura

O betanceiro Campo da Feira, hoxe praza dos irmáns García Naveira, foi na miña experiencia vital desde neno un espazo para desenvolver actividades desta segunda cara do bo vivir. E conservo outra imaxe ligada ao meu coñecemento do legado dos García Naveira que quero compartir con vós.

A mesma amiga que me mostrara algunhas marabillas do Pasatempo, unha tarde, ao comezo da adolescencia, leume, mentres estabamos sentados nun banco moi preto desta sala, fronte á entrada da Alameda, varias páxinas dun libro que descoñecía. Tiña por título *Memorias dunha viaxe improvisada.* (Fig. 13). Unha viaxe que durou dous meses, pasando por lugares de Francia, Suiza e Italia, nunha época en que, en Europa, só arredor do dez por cento podía realizar viaxes por placer e en moita menor medida a poboación de países atrasados como España (Boyer, 2005).

Eu era un voraz lector de libros de viaxes e descoñecía aquela obra publicada na nosa vila en 1900 na «Imprenta Sucesores de Castañeira». A miña amiga comezou ler o que escribira Rogelio Borondo, un amigo dos García Naveira, cronista daquela viaxe. Quero compartir con vós algúns fragmentos da iniciática lectura, exactamente con parte dos parágrafos que escoitei aquel día, sen dúbida co obxectivo daquela querida mestra da vida, de incitarme á súa lectura completa.

Leo, emocionado. Sírvome hoxe da edición que hai nove anos publicou Edicións Morgante, con presentación de Fraga (2010) e un breve perfil biográfico de Borondo escrito por Ben Ramos (2010)

Cóntanos o notario daquela viaxe, aquel betanceiro que nacera en setembro de 1864 e morrera dous anos despois que D. Xoán, é dicir en 1935, que se encontran nun dos Cantóns do Campo (Fig. 14), ese espazo para a comunicación, o intercambio, a sociabilidade, o trato e tamén o rumoreo:

> Ás doce do día 21 de Outubro de 1899, hora en que como tomara por costume dende o meu regreso de América me dirixía á miña casa (...), despois dunha sesión con algúns amigos na sociedade Liceo Recreativo, no cantón de San Roque (...) encareime cos amigos D. Juan e D. Jesús García (p. 15).



Fig. 15.- AMB. Panorámica de Betanzos no 1899. Fotografía de F.J. Martínez Santiso.

Ambos irmáns convénceno para que os acompañe nunha viaxe que o mesmo Borondo cualifica no Limiar da obra como *«grata viaxe»,* e na primeira páxina como *«viaxe pracenteira»*. O autor afirma que ofreceu, e agora reproduzo literalmente: *«débil resistencia á invitación e suxestionado pola ocasión de tan bos compañeiros»* (p. 15).

Pouco antes das 6:40 dese mesmo día chegan os tres á estación de ferrocarril betanceira, e escribe D. Rogelio que varios amigos:

> acudiron a despedirnos, démo-lo adeus a Betanzos ata o noso regreso. Soou o asubío da locomotora, e con el sentímo-la emoción propia no amante da súa vila natal ó abandonala, mesturada co pensamento das grandezas da natureza e da man do home que en breve habiamos de admirar (p. 16).

A miña amiga logo de lerme algúns parágrafos das visitas e paseos en París e Nápoles, que comentarei brevemente máis tarde, leume tamén o último parágrafo enteiro ao remate do libro, nas últimas horas da viaxe tras dous meses por Europa:

> Ás 11:10 da noite chegamos a Venta de Baños, onde tivemos que espera-lo tren de Madrid ata as 2:55 da mañá do seguinte día 18, e ás 5:30 daquela tarde soou como trompeta de anxo o simpático nome de Betanzos, a cuxa estación chegaramos, clausurando a nosa viaxe con este arribo feliz (p. 149).

Chegan á cidade escoitando «trompeta de anxo», coma se volvesen ao paraíso do que partiron, Betanzos (Fig. 15 e 16), enriquecidos culturalmente, cheos de experiencias formativas e de aventuras, admirados de cidades como París ou Roma ou da aventura no Vesubio, e reconfortados polos momentos de boa convivencia, entre eles os tres e con amizades estranxeiras.

Voltan con tempo para celebrar o Nadal, pois arribaron o 18 de decembro de 1899, case dous meses despois de descubrir marabillas da natureza e da cultura na súa viaxe por Francia, Italia e Suíza, rememorando, con variacións, aquelas viaxes dos aristócratas do «Grand Tour» que xurdiran na Inglaterra do século XVIII «para descubrir, para ilustrarse e para gozar (...) calidades esixidas para ser considerado un *gentleman»*, e que asumía a cultura burguesa do século XIX con toques de «modernidade» (Cruz Valenciano, 2014, p. 348 e 366).



Fig. 16. – AMB. Imaxe da praza do Campo de Betanzos no 1900.
Fotografía de F.J. Martínez Santiso.

Nesa luminosa tarde na que tiven coñecemento deste libro de viaxes, descubrín outras facetas da personalidade e valores dos irmáns García Naveira, e algúns detalles da vida doutro betanceiro de que non oíra falar. Rogelio Borondo, anos máis tarde, exercería como tesoureiro do Padroado que crearon os irmáns e que agrupaba bens como as Escolas e Asilo dos filántropos.

Varias reflexións me provocou escoitar fragmentos daquela obra e sobre as que agora, revisando as miñas notas adolescentes, me estendo un pouco máis, para compartilas con todos vós:

Aquel «encontro» no noso paseo do Campo dos tres betanceiros (Fig. 14) me levou a pensar no valor da relación amable cos demais, da sociabilidade, de emprender traballos, pero tamén momentos de vagar, de goce e ocio, por exemplo paseando e conversando polo «Campo». Tamén pensei no valor da amizade, da colaboración para un boa convivencia, e para levar adiante bos proxectos de vida e traballo. Non é o traballo o único que da «sentido á vida». Por tanto, poñer freo á «adicción ao traballo», non deixarse arrastrar pola compulsión que conduce a dedicar máis e máis tempo e enerxía ao traballo buscando o lugar no mundo exclusivamente a través da actividade laboral. Poñer freo á competencia desenfreada, salvaxe, encarnizada, constante, sen tregua, desalmada, desleal, mesmo cruel (non só das empresas, senón tamén de cada suxeito) que conduce a que non haxa tempo máis que para o traballo, e se degrade a vida en común.

Algúns detalles do relato da viaxe:

· Despiden a Borondo e aos irmáns García Naveira varios «amigos» na estación o día da marcha, e outros «amigos» aparecen na obra. Cando lin o libro enteiro, apreciei aínda máis o valor de viaxar con outras persoas que poden ser fonte de satisfacción, de plenitude e de axuda mutua.



Fig. 17.- O Pasatempo. Entrada principal.

* Despois de visitar o Lago Maggiore, voltan a Milán e, á mañá do día seguinte, conta o cronista que:

> no hotel presentouse o señor Franco Reiser (...) quen coñecía persoalmente ó noso compañeiro don Jesús (...), dende aquel momento foi o noso compañeiro inseparable, fino, simpático, amable e bondadoso, nobre e desinteresado, nunha palabra, milanés, esforzábase por compracernos (p. 46).

* Outro día, contra o remate da viaxe, atópanse no tren con outro «amigo» (Medialdúa) e relata Borondo:

> Na primeira estación reunímonos nun só coche e cos friames e licores que levabamos festexamos aquel encontro casual (p. 149).

Encontros con persoas apreciadas e con amigos, momentos compartidos, conversa, confianza. Os antigos gregos daban moita importancia á amizade. Mesmo Aristóteles destacaba a amizade como «o máis importante da vida», e Cicerón escribiu que «sen a amizade, a vida non vale nada». A amizade que xorde de encontros baséase na solidariedade entre pares, na simpatía, pero esixe reciprocidade, intención de facer ben ao outro e desexar facelo, interese, afinidade.

Os tres amigos, e con outros na viaxe, pasan bos momentos xuntos. Sen necesidade de poñerse a proba, acompáñanse, aprécianse, cóntanse cousas, comparten valores, e aventúranse a vivir cousas xuntos.

* Si, aventúranse a visitar xuntos, por exemplo, a Catedral de Nôtre Dame en París. Esa xoia da arte gótica (como a é, da arte gótica galega, a igrexa conventual de San Francisco de



Fig. 18.- O Pasatempo. Estanque dos Papas.

Betanzos). A Nôtre Dame parisina, un símbolo poderoso de Francia, pero tamén da cultura europea, e que estes días pasados tanto lembramos polo desastre acontecido co lume.

* A miña amiga leume o escrito no libro de viaxe dos amigos chamándome a atención sobre as medidas, *«68 metros de altura das súas torres xemelgas»* dicía o texto (p. 18), mentres me mostraba debuxos dunha guía turística tanto da Catedral, como da Illa da Cidade no corazón histórico da capital parisina, as numerosas pontes, a Illa de Saint Louis...

* Logo ensinoume outros debuxos que reflexaban a homes (canteiros, carpinteiros...), traballando na construción da Catedral, e describiume nunha deliciosa síntese os paseos dos tres amigos polos Campos Elíseos, bulevares, o Bois de Boulogne, o Palacio do Louvre, o Museo Naval Xardíns de Plantas, zoolóxico, invernadoiros, acuarios, grutas, museos onde observan frechas empezoñadas, estatuas de emperadores romanos, *«bonitas fervenzas con abundante auga»*, xardíns de *«delicioso recreo»,* estanques grandiosos, terrazas con balaustradas e enormes estatuas. Escribe Borondo dun destes lugares que: ***«Serve á vez de recreo público, de establecemento de ensino sobre botánica, cultivo, zooloxía, anatomía, historia natural, mineraloxía, física e outros cursos»*** (p. 26, destacado meu). Que lugares de Betanzos vos lembran varias destas descricións?

5.10.O Pasatempo (Fig. 17, 18, 19)

Despois daquel descubrimento, a fin de semana visitei, unha vez máis, o que quedaba nesa época do Pasatempo. Outro día acerqueime ao Museo Pedagóxico das Escolas García Naveira, con permiso de D. José, aquel mestre sempre disposto a compracer os seus discípulos.

Non moitos anos despois, a finais dos setenta do pasado século, outras visitas con amigos e amigas, profesores da Universidade de Santiago e de Universidades francesas e inglesas, en ocasións acompañado da miña irmá Eva e o meu amigo Tino Chao, permitíronme que constatase o asombro dos docentes ao coñecer o Pasatempo e a fascinación que




Fig. 19.- O Pasatempo. Estanque do Retiro.

exercía sobre eles . Tivemos que abrir camiño entre a maleza e axudarnos de escadas para entrar nalgúns lugares (Fig. 20, 21, 22, 23 24, 25). Nalgúns descansos ensináballes a colección de postais da época da inauguración do parque (Fig. 17, 18, 19). D. Juan establecera que a venta de postais e os ingresos das entradas ao Pasatempo se dedicasen ao mantemento do Asilo. Estaban conmovidos!

Era só era unha parte da obra de D. Juan o que quedaba, en lamentable estado, daquel soño dos García Naveira, daquel Proxecto Educativo e Cidadá, cosmopolita, e de esperanza en apoiar a construción dunha sociedade avanzada, aberta, culta, democrática, que apostase polos dereitos humanos, pola paz e por un trato igualitario. Un Proxecto comprometido coa protección dos máis débiles, das clases máis desfavorecidas, dos anciáns, nenos e nenas, mulleres, orfos e orfas, persoas con deficiencias e problemas físicos, pobres, de unha sociedade que se preocupa por proporcionar traballo e formación a todos.

Os García Naveira empregaban a moitas persoas que aprendían a traballar como carpinteiros, canteiros..., como aqueles que construíran a Catedral de Nôtre Dame ou San Francisco de Betanzos, agora mesmo aprendendo a facelo tamén con novos materiais como o cemento, tan usado por exemplo no Pasatempo e no patio das Escolas, ou como administrativos ou outros oficios nas clases de adultos cos mellores medios.

Con todos eles, os irmáns tamén quixeron compartir as marabillas que descubriran viaxando polo mundo adiante desde a súa posición económica privilexiada. Se os outros non podían viaxar, había que mostrarlles de algunha maneira ese mundo, sen desprazarse, con mensaxes con clara intencionalidade formativa. E facelo con espazos, obxectos, xardíns, estatuas, grutas, etc, de forma que a cultura «entrase polos ollos», pero tamén publicando o propio libro da viaxe.

Os irmáns entenderon que a lectura, durante moito tempo un privilexio vedado ás clases inferiores da sociedade, podía converterse nun acto de rebeldía, por exemplo contra a inxustiza, a favor da atención aos máis necesitados, e de formación cultural e apertura ao mundo. A lectura serve para que nos fagamos preguntas, algo tan rexeitado por certos pode-



Fig. 20.- O difícil acceso á parte alta do Pasatempo (Xuño de 1979).



Fig. 21.- O difícil percorrido pola parte alta do Pasatempo (1980).



Fig. 22.- Entrada ás grutas do Pasatempo (Xuño de 1979).



Fig. 23. -Soños e espazos rotos no Pasatempo (1980).



Fig. 24.- León do Pasatempo no Santuario de Covadonga nunha visita das *Majorettes Brigantinas* Na imaxe, Eva María e María Elena Fuentes (7/8/1978), practicando unha inveterada tradición de moitos betanceiros.

.



Fig. 25.- O Pasatempo en venta.

res que consideran que pode inocular virtudes perigosas das que as clases populares non deben ter coñecemento como pretenderon, e pretenden, por exemplo, os réximes autoritarios.

Un detalle: D. Jesús especificou no seu testamento, de puño e letra do propio betanceiro, que todos os seus libros fosen entregados ás Escolas García Irmáns.

Outro detalle: as Escolas estableceron unha importante Biblioteca para uso da xente. Como sinala o artigo 28 do Regulamento das escolas: é un «deber» do profesorado que acostumen ao alumnado a «pensar e raciocinar», tamén nos paseos e excursións que deben realizar (artigo 3).

Os irmáns sabían que a beleza, a grandiosidade arquitectónica, mellor observala en directo, como cando Borondo describe a emoción dos tres amigos o apreciar a obra de Miguel Ángel ou o interior da Basílica de San Pedro: «fixéronnos pronunciar unha exclamación de asombro ante tanta maxestade e grandeza» (p. 88).

Pero sen medios económicos, dificilmente podía a inmensa maioría da poboación achegarse directamente. Cabía representala e describila coas palabras, como ten feito conmigo, ademais da amiga betanceira, o mestre D. José. Ambos líanme algún parágrafo do libro de viaxes que vos comento acompañada de imaxes, por exemplo usando algúns dispositivos con fins didácticos mercados polos propios García Naveira para as Escolas, observando o reproducido nos seus patios, no Pasatempo, no recollido no Museo das Escolas ou noutros espazos, como no «Refuxio para nenas anormais físicas».

Os amigos, comenta Borondo no libro da viaxe, querían «conservar memoria de tanta beleza» (p. 92), e admíranse unha e outra vez de «tanta beleza» (p. 99). Sen egoísmo, queren compartir esa sensación, desenvolver a sensibilidade de todos e todas, penso que partici-



Fig. 26.- Os irmáns García Naveira e Roxelio Borondo no Vesubio. Debuxo de Xoán Andrade.

pando de principios como: «a cultura nos fai máis felices» ou «o saber nos fai máis libres».

O saber, a cultura, considerados como «unha riqueza» como declaraban lemas nos patios das Escolas onde eu estudei de neno. Pero, como xa dixen que se recollía nun lema do patio, os irmáns tamén querían transmitir que «a ignorancia» era «pobreza».

Os viaxeiros, no seu «Grand Tour» móstranse amantes da natureza máis virxe. Reproduzo fragmentos que me leu a miña amiga betanceira naquel día inesquecible e que describen a perigosa subida pola ladeira do Vesubio, «eternamente gravada na nosa memoria con caracteres de lume» (p. 123) (Fig. 26). Escribe Borondo:

> rubindo con pés e mans por aquela pendente case perpendicular, a 1800 metros de altura, sobre un piso de cinza tan solta que nos enterrabamos ata a metade do papo da perna sen que avanzásemos relativamente nada» (...). (p. 124). (...). Esta ascensión foi unha verdadeira aventura digna de curiosos exploradores. Percorrémo-la planicie que circunda o bordo do cráter e aproximámonos con precaución ata uns cincuenta centímetros da súa beira, daquela boca infernal que mide 100 metros de diámetro e se afunde a 150 metros. Naquel mesmo instante lanzaba aquel monstro uns ruxidos aterradores coma gorida de feroces feras en confusión, á vez que guindaba con impetuosidade enormes bocanadas de fume envolvidas en vivas laparadas que semellaban o mesmo inferno; no fondo daquel antro vense tres grandes bocas polas cales ceiba o fume e o lume, e a lava cando está en erupción, e, como en continuo fervor, óese un murmurio constante á vez que das entrañas da montaña saen aqueles espantosos tronos coma se quixese esborrallarse e sepultarnos nun abismo sen fondo. Contemplamos algúns minutos este monstro da natureza que xamais se borrará da nosa imaxinación (125).

D. José Dapena, diante da representación do Vesubio nun muro do patio, sendo eu moi pequeno, pero compartindo explicación con rapaces máis maiores, impartiunos unha «lección maxistral» sobre os volcáns. O último mestre das escolas describía as causas que os producen, e as consecuencias, referíndose tamén a Pompeia, a cidade sepultada baixo a cinza e outros materiais procedentes do volcán.

Despois, na aula, D, José fixo no encerado un esquema sobre as partes do volcán, axudándose de tizas de cores. Logo, aos pequenos mandounos ler no libro «El primer manuscrito» a lección sobre «Los volcanes» (Dalmáu Carles, 1964, pp. 94-100), obra que aínda conservo (Fig. 27, 28). Cantas veces fun meter despois os dedos na rañura do cráter representado no muro do patio das Escolas, e con nove anos, tralas lecturas como as do primeiro manuscrito, marabillarme cos textos de *Viaxe ao centro da Terra* de Julio Verne.

Polo tanto, amor pola cultura, a ciencia, pola arte, pola natureza, e sensación de asombro, de sorpresa, ante o ignoto, o descoñecido: o interior da terra, a boca do inferno que D. Juan, entendo, quixo de algunha forma representar tamén coa «Boca de Hades» no Pasatempo (Fig. 29), e nunha gruta coa especie de pozo escuro que, de neno, me metía medo ao asomarme e que os rapaces diciamos que era «o inferno», relacionándoo con cousas misteriosas, con catástrofes como a desaparición de Pompeia, con forzas incontrolables.

6. Conclusións

A ética do coidado é unha aposta que se liga a comportamentos e actitudes de coidado, de compaixón, de afectación polo sufrimento, a dor, a indixencia, a soidade da vellez (emocional e social), con mellorar as condicións de traballo (das mulleres lavandeiras, por exemplo), e a preocupación por procurar traballo digno ante o paro, tan presente en Betanzos en etapas como as que nos estamos a referir, en loitar contra a pobreza, a mala saúde.

Entendo que o Proxecto Educativo e Cidadá dos irmáns se sustenta nun sentimento de humanidade compartida (non de deshumanización do outro visto como inimigo, mesmo con expresión de odio e violencia). Un sentimento alleo á anestesia afectiva cos demais. Supón apostar pola dignificación de todo ser humano, polo valor intrínseco de toda persoa sexa rica ou pobre, muller ou home, neno, adulto ou vello, con boa ou mala saúde física ou mental. Neste Proxecto cada persoa debe ser coidada e gozar dos dereitos fundamentais, debe ter unha vida digna tendo acceso ao enriquecemento cultural nun entorno fermoso.

Onde non chegaban as políticas públicas da época, en Betanzos, os irmáns García Naveira aportaban para facer realidade principios dunha ética do coidado e onde agromasen a dignidade, a solidariedade, a liberdade, a legalidade, a fraternidade, a xustiza, con servicios de calidade na educación, na sanidade, no coidado aos máis débiles e desvalidos.

As horas pasadas para darlle forma a esta aportación, supuxeron para min, ao igual que este momento aquí, con todos vós, unha mestura de alegría e orgullo pensando na inmensa aportación dos García Naveira a Betanzos, e no que me chegou como influencia positiva, especialmente na miña nenez e na adolescencia na vila onde nacín e, á vez, de tremenda melancolía, tristeza e rabia polo perdido, por todo o que non se soubo ou non se puido conservar, e sobre a influencia do legado dos irmáns nalgúns aspectos e algunhas dificultades para manter certos ideais.

A Guerra Civil desenvolveuse entre 1936 e 1939, pouco despois da morte de D. Juan. Quero subliñar que, en relación co eido educativo, os cambios e realizacións positivas que se foran producindo desde finais do século XIX ata o estalido da contenda foran permitindo




Fig. 27.- Portada do libro *El primer manuscrito*.



Fig.28.- Páxina da lección sobre os volcáns no libro *El primer manuscrito*.

avanzar para ir superando o retraso en relación cos países europeos máis desenvoltos, como comentei nas dúas conferencias anteriores sobre a obra dos irmáns centradas na aportación á educación (Fuentes Abeledo, 2014, 2015). Neses anos avanzamos no conxunto do país e en Betanzos progresamos tamén contando ademais coa obra xenerosa dos irmáns. Cabe lembrar que D. Jesús morreu en 1912, pero aínda despois da súa morte, seguiu aportando á educación, por exemplo co legado que permitiu en 1917 a inauguración das Escolas Municipais que levan o seu nome (Fig. 30). D. Juan morreu no 1933 cando xa a tensión política e social no país aumentaba ata desembocar no horror.

Oitenta anos despois do remate daquela traxedia podemos analizar con máis sosego as consecuencias da mesma para os españois pensando nos betanceiros de a pé, e valorar como o legado dos García Naveira seguiu aportando beneficios a Betanzos, ata hoxe.

O coste social no tempo da fame e da miseria da posguerra, acompañouse doutras consecuencias. O historiador Antonio Cazorla (2016) esténdese en comentar o que denomina «catástrofe educativa». Desastre que se debeu segundo este historiador a dous factores clave: «a baixa inversión pública e o desdén da ditadura cara aos máis pobres» (p. 158), e á «extirpación das ideas modernas das escolas» (p. 159).

Cabe destacar tamén que na segunda metade dos anos sesenta e nos primeiros setenta, como escribe este investigador español, Catedrático de Historia Contemporánea de Europa nunha universidade canadiense, o réxime «expandiu de forma notable o sistema educativo, as becas» (2016, p. 165). O Banco Mundial, en 1962, xa advertira con toda contundencia, que a educación española estaba moi por debaixo das necesidades mínimas da economía. Sen embargo, afirma Cazorla (2016) aportando interesantes datos, «a traxedia educativa non remitiu facilmente» *(p. 165),* pese a que a «planificación» foi un obxectivo prioritario



Fig. 29.- Boca de Hades no Pasatempo.

do réxime cos ministros Lora Tamayo (1962-68) e Villar Palasí (1968-1973), impulsando este último o famoso «Libro Blanco» que incorporaba unha demoledora crítica ó labor educativo da ditadura ata ese momento.

Catástrofe educativa, que, en parte, aínda foi quen de mitigarse algo en Betanzos, grazas ao legado dos irmáns García Naveira.

Eu tiven a fortuna de estudar entre os 6 os 10 anos, na década dos sesenta do pasado século, nas «Escolas do Asilo». De correr, xogar e aprender nos seus fermosos patios. De gozar nas visitas ao Museo Escolar. De crecer coas explicacións e actividades do último mestre, D. José Dapena Espiñeira, que fora tamén alumno das Escolas, e a quen considero herdeiro do seu espírito pero traballando nunha época ben difícil para certas iniciativas pedagóxicas.

E tamén tiven a sorte de formarme como mestre na primeira carreira universitaria que cursei, aprendendo a ensinar cos métodos creados por D. José. Este mestre de mestres actuou como o meu titor con sabedoría incrible e enorme xenerosidade, como contei recentemente nun relatorio ante os Decanos das Facultades de Educación de todo o país, na cidade de Cuenca, nunha xuntanza da Conferencia de Decanos á que fun invitado para analizar a nova formación de docentes en España e elevar propostas ao Ministerio de Educación.

Lembremos, analicemos e sexamos agradecidos con quen o merece. A memoria colectiva é un compoñente esencial da nosa identidade, e os betanceiros somos herdeiros dun patrimonio de enorme valor que debemos salvagardar impulsando o sentido de pertenza e de boa convivencia. Lavadoiro gratuíto, escola gratuíta, atención gratuíta na vellez, atención gratuíta ás nenas con graves problemas, acceso á ciencia, á cultura e ao traballo para todos e todas... Ética do coidado. Que inmenso legado!

Nun mundo global, volvémonos máis universais, pero corremos o risco de «borrar o sentido de pertenza» (García Montero, 2019). Como argumenta o director do Instituto




Fig. 30.- Escolas Municipais «Jesús García Naveira».

Cervantes no seu último libro: «O que parece unha boa medida contra o localismo pode, sen embargo, situarnos na abstracción, facernos vivir na virtualidade, sen que nos sintamos vinculados a nada ou a ninguén. A veciña do segundo esquerda pode morrer de fame ou de frío porque a precariedade da súa pensión é asunto seu. Que non nos conte a súa vida» (García Montero, p. 46).

Os irmáns García Naveira, souberon escoitar, prestar atención aos que estaban ao seu arredor. Creo que por unha posición clara sobre o concepto de igualdade e que se identifica con quen da a maior importancia no seu comportamento cotiá cos próximos no espazo e no tempo, na convivencia nos círculos máis cercanos, a relacións amables, respectuosas, de amizade, de fraternidade e solidariedade.

E sobre ese mesmo concepto de igualdade, en relación con iniciativas políticas máis amplas, no que podemos denominar a convivencia política, dando a maior importancia a aquilo que converte os homes e mulleres en iguais, ou ás formas de atenuar e reducir os factores de desigualdade, factores sociais moitos deles, como comenta Bobbio (1995). Unha boa educación para todos e todas, como pretenderon os irmáns constitúe unha aposta nesta perspectiva (Fuentes Abeledo, 2015) perfilando un Proxecto Educativo que impulse valores de cidadanía (pacifismo, cosmopolitismo, solidariedade, liberdade, xustiza, igualdade, democracia...).

Unhas concepcións diferentes as de aqueles outros que consideran a desigualdade como un dato ineliminable, natural, ou de quen entende que nin sequera deben propiciarse ou estimularse iniciativas que pretendan a súa desaparición.

A mellora da convivencia, con axeitada atención ao coidado, á educación e á cultura, cabe seguir potenciándoa a través non só da acción persoal, senón tamén de boas políticas públicas activas e sistémicas baseadas en valores e principios como os que penso constituíron os alicerces do Proxecto Educativo e Cidadá dos García Naveira, actualizando ideas e propostas para responder ás necesidades do momento presente. Por exemplo, no

eido educativo, para reducir o abandono escolar prematuro no país (o 17,9% dos xoves entre 18 e 24 anos non teñen estudios de Bacharelato ou FP de Grao Medio), ou, con carácter xeral, lograr un pacto educativo a partir dun debate serio, rigoroso, responsable, e do maior calado intelectual e moral.

Un debate que, noutro ámbito sobre o que podemos reflexionar a partir tamén do legado dos irmáns, e considerando o amplo marco da xustiza e dos dereitos humanos, poña sobre a mesa a pertinencia de introducir novos conceptos como o de «igualdade afectiva» recoñecendo o carácter relacional dos seres humanos, e afrontando o problema da desigualdade na provisión e recepción dos coidados e do amor na sociedade actual (Lynch, Baker e Lyons, 2014).

Non se trataría de preocuparse só por solucionar os problemas de número en iniciativas de atención, coidado e educación, senón tamén que se atenda e se eduque, en todos os contextos, baixo principios de calidade e igualdade afectiva, asumindo os poderes públicos responsabilidades e compromisos fortes en relación ao desenvolvemento máximo posible dunha ética do coidado e da xustiza: unha boa educación e unha boa atención a todos e a todas, concitando vontades, potenciando a colaboración, estimulando ou procurando iniciativas en forma de redes educativas e de apoio.

Proxectos con esperanza, proxectos que nos unan para posibilitar que todas as persoas da comunidade poidan vivir e convivir ben recoñecendo plenamente a súa dignidade humana, como considero que pretenderon os irmáns García Naveira na súa época, no seu contexto, nunha sociedade diferente á actual, e da maneira que entenderon naquel momento era a mellor. Toda unha obra de altruísmo que foi recoñecida por moitos coetáneos seus, como Tomás López da Torre, alcalde de Betanzos fusilado en 1936, nun texto publicado no xornal *La Voz de Galicia* que xa reproducín nun traballo anterior (Fuentes Abeledo, 2014, p. 158). Tamén Luis Cortiñas, nunha publicación na *Revista do Centro Betanzos* en Bos Aires no seu número 58 de 1962. Este último describe a D. Juan como un ser «alleo a toda clase de ambicións que non foran as de servir aos demais na súa terra (...)». Cortiñas lémbrao con agarimo: «saudándonos sorrinte aos xoves que cruzabamos o camiño da nosa escola. Para el si que non había diferencias de clases, estou por dicir que gustaba máis dos nenos e dos pobres que da demais xente. Era a quen podía axudar máis ,o seu goce era ser útil á humanidade».

Non sei que pensades do contido deste último texto. O autor, aquel avogado da familia Cortiñas que tivo farmacia a poucos metros de onde estamos, prisioneiro e exiliado, lonxe da terra betanceira tan amada, cóntanos que D. Juan era un home con corazón xeneroso e bondadoso.

D. Juan e D. Jesús apostaron por unha ética do coidado e por unha boa convivencia. Ben paga a pena, en tempos de crispación e enfrontamentos diversos, en momentos en que crece a desconfianza en non poucos contextos, recuperar o sentido de palabras como bondade, progreso, coidado, educación, cultura; reivindicar o sentido positivo de palabras que nos axuden a vivir mellor na comunidade configurando relacións auténticas, amables e fraternais, a configurar un mundo máis xusto.



REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

ARCAY, A. (2018): *O Parque do Pasatempo de Betanzos. Narrativas para comprender un patrimonio profano.* Oviedo: MASONICA.ES

ARENAL, C. (1861): *La Beneficiencia, la Filantropía y la Caridad.* Madrid: Imprenta del Colegio de Sordo-Mudos y Ciegos.

-(1880): *La cuestión social. Cartas a un Señor.* Avila: Imprenta de la Propaganda Literaria.

BAUMAN, Z. (2001): *La sociedad individualizada.* Madrid: Cátedra.

BEN RAMOS, X. (2010): Perfil biográfico de Rogelio Borondo. En R. Borondo, *Memorias dunha viaxe improvisada. De Betanzos a Napolés en 1899,* (pp. 5-7). Cangas do Morrazo (Pontevedra): Edicións Morgante.

BOBBIO, N. (1995): *Derecha e izquierda. Razones y significados de una distinción política.* Madrid: Taurus.

BORONDO, R. (1900): *Memorias de un viaje improvisado*. Betanzos: Imprenta Sucesores de Castañeira.

-(2010): *Memorias dunha viaxe improvisada. De Betanzos a Napolés en 1899.* Cangas do Morrazo (Pontevedra): Edicións Morgante.

BOYER, M. (2005): *Histoire générale du tourisme du XVI au XXI siècle.* París: L´Harmattan.

CABANO, I., Pato, M.L. y Sousa, X. (1991): *«El Pasatiempo». O capricho dun indiano.* Sada: Edicións do Castro.

CARBALLO, F. e Magariños, A. (1978): *Análisis histórico y teológico del periodo 1931-36. II República.* Madrid: Akal.

CAZORLA, A. (2016): *Miedo y progreso. Los españoles de a pie bajo el franquismo. 1939-1975.* Madrid: Alianza Editorial.

CELA, C.J. y Ayala, F.J. (2018): *El cerebro moral. Evolución del cerebro y valores humanos.* Madrid: EMSE EDAPP.

CORTIÑAS, L.A. (1962): «Dos grandes hombres para la historia de Betanzos». *Revista del Centro Betanzos en Buenos Aires,* 58, 49-51.

COUCEIRO VICOS, J.L. (2016): *Una gran señora de Betanzos. Matilde Golpe, viuda de Manuel Naveira.* Betanzos: Edición del Autor.

CRESPÍ, J. (2006): «Revalorización del Parque histórico «El Pasatiempo»: Investigación, gestión e intervención». *Anuario Brigantino*, 29, 439-490.

CRUZ VALENCIANO, J. (2014): *El surgimiento de la cultura burguesa. Personas, hogares y ciudades en la España del siglo XIX.* Madrid: Siglo XXI.

DALMÁU CARLES, J. (1964): *El primer manuscrito.* Gerona: Dalmáu Carles Pla, S.A.

ERIAS MARTÍNEZ, A. (2000): «Estructura socioprofesional de Betanzos (1840-1936)». *Anuario Brigantino*, 23, 311-374.

-(2013): «A educación no Arquivo Municipal de Betanzos e o Museo das Mariñas». *Murguía. Revista Galega de Historia, 27-28, 203-210.*

FERNÁNDEZ DE ROTA, J. e Irimia Fernández, M.P. (2000): *Betanzos frente a su historia. Sociedad y Patrimonio.* A Coruña: Fundación Caixa Galicia.

FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, C.M. e Sánchez García, J.A. (2006): «Espacios para el refugio. La asistencia a la vejez y los asilos en Galicia». SEMATA, Ciencias Sociales y Humanidades, 18, 167-203.

FRAGA, X. (2010): Presentación. En R. Borondo, *Memorias dunha viaxe improvisada. De Betanzos a Napolés en 1899* (pp. 9-12). Cangas do Morrazo (Pontevedra): Edicións Morgante.

-(2019): «La catedral de las lavanderas». En *La Voz de Galicia* (23/3/2019), 51

FUENTE GARCÍA, S. de la (1984): «García Naveira, Juan y Jesús». En *Gran Enciclopedia Gallega 15, 193-08.* Santiago/Gijón: Silverio Cañada.

FUENTE GARCÍA, S. de la (1999): Los Hermanos García Naveira y sus fundaciones. *Anuario Brigantino*, 22, 395-434.

FUENTES ABELEDO, E. J. (2014): «Reflexiones en torno a la acción educativa de los Hermanos García Naveira en Betanzos». *Anuario Brigantino*, 37, 137-160.

-(2015): «O irmáns García Naveira e o dereito a unha boa educación para todos e todas». *Anuario Brigantino,* 38, 399-422.

GARCÍA GARCÍA, E. (2018): *Somos nuestra memoria. Recordar y olvidar*. Madrid: EMSE EDAPP.

GARCÍA MONTERO, L. (2019): *Las palabras rotas. El desconsuelo de la democracia.* Madrid: Alfaguara.

IRMÁS HOSPITALARIAS DO SAGRADO CORAZÓN DE XESÚS (2010): *Los pasos de nuestra historia. La Hospitalidad en Betanzos.* A Coruña: Irmás Hospitalarias do Sagrado Corazón de Xesús

GOLEMAN, D. (2018): «Qué es la empatía». En AA.VV. *Inteligencia emocional. Empatía* (pp. 1-13). Barcelona: Reverté.

JULIÁ, S. (2019): *Demasiados retrocesos. España 1898-2018.* Barcelona: Galaxia Gutemberg.

LORENZO, X. (1983): *Os oficios.* Vigo: Galaxia.

LYNCH, K.; Baker, J. e Lyons, M. (2014): *Igualdad afectiva. Amor, cuidados e injusticia. Madrid: Morata.*

MARIÑO, D. (1999): El turista ideal del «PASATIEMPO». *Anuario Brigantino*, 22, 435-444.

-(2000): «Mito y utopía: sabiduría pedagógica del PASATIEMPO». *Anuario Brigantino*, 23, 423-476.

-(2001): «El corazón de la fortuna en los arquetipos literarios del «PASATIEMPO»». *Anuario Brigantino*, 24, 417-430.

-(2003): «Introducción a la narrativa del «PASATIEMPO»». *Anuario Brigantino*, 26, 411-442.

MARTÍN LÓPEZ, D. (2010): *Estética masónica, arquitectura y urbanismo, siglos XVIII-XX.* Granada: Editorial de la Universidad de Granada.

NÚÑEZ-VARELA, J.R. (2010): Crónicas para la historia de Betanzos. La inauguración del «Refugio» en el año 1923. En Irmás Hospitalarias do Sagrado Corazón de Xesús, *Los pasos de nuestra historia. La Hospitalidad en Betanzos* (pp. 128-145). A Coruña: Irmás Hospitalarias do Sagrado Corazón de Xesús

-(2015): *Morfología urbana de Betanzos de los Caballero Extramuros. Aproximación Documental.* Betanzos: Ayuntamiento de Betanzos.

RODRÍGUEZ ARNAO, J.A. (2015a): «El Pasatiempo en los ojos de Loty (1927-1936)». *Anuario Brigantino*, 38, 423-454.

-(2015b): «El Pasatiempo visto por Vega en 1947». *Anuario Brigantino*, 38, 455-472.

RODRÍGUEZ CRESPO, M. (1983): *Lucha y generosidad de los Hermanos García Naveira.* Betanzos: Ayuntamiento de Betanzos.

ROMERO MASIÁ, A. (2014): *María Barbeito. Unha vida ao servizo das e dos escolares (1880-1970).* Betanzos: Bahía Edicións.

SACKS, O. (2019): *El río de la conciencia*. Barcelona: Anagrama.

SENNETT, R. (2003): *El respeto. Sobre la dignidad del hombre en un mundo de desigualdad.* Barcelona: Anagrama.

SCHUBERT, A. (1991): *Historia social de España (1800-1990).* Madrid: Nerea.

SOBRINO MANZARES, M.L. (2006): «El capricho enciclopédico de un indiano. El Pasatiempo de Betanzos (La Coruña)». En J.A. Ramírez y G.M. Borrás (pp. 72-84) *Escultecturas margivagantes: la arquitectura fantástica en España*. Madrid: Fundación duques de Soria, Siruela.

SORALUCE, J.R. (1986): «Una vez más, el Pasatiempo». *Untia. Boletín do Seminario de Estudios Mariñáns, 2, 45-49.*

TORRES REGUEIRO, X. (1985): «A casa do Povo de Betanzos». *A Nosa Terra*, 5-XI-1985.

-(2004): *A II República nunha vila galega. Betanzos 1931-1936.* Sada (A Coruña): Ediciós do Castro.

TOWSEND, J. (1797): *A Journey Through Spain.* Vol. 2. Londres.

VÁZQUEZ MOSQUERA, J.M. (2009): «Lavadeiro público gratuito de Betanzos». *Anuario Brigantino,* 32, 367-382.

VEIGA FERREIRA, X.M. (1987): «A poboación de Betanzos no século XIX». *Anuario Brigantino*, 10, 71-82.

VILLASOL, C.L. (2001): «Dos sueños en piedra: A Quinta da Regaleira y el Parque del Pasatiempo». *Anuario Brigantino*, 24, 431-448.

AGRADECEMENTOS

O meu agradecemento pola axudas prestadas para a preparación da conferencia e do texto deste artigo a Elena Abeledo Amado, Juan Fuentes Vasco, María Elena e Eva María Fuentes Abeledo, Rubén Fuentes González, Mercedes González Sanmamed, María Teresa Amado Rodríguez, Nuria Abal Alonso, Noelia Antelo Blanco, Cipri Cia Villanueva, Pablo César Muñoz Carril, Xoán Manuel Andrade Vidal, Alfredo Erias Martínez, Antonio Agustín Golpe Maceiras, Andrés César Rodríguez Vasco, Xesús Torres Regueiro, Tucho Calvo, Carmela González Boo e Herdeiros de Francisco Pillado González.



ARTE, LITERATURA ANTROPOLOXÍA

A pericia do lapicida

XOSÉ LUIS MOSQUERA CAMBA*

Saberes extraordinarios aprendidos sen método e, incluso, sen discurso.

O pelouro fronte a un coa súa ridícula irregularidade,
Coa súa secreta e intrincada capa de detalles nos que hai que reparar…

Trazar con signos dun equívoco alfabeto as voltas dunha vida,
Trenzar (tronzar).

Un lapicida é un criminal inevitable, un home de mirada ensombrecida.

(…)

Logo está a dureza, a tensión incalculable da palabra
(non da materia, non, pero da palabra),
unha ríxida tensión que só se intúe cando o golpe quere deixar marca
e, cunha indicible premonición, queima nos dedos, tal vez incluso no ventre.

Inscribir na pedra un nome de muller e notar o seu alento
Salobre na saliva, nunha saliva densa e pegañenta,
Nun lodo acedo e repugnante
Do que non hai maneira de librarse
Porque todo nome de muller exposto nunha pedra,
Nunha rugosa e tosca pedra, fala sempre de morte.

(…)

Un lapicida é un criminal inevitable, un home de tristeza desmedida.

Ciceis e punteiros: armas brancas cargadas de pasado
(a maldición nas mans de quen escribe coa fútil esperanza de permanecer).

A Alfredo Erias, que sabe ler nas pedras.

---

* **Xosé Luís Mosquera Camba** é profesor no IES Francisco Aguiar de Betanzos, doctor en Xeografía e Historia e autor de varios libros de poesía.



Iconografía de los bufones en la Galicia bajomedieval y tardogótica



ALFREDO ERIAS MARTÍNEZ*

Para Carmen Manso Porto, luz intensa en el laberinto medieval de Galicia.

Sumario

Se inicia este trabajo con una breve incursión en la historia de los bufones, y se continúa con la presentación de todos los bufones conocidos por el autor en la Galicia bajomedieval y tardogótica.

Abstract

This work begins with a brief foray into the history of buffoons, and continues with the presentation of all the buffoons known by the author in the late medieval and late Gothic Galicia.

Según el *Diccionario de la RAE*, bufón derivaría del italiano *buffone,* y éste de *buffo*: 'personaje cómico encargado de divertir a reyes y cortesanos con chocarrerías y gestos'. O, simplemente, 'truhán que se ocupa en hacer reír'.

> ... *buffo*, término de la baja latinidad con que se designaba á los que aparecían en el teatro con las mejillas infladas para recibir bofetones á fin de que el golpe fuera más ruidoso e hiciera reír de mejor gana á los espectadores (Ménage, según Saumaise, recogido por Gazeau, 1885: 11).

LA RISA CONTRA LOS MALOS ESPÍRITUS

Desde lo más profundo del mundo antiguo, hacer reír no sólo era algo divertido, sino que cumplía una función religiosa de primera magnitud, puesto que al reír se espantaban los malos espíritus y muy especialmente al temido mal de ojo (creencia que aún llega hasta nosotros), proporcionando las condiciones para todo lo bueno, especialmente para el amor, el sexo y la reproducción.

El dios egipcio, enano, barbudo y grotesco, Bes («Señor de Punt» o «Señor de Nubia») (fig. 1) es el protector del hogar, del matrimonio, de las mujeres embarazadas, de las gestaciones, de los partos y de los niños... Se asocia al amor y al placer sexual. Por su aspecto amenazador y por echar la lengua, protegía de las picaduras de reptiles e insectos y protegía también el sueño de las personas del ataque de los espíritus o genios malignos: por eso lo vemos en los reposacabezas de las camas o incluso de los sarcófagos. Esto explica que fuese uno de los dioses más representados, ya sea en estatuas o, sobre todo, en infinidad de amuletos, que se encuentran en todo Egipto y el Mediterráneo: también en la Península Ibérica.

Suele aparecer desnudo o cubierto con piel de león; en ocasiones lleva un cinturón de serpientes. Cubre la cabeza con largas y altas plumas desde la dinastía XVIII (fig. 1). Suele acompañarse de instrumentos musicales como el arpa y el tambor, pero también puede llevar un cuchillo en una mano para atacar a todo lo que amenace a la familia; y, en este

* **Alfredo Erias Martínez** es doctor en Historia del Arte y licenciado en Geografía e Historia por la Univ. de Santiago de Compostela. Es director del *Anuario Brigantino*, del Museo das Mariñas y del Archivo y Biblioteca municipales de Betanzos. Es académico de número de la Academia Auriense-Mindoniense de San Rosendo y director de su revista *Rudesindus*. Es presidente del patronato de la Fundación Luís Monteagudo y miembro del Patronato de la Fundación Jiménez-Cossío. Así mismo, es miembro del Comité Científico de la Reserva de la Biosfera Mariñas Coruñesas y Tierras del Mandeo.



Fig. 1.- El dios Bes del antiguo Egipto en una imagen de época ptolemaica <https://www.alexanderancientart.com/1210.php>



Fig. 2.- El dios Min del antiguo Egipto en el templo de Karnak. <https://commons.wikimedia.org/>




Fig. 3.- El dios griego Pan enseña a Dafnis a tocar la siringa (*ca.* 100 aC, Pompeya). <https://commons.wikimedia.org/>



Fig. 4.- El dios grecorromano Príapo, representado en una gema. Dibujo de J. Whatman, 1794. <https://commons.wikimedia.org/>

sentido, sujeta a veces el símbolo de protección «sa» (Castel, 2001: 100). En su forma animal puede ser un mono o un león, con los que se confunde o los que le acompañan.

Bes es entonces el dios bufón, el dios grotesco que hace reír y, al mismo tiempo, el genio repulsivo que espanta por miedo a los malos espíritus. Y el hecho de que tenga carácter fálico, lo asemeja a otros dioses, como, por ejemplo, al también egipcio Min (fig. 2), el del falo erecto, dios lunar de la fertilidad, de la vegetación y de la lluvia, protector de comerciantes y mineros, asociado por los griegos a Pan (fig. 3) y por los romanos a Fauno.



Figs. 5-6.- Figuras cómicas del mundo cultural grecorromano. Grabados de Francesco De Ficoroni (1664-1747).



Fig. 7.- El bufón dice al rey David, siguiendo el Salmo 53: "El necio ha dicho en su corazón que no hay Dios". David responde: "Dios miró desde el cielo". Miniatura del s. XV. El bufón no sólo divertía, sino también criticaba e incluso aconsejaba a los reyes. *The Ranworth Antiphoner*. <https://www.broadsideparishes.org.uk/bspicons/antiphoner/david_fool.htm>





Figs. 8-9.- A la izquierda, el enano de humor cambiante, Marcolfo, exhibe sus enormes genitales en acto provocativo (Castiñeiras, 1994: 120). Es el mes de febrero en el calendario románico (s. XII) de la iglesia de san Miguel de Beleña de Sorbe, Guadalajara (dibujo: Alfredo Erias). Semeja un eslabón entre los antiguos dioses fálicos y los bufones. A la derecha, la *Stultifera Navis* viajando al País de los Tontos. Grabado en madera de 1549. <https://es.wikipedia.org/wiki/La_nave_de_los_necios>

En una línea similar, nos encontramos en el mundo grecolatino con los dioses Príapo (fig. 4) y Fascinus, de exagerados miembros viriles, como símbolos de fertilidad, y cuyos amuletos contra el mal de ojo (generalmente de bronce), encontramos en todo el Imperio Romano. El enano Marcolfo, que representa al díscolo mes de febrero en algunos calendarios medievales, quizás sea un reflejo de estos dioses y un nexo con los bufones (fig. 8).

Podría pensarse, en consecuencia, que el oficio de bufón, con sus múltiples facetas, tuvo, al menos en parte, un origen religioso y parece evidente que hay que buscarlo en este tipo de dioses propiciadores de la risa, de la fecundidad, de la vida familiar; dioses que además estaban especializados en espantar todo lo malo, en lo cual la risa (o el miedo, llegado el caso) cumplía una función fundamental. Cabe sospechar entonces que los bufones, que evolucionarán hacia nuestros payasos de hoy, ejercen un oficio que tiene una serie de rituales que enraízan, de alguna forma, con religiones de un pasado remoto. El bufón y el payaso serían, por tanto, una especie de sacerdotes o acólitos de religiones perdidas que mantienen los secretos y los ritos básicos de la risa propiciadora de múltiples bondades: un loable objetivo, frecuentemente condenado por moralistas varios, que hizo que estos personajes, más o menos metamorfoseados, llegasen hasta nuestros días.

TONTOS Y LOCOS

Hay constancia arqueológica y literaria de bufones en todas las grandes civilizaciones del mundo antiguo. Su imagen en Roma, con su careta teatral (figs. 5, 6, 19), nos recuerda un poco al dios Bes. Y el hecho de que, a lo largo del tiempo, una de sus características sea algún tipo de tara, mutilación o deformidad física, nos puede indicar que la vieja huella del dios bufón enano propende a perpetuarse.

Convendrá decir que los bufones se hacen muy presentes en la Baja Edad Media y en el Renacimiento y que su imagen como seres enanos y/o contrahechos al lado de reyes y grandes señores, a los que podían decir lo que nadie se atrevería, acaba en España con la



Fig. 10.- Dibujo marginal de Hans Holbein el Joven en una hoja del *Elogio de la locura*, de Erasmo, edición de 1515.
<https://commons.wikimedia.org/>.



Fig. 11.- Bufón de 1519-20, contemporáneo de los bufones de Celanova. Yale University Art Gallery.
<https://commons.wikimedia.org/>.

llegada de los Borbones a principios del s. XVIII. Velázquez, por lo tanto, pintó no sólo los bufones de la corte de los Austrias, sino, al mismo tiempo, los últimos bufones a la manera antigua. Pero el bufón no desapareció del todo, puesto que evolucionó en otros tipos como el polimórfico Arlequín de la *Commedia dell'Arte*, aparecida ya en Italia en el siglo XVI, compañero del astuto Brighella y la pícara Colombina. Recordemos que la imagen de Arlequín llega hasta el s. XX, donde es pintado por los pintores más famosos. Y los payasos siguen con nosotros. Los circos aún perviven y las veraniegas ferias medievales, como la de Betanzos, actualizan todos estos personajes bufonescos.

Los bufones antiguos y medievales podían ser hombres, mujeres y niños. Si eran enanos, deformes o decididamente grotescos, mucho mejor, puesto que la desgracia del otro produce risa con facilidad. Y podían ser o parecer listos, pero también tontos o locos, lo que les situaba fuera de las normas sociales y desde esa posición se permitían decir lo que de otro modo sería imposible. Por eso los había que ocupaban lugares de privilegio junto a reyes y grandes señores. Naturalmente, dependiendo de sus habilidades, podían ser también músicos, danzantes, acróbatas, malabaristas, mimos y, en cualquier caso, actores en diversas representaciones histriónicas o burlescas.

En la antigüedad había bufones domésticos, bufones de mesa, bufones parásitos que sólo se dedicaban a comer y beber, *aretálogos* que eran pretendidos filósofos que sustituían a los bufones y pronunciaban una sarta de tonterías... Estaban tan presentes que, según Dionisio de Halicarnaso, se les veía en los funerales detrás de las plañideras y los *tibicines* o flautistas (Dion. lib. VII, cap. LXXII). Y quedan los nombres de alguno de estos bufones



Fig. 12.- Bufón «de risa» de los Países Bajos (posiblemente Jacob Cornelisz van Oostsanen), *ca.* 1470-1533, contemporáneo de los bufones orejudos de Celanova. Sin duda, grabados y pinturas, además de los modelos reales, sirvieron de base a los tallistas de las sillerías.
<https://commons.wikimedia.org/>.



Fig. 13.- El Bosco. «La nave de los locos» (1503-1504). Óleo sobre tabla. 58x33 cm. Museo del Louvre. Mientras la monja y el fraile cantan e intentan comer la comida que pende de un hilo, un ladrón va a robarles lo poco que tienen sobre la mesa. Y todo lo condensa el bufón que se sienta en una débil rama podrida.
<https://es.wikipedia.org/wiki/La_nave_de_los_locos#/media/Archivo:Jheronimus_Bosch_011.jpg>

antiguos, siendo Esopo el más famoso de todos. Una característica de los bufones de todos los tiempos fue su proclividad a la bebida. Y en cuanto a los colores de sus trajes, los buscaban dentro de los más despreciados por la sociedad (figs. 7, 11, 12):

> El traje era abigarrado de amarillo y verde, colores que no tuvieron nunca, especialmente en la Edad Media, mucha estimación. Verde era el gorro con que se llevaba á la picota al mercader quebrado; verde también el casquete del forzado ó presidiario. El amarillo fué indicio ó señal de felonía, de deshonor, de bajeza ó desprecio... El verdugo marcaba de infamia la cara de un criminal de lesa majestad, pintorreándola de color amarillo. Era también el color de los lacayos, y más particularmente de la gente empleada en las ejecuciones de justicia. Habiendo decretado el Concilio de Arles, en 1254, que los judíos llevaran sobre el estómago una señal redonda que los distinguiera de los cristianos, resolvió San Luís, que esta señal fuera amarilla (Gazeau, 1885: 51-53).



Fig. 14.- Dos personajes enanos y grotescos soportan las estatuas de los reyes en la fachada de la catedral de Tui (s. XIII). ¿Es el enano Marcolfo modelo para los dos o para uno de estos personajes, quizás el de la derecha, como pensó Moralejo y otros (Castiñeiras, 1994: 120)? Podría ser.

En el mundo cristiano, lo grotesco y lo deforme se asimila al pecado y al hecho de estar debajo, como ocurre, entre otros ejemplos, con los enanos que soportan las estatuas de los reyes de la fachada de la catedral de Tui (fig. 14) o con el vencido por la tentación y animalizado a cuatro patas que soporta la estatua del arcángel san Gabriel en la puerta sur de la iglesia de san Francisco de Betanzos (Erias, 2014: 347, 512).

El tarot, cuyo origen data, al menos, del s. XIV, procediendo sus cartas más antiguas del XV, asimila al loco con el bufón. Por otra parte, una obra muy famosa, *La nave de los necios*, o *de los locos* (*Das Narrenschiff* en el original alemán o *Stultifera Navis* en latín), de Sebastian Brant (1458-1521), publicada en Basilea en 1494, identifica en la mayor parte de sus 112 cuadros críticos de los vicios de su tiempo, acompañados de los correspondientes grabados (muchos de Alberto Durero), la necedad con la imagen del bufón, claramente distinguible por su gorro o capirote con grandes orejas asnales (figs. 9, 13). Esto significa que si la mejor imagen de un tonto o de un loco era dibujar un bufón, es porque los bufones

jugaban habitualmente a parecer tontos o locos. Y no distingue el autor entre los tipos clásicos de necios (*stultus*, *fatuus*, *insipiens* y *demens*): lo que le importa es el viaje de esos personajes al País de los Tontos y sus desventuras, en clave moralizante y acaso crítica con la Iglesia (la nave como nave de un templo) o metáfora del viaje a uno mismo.



Fig. 15.- Danzante, animal de la tentación y un gaitero en un capitel del coro de la entrada de la iglesa de santa María do Azougue, de Betanzos (s. XIV). La escena supone la condena de la fiesta, entendida como agente de la tentación y puerta que se abre al pecado. Foto: Erias.

Jugar literariamente con la necedad o la locura estaba de moda y será Erasmo de Róterdam quien lleve el género a su máxima expresión en su libro, *Elogio de la locura* (1511) o *Elogio de la estulticia*, inspirado a su vez en *De triumpho stultitiae* del italiano Faustino Perisauli. El *Elogio de la locura* (fig. 10), que tuvo un enorme éxito, puede entenderse como el elogio de Tomás Moro y supone un apoyo fundamental a la reforma protestante. En él, en clave satírica, se multiplican los argumentos en favor de la necedad.

El Cristianismo, como hizo con tantos aspectos del mundo antiguo, tenderá a asimilar a los bufones (y otros oficios festivos) con agentes de la tentación, que llevan al pecado; sin embargo, y aunque parezca muy extraño, la bufonería entró también desde muy temprano en iglesias y conventos a través de la llamada «Fiesta de los locos»:

> Según Tilliot, la fiesta de los locos debe de tener origen en las Saturnales que se celebraban en Roma el 16 de las calendas de enero, ó sea el 17 de diciembre, y en las cuales los esclavos llevaban los vestidos de sus amos y se sentaban con ellos a la mesa… Cuando los paganos abrazaron el catolicismo, difícilmente se avinieron á perder el hábito de tales fiestas… Para facilitar la transición de un culto á otro, hubieron de tolerar los obispos en la nueva Iglesia, fiestas en que los clérigos y los ministros inferiores oficiaban públicamente, como en las antiguas Saturnales, y los esclavos ocupaban el puesto de sus amos… San Agustín, en su sermón *De Tempore*, á principios del siglo V, y el Concilio de Toledo, en 633, condenaron estos oficios sin grandes resultados… La fiesta de los locos se mantuvo pues, y siguió celebrándose aún por espacio de largos siglos. Tenía efecto en ciertos días, sobre todo, de Navidad á Epifanía, y especialmente el día de Año Nuevo, de que se dijo: *fiesta de las calendas*. En las iglesias catedrales se elegía un obispo ó un arzobispo de locos, cuya consagración se solemnizaba con mil bufonadas. Después oficiaban de pontifical los elegidos y daban la bendición pública, con la mitra en la cabeza y el báculo y la cruz en las manos. Y todavía, en las iglesias que dependían inmediatamente de la Santa Sede, se nombraba un papa de locos, como se elegía un abad de locos (*abbas fatuorum* ó *stultorum*) en muchas abadías. Al lado del obispo, del papa y del abad, un clérigo licencioso, con máscara y en traje de mujer ó de teatro, bailaba en el coro, cantaba canciones más que libres, comía morcilla ó salchichón en el mismo altar al lado del celebrante, jugaba á los dados ó la baraja, o echaba en el incensario pedazos de zapatos viejos para producir mal olor. Después de la misa, el clérigo profano, corría y saltaba en la iglesia, se despojaba enteramente de sus vestidos, y



Fig. 16.- Bufón grotesco y danzante del *Luttrell Psalter*, British Library Add MS 42130 (medieval manuscript,1325-1340), f72v.

luego, arrastrado por calles y plazas en carros llenos de basura, se complacía en arrojar inmundicias al populacho que lo rodeaba. Con frecuencia los seglares más libertinos se unían al clérigo para representar algunos personajes de locos, vestidos con traje de monje ó de monja… Á las veces, la fiesta de los locos se confundía en algunas partes con la llamada del *Asno*, ó con otros regocijos, que probaban también que el espíritu de bufonería, no siempre era anatemizado por la Iglesia en la Edad Media… La fiesta de los locos era conocida igualmente en los monasterios y conventos de monjas, donde subsistió hasta bien entrado el siglo XVII… Erasmo, en el *Elogio de la locura*, llega á comparar á estos predicadores burlescos con los comediantes y bufones. «Gran Dios! Exclama. Vedlos cómo gesticulan, mudan inoportunamente de voz, cantan, hacen la rueda, se desfiguran en un abrir y cerrar de ojos y atruenan el aire con sus gritos»… (Gazeau, 1885: 32-41)

De todo esto cabe deducir que la imagen del bufón estaba más cerca de las comunidades eclesiásticas de lo que podríamos pensar y, por tanto, no debería sorprendernos que la viésemos representada en una sillería de coro, como la tardogótica de Celanova. Eso sí, se nos aparece en el territorio inferior y, consiguientemente, negativo, el de las llamadas misericordias, bajo el asiento, y las posaderas, de los monjes.

EL BUFÓN DE TUI

Hasta este momento, cuando pensaba en imágenes de bufones medievales de Galicia, siempre se me venía a la cabeza uno y sólo uno: el que se encuentra en un capitel del arco de ingreso a la capilla absidal del evangelio en la Iglesia conventual de santo Domingo de Tui. Por el contexto (sepulcros, escudos y demás), podemos decir que estamos delante de un bufón conocido y admirado en el palacio de los Soutomaior de esa población. En este sentido, responde perfectamente a la definición que de bufón da el *Dicionario da RAG*: *'personaxe ou actor que, nun pazo, estaba encargado de divertir e facer rir aos reis, nobres e cortesáns'*. Pero nada sabemos de este hombre y de sus andanzas. En lo esencial, su iconografía resulta clásica y aún perdurará algunos siglos, puesto que estamos delante de un enano. Muestra una cabellera relativamente larga, que termina a la altura del mentón. Su barba, en cambio, es corta y remite a la moda de los caballeros gallegos de finales del s. XIV. Los dominicos lo demonizan al compararlo con un sireno ave (ver figs. 17 y 18).

Se nos muestra danzando semidesnudo (ver también figs. 16 y 19) y con un pantalón corto, calzado sencillo y un gorro espectacular de su oficio, que es lo que más destaca y le caracteriza, al contrastar sus grandes dimensiones con la pequeñez del personaje. Es un gorro que se desarrolla ampliamente hacia atrás, dividiéndose en tres partes. El hecho de estar semidesnudo no es demasiado corriente en las representaciones de bufones



Figs. 17a-b-c y 18.- Bufón danzante del palacio de los Soutomaior de Tui (Pontevedra), representado en un capitel del arco de ingreso a la capilla absidal del evangelio en la Iglesia conventual de santo Domingo de esa población. Responde al tipo de «bufón señorial». El que haya enfrentado de contrapunto, en la otra esquina del capitel, un sireno ave, con la misma barba corta y gorro bufonesco, significa que nuestro bufón, aparentemente simpático, es en realidad un sireno ave, un ser demoníaco, versión masculina de las sirenas ave de la *Odisea*, creadas para condenar el carácter maledicente de algunas mujeres, que saben todo de todos y además lo dicen, lo cantan (Erias, 2014: 503); esto es, lo cacarean como las aves. Esa y no otra es la razón por la que volvían locos a los marineros. Los bufones, por lo tanto, hemos de verlos, según el filtro dominico de este capitel, como agentes de la tentación. Fotos (X-1991) y dibujo, con cromatismo hipotético, de Alfredo Erias.




Fig. 19.- *Pantomimus* romano con túnica y máscara. <https://www.britannica.com/art/Western-theatre/media/1/849217/6839>



Fig. 20.- Bufón que cubre la cabeza con capirote con borlas, del que salen unas grandes orejas de burro. Misericordia del coro tardogótico de la iglesia de san Salvador de Celanova (Ourense). Foto: Erias.



Fig. 21.- Bufón romano que ya presenta una especie de gorro o capirote con orejas de burro, como símbolo de ignorante o tonto. <http://hoaxes.org/weblog/comments/the_bunny_ears_prank_revisited>

bajomedievales, aunque sí lo sería si nos remontamos a imágenes del mundo antiguo. Por lo tanto, esta figura podría datarse en las dos primeras décadas del s. XV, en coherencia con lo manifestado por Carmen Manso Porto (1993-I: 337) al hablar de las obras de la iglesia.

LOS BUFONES DE CELANOVA

En los últimos años me reencontré con la sillería tardogótica del coro alto de la iglesia de san Salvador de Celanova y pude acercarme a su datación (entre 1492 y 1539), puesto que presenta un escudo de los Reyes Católicos (con la granada) y los retratos tallados de Carlos V e Isabel de Portugal (Erias, 2018: 214). Su estilo es casi absolutamente tardogótico, con muy pocas excepciones renacentistas. Pues bien, aquí están las figuras de



Fig. 22.- Bufón que cubre la cabeza con capirote del que salen unas ostentosas orejas de burro. Misericordia del coro tardogótico de la iglesia de san Salvador de Celanova (Ourense). Foto: Erias.

tres inequívocos bufones y quizás algunas más que se les aproximan. De dos de ellos (figs. 20, 22) vemos únicamente su cara y su cabeza, cubierta por capirote del que sobresalen grandes orejas de burro, cuyo antecedente ya vemos en Roma (fig. 21). Son muy similares y los dos sonríen, aunque uno más claramente que el otro. Y el capirote de uno de ellos (fig. 20) se distingue por tener borlas en la parte superior.

El otro bufón, en cambio (figs. 25, 26), nos proporciona más detalles, porque se representa de cintura para arriba, siendo probablemente un enano, un contrahecho o ambas cosas a la vez. Está claro que quiere mostrarse como un burro, es decir, como un ignorante o tonto, cuyas ocurrencias, fuera de las normas sociales, harían reír a la gente a carcajada limpia; y para acentuar esa característica, mete el dedo índice de su mano izquierda en la boca, como lo haría un niño o, lo dicho, un tonto.

Todavía hay más en esa sillería: dos cabezas unidas e iguales, mirando en direcciones opuestas (figs. 23, 24), que podrían corresponder a un bufón que tiene una careta de su cara mirando hacia atrás; y dos gaiteros (figs. 27, 28), de los cuales uno tiene capirote con orejas





Figs. 23-24.- A la izquierda, detalle del *Luttrell Psalter*, British Library Add MS 42130 (medieval manuscript,1325-1340), f206v. A la derecha, misericordia del coro tardogótico de la iglesia de san Salvador de Celanova (Ourense). Foto: Erias.
Jugar con el equívoco es propio de los bufones, por lo que la imagen de dos cabezas iguales, una mirando hacia adelante y otra hacia atrás, bien podría responder a otro bufón de Celanova.



Fig. 25.- Silla del coro de la iglesia monasterial de san Salvador de Celanova (Ourense) con una misericordia que representa a un bufón de medio cuerpo. Foto: Erias.



Fig. 26.- Bufón representado de medio cuerpo y que cubre la cabeza a la manera tradicional, con capirote, del que salen unas enormes orejas de burro. Misericordia del coro tardogótico de la iglesia de san Salvador de Celanova (Ourense). Foto: Erias.

que nos recuerdan a las de los bufones, aunque no tan grandes. La cara está erosionada de antiguo y no sabemos si era o no grotesca, aunque no lo parece. Y como en el caso de las dos caras, no se puede decir con seguridad que sea un bufón, pero hay desde luego una





Fig. 28.- Gaitero animalizado, demonizado, por la fiesta pecaminosa que representa, al llevar al desenfreno de las pasiones. De hecho, el «fol» semeja unos descomunales testículos. Misericordia del coro tardogótico de la iglesia de san Salvador de Celanova (Ourense). Foto: Erias.

Fig. 27.- Gaitero con capirote de orejas salientes, parecido al de un bufón, aunque las orejas sean más pequeñas. Su comparación con el gaitero de la fig. 28, un animal orejudo, es lo que nos dice que este gaitero está demonizado, como lo está la fiesta que representa. Misericordia del coro tardogótico de la iglesia de san Salvador de Celanova (Ourense). Foto: Erias.

contaminación en las formas. Y le sigue otro gaitero, que es un animal. Vemos pues la estrecha franja que separa al hombre del animal. Aplicado aquí, se nos dice que tengamos cuidado con el primer gaitero, aparentemente bueno, porque en realidad es el segundo: un ser de bajas pasiones, un animal (véase la oposición sabio-demonio en dos capiteles que se explican el uno al otro en la iglesia de Santiago de Betanzos, Erias, 2014: 502-503, 635, 638).

Ser gaitero en este contexto es malo, porque está ligado al descontrol de las bajas pasiones que se derivan de la fiesta: algo que ya vimos en un capitel de la iglesia de Santa María do Azougue en Betanzos (Erias, 2014: 522, fig. 15) y que también veremos en la crestería barroca de la cajonería de la sacristía de la catedral de Tui, de 1712 (Iglesias, 2000), con tres músicos grotescos (figs. 29, 30) en una fiesta que no puede llevar a nada bueno.

Otras caras de la sillería tardogótica de Celanova (figs. 31-42) se mueven entre lo natural, lo grotesco y lo animal y su visión nos ayuda a entender el repertorio del escultor: algunas de ellas podrían responder perfectamente a la imagen de bufón, si bien carecen de símbolos propios del oficio.





Fig. 29.- Crestería de la cajonería de la sacristía de la catedral de Tui, cuyo autor es Domingo Rodríguez de Pazos en 1712, natural de Fornelos, autor también de la sillería de la sala capitular (Iglesias, 2000). En estilo formal barroco, pero siguiendo el espíritu medieval, la fiesta lleva al pecado y para plantearlo, al escultor no se le ocurrió otra cosa que figurar tres músicos tocados de plumas a la manera de los indios americanos (obviamente los indios para él tenían una imagen negativa por aproximarse, debía pensar, a los salvajes y, por ello, a los animales). El del centro es gaitero, pero aparece desnudo, lo cual ya es turbador para un occidental. Y los de los lados están animalizados; uno (acaso un zorro) toca una especie de cuerno de caza (el mundo al revés); y el otro (un mono, quizás) toca un tambor que tiene grabada la estrella pentalfa como signo demoníaco. Foto: Erias.

Fig.- 30.- La tradición de los animales músicos o de los músicos animalizados por ser pecadores, está muy extendida en la Baja Edad Media. Detalle de una miniatura del s. XIV. "*The Lute Player* @BIUSteGenevieve, Ms. 143, 14th c."

EN CONCLUSIÓN

Galicia, que presenta en la Baja Edad Media, y más allá, imágenes de personas plenamente insertadas en las grandes líneas y modas de la cultura europea, también responde igual, como es lógico, cuando hablamos de bufones. Y en este aspecto, al de tipo señorial conocido, de la iglesia de santo Domingo de Tui, se añaden ahora tres seguros y otros posibles, representados en la sillería tardogótica de la iglesia de san Salvador de Celanova.



Figs. 31-42.- Entre lo humano y lo animal, pasando por lo grotesco. Caras del coro tardogótico de la iglesia de san Salvador de Celanova (Ourense). Fotos: Erias.

BIBLIOGRAFÍA

CASTEL, Elisa (2001): *Gran diccionario de mitología egipcia*. Aldebarán Ediciones S. L. Madrid.

CASTIÑEIRAS GONZÁLEZ, Manuel Antonio (1994) «Fiesta y representación: las alegres comparsas del año en la Edad Media». *El rostro y el discurso de la fiesta* / coord. por Manuel Núñez Rodríguez.

ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo (2014): *Iconografía de las tres iglesias góticas de Betanzos: San Francisco, Santa María do Azougue y Santiago*. Briga Edicións y Xunta de Galicia, Betanzos.

-(2018): «Imaxes medievais do mes de Xullo en León, Beleña de Sorbe e Galicia». *Rudesindus*, nº 11.

GAZEAU, A. (1885): *Los bufones*. Versión española por Cecilio Navarro. Ilustración de P. Sellier. Barcelona, Biblioteca de Maravillas.

IGLESIAS ALMEIDA, Ernesto (2000): Domingo Rodríguez do Pazo: mestre escultor de Fornelos da Ribeira. Asociación Cultural e Veciñal «San Xoán» de Fornelos da Ribeira (Salvaterra de Miño, Pontevedra).

MANSO PORTO, Carmen (1993): *Arte gótico en Galicia: los dominicos*. Fundación Pedro Barrié de la Maza, La Coruña.

MORALEJO, Serafín (1979): «Marcolfo, el Espinario, Príapo: un testimonio iconográfico gallego». Primera reunión gallega de estudios clásicos: (Santiago-Pontevedra, 2-4 Julio): ponencias y comunicaciones.

AGRADECIMIENTO: a Carmen Manso Porto.

Pasado, presente e futuro do casco histórico de Betanzos

ANDRÉS GARCÍA CARNEIRO*

Sumario

No presente traballo abordarase o casco histórico de Betanzos dende unha perspectiva coa que se procura facer unha avaliación das actuacións levadas a cabo para a posta en valor do patrimonio que este contén, tomando como eixe central o Plan Especial de Protección e Ordenación do Casco Histórico de 1992. Para isto, atenderanse aspectos tales como as características e a configuración da zona monumental ao longo dos séculos, o desenvolvemento normativo para a súa protección ou as actuacións máis destacadas sobre elementos que a compoñen.

Abstract

In this study, the historic centre of Betanzos will be addressed from a perspective that seeks to make an assessment of the actions undertaken for the implementation of the heritage it contains from the *Plan Especial de Protección y Ordenación del Casco Histórico* of 1992. To do this, it will attend to aspects such as the characteristics and configuration of the monumental area over the centuries, the regulatory development for their protection or the most outstanding works on the elements that compose it.

1. INTRODUCIÓN, OBXECTIVOS E METODOLOXÍA

Tras máis de dúas décadas desde a aprobación do Plan Especial de Protección e Ordenación do Casco Histórico de Betanzos, é preciso facer un alto no camiño e analizar o que se ten feito desde entón en materia de conservación do patrimonio. Neste sentido, consideramos que transcorreu o tempo suficiente como para levar a cabo unha investigación que permita avaliar os resultados obtidos durante este período. A fin de contas, unicamente sendo conscientes dos erros e dos acertos, poderanse deseñar novas estratexias que contribúan a acadar os obxectivos marcados, que non son outros que a recuperación dunha zona monumental que constitúe un dos máis destacados exemplos de vila medieval conservados ao norte de Galicia.

En consecuencia, podemos indicar que o obxectivo último do traballo é o de analizar as medidas e actuacións levadas a cabo no casco histórico de Betanzos durante as últimas décadas, con vistas a avaliar a evolución que se ten seguido dende a redacción do PEPOCH en 1992 ata a actualidade. O que se pretende é detectar as debilidades, as fortalezas e, de ser preciso, as posibles alternativas de mellora no que respecta aos plans de posta en valor do patrimonio brigantino. Para logralo, abordaranse toda unha serie de cuestións secundarias que nos permitan chegar a unhas conclusións válidas no noso estudo, tales como: análise da evolución histórica, recompilación de textos legais, repaso das principais actuacións acometidas na zona monumental e descrición do estado actual do conxunto.

Logo, no referente á metodoloxía e técnicas empregadas, durante a investigación será necesario nutrirse de toda aquela información que resulte útil para definir, comprender e analizar o noso obxecto de estudo. Nesta tarefa, un dos piares fundamentais vai ser a

* **Andrés García Carneiro** historiador pola USC e graduado do Máster en Xestión do Patrimonio, Museos e Mercado da Arte na Universidade de Santiago de Compostela e na Universidade de Las Palmas de Gran Canaria

realización dun baleirado bibliográfico que inclúa obras, tanto xerais como específicas, do tema a tratar e do caso concreto de Betanzos. Localizaranse así, escritos que toquen múltiples áreas de coñecemento para que o resultado final resulte o máis rigoroso posible e, á vez, amose unha maior pluralidade de puntos de vista. Por exemplo, empregaranse textos relativos á historia de Betanzos, á configuración do seu trazado urbano e ás transformacións que este sufriu ao longo do tempo. A maiores botaremos man daquelas obras referentes a aspectos artísticos destacando os principais estilos presentes dentro do perímetro analizado e a súa importancia no contexto galego. Por último, trataremos coa bibliografía centrada no patrimonio dende unha perspectiva arquitectónica de cara a valorar o referente á conservación e á restauración.

En suma, a outra base do traballo será a procura de fontes primarias na que se incluirán todos aqueles documentos que poidan resultar de interese para reforzar, rebater ou descartar as nosas hipóteses de partida. Dada a natureza do noso estudo, gran parte delas van estar relacionadas coa protección e a posta en valor do patrimonio construído. Así, por exemplo, será necesario acudir a textos lexislativos e/ou normativos (e de non ser posible as súas transcricións) tales como o Decreto do 26 de setembro de 1944 polo que se declara monumento histórico-artístico a igrexa de Santa María do Azougue, a Real orde do 29 de setembro de 1919 que declara monumento nacional ao convento de San Francisco ou o Decreto 3850-1970 de declaración do casco antigo como conxunto histórico-artístico. Tamén será imprescindible realizar unha lectura, máis ou menos pormenorizada, daquelas normas que se desenvolveron ao longo dos anos no noso país. Deste modo, consultaranse, entre outras, a «Ley sobre conservación de monumentos nacionales histórico-artísticos» de 1915, a «Ley de Defensa, Conservación y Acrecentamiento del Patrimonio Histórico-Artístico Nacional» de 1933, a «Ley de Patrimonio Histórico Español» en 1985 ou a Lei do Patrimonio Cultural de Galicia de 2016.

Non obstante, os puntos que concentrarán a maioría dos esforzos estarán ligados á análise, tanto do PEPOCH de 1992 como das licenzas de obra concedidas dentro da súa delimitación desde a aprobación do texto ata a actualidade. Neste senso, é importante sinalar que, en gran medida, a documentación mencionada se atopa dixitalizada e dispoñible na rede, o que facilita enormemente os labores de investigación. Non obstante, isto non exime da necesidade de acudir aos arquivos para poder acceder a fondos máis específicos. Así, poderíase dicir que a Área de Urbanismo do Concello se converterá no departamento de referencia na medida en que nel están depositadas as listaxes coas actuacións que se teñen acometido dentro do termo municipal de Betanzos nos últimos anos. En consecuencia, será a documentación que desde aquí nos proporcionen a que nos dará a coñecer o número de obras e o tipo das levadas a cabo dentro do perímetro establecido polo Plan Especial.

Por último, ademais de todo o anterior, e como forma de obter información o máis actualizada posible, acometeranse diversos traballos de campo que consistirán na comprobación visual do grado de deterioración da zona histórica para, así, contrastar *in situ* a realidade presente co relatado nas fontes escritas. Desta maneira, as tarefas centraranse na recolección de datos e de imaxes que permitan crear unha instantánea que reflicta o estado no que se atopa o conxunto histórico-artístico betanceiro. Paralelamente, e a modo de comparativa coas instantáneas actuais, farase unha procura de material gráfico antigo en arquivos, xornais ou coleccións particulares que permitan coñecer a evolución do patrimonio a través das distintas épocas. Aquí serán fundamentais as fotografías anexas



Reconstrución hipotética do Castro de Untia. Alfredo Erias.

nas fichas de catalogación e os alzados das mazás que aparecen recollidos dentro do no Plan Especial. Isto permitiranos comprobar, en confrontación cos datos proporcionados por Urbanismo, como cambiou a imaxe da cidade ao longo destes anos e valorar o grado de efectividade das medidas de protección do conxunto histórico.

2. BETANZOS. CIDADE MONUMENTAL

Tempo e espazo: a configuración urbana

Para comprender o espazo que ocupa o casco histórico de Betanzos, a día de hoxe, é preciso botar unha ollada ao pasado e retroceder no tempo ata a Plena Idade Media. Naquel entón, a croa do promontorio no que se alza a cidade actual estaba ocupada por un castro, o de Untia, que xunto coas terras lindeiras, formaba parte das múltiples propiedades que posuía o mosteiro de Sobrado espalladas por toda Galicia[1]. A este lugar foi a onde os habitantes de Betanzos «O Vello» se mudaron unha vez que o rei Alfonso IX, atendendo ás súas peticións, lles concedeu o permiso necesario para trasladarse desde o seu asentamento orixinal (ao norte do río Mandeo en Tiobre). Este acontecemento quedou plasmado nunha carta do 13 de febreiro de 1219 na que o monarca deixaba establecidos os límites da poboación así como decretaba as compensacións que lle correspondían ao cenobio sobradés por ter cedido parte dos seus terreos para a nova fundación[2].

A partir deste momento, o núcleo prosperou e con el fixérono tamén as primeiras estruturas relevantes dentro do tecido urbano. Unha delas foi o recinto amurallado que se levantou aproveitando parte dos elementos defensivos do antigo castro. O mesmo discorría pola zona máis próxima á actual Praza da Constitución e daba refuxio, no seu interior, a vivendas de madeira construídas en soares de reducido tamaño e dotadas dunha pequena horta traseira apta para pequenos cultivos[3]. Con todo, hai que dicir que, nesta etapa inicial, Betanzos tivo que facer fronte a enormes dificultades que ameazaron continuamente a súa supervivencia. De feito, sábese que con anterioridade a 1300, a vila xa sufrira, polo menos, un incendio grave que ocasionara a súa destrución total. A pesar disto, a cidade logrou recompoñerse grazas á súa fortaleza e ao interese amosado por algúns soberanos[4].

Xa nos séculos XIV e XV, Betanzos experimentará unha etapa de esplendor que se explica, en parte, polo apoio dado por Fernán Pérez de Andrade a Enrique de Trastámara (futuro Enrique II) na guerra contra Pedro I. Foi así como, en agradecemento á lealdade e aos servizos prestados, á vila lle foron concedidos beneficios e privilexios entre os cales está o título de cidade outorgado por Enrique IV en 1465[5]. Hai que subliñar tamén o gran labor construtivo do mencionado Fernán Pérez de Andrade na segunda metade do século XIV, con obras que aínda hoxe seguen a conformar unha parte esencial do patrimonio local. Este é o caso da igrexa e mosteiro de San Francisco para a comunidade de franciscanos e das igrexas de Santa María do Azougue e de Santiago[6].

Non obstante, hai que destacar que o apoxeo político e a bonanza económica vividos neste período fixeron de Betanzos un obxectivo moi cobizado no contexto das Mariñas. Esta realidade obrigou, cara a finais do século XV, a pensar na posibilidade de ter que ampliar as murallas da cidade para incorporar aqueles barrios que se desenvolveran fóra do recinto inicial. En consecuencia, será en tempos dos Reis Católicos, e logo dun importante incendio que volveu a arrasar parte do núcleo urbano, cando esta idea se vería materializada coa construción dunha nova fortificación. A estrutura resultante, composta principalmente de pedras irregulares e con muros de entre 8 a 18 metros de altura, rodeaba por completo



Mapa de Betanzos realizado por Antonio Vázquez, logo do incendio de 1616. AHN.

o asentamento e aproveitaba o curso dos ríos Mendo e Mandeo a modo de foxo para garantir unha mellor protección. Esta contaba, ademais, con cinco accesos a través doutras tantas portas das que partían as principais vías de comunicación que conectaban a vila co seu contorno máis próximo e co resto da Península[7].

Avanzando no tempo e rematada a época medieval, atopámonos con que a primeira centuria da idade moderna estivo marcada pola fuxida da poboación a causa da peste, polo colapso da Ponte Vella tras unha importante riada e polos sucesivos incendios que volveron a arrasar o núcleo urbano en varias ocasións. Son, polo tanto, anos difíciles para Betanzos nos que os seus rexedores se verán forzados pedir axuda ao Real Consello de Castela para tratar de evitar a ruína da cidade[8]. Esta realidade contrastará cun relativo crecemento demográfico que levou a que, precisamente agora, se inicie a expansión da vila cara o Campo da Feira. Aquí, as vivendas comezarán a levantarse na zona comprendida entre Porta da Vila e o novo convento de Santo Domingo, cuxas obras de construción se puxeran en marcha na década de 1550. Este era un lugar que posuía una importancia estratéxica porque, ademais de ser o único punto de entrada por terra firme, desde aquí partía o camiño que comunicaba con Castela.

Con todo, Betanzos aínda non tiña superado os efectos negativos dos sucesos acontecidos no século XVI cando, o 18 setembro de 1616, se orixinou un novo incendio que destruíu as tres cuartas partes do total das vivendas da localidade[9]. A importancia deste lume radica en que, para valorar os danos causados, encargóuselle ao pintor local Antonio Vázquez a realización dun mapa que se acabaría convertendo na máis antiga representación que se conserva da cidade[10]. Nel pódese apreciar unha estrutura urbana radiocéntrica onde a Praza da Constitución actúa a modo de eixe do que parten as principais rúas que descenden polo outeiro ata desembocar en cada unha das portas. A maiores, pódense ver os barrios extramuros que estaban xa consolidados no momento no que



Exemplo de casa escalonada na Rúa Algalia de Abaixo en Santiago de Compostela. Fotos do autor.

Vázquez realiza a súa obra e que, precisamente pola súa localización, quedaron a salvo das lapas. Trátase, en concreto, dos barrios da Fonte de Unta, A Ribeira e San Roque (ou do Campo da Feira) que, actualmente, continúan a ser dos máis importantes fóra do perímetro da muralla pero dentro da zona monumental.

Logo, outro aspecto salientable do mapa é o feito de que os edificios principais da vila destacan sobre o resto de construcións ao estar referenciados e representados cun certo nivel de detalle. Isto permítenos saber como eran na súa aparencia exterior estas estruturas, algunhas das cales hoxe xa non existen ou ben se viron notablemente alteradas con posterioridade a 1616. Dous exemplos teriámolos na ermida de San Roque situada no Campo da Feira e derrubada a finais do século XX, e no hospital de San Bartolomé que ocupaba o terreo sobre o que se erguería o convento das Agostiñas Recoletas[11]. Semellante sería o caso da torre de Lanzós que, a pesar de continuar en pé, sufriu importantes alteracións que mudaron a súa configuración orixinal sendo, unha das máis destacables, a eliminación da atalaia de madeira que coroaba o edificio (e que si aparece no debuxo de Antonio Vázquez).

Non obstante, se queremos analizar como eran as vivendas nesta época, o documento creado polo artista betanceiro non resulta demasiado útil sendo necesario recorrer a outro tipo de fontes. Así, a partir dalgunhas descricións temos constancia de que, a comezos do século XVII, o máis estendido eran as casas con pisos que sobresaían da fachada principal a medida que ascendían en altura. Estas desaparecerán, na súa maioría, no incendio de 1616 e, sobre todo, no de 1569 e darán paso a un novo tipo de edificacións que se acabarán convertendo, xunto coas galerías, nun dos elementos esenciais na imaxe de Betanzos[12].



Exemplo de casas de balcón corrido de madeira en Betanzos. Fotos do autor.

Eran estas as chamadas casas de balcón corrido de madeira, un tipo de construción que abonda no ámbito rural de Galicia e Asturias pero que tamén se atopa presente en certos ámbitos urbanos da nosa comunidade.

Sobre as súas orixes, sabemos que esta tipoloxía de vivenda naceu como residencia de agricultores e mariñeiros seguindo un esquema de división en dúas plantas. A primeira delas estaba reservada a actuar como almacén dos instrumentos de traballo mentres que na segunda situábase un balcón exterior que cumpría coas funcións propias dun hórreo[13]. Co paso do tempo, estas construcións evolucionarán para adaptarse ás novas realidades xeradas pola combinación do crecemento da poboación e dunhas parcelas de tamaño reducido. Estes cambios consistirán, fundamentalmente, en variacións nas disposicións das fachadas e na adición de máis niveis ao edificio de tal forma que os balcóns corridos se prolongarán por dous ou, incluso, tres alturas distintas.

Finalmente, a chegada da época contemporánea supuxo para España e para Europa unha época de grandes cambios. Os ecos da Revolución de 1789 pronto acabáronse espallando por todo o continente e con eles o fixeron tamén novas ideas e inquedanzas. Encabezando este proceso estaba una boiante burguesía que fora enriquecéndose co paso dos anos pero que, non obstante, seguía apartada dos postos de poder. Neste contexto, Betanzos presentábase como unha pequena capital de provincia que apenas alcanzaba os 5.000 habitantes[14]. O seu esplendor medieval quedara atrás e a decadencia abríase paso a raíz de décadas de incendios, epidemias e malas colleitas. Afondando máis nesta situación, o século XVIII supuxera para a cidade unha importante derrota na carreira por obter o favor da coroa fronte a unha urbe como A Coruña que, precisamente agora,



Compartiva entre un urbanismo moderno (Ferrol) e un propio dunha cidade medieval (Santiago de Compostela). Turismo de Santiago, Google imaxes e www.mapas.xunta.gal

iniciaría a súa etapa de máximo esplendor. Betanzos pasaba así a ocupar un papel secundario que se vería confirmado de maneira definitiva ao quedar adscrita á nova cabeceira provincial tras a reforma territorial de Javier de Burgos de 1833[15].

Non obstante, tampouco resulta menos certo que, a pesar de todos os contratempos sufridos, a cidade logrou manterse como centro de captación da riqueza da comarca. Grazas a isto, pronto comezaría a xurdir unha pequena e mediana burguesía moi estreitamente ligada ás profesións liberais e ao comercio que foi a que acabou protagonizando as importantes transformacións urbanísticas que se produciron, de forma más acelerada se cabe, nas décadas finais do século XIX e primeiras do XX[16]. Unhas transformacións que, da man desta nova clase social, darían lugar a fenómenos como foron os ensanches, as galerías e o modernismo que resultan clave para entender a cidade actual.

De entre estes tres fenómenos mencionados, foi o primeiro deles o que xerou un maior impacto en urbes de toda Europa ao modificar os seus vellos trazados de rúas estreitas e casas apiñadas. Porque ata entón, as cidades caracterizábanse por ser asentamentos pechados ao exterior. Lugares cun urbanismo caótico onde as vivendas, agrupadas en mazás moi compactas, estaban rodeadas por grandes recintos amurallados que protexían aos seus habitantes dos potenciais ataques. Non foi ata comezos do século XIX que a intensificación do éxodo rural, sumado á aparición de novos transportes e ao desenvolvemento da industria traerían consigo toda unha serie de necesidades que debían ser resoltas a través de novas solucións.

Nacía así a cidade moderna dos grandes bulevares e avenidas arredor dos que se distribúen grandes bloques de vivendas organizados nunha trama regular. Un dos máximos expoñentes desta forma de entender o espazo será o París ideado por Haussmann por encargo do emperador Napoleón III. Un exemplo que xerou tal interese que pronto se exportaría a lugares como Roma, Madrid o Barcelona. Isto traduciríase no inicio de procesos que levaron á destrución de murallas e soportais co obxectivo de mellorar as comunicacións entre o centro da cidade e uns barrios periféricos nos que se concentraba unha porcentaxe cada vez máis importante de poboación. A maiores, en España os numerosos conventos e mosteiros que foran abandonados tras a desamortización proporcionaban uns terreos moi cotizados en zonas privilexiadas, polo que moitos deles foron subastados e total ou parcialmente derribados para dar paso a novas construcións[17].

No caso concreto de Betanzos, as primeiras actuacións que ían nesta liña modernizadora tiveron lugar na década de 1870 e, aínda que foron obras de pequeno calado, causaron a destrución de dous elementos patrimoniais fundamentais na historia da cidade. Así, en xuño de 1872 a corporación municipal recuperou un expediente, redactado uns anos atrás, onde se recollía o proxecto de ampliación do acceso ao núcleo urbano a través da Porta da Vila. Para isto era necesario botar abaixo a antiga porta medieval sobre a que estaban tallados os tres escudos que, a día de hoxe, se poden ver colocados nun lateral da vivenda sita no número 1 da Rúa Nova.

Sobre os motivos esgrimidos para levar a cabo a demolición estiveron, por unha banda, a idea de que a estreiteza dos arcos supuña un grave obstáculo para a circulación, especialmente, naqueles días sinalados nos que había unha gran afluencia de xente. Por outro lado, dicíase que este era un punto que, dadas as súas características, resultaba moi propicio para os roubos e, ademais, considerábase que os refugallos xerados co derrubamento eran necesarios para a mellora doutros espazos públicos. Por último, compre sinalar que, naquel entón, os elementos deste tipo carecían de consideración artística polo que a súa desaparición foi unha constante que se deu en múltiples cidades ao longo do século XIX[18].

Logo, practicamente parella ás obras de demolición da Porta da Vila comezaron, no lado oposto da cidade, os traballos de desmantelamento do claustro do Convento de San Francisco. Dábase así resposta á demanda que o 30 de abril de 1872 elevaran os veciños da zona para que o Concello construíse unha vía que conectase co barrio extramuros da Ribeira[19]. Nesta ocasión, os plans da Administración local pasaban por eliminar a parte oeste do antigo cenobio e, desta maneira, poder abrir un oco de, aproximadamente, 8 metros de ancho na muralla medieval sobre a que se asentaba esta parte do complexo. A esta operación se lle sumaron intereses varios como a mera especulación para aumentar o valor de certos terreos, a necesidade de mellorar a habitabilidade da cidade ou a vontade de ocupar parte da estrutura cun novo cárcere municipal que nunca se chegou a materializar.

Dunha época posterior son proxectos como o ensanche da Rúa do Castro. Levado a cabo entre finais do século XIX e principios do XX, este recuperaba a idea orixinal de 1877 do arquitecto coruñés Juan de Ciórraga pola cal, unha vez desaparecida a Porta da Vila, procederíase á destrución dos soportais que comprendían o lado esquerdo da rúa desde a Praza da Constitución ata o inicio da Rúa Travesa[20]. A importancia desta intervención era tal que motivou un profundo debate entre dous bandos formados por concelleiros que defendían posturas totalmente opostas. Mentres uns apostaban por preservar estes elementos pola súa utilidade fronte ás inclemencias do tempo, outros sostiñan que a súa desaparición contribuiría a mellorar a calidade de vida dos cidadáns. Sexa como for, o certo



(Arriba) Imaxe da Rúa do Castro onde se aprecia un dos últimos soportais que desapareceron a comezos do século XX. (Abaixo) Imaxe actual da mesma rúa. AMB e autor.



Exemplos de casas con galería de madeira en Betanzos. Fotos do autor.

é que á altura de 1897 os traballos estaban nun estado xa moi avanzado só quedando pendentes as aliñacións dos novos frontes de fachada. Finalmente, deste proceso unicamente se salvarán os dous soportais que, actualmente, se poden ver xunto ao cárcere municipal e que corresponden aos números 3 e 5 da Rúa do Castro[21].

Un segundo fenómeno que tamén se deu nestes anos foi a consolidación definitiva das galerías como elemento de prestixio social destinado a embelecer as zonas máis nobres da cidade. Esta era unha solución de corte popular adoptada, principalmente, polas vilas costeiras do norte de Galicia entre os séculos XVIII e XIX para protexer as vivendas fronte ás inclemencias do tempo. Tratábase, por tanto, dun tipo de estruturas que actuaban a modo de capa protectora dos muros exteriores permitindo un mellor illamento térmico á vez que conseguía incrementar a superficie habitable da casa. A súa orixe hai que buscala, neste caso, nas localidades portuarias da Coruña e Ferrol onde se instalara, xa dende a primeira metade do XVIII, unha florecente industria naval. A partir de aquí teríase estendido ao resto do territorio galego unha tipoloxía arquitectónica que, segundo as últimas teorías ao respecto, considérase que estivo inspirada nas galerías de popa dos grandes barcos da época[22].

Polo demais, é preciso destacar que as primeiras galerías chegaron a Betanzos da man dunha burguesía que, nun intento por imitar aos seus homólogos coruñeses, acabou asimilando este elemento como un símbolo da súa posición e como demostración dun certo nivel económico. É por isto que o seu foco inicial situouse en lugares onde se concentraban a maior parte de residencias das familias ricas da cidade como, por exemplo, a Rúa do Valdoncel no seu tramo más próximo á Porta da Vila. Así mesmo, os expedientes

de obra amosan que as galerías tamén comezaron a abarcar aqueles espazos que se encontraban intimamente ligados ás actividades comerciais. Era este o caso da Praza dos Irmáns García Naveira ou da Rúa Travesa que conectaba directamente co mercado que se desenvolvía na Praza de Santa María do Azougue[23].

Non obstante, a pesar do éxito que estaban tendo estas estruturas, os arquitectos amosáronse reticentes, polo menos nun principio, a incorporalas nos seus propios proxectos. Isto explica que, durante décadas, a súa execución dependerá de carpinteiros ou mestres de obra anónimos que, ao carecer de calquera tipo de preocupación estética, acabaron xerando unha ampla variedade de compositiva. Houbo que agardar, practicamente, ata a última década do século XIX para poder atoparnos cos primeiros traballos realizados baixo a dirección de profesionais que deixaron constancia da súa participación nestes. Aparece así a chamada «galería de autor» que, a diferenza das anteriores, caracterízase pola súa simetría, proporcionalidade e adaptación aos postulados academicistas[24]. Esta estenderase ao resto da cidade nun proceso beneficiado por un contexto favorable no que moitos edificios estaban sendo sometidos a reformas e ampliacións importantes. Coincidirá, ademais, cun fenómeno xa mencionado anteriormente como foi o dos ensanches sendo aproveitada a demolición de soportais para a construción de novas galerías[25].

Así mesmo, agora veremos como, por primeira vez, unha normativa vai regular, nalgún dos seus apartados, a construción destas estruturas acristaladas en toda a cidade. Será concretamente nas ordenanzas municipais de 1895 onde, entre outras cuestións, se establecerá unha xerarquía viaria con rúas de primeira, segunda e terceira orde condicionando, de maneira directa, as dimensións que poderán alcanzar os balcóns, miradores e galerías. En suma, o artigo 51 especificará a prohibición de executar este tipo de cerramentos na primeira planta dos edificios o cal condicionou enormemente a configuración das fachadas e deu orixe a numerosos conflitos entre propietarios e o propio Concello[26].

O último dos fenómenos que marcaron o paso do século XIX ao XX tivo moito que ver coa busca emprendida por arquitectos de todo o mundo para tratar de definir novas propostas construtivas. Con ela abríase un período de transición caracterizado pola mestura de solucións propias do eclecticismo decimonónico con aquelas que forman parte dun modernismo incipiente que pouco a pouco irase abrindo camiño. Ambos os estilos foron, precisamente, os que acabaron co monolitismo e a uniformidade que ata ese momento definiran aos estilos artísticos tradicionais. Ambos os dous eran, ademais, a plasmación dos profundos cambios sociais, económicos e políticos xurdidos a partir da revolución industrial comezando polo feito de que incluían nas súas propostas os novos materiais que por aquel entón se estaban a desenvolver.

En Galicia, este cambio de gustos impulsarao a mesma burguesía que vira na galería a expresión da súa posición e que agora se vai fixar nas tendencias arquitectónicas que estaban vendo a luz no resto do continente europeo. Non obstante, é preciso resaltar que a asimilación destes movementos importados non se deu tanto no plano teórico senón que a súa influencia limitouse, máis ben, a cuestións relacionadas coa estética e as formas. Isto explica que a día de hoxe nos encontremos con proxectos que son dificilmente catalogables na medida en que non obedecen a principios dun único estilo[27]. Tal é o caso de estruturas como o Matadoiro Municipal de Betanzos levantado por Juan Álvarez de Mendoza en 1902 que, co seu estilo neomudéxar, inscríbese dentro do eclecticismo ao mesmo tempo que deixa entrever os primeiros trazos propios do modernismo.



Praza do Campo co palco de música modernista de González Villar. AMB.

Algo parecido acontece coas Escolas Municipais Jesús García Naveira, obra de Rafael González Villar e construídas no solar do antigo claustro de San Francisco en 1917. O edificio, concibido como unha estrutura cunha soa planta en forma de «U», contén unha importante carga eclética mesturada con elementos modernistas que son froito da formación do arquitecto coruñés[28]. Con todo, a este proxecto hai que lle engadir outros máis tardíos como a Casa do Pobo (1918), a casa comercial Fillos de Antonio Núñez (1923) ou o Palco da Música (1927), así como tamén o mobiliario da Praza dos Irmáns García Naveira (inclúe farois, balaustradas e bancos). En todos eles pódese apreciar unha evolución que evidencia que González Villar foi quen conseguiu unha maior aproximación ao que son os principios, ideas e formas da contemporaneidade.

Logo, un dos derradeiros cambios que se darán no casco histórico de Betanzos será, por unha banda, a irrupción da arquitectura racionalista da man de Leoncio Bescansa. Entre os seus proxectos destacaron as reformas de numerosas fachadas para adaptalas aos gustos estéticos do momento, así como a construción de novas edificacións en forma de pequenos bloques de vivendas. Isto coincidiu no tempo cun proceso de substitución das galerías tradicionais de madeira por estruturas de formigón que estaban inspiradas nas «bow windows» inglesas e que se acabarían convertendo nun elemento característico á altura da década de 1930[29]. Por outro lado, foron importantes tamén as actuacións que se levaron a cabo no contorno da Praza de Fernán Pérez de Andrade coa rehabilitación da igrexa de San Francisco incendiada polos falanxistas en 1936 e coa construción do Mercado Municipal a comezos dos anos 50. A estas obras sumaríanse, anos máis tarde, as dos novos edificios que, no marco do *«desarrollismo»* franquista, desvirtuaron parte da imaxe da zona monumental dadas as súas dimensións desproporcionadas.



(Esquerda) Exemplo da nova arquitectura racionalista de Leoncio Bescansa na Rúa do Alfolí. (Dereita) Imaxe comparativa da galería tradicional de madeira fronte ás novas propostas en formigón dos anos 30. Fotos do autor.

Os referentes patrimoniais

a. Patrimonio e protección: o caso brigantino

En materia de protección do patrimonio, é preciso destacar que os primeiros textos normativos non xurdiron ata que houbo unha toma de conciencia por parte das autoridades de cada país sobre a necesidade de salvagardar os principais fitos monumentais da nación. No caso español, un papel destacado neste proceso tivérono as numerosas e importantes destrucións causadas polas guerras, as desamortizacións e o novo urbanismo ao longo do século XIX. O impacto causado pola desaparición de numerosos bens inmobles cun alto valor patrimonial fixo que, pouco a pouco, aumentaran os intentos para desenvolver unha lexislación capaz de evitar novas perdas no futuro. A isto sumouse, ademais, a inquedanza creada por un crecente interese pola arte española que se deu, sobre todo, a partir da derrota de 1898 no conflito contra os Estados Unidos. Foi así como os coleccionistas, maioritariamente norteamericanos, se lanzaron na procura de obras nos máis variados formatos, desde pinturas e códices, ata tapices, esculturas e, mesmo, edificios completos.

Para tratar de poñer freo a un e outro fenómeno, unha das medidas que se tomaron a comezos do século XX pasaba por crear un inventario de ruínas monumentais e antigüidades[30]. A relevancia da idea do catálogo, incluída na Lei de 1911, viña dada polo feito de que con el se podía establecer o valor dun elemento ao significalo por riba dos demais. É dicir, ao individualizalo entendíase que un ben posuía algunha característica que o facía único e que, polo tanto, era merecedor dunha protección especial por parte do

Estado. Este principio tivo unha transcendencia tal que, desde que foi formulado, todas as normativas posteriores sobre bens patrimoniais o aplicaron e o mantiveron vixente ata os nosos días.

En Betanzos nos atopamos con que, por orde cronolóxica, o primeiro elemento en ser catalogado foi o convento de San Francisco a través da Real orde do 29 de setembro de 1919. No texto, publicado o 7 de outubro na *Gaceta de Madrid*, informábase de que o templo quedaba adscrito dentro da categoría de monumento artístico-arquitectónico e que, como tal, sería incluído «*en el Catálogo y Registro Cedulario que lleva la Junta superior de Excavaciones y Antigüedades*»[31]. Non obstante, tamén se recoñecía que, en virtude aos informes solicitados, non procedía a súa declaración como monumento nacional, a pesar de que esta si que se levou a cabo con algúns monumentos similares[32]. Como xustificación desta decisión, a Dirección Xeral de Belas Artes apoiábase no novo marco lexislativo creado pola *«Ley sobre conservación de monumentos nacionales histórico-artísticos»* do 4 de marzo de 1915. Un marco que, tal como se di no documento, «*ha venido a llenar una necesidad tan reconocida, cual es la de declarar bajo la protección del Estado aquellos edificios que merecen y deben obtenerla, y que, sin embargo, no reúnen las condiciones supremas exigidas para su declaración de Monumento nacional*»[33].

Neste sentido, entre as novidades que introducía a Lei de 1915 estaba, por un lado, o principio de protección dos bens inmobles illados independentemente da súa época e estilo. Isto implicaba que aquí se estaba a dar un paso máis respecto da Lei precedente do 7 de xuño de 1911 na que se contemplaba un ámbito de actuación limitado, unicamente, ás escavacións arqueolóxicas. Por outra banda, a normativa tamén recollía no seu artigo primeiro a obriga de que toda catalogación debería de realizarse mediante un expediente que tiña que ser resolto de maneira favorable. Deste xeito establecíase a condición de que un elemento só sería recoñecido como monumento despois de ser declarado oficialmente como tal a través do trámite correspondente. Para o caso que nos ocupa, este punto foi moi importante na medida en que a protección de San Francisco coincidiu no tempo coas obras de construción das novas dependencias do convento. Estes traballos, moi polémicos na súa época, implicaron a redacción de dous informes encargados á Real Academia da Historia que, en parte, contribuíron á resolución final de 1919[34].

Logo, posterior á de San Francisco foi a declaración da igrexa de Santa María do Azougue como monumento histórico-artístico que se fixo efectiva mediante o Decreto do 29 de setembro de 1944. Nesta ocasión, a figura de protección que se aplicou xa non era a establecida pola Lei de 1915 posto que, a estas alturas, había outra normativa vixente que tiña sido promulgada durante o período republicano. Tratábase, en concreto, da *«Ley de Defensa, Conservación y Acrecentamiento del Patrimonio Histórico-Artístico Nacional»* de 1933 que deixou sen efecto ao *«Decreto-Ley sobre Protección y Conservación de la Riqueza Artística»* do 9 de agosto de 1926 e que, salvando adaptacións puntuais, será a que se aplique ata a aprobación da *«Ley 16/85 de Patrimonio Histórico Español»*. Aquí, entre as súas disposicións, o texto definía unha nova categoría coa que se buscaba unificar todas aquelas denominacións de similares características xurdidas en lexislacións anteriores. Tal pretensión quedaba reflexada no artigo 14 no cal se afirmaba que «*los Monumentos declarados nacionales y arquitectónico-artísticos, se llamarán en lo sucesivo Monumentos histórico-artísticos*»[35].

Pero, se por algo debemos destacar á normativa republicana é porque nela aparecía recollida por primeira vez unha figura, a de conxunto histórico-artístico, que habería de

resultar clave para o futuro de Betanzos. Ata ese momento, só se contemplaba que a protección dos bens inmobles se realizase de maneira individual, nunca dentro dunha agrupación, de igual forma que o contorno dos edificios non tiña ningunha relevancia á hora de resolver os expedientes de protección dos diferentes bens. Foi a partir do Decreto Lei de 1926 que se abriu a posibilidade de que as administracións competentes acordasen a declaración de *«ciudades y pueblos artísticos»*[36] que entrarían a formar parte do tesouro nacional. Sentábase así un precedente do que botaría man, anos máis tarde, a Lei do 33 para definir unha categoría que, ademais, equiparaba en tratamento aos conxuntos urbanos respecto dos monumentos illados.

Con todo, no longo camiño ata a declaración do casco antigo brigantino, houbo de por medio algunhas modificacións puntuais da lexislación para poder adaptala ás necesidades que ían xurdindo co paso do tempo. Das múltiples medidas promovidas, as máis importantes para a tutela das cidades históricas foron aquelas que estaban relacionadas co desenvolvemento de instrumentos e a delimitación de competencias en materia de urbanismo. Así, unha das primeiras normas que apuntaba nesta liña foi a *«Ley de Régimen Local»* de 1955 na que se lle concedía aos concellos certas atribucións que os capacitaba para operar sobre as súas propias tramas urbanas. A esta se engadiría, apenas un ano despois, a *«Ley de Régimen de Suelo y Ordenación Urbana»* que permitiu regular a expansión da superficie habitada e a intervención nos asentamentos consolidados. Nela sería onde, entre outras cousas, acabáronse especificando as ferramentas necesarias para levar a cabo a planificación e conservación das cidades protexidas. Os cambios se completarían coa publicación da Orde do 20 de novembro de 1964 referente ás *«Instruciones para la Defensa de los Conjuntos Histórico-Artísticos»* propostas pola Dirección Xeral de Belas Artes. Con este documento introducíronse novidades que terán unha especial relevancia no futuro como, por exemplo, a obrigatoriedade de establecer unha delimitación clara dos conxuntos urbanos. Así mesmo, tamén será aquí onde se especificarán os criterios que afectarían a volumes e estilos das novas edificacións construídas en lugares protexidos[37].

Foi, precisamente, baixo estes condicionantes que se acabaría levando a cabo a tramitación do expediente de incoación necesario para a declaración de Betanzos como conxunto histórico-artístico. Tal proceso deu comezo o 13 de decembro de 1967 cun escrito do Comisario Xeral do Servicio de Defensa do Patrimonio Artístico Nacional no que se propoñía protexer a zona monumental brigantina. A resposta afirmativa a esta misiva foi seguida, case inmediatamente, dun texto do SPDAN de Santiago asinado por Manuel Chamoso Lamas e con data do 17 de xaneiro de 1968 sobre as características xerais da localidade e dos seus monumentos. Logo, a estes documentos sumaríanse varios informes elaborados polos arquitectos municipais que acompañarán ás alegacións presentadas pola Corporación ante o Ministerio de Educación e Ciencia en abril de 1969. A maiores, será xa en 1970 cando a Real Academia de San Fernando vai a emitir unha resolución favorable á declaración do conxunto tras unha sesión celebrada o 15 de xuño dese mesmo ano.

O resultado de todo isto foi a aprobación do Decreto 3850/1970 do 31 de decembro, no cal, se manifestaba que o emprazamento posuía uns valores históricos e artísticos suficientes que o facían merecedor de *«ser preservado de reformas e innovaciones que pudieran perjudicarle»*[38]. Para garantir que este principio se respetase, considerábase imprescindible colocar ao conxunto urbano «*bajo la protección del Estado, mediante la oportuna declaración monumental»*[39]. Facelo implicaba que, a partir de entón, a

Administración local e os propietarios dos inmobles afectados debían axustarse ao que ditaban as leis do Tesouro Artístico, Municipal e do Solo e Ordenación Urbana. Estas normativas terían vixencia, tal como se contemplaba nas Instrucións de 1964, dentro dun perímetro establecido previamente que delimitaba o elemento a protexer. Por último, o texto remataba especificando, no referente ás competencias, que a tutela do conxunto a exercería o Ministerio de Educación e Ciencia a través da Dirección Xeral de Belas Artes. A eles se lles reservaba, desta forma, a potestade de *«dictar cuantas disposiciones sean necesarias para el mejor desarrollo y ejecución del presente Decreto»*[40].

Finalmente, tras o casco antigo, o derradeiro elemento en ser catalogado en Betanzos foron a muralla e as portas medievais da cidade grazas á Resolución da Dirección Xeral de Belas Artes do 17 de outubro de 1994. Con ela buscábase adaptar o Decreto do 22 de abril de 1949 sobre protección dos castelos españois ordenando, en consecuencia, a inscrición no catálogo de BIC dos monumentos de arquitectura militar. Non obstante, é importante mencionar que isto se produciu nun contexto no que xa estaba en funcionamento a *«Ley de Patrimonio Histórico Español»* de 1985 pero no que aínda se atopaba en proceso de tramitación a Lei 8/95 do Patrimonio Cultural de Galicia. Este escenario non implicaba que, no período transcorrido entre ambas as normativas, na nosa comunidade non se deran pasos para conformar unha estrutura autonómica propia que se encargara dos asuntos relacionados cos bens culturais. De feito, foi inmediatamente despois da promulgación da Lei 16/85 que comezou o proceso de cesión de competencias en materia de patrimonio cutural aos territorios nos que se dividía o Estado segundo a Constitución de 1978.

Así, na actualidade, o marco lexislativo básico que rexe para todos os bens catalogados (incluídos os catro mencionados) segue sendo o establecido na *«Ley 16/85 de Patrimonio Histórico Español»*. De aquí partiron os demais textos que, con posterioridade, serán elaborados polas comunidades autónomas para tratar de afondar nos contidos da lexislación estatal e poder adaptalos á realidade propia de cada autonomía. No caso galego, isto foi o que se fixo en dúas ocasións, primeiro coa Lei 8/1995 do 30 de outubro e, máis recentemente, coa Lei 5/2016 do 4 de maio do Patrimonio Cultural de Galicia. Esta última normativa, que derrogou á anterior, pretendía actualizar o réxime de protección do patrimonio introducindo as medidas necesarias para responder aos cambios que se foran producindo nos últimos anos.

b. A protección derivada do ámbito local

Para dar resposta ao establecido no artigo 20 da *«Ley de Patrimonio Histórico Español»*, Betanzos comezará o proceso de redacción dun Plan Especial que afectará ao espazo da cidade histórica que fora catalogado como conxunto histórico-artístico en 1970. Á fronte deste proxecto, desenvolvido entre finais da década dos 80 e principios do 90, estarán os arquitectos Carlos Enrique Meijide Calvo e Andrés Fernández-Albalat. O resultado final do seu traballo foi o Plan Especial de Protección e Ordenación do Casco Histórico aprobado, primeiro de forma provisional polo pleno municipal o 15 de maio de 1992 e, posteriormente, de maneira definitiva pola Comisión Provincial de Urbanismo da Coruña o 30 de decembro dese mesmo ano[41].

A urbe brigantina convertíase, así, nunha das primeiras dentro do ámbito galego (xunto coas localidades de Corcubión e Mondoñedo) en contar cunha norma urbanística destas características[42]. E o facía antes, incluso, que outras localidades con zonas monumentais importantes tales como Lugo (PEPRIRAL de 1996), Santiago de Compostela (PEPRCH de 1997), Ourense (PERINHO de 1997), A Coruña (PEPRI de 1998) e Pontevedra (PEPRICA de

2003). Non obstante, isto tamén implica que o Plan Especial de Betanzos era un dos mais antigos aínda en vigor en Galicia. Formaba parte, polo tanto, daqueles que, segundo a disposición transitoria quinta da Lei 5/2016, tiñan que ser actualizados nun prazo de dous anos a partir da entrada en vigor de dita normativa (prazo que rematou o 16 de agosto de 2018)[43].

Entrando xa a analizar propiamente a estrutura do PEPOCH, observamos como este se se atopa dividido en sete tomos diferentes nos que se inclúe toda a información relativa á normativa, aos planos e aos bens catalogados. Non obstante, no noso caso, os que máis nos interesa destacar son aqueles apartados que teñen que ver, en primeiro lugar, cos obxectivos que se marcaron á hora de redactar o Plan Especial. Esta parte é importante porque constitúe o punto de partida para saber que orientación que se lles dará ás medidas que se adopten, ao tempo que permitirá valorar o grao de cumprimento destas no momento presente. Así, é no punto 2.1. da Memoria xustificativa onde se especifica que un dos obxectivos principais do Plan consiste en buscar o desenvolvemento positivo de Betanzos por medio dunha integración entre a zona nova e a parte histórica da cidade. Preténdese crear, deste xeito, unha relación complementaria entre ambas *«conxugando os valores do patrimonio material e cultural do pobo cos novos roles demandados pola actividade social»*[44].

En suma, outra das aspiracións elementais da regulación pasa por conservar o patrimonio arquitectónico e urbanístico promovendo a recuperación do parque edificatorio deteriorado. Destácase, neste punto, que o casco antigo de Betanzos «*é un dos espazos urbanos históricos máis interesantes de Galicia*»[45] e que este mantén, ademais, unha notable vitalidade grazas á «*diversidade de usos que se desenrolan no seu interior*»[46]. Por outra banda, hai unha vontade de manter as proporcións e escala nas novas intervencións previstas e de dar resposta ás demandas manifestadas pola poboación da zona monumental no proceso de recollida de información. Así mesmo, pretendíase crear novos valores mediante a recuperación daqueles que se perderon, ou ben a través do deseño exnovo, para intentar, desta forma, *«potencialo crecemento o nivel e sobre todo a calidade de vida desta peza senlleira de Betanzos»*[47].

Con todo, analizando estes puntos no seu contexto, nos atopamos con que cinco dos sete obxectivos propostos no PEPOCH de Betanzos coinciden palabra por palabra cos cinco que se marca o Plan Especial de Corcubión[48]. Isto deixaría entrever que, a estas alturas, existía unha certa deficiencia nas propostas destas normativas urbanísticas ao pretender aplicar criterios xerais para casos concretos. É dicir, non se estaba a comprender que a individualidade de cada un dos conxuntos esixía respostas que se adaptasen a unha realidade e unhas problemáticas diferentes[49]. Aínda así, non resulta menos certo que no proxecto brigantino fixéronse tímidos avances por afondar nestas cuestións a través de estudos centrados na demografía, a mobilidade, as actividades económicas e o estado do parque de vivendas.

Logo, un segundo aspecto no que tamén é preciso deterse son as delimitacións do Plan Especial na medida en que con elas vaise a concretar o seu ámbito de aplicación (figs. 1-2). Neste sentido, cabe destacar que os redactores do proxecto, tal e como se recolle no apartado de *Criterios xerais*, apostaron por seguir un criterio particularizado que establecese dous ámbitos claramente diferenciados entre si[50]. Deste modo, o primeiro deles corresponderíase co antigo recinto amurallado ao que se engadiría, a maiores, as zonas da Fonte de Unta, Os Ánxeles e da Praza dos Irmáns García Naveria. Os seus límites discorrerían polas Rúas do Valdoncel, da Ribeira e Alfolí, continuarían polo Paseo da Tolerancia, pola Rúa do Pozo e da Cañota, e rematarían nas Rúas dos Anxeles, Pérez Salas

e Emilio Romay. Fóra quedaría unha zona de protección que abarcaría o espazo comprendido entre o casco antigo e o río Mandeo sobre o que se asenta o barrio da Ribeira ademais dunha pequena franxa ao sur arredor da Avenida de Castela.

Chama a atención, a este respecto, que o trazado, pese á súa gran extensión, exclúe lugares que estaban afectados pola declaración de conxunto histórico-artístico de 1970[51]. Trátase dunha parte ao sur do Campo da Feira que chegaría ata o barrio da Cruz Verde e dunha pequena franxa ao oeste da Rúa do Valdoncel que descende cara o río Mendo. En cambio, estes límites si corresponden co contorno delimitado polas Normas Subsidiarias de Planeamento do Termo Municipal de Betanzos de 1987 elaboradas polos mesmos autores do Plan Especial (fig. 3). Disto infórmase no Boletín Oficial da Provincia no que se deu a aprobación definitiva ao Plan Especial indicando que, en consecuencia, *«estímase necesario elaboralo estudo pertinente para determinalos bens do Conxunto Histórico Artístico non incluídos no Plan Especial que deben ser obxecto de protección»*[52]. Ábrese, así, a posibilidade a unha *«oportuna modificación da delimitación do Conxunto Histórico Artístico»*[53] que deberá contar co visto e prace da Xunta de Galicia.

Por último, a análise non estaría completa se non lle dedicásemos un apartado ás proteccións que se contemplan no Plan para aqueles bens catalogados que se atopen dentro do perímetro mencionado. Sobre isto, hai que precisar que estas derivan directamente duns criterios de valoración definidos no Título VI da normativa urbanística. Así, por unha banda, teríamos ós bens cun interese de carácter histórico de Grado 1, 2 ou 3 en función dun acontecemento histórico importante a nivel do Estado, da Comunidade e do Municipio respectivamente. Por outro lado, estarían aquelas construcións que posúen un interese de carácter arquitectónico ponderado pola súa calidade arquitectónica como de Grado 1 (para as máis destacadas), de Grado 2 (para as notables) ou de Grado 3 (para aquelas cunha certa relevancia). Xunto a eles, un terceiro criterio valoraría os inmobles polo seu interese de carácter urbano o cal viría determinado polo papel que ten cada un dentro da trama da cidade. De Grado 1 serían os que contribúen e/ou pertencen a un conxunto ou espazo urbano básico na estrutura do asentamento mentres que o Grado 3 se atribuiría aos que axudan a *«manter dun xeito sinxelo a escala e o carácter urbán»*[54].

O resultado de todo isto son os catro niveis de protección que, xunto coas valoracións anteriores, aparecen recollidos nas fichas de catalogación individuais de cada un dos inmobles (fig. 4). Deles, o máis básico é o nivel 4 de protección ambiental[55] no que se inclúen aqueles edificios de certo valor arquitectónico que, polo seu carácter ou localización en relación cun contorno determinado deban ser obxecto de protección. Nesta situación estarían un total de 67 construcións que se distribúen, principalmente, por zonas próximas ás Rúas da Cerca, Nova e Hórreo (fig. 5). Sobre eles contémplase a posibilidade de realizar obras de consolidación, conservación, restauración, rehabilitación ou reforma, reestruturación de cubertas, do interior ou de fachada e obra nova con conservación de elementos. A cambio, a única condición que se puña era que tal operación debería estar expresamente indicada na ficha do Catálogo do ben en cuestión. Un exemplo particular con este nivel é o da Casa do Pobo, edificio modernista de Rafael González Villar sito no número 15 da Rúa Travesa que no momento de realización do PEPOCH tan só conservaba a súa fachada principal.

Por riba dos anteriores estarían os inmobles catalogados co nivel 3 de protección estrutural[56] que obriga á conservación de fachadas ou elementos destacados naquelas




Fig. 1. Plano de delimitación do Plan Especial de Betanzos. Siotuga.




Fig. 2. Zona de protección orixinal de 1970. Xunta de Galicia.



Fig. 3. Plano de delimitación do casco histórico de Betanzos nas Normas Subsidiarias de 1987. Siotuga.

construcións cun significativo valor arquitectónico. Aquí, os traballos que se poderían realizar son, tamén, a consolidación, conservación, restauración, rehabilitación ou reforma e a reestruturación (cando esta apareza indicada na ficha correspondente). Non estaría permitido, en cambio, a obra nova entendida, tal e como aparece no Plan Especial, como intervención en parcelas cunha edificación en avanzado estado de ruína que só permite a conservación de elementos illados que deberán ser incorporados no novo proxecto[57]. Polo demais, pódese afirmar que, proporcionalmente, esta é a opción máis empregada das catro habendo un total de 297 vivendas con este nivel de protección. Estes, a pesar de que se atopan distribuídos por todo o casco histórico, repartiríanse en maior medida pola metade nordeste do conxunto entre as Rúas do Castro e Ferradores e a Rúa da Cerca (fig. 6). No nivel 3 estarían importantes monumentos como o convento de Santo Domingo que alberga o Museo das Mariñas e o Cine Alfonsetti, o Cárcere do Partido ou o edificio do Conservatorio Municipal que era a parte oeste do antigo convento de San Francisco.

No penúltimo nivel atopariámonos ás edificacións ou conxuntos que deben ser preservados en tódas as súas características por seren representativos dun determinado período histórico. Estes corresponderían ao nivel 2 de protección integral[58] baixo o cal están catalogados un total de 54 inmobles que se concentran especialmente na contorna da Praza dos Irmáns García Naveria, Fonte de Unta e Praza da Constitución (fig. 7). Na súa maioría, trátase de elementos que, ademais do seu valor individual, cobran especial relevancia por estaren integrados nun conxunto que forma parte da identidade da cidade como é o caso das casas de balcón corrido de madeira e de galería. Aínda así, no nivel 2 teríamos tamén monumentos individuais de distintas épocas como a igrexa de Santo Domingo, o edificio do Arquivo do Reino de Galicia, a Casa Consistorial, o convento das Agostiñas ou a Casa Núñez. Logo, canto ás obras permitidas, estas limitaríanse á consolidación, conservación, restauración e a rehabilitacións ou reformas restrinxidas sempre e cando estas non afecten a elementos importantes que formen parte do carácter do edificio[59].

En último lugar, o nivel máximo de protección é o establecido polo nivel 1 de protección monumental[60] reservado para os elementos que destacan, ben polo seu alto valor arquitectónico e artístico, ben polo seu significado urbano. Sería o caso das igrexas de San Francisco e Santa María do Azougue declaradas como Bens de Interese Cultural ao que habería que sumar o da igrexa de Santiago e a Torre Municipal (fig. 8). Estes catro edificios son os únicos incluídos nun nivel no que as restricións das obras que se poden levar a cabo son as máis elevadas das contidas no PEPOCH. De feito, as actuacións aprobadas nestes supostos son, exclusivamente, á consolidación, conservación e restauración. As reformas tamén incluiríanse nos tres casos anteriores, sempre e cando as mesmas estean plenamente xustificadas e non supoñan un menoscabo da envolvente do edificio, nin da súa estrutura, nin da súa decoración. Ademais, deberase garantir que os traballos realizados poidan ser revertidos devolvendo a aparencia orixinal ao inmoble[61].

c. Intervencións diversas: cara á posta en valor dos bens

Unha vez abordados os contidos básicos do Plan Especial de Betanzos máis intimamente ligados coa cuestión da protección do patrimonio, resulta interesante, antes de poder chegar a algunha conclusión válida, facer un balance do que se ten feito desde a redacción da normativa ata o momento presente. O obxectivo deste labor non sería outro que o de tratar de comprender a evolución do estado de conservación da zona monumental durante este período e poder, así, comprobar os avances e/ou retrocesos experimentados nesta



Fig. 4. Plano de elementos catalogados no Plan Especial e niveis de protección. Siotuga e elaboración propia



Fig. 5. Plano dos elementos catalogados no nivel 4 de protección ambiental. Siotuga e elaboración propia



Fig. 6. Plano dos elementos catalogados no nivel 3 de protección estrutural.
Siotuga e elaboración propia

materia. Para isto, unha fonte importante a conformarán as licenzas de obra concedidas pola Administración local dentro da delimitación establecida no PEPOCH xa que estas nos permitirán achegarnos ás intervencións realizadas sobre os bens catalogados. Esta información estará resumida nunhas listaxes proporcionadas pola Área de Urbanismo do Concello de Betanzos nas que se recolle, tanto o número total de traballos autorizados, como unha breve descrición do tipo e alcance destes. Tales documentos comprenderán un arco temporal que irá desde 1993 ata 2016 por ser, respectivamente, o primeiro ano completo desde a aprobación da regulación e o último do que se teñen rexistros completos.

Con todo, de cara a valorar na súa xusta medida os resultados obtidos, cómpre precisar que os problemas atopados á hora de traballar con estes materiais foron numerosos. Neste sentido, un dos primeiros aspectos a destacar é o feito de que existe unha evidente diferenciación entre dúas etapas que estarían separadas pola forma de almacenar a información na base de datos do departamento. Así, por unha banda, teríamos o período 1993-2003 no cal hai un só rexistro no que se tratan, de maneira unitaria, as licenzas outorgadas en todo o termo municipal. Isto obrigounos, no seu momento, a ter que facer unha selección, o máis aproximada posible, dos permisos concedidos dentro dos límites do Plan Especial guiándonos polas direccións reflectidas en cada un dos casos. En cambio, no lado oposto estaría o exemplo do período 2004-2016 no que, ademais de haber unha sección específica para as obras realizadas no casco histórico, tamén se faría unha subdivisión específica para a obra maior (rehabilitacións) e menor (actuacións puntuais sobre elementos concretos).

Logo, un segundo problema importante coas fontes veu dado pola falta de referencias que permitisen contrastar se o inmoble sobre o que se estaba a actuar formaba parte do catálogo ou non. A este respecto, é relativamente frecuente que na descrición das obras realizadas non apareza, tan sequera, un enderezo válido coa que rastrexar os bens dentro do perímetro do casco histórico. Mesmo naqueles casos nos que esta información si constaba, ás veces o fai mesturando as nomenclaturas e numeracións do rueiro actual co antigo. Por iso, a solución tivo que pasar, nesta ocasión, pola combinación dunha análise das fichas individuais do catálogo cunha comprobación dos datos recollidos oficialmente no catastro. A maiores, tamén foi necesaria, nos supostos máis complexos, a comprobación visual a través de fotografías por se nas fachadas quedaba algún rastro dos cambios mencionados. Todo isto fai que, a pesar da profundidade da investigación, os datos poidan ter algunhas variacións que puideran desvirtualos e polas cales non sexan tan precisos como deberían.

Feitas estas precisións iniciais, as cifras absolutas que manexamos fálannos dun total de 1353 obras realizadas no ámbito do Plan Especial entre os anos 1993 e 2016. Trátase dun volume considerable no que, ademais, mantense unha constante ao longo do tempo que oscila entre un mínimo de 21 licenzas en 2016 e un máximo de 90 acadado no ano 1995 (fig. 9). Neste período, os traballos máis comúns son, fundamentalmente, os relacionados coa reparación de cubertas, co pintado de fachadas e coa substitución de carpinterías. Así mesmo, tamén aprécianse numerosas melloras nos interiores dos edificios, sobre todo no que atinxe á redistribución das estancias, á instalación de calefaccións e á construción de novos cuartos de baño e cociñas.

Non obstante, o que non podemos precisar con exactitude, polos condicionantes mencionados anteriormente, son as actuacións executadas en elementos catalogados sendo posible, unicamente, facer unha aproximación aos casos máis senlleiros. Destacarían,




Fig. 7. Plano dos elementos catalogados no nivel 2 de protección integral.
Siotuga e elaboración propia.



Fig. 8. Plano dos elementos catalogados no nivel 1 de protección ambiental. Siotuga e elaboración propia.




Fig. 9. Gráfico co total de licenzas concedidas no ámbito do P.E.P.O.C.H. entre 1993 e 2016. Área de Urbanismo do Concello de Betanzos.

así, obras como as levadas a cabo nos templos de Santa María e San Francisco catalogados co nivel 1 de protección monumental pola súa condición de Bens de Interese Cultural. Non obstante, sobre este feito, que tivo lugar no ano 2001, non se especifica, na descrición da licenza correspondente, o tipo de traballos que se acometeron limitándose a definir os mesmos como «reparación en las iglesias de San Francisco y Santa María do Azougue»[62]. En suma, outro elemento importante intervido foi a igrexa de Santo Domingo situada na Praza dos Irmáns García Naveira e que goza do *nivel 2 de protección integral*. Aquí realizáronse labores de mantemento exterior tales como a reparación e pintado da fachada principal en 2012 e dun muro lateral orientado cara a Avenida de Castela en 2016, e unha rehabilitación en 2010 (sen especificar a súa natureza). Logo, sabemos que houbo operacións diversas nos edificios do Arquivo de Galicia e do Hospital de Santo Antonio mais non puidemos atopar, entre a documentación proporcionada, os permisos concedidos para estes. Deles, o último foi o que sufriu unha reforma de maior calado ao ser reconvertido na sede dos xulgados a costa dunha notable modificación da súa imaxe exterior (fig. 10).

Por outro lado, ademais das intervencións en monumentos destacados, tamén interesaríanos abordar as licenzas concedidas para o arranxo de galerías por ser, estes, elementos que se tiveron presentes á hora da catalogación de moitos inmobles. Neste sentido, estamos ante unha das operación máis comúns dada a necesidade de manter en bo estado a madeira fronte ás inclemencias do tempo e evitar, así, posibles filtracións ao interior das vivendas. En números concretos, no período estudado se rexistraron 79 licenzas para executar algún tipo de tarefa desta natureza (o que representaría un 5'8% do total) e a maioría delas circunscribíronse ao eixe trazado pola Praza dos Irmáns García Naveira, a Rúa do Castro e a Praza da Constitución (figs. 11 e 12). No referente ás actuacións emprendidas, o máis habitual é que estas consistan en pequenos traballos ligados á substitución de partes danadas, a cambios na cristalería e ao pintado das estruturas.



Fig. 10. Edificio do Hospital de Santo Antonio antes e despois da reforma. AMB (arriba) e Alfredo Erias.

Aínda así, un fenómeno en alza que se produciu neste arco temporal foi a substitución das galerías de madeira por outras de imitación en aluminio afectando, incluso, a algunhas catalogadas nas fichas individuais.

Despois, á par das galerías, teriamos os balcóns corridos de madeira como outro dos elementos que foron protexidos polo Plan Especial e que son característicos do casco histórico de Betanzos. No seu caso púidose certificar, con certa exactitude, que entre 1993 e 2016 houbo 17 intervencións sendo, 12 delas, realizadas sobre bens que estaban dentro do catálogo (fig. 13). Isto suporía que as obras para manter en bo estado estas estruturas teñen un peso que apenas chegaría ao 1'3% do total das licenzas tramitadas polo Concello.




Fig. 11. Gráfico coas licenzas concedidas no ámbito do PEPOCH entre 1993 e 2016 para a intervención sobre galerías. Área de Urbanismo do Concello de Betanzos.

Por lugares, pese a que non hai un patrón recoñecible, estas concentraronse sobre todo na zonas límite da zona monumental como é o caso das Rúas da Cañota, do Valdoncel ou da Ribeira (fig. 14). Ademais, en todas elas, os traballos executados máis frecuentemente baseáronse, segundo se fixo constar nos permisos, en operacións de reposición de elementos danados e pintado dos seus compoñentes.

A maiores, outro dos apartados importantes que non debemos pasar por alto é o das rehabilitacións en tanto que estas implicaron o desenvolvemento proxectos que someteron a moitos inmobles a cambios substanciais do seu estado de conservación. De feito, este tipo de obras representa un 7'4% do volume de licenzas cun total 100 concedidas durante as últimas dúas décadas (52 das cales afectarán directamente a bens catalogados) e estas repártense por todo o casco histórico (figs. 15 e 16). Un caso especial, aquí, sería, por exemplo, o da recuperación da Torre Lanzós (nivel 2 de protección integral) grazas a unha reforma parcial iniciada no ano 2013 (fig. 17). No extremo oposto estaría, en cambio, o sucedido no número 5 da Rúa da Cerca que gozaba deste grao de protección que o elemento anterior e que desapareceu logo duns traballos que acabarían sendo xudicializados. A este respecto, o que consta nos documentos de Urbanismo é que o día 9 de xuño de 2009 foi concedida unha licenza (número de expediente 260) para a *«rehabilitación de edificio para vivienda unifamiliar, en Rúa da Cerca, nº 5»*[63]. En cambio, o que se fixo, finalmente, foi un baleirado completo da estrutura seguido da desmontaxe, peza a peza, da fachada principal (fig. 18).

Por último, para rematar o noso repaso, habería que falar das demolicións autorizadas de edificios catalogados, suposto no cal, o Plan Especial, obrigaría a reproducir integramente as fachadas exteriores mantendo todos e cada un dos elementos empregando, ademais, os mesmos materiais que constan na ficha individual. Neste punto, das 26 demolicións levadas a cabo nestes anos, tan só se puideron constatar tres permisos para derrubar outros tantos inmobles nas Rúa da Fonte de Unta e da Cerca. Os dous primeiros




Fig. 12. Mapa das intervencións realizadas en galerías catalogadas entre 1993 e 2016. Área de Urbanismo do Concello de Betanzos e elaboración propia.




Fig. 13. Gráfico coas licenzas concedidas no ámbito do PEPOCH entre 1993 e 2016 para a intervención sobre corredores. Área de Urbanismo do Concello de Betanzos.

eran, en concreto, uns edificios catalogados dentro do nivel 3 de protección estrutural que presentaban un alto grao de deterioración con notable perigo de desprendemento sobre a vía pública. Deste xeito, ambos os inmobles foron derrubados na súa totalidade tan só manténdose en pé o muro exterior da planta baixa (fig. 19). Logo, no segundo dos exemplos, que tamén contaba mesmo nivel de protección que os anteriores, os traballos consistiron no baleirado parcial do interior da estrutura deixando os muros intactos. Así se mantivo durante anos ata que, en 2017, a Xunta iniciou as labores para a súa completa rehabilitación dentro do Programa REXURBE do Instituto Galego de Vivenda e Solo (fig. 20).

A protección de cara ao futuro: cuestións a valorar

Se facemos un balance de todo o que levamos mencionado ata agora, queda claro que queda moito camiño que recorrer para lograr a recuperación do casco antigo de Betanzos. Algúns dos problemas sinalados no seu momento durante o proceso de redacción do Plan Especial persisten na actualidade, sobre todo os ligados co despoboamento, co avellentamento e coa falta de servizos e aparcadoiros. A isto súmase a falta dun Plan Xeral que marque o modelo de crecemento da vila e que se coordine coa normativa da zona monumental para conseguir un desenvolvemento conxunto do núcleo urbano. Dada esta realidade, finalmente consideramos imprescindible, como mínimo, facer adaptacións para incorporar ao PEPOCH as experiencias e novos conceptos que foron xurdindo nos últimos anos en materia de patrimonio. Con todo, o certo é que, aínda máis necesario que o anterior, sería iniciar a redacción dun novo Plan para o cal propomos unha serie de puntos extraídos a partir da presente investigación.

En primeiro lugar, sería oportuno que os obxectivos definidos na norma fosen modificados para adaptalos mellor á realidade da cidade no seu conxunto. A fin de contas, non resulta factible que a casos únicos se lles pretendan aplicar solucións globais como ocorre coa xa citada coincidencia entre os Plans Especias de Betanzos e Corcubión. Para evitar isto, un paso que se podería dar pasaría por introducir unha maior diversidade nas




Fig. 14. Mapa das intervencións realizadas en corredores catalogados entre 1993 e 2016. Área de Urbanismo do Concello de Betanzos e elaboración. propia



Fig. 15. Mapa das rehabilitacións realizadas en inmobles catalogados entre 1993 e 2016. Área de Urbanismo do Concello de Betanzos e elaboración propia




Fig. 16. Gráfico coas licenzas concedidas no ámbito do P.E.P.O.C.H. entre 1993 e 2016 para rehabilitacións. Área de Urbanismo do Concello de Betanzos.



Fig. 17. Torre de Lanzós antes e despois da rehabilitación. *El Ideal Gallego* e Catastro.

contratacións de empresas para a elaboración deste tipo de proxectos. Así mesmo, sería tamén de utilidade que os equipos encargados da redacción das regulacións fosen interdisciplinarios e integrasen a persoas procedentes de distintas áreas de coñecemento. A fin de contas, emprender os estudos necesarios para elaborar o planeamento dunha urbe supón enfrontarse a cuestións que transcenden máis alá do puramente arquitectónico. Habería que combinar, por tanto, a experiencia de urbanistas, sociólogos, historiadores, historiadores da arte, arqueólogos, arquitectos, expertos en lexislación ou economistas co fin de lograr a maior variedade posible de puntos de vista.

Logo, un segundo aspecto que queda claro que tamén haberá que resolver de cara ao futuro, ten que ver co ámbito de aplicación do PEPOCH. Neste sentido, consideramos que os límites establecidos 1992 presentan importantes deficiencias que lle restan eficacia á normativa á hora de garantir unha correcta protección dos elementos patrimoniais. Por unha banda, como xa vimos, estes non se corresponden exactamente cos da catalogación do conxunto histórico artístico de 1970 o que significa que, quedarían á marxe determinados inmobles de gran interese. En suma, a zona de protección que se propuxo no seu momento foi mínima e nela,



Fig.18. “Casa gótica” antes e despois do derrubo. *La voz de Galicia* e Catastro.



Fig. 19. Edificios da Fonte de Unta antes e despois do derrubo. Google Maps e Catastro

ademais, apenas hai bens catalogados pese á importancia do barrio da Ribeira en relación co casco histórico. Todos estes condicionantes levarían á necesidade de levar a cabo unha redelimitación do ámbito dun hipotético novo Plan Especial, ou ben da superficie afectada pola declaración de conxunto histórico-artístico. Non obstante, esta última opción sería máis complexa posto que implicaría suspender todas as licenzas de obra ata que se resolvese unha petición que debería contar coa aprobación da Administración autonómica.

Por iso, a nosa proposta pasaría por adaptar os límites do Plan Especial aos establecidos na declaración orixinal de 1970 engadindo, ademais, unha zona de protección en todo o perímetro (fig. 21). Deste modo procuraríase abarcar o espazo necesario para garantir a protección do conxunto e do seu contorno inmediato tendo presente, a maiores, a orografía sobre a que se asenta o casco antigo de Betanzos. Así, no tramo leste (Tramo 1-2), o trazado discorrería pola Travesía de Caraña, pola Praza da Eira Vella e pola Rúa do Mandeo. A este seguiríao tramo 2-3 que atravesa o río Mandeo, pasa polos límites das parcelas 83 a 128 da mazá 44233 e chega ata a Cruz Verde á altura da parcela 47 da mazá 41219 para



Fig. 20. Edificio da Rúa da Cerca antes e durante a restauración. Catastro e elaboración propia.

rematar xunto á Avenida de Castela na parcela 35 da mazá 43217. Logo, estaría o tramo sur (Tramo 3-4) que comprendería a Avenida de Castela, o límite da Praza Francisco Blanco e a Rúas do Rollo. Despois, o tramo 4-5 incluiría partes situadas a ambos lados do río Mendo para que, finalmente, se peche o círculo no tramo norte (Tramo 5-6) na confluencia dos dous principais cursos fluviais coa Ría de Betanzos.

Finalmente, un terceiro cambio levaríanos a revisar as figuras de protección establecidas no PEPOCH así como os correspondentes niveis atribuídos a cada un dos inmobles de maneira individual. De feito, unha das cousas que puidemos contrastar despois do traballo realizado, é que son moi poucos os elementos catalogados dentro do casco histórico da cidade (tan só 425, fronte aos 381 que non contan con ningún tipo de Catalogación). Isto implica que case a metade dos bens (un 47'3%) non chegan, nin tan sequera, a acadar o nivel 4 de protección ambiental quedando, incluso, excluídos algúns casos significativos. A este respecto, sería interesante incorporar, por exemplo, edificios racionalistas como o número 19 da Rúa Alfolí realizado polo arquitecto Leoncio Bescansa. Así mesmo, habería que catalogar numerosas vivendas situadas, tanto no Barrio da Ribeira como nas novas zonas que se incorporarían coa delimitación proposta. Trataríase, concretamente, das casas de planta baixa con balcón corrido que se atopan na Cruz Verde e dalgunhas construcións similares no entorno da Praza da Eira Vella (fig. 22). Pola contra, noutros supostos habería que revisar a protección establecida debido a que desde que foron catalogados, algúns bens perderon parte dos elementos que os facían merecedores da súa condición. É o que sucedería cos inmobles nos que, como xa sinalamos, as galerías de madeira se substituíron por outras de imitación en aluminio ou, tamén, co caso da Casa Gótica.




Fig. 21. Proposta para unha nova delimitación do ámbito do Plan Especial. Fonte: elaboración propia.



Fig. 22. Exemplos de inmobles susceptibles de seren catalogados (de arriba a abaixo e de esquerda a dereita: nº 1 da Praza Henrique IV, nº 41 da Rúa da Ribeira, nº 13 da Rúa do Valdoncel, nº 12 da Avenida Linares Rivas, nº 5 da Avenida Jesús García Naveira, nº 37 da Rúa da Cruz Verde e nº 7-9 da Avenida. Jesús García Naveira). Catastro.

3. CONCLUSIÓNS

Para poñer un punto e final, o que podemos tirar en claro despois de todo o traballo realizado e dos coñecementos adquiridos durante o proceso, en primeiro lugar, é que a protección do patrimonio é algo capital á hora de tratar de evitar a súa desaparición. E incluso, case poderíamos dicir que, máis que protexer, o que importa de verdade é que isto se faga de forma correcta e ben xustificada. Porque, a fin de contas, debemos recordar que

os bens patrimoniais son elementos que non rexeneran e, unha vez perdidos os seus valores, estes son irrecuperables. Logo, a outra gran conclusión que puidemos extraer vén dada pola necesidade de que, neste labor de conservación do noso patrimonio, as administracións deberían levar a iniciativa pero tamén resulta fundamental que no proceso participe o conxunto da cidadanía. Neste sentido, por unha banda son necesarias políticas decididas de concienciación sobre a importancia de manter vivos os testemuños do pasado, de salvagardalos e de promovelos. Pero, por outro lado, tamén sería oportuno que os individuos se desen conta do fácil que resulta prexudicar a un ben, incluso, de maneira inconsciente. Finalmente, en relación co caso concreto dos Plans Especiais (aínda que aplicable a moitos outros ámbitos) cumpriría reflexionar sobre a necesidade de camiñar cara a unha maior interdisciplinaridade. De feito, esta resulta especialmente relevante nun campo, como é o da xestión do patrimonio cultural, que implica ter múltiples coñecementos procedentes das máis variadas áreas do saber.

NOTAS

[1] GARCÍA ORO, José (1984): p. 21 e URGORRI CASADO, Fernando (1982): p. 60.
[2] NÚÑEZ VARELA, José Raimundo (1985): pp. 1-2 .
[3] NÚÑEZ VARELA, José Raimundo (2014) [http://www.cronistadebetanzos.com/la-progresiva-destruccion-de-las-murallas-de-betanzos/. Consulta de 13/06/2018].
[4] GARCÍA ORO, José (1984): p. 22.
[5] GARCÍA ORO, José (1984): p. 24 e NÚÑEZ VARELA, José Raimundo; RIBADULLA PORTA José Enrique (1984): p. 98.
[6] SORALUCE BLOND, José Ramón (1997): pp. 30,34 e 36.
[7] NÚÑEZ VARELA, José Raimundo (2014) [http://www.cronistadebetanzos.com/la-progresiva-destruccion-de-las-murallas-de-betanzos/. Consulta de 13/06/2018].
[8] NÚÑEZ VARELA, José Raimundo; RIBADULLA PORTA José Enrique (1984): p. 281.
[9] COLÓN ALONSO, Marta (2012): p. 231.
[10] REY CASTELAO, Ofelia; BARREIRO MALLÓN, Baudilio (2010): p. 151 e SORALUCE BLOND, José Ramón (2014): p. 6.
[11] SORALUCE BLOND, José Ramón (1997): p. 28.
[12] ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo (1982a) [http://www.alfredoerias.com/autor/9-casapopular.htm. Consulta de 17/06/2018].
[13] ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo (1982a) [http://www.alfredoerias.com/autor/9-casapopular.htm. Consulta de 17/06/2018].
[14] ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo (2000): p. 313.
[15] FERNÁNDEZ DE ROTA Y MONTER, José Antonio (1997): pp. 16-17.
[16] FUENTES SANZ, Miriam (2014): p. 28.
[17] COLÓN ALONSO, Marta (2012): p. 441.
[18] ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo (1982b) [http://www.alfredoerias.com/autor/9-ensanches.htm. Consulta de 05/05/2018].
[19] COLÓN ALONSO, Marta (2012): p. 437 e ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo (1982b) [http://www.alfredoerias.com/autor/9-ensanches.htm. Consulta de 05/05/2018].
[20] COLÓN ALONSO, Marta (2012): p. 443 e ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo (1982b) [http://www.alfredoerias.com/autor/9-ensanches.htm. Consulta de 05/05/2018].
[21] ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo (1982b) [http://www.alfredoerias.com/autor/9-ensanches.htm. Consulta de 05/05/2018].
[22] GARRIDO MORENO, Antonio (1998): pp. 380-381.
[23] FUENTES SANZ, Miriam (2014): p. 30.
[24] FUENTES SANZ, Miriam (2014): p. 36.

[25] FUENTES SANZ, Miriam (2014): p. 17.
[26] FUENTES SANZ, Miriam (2014): pp. 21-22.
[27] VILLANUEVA MÉNDEZ, Alba (2014): p. 221.
[28] CABANO VÁZQUEZ, Ignacio (1985): p. 134 e COLÓN ALONSO, Marta (2012): p. 587.
[29] FUENTES SANZ, Miriam (2014): p. 29 e VÁZQUEZ ASTORGA, Mónica (2008): p. 366.
[30] Ley de Excavaciones y Antigüedades, do 7 de xuño de 1911, p. 95.
[31] Real Orde, de 29 de setembro de 1919, p. 97.
[32] Real Orde, de 29 de setembro de 1919, p. 97.
[33] Real Orde, de 29 de setembro de 1919, p. 97.
[34] COLÓN ALONSO, Marta (2012): p. 558
[35] Ley de Defensa, Conservación y Acrecentamiento del Patrimonio Histórico-Artístico Nacional, do 13 de maio de 1933, p. 1395.
[36] Decreto-Ley sobre Protección y Conservación de la Riqueza Artística, de 9 de agosto de 1926, p. 1029
[37] FERNÁNDEZ ADARVE, Gabriel (2017): pp. 38-39.
[38] Decreto 3850/1970, de 31 de decembro de 1970, p. 2184.
[39] Decreto 3850/1970, de 31 de decembro de 1970, p. 2184.
[40] Decreto 3850/1970, de 31 de decembro de 1970, p. 2185.
[41] Acordo da Comisión Provincial de Urbanismo da Coruña, de 10 de decembro de 1992, p. 8097.
[42] GÓMEZ LÓPEZ, Alberto, GONZÁLEZ PÉREZ; Jesús Manuel; VILASECO VÁZQUEZ, Xosé Ignacio (1995): p. 144.
[43] Lei 5/2016, de 4 de maio de 2016, p. 18576.
[44] «Memoria xustificativa», en Carlos Meijide Calvo e Andrés Fernández-Albalat, *Plan Especial de Protección e Ordenación do Casco Histórico de Betanzos*, Betanzos, 1992, p. 2. Dispoñible en http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga (Consultado: 13/07/2018).
[45] «Memoria xustificativa», en Carlos Meijide Calvo e Andrés Fernández-Albalat, *Plan Especial de Protección e Ordenación do Casco Histórico de Betanzos*, Betanzos, 1992, p. 3 .Dispoñible en http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga (Consultado: 13/07/2018).
[46] «Memoria xustificativa», en Carlos Meijide Calvo e Andrés Fernández-Albalat, *Plan Especial de Protección e Ordenación do Casco Histórico de Betanzos*, Betanzos, 1992, p. 3. Dispoñible en http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga (Consultado: 13/07/2018).
[47] «Memoria xustificativa», en Carlos Meijide Calvo e Andrés Fernández-Albalat, *Plan Especial de Protección e Ordenación do Casco Histórico de Betanzos*, Betanzos, 1992, p. 4-5. Dispoñible en http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga (Consultado: 13/07/2018).
[48] «Memoria xustificativa», en V.V.A.A, *Plan Especial do Casco Histórico de Corcubión*, Corcubión, 1990, pp. 6-9. Dispoñible en http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga (Consultado: 13/07/2018).
[49] GÓMEZ LÓPEZ, Alberto, GONZÁLEZ PÉREZ; Jesús Manuel; VILASECO VÁZQUEZ, Xosé Ignacio (1995): p. 146.
[50] «Memoria xustificativa», en Carlos Meijide Calvo e Andrés Fernández-Albalat, *Plan Especial de Protección e Ordenación do Casco Histórico de Betanzos*, Betanzos, 1992, p. 5. Dispoñible en http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga (Consultado: 13/07/2018).
[51] Acordo da Comisión Provincial de Urbanismo da Coruña, de 10 de decembro de 1992, p. 8098.
[52] Acordo da Comisión Provincial de Urbanismo da Coruña, de 10 de decembro de 1992, p. 8098.
[53] Acordo da Comisión Provincial de Urbanismo da Coruña, de 10 de decembro de 1992, p. 8098.
[54] «Normativa urbanística», en Carlos Meijide Calvo e Andrés Fernández-Albalat, *Plan Especial de Protección e Ordenación do Casco Histórico de Betanzos*, Betanzos, 1992, p. 39. Dispoñible en http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga (Consultado: 13/07/2018).
[55] «Normativa urbanística», en Carlos Meijide Calvo e Andrés Fernández-Albalat, *Plan Especial de Protección e Ordenación do Casco Histórico de Betanzos*, Betanzos, 1992, p. 43. Dispoñible en http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga (Consultado: 13/07/2018).
Para terminar, vamos a mencionar dos mapas de la Capitanía de São Vicente, cuya fecha y autoría en su momento había aproximado hacia el último tercio del siglo XVII (fig. 8)[52]. Hace unos años Néstor Goulart Reis los atribuyó a Alexandre Massai[53]. Al preguntarse por qué los planos de Faro de la Real Academia de la Historia estaban en el mismo legajo que otros de la Capitanía do Spírito Sancto y región de Cabo Frio (costa sudeste) y comparar la letra de aquellos con la de la Capitanía de São Vicente, supuso que Alexandre Massaii había trabajado en las fortificaciones de esta zona (c. 1608-1616). Además los edificios religiosos representados en el plano de la ciudad de São Paulo corresponden a la época en que Alexandre Massaii presumiblemente lo diseñó. Su planteamiento es muy acertado y le ha permitido identificar en él, la imagen más antigua y pormenorizada de la ciudad de São Paulo, con muchos detalles arquitectónicos y urbanísticos, a la que solo precede una pequeña vista de João Teixeira de los últimos años del siglo XVI[54].

---

[49] Ibid., pp. XIX-XXVIII; Lívio da Costa Guedes, *Aspectos do Reino do Algarve nos séculos XVI e XVII. A «Descripção de Alexandre Massaii (1621)*, *Boletim do Arquivo Histórico Militar*, vols. 57-58, 1988-1989.

[50] António Martins Quaresma, *Alexandre Massaii. A 'escola italiana' de engenharia militar no litoral alentejano (séculos XVI e XVII)*, Sines, Centro Cultural Emmerico Nunes, 2007. Mi agradecimiento a su autor y al editor que me enviaron un ejemplar para mi trabajo y otro para la biblioteca de la Real Academia de la Historia.

[51] António Martins Quaresma, *Alexandre Massaii,* cit., pp. 82-83; Carmen Manso Porto, *Cartografía histórica portuguesa,* cit.*,* pp. n.º 3-4, pp. 11-14.

[52] Carmen Manso Porto, *Cartografía histórica portuguesa,* cit., pp. Juan Vicente Bachiller Cabria, *Cartografía manuscrita de Brasil en las colecciones españolas (1500-1822),* Universidad de Salamanca, Centro de Estudios Brasileiros, 2008, pp. 166-171.

[53] Néstor Goulart Reis, *São Paulo. Vila, cidade, metrópole,* São Paulo*,* 2004.

[54] Ibid., pp. 34-36, 228-232.



Fig. 8. *Capitanía de São Vicente*. (c. 1608-1616). Alexandre Massaii. En el ángulo superior izquierdo representación de la ciudad de São Paulo. Real Academia de la Historia, C-003-081.

4. CONCLUSIONES

Una de las mayores satisfacciones de mi dedicación a la cartografía antigua ha sido la publicación de la colección portuguesa que conserva la Real Academia de la Historia de España. El estudio de este valioso fondo cartográfico ha abierto el camino a muchos investigadores de la cartografía portuguesa que desde hace diez años vienen trabajando con este fondo desde diversos campos de la historia de la cartografía, del arte, del urbanismo etc. para llegar a importantes conclusiones en sus respectivos estudios. La preparación de esta disertación me ha permitido conocer las aportaciones de prestigiosos historiadores. He aprendido mucho con su lectura y quiero agradecerles a todos su generosidad y colaboración por haberme enviado sus investigaciones[55].

La cartografía antigua es muy valiosa para entender e interpretar los acontecimientos del pasado. Una pieza cartográfica, lo mismo que una imagen visual (dibujo, pintura, escultura, estampa o fotografía) nos permite comprender mejor el desarrollo de la historia. En este sentido quiero recordar al ilustre académico de número y decano de la Real Academia de la Historia de España, don Gonzalo Menéndez Pidal, hijo de don Ramón Menéndez Pidal, que falleció el 11 de diciembre de 2008 a los 97 años. Fue un gran sabio, con un

[55] Las obras de los autores que he consultado para este trabajo van citados en las notas. Otros estudios, que no puedo mencionar aquí, me han orientado en muchos aspectos de la cartografía antigua portuguesa. Mi gratitud a sus autores y a la Dra. D.ª María Joaquina Esteves Feijão por su valiosa orientación bibliográfica.

conocimiento enciclopédico admirable, como lo demuestran sus valiosas obras, especialmente la última: *Hacia una nueva imagen del mundo.* De su lectura y de conversar con él en la Real Academia de la Historia aprendí mucho acerca de la importancia que tiene la imagen en el mundo de la investigación científica. Don Gonzalo Menéndez Pidal fue un gran coleccionista de material gráfico (cartografía y estampas) y un gran experto en fotografía, que él mismo hacía y revelaba para sus trabajos de investigación. Varias veces me comentó que en su vida había aplicado lo que decía Einstein: «si no lo puedo dibujar, es que no lo entiendo»[56]. Pues bien, la cartografía antigua es ese dibujo que hicieron los cartógrafos del pasado para representar lo que había y se conocía de un determinado terreno (plano, vista, mapa, etc.) para que sus contemporáneos conocieran su territorio y el mundo en el que vivían. También sirvió como instrumento de trabajo para planificar el desarrollo de una batalla y señalar el avance de las tropas de ambos bandos en determinados conflictos bélicos (así, la invasión de Portugal en 1762) o para dejar constancia de los resultados y consecuencias de esas guerras o de algunas catástrofes naturales como ocurrió con el terremoto de Lisboa de 1755. La Real Academia de la Historia no conserva imágenes del terremoto, pero sí custodia varios manuscritos sobre los efectos que tuvo en Portugal y España. Uno de ellos es un informe que hizo la Academia a petición de Fernando VI[57]. En la colección cartográfica portuguesa hay un bello plano del Real Sitio de Nossa Senhora das Necessidades de Lisboa levantado por Jose Custodio de Sa e Faria (c. 1745-1749), que muestra su emplazamiento antes del terremoto, siendo un documento gráfico muy valioso para los estudiosos de la historia de la arquitectura y del urbanismo de la ciudad de Lisboa. Con razón lo elegimos para ilustrar la portada de la cartografía portuguesa. El plano de Castelo Branco, ocupado en 1762 por las tropas del marqués de Crillon, ilustra dos libros sobre jardines y arquitectura doméstica porque en el plano de la villa, sitiado por las mencionadas tropas, se ha dibujado con detalle el casco urbano y algunas zonas de arbolado (fig. 5)[58]. Así pues, las imágenes de cartografía antigua ayudan a comprender mejor e interpretar con mayor objetividad los documentos del pasado.

Lisboa, Academia Portuguesa da História.
Palácio dos Lilases, 4 de marzo de 2009.

[56] Gonzalo Menéndez-Pidal, *España en sus caminos,* Madrid, Caja de Madrid, 1992, p. 363 y añadía él: «y vaya si entendía».
[57] Biblioteca, Ms. 9-5512.
[58] Leonel Lucas Acevedo e João Henriques Ribeiro, y *Os Jardins do Paço Episcopal de Castelo Branco,* Câmara Municipal de Castelo Branco, 2001; id., *A Arquitectura Doméstica em Castelo Branco*, Câmara Municipal de Castelo Branco, 2009.

O arquivo fotográfico da Magdalena e da Condomiña:
memoria visual dos arrabaldes

ÁNGEL ARCAY BARRAL[1]

Sumario

Análise da evolución histórica dos barrios betanceiros: A Magdalena e A Condomiña a través das imaxes do arquivo da Asociación de Veciños.

Abstract

An analyse about Betanzos quarters historical development: the Magdalena and Condomiña quarters through photographic archives of neighbors association

1.- A MAGDALENA E A CONDOMIÑA

Alén do Betanzos dos Cabaleiros e da cidade amurallada existen unha serie de realidades que complementan e enriquecen o pasado histórico de Betanzos. A transcendencia no pasado de varios arrabaldes da cidade, como o das Cascas, o da Condomiña ou o do Mandeo achéganlle á cultura local uns trazos que agrandan a súa innegable riqueza histórica.

Este é o caso do lugar da Condomiña, organizado dende setembro do 2011 nunha asociación veciñal que reúne no seu seo aos residentes tanto da costa da Condomiña como das rúas que a circundan -Sancha Rodríguez e Avenida Fraga Iribarne- e a zona chamada da Magdalena, vertebrada en torno á Avenida da Coruña[2] e as rúas que nela desembocan dunha ou outra maneira -Camiño do Carregal, Grupo Martín Ballesteros ou rúa Arxentina-. Resumindo, a Asociación de Veciños da Magdalena e A Condomiña agrupa a todos os veciños e veciñas de Betanzos que viven nese terreo comprendido entre a Ponte Nova e As Angustias e entre o Carregal e o leito da ría de Betanzos.

Entre as numerosas actividades desenvolvidas pola agrupación, e máis alá das propias reclamacións políticas e administrativas do colectivo veciñal, hai que facer especial fincapé nas accións destinadas a recuperar o pasado histórico dun conxunto cun gran peso na historia local. Os chamados *Cafés da memoria*, onde os maiores do barrio contaban os seus recordos; roteiros como o guiado por Xesús Torres Regueiro e Antón García para dar a coñecer o peso cultural das súas fontes da Cangrexeira e da Condomiña[3]; ou ciclos de conferencias nos que se buscaba difundir o pasado do lugar en boca de grandes figuras da historiografía local coma Xosé María Veiga Ferreira ou o antedito Xesús Torres Regueiro, quen nos axudou a saber máis sobre unha das figuras senlleiras da nosa barriada: o músico Carlos López García-Picos.

Xunto a estas actuacións temos que destacar a importancia doutra das campañas que máis transcendencia lograron: o da recolección de fotografías antigas achegadas por

[1] **Ángel Arcay Barral** (Betanzos, 1988) é licenciado en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela e Mestre en Arquivos pola U. do Porto (Portugal). É coordinador da revista de investigación *Casa dos Espellos*, editada pola Asociación de Amigos do Parque do Pasatempo.

diferentes veciños e que axudaron a dar a coñecer a morfoloxía do lugar nas últimas décadas aos novos residentes, especialmente dende o *boom* urbanístico, viñeron a vivir ao barrio. Destacamos esta actividade pola capacidade que teñen as fotografías para fixar a memoria colectiva e para deixar constancia dun momento do noso pasado que poderá ser estudado grazas ao valor destes documentos, sen esquecer a gran capacidade que teñen para producir unha forte resposta emocional a quen as visualiza.

Esta maneira de contemplar o pasado non sería posible sen o traballo doutras plumas máis cualificadas que a que aquí escribe e que nos permitiron coñecer, por exemplo a través dos traballos do Cronista de Betanzos ou de diferentes artigos aparecidos no *Anuario Brigantino*[4], as particularidades dun pasado histórico que semella estar ligado unicamente a eventos traumáticos que, explicados secuencialmente, parecen ter marcados o carácter e a idiosincrasia do noso barrio.

2.- OS VECIÑOS DA MAGDALENA E A CONDOMIÑA

Para comprender como no exemplo brigantino a existencia dun hospital de lazarados axudou a crear unha identidade colectiva determinada aos habitantes do futuro barrio, hai que comprender primeiramente a xeografía da Cidade dos Cabaleiros, especialmente na época na que se conformou a dita institución asistencial. Betanzos, ao pé da ría que leva o mesmo nome, está localizada dende o seu traslado no Castro de Untía, rodeada polos ríos Mendo e Mandeo que circundan a súa muralla medieval, só penetrable a través de varias portas das que aínda hoxe podemos contemplar tres que se manteñen en pé.

Dentro da dicotomía que se establece neste tipo de cidades -entre a vila amurallada e os arrabaldes do exterior- Betanzos estableceu o seu hospital no barrio da Condomiña, coa especificidade de non ser unha institución recluída nun único edificio senón que transformou por completo o lugar que pasou a funcionar coma un hospital a ceo aberto. O feito de ter escollido esta localización responde á necesidade de ter un lugar afastado da cidade onde poder aloxar aos enfermos, que ademais contase cun punto de abastecemento de auga, con terreos de cultivo e cunha capela na que rezar polas súas almas. Para iso, o barrio da Condomiña, situado ao oeste da cidade, era a situación perfecta para recluír aos doentes portadores deste mal ao que tanto se temeu.

En termos cronolóxicos estamos falando dun hospital do que se ten constancia xa a mediados do século XV, cando o testamento de Núñez Pardo recolle unha partida para os enfermos «et mando a os lazarados de Madanela a cada huna huna branca de pan et un maravedi de vino, e a toudos huna perna de baca» (Pardo de Guevara, 1986: 26), demostrando ao mesmo tempo que os leprosos deste barrio vivían das axudas do resto, xa que contaban con varios petitorios colocados pola cidade (Ares Faraldo, 1983: 42).

A curiosidade deste exemplo, e retomando a reflexión introdutoria, vén dada polo seu paso á historia colectiva da cidade, xa que o barrio da Condomiña mantén parte da súa fisionomía ata a actualidade, motivado especialmente pola reutilización das súas instalacións coa aparición dunha fábrica de curtidos varios séculos despois da desaparición da leprosaría. As propias casetas dos doentes pasarían a ser as vivendas dos obreiros e as terras de cultivo o seu pequeno reforzo económico. Non é baladí mencionar que este tipo de fábricas eran expulsadas das inmediacións do recinto amurallado polos problemas hixiénicos que deparaban. Co paso dos anos e coa perda da puxanza económica da fábrica, moitas familias mantiveron as súas residencias neste barrio que aínda contaría con outro episodio traumático ao ser empregadas as súas instalacións da antiga curtiduría como

campo de concentración en tempos da Guerra Civil, sendo os propios veciños a principal axuda dos reclusos entre os que encontramos algún nome coñecido coma o de Vicente Ferrer (De la Fuente, 2004).



Fig. 1 Veciños na fonte da Cangrexeira escoitando a Xesús Torres e Antón García.

Malia as diferentes calamidades, incrementadas en diferentes períodos de tempo por uns datos migratorios alarmantes, esta zona de Betanzos mantén diferentes trazos dunha cultura popular que co paso dos anos vaise vendo máis ameazada. Quizais a festa do barrio, o luns de Pascua, sexa a máis característica das que permanecen. Unha simple romaría relixiosa na que pedirlle ao San Lázaro protección ante os males da pel, mentras se degustan o viño do país e os cacahuetes, figos e pasas tradicionais. O curioso é que a súa celebración é das máis antigas da cidade, a súa orixe remóntase ata polo menos o século XVI, e celébrase máis ou menos ininterrompidamente dende ese momento. Ou o que é o mesmo, esta romaría celebrada dentro do lazareto congregaba, xa en tempos do hospital, a veciños de toda a cidade neste nexo de unión entre os de dentro e os de fóra da muralla. A pesar do rexeitamento social que xeraba a enfermidade, foi dende sempre unha visita obrigada para todos os betanceiros caritativos, algo do que se beneficiaban tamén os enfermos ao ser un día no que se incrementaban as esmolas que, posteriomente, eran repartidas de forma igualitaria polos representantes da Orde de San Lázaro. E aínda que na actualidade o poder de atracción poida ser menor, a propia asociación de veciños segue encargándose de facer efectivo ese lema que reza iso de «se á Magdalena non vou, meu amor, en todo o ano non fago labor»[5].

Outra cuestión que afonda nesta dicotomía pode ser a limitación que as propias murallas levaban parellas para dividir a poboación, pechándose durante as noites e quedando exentos de moitos servizos os propios veciños da cidade que vivían a extramuros.

Obviamente e por cuestións temporais, ningunha das xeracións que hoxe residen no barrio da Magdalena viviron en primeira persoa as experiencias da leprosaría e poucos quedan tamén dos que padeceron as inclemencias posteriores á Guerra Civil. Por isto, e polas razóns anteriormente expostas, hai que comprender os arrabaldes betanceiros coma pequenos entes diferenciados da cidade ca que a pesar de todo seguiron mantendo un vínculo comunitario[6].

Todo isto hai que comprendelo dentro do proceso de creación da memoria colectiva da veciñanza, nun punto lastrado especialmente polos fitos negativos do seu pasado histórico pero que servirá de fío condutor para a súa identidade no microcosmos local. En palabras de Eric Hobsbawm, «sin los otros no hay necesidad de definirnos a nosotros mismos» (Hobsbawm, 1994: 9) e aínda que neste caso os outros sexan tamén os propios veciños da mesma cidade, non impide que exista -ou existise ata non hai moito- unha reivindicación colectiva dos males pasados como factor para comprender a marxinación puntual dentro do día a día local. Ata non hai moito era habitual escoitar como os propios veciños se referían a Betanzos coma un ente alleo. Frases como «vou ir a Betanzos» ou o lastre aínda das portas medievais da muralla, foron capaces de crear cidadáns de primeira e de segunda categoría, de dentro e de fóra da muralla, que non se identificaban entre eles. E é por iso que



Fig 2. Imaxe do San Lázaro da capela da Condomiña.

a nosa identidade vaise transformando segundo as maneiras coas que somos tratados polo sistema cultural que nos rodea (Hall, 1998: 12), ou o que é o mesmo, o patrimonio que supón a nosa memoria colectiva de barrio -ao igual que o resto do patrimonio do lugar- precisa duns criterios de conservación para, polo menos, manter vivo o seu recordo.

Por exemplo, ao ser vítimas desa burbulla inmobiliaria os veciños da Magdalena e A Condomiña pasaron a ver como as antigas casetas dos leprosos sobreviven á sombra das grandes moles de cemento onde residen novas familias que nada tiveron que ver coas xeracións anteriores. Esta xustaposición de culturas, das que tamén fala o especialista J. M.ª García Otero no seu traballo, desemboca non só na perda da memoria colectiva e polo tanto na desaparición do patrimonio cultural, senon que tamén acaba dando lugar a un sistema cultural homoxéneo para todo o conxunto urbano. Isto provoca que co paso do tempo asistamos impasibles á desaparición de boa parte dos hábitos colectivos dun sistema cultural ao que lle arrincaron as raíces.

Tratando de fuxir dunha linguaxe violenta, a existencia de dúas identidades enfrontadas dentro dun mesmo lugar non presupón unha coexistencia conflitiva. Ao contrario, teríamos que aprender a valorar esta confluencia como un exemplo para o futuro e como un motivo de celebración máis do noso rico patrimonio cultural.

3.- O ARQUIVO FOTOGRÁFICO DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS.

Depositado xa no seu día no Arquivo Municipal de Betanzos, o arquivo fotográfico conta con máis de trescentas imaxes procedentes dos arquivos privados de diferentes veciños e ex-veciños desta zona. A maiores hai que incluír un basto repertorio de imaxes cedidas no seu momento polo propio Arquivo Municipal de Betanzos. Como acontece moitas veces ao traballar con este tipo de fondos, descoñecemos numerosos aspectos da súa creación, especialmente aqueles que nos axudan a datar moitas das fotografías, para o que nos teremos que valer do reflectido nas imaxes.



Fig.3 Vista xeral de Betanzos cas casas da Magdalena en primeiro termo. Fotografía de Martínez Santiso a comezos do século XX.

Todo este material foi o protagonista de dúas exposicións celebradas no verán do 2012, primeiro na Capela da Condomiña e posteriormente no Edificio Arquivo-Liceo, cunha anotable asistencia de público.

A través destas fotografías trataremos de repasar a historia deste arrabalde, prestando especial importancia aos puntos máis destacados da súa xeografía. Como ben comprenderá o lector, ao tomar como obxecto de estudo unha colección fotográfica non sería posible retroceder no tempo máis dunha centuria, algo que non debera decepcionar aos interesados posto que boa parte do barrio da Magdalena, a principios do século XX, non tiña nin tan sequera terreo sobre o que asentarse, senón que foi medrando a partir da chegada do ferrocarril e da transformación das xunqueiras que rodeaban a ría de Betanzos.



Fig. 4 Primeira comuñón na capela, coas casetas (v. antigas chemineas).

Polo tanto, partiremos dun punto inicial que serán as fotografías panorámicas de Martínez Santiso (Vid. Fig. 3), onde poderemos ver como boa parte da explanada que hoxe ocupa a Avenida da Coruña quedaba reducida a un camiño de «quinientas y çinquenta baras de medir de tres pies cada bara» (Núñez Varela, Ribadulla Porta, 1984: 290). Esa era a distancia que nos separaba da vila amurallada.

O barrio da Condomiña

Seguindo o explicado anteriormente, esta parte do barrio será o núcleo máis antigo da nosa particular poboación. Ligado a esa serie de eventos negativos que comentabamos anteriormente -o hospital de lazarados, a fábrica de curtidos e o campo de concentración- conforma un recuncho particular para a historia de Betanzos por toda esta serie de acontecementos. As características xeográficas e o feito de formar parte dun basto terreo que pertence practicamente a unha única familia, permitiu que a morfoloxía do lugar case non se transformase no último século. A costa da Condomiña, esa baixada ligada ás esmolas que recibían os enfermos de lepra por parte dos transeúntes do camiño real que viña da Coruña, aínda pode ser imaxinado hoxe en día sen gran dificultade. Aos seus pés, as ruínas da fábrica dos Etcheverría e o eterno pingar da fonte serven coma sustento das pedras doutras localizacións que quedaron desvirtuadas por completo: a casa de Fina e Andrés da Granxa ou moitas das antigas construcións de arquitectura popular ás que se refire José M. Otero no seu traballo, que seguen decorando a beira leste da costa da Condomiña.

Agochada na parte baixa da Condomiña, a capela -tamén nun estado de conservación máis que cuestionable- segue a protexer esa impactante imaxe do San Lázaro dende que se trasladou da antiga ubicación na beira oeste da propia costa.



Fig. 5 Antiga fábrica de curtidos da familia Etcheverría.



Fig. 6 Inauguración das obras do firme da rúa da Condomiña.



Fig. 7 Casetas da Condomiña en 1984.
Fotografía de Alfredo Erias.



Fig. 8 Panorámica das casetas da Condomiña.



Fig. 9 Panorámica do barrio da Condomiña en 1984. Fotografía de Alfredo Erias.



Fig. 10 Grupo de veciños na casa de Fina e Andrés os da Granxa traballando no lúpulo.



Fig. 11 Fábrica de curtidos da familia Etcheverría. Foto: Alfredo Erias (27-02-1984).



Fig. 12 Veciños ao pé da Condomiña ca cheminea da fábrica ao fondo.



Fig. 13 Elena no cruce da Magdalena.



Fig. 14 Imaxe da Condomiña durante as obras do firme da rúa.



Fig. 15 Carreira ciclista pasando por diante da Condomiña.



Fig. 16 Fina a da Granxa no cruce da Magdalena.



Fig. 17 Panorámica da Condomiña a finais dos anos 90 cos carteis das novas urbanizacións.



Fig. 18 Panorámica do barrio da Condomiña nevado a finais de 1987.

A Fábrica da luz

Transportándonos a latitudes opostas atopamos unha das moitas xoias arquitectónicas que posúe o barrio, a fábrica da luz da familia Núñez, unha das primeiras construcións en ocupar estes xuncais que bordeaban a Ponte Nova. Ao seu pé a familia Núñez decide instalar a principios de 1900 (Núñez-Varela, 2015b) unha subcentral das industrias Núñez y Compañía. Nela estarán situadas as oficinas, as salas de máquinas, os almacéns de materiais e un embarcadoiro ao pé das naves sobre o leito do río Mendo.

Neste mesmo lugar xa tiñan instalado os talleres do serradoiro mecánico e dos muíños que formarían parte tamén da amálgama de negocios de banca e comercio que a familia Núñez tiña por todo Betanzos.

Rafael González Villar, ademais de levantar a afamada Casa Núñez na rúa do Castro - hoxe sede do Centro Internacional de Estampa Contemporánea- realizaría tamén o proxecto de edificio e pavillón desta industria, na segunda década do século XX.

A súa particular evolución, ao igual que outras moitas empresas da época, acabaron en mans das Fuerzas Eléctricas del Noroeste, transmisión aprobada pola empresa en 1962. Mantivo o seu funcionamento ata o cambio de século, onde diversos incendios e o posterior abandono levaron a esmorecer boa parte da súa estrutura orixinal.

Non ocupa un papel central nas fotografías da asociación debido, en parte, á súa localización. Está afastada das vivendas dos veciños do barrio, polo que teremos que reparar nas paisaxes que complementan moitos dos retratos familiares que se tiñan feito ao pé da Avenida da Coruña para lograr averiguar algo da súa evolución.

Fig. 19 Fábrica da luz cos hórreos da Galera e a Ponte Nova.



Fig. 20 Fábrica da luz co antigo cruceiro da Magdalena[7].





Fig. 21 Fábrica da luz co antigo cruceiro da Magdalena.



Fig. 22 Fábrica da luz reflectida no río Mendo[8].

O ferrocarril

Malia que o ferrocarril xa tiña chegado a Betanzos en 1893 (Erias, 1983), na liña do Noroeste que ten como parada a Estación do Norte -así coñecida por ser explotada no seu tempo pola empresa Caminos de Hierro del Norte de España- a chegada posterior á zona da Magdalena supuxo un fito sen precedentes, tanto pola importancia da chegada dese desvío coñecido como Ramalillo, como polas transformacións xeográficas que supuxo a súa inclusión no noso particular mapa local.

Aínda que existían propostas dende polo menos 1853 (Erias, 1983: 88), non foi ata as xestións de Fruto Saavedra Meneses en 1864 cando a chegada do ferrocarril ao noso barrio comezou a coller forma. Coma sempre, os proxectos e as obras propostas comezaron a realizarse con certo atraso a finais do século XIX ante a insistencia do consistorio local.

Con Laureano Linares Rivas á fronte do Ministerio de Fomento, e ante a ausencia de interesados nas poxas para a realización das obras, púxose o goberno a comandar as accións para unir por liña férrea as cidades de Ferrol e Betanzos.

O proxecto orixinario da liña atravesaría o municipio pola ría a uns tres quilómetros do núcleo urbano, o que xerou diferentes protestas entre os veciños, tendo que actuar o concello e a Junta Popular Gestora del Ferrocarril de Betanzos a Ferrol. Nunha carta escrita ao Ministerio de Fomento recórdaselles o perxuizo que supuxo a execución do Ferrocarril do Noroeste «debido a pasar a mucha distancia de la población por un punto elevado en relación a la misma. Esto ocasiona grandes perjuicios para el tráficos pues encarece de manera extraordinaria los transportes de las mercancías que se importan y exportan por la referida estación» (Erias, 1983: 90).

Cedendo ás presións lógrase un proxecto ideado polo Sr. Angulo no que o tren se aproximaría o máximo posible á cidade grazas á creación dun terraplén moi elevado e cunha ponte de ferro colocada a unha altura que permitise o paso continuado das embarcacións de pau alto pola ría. Continuarían os problemas coa rebaixa da altura desta ponte e do dito terraplén, que impedían o paso de boa parte das embarcacións que continuamente se achegaban a Betanzos, e fixeron esmorecer por completo a actividade marítima dos antigos peiraos.

A solución imposta foi a de manter esta ponte baixa xunto coa creación dun porto máis alá da ponte de ferro, proxecto que recibiu numerosas críticas por parte da poboación.

A inauguración oficial realizouse o 5 de maio de 1913[9], malia que as obras levaban xa un tempo rematadas, especialmente a da modificación da canle da ría que dende o ano 1906 desviaba a súa parte final, na que se une co Mendo e o Mandeo, que comparten agora terreos co trazado dun novo porto. Esta aposta pola infraestrutura ferroviaria e as innovacións da época supuxo tamén o esmorecemento da actividade mariñeira dos betanceiros, desaparecendo por completo os antigos peiraos e gañando cada vez máis terreo o lamazal actual.

A construción da ponte do tren sobre a ría de Betanzos supuxo a transformación das xunqueiras sobre as que se puideron asentar no futuro inmediato outra serie de edificacións como o edificio de sindicatos ou o Parque Municipal Pablo Iglesias. Como xa indicaba a prensa da época[10], este fito transformaría por completo a panorámica visual do lugar:

> *Por fin ha comenzado los trabajos para el arreglo y arbolado del relleno de la Magdalena, donde tendremos para lo futuro un hermoso y ameno paseo. La porción tomada de aquella hermosa planicie para tal fin, es de 105 metros por 103, que componen un total de 10.815*

metros cuadrados, los cuales quedarán cercados por una alambrada, dejando anchos paseos alrededor para el servicio del tránsito público y otros divertimentos infantiles.

Arredor da propia estación aparecerían tres grupos de construcións diferenciadas que poderemos ver máis adiante nunha imaxe aérea de todo o barrio da Magdalena. Nela destacan a propia estación e a cantina, separadas por un pequeno almacén no que por tempos tamén se gardaba o carbón das máquinas. Por detrás, e cunha formación similar á que teñen na actualidade, habería dúas vivendas de planta baixa que estarían ocupadas polos xornaleiros da RENFE (Vid. Fig. 37). E tirando máis cara á cidade, un grupo de vivendas levantadas pola familia De la Fuente daban cabida a varios irmáns da mesma liñaxe, tras establecerse na Ponte Vella a primeira saga familiar arredor da segunda década do pasado século. Estas vivendas serán as que vexamos limitando co campo de fútbol do Instituto Laboral[11].



Fig. 23 Novo peirao coa estación de ferrocarril ao fondo.



Fig. 24 Ponte do ferrocarril e o seu novo trazado pola Magdalena en 1913.



Fig. 25 Parella coa ría de Betanzos ao fondo.



Fig. 26 Antigo peirao desaparecido ca chegada do ferrocarril.



Fig. 27 Tren saíndo da estación de Betanzos-Cidade ca casa da Rega ao fondo.
Vida Gallega, 20 de febreiro de 1935.



Fig. 28 Panorámica do barrio coa nova ponte do ferrocarril.

O campo de fútbol

Unha das primeiras consecuencias desta modificación do leito da ría foi a aparición dun novo deporte nos límites do noso barrio. Tratábase dunha tradición inglesa que comezou a ter certa pegada ao final da centuria decimonónica en moitos portos da Península Ibérica. O fútbol, ou *foot-ball*, chegou a Betanzos a comezos do século XX se acreditamos nos traballos de Veiga Ferreira e Andrés Martínez Guerra que aseguran que en 1909 xa había dous equipos na nosa cidade, o Betanzos Unión e o Mendo, ampliado a un terceiro, o Chantecler, o ano seguinte. O recinto deportivo empregado para tal fin atopábase na explanada do ferrocarril, no campo denominado da Estación, é dicir, nos terreos contiguos á nova obra que transformaría por completo a orografía desta zona de Betanzos12.

É moi sinxelo identificar este recinto -e o posterior- nas fotografías de época, posto que houbo este primeiro campo nos terreos que agora ocupa o Parque Municipal, tendo a súa disposición dentro do eixe leste-oeste, mentres que posteriormente se transformaría nun recinto, incluído xa dentro do centro de ensino, orientado no eixe norte-sur.

Este campo primixenio estivo sen pechar ata 1923, e foi empregado para outras moitas actividades. Tomaría maior consideración a partir da primeira fundación do Betanzos Fútbol Club, en 1920, polo que tres anos despois, e parece ser que grazas ao labor de Gabino Vázquez, acometeuse a empresa de construír e pechar o campo de fútbol no espazo que na actualidade ocupa o parque Pablo Iglesias, cun recoñecible peche de madeira obra do carpinteiro José López González.

Este campo estaría operativo durante unha década, ata a desaparición, tanto do clube como do campo, que sería empregado para instalar no seu lugar o Parque Municipal. E os betanceiros terán que agardar ata o 7 de xullo de 1942, cando novamente se institúa o Betanzos F.C., que xogará no recén estreado campo da Magdalena. O terreo de xogo contaría cunhas dimensións de 110 por 68 metros, «lo que lo convertiría en aquel entonces en el segundo más grande de España. El primero era el de Murcia, en su Campo de la Condomina»13. Foi inaugurado o 20 de setembro de 1942 cun partido contra o Deportivo B que os betanceiros logran empatar a dous goles. Como acontece co resto dos lugares ideados e proxectados neses anos, nos que a economía tanto estatal como local pasaban por certos apuros, a idea de crear este campo procedía xa de 1938, cando na sesión do 2 de agosto conseguíuse chegar ao acordo de comprar ou expropiar terreos no arrabalde da Magdalena para dotar á cidade dun Campo de Deportes (Núñez-Varela, 2015: 60).

Ao ir medrando a afección o campo vai quedando pequeno, especialmente para disputar enfrontamentos de maior categoría. Por iso será unha constante nestes anos a reclamación dunha nova superficie para construír un novo campo de fútbol. Como poderemos apreciar nas actas municipais, o terreo do campo de fútbol foi ofrecido a diversos colectivos como o Frente de Juventudes14 ou mesmo a Garda Civil15 para instalar alí o seu cuartel, e ambos os dous rexeitarán a proposta. Co paso dos anos haberá tamén numerosas transformacións no clube local, pasando a ser recoñecido coma Brigancia ou mesmo coma Brigantium, nome que será oficial entre 1952 e 1992 cando nunha nova refundación volva aparecer o Betanzos F.C.

Segundo podemos ver no *Eco de las Mariñas*16, o presidente do Brigantium en 1956, Julio Picatoste Francos, xa reclamaba a posibilidade de trasladar o campo de fútbol ao Carregal. Baixo o épico titular de «Brigantium 3 – Órdenes 1: Nieve, frío y coraje en el campo de la Magdalena», o máximo representante do clube recoñecía que «así lo comprende también nuestra primera autoridad local, el Ayuntamiento tiene ya destinados unos terrenos

en el Carregal, y consignadas en sus presupuestos aportaciones para los rellenos y construcciones» anunciándose o inicio das obras un mes despois17.

Pero como todos os investimentos dese tempo, a demora e a falta de resultados estiran no tempo o traslado do campo. Veremos como en 1958[18] o tradicional partido de fútbol das festas de San Roque vaise celebrar no campo da Granxa, mentres que ao ano seguinte, o 25 de novembro de 1959, «se reunieron con el Alcalde de la ciudad, Tomás Dapena Espinosa, vecinos de la localidad relacionados con el deporte con el fin de formar una directiva y poder conseguir una ayuda ecónomica». Isto parece chegar a bo porto xa que o 9 de abril de 1961 ten lugar a inauguración do campo do Carregal, de menos dimensións que o anterior, onde se tiña comezado a temporada. O acto festivo da inauguración contou cun partido amigable contra o Sporting Cambre.



Fig. 29 Primeiro campo de fútbol, coas casetas da Condomiña ao fondo



Fig. 30 Primeiro campo de fútbol, coa costa que sube ás Angustias ao fondo



Fig. 31 Segundo campo de fútbol,dentro xa do Instituto Laboral[19].

O Parque Municipal

A datación do Parque Pablo Iglesias é máis complicada do que parece. Como xa temos dito, en 1932 parece ser que se inaugurou o Parque Municipal[20] ao pé da Ponte Nova, e ocupou o lugar do primeiro campo de fútbol que se coñece na cidade. Dependendo das fontes que se consulten, a proposta puido ter partido de varias frontes. Os republicanos recoñécenlle a labor ao político local Ricardo Bonome, militante da O.R.G.A.-segundo lemos na súa nota necrolóxica publicada no xornal arxentino *Betanzos*, do Centro Cultural Betanzos-; mentres que como podemos ler no minucioso traballo do Cronista de Betanzos a iniciativa parte, xa no pleno do 20 de febreiro de 1923, do concelleiro Pérez Vales (Núñez-Vales, 2015: 58), retomándose en diferentes momentos o proceso que demorou case unha década. Seguindo as referencias do Cronista de Betanzos podemos ver como tiña arrincado o proxecto:

> *Siendo Alcalde Don Calixto Leis Ponte, se hicieron reiteradas gestiones para que el Estado reintegrara al municipio el terreno de los llamados Juncales de Cortadores, que habían sido ocupado con motivo de las obras del ferrocarril de Betanzos a Ferrol y desviación del cauce de la ría. Conseguido esto, se acotó el terreno concedido por el Estado, en compensación de dichos juncales, cerrandolo con alambrada, como hoy se halla. Como estos juncales fueron rellenados más de 50 centímetros sobre el nivel de las mareas más altas, quedaron en inmejorable condición de fertilidad, y por esta condición y situación apropiada, se acordó convertir este terreno en un parque, para recreo y esparcimiento público* (Núñez-Vales, 2015: 58)21.

Non queda moi claro ata que punto o proxecto encargado a Francisco Javier Martínez Santiso chegou a ser efectivo xa en 1923, cando a vontade era chamarlle ao parque Agustín García Sánchez, sobre todo porque en 1931 volve aparecer o debate no pleno, por man dos monárquicos, que solicitan facer un parque en Betanzos que leve o nome de Pablo Iglesias. Entendemos que sería nesta época cando se fixo efectivo porque ata o momento o lugar estaría ocupado polo campo de fútbol primixenio.

Este recinto adoece dende os seus inicios dunha falta de conservación que podemos ver en numerosos xornais que reclaman o amaño dos buxos que arrodean o perímetro. Como xa ten acontecido noutras ocasións, o proxecto definitivo pouco ten que ver con outras propostas como a que podemos atopar no Arquivo Municipal de Betanzos[22] entre os papeis de Martínez Santiso[23].



Fig. 32 Unha das primeiras imaxes do Parque Municipal.



Fig. 33 Proposta de Martínez Santiso para o Parque Municipal.

A Casa Sindical

Aos pés do propio Parque Municipal, mesmo dentro do seu recinto, aparecerá un tempo despois a Casa Sindical deseñada por Rodolfo Ucha Donate, dentro dun movemento de modernidade que foi interrumpido no seu momento pola Guerra Civil e para o que o arquitecto realiza unha obra antimonumental, cunha superposición de volumes que se adaptan ao terreo, ao parque, xogando coa transparencia das antigas cristaleiras -xa desaparecidas na actualidade- e obviando a creación dunha fachada frontal e monumental. Ademais de xogar coa luz natural, aproveitaba unha escaleira interna para unir todos os volumes, creando unha forma arbórea característica (Río, 2011).

Trátase dunha encarga feito de maneira urxente pola Delegación Provincial de Sindicatos da Coruña, que buscaba construír o seu proxecto á fronte do Instituto Laboral que daquela aínda estaba en construción. Deste modo a obra inaugúrase o 13 de setembro de 1964 coa presenza de, entre outros, o ministro José Solís Ruíz.

Malia contar cun aspecto exterior totalmente diferente na actualidade, máis aínda dende o tapiado das fiestras con formigón, sentenza absoluta da ruína desta construción pola falta de vida no seu interior, o edificio chegou a contar cunha intensa actividade ao funcionar varios anos como oficina de emprego ou como punto no que pagar a agraria, o seguro dos agricultores, obrigando a moitos betanceiros a desprazarse ata esa zona da Avenida da Coruña.



Fig. 34 Varios nenos diante do Instituto Laboral, coa casa sindical ao fondo.



Fig. 35 Familia no barrio da Magdalena ante a casa sindical e a Casa da Rega.



Fig. 36 Equipo de fútbol formando no campo do Instituto Laboral coa casa sindical ao fondo.

O Instituto Laboral

Tamén de maneira urxente recibiu o encargo o arquitecto Antonio Tenreiro Brochón, fillo dun dos arquitectos galegos de máis renome do século XX: Antonio Tenreiro Rodríguez. Tras un proceso de formación polos países escandinavos encomendóuselle a tarefa de deseñar en menos de cen días a que sería a sede do Instituto Laboral, denominado a partir de novembro de 1955 Francisco Aguiar.

A construción deste demorouse dende 1954 a 1957, mentres o centro de ensino ocupaba o mosteiro de San Domingos dende a súa inauguración o 17 de setembro de 1952, dando lugar a un dos conxuntos arquitectónicos máis distinguidos de toda a cidade durante a centuria pasada. Baseado na distribución e na orientación do edificio, aproveitando deste modo a luz natural; no terreo que o circundaba e na composición estética escollida para a

súa execución, Tenreiro logrou levantar un dos exemplos máis característicos da arquitectura orgánica, estando repartido, segundo as súas palabras: «Talleres y dibujo al norte, aulas-laboratorios-gimnasio al sur, de una manera muy elástica y de fácil ampliación, circulaciones claras y no excesivamente largas y acceso rápido por un gran vestíbulo-salón de actos estratégicamente situado, y contiguo a la parte administrativa del centro» (Río, 2011: 486).

Adecuado á monumentalidade do resto da cidade, executou unha serie de volumes horizontais onde combinaban a riqueza plástica destes cos muros de cachotaría que facían referencia á tradición local. Todo isto nunha edificación levantada do chan por estar, como xa dixemos ao falar da chegada do ferrocarril a Betanzos, sobre un terreo de xunqueiras, lama e auga.

A súa modernidade contou dende os inicios co beneplácito da veciñanza. Por desgraza, e seguindo a liña decadente da maior parte dos edificios que foron referenciais dentro do barrio no século XX, non chegou a adquirir un estado ruinoso senón que directamente foi derrubado nos anos oitenta para trasladar a súa sede ao outro lado da estrada, ao actual IES Francisco Aguiar. No medio do edificio contemporáneo aínda podemos apreciar a herdanza das chamadas *porquerizas*, o derradeiro elemento vivo do Instituto Laboral que ocupaban os campos de experimentación cos que contaba o centro na outra beira da estrada.



Fig. 37 A casa sindical, aínda en obras, nunha panorámica do barrio da Magdalena.

Logrou o que poucas construcións acadan, o de provocar unha fonda pegada nos seus usuarios que continuamente ensalzan a estética e a funcionalidade dos edificios, quizáis tamén pola acción da nostalxia na memoria de moitos dos seus antigos alumnos. Os seus interiores, tan espectaculares como o exterior, estaban decorados tamén baixo os ideais do propio arquitecto que se encargou de deseñar o mobiliario, as escalinatas, o lucernario, etc.

Neste centro impartíanse, ademais das materias habituais do ensino secundario (linguas, latín, matemáticas, historia, formación relixiosa, formación do espírito nacional, etc.) os coñecementos básicos para o mundo agropecuario e todo tipo de formación nocturna para elevar o nivel cultural e técnico da súa contorna -con formación de economía doméstica para as mulleres-. En palabras de Tomás Dapena, alcalde franquista no momento da inauguración, serviría como «faro cultural de toda la comarca, con el cual se conseguirá desaparezca de nuestros límites el peón indocumentado y el vago pernicioso, lacras sociales que tan daño han hecho en diversas épocas a nuestra Patria» (Montero, Rodríguez, 2002: 494). En definitiva, tratábase de impulsar o proposto na lei do 16 de xullo de 1949, que buscaba implantar o ensino medio e profesional nos núcleos de Galicia que ata o momento carecesen de centros formativos, como era o caso de Vilagarcía, Noia, Tui, Mondoñedo, Lalín, Carballo ou Ribadeo, levando á práctica uns coñecementos teóricos e técnicos que permitisen agrandar o desenvolvemento local de cada urbe.



Fig. 38 Mural interior do Instituto Laboral.[24]



Fig. 39 *Porquerizas* do antigo Instituto Laboral.

A Casa da Rega

Xusto ao lado da nova edificación do IES Francisco Aguiar, dando sombra ás coñecidas como *porquerizas*, atopamos a Casa da Rega, outra construción icónica e que grazas ao labor dos seus donos acaba de ser incluída no Catálogo de Patrimonio Cultural de Galicia25, factor que nos gustaría destacar neste traballo tanto pola importancia do feito como pola vontade exemplarizante que del se poida desprender. Malia presidir a paisaxe de moitas das fotografías da nosa colección pouco sabemos desta construción, ao ser unha residencia privada dende os seus inicios.

A obra, de 1922, trouxo ao noso barrio a outro dos grandes nomes da arquitectura do momento, Leoncio Bescansa, quen levantou unha residencia de carácter singular pola súa similitude ás casas de indianos que podemos contemplar noutras latitudes e por ser un exemplo máis da arquitectura ecléctica galega.

Entre os seus residentes máis senlleiros atopamos a figura de José Novo, alcalde brigantino represaliado e fusilado en 1936.

A nivel xeral non atopamos grandes transformacións exteriores neste número 13 da Avenida da Coruña, contando na súa parte traseira cun pequeno terreo axardinado.



Fig. 40 Muller con nenos ante a Casa da Rega.



Fig. 41 Pedro Barral cos seus netos e ao fondo a Casa da Rega e as porquerizas.



Fig. 42 Imaxe aérea do Carregal onde se ve a parte traseira da Casa da Rega e o barrio da Magdalena.



Fig. 43 A Casa da Rega e o Instituto Laboral co campo de fútbol dominando a antiga panorámica da Magdalena.

O barrio da Magdalena

Entendendo por este lugar ás casas que se amontoan ao pé da Avenida da Coruña, sobre todo no tramo en torno á capela, por ser ata hai pouco o único que contaba cun grupo de vivendas e, polo tanto, de veciñanza máis alá das casas da costa da Condomiña. A historia deste lugar e a súa identificación a través das fotografías hai que facela arredor de dous momentos diferenciados nos que o sitio muda considerablemente: antes e despois das obras que fixeron máis ancha a estrada nacional en 1973 e que en consecuencia obrigan a tirar prácticamente a totalidade das casas desta zona.

Do primeiro momento, por sorte, contamos con varias referencias gráficas onde podemos ver moitas das casas aliñadas en torno á estrada -sendo esta aínda de lastras- cun pequeno foxo ao pé de cada vivenda (Vid. Fig. 44). Este tipo de estrutura fomentaba a vida comunitaria, acompañada dunha etapa na que na zona habería diferentes negocios que facían da Magdalena un punto de paso constante: bares como o do Pepe o Rueiro e a súa nai, o de Pedro Barral, a taberna do Cholo ou a Perla de Manolo o Brigada; bodegas do viño do país que montaban Julio o Mourón, na curva comezando a subida para As Angustias, ou os da Condomiña de Domingo o Mourón e posteriormente, décadas despois, o do Polín. Nesta época aínda non era un barrio dedicado aos servizos, como pode ser na actualidade cas escolas e demais, senon que contaba con pequenas industrias que reforzaban este bulir



Fig. 44 A familia Barral nas antigas vivendas do barrio da Magdalena.



Fig. 45 Interior de Bodegas Barral no establecemento que ocupou entre 1973 e 1999.



Fig. 46 Antiga construcción de Bodegas Barral, en pé ata 1973.

de xente polas súas ruás: a carpintaría do Chasco, os talleres Rey, a fábrica da luz e o serradoiro que estarían camiño do Carregal, o taller de Juan Carro na mesma zona ou o de Antonio Sanmartín, *«o das Máquinas»* ao pé do que hoxe é a Avenida Fraga Iribarne.

Nestes tempos, iniciativas coma a do veciño Pepe Casanova, que levaba a pista Rey Brigo, eran tamén un aspecto importante para a vida do barrio porque moitos dos seus veciños acabaron traballando con el na sala de festas. E todo sen mencionar o traballo no

campo e incluso no lúpulo, ocupación coa que practicamente todas as familias estaban ocupadas.

A maiores a zona caracterízase por dous sectores máis, o ferroviario e o oleiro. O primeiro por contar no seu recinto coa estación de ferrocarril, cas casas dos peóns da RENFE situados ao carón da vía e o segundo por ser un oficio de fonda tradición na historia do barrio, onde contabamos con varios fornos e con varios artesáns coma o Mourón (Castiñeira, 1983) ou o Roxo[26].



Fig. 47 Veciñas da Magdalena con Betanzos e os varais do lúpulo ao fondo.

Coa ampliación da estrada nacional tomouse a decisión de demoler todo o conxunto a ambos lados do camiño, provocando que moitas familias abandonasen o barrio e transformándose este por completo con novas construcións, similares ás que podemos atopar na actualidade. Este feito tivo lugar en 1973, comezou en abril e rematou o 26 de agosto de 1973 co derrubamento da antiga construción de Bodegas Barral, aberta ao público o 1 de xaneiro de 1943.

Grazas a fotografías aéreas como esta podemos apreciar boa parte do conxunto de casas e ver na parte superior esquerda a taberna do Cholo, seguida pola do Pisto, a da Lola a Paragüeira, a da Estrella a Teixona, a da María do Curro e despois a de Bodegas Barral, ca parra diante da porta. Seguiría a da Estanqueira, a de Aurita a Teixa e o Rafael, a de Paco o Teixón e a Paca de Juana, a da familia do Cabanas e por último a da Susa, unha familia de ferroviarios[27] (Vid. Fig. 49).

Poderiamos ampliar algo máis a identificación destas casas coa seguinte fotografía, onde veriamos en primeiro termo -tras o cartel da sidra- a casa do Roxo o alfareiro, seguida pola do Agapito, a Forxa de Tomás o Carabel e xa, coa porta de maiores dimensións, novamente a «casa do Cholo». Pola outra banda, na parte dereita da fotografía poderemos identificar a casa da familia Dans.

Pola beira contraria da estrada desa vista aérea (Vid. Fig. 49) estaría a da Rueira e o seu fillo Pepe o Rueiro, unha bodega que tiñan alugada para gardar Pedro o do Barral os aparellos para o viño, a da Lola a Aranguesa, a casa do Callou, que era garda no taller do Rey, e a da María a Pichona. Despois habería unhas leiras, onde na parte traseira o alumnado da Laboral aprendería a manexar o tractor, seguindo logo a casa da Pista e a da Remedios a Pichona, filla do Chasco o carpinteiro. Aparecen tamén as casas da actual rúa Arxentina, vinculadas moitas ás familias ferroviarias, como explicamos no punto dedicado a este fenómeno.



Fig. 48 Imaxe do cruzamento da Magdalena e da Avenida da Coruña



Fig. 49 Imaxe aérea do barrio da Magdalena.



Fig. 50 Detalle dunha vista xeral de Betazos en 1977 na que se ve todo o barrio da Magdalena[28].



Fig. 51 Celebración do Entroido na Magdalena.



Fig. 52 Celebración do Entroido na Magdalena.



Fig. 53 Dous homes camiñan pola Avenida da Coruña.



Fig. 54 Neno xogando ao pé da antiga ponte sobre a canle da ría.



Fig. 55 Retrato no alto da Condomiña, coas antigas casas da Magdalena ao fondo.



Fig. 56 Neno con paraugas diante das casas da Magdalena, coa Casa da Rega ao fondo.



Fig. 57 Pedro Crespo paseando en bicicleta pola Magdalena o 22 de abril de 1946.



Fig. 58 Mulleres e neno pola Avenida da Coruña coa Casa da Rega.



Fig. 59 O bar da Perla, de Manolo *O Brigada*.



Fig. 60 Danza dos mariñeiros na Avenida da Coruña, diante de Pedro Barral e o seu bar.



Fig. 61 Mercedes e José Barral, con Luís, vendendo cacahuetes pola festa da Magdalena.

O grupo Martín-Ballesteros

Nunha das zonas máis esquecidas de Betanzos, entre a Avenida da Coruña e a vía do ferrocarril, existe unha pequena barriada coñecida polo nome de Grupo Martín Ballesteros. Xa nas actas municipais de 1950[29] tratábanse asuntos referidos a este lugar, falando do albergue Martín Ballesteros, pois o seu orixe parece estar ligado á existencia de pequenas casetas para aquelas persoas que viñan camiñando ás feiras da cidade, funcionando como tal ata que a xente empezou a adoptar outros medios de transporte para vir aos mercados e pasaron entón a estar ocupadas por veciños betanceiros. Se consultamos o primeiro *Anuario Brigantino*, publicado en 1948, atoparemos entre un debuxo de Francisco Franco e o saúdo do alcalde, Tomás Dapena Espinosa, unha imaxe de Antonio Martín-Ballestero[30] Costea, «Gobernador civil y Jefe provincial del Movimiento, a quien se debe la construción de las viviendas ultrabaratas emplazadas en el barrio de la Magdalena, de esta ciudad», seguido dun saúdo manuscrito do político franquista.

Dende sempre foi un lugar maltratado e desligado do avance social, sendo continuas as aparicións nos medios de comunicación, especialmente nos anos oitenta, reclamando servizos básicos como a recollida do lixo ou a iluminación pública da súa rúa.

De entre todas as reclamacións que podemos atopar na prensa, queremos destacar a entrevista[31] realizada en 1995 a José Deive «Yuma», trala presentación dun estudo por parte do profesor de enxeñaría química da UDC, Manuel Soto Castiñeira, na que alertaba dos altos índices de contaminación. Ante iso, Yuma, un dos rostros máis recoñecidos deste lugar, explicaba no xornal *As Mariñas* que «nos consideran la contaminación, la escoria del pueblo, pero me pregunto: ¿quién contamina a quién? En esta ría desembocan todas las aguas fecales de todas las casas, incluídos los colegios. Esto lo estamos tragando aquí pero de ello no se habla. Dirán ¡ya están acostumbrados!» e polo tanto pide



Fig. 62 Vista do antigo embarcadoiro que había na pequena canle entre a Magdalena e Martín Ballesteros.



Fig. 63 Vista da parte traseira das antigas casas da Magdalena
no camiño que leva a Martín-Ballestero.

solidariedade cun barrio que xa nese momento se dedicaba á recollida da chatarra e o cartón. Pero trátase dun lugar que mudou moito no último século, xa que como podemos ver nas imaxes, o pequeno regato que desembocaba detrás das casas da Magdalena ou da Avenida da Coruña, facía de lugar de recreo improvisado para os máis pequenos.

4.- SE Á MAGDALENA NON VOU, MEU AMOR

Facendo nosos os adxectivos empregados por Juan M.ª García Otero no seu traballo, non podemos máis que sentenciar que a incuria e a especulación foron as culpables de rematar con parte da pouca esencia histórica que restaba no barrio. Un lugar desvirtuado, convertido nunha zona de servizo para o resto da poboación e no que o seu pasado parece afogar entre o tráfico e o formigón.



Fig. 64 Cadro da Condomiña, de Pablo Graña.

Contra todo iso e por pouco que poida parecer, a Asociación de Veciños da Magdalena e A Condomiña busca engadir o seu pequeno gran de area á historia local, xa sexa mantendo vixente a festa máis antiga -e primeira do calendario festivo local- ou dando a coñecer as pequenas sorpresas que agocha un lugar que ás veces parece tan distanciado do Betanzos dos Cabaleiros. Dende o arrabalde e coa humildade que isto supón, seguimos reclamando a efervescencia que tivo no seu momento, a beleza que desprendía cos traballos de Bescansa, Tenreiro ou Gónzalez Villar. Mais tamén co lagar dos lazarados, coas súas casetas e cos restos da fábrica de curtidos, o particular faro que mantén presente dende o alto da súa cheminea a historia e as calamidades dun lugar que, loitando contra o esquecemento, decidíu seguir escribindo a súa particular historia.

NOTAS

[2] Esta avenida foi bautizada polo pleno do 13 de febreiro de 1962, colocándose a placa que leva o seu nome e que aínda podemos contemplar na actualidade ao final do Valdoncel, o 25 de agosto de 1962. Anteriormente era recoñecida unicamente como estrada á Coruña. Arquivo Municipal de Betanzos. Libro de actas municipais, c.27.

[3] Quen sabe se poderíamos ter sumado unha fonte máis á visita de terse levado a cabo esta nova obra filantrópica dos García Naveira anunciada na prensa local «En nombre del pueblo de Betanzos, suplicamos al ilustre Ayuntamiento, que procure por todos cuantos medios crea convenientes, que los obstáculos que se presenten para poder llevar a cabo la construcción del lavadero y fuente que en el barrio de la Magdalena piensan y desean construír los Sres. D. Jesús y D. Juan García Naveira, sean removidos de tal manera que no se anteponga nunca el interés particular al bien común de diez mil habitantes que verán con sumo placer la realización de dicha obra.» *El Pueblo: Órgano independiente de esta localidad*, nº54, 12 de outubro de 1901, p.3.

[4] Non me deterei demasiado nestas cuestións por estar publicadas por especialistas en edicións anteriores deste *Anuario Brigantino*. Ao final do texto aparece unha listaxe bibliográfica para todo aquel interesado en aumentar os seus coñecementos con respecto a algún destes puntos.

[5] Algo así deberon pensar os concelleiros betanceiros en 1902 cando por estar desfrutando da festa «y estuvo ésta concurridísima» esqueceron ir participar ao pleno que non se puido celebrar por non reunir o quórum suficiente: «La mucha concurrencia que lo apacible de la tarde reunió en el barrio de la Magdalena, hizo olvidar a la casi totalidad de nuestros concejales, que era día señalado para celebrar sesión supletoria nuestro Ayuntamiento». *El Pueblo: Órgano independiente de esta localidad,* n.º79, 5 de abril de 1902, p.3.

[6] O propio Cronista de Betanzos (Núñez-Varela y Lendoiro, 2015: 34) recolle este hábito ao se referir xa a costumes do século XVIII, onde «algunas feligresías de la jurisdicción Real de Betanzos estaban obligadas a participar en el acarreo de materiales «a vila», como todavía se estila decir entre los que acuden a ella para resolver sus asuntos».

[7] Segundo información de Alfredo Erias, este cruceiro foi destruído nos tempos da II República (Erias, 2001: 342) mentres que nun traballo recente de Núñez Varela, asegúrase que foi o alcalde José Novo o 9 de maio de 1932 ás 13:30h, sendo os varredors os encargados de desmontalo e tiralo ao río, segundo a testemuña escrita de Francisco Javier Martínez Santiso (Núñez Varela, 2019: 19).

[8] Agradezo esta e outras fotografías aéreas do Instituto Laboral á cortesía do amigo Julián Ferrer, mestre de Historia no IES Francisco Aguiar e mentor de moitos dos novos historiadores betanceiros.

[9] Xa se tiña habilitado para o paso de Alfonso XIII e a raíña dona Victoria Eugenia, o 4 de febreiro de 1912, camiño da botadura do acorazado «España» en Ferrol (Núñez-Varela, 2015: 58).

[10] *La Aspiración*, n.º 430, 31 de decembro de 1911, p.2.

[11] Agradezo profundamente esta achega ao amigo Juan de la Fuente -pai- por ser esta unha zona prácticamente descoñecida para min.

[12] A obra de Xosé María Veiga e Xesús Torres Regueiro referenciada por Andrés Martínez é a que leva por título «Curiosos apuntes del Fútbol año 1909 en la Ciudad de los Caballeros» debendo ser publicado no El Ideal Gallego do 3 de marzo de 1991. Fai referencia tamén a este traballo no *Libro das Festas Patronais de Betanzos* de 1995 e nas publicacións mensuais que o propio Andrés Martínez Guerra asinaba no xornal As Mariñas baixo o título de «Historia del fútbol en Betanzos», en diferentes números dos anos 1995 e 1996.

[13] Apreciación publicada por Andrés Martínez Guerra no xornal *As Mariñas,* novembro de 1995, p.8.

[14] Arquivo Municipal de Betanzos. Libro de Actas Municipais, c.53. Pleno do 19 de outubro de 1945.

[15] Arquivo Municipal de Betanzos. Libro de Actas Municipais, c.25. Pleno do 8 de xaneiro de 1951

[16] *El Eco de las Mariñas*, 13 de febreiro de 1956, p.6.

[17] *El Eco de las Mariñas*, 1 de abril de 1956, p.5.

[18] Programa das festas patronais de San Roque de 1958, p.13.

[19] Equipo de fútbol no que podemos identificar a Ricardo Díaz, José Medín *Suízo,* Cesar Couce, Germade, Javier Sánchez e Sobrino. Abaixo a Ángel Arcay -pai do que isto escribe- José Manuel Casal, Eduardo Fuentes, Juan Manuel Sánchez Lastres e Miguel Fernández.

[20] *Betanzos, Revista del Centro Betanzos*, nº43, 1 de decembro de 1948, p.17.

[21] Arquivo Municipal de Betanzos. Libro de Actas Municipais, c.47. Pleno do 1 de marzo de 1923.

[22] Un dos proxectos que atopamos no Arquivo Municipal é o de plantar polo parque 18 especies diferentes de árbores, levantar un quiosco e un palco da música. Arquivo Municipal de Betanzos. Fondo Martínez Santiso, c.4394.

[23] Arquivo Municipal de Betanzos. Fondo Martínez Santiso, c.7744.
[24] Arquivo dixital de Antonio Tenreiro. Referencia 52-A, n.º FI_6 [Dispoñible en: http://atenreiro.archivosarquitectos.com/es/original/project/2. Consultado o 14 de febreiro do 2019]
[25] Unha das fontes máis completas para coñecer este particular monumento será a publicación do Documento Oficial de Galicia no que se recolle a incorporación do ben ao catálogo. Resolución do 5 de novembro do 2018 pola que se acorda a inclusión no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia da denominada Casa da Rega, sita no número 13 da Avenida da Coruña, no termo municipal de Betanzos, DOG nº 229, 30 de novembro do 2018, p.50695. [Dispoñible en: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180126/AnuncioG0164-180118-0002_gl.html. Consultado o 13 de febreiro do 2019]
[26] É posible atopar tamén no *Anuario Brigantino* de 1982, baixo o título de «O grupo Untía recupera a alfarería de Betanzos», un exemplo de como esta tradición permanecía viva no barrio grazas á familia Mourón, quen trouxera este oficio dende a vila de Buño da que eran orixinarios.
[27] Estes datos, igual que boa parte do traballo, son froito da boa memoria e o cariño polo barrio de Pilar Barral López, a filla máis pequena de Pedro Barral e María López, nai do que esto escribe e veciña da Magdalena. A ela o meu máis sincero agradecemento pola axuda e por terme inculcado esta particular visión do Betanzos dos Cabaleiros.
[28] Arquivo de Galicia. Código de referencia: ES. GA. 15078.AG/2.3.4.1.1//G06071/117 [Dispoñible en: http://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/gl/catalogo_imagenes/grupo.do?registrardownload=0&path=55166&posicion=1&presentacion=pagina. Consultado o 14 de febreiro do 2019]
[29] Arquivo Municipal de Betanzos. Libro de Actas Municipais, c.25. Actas municipais do 6 de maio de 1950.
[30] Se a orixe do topónimo deste lugar procede da homenaxe ao lider franquista, haberá que ter en conta que o seu apelido é singular, sendo Martín-Ballestero.
[31] Arquivo Municipal de Betanzos. Libro de Actas Municipais, c.3105. Pleno do 3 de maio de 1962.
[32] *As Mariñas*, nº 15, xuño de 1995, p.10.

BIBLIOGRAFÍA

ARES FARALDO, Manuel (1983): «Apuntes sobre el barrio de la Magdalena hace dos siglos», *Anuario Brigantino,* nº 6, pp.39-42.

-(1986): «Item más sobre el barrio de la Magdalena», *Anuario Brigantino,* nº 9, pp.37-39.

CARRO OTERO, José; FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Carlos M.; GARCÍA CORTÉS, Rosalía (1987): «Reedificación, en 1789, de la capilla del antiguo «Hospital de Lazarados», extramuros de la ciudad de Betanzos», *Anuario Brigantino,* nº 10, pp.51-70.

CASTIÑEIRA PURRIÑOS, Francisco-José (1983): «Manuel Casanova e Julio Mourón: Dous betanceiros que manteñen viva a tradición da nosa artesanía», *Anuario Brigantino,* nº 6, pp.181-186.

DE LA FUENTE, Vicente (2004): «Un recluso en Betanzos llamado Vicente Ferrer», *Anuario Brigantino,* nº10, pp.383-392.

ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo (1983): «A chegada do ferrocarril a Betanzos», *Anuario Brigantino,* nº 6, pp.85-100.

-(1995): «Evolución dos nomes das rúas nunha cidade antiga de Galicia: Betanzos», *Anuario Brigantino,* nº 18, pp.29-60.

-(2001): «Unha viaxe polo Betanzos da Segunda República: proclamación, anticlericalismo e vinganza», *Anuario Brigantino,* nº 24, pp.291-378.

ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo; VEIGA FERREIRA, José María (2002): «Betanzos y su provincia en la época del Emperador Carlos V», *Anuario Brigantino,* nº 25, pp.181-260.

FERNÁNDEZ DE ROTA Y MONTER, José Antonio; IRIMIA FERNÁNDEZ, María del Pilar (2000): *Betanzos frente a su historia: sociedad y patrimonio*. Fundación Caixa Galicia, A Coruña.

FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Carlos M.; VEIGA FERREIRA, José María (1992): «La fiesta de la Magdalena: ¿la más antigua de nuestra ciudad?», *Anuario Brigantino,* nº 15, pp.295-296.

GARCÍA OTERO, Juan María (1983): «El barrio de la Magdalena de Betanzos. Un típico caso de incuria y especulación», *Anuario Brigantino,* nº 28, pp.433-442.

GUTIÉRREZ MORÁN, Arturo (2006): «Ferrocarril de Betanzos a Ferrol («El Ramalillo»)», *Anuario Brigantino,* nº 29, pp.239-272.

HALL, S. (1998): "A questão da identidade cultural". En *Textos Didáticos,* nº 18, p.12.

HOBSBAWM, Eric (2000): «Identidad». En SILVEIRA GORSKI, H.: *Identidades comunitarias y democracia.* Ed. Trotta, Madrid.

LINDOSO TATO, Elvira; VILAR RODRÍGUEZ, Margarita (2008): «Análisis comparado de dos elites brigantinas: la trayectoria empresarial de los Núñez y los Etcheverría desde una perspectiva histórica (c.1717-1955)», *Anuario Brigantino,* nº 31, pp.111-140.

MONTERO GÓMEZ, Xosé Manuel; RODRÍGUEZ PORCA, Pedro L. (2002): «Cincuentenario do Instituto Francisco Aguiar de Betanzos (1952-2002): Historia e conmemoración», *Anuario Brigantino,* nº 25, pp.492-527.

MONTERROSO MONTERO, Juan M. (1997): «Un capítulo en la pintura brigantina: el Santuario de Nuestra Señora del Camino y Fernando Reymóndez Figueroa», *Anuario Brigantino,* nº 20, pp.239-250.

NÚÑEZ-VARELA Y LENDOIRO J. R.; RIBADULLA PORTA, J.E. (1984): *Historia documentada de Betanzos de los Caballeros*. Caja de ahorros de Galicia, A Coruña.

-(2015): *Morfología urbana de Betanzos de los Caballeros: Extramuros. Aproximación documental.* Concello de Betanzos.

-(2015b): «Cae la sede de Industrias Núñez de Betanzos, obra de González Villar», *Web oficial del Cronista de Betanzos*. [Dispoñible en: http://www.cronistadebetanzos.com/cae-la-sede-de-industrias-nunez-de-betanzos-obra-de-gonzalez-villar/. Consultado o 1 de febreiro do 2019].

-(2019): «Apuntes históricos de Betanzos: Administración municipal», *Web oficial del Cronista de Betanzos*. [Dispoñible en: http://www.cronistadebetanzos.com/wp-content/uploads/2019/02/A.H%C2%BA-Santiso.pdf]

PARDO DE GUEVARA Y VALDÉS, Eduardo (1986): «Los Pardo de Cela en el siglo XV», *Anuario Brigantino,* nº 9, pp.23-30.

RÍO VÁZQUEZ, Antonio Santiago (2011): «Dos ejemplos brigantinos en la recuperación de la arquitectura moderna», *Anuario Brigantino,* nº 34, pp.481-492.



O poder da arte na *«Nueva España»* de Franco a través da idea de Imperio

IRENE TOMÉ URRESTI*

Sumario

Neste artigo abordaremos a relación dialéctica entre estética e poder durante o franquismo a través da idea de 'Imperio' que é tratada, normalmente, de forma superficial. O franquismo creou un imaxinario envolvente coas ideas de vitoria, de paz, de poder e de Imperio. Veremos a través de certos exemplos de diferentes manifestacións artísticas como se mostra neste imaxinario oficial a idea de 'Imperio'. Unha das hipóteses que destacamos da nosa proposta é o paradoxo que se establece coa arte de épocas ditatoriais pois, no canto de favorecer a liberación da vida cotiá das persoas, conduce a un alienante proceso de adhesión e de identificación estética.

Abstract

In this paper we will address the dialectical relationship between aesthetics and power during the Franco regime through the idea of 'Empire' that is treated, usually in a superficial way. The Francoism created an imaginary envelope with the ideas of victory, peace, power and Empire. We will see through certain examples of different artistic manifestations as shown in this official imaginary to the idea of 'Empire'. One of the hypotheses that we highlight in our proposal is the paradox that is established with the art of dictatorial times because, instead of favoring the liberation of people's daily lives, it leads to an alienating process of adhesion and aesthetic identification.

1. INTRODUCIÓN

En España, unha vez finalizada a Guerra Civil, o poder, encabezado polo bando gañador, non tiña unha visión moi desenvolvida da arte ou da arquitectura, pero sí unha idea moi clara da identidade da *«Nueva España»* que quería transmitir ao pobo e «dos valores» que a sustentarían: orde, tradición, militarismo e nacionalcatolicismo, asentados, entre outros aspectos, na recreación dos valores imperiais de Roma ou da España dos Austrias.

A relación dialéctica entre estética e poder durante o franquismo a través da 'idea de imperio' é tratada, normalmente, de forma superficial e pouco exhaustiva, aínda que, para nós, a presenza do elemento estético imperial chega ata os nosos días recuperado, por exemplo, dende organizacións políticas de extrema dereita, herdeiras dos fascismos[1].

O discurso da vitoria reflectiuse nunha arte militar de tipo conmemorativo, tal como mostran os retratos e estatuas de Franco, ou o desenvolvemento dunha iconografía de guerra e unha monumentalidade aos caídos pola patria. A literatura ou a cinematografía desa posguerra adepta ao réxime ofrecía produtos «*ideologizados, belicistas, propagandísticos, de mera glorificación heroica de los vencedores*» (Fusi, 2017:11).

---

* **Irene Tomé Urresti** (da Coruña) é licenciada en Xornalismo (UPSA), máster en *Política y Democracia* (UNED) e máster en Edición Periodística (UDC). Na actualidade forma parte do Programa de Doutorado en Historia Contemporánea e investiga sobre o discurso na ditadura franquista, a negación do pasado liberal e republicano en Galicia (1936-1986) e a construción de «*La Nueva España*».
Desde o ano 2011 ten traballado en diferentes gabinetes de comunicación de empresas, fundacións e organizacións. Combina o seu traballo coa colaboración en diferentes revistas galegas.
As súas liñas de investigación céntranse en: Represión franquista, Memoria histórica e democrática, Ditadura, Transición, Medios de comunicación e Discurso...

Neste traballo achegaremos un pequeno bosquexo sobre a relación dialéctica entre arte, estética e poder durante o franquismo a través da 'idea de imperio'. Non podemos esquecer que, dentro da formulación da *«Nueva España»*, o franquismo precisaba dunha particular forma de interpretar a arte baseada en recuperar o ideal de Imperio, que evoca -de forma idealizada e manipulada- o pasado da 'nación española' a través do Imperio Romano, da Reconquista, dos Reis Católicos ou da España dos Austrias, considerados fonte de vitoria, paz e prosperidade[2]. O seguinte cartel exemplifica moi ben esta estética de representación imperial, que deixa ver símbolos e a representación franquista do xesto que emula o saúdo fascista.

2. A FUNCIÓN DA ESTÉTICA

A función estética ocupa un lugar destacado na vida das persoas e da sociedade; por iso, podemos asumir que todos os grupos sociais contan cun protocolo social ou cunha estética de representación. Nas liñas que seguen, acollemos a noción de estética de Jauss e Mukarovsky. Este último autor apela á función estética que, se ben pode ser modificada co tempo, debe ser estudada como feito social, histórico e ligado a unha colectividade. O contexto social é clave á hora de xulgar unha obra de arte[3]. Isto adquire unha importancia á hora de contemplar as estatuas ecuestres do ditador Franco. E, aínda considerando que sexa entendido como arte, habería que dilucidar se posúe valor artístico[4].

Entón, a función estética non deixa de ser un asunto da colectividade humana, «*un vínculo entre colectividade e o mundo*» e «*un feito social*» (Mukarovsky, 2011: 25). Esta observación explica o nexo que o franquismo quería establecer entre certos feitos e obxectos, así como a súa dimensión estética e o poder que emanaba da fonte emisora. A estética fascista, xunto aos símbolos recoñecidos no imaxinario colectivo, non só axudaban á lexitimación do réxime, senón a súa perpetuación tanto do réxime como da clase social dominante[5].

Unha das hipóteses que destacamos da nosa proposta é o paradoxo que se establece coa arte de épocas ditatoriais pois, no canto de favorecer a liberación da vida cotiá das persoas, conduce a un alienante proceso de adhesión e de identificación estética (véxase Llorente Hernández, 1991: 147). Cobra así pleno sentido a reflexión de Jauss (2002) sobre a experiencia estética[6] e o principio apelativo do seguimento que posúe a arte baixo certas condicións.

3. O PODER A TRAVÉS DA ESTÉTICA IMPERIAL

3.1. Aproximación ao concepto de poder

O poder é unha noción complexa, polisémica, que induce a confusión, tal como destaca Byung-Chul Han, que nos ofrece unha detallada reflexión sobre o poder definindo a súa lóxica, a súa semántica, a súa metafísica, a súa política e a súa ética (Han, 2017).

En primeiro lugar, diferenciamos o 'poder por coerción' do 'poder absoluto'. O poder por coerción exerce a violencia de forma directa para anular ou eliminar ao outro e para impoñer as súas decisións contra súa vontade. O poder absoluto, pola contra, aséntase na liberdade «aparente», no sentido de que a obediencia do outro se produce de forma «aparentemente» libre. «*É o triunfo máximo do poder: xa non precisa da violencia para impoñer a súa vontade*» (Han 2017: 17).



Figura 1. Cartel de Josep Morell.
Portal de Archivos Españoles (PARES). Licencia CC.

Trátase dunha diferenza moi suxestiva. Así, a violencia pura é a usada nas execucións, nos 'paseos', ou nos campos de concentración que cimentaron o reino de terror xenocida durante o primeiro franquismo e a longa posguerra, ata mediados da década de 1950[7]. O poder absoluto precisa intermediación e comunica un sentido e, sobre todo, *deixa vivir*, mentres que a violencia pura *mata*. Han analiza a tripla distinción sobre o poder que establecera Foucault: o poder da soberanía[8], o poder da lexislación civil[9] e o poder disciplinario[10]. Podemos dicir, sen dúbidas, que os tres tipos de poder existiron ao longo dos 40 anos de Ditadura.

O poder absoluto centraliza todas as estruturas de poder creadas para gobernar. O poder que encarna o 'lider carismático' -Franco, o Ditador- atrae todas as liñas de acción e explica o funcionamento de todo o sistema. Para chegar a este punto de poder absoluto, o franquismo aplicou un programa previo de terror para extirpar da sociedade todos os elementos contaminantes, 'anti-españois'. Na liña do psiquiatra Vallejo-Nágera o fundamental era concibir aos inimigos da patria como suxeitos patolóxicos, criminalizados e inferiores, para erguer fronte a eles un proxecto terapéutico político que incorporaba a súa segregación para conseguir un obxectivo: «*una sociedad limpia y regenerada, sin elementos antiespañoles*» (Campos, 2013: 34).

A violencia pura, polo tanto, era unha necesidade para chegar ao poder absoluto. Entendemos a violencia como un medio para un dobre fin: acadar a obediencia dos 'súbditos' e perseguir a disidencia co obxectivo de crear unha *«Nueva España»*. Neste punto, a figura do Ditador insírese nesa dialéctica entre poder e violencia. A disidencia e as liñas de fuga son contestadas tamén coa creación dun aparello normativo represivo, mais que se constitúe en lexítimo grazas ao poder absoluto que emana das estruturas de poder do Ditador e que serve para someter a sociedade en xeral: a censura, os xuízos do Tribunal de Orde Pública, a Lei de Vagos e Maleantes -ademais dalgunhas esporádicas execucións como a de Julián Grimau- son mostras do poder da lexislación que instaura a Ditadura. Pode que o negacionismo da violencia xenocida de Franco repouse nesta particular construción do poder durante os 40 anos da longa noite de pedra.




Figura 2. Esquema explicativo creado pola autora.

3.2. A idea de Imperio e o poder

Depuración, control, pleno dominio das estratexias de comunicación e formulación dunha nova arquitectura insírense de forma perfecta na dialéctica de «destrución» daquilo que trouxera reminiscencias do bando republicano e «construción» dunha nova arquitectura que sustentaría a *«Nueva España»* a través da idea de Imperio[11].

Non houbo que agardar ao remate da Guerra Civil para ver que o franquismo desexaba instaurar, a través dunha intensa fabricación historiográfica, unha nova idea de nación, de patrimonio e da memoria. Desde que se produce a declaración da vitoria dos golpistas na guerra incivil, asistimos á invención do «imaxinario oficial», o da *«Nueva España»*, o do Movemento Nacional. Na conformación ideolóxica fermentou a apropiación do pasado imperial, se ben, de forma manipulada para que cadrara coa idea de vitoria que, ata 1964, cando se declaran os propagandísticos *XXV Anos de Paz,* foi o concepto dominante no discurso e no imaxinario divulgado pola Ditadura.

Un dos procedementos empregados na creación e desenvolvemento da idea de Imperio consistiu en recrear o pasado histórico en beneficio das chaves esencialistas que deseñaba o franquismo. Obviando as contradicións, unha das épocas manipulada para os intereses propagandísticos da Ditadura foino a de Roma, tal e como sinala Mañas Romero:

> *El franquismo es capaz de articular una solución mediante la selección de conceptos e imágenes históricas simples del período romano con las que se intentó dar respuesta a las grandes preocupaciones y obsesiones políticas del régimen, así como de ofrecer una visión de esta etapa que armonizaba con los principios ideológicos del nacional catolicismo* (Mañas Romero, 2017: 90).

Acerta Mañas Romero ao achegarse a Idea de Imperio desde a comparación co que fixera o *Duce* en Italia, onde o fascismo se apropiou do pasado clásico dunha maneira espectacular, que *«estableció una continuidad perfecta entre la grandeza, los valores espirituales y el destino imperial de la Roma clásica y el imperialismo italiano»* (Mañas Romero, 2017: 91).

4. IMAXINARIO DA IDEA DE IMPERIO NO FRANQUISMO: ALGÚNS CASOS PRÁCTICOS[12]

4.1. Arquitectura

A arquitectura, pola súa propia natureza, é unha das ferramentas empregadas polos gobernos para representar a grandeza de quen goberna e das súas ideas e valores[13]. Mentres o bando perdedor acababa co país, o bando vencedor tiña a importante tarefa por diante de «reconstrución» e salvación de España, así como a oportunidade de refundar o país baixo os preceptos ideolóxicos do réxime. Unha das prioridades da Falanxe era «la reconstrucción del 'Imperio español' y Madrid se convertiría en la capital imperial, según el primer texto teórico sobre arquitectura y urbanismo que se publica en el Régimen de Franco» (Rábanos Faci, 2006: 277).

O arquitecto Pedro Muguruza, director Xeral de Arquitectura, dependente do principal organismo encargado da reconstrución, a Dirección Xeral de Rexións Devastadas (DGRD), sería a que levaría a cabo unha nova arquitectura que representara a *«Nueva España»*,



Figura 3. *Valle de los Caídos*. Licencia CC.

apoiada nas tradicións e enmarcada no estilo neoimperialista e no historicismo, toda unha constante na estética franquista baseada en imitar o estilo do século XVI e XVII da etapa «gloriosa» de Felipe II e representado por Juan Herrera.

Baixo estas directrices, «la arquitectura oficial acogió el Escorial como paradigma y como símbolo de la España de los Austrias» (Fusi, 2017: 12; véxase tamén Llorente Hernández, 1991: 417-418) e construiríanse edificios e monumentos moi representativos desta nova arquitectura, destacados nesta obra de Fusi, tales como o *Ministerio del Aire* de Madrid (1942-1951) (véxase tamén Rábanos Faci, 2006: 282), a *Universidad Laboral de Gijón* (1946-1950), o Museo de América (1942) ou o *Valle de los Caídos* (1940-1959).

O Val dos Caídos obedece a un desexo do Ditador Franco, cuxa execución repousou en Muguruza, Oyarzábal e Muñoz Salvador e continuada por Diego Méndez. Trátase da obra por antonomasia da Ditadura: a igrexa, o mosteiro e a escola da Santa Cruz do Val dos Caídos, espazo emblemático para conmemorar aos caídos dos golpistas durante a guerra civil (Rábanos Faci, 2006: 284).

A *Universidad Laboral de Gijón* (Asturias), construída en 1946 por un conxunto de arquitectos capitaneados por Luis Moya Blanco, foi deseñada á semellanza do Partenón de Atenas. No centro, tal e como se aprecia na fotografía, ten unha igrexa redonda.

Concretamente, a construción do *Arco de la Victoria* (1956), na *Ciudad Universitaria* en Madrid, expresa o triunfo do franquismo nas estruturas do saber universitario ata mediados dos anos 60. Este elemento arquitectónico representa o máis característico da cultura romana e a súa presenza serve para evocar e «impregnar en la conciencia la victoria de los golpistas sobre el gobierno legítimo y democrático de la Segunda República» (Mañas Romero, 2017: 103).



Figura 4. *Universidad Laboral de Gijón*. Licencia CC.

No fondo, debaixo das formas clásicas e deste novo urbanismo español, está implícita a exaltación da idea de Imperio que triunfa, que vence aos bárbaros. O ditador Franco, ao igual que os monarcas absolutistas, expresaba o seu convencemento da misión divina -de aí o nome de Cruzada que se lle deu ao golpe de estado e ao xenocidio-. Unha misión que a doutrina da Igrexa Católica ía apoiar de forma expresa ata o II Concilio Vaticano.



Figura 5. *Arco de la Victoria*. Licencia CC.

Respecto á arquitectura da reconstrución, Diego de Reina publica en 1944 un «*Ensayo sobre las directrices arquitectónicas de un estilo Imperial*», un compendio de estilos que serían recomendados á hora de levar a tarefa de reconstrución a cabo. Neste senso, tiña moi claro a vontade de reconstrución e a importancia da ruína. Un proxecto de país edificado sobre os cimentos da República e levantado por presos republicanos que construíron pantanos, presas, estradas e pobos por orde da Dirección Xeral de Rexións Devastadas e Reparacións e do Instituto Nacional de Colonización.

Xa Nietzche percibira con claridade que a arquitectura é *«un tipo de elocuencia del poder que se expresa con formas»* (Han 2017: 51-52, n. 14) e que a arte e a cultura manteñen unha particular relación con este (véxase tamén Llorente Hernández, 1991: 417, para unha identificación entre Arquitectura e Estado franquista).

4.2. Escultura

No ano 1964, coa celebración dos *XXV Anos de Paz*, comezan a espallarse por todo o Estado estatuas ecuestres que son o reflexo do pasado imperial. Dende os anos corenta ata os sesenta, as estatuas e bustos tiñan a función de lexitimar o réxime e perpetuar a memoria da vitoria e do triunfo. Nos anos sesenta, as estatuas rendían unha homenaxe particular ao líder, Franco, e á súa obra. No último período, prolongado tras a morte de Franco ata 1978, o obxectivo era instaurarse na memoria de cara ao futuro.

A escultura, ao igual que a arquitectura, inscríbense dentro da estética do presencialismo, o que significa que a manifestación artística debe recordar ao axente produtor, neste caso, aos valores da Ditadura franquista. O presencialismo non nos distancia moito do uso que se lle daba na Idade Media ás representacións escultóricas, que conformaban libros en pedra destinados a educar as mentes analfabetas, a maior parte, da sociedade. É esta óptica baixo que debemos entender as representacións escultóricas de persoeiros relevantes da cultura romana coma o emperador Augusto, cuxa escultura serviu para escenificar o encontro entre o franquismo e o fascismo italiano en maio de 1940 na Semana Augustea de Zaragoza e que contou coa presenza dos dous ditadores, Franco e Mussolini.

As estatuas ecuestres máis significativas emprazáronse en lugares destacados de Valencia, Santander e os Novos Ministerios de Madrid, onde está a orixinal de José Capuz, que data de 1964. A estatua ecuestre que homenaxea ao xeneral Franco, de Valencia, foi un monumento realizado en 1964 polo mencionado escultor, José Capuz. Estivo situada na *Plaza del Ayuntamiento* (antes *Plaza del Caudillo*) ata a súa retirada, en 1983, cando se trasladou ao Convento de Santo Domingo (*Capitanía General*) ata 2010, onde se gardou no acuartelamento de Jaime I de Bétera. «*Al General Franco*» é o nome dunha estatua ecuestre dedicada ao ditador, elaborada por Josep Viladomat en 1963. Esta estatua estivo situada no castelo de Montjuic de Barcelona ata 2008, data en que foi retirada en virtude da Lei de Memoria Histórica. Nesta representación, o Caudillo aparece en uniforme militar, suxeitando coa man esquerda as rendas do cabalo, e o brazo dereito alzado, como dirixindo ás súas tropas.

4.3. Representación: himnos e ritos

O presencialismo estético, para ter incidencia, e realizar a súa función evocadora do poder, precisa da andamiaxe que facilita o sistema educativo -en todos os seus treitos educativos, incluíndo a Universidade, en cuxos programas a cultura romana é emblematizada desde os seus trazos máis relevantes. Así, Trajano e Adriano, grandes emperadores romanos, foron usados na educación e propaganda franquistas como factores esenciais na rexeneración política e moral do imperio. No fondo, sempre vai a comparación implícita coa acción 'civilizadora' de Franco na creación da *«Nueva España»*.

A xerarquía católica española apoiou aos golpistas e así o discurso unía relixión católica coa historia do país, coa tradición do que significaba «ser español». A Idea de Imperio abrollaba con forza desde o inicio:

> *No se olvide este hecho. Somos hijos de la Roma Imperial. Sin unidad de raza, ni de cultos, ni de costumbre, ni de clima fué Roma al conquistarnos la que nos dio un principio de unidad nacional con sus leyes, con su idioma, con la organización en colonias y municipios. Pero esta primera unidad era más aparente que real, y fué después la Iglesia católica la que con la unidad de fe hizo de España una verdadera nación* («Unidad y catolicidad», *Eco de Santiago*, 10 de setembro de 1936; Baisotti, 2017: 61-62).



Figura 6. Estatua ecuestre de Franco, realizada por José Capuz.
Vémola no convento de Santo Domingo, en Valencia.

Mais o Franquismo dotouse tamén doutras maneiras para reforzar a súa presenza na sociedade: a forza modeladora dos símbolos, ritos e himnos[14]. Forman o campo que denominamos estética da representación, onde a vista é o elemento máis importante como receptor estético, unido ao auditivo. Por iso, pola importancia que adquire a vista, os



Figura 7. Uso de símbolos como o Vítor en espazos públicos. Licencia CC.

partidos fascistas e o franquismo deron moita importancia ao aspecto representativo: mesmo Stanley G. Payne non dubida en conceder ese valor de orixinalidade ao fascismo:

> *Lo que sí parecía claramente distinto era el gran hincapié que se hacía en mítines, marchas, símbolos visuales y rituales ceremoniales o litúrgicos, a los que en la actividad fascistas se les daba un papel central y una función que iba más allá de lo que ocurría en los movimientos revolucionarios de izquierda* (Payne, 1980: 18).

Un exemplo dos ritos e dos himnos do franquismo, así como o seu emprego para reforzar o seu presencialismo a través da estética da representación, vén dado polo emblema de Falanxe e o símbolo de Vítor, este último collido directamente do Imperio Romano. Os emblemas reúnen ao grupo social baixo unha mesma idea. Neste caso, a pólvora e o sangue lévannos á militarización e valor guerreiro e conducen inevitablemente ao poder vinculado á coerción. No entanto, resulta interesante a explicación que ofrece o poeta e militante falanxista Rafael Sánchez Mazas en 1933, que relaciona as frechas e o xugo coa literatura clásica romana, coa Eneida e as Xeórxicas, respectivamente. De feito, na iconografía que acompaña á exaltación do caudillo, sempre está presente o elemento guerra, que vai asociada ao binomio violencia/vitoria.

Os símbolos visibilízanse en todos os espazos públicos, de forma estática, mais tamén en canta cerimonia e ritual se celebra. Nestas exposicións públicas cobra unha especial



Figura 8. Saúdo fascista nun desfile, en Salamanca.
Biblioteca Virtual do Ministerio de Defensa. Licencia CC.

importancia o vocabulario que se usa. A pesar das dúbidas iniciais, o discurso militarista de Falanxe irá impregnándose tamén do vocabulario da relixión católica, para esencializar o golpe de estado e a posterior guerra civil como unha «Cruzada» para acadar a «redención de la madre España» (discurso do coronel Peón o 2 de agosto de 1936, publicado no Eco de Santiago, Baisotti 2017). As conmemoriacións servían para asentar a lexitimidade da Ditadura, tal como di Cristina Gómez Cuesta:

> *Las diversas conmemoraciones celebrarán la legitimidad de origen no como insurrección nacional sino como «resurrección nacional», sirviendo de apoyatura para la tarea ideológica y socializadora, junto con la escuela y los medios de comunicación* (Gómez Cuesta, 2007: 90).

Non só as datas máis recoñecidas, senón as celebracións rituais servían para enxalzar a figura do Ditador acompañado dos elementos represivos e adoutrinadores da sociedade. Dúas das datas e celebracións máis importantes para a Ditadura foron o Día de Santiago e o Día do Pilar[15]. A escenificación é sempre análoga á imaxe que recollemos, onde vemos a Franco baixo palio e aos adeptos e fieis realizar o saúdo fascista. Un dos máis recoñecidos é o himno 'Cara al sol' con toda unha xestualidade que emula o saúdo romano imperial como comuñón que fortalece a identidade colectiva.

5. CONCLUSIÓNS

Con este traballo introducimos a forma en que os preceptos ideolóxicos do franquismo someten a arte e a arquitectura ao poder dunha figura, o ditador, que usa esta propaganda para implantar a idea de *«Nueva España»* e a ideoloxía do Réxime, así como perpetuala. Debaixo das formas clásicas segue moi presente a exaltación da idea de Imperio que triunfa, que vence aos bárbaros. Por isto, ben podemos afirmar que a arquitectura serve como relación do poder cos rexímenes totalitarios como un todo absoluto que oprime ao individuo.

Conmover. Emocionar. Convencer. As relacións sociais en que vive o individuo definen a súa actitude durante a contemplación dunha obra artística sexa cal sexa o seu soporte creativo (escultura, pintura, cine, literatura, arquitectura...). Por iso, estamos plenamente de acordo con Mukarovsky que supera as teorías que reducen a obra de arte a un único enfoque estético como o poden ser as emocións e sentimentos, xa que é un feito social que introduce nunha complexa e dialéctica rede relacional colectiva ás persoas[16].

Cómpre, polo tanto, polas connotacións da creación, diferenciar este tipo de creación da que preserva o pasado monumental real. A continuidade da obra estética imperial, polo tanto, non pode responder ao pracer estético que se ten cando se contempla un arco do triunfo romano, que é preservado a pesar do deterioro causado polo paso do tempo e a natureza. A contemplación obedece antes a un desexo de revivir o éxito vitorioso do Imperio e de transmitir, a quen contempla o monumento a importancia do 'líder carismático, o Ditador Franco, que exerce de Creador, unxido pola Divindade, como os Emperadores. Nin valor histórico, nin valor de antigüidade. A nova creación de monumentos dende a estética imperial ten só unha función meramente instrumental, ao servizo dos ideólogos do poder e, coa axuda da maquinaria das estruturas de poder, pretende inocular no imaxinario de quen contempla os valores ditados.

NOTAS

[1] Un exemplo desta estética imperial que seguen a ter por bandeira organizacións políticas de extrema dereita, herdeiras dos fascismos, é o logo do partido italiano Liga Norte: un soldado romano. Tamén no discurso inaugural da campaña electoral de VOX, que apelou a un pasado glorioso idealizado (e inexistente) en Covadonga.

[2] De feito, a propaganda lexitimista ergue a figura do Ditador Franco a caudillo que recupera a grandeza imperial de España, que fora demoucada polos defensores da anti-España, culpables de frear a recuperación imperialista tanto no interior coma no exterior que se dera con Primo de Rivera, segundo a consideración do profesor da Universidade de Valladolid, Vicente Gay, autor en 1941 dun libro titulado *Qué es el Imperialismo?* (Nicolás Marín, 1998: 36). Neste mesmo ano de 1941, o profesor falanxista, Antonio Tovar, que máis tarde amosaría a súa discrepancia co réxime, lanzou a súa obra *El Imperio de España* que, desde as primeiras liñas, ademais de facer propaganda da Falanxe, eloxia a Idea de Imperio, vinculándoa á Hispanidade, e amosa cal é o camiño para a súa existencia: que o pobo acepte a 'unidade de mando', isto é o caudillismo de Franco (Tovar, 1941).

[3] Un exemplo desta afirmación é o himno *Cara al sol*, que posúe importantes connotacións estéticas e simbólicas durante a súa execución.

[4] *«En suma, la función estética significa mucho más que un adorno insustancial sobre la superficie de las cosas y del mundo, como se la considera a veces. Interviene de manera importante en la vida de la sociedad y del individuo y participa en la determinación de la relación -tanto pasiva como activa- de la sociedad y sus miembros con la realidad que los rodea»* (Mukarovsky, 2011: 29).

[5] Mukarovsky céntrase en definir *le grand art* como *«el arte que es proyectada por la clase social dominante y que envuelve los procesos creativos y la renovación de las normas estéticas»* (Mukarovsky, 2011: 46).

[6] «*La experiencia estética trasciende siempre, a pesar de todo, los límites que trazaron para ella desde las premisas de la metafísica platónica de lo bello*». (Jauss, 2002: 51).

[7] Os campos de concentración eran considerados unha 'terapia' necesaria, onde se sometía ás persoas presas a todo tipo de experimentacións protagonizadas ou impulsadas por Antonio Vallejo-Nágera durante 1930 e 1940. A súa visión da psiquiatría equiparaba a democracia e o marxismo como demostracións de demencia, o que lle permitía a execución de accións destinadas a rexenerar esas 'mentes enfermas'. Véxase a este respecto a achega de Ricardo Campos e, sobre todo, léase a visión que o psiquiatra fascista lanza no ano 1938, onde anticipa o programa de terror que se implantaría coa vitoria dos golpistas para crear a 'Nova España' (Campos, 2013). Unha ollada sintética sobre esta política do medo, unha das etapas mellor coñecidas do franquismo, no recente libro de Antonio Cazorla (Cazorla, 2016: 43-106) e sobre a práctica xenocida recomendamos a lectura de Antonio Míguez Macho (Míguez Macho, 2014).

[8] «El poder del soberano *habla* por medio del cuerpo mutilado o de las cicatrices que las torturas dejan en el cuerpo» (Han 2017: 60).

[9] O poder da lexislación civil fai coincidir a liberdade co sometemento, xa que a aceptación/obediencia ten lugar a través do que se expresa no Código Civil que é interiorizado como lexítimo polo súbdito/cidadán.

[10] O poder disciplinario penetra no corpo deixando unha fonda pegada e xerando automatismos de costume. «El poder incrementa su eficiencia y estabilidad ocultándose, haciéndose pasar por algo cotidiano u obvio» (Han 2017: 68).

[11] A partir de 1940, Serrano Suñer sería o principal artífice dun 'Novo Estado' que se organiza ao redor da figura do ditador Franco coa fin de crear institucións para controlar o poder. No eido arquitectónico, Franco nomeou ao falanxista e arquitecto católico José Luís Arrese, que remataría por ser Ministro da Vivenda, e encargado de orientar, por medio de escritos, conceptos dunha nova arquitectura baseada nos valores da «familia, fogar e patria».

[12] Un dos puntos de ancraxe deste traballo reside na tese de doutoramento de Ángel Llorente Hernández, que trata de estudar a relación entre a arte a a ideoloxía franquista durante o primeiro franquismo e a posguerra ata 1951 (Llorente Hernández, 1991).

[13] Para unha detallada exposición da importancia da arquitectura en tanto que expresión do franquismo, recomendamos a lectura da tese de doutoramento de Ángel Llorente Hernández, que non deixa de subliñar o feito de que resulta complexo falar de estética cando non existen reflexións teóricas sobre a arte propias da época, aspecto este que levou mesmo ao estudoso Alexandre Cinici Pellicer a dicir que non existiu pensamento estético franquista (Llorente Hernández, 1991: 410-649, cit. p. 410).

[14] Ángel Llorente Hernández define isto como arte ceremonial á que se asocia tamén unha arquitectura efímera. As normas que se ditaban para a ocasión falan da necesidade de sinxeleza, severidade, rigorosidade, austeridade e a claridade, a simetría, o ritmo, a orde e a proporción (Llorente Hernández, 1991: 142-152).

[15] A este respecto, véxase o artigo de Baisotti sobre a importancia que adquire o Día da Hispanidade desde os mesmos inicios do Golpe de Estado á hora de converter ao Ditador Franco en 'Caudillo da Hispanidade'. A Hispanidade, a raíz principalmente do traballo de Ramiro de Maetzu, e debidamente manipulada, achegoulle á Idea de Imperio un poderoso barniz espiritual (Baisotti, 2016).

[16] Non podemos esquecer tampouco a importancia da censura plástica como modeladora dos gustos do suxeito-masa e como difusora da ideoloxía franquista (Llorente Hernández, 1991: 128-141).

BIBLIOGRAFÍA

BAISOTTI, P. A. (2016): «Arma «nacional», arma patria. La Hispanidad franquista (1936-1943)». *Bulletin for Spanish and Portuguese Historical Studies*: Vol. 41: Iss. 1, Article 3, consultado en: http://digitalcommons.asphs.net/bsphs/vol41/iss1/3.

-(2017). *Fiesta, política y religión, España (1936-1943)*, Madrid: Ediciones Y.

BOZAL, V. (2006): «Arte, ideología e identidad en los años del franquismo», en *Ondare. Cuadernos de Artes Plásticas y Monumentales. Revisión del arte vasco entre 1939-1975*, núm. 25, pp. 17-31.

BONET CORREA, A. (1981): *Arte del Franquismo*. Madrid, Cátedra.

CAMPOS, R. (2013): «Psiquiatría, raza y represión en el primer franquismo: Antonio Vallejo Nágera», en *Los intelectuales y la dictadura franquista. Cultura y poder en España de 1939 a 1975*, Madrid: Editorial Pablo Iglesias, pp. 19-45.

CAZORLA, A. (2016): *Miedo y progreso. Los españoles de a pie durante el franquismo, 1939-1975*, Madrid: Alianza.

FUSI, J. P. (2017): *Espacios de libertad. La cultura española bajo el franquismo y la reinvención de la democracia (1960-1990).* Barcelona: Galaxia Gutemberg.

GÓMEZ CUESTA, C. (2007): «La construcción de la memoria franquista (1939-1959)». *Stud. hist., H.ª cont*., (25), pp. 87-123.

HAN, B.-C. (2017): *Sobre el poder.* Barcelona: Herder.

JAUSS, H. R. (2002): *Pequeña apología de la experiencia estética.* Barcelona: Paidós [1ª edic. 1972].

LLORENTE HERNÁNDEZ, A. (1991): *Arte e ideología en la España de la postguerra (1939-1951)*, Universidade Complutense de Madrid / Facultade de Xeografía e Historia (Tese de doutoramento).

MAÑAS ROMERO, I. (2017): «La historia de Roma y la España romana como elementos de la identidad española durante el periodo franquista», en *El franquismo y la apropiación del pasado. El uso de la historia, de la arqueología y de la historia del arte para la legitimación de la dictadura*, edición de Francisco J. Moreno Martín, (pp. 89-106), Madrid: Editorial Pablo Iglesias.

MÍGUEZ MACHO, A. (2014): «El concepto de la práctica genocida y la cuestión de la impunidad en España», en *Lidiando con el Pasado. Represión y memoria de la guerra civil y del franquismo*, Edición de Peter Anderson y Miguel Ángel del Arco Blanco, (pp. 233-253) Granada: Comares Historia.

MUKAROVSKY, J. (2011): *Función, norma y valor estéticos como hechos sociales.* Buenos Aires: El Cuenco de Plata. [1ª edic. Praga: 1936].

NICOLÁS MARÍN, Mª E. (1998): «Crisis y añoranza del Imperio durante el franquismo: la presión de la memoria», *Anales de Historia Contemporánea*, 14, pp. 33-45.

PAYNE, S. G. (1980): *El fascismo*, Madrid: Alianza.

RÁBANOS FACI, C. (2006): «Estética de la representación en los regímenes autoritarios (el marco escenográfico arquitectónico del nazismo, fascismo y franquismo: Albert Speer, Adalberto Libera y Pedro Muguruza)». *Revista Aragonesa de Emblemata*, (12), pp. 275-288.

REINA DE LA MUELA, D. de (1944): *Ensayo sobre las directrices arquitectónicas de un estilo imperial*. Madrid: Verdad.

TOVAR, A. (1941): *El Imperio de España*, Madrid: Afrodisio Aguado [4ª edición].

Os marcos da legua do Camiño Real ou «carrileira» do arcebispo Sebastián Malvar: Ponte Valga - Ponte Sampaio

CLODIO GONZÁLEZ PÉREZ*

Debuxos e fotografías: Xoán Ramón Marín Martínez**

Sumario

Entre os antigos *marcos da legua* que se conservan en Galicia, predecesores dos marcos e fitos quilométricos actuais, sobresaen cinco dos sete que hai no Camiño Real de Ponte Valga a Ponte Sampaio (actual estrada N-550), sufragado polo arcebispo compostelán Malvar e Pinto co capital que trouxo de Arxentina a finais do século XVIII (1788 – 1795). A súa feitura, de estilo neoclásico, é semellante á dalgúns elementos ornamentais da fachada da Acibechería da catedral de Santiago. Rematan cun robusto pináculo piramidal no que campa un reloxo de sol no lado que dá ao sur, para que os viandantes, ademais da distancia, soubesen tamén a hora.

Abstract

Among the league stones preserved in Galicia, predecessors of the current frames and milestones, stand out five of the seven in the Royal Way from Ponte Valga to Ponte Sampaio (current road N-550). This way was borne by Malvar e Pinto, archbishop of Compostela, with the capital that brought from Argentina, and was built from 1788 to 1795. Built in neoclasic style, it similar to some ornamental elements of the Acibechería facade of Santiago de Compostela cathedral. They finish off with one strong pyramidal pinnacle with a sundial on the south side, so that pedestrians, in addition to the distance, knew also the time.

I. INTRODUCIÓN

En 1849 dicía o xornalista e editor granadino Francisco de Paula Mellado na obra *Recuerdos de un viage por España,* no capítulo que lle dedica a Galicia, ao referirse en particular ás vías de comunicación: *Los caminos son en general muy malos y difíciles* […] *Hay sin embargo, algunas hermosas carreteras construidas con el mayor lujo, tales son, la que desde la Coruña conduce por Santiago, el Padron y Pontevedra, á Tuy y Vigo, que atraviesa todo el reino, y la que va desde la Coruña á Lugo y Madrid…* E máis adiante, ao falar de Pontevedra, Vigo e Tui: *Al siguiente dia salimos de Padron por el camino real que conduce á Pontevedra, que es una de las mejores y mas hermosas carreteras que tiene España, aunque descuidada como tantas otras cosas en nuestra patria. La hizo el ministro de Cárlos IV, don Pedro Acuña, natural del pais, y nada tenia*

* **Clodio González Pérez**: Membro do Padroado do Museo do Pobo Galego, académico correspondente da Real Academia Galega e Cronista oficial do concello de Cenlle (Ourense). Autor de varios libros e traballos de investigación. Premio nacional «a la mejor labor continuada en prensa» do Ministerio de Cultura (1984, 1985, 1986 e 1987); de investigación da Deputación de Pontevedra (1987 e 1992); de investigación etnográfica «VII Romaría Etnográfica Raigame» (con X. R. Marín) da Deputación de Ourense (2008); premio «Lois Peña Novo, 2013», etc.

** **Xoán Ramón Marín Martínez**: Técnico superior de Artes Plásticas e Deseño e Ilustración. Autor de varias publicacións, algunhas en colaboración co anterior. Premio «M. López Garabal» do concello de Santiago de Compostela (1983); de investigación etnográfica «VII Romaría Etnográfica Raigame» da Deputación de Ourense, 2008 (con Clodio González). Colaborador e ilustrador do Museo do Pobo Galego.

que envidiar á las famosas vias romanas. Elegantes pirámides para marcar las leguas, cada una con su correspondiente reloj de sol, bellas fuentes, asientos cómodos, y por último altos y copudos árboles que ofrecian sombras al fatigado viagero, todo se reunió para formar un conjunto verdaderamente seductor; pero todo ó la mayor parte ha desaparecido por esceso de abandono…[1]

Esta é a primeira referencia eloxiosa que coñecemos verbo destes marcos da legua, malia que o devandito escritor non estea no certo cando afirma que foi obra de Pedro Acuña, ministro de Carlos IV, senón do seu tío, o pontevedrés Sebastián Malvar e Pinto, que rexeu a arquidiocese compostelá entre 1784 e 1795.

Antes ocupara a sé arxentina de Buenos Aires (na que estaba ao fronte dende 1777), e ao regreso tivo serios problemas coa facenda real ao desembarcar en Cádiz pola rica equipaxe non declarada que traía en varios barcos, pero antes de que lla requisasen decidiu agasallar con ela ao rei, desaparecendo así o conflito aduaneiro por acharse exentos de pagar impostos os bens reais. Co fin de procurar unha saída digna a tan embarazosa situación, o seu sobriño, Pedro de Acuña, entrevistouse ata con Carlos III, convencéndoo de que era para mellorar as obras públicas da súa terra natal, tan necesitada de contar cunha rede viaria moderna para o seu desenvolvemento económico e comercial[2]. Un dos principais biógrafos do prelado, o pontevedrés José Millán, escribe referíndose a este asunto: *Después* (de chegar de Arxentina e antes de tomar posesión da sé compostelá) *se trasladó á Madrid donde permaneció una larga temporada. Allí dio gracias al Monarca por su nombramiento, haciendo constar á la vez que todo el capital que de América traía lo donaba á la Corona. El Rey le encomendó el empleo de aquél y de ahí la construcción de la carretera de Puente-Valga á Puente-Sampayo, que le valió la Cruz de Carlos III, «por hacer carreteras en Galicia por su propia cuenta»*[3].

O arcebispo faleceu en Compostela o 25 de setembro de 1795, antes de que se concluíse o Camiño Real, xa que o *Real Plantío* (as ringleiras de árbores de froita, carballos, álamos e videiras que ían a ambos os dous lados de todo o traxecto), aínda se proxectou en 1797, dous anos despois do seu pasamento.

Para saber máis da vida e obra deste prelado pódense consultar, entre outras, as publicacións de Antonio López Ferreiro (*Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela,* XI, 1909); José Millán (*Notas históricas sobre Varones Ilustres de Pontevedra,* I, 1920); Samuel Eiján («Fr. Sebastián Malvar y Pinto, Obispo de Buenos Aires y Arzobispo de Santiago de Compostela, 1730-1795», 1930); Manuel R. Pazos (*El Episcopologio Gallego,* I, 1944); Alberto Vilanova Rodríguez (*Los Gallegos en la Argentina,* 1966), e Xosé Filgueira Valverde (*Fray Sebastián Malvar. El Arzobispo de la carretera y del Real Plantío,* 1973).

II. O CAMIÑO REAL OU *CARRILEIRA* DE COMPOSTELA A PONTE SAMPAIO

a) Antecedentes: A Coruña – Santiago de Compostela

Non é de estrañar que o ilustrado Carlos III aceptase a doazón do arcebispo Malvar, non obstante de estar en cuestión a súa legalidade, tendo en conta que dende algúns anos antes unha das súas preocupacións era a mellora das vías de comunicación, como amosa o Real Decreto do 10 de marzo de 1761 ordenando *hacer Caminos rectos, y sólidos en España, que faciliten el Comercio de unas Provincias á otras, dando principio por los de Andalucia, Cathaluña, Galicia y Valencia*[4].

Unha mostra anterior do interese dos ilustrados polos camiños, constitúea a viaxe por diferentes países europeos que Fernando VI encargou o ano 1750 ao economista español de orixe irlandés Bernardo Ward, para coñecer como se desenvolvían a economía e as comunicacións e a súa aplicación en España. En 1762, ao ano seguinte do Real Decreto de Carlos III, publícase o *Proyecto económico, en que se proponen varias providencias, dirigidas á proponer los intereses de España…*, obra póstuma do devandito economista, na que por primeira vez se suxire a construción dunha rede de seis estradas nacionais partindo de Madrid: *Necesita España de seis caminos grandes, desde Madrid á la Coruña, á Badajoz, á Cadiz, á Alicante y á la raya de Francia, asi por la parte de Bayona, como por la de Perpiñan: y de estos se deben sacar al mismo tiempo para varios Puertos de Mar, y otras Ciudades principales…*[5]

A suxestión de Ward tivo tanto éxito que aínda hoxe en día as estradas por el propostas continúan sendo as principais que vertebran a península, entre as que se acha a N-VI ou estrada de Madrid á Coruña, aprobada en 1761 e concluída máis de dúas décadas despois, xa que un dos últimos tramos en Galicia foi o de Becerreá – Lugo, rematado en 1785[6].

Das anteriores partirían outras vías transversais, das que en Galicia a máis importe era a da Coruña a Tui, pasando por Santiago de Compostela, Padrón, Caldas de Reis e Pontevedra, cun ancho de 10 varas castelás ou de Burgos (0,835905 m X 10 = 8,36 m), que se proxectou en 1770, facéndose cargo da dirección das obras o enxeñeiro e brigadier dos exércitos Fernando Gaber (ou Gaver), cargo que desempeñaría entre 1774 e 1793, polo que tamén se debe a el o tramo de Compostela a Ponte Sampaio[7].

A nova estrada seguía o traxecto da vía XIX do emperador Antonino, que discorre pola depresión meridiana e que viña sendo o camiño principal dende a época romana e logo durante toda Idade Media, pero xurdiu a disxuntiva de buscar outro trazado ou procurar o xeito de evitar os efectos das enchentes invernais en Padrón. A tal fin en 1777 o conde de Floridablanca encargou ao enxeñeiro militar Bartolomé Amphoux o estudo do percorrido máis conveniente, dando instrucións ao ano seguinte de que os novos camiños debían seguir, dentro do posible, a traza dos antigos. O enxeñeiro propuxo entón dúas rutas ata Pontevedra: unha por Pontevea e outra por Padrón, pero triunfou a segunda para non deixar fóra unha poboación tan vinculada a Compostela dende a antigüidade, a pesar de que cando chovía moito e cadraba coa preamar, *como esta contiene las aguas, salen de madre, se extiende por el llano, cubren las calzadas actuales, queda cortada toda comunicación en el Padrón, las casas se ven anegadas y los barcos o lanchas paseando por sus calles hasta que, bajando la mar, vuelven a evacuarse las aguas que algunas veces son en tanta cantidad que quedan cuarenta y ocho horas aisladas*[8].

b) Santiago de Compostela – Ponte Valga

Non obstante de que a ruta de Pontevea fose ata a preferida polo ilustrado coruñés Cornide[9], optouse por seguir o trazado do antigo camiño ante as protestas de Padrón e Caldas de Reis, malia que fose preciso levar a termo grandes obras para evitar no posible o efecto das enchentes na primeira, baixo a dirección do enxeñeiro Fernando Gaber.

O orzamento de Compostela a Pontevedra era de máis de catro millóns de reais de vellón (4.227.800 calculou o enxeñeiro Bartolomé Amphoux), correndo unha parte (a maior) a conta do Estado, para a que se implantou un arbitrio sobre o sobrante do 1% da prata procedente de América (ou das Indias, como se dicía daquela), ademais tamén se obrigou a colaborar ás poboacións por onde pasaba e aos bispos con rendas[10]. En particular a

última achega, a da sé compostelá, foi de 100.000 reais procedentes do espolio do arcebispo Bartolomé Rajoy, do conxunto de bens que lle quedaran á igrexa ao seu pasamento, o 17 de xullo de 1772, de aí que o tramo de Compostela a Ponte Valga tamén se coñece por «Camiño do arcebispo Rajoy»[11].

As obras comezaron nas aforas da cidade en 1780, pero dous anos despois xa estaban paradas en Ponte Valga por falta de medios económicos.

c) Ponte Valga – Ponte Sampaio

Cando frei Sebastián Malvar ocupou a cadeira compostelá en 1784, só estaba concluída a explanación ata Ponte Valga. Grazas a súa espléndida achega, retomouse a obra no mes de marzo de 1788 baixo a dirección do mesmo enxeñeiro, Fernando Gaber, que continuaría á fronte ata 1793 en que é substituído polo seu axudante o arquitecto salmantino José Pérez Machado, *maestro de obras y director por Su Majestad de las Reales obras de caminos general y transversales del Reino de Galicia y de Villafranca del Bierzo,* residente en Compostela e, xunto co tamén arquitecto Miguel Ferro Caaveiro, profesor de arquitectura e matemáticas na escola de debuxo da Sociedade Económica de Amigos do País[12]. Tamén cómpre ter moi en conta o contratista ou mestre de obras, Melchor Ricoy, natural da parroquia de San Miguel do Campo (Campo Lameiro), que antes traballara no convento de Santo Agostiño de Pontedeume, nas igrexas do Porto (Cabanas) e Abades (Silleda), na primeira parte do compostelán Pazo de Raxoi, etc.[13].

A ponte de Valga foi a primeira grande obra que houbo que construír no novo camiño, para salvar o río do mesmo nome afluente do Ulla, pero non era a única, xa que no traxecto tiveron que reformar ou facer dende os alicerces outras máis, como as de Caldas de Reis e Cerponzóns, así como os peitorís, as fontes, os bancos e os marcos da legua para sinalar a distancia á Coruña e a Santiago de Compostela.

Nunha inscrición co brasón do arcebispo, situada antes de entrar na ponte Sampaio, actualmente ilexible en parte, consta que a obra se concluíu en 1795, o ano do pasamento do arcebispo. Pero quedaba pendente o *Real Plantío,* polo que este camiño foi único en Galicia, que se proxectou en 1797, consistente en catro ringleiras a ambos os dous lados de árbores de froita, carballos, álamos e videiras para dar sombra e solaz aos camiñantes. Só abranguía o tramo de Compostela a Pontevedra, aínda que a idea era que chegase a Ponte Sampaio: *Se halla existente a las margenes del Camino Real, que sigue desde esta Ciudad á la villa de Pontevedra, y se compone de Alamos, y Robles con su correspondiente Cepa de Viña enlazada en cada uno, puestos todos con el mejor orden y simetria, á los que acompañan otras dos diferentes hileras de Frutales de las mejores especies, plantados en medio de aquellos, asi en las tierras valdías, como en las testeras de las heredades, que confrontan con dho. Real Camino, formando asi la mas bella harmonia y hermosura que se dexa ver en Plano que acompaña á esta: cuyos arboles, que se hallan numerados se han repartido á los vecinos de las Parroquias mas inmediatas, y están hechos cargo de su conservación y subsistencia, como consta de los Testimonios que han dado las Justicias de sus respectivos territórios según la instrucción que para ello se le ha comunicado por dho. Sr. Exmo.; Y para que mas bien conste el numero de que se compone cada Parroquia, se insertan aquí en la manera siguiente…* En total plantáronse 11.638 carballos e álamos (danse xuntos por constar así nalgúns casos, pero a inmensa maioría foi dos primeiros), 11.152 videiras e 8.993 árbores de froita (faltan as dalgunhas parroquias). En total, entre Compostela e Pontevedra plantáronse máis de

31.783 árbores, das que actualmente non se sabe se aínda subsistirán algunhas[14].

III. DOS MARCOS DA LEGUA AOS FITOS QUILOMÉTRICOS

Nos nosos días non hai dúbida das distancias porque o quilómetro ten sempre o mesmo valor, tanto se é unha estrada que vai por unha chaira como se sobe ata o cume dunha montaña, pero antano non era así, por iso denantes de seguir cómpre que dediquemos unhas palabras á legua, a unidade de lonxitude utilizada dende a época romana ata o século XIX, con diferentes valores.

Considerábase a distancia que anda unha persoa durante unha hora, non obstante, como se pode comprender, non é o mesmo por un camiño chan que por un montañoso, de aí que o seu valor non fose sempre o mesmo, abranguendo dos 4 aos 7 km, tomándose entre ambos os dous extremos a medida que máis conviñese segundo a orografía, o clima, etc.

A denominada *legua legal*, por ser a utilizada polos tribunais, equivalía a 15.000 pés casteláns ou de Burgos: 0,278635 X 15.000 = 4.179,525 metros. Mantívose así ata que en 1587 o rei Filipe II ordenou que *en todas y qualesquier leyes y pragmáticas, cédulas y provisiones nuestras, de qualquier calidad que sean, que hablan y hacen mencion de leguas, y hablaren de aquí adelante, se hayan de entender y entiendan de leguas comunes y vulgares, y no de las que llaman legales…* A *legua vulgar* era máis grande, de 20.000 pés casteláns: 0,278635 X 20.000 = 5.572,699 metros[15].

En 1769, nove anos antes de comezar as obras da estrada da Coruña a Tui, Carlos III mandou que se puxesen marcos da legua (*leguarios*) nas principais vías, tomando como centro ou punto cero o que estaba na Porta do Sol de Madrid, e tamén que en adiante a legua tivese 24.000 pés casteláns: 0,278635 X 24.000 = 6.687,24 metros.



O Cruceiro: marco da legua e fito quilométrico.

Mantívose con este valor ata que en 1801 Carlos IV dispuxo volver á legua de Filipe II, ou sexa á de 20.000 pés ou 5.572,699 metros, que foi a que estivo en vigor ata a adopción do sistema métrico decimal en 1849 (obrigatorio dende o mes de xullo de 1880). Agora xa poucas persoas falan de leguas, pero non así ata hai uns cincuenta anos en que aínda se dicía que a tal sitio había tantas leguas, dándolle a cada unha un valor equivalente a algo máis de cinco quilómetros, como era antes da xeneralización do sistema métrico.

Os marcos da legua (en portugués *marcos da légua,* en castelán *postes leguarios, mojones* e *leguarios*, en catalán *lleguari, etc.*)[16], eran os equivalentes aos actuais marcos e fitos quilométricos, que sinalan a distancia a unha poboación dende a que se empeza a contar. En xeral, para as estradas nacionais ou radiais, antes a legua e agora o quilómetro «0» está na Porta do Sol de Madrid, como por exemplo a N-VI (ou N-6), Madrid – A Coruña.

O sinalar as distancias dos camiños principais vén de antigo: no século II a. C. os romanos empezaron a poñer miliarios indicando as millas que había a unha cidade ou mansión. Durante toda a Idade Media e parte da Moderna non se lle deu importancia, ata que Carlos III, pola Real resolución do 16 de xaneiro de 1769, ordenou a obrigatoriedade de poñer marcos nas vías principais sinalando as leguas e as medias leguas, e que estas fosen de 8.000 varas castelás ou de Burgos (0,835905 X 8.000 = 6.687,24 m), coñecida dende entón por *legua real* ou de Carlos III, e, ademais, *que las leguas se contasen desde Madrid, y puerta que mas en derechura se dirigiese a la línea del camino, señalándolas con unos pilares altos de piedra, en cuyo frontis se esculpiese con letras Romanas la inscripción siguiente: á Madrid I legua, 2 leguas, 3 leguas &c.; y que las medias leguas se señalasen con pilares menores de la misma figura, poniendo en ellos el número que denote la distancia de este modo ½, I y ½, 2 y ½ &c.*[17].

Pola mesma época tamén se fixo obrigatorio a presenza dos *marcos da légua* en Portugal, durante o reinado de Xosé I (1750-1777) e sendo primeiro ministro o marqués de Pombal, ao tempo que se recompoñía a rede viaria logo do terremoto de Lisboa de 1755. A diferenza dos españois, era obrigatorio que tamén estivesen equipados cun reloxo de sol, de xeito que os viandantes soubesen a distancia e a hora. A *légua* oficial ou de Lisboa equivalía a 6.660 m (27 m menos que a española), manténdose ata que se introduce en 1852 o sistema métrico (entrou en vigor dez anos máis tarde).

Tendo en conta que os do Camiño Real de Ponte Valga a Ponte Sampaio son da mesma época que os portugueses, non sería de estrañar que quen os deseñou, talvez o arquitecto Pérez Machado ou o mestre de obras Melchor Ricoy, tivese en conta as disposicións verbo dos mesmos de alén do Miño. Este feito, o de contar con reloxo, xa lle chamou a atención a algún viaxeiro do século XIX, como Francisco de Paula Mellado, que escribe en 1849 ao referirse a este tramo do camiño, que tiña *elegantes pirámides para marcar las leguas, cada una con su correspondiente reloj de sol*[18]. E tamén moitos anos despois, en 1959, ao astrónomo e historiador alemán Ernst Zinner (1886 –1970): *En el norte de España, en la carretera de Vigo a Santiago, existen algunos obeliscos de piedra cuadriláteros, los cuales muestran en su parte sur un reloj en una losa puesta en relieve dentro del cuadrilátero. Su distancia ha de ser de unos 1.700 m, ellos serían montados alrededor de 1800 y recuerdan a los obeliscos, con reloj al sur, de la carretera de Bambery a Coburg*[19].

Os antigos eran de pedra, estendéndose posteriormente os de cemento, constando, ademais da distancia á poboación que se considera «0», o número e a categoría da vía (nacional, provincial, comarcal, etc). Nas últimas décadas xeneralizáronse os fitos quilométricos metálicos, que se diferencian dos de antes en que o indicador é un pequeno rectángulo sostido por un esteo, coa denominación da estrada e o número do quilómetro correspondente.

Como queda dito, nas estradas principais tamén había marcos da media legua, substituídos agora polos fitos correspondentes aos hectómetros.

Por último, como se verá máis adiante no apartado que se dedica a cada un dos marcos da legua, as distancias entre estes e os fitos quilométricos actuais non coinciden debido a que a N-550 non segue o mesmo trazo do antigo Camiño Real en todo o percorrido, pero aínda así nalgúns casos case non existe diferenza, como ocorre entre o da Tarroeira (Valga) e o do Cruceiro (Carracedo – Caldas de Reis), que agora hai entre eles, aproximadamente, 6.615 m, non máis que 72 m menos da legua (6.687 m)[20].

IV. OS MARCOS DA LEGUA DO CAMIÑO REAL DE PONTE VALGA A PONTE SAMPAIO

Actualmente no tramo do Camiño Real do arcebispo Malvar consérvanse sete marcos, que corresponden ao número de leguas, cinco iguais e dous diferentes polo que atinxe á feitura, situados nos seguintes lugares: A Tarroeira (parroquia e concello de Valga), O Cruceiro (Carracedo – Caldas de Reis), Tivo (parroquia e concello de Caldas de Reis), A Gándara (Perdecanai – Barro), O Cunchido (Cerponzóns – Pontevedra), O Marco (Pontevedra), e O Marco - A Cañoteira, parroquia e concello de Vilaboa).

Todos, agás o do Marco de Pontevedra están situados na beirarrúa dereita dirección sur da estrada xeral N-550, que segue en liñas xerais o mesmo trazado do antigo Camiño Real.



Situación dos setes marcos da legua entre Valga e Vilaboa.

Non hai dúbida da época dos cinco que son iguais, da mesma feitura e dimensións, contemporáneos de cando se abriu o camiño, entre os anos 1784 e 1795 en que se dá por concluída a obra, agás o *Real Plantío* que se proxecta en 1797, pero non sucede o mesmo cos dous distintos: o da Tarroeira (Valga) e o do Marco de Pontevedra, que son anteriores, o primeiro de cando se fai o primeiro tramo entre Santiago e Ponte Valga, e o segundo máis antigo, pero de época non doada de precisar.

O da Tarroeira pode datar de contra 1780 (ou dous ou tres anos despois), do tempo en que se constrúe o primeiro tramo do Camiño, se se ten en conta que segue a feitura dos que por estes anos se poñen na estrada xeral de Madrid – A Coruña e, en particular, entre Becerreá – Lugo (1777–1785), no que se conservan cando menos tres, sendo ata de altura semellante (os lugueses de 2,40 m, e este de 2,52 m, aproximadamente), así como tamén noutras partes do Estado: Bizkaia, Cuenca e Toledo, por exemplo[21].

Máis complexo é falar do Marco de Pontevedra pola carencia de exemplares semellantes con que comparalo en Galicia e tamén fóra. Case seguro que é anterior á construción do camiño de Malvar e que logo fose aproveitado, tendo en conta que preto estaba a ponte do Couto, medieval, tamén coñecida pola *Ponte do Marco*, non obstante con isto non queremos afirmar que sexa tan antigo, pero talvez dos séculos XVI ou XVII[22].



Marco da legua do Cunchido – Cerponzóns, co baseamento á vista (Fotografía: BASANTA CAMPOS, J. L.: *Relojes de piedra en Galicia*, 2ª ed. 2003; a foto é anterior a 1986, data da 1ª edición).

Verbo dos cinco da mesma feitura e que se sabe de certo que son da época do arcebispo Malvar, Xosé Filgueira Valverde afirma que a Pérez Machado e a Ricoy, é dicir, ao arquitecto e ao aparellador ou mestre da obra, *han de atribuirse los diseños y la pulcra ejecución de los puentes (algunos con cómodos asientos en los pretiles), murallones y mojones «legoeiros», con relojes de sol*[23]. Pero tampouco é de rexeitar a posibilidade de que os deseñase o enxeñeiro Fernando Gaber, que dirixiu a obra dende o comezo na Coruña ata 1793, cando estaba moi adiantado o tramo de Ponte Valga a Ponte Sampaio, tanto que dous anos despois xa consta como concluído na inscrición situada á entrada da segunda[24].

Polo de agora canto se ten dito relativo á autoría destes cinco marcos non deixa de ser unha suposición, tendo en conta que non se descubriu ningún documento onde conste quen os deseñou. O que si é moi posible que se inspirase nos pináculos que coroan a fachada da Acibechería da catedral compostelá, levantada entre 1757 e 1770 segundo deseño de Ferro Caaveiro, encargándose da construción do corpo inferior Fernández Sarela e do superior Lois de Monteagudo, pero este despois de que fose «corrixido» o proxecto orixinal pola *Academia de Nobles Artes de San Fernando*, que é onde se achan estes remates ornamentais. Fronte á mesma fachada, a ambos os dous lados das escaleiras que descenden á mesma e ao pazo arcebispal, tamén hai outros dous semellantes aos marcos, pero máis estilizados e altos (3,83 m).

Non se sabe se foi a mesma persoa a que deseñou os pináculos neoclásicos da Acibechería e os marcos da legua do Camiño Real de Malvar, pero non se pode negar a posibilidade que os primeiros servisen de inspiración para os segundos, engadíndolle nunha das caras do pináculo un reloxo de sol en posición vertical.

A diferenza de medidas, en particular a altura, que se aprecia entre os cinco é tan pequena como para non a ter en conta nun deseño que se copia varias veces e, talvez, por distintos canteiros: O Cruceiro (3,37 m), Tivo (3,45 m), A Gándara (3,39 m), O Cunchido (3,48 m) e O Marco – A Cañoteira (3,40 m, aproximadamente)[25].

Case seguro que todos foron movidos de sitio dende que se ergueron a finais do século XVIII, algúns non máis que un ou dous metros cara atrás ao ensanchar a estrada, agás o do Cruceiro que se sabe que se correu uns 50 m cara a Pontevedra por mor da entrada a unha casa. O único que posiblemente se mantén onde se puxo no seu día é o do Cunchido, na parroquia pontevedresa de Cerponzóns. Cremos que sexa así por ser o único que conserva o baseamento ou plataforma semellante ao dos cruceiros, con tres chanzos, que talvez tamén o tiveron os outros catro, xa que lle dá á obra máis altura e prestancia. Esta parte agora atópase case oculta pola vexetación pero aínda era ben visible hai uns corenta anos, antes do último ensanche da estrada. A única explicación lóxica de que se conserve neste e non nos demais, quizais se deba a que como por detrás existe un terraplén moi pronunciado a estrada foi ensanchada cara ao outro lado, evitando deste xeito a construción dun muro de contención.

Cando se restauren e se recoñeza o seu gran valor artístico como pezas únicas non só en Galicia, sería conveniente recuperar esta parte agora desaparecida ou oculta pola terra tamén nos outros catro.



Marco da legua da Tarroeira (Valga).


1. Marco da legua da Tarroeira

Localización
42° 42' 15.83" N
8° 38' 58.80" O

No lugar da Tarroeira, parroquia de San Miguel de Valga, concello de Valga, na beirarrúa dereita dirección sur da estrada N-550, km 86,380, aproximadamente.

Cronoloxía

Segunda metade do século XVIII, talvez antes de 1788 en que se retoman as obras do tramo entre Ponte Valga e Ponte Sampaio. Baseamos esta suposición en que é da mesma feitura e ata case dimensións dos do tramo Becerreá – Lugo da N-VI, que se constrúe entre 1777 e 1785.



Marco da legua da Tarroeira (Valga).

Descrición

Consta dun zócolo (72 X 72 X 15 cm), asentado sobre un baseamento moderno de pedra e formigón, case seguro do último traslado que sufriu para arredalo da beirarrúa da estrada. Segue a base (69 X 69 X 42 cm), e sobre ela o corpo ou pilastra do marco (54 X 54 X 172 cm), composto por dúas pezas, a inferior máis alta (95 cm), aínda que a inscrición ou lenda campa na superior que dá fronte á estrada (77 cm). Está escrita con letras maiúsculas tipo romano e números arábigos (de entre 7 e 9 cm de alto):

A LA
CORUÑA
13
Y A ST°
3

Á Coruña 13 leguas (por 6.687,24 m = 86.934 m). O marco érguese no quilómetro 86,380, aproximadamente, polo que a diferenza entre o Camiño Real e a actual estrada N-550 é de pouco máis de medio quilómetro (que se debe en parte á circunvalación de Pontecesures).

A Santiago de Compostela 3 leguas (por 6.687,24 m = 20.061 m), neste caso non coincide coa distancia actual que é de 23 km. Sen dúbida tiña que poñer 3½ leguas (por 6.687,24 m = 23.405 m) que corresponden aos 23 km de agora. A proba de que debía ser 3½ leguas constitúea o marco seguinte, o do Cruceiro, no que consta que á Coruña son 14 leguas e a Santiago 4½. Como se pode comprender, se á primeira cidade hai unha legua máis, igual ten que ser á segunda xa que están na mesma ruta. Este erro pode indicar que o marco estaba feito antes e que logo se lle engadiu a distancia a Compostela, sen ter en conta a sinalada no seguinte.

Por último, sobre a pilastra ten un ábaco (58 X 58 X 7 cm), e a xeito de chapeu un remate coa parte superior redondeada de feitura cuadrangular coas arestas convexas, de 16 cm de alto.

O marco consta de 4 pezas de granito, cunha altura total de 2,52 m.

Historia

Como queda dito, xunto co do lugar do Marco en Pontevedra, son os dous únicos de feitura diferente dos situados no tramo do camiño construído polo arcebispo Malvar. Este é case igual aos de Laxosa e Gomeán (O Corgo) e Garabolos (Lugo), que teñen de alto entre 2,40 e 2,52 m, os tres situados no tramo de Becerreá – Lugo da N-VI, aberto entre 1777 e 1785. Era o modelo que se pode considerar oficial, xa que da mesma época datan outros moi semellantes, situados tan lonxe como en Bizkaia, Cuenca ou Toledo. Tamén coinciden na legua de 8.000 varas castelás, equivalente a 6.687,24 m[26].

Consonte coa feitura, coidamos que sexa un marco da primeira época deste camiño, do tramo entre Santiago e Ponte Valga, que se comezou o ano 1780 baixo a dirección do enxeñeiro militar Fernando Gaber, e para o que a igrexa compostelá achegou 100.000 reais do espolio do arcebispo Rajoy, finado en 1772.

Estado de conservación

Regular. Ata non hai moito tempo estaba cuberto de hedras que impedían ler a inscrición e ver a parte superior do monumento.

Referencias bibliográficas

< *Patrimonio galego*: «Legoario de Ponte Valga»>, 2013.



Marco da legua do Cruceiro (Caldas de Reis).

2. Marco da legua do Cruceiro

Localización

42° 38' 57.02" N

8° 38' 43.74" O

No lugar do Cruceiro, parroquia de Santa Mariña de Carracedo, concello de Caldas de Reis. Na beirarrúa dereita dirección sur da estrada N-550, xusto no km 93.

Ata hai uns 40 anos estaba uns 50 metros antes cara á Coruña (no km 92,950, aproximadamente), de onde foi mudado para deixar libre a entrada dunha propiedade.

Cronoloxía


Últimos anos da segunda metade do século XVIII, antes de 1795 en que se remata a obra do Camiño Real.

Descrición

Esta formado por un zócolo (70 X 70 X 10 cm), adornado por arriba cun filete estreito (64 X 64 X 2,5 cm), sobre o que se asenta a pilastra ou corpo do marco (59 X 59 X 99 cm) de dous bloques, o inferior case o dobre de alto (60 cm) que o superior (39 cm), que remata nun ábaco liso (70 X 70 X 11 cm) cun filete por abaixo (65 X 64 X 3 cm), para facer xogo co do zócolo.

A seguinte parte consta dunha base cadrada (60 X 60 X 15 cm), sobre a que se asenta un pináculo troncopiramidal que na unión coa peza anterior fai un chafrán dobre inverso (na parte máis estreita, de 34 X 34 cm). O pináculo ten de lado 60 cm e de alto 169 cm, contando tamén o piramidión (24 X 14 X 12 cm).

Na cara meridional do anterior ten un reloxo de sol ou cuadrante (43,5 X 49,5 cm), en posición vertical con respecto ao lado da pirámide, para o que na parte inferior sobresae 2 cm e na superior 8 cm. Actualmente atópase en mal estado, roto e a maioría dos números romanos e as liñas horarias case ilexibles. Tamén lle falta o gnomon ou estilo metálico, do que quedan os dous buratos onde se suxeitaba á pedra. Case seguro que estivo pintado: o fondo branco e o demais negro.



Marco da legua do Cruceiro (Caldas de Reis).

O campo epigráfico, situado no lado do pináculo que dá ao oeste, á estrada, está gravado en letras maiúsculas ou capitais de trazos rectos e pouco fondos, de diferentes alturas (entre 6 e 9 cm), que lembran as das inscricións romanas, mentres que os números son árabes:

A LA
CORVNA
14
Y SANT.°
4 ½

Á Coruña 14 leguas (por 6.687,24 m = 93.621 m), como queda dito, xusto a carón do marco atópase o fito correspondente ao quilómetro 93, polo que a diferenza entre ambos os dous de pouco máis de medio quilómetro. Tamén neste caso está ben a distancia a Santiago de Compostela: 4½ leguas (por 6.687,24 m = 30.0092 m, que veñen a ser os 30 km actuais).

Consta de 4 pezas, e mide de alto 3,37 m, sen ter en conta a parte oculta do zócolo pola beirarrúa, que talvez non chegue a 10 cm.

Historia

É o primeiro do Camiño Real de Malvar desta feitura, labrados nos últimos anos do século XVIII, antes de 1795.

Non se sabe nada do autor do deseño, pero suponse que fose o arquitecto José Pérez Machado ou o mestre de obras Melchor Ricoy[27].

Estado de conservación


Regular. O reloxo que está roto, fáltalle o gnomon, e os números romanos e as liñas horarias son case ilexibles.

Referencias bibliográficas

< *Patrimonio galego*: «Legoario do Cruceiro»>, 2013.



Marco da legua de Tivo (Caldas de Reis).



Marco da legua de Tivo (Caldas de Reis).

3. Marco da legua de Tivo

Localización

42° 35' 30.04" N

8° 38' 35.17" O

En Tivo, aldea da parroquia e concello de Caldas de Reis. Como os anteriores, na beirarrúa dereita dirección sur da estrada N-550, km 99,900, aproximadamente. Coidamos que está no sitio orixinal, pero afastado cara atrás por mor dos ensanches da estrada.

Cronoloxía

Últimos anos do século XVIII, antes de 1795 en que se conclúe este tramo do camiño.

Descrición

É da mesma feitura que o anterior, do que non se diferenza máis que nas medidas.

Comeza co zócolo (71 X 71 X 21 cm), do que parte está oculto pola terra, cun filete (65 X 65 X 3 cm) por arriba. A continuación a pilastra (59 X 59 X 103 cm), labrada nun único bloque xunto co zócolo e o ábaco, este último na parte superior (71 X 71 X 11 cm), cun filete por debaixo (65 X 65 X 3 cm).

O seguinte consta dunha base cadrada (60,5 X 60,5 X 14 cm), na que se asenta o pináculo de feitura troncopiramidal, cun chafrán dobre invertido na unión coa anterior (na parte estreita de 34 cm de lado). O pináculo ten de ancho 60 cm e de altura 163 cm, sumando tamén o piramidión (25 X 25 X 13 cm).

Na cara sur do anterior hai un reloxo de sol (43,5 X 50 cm), que só se diferenza do do Cruceiro en que é 5 cm máis alto. Está en posición vertical, separado por debaixo 2 cm e por arriba 8 cm. Non conserva o gnomon e os números romanos e as liñas das horas case non se distinguen, pero quedan restos de chumbo nos dous buratos onde encastaba o primeiro na pedra. É de supoñer que estivese pintado: o cuadrante de branco e o resto de negro.

Carece de campo epigráfico gravado, pero talvez o tivo pintado do que agora non quedan vestixios apreciables, dando fronte á estrada, aínda que pola distancia que hai ao anterior, sábese que non falta ningún marco intermedio e que corresponde ao da legua 15 á Coruña (por 6.687,24 m = 100.308 m), que agora está no km 99,900, aproximadamente, situación que confirma que debe continuar no sitio orixinal. No tocante a Santiago de Compostela, quedaría a 5½ leguas (por 6.687,24 m = 36.779 m), 36,5 km.

Consta só de 3 pezas de granito: unha corresponde ao zócolo, fuste, ábaco, base e parte do pináculo ata máis arriba do reloxo, e a outra ao remate deste último e ao piramidión. Mide en total 3,45 m, de xeito que é o segundo en altura dos cinco deste tipo, superado unicamente por 3 cm polo do Cunchido.

Historia

A mesma do anterior, só que é o segundo que hai no Camiño desta feitura de estilo neoclásico, e que, como queda xa dito, suponse que o deseñador fose o arquitecto José Pérez Machado ou o mestre de obras Melchor Ricoy.

Estado de conservación

Regular. O reloxo perdeu o gnomon e os números e as liñas horarias non se distinguen.

Referencias bibliográficas

BASANTA CAMPOS, J. L.: *Relojes de piedra en Galicia,* 1986, p. 53[28].

4. Marco da legua da Gándara



Marco da legua da Gándara (Barro).

Localización
42° 31' 58.75" N
8° 38' 16.90" O

No lugar da Gándara, parroquia de Santa María de Perdecanai e concello de Barro. Como os anteriores, na beirarrúa dereita dirección sur da estrada N-550, aproximadamente no km 106,460.

Case seguro que está no sitio orixinal, aínda que puido ser arredado cara atrás algúns metros cando se ensanchou a estrada.


Cronoloxía
Últimos anos do século XVIII (antes de 1795 en que se conclúe a obra do Camiño).

Descrición
Trátase doutro marco da mesma feitura que os dous anteriores, non variando entre eles máis que as medidas, e moi pouco.

Aséntase sobre un zócolo cadrado (71 X 71 X 15 cm) cun filete pola parte de arriba (66 X 66 X 3 cm), ao que segue o corpo ou pilastra (60 X 60 X 100 cm) que remata nun ábaco (71 X 71 X 11 cm) cun filete (66 X 66 X 3 cm) en sentido contrario do do zócolo. A continuación está a base que terma do pináculo trocopiramidal (60 X 60 X 14 cm), separados ambos os dous por un chafrán dobre invertido, na parte máis estreita de 34 cm de lado. O pináculo no arranque ten de lado 60 cm, e de altura 169 cm, incluído o piramidión (24 X 14 X 12 cm).

O reloxo, orientado ao mediodía, é igual que os anteriores e ata case das mesmas dimensións (43,5 X 46 cm), en posición vertical separado do lado do pináculo na parte de abaixo 2,5 cm e na de arriba 8 cm. É o que mellor se conserva dos cinco marcos que posúen este elemento: ten o gnomon metálico (de forma triangular co lado inferior ondulado), e ademais tamén se distinguen ben case todos os números romanos e as liñas das horas. Orixinalmente estivo pintado: o cuadrante de branco e o resto de negro.

Como o anterior de Tivo, este tamén carece de inscrición gravada, aínda que é de supoñer que tivese cando menos pintado o número correspondente á legua. En particular na pilastra quedan restos de pintura branca. Como non falta ningún intermedio, sabemos que corresponde ao da legua 16 dirección á Coruña (por 6.687,24 m = 106.995 m). Agora está no km 106,450, aproximadamente, do que se deduce que a diferenza entre o camiño



Marco da legua da Gándara (Barro).

antigo e a actual estrada é pequena. A Santiago serían 6½ leguas (por 6.687,24 m = 43.467 m), hoxe en día pouco máis de 43 km.

Consta de 3 pezas graníticas, e mide en total 3,39 m.

Historia

A mesma da dos dous anteriores de igual feitura. Foi labrado nos últimos anos do século XVIII e quizais deseñado por Pérez Machado ou Melchor Ricoy.

Estado de conservación

Bo. Ademais é o único dos cinco que o reloxo conserva o gnomon metálico.

Referencias bibliográficas

BASANTA CAMPOS, J. L.: *Obr. cit*., pp. 53 e 55; 2ª edición, p. 91[29].

<Xunta de Galicia: Consellería de Cultura e Turismo: *Inventario Xeral do Patrimonio*> (só consta que se trata dun elemento de arquitectura civil, denominado *Marco das leguas*).

5. Marco da legua do Cunchido

Localización

42° 28' 42.38" N
8° 38' 33.92" O

A curta distancia da aldea do Cunchido, parroquia de San Vicente de Cerponzóns e concello de Pontevedra. Como os anteriores, na beirarrúa dereita dirección sur da estrada N-550, no km 113,150, aproximadamente.

Case seguro que no sitio orixinal, onde se puxo a finais do século XVIII.



Marco da legua do Cunchido (Pontevedra).


Cronoloxía

Últimos anos do século XVIII, antes de 1795, en que se remata a obra do Camiño Real.

Descrición

É o único que está asentado sobre un baseamento semellante ao dos cruceiros, formado por tres chanzos desiguais, tanto de ancho como de alto (24 X 22 cm, 38 X 22 cm, e 7 X 38 cm), que con moita seguranza pode ser orixinal, o que significaría que non se mudou de sitio dende finais do século XVIII. Posiblemente os cinco do mesmo estilo tivesen este baseamento ou plataforma que desapareceu ao trasladalos de sitio, pero neste caso debido a que se acha a rentes dun terraplén a estrada foi ensanchada cara ao outro lado para non ter que construír un muro de contención.

Sobre o último chanzo aséntase o zócolo cadrado (71 X 71 X 26 cm), adornado cun filete por arriba (66 X 66 X 2,5 cm), ao que segue a pilastra (66 X 66 X 100 cm), e o ábaco (71,5 X 71,5 X 11 cm) tamén cun filete (66 X 66 X 3 cm) neste caso pola parte de abaixo dando fronte ao do zócolo. A peza seguinte é a base cadrada (60 X 60 X 14 cm), que fai de asento do pináculo troncopiramidal que se unen por medio dun chafrán dobre invertido,



Marco da legua do Cunchido (Pontevedra).

de 32,5 cm de lado na parte máis estreita. O pináculo ten de lado 60 cm e de alto 169 cm, incluído o piramidión (24 X 24 X 12 cm).

Na cara do último que dá ao sur campa o cuadrante, da mesma feitura e case medidas que os anteriores (43,5 X 45 cm), en posición vertical (separado 2,5 cm no lado inferior e 8 cm no superior), sen gnomon e os números romanos e raias horarias case ilexibles. Debeu estar pintado: o cuadrante de branco e o demais de negro.

Carece de inscrición, pero puido tela pintada, cando menos, o número correspondinte á legua, que é o 17 dirección á Coruña por non faltar ningún marco intermedio neste tramo (por 6.687,24 m = 113.683 m). Actualmente érguese no km 113,150, aproximadamente, amosando, unha vez máis, que a actual vía case segue o trazado do camiño antigo. A Santiago de Compostela 7½ leguas (por 6.687,24 m = 50.154 m), que corresponden aos a 50 km actuais.

Consta de 3 pezas de granito, e mide, sen contar o baseamento cos tres chanzos, é dicir, dende o zócolo, 3,48 m.

Historia

A mesma dos tres anteriores, dos que se supón que os deseñase o arquitecto José Pérez Machado ou o mestre de obras Melchor Ricoy.

O 25 de setembro de 1998 celebrouse en Cerponzóns o *I Festival Folk-rock «Marco da Legua»*.

Estado de conservación

Bo, agás o reloxo que non ten o gnomon e case non se distinguen os números e as liñas das horas.

Referencias bibliográficas

BASANTA CAMPOS, J. L.: *Obr. cit.,* pp. 53 e 56; 2ª ed., p. 96[30].

<*Patrimonio galego*: «Leguario de Cerponzóns»>, 2014.

<*Meu pobo: Cerponzóns.blog:* «O festival folk-rock en Cerponzóns no ano 1998»>, 2014.

<*Meu pobo: Cerponzóns.blog*: «O Camiño Real: a súa creación e a súa pegada en Cerponzóns»>, 2014.

<*O Roque de Cerponzóns*: «O marco da legua»> 2018.

6. Marco da legua do Marco

Localización

42° 25' 4.01" N


8° 38' 0.69" O

No lugar do Marco, parroquia de Tomeza, concello de Pontevedra, na confluencia das rúas Conde de Bugallal e Pozo da Barcia, e a poucos metros da rúa do Marco. Queda a uns 400 m afastado cara ao oeste da N-550 (Avenida de Vigo).

Se a estrada seguise o traxecto do



Marco da legua do Marco (Pontevedra).



Marco da legua do Marco (Pontevedra).

Camiño Real, cruzando polo casco urbano como antano, estaría, aproximadamente, no quilómetro 120, pero como circunda a cidade, queda á altura do 124. A diferenza entre a vía antiga e a actual é de case 4 km, que, como se verá, tamén lle afecta ao seguinte marco.

Cronoloxía

Non temos coñecemento da existencia de ningún documento gráfico ou descritivo deste monumento, que é anterior á construción do Camiño do arcebispo Malvar, aínda que de data non doada de precisar. Tampouco hai dúbida que se achaba nunha vía moi transitada: primeiro porque preto existía unha ponte –talvez medieval–, coñecida pola «Ponte do Marco», e segundo por se tratar dunha obra de calidade e non dunha sinxela pedra, como sería normal nun camiño secundario.

Malia que sexa totalmente diferente aos outros seis que existen no tramo do Camiño Real de Ponte Valga a Ponte Sampaio, seguro que correspondente á legua 18, xa que coincide na distancia co anterior (o do Cunchido – Cerponzóns) e tamén co posterior (o do Marco – A Cañoteira en Vilaboa).

Descrición

Non se sabe se xa era así ou se só se conserva a parte inferior, a base, formada por un único bloque de granito de forma troncocónica.

Consta dun zócolo cilíndrico (68 cm de diámetro por 21,5 cm de altura), ao que seguen unha escocia e un filete, de 8 e 5 cm de alto, respectivamente. O corpo do marco mide 51 cm de alto, e os diámetros: 56 cm o inferior e 41 cm o superior. A poucos centímetros do remate ten un filete e un bocel (10 cm entre ambos os dous) e, por último, unha rañura todo arredor de sobre 1 cm.

O cimacio é de feitura circular, de 54 cm de diámetro e 9 cm de alto, co parte de arriba redondeada (en chafrán convexo), de sobre 4 cm. de alto, no que hai tres rebaixes laterais iguais, que talvez facían xogo coa parte superior que falta, da que non se coñece a forma.

Non sabemos de ningún marco da legua semellante en Galicia, nin tampouco fóra. O único que garda certo parecido, aínda que ten planta cadrada, é un que se acha en El Escorial, fronte á fachada norte, que se data da mesma época do mosteiro entón sería da segunda metade do século XVI. A diferenza do noso, este posúe campo epigráfico[31].

Historia

A carencia de datos non permite aventurar ningunha hipótese. Só que lle deu nome ao lugar onde se acha (non se sabe dende cando), así como a un camiño e a unha ponte (esta

agora desaparecida). O máis seguro é que non se ache no sitio orixinal, senón que se mudase varias veces, ao urbanizar a zona e ensanchar a estrada.

Non obstante de non ser da mesma feitura, nin da época da obra do arcebispo Malvar, non hai dubida que foi aproveitado como un dos marcos da legua do camiño, que dende a cidade (a porta da muralla de Trabancas), fronte ao santuario da Peregrina, continuaba á desaparecida capela da Virxe do Camiño, e logo polas actuais rúas do Gorgullón e Otero Pedrayo ata o cruce coa do Conde de Bugallal, rúa do Pozo e rúa do Marco, seguindo pola parroquia de Tomeza cara ás de Bértola, Figueirido e Vilaboa, onde se acha o seguinte marco, este xa como os anteriores do Cunchido, A Gándara, Tivo e O Cruceiro, é dicir, dos labrados nos últimos anos do século XVIII.

Estado de conservación

Bo. Pero coidamos que non está completo, que lle falta a parte superior, quizais de forma cónica.

Referencias bibliográficas

Non temos constancia de ningunha.

7. Marco da legua do Marco ou da Cañoteira

Localización

42° 21' 58.76" N
8° 37' 50.22" O

A curta distancia da aldea da Cañoteira, no lugar do Marco, parroquia de San Martiño de Vilaboa, concello do mesmo nome. Na beirarrúa dereita, dirección sur, é dicir, cara a Ponte Sampaio, no actual km 129,950, aproximadamente, da N-550. Así era cando se fixo o traballo de campo (xullo de 1918), xa que con posterioridade foi desmontado e retirado co gallo de ensanchar a estrada. Cando este artigo entrou no prelo aínda non se volvera poñer.

Se a estrada non circundase a cidade de Pontevedra e seguise o traxecto do Camiño Real, habería sobre tres quilómetros e medio menos, cadrando entón co sitio onde se acha agora (sería o km 126,650, aproximadamente).

Cronoloxía

Últimos anos do século XVIII, contra 1795, en que se conclúe a obra ata Ponte Sampaio.

Descrición

É o último que hai no traxecto Ponte Valga – Ponte Sampaio, no tramo do Camiño Real sufragado polo arcebispo Malvar. No mes de setembro de 2018 foi desmontado e retirado, polo que a descrición que se dá corresponde a antes desa data.

Daquela a terra cubría o zócolo e o filete, que supoñemos de semellante altura aos anteriores: o primeiro, estaría entre os 26 e 10 cm dos do Cunchido e O Cruceiro; e o segundo, entre os 3 e 2,5 cm dos de Tivo e A Gándara, e O Cruceiro e O Cunchido. O corpo ou pilastra (60 X 60 X 100 cm), remata nun ábaco (71 X 71 X 11 cm) adornado pola parte inferior cun filete (65 X 65 X 3 cm). Na cara que dá á estrada atópase o campo epigráfico ou



Marco da legua do Marco ou da Cañoteira (Vilaboa).

O concello realizou un programa de mellora de instalacións deportivas que incluíu as pistas polideportivas cubertas e descubertas do concello e a renovación de equipamentos como os asentos das gradas e vestuarios do campo de fútbol do Carregal.

17 de marzo de 2018
Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral «Helena: Xuízo a unha lurpia» interpretada pola compañía Teatro do Atlántico. Organizado polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.
Marzo de 2018
O alcalde de Betanzos, Ramón García Vázquez, mantivo en Madrid unha reunión co director xeral de Industrias Culturais e do Libro, Oscar de Santa María Gómez-Mampaso e a subdirectora xeral de Cooperación Cultural coas comunidades autónomas, Grial Ibáñez de la Peña, co fin de solicitar colaboración para a celebración o próximo ano 2019 do 800 aniversario da Fundación de Betanzos.
Marzo de 2018
O concello concedeu 160 axudas para escolares de infantil, Primaria e Secundaria, co obxecto de compensar ás familias con escasos recursos económicos a compra de libros e material escolar.



Arume

18 de marzo de 2018
O comercio *Calzados Escala* foi o galardonado co VIII Premio Úrsula Meléndez de Texeda, organizado polo Concello de Betanzos. Valorouse o seu labor e traxectoria profesional de cinco xeracións de mulleres vinculadas ao comercio desde o século XIX. Beatriz e Victoria Gómez Iglesias recolleron o galardón.
21 de marzo de 2018
Organizadas polo concello para a celebración do Día da Poesía, celebráronse diversas sesións nos centros de ensino co recital «Celebrar o verso» por conta da escritora galega Antía Alonso.


Marzo de 2018

Rematáronse as obras de construcción da área de ocio da rúa Cruz Verde, onde se tratou de lembrar as vivendas xudeas e antigas profesións como a recolleita de lúpulo.

24 de marzo de 2018

Betanzos sumouse á hora do planeta apagando a luz en edificios oficiais. Esta iniciativa foi promovida polo Fondo Mundial para a Natureza para concienciar sobre a necesidade de evitar o cambio climático.

24-31 de marzo de 2018



Ao longo destes días desenvolvéronse os actos de Semana Santa, declarada recentemente de Interese Turístico de Galicia, que foron organizados pola Confraría de Semana Santa de Betanzos. Deron comezo coa lectura do pregón por parte de de D. Alfonso Carrasco Rouco, Obispo de Lugo**.** Contouse con actuacións musicais dentro do III Ciclo de Música Sacra no que participaron: Coro Cantabile, Coral polifónica de Betanzos, Grupo Sondenós, María Lueiro, Pablo Carballido, Pedro Martínez, Ayazo Zemba, Clara Jelihovschi e Florian Vlashi coa Camerata Brigantina. Programáronse as procesións seguintes: «A Borriquiña», Vía Crucis, Santo Encontro, Santo Enterro e as procesións dos Caladiños e da Soidade, que contaron coa participación das sopranos Victoria Álvarez, Cristina López e Nuria Lemos, da Banda de gaitas e tambores Zucurrundullo de Castroverde (Lugo) e da Banda Acotaga de Ferrol, da Banda Municipal de Música de Betanzos, Agrupación musical Virxe da Amargura de Ferrol e da Agrupación musical Santísimo Cristo da Boa Morte de Ferrol. No convento de San Francisco puido contemplarse unha exposición de maquetas de arte sacra, cedidas por Francisco Escudero. O mal tempo permitiu soamente a salida de tres das seis procesións programadas.

3-21 de abril de 2018

Na Sala Jesús Núñez do edificio Liceo tivo lugar a exposición de pintura titulada titulada «Catro médicos por Betanzos», de Xesús Vázquez, Leo García, Pablo Galego e Tino Cuesta.

4 de abril de 2018

Nos centros de ensino da localidade tivo lugar o espectáculo «Aldaolado porque si» por conta das poetas galegas María Lado e Lucía Aldao, con motivo da programación do Día da Poesía organizado polo concello.

6 de abril de 2018

Na Sala Multiusos do Edificio Liceo tivo lugar a a presentación do libro «Historias de Neofalantes» de Manuel B. Dans, nun acto organizado pola Asociación Cultural Eira Vella.

13-29 de abril de 2018

No edificio Liceo tivo lugar a exposición «Semana Santa de Betanzos 2018», na que se amosaron as fotografías presentadas ao concurso da Confraría de Semana Santa de Betanzos, xunto coas instantáneas da mesma temática de diversos profesionais.

14 de abril de 2019



O alcalde, Ramón García e o presidente da Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña, Fernando Souto descubriron unha placa sobre un monolito, na Magdalena, á beira da antiga fábrica de curtidos, que lembra aos represaliados e fusilados de Betanzos e da comarca.

14 de abril de 2018
Na Aula de Cultura Xulio Cuns celebrouse o VI Encontro de Escolas de Música Tradicional, organizada polo concello, coa participación da Tradescola de Lugo e da Escola Municipal de Folclore de Betanzos (EMuF).

15 de abril de 2018
A atleta betanceira, Mónica Granero proclamouse, por segundo ano consecutivo, campiona do VII Maratón Coruña42 e o campionato galego.

17 de abril de 2018
No Edificio Liceo, organizado polo concello, tivo lugar a presentación-concerto do proxecto «En los márgenes del pentagrama, a orillas del Plata y el Mandeo» por conta do grupo de cámara Zoar.

18 de abril de 2018
Betanzos sumouse á loita contra a velutina cunha campaña na que se entregaron trampas aos veciños para limitar esta especie invasora.

21 de abril de 2018
Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «Estado de graza» interpretada pola compañía Teatro do Noroeste. Organiza o Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

23-26 de abril de 2018
Ao longo destes días celebraronse diversas actividades, talleres e contacontos, programados polo concello nos centros de ensino da cidade para celebrar o Día Internacional do Libro e a Lectura.

23 de abril-31 de maio de 2018
Con motivo da celebración do Día Internacional do Libro e a Lectura tivo lugar a campaña «Betanzos. Poesía no comercio» nas tendas betanceiras, coa difusión das poesías galegas creadas polo alumnado do CEIP Francisco Vales Villamarín. Esta actividade estivo organizada polo Concello de Betanzos e o Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística do CEIP Francisco Vales Villamarín.


Arume

24 de abril ao 2 de maio de 2018
Na Sala Jesús Núñez do edificio Liceo, organizada polo concello, tivo lugar a exposición fotográfica «A muller en Betanzos: dous séculos», sobre a evolución do papel da muller a través do tempo nas imaxes do Arquivo Histórico Municipal e das do concurso «O papel das mulleres betanceiras hoxe» no que participaron alumnos do IES Francisco Aguiar.


César

26 de abril de 2018
María Illobre Caamaño recibiu unha homenaxe no Espazo+60 Afundación de Betanzos, coincidindo co Día Europeo da Solidariedade Interxeneracional, pola súa implicación e participación.



César

28 de abril de 2018

Betanzos foi o lugar de encontro da Xuntanza Motera organizada polo Motoclub Betanzos, á que asistiron numerosos participantes de toda Galicia e que contou con exhibición de minimotos e PitBikes na praza do Campo, asícomo diversos concursos e xogos.

Maio de 2018

Ao longo deste mes levouse a cabo o programa de actos das Letras Galegas organizado polo Concello, que este ano estivo dedicado a María Victoria Moreno. Para o seu desenvolvemento contouse coa participación de diversas agrupacións culturais betanceiras, da Rede Cultural da Deputación ademais das propias institucións municipais, como o Museo das Mariñas co mes de portas abertas ou unha exposición bibliográfica na Biblioteca Municipal Castelao. Aitor Coronado Lucas, de quinto de Primaria do colexio Vales Villamarín foi o gañador do Concurso de carteis das Letras Galegas.

1 de maio de 2018

Celebrouse o «Canto dos Maios» polas prazas da cidade, por conta de parte do alumnado da Escola Municipal de Folclore de Betanzos (EmuF) e do CEIP Francisco Vales Villamarín.

4-5 de maio de 2018

Desenrolouse estes días a II edición da «Primavera no Camiño Inglés» organizado pola Deputación da Coruña en colaboración co o Concello de Betanzos, na que se promocionaron os recursos turísticos, gastronómicos, culturais e artesanais dos dezaoito concellos polos que transcorre esta ruta xacobea. O Presidente da Deputación, Valentín González, foi o encargado de inaugurar o evento xunto coa directora de Turismo de Galicia, Nava Castro.



Arume



Arume

6 de maio de 2018

Celebrouse a Volta Banco Mediolanumá Ría de Betanzos, organizada polo club As vellas non paramos e o concello. O evento deportivo contou coa participación da Federación Galega de Atletismo. Participaron arredor de 250 corredores resultando gañador Nuno Costa; Berta Pan, na categoría feminina e Ángel López, en cadeira de atletismo.

11 de maio de 2018

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar o espectáculo «BellónMaceiras Concerto Didáctico» por conta do grupo BellónMaceiras Dúo. Foi organizado polo Concello dentro do Programa Cultura no Camiño 2018 da Agadic (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria) e Turismo de Galicia.

15-30 de maio de 2018

No Edificio Liceo tivo lugar a exposición «A pegada ecolóxica», cedida polo Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA).

15-31 de maio de 2018

Na sala de exposicións Jesús Núñez tivo lugar a mostra de pintura titulada «Personaxes», da artista Carmen Prado.





Arume

16 de maio de 2018

No edificio Liceo tivo lugar o acto de entrega dos premios do VIII Concurso de carteis das Letras Galegas e de Creación Literaria. Os gañadores das distintas categorías foron: Mariña Erias Castro categoría ESO, Lucía Guillín Gasal en bacharelato e Ciclos Formativos e en categoría aberta para Raquel Vázquez Díaz.

17 de maio de 2018

Na Aula Municipal de Cultura Xulio Cuns tivo lugar o espectáculo «As aventuras de Gale» por conta da Xanela do Maxín. Foi organizado polo Concello a través da Rede Cultural da Deputación da Coruña.

18 de maio de 2018
Carlos Arévalo, padexeiro do C.N Ría de Betanzos, acadou a medalla de plata na Copa do Mundo en K1 200 metros disputada en Szeged (Hungría). Días pasados acababa de proclamarse campión de España no encoro asturiano de Trasona.


laopinion.es

19 de maio de 2018
Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación do espectáculo «O Lobo e a Lúa» por conta da compañía Baobab Teatro. Foi organizado polo Concello dentro do Programa Cultura no Camiño 2018 da Agadic (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria) e Turismo de Galicia.

20 de maio de 2018
Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a posta en escena do espectáculo «A Danza das Letras» por conta da Escola de Danza Danzarte. Foi organizado pola Escola de Danza Danzarte.

21 de maio de 2018
Tivo lugar a visita do conselleiro de educación, Román Rodríguez, que foi recibido polo alcalde, Ramón García quen lle presentou o proxecto de ampliación do patio cuberto da escola de educación infantil do CEIP Francisco Vales Villamarín. Estiveron acompañados de varios concelleiros e membros da comunidade educativa. Estiveron acompañados, entre outros, pola Concelleira de Educación, María Barral, o edil e senador do PP, José Ángel Rodríguez Prieto, e polo director do centro, Alejandro Sánchez.



23 de maio de 2018
Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar o espectáculo teatral «Veneris Dies», formado por diversas pezas breves, interpretado polo alumnado do Estudio de Teatro Casahamlet.

26 de maio de 2018
Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «Falar sen cancelas» interpretada pola compañía Culturactiva. Foi organizado polo Concello dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.


César

27 de maio de 2018
O pescador Betanceiro Maximino Rey Otero conseguíu o primeiro salmón da tempada no río Mandeo, onde había dous anos que non se pescaba ningún.



Maio de 2018
Neste mes desenrolouse a campaña «calidade cerca de ti», lema da campaña de Promoción de mercados municipais da concellería de Feiras e Mercados. Complementouse coa campaña «Quere o teu mercado» levada a cabo pola Dirección Xeral de Comercio e Consumo. O obxectivo foi apoiar, promocionar e visibilizar o papel dos mercados nas cidades, potenciado o produto local.

27 de maio de 2018
Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar o concerto de presentación do disco «Diario de un analfabeto» do grupo MGV Trío.

31 de maio de 2018
No edificio Liceo tivo lugar a presentación do libro «Atlantidade: Mulher d´Água. Contos de mulheres e o mar» de Adela Figueroa Panisse con deseños de Celsa Sánchez Vázquez e editado pola Fundación Eira, que contou coa presentación de Xurxo Souto. O acto foi organizado polo Concello de Betanzos dentro do Programa das Letras Galegas.

1 de xuño de 2018
Na Igrexa de San Francisco terá lugar o concerto «No bico un cantar 2018», organizado polo Consello da Cultura Galega, a Secretaría Xeral de Cultura da Xunta de Galicia e o Concello de Betanzos.

2 de xuño de 2018
Na Praza dos Irmáns García Naveira tivo lugar o festival «Elas son artistas», con obradoiros de pintura e a actuación musical do grupo «Blues do País». Foi organizado polo concello, Deputación da Coruña e «Elas son artistas».



3 de xuño de 2018
Na igrexa de Santiago e dentro dos actos do Corpus tivo lugar a interpretación da Danza de Xastres por conta do Grupo Azougue da Escola Municipal de Folclore do Concello de Betanzos, recuperando unha tradición centenaria.



8-10 de xuño de 2018

Celebrouse ao longo destes días na Praza do Campo, organizado pola Asociación de Comerciantes e Empresarios (ACEBE), «Betanchef», unha iniciativa que combina compras, entretemento e agasallos.

9 de xuño de 2018

Dentro das actividades do Día da Diversidade organizadas polo Concello, celebrouse no Cine Alfonsetti a proxección da primeira longametraxe de temática LGTB rodada en galego «Nove de Novembro», dirixido por Lázaro Louzao e na que participou como actor betanceiro, Brais Yanek.

10 de xuño de 2018

Tivo lugar na catedral de Lugo a Ofrenda ó Santísimo Sacramento dentro das solemnidades do Corpus, que este ano correspondeu á cidade de Betanzos a través do seu alcalde, D. Ramón García Vázquez, quen como Delegado Rexio realizou a dita ofrenda no transcurso dunha Misa Solemne. A misa foi oficiada polo arcebispo de Santiago, D. Julián Barrio, contou coa presencia de representantes de cada unha das provincias do Antigo Reino de Galicia, como vén sendo habitual desde o ano 1669 en que se realiza. O alcalde estuvo acompañado por numerosos betanceiros.

Ofrenda que fai o alcalde da moi nobre sempre leal e real cidade de Betanzos dos Cabaleiros como delegado do antigo reino de Galicia no domingo da oitava da solemnidade do Corpus Christi na igrexa catedral de Lugo o presente ano de dous mil dezaoito

Retorno hoxe aquí, a esta marabillosa catedral de Lugo, en delegación do Antigo Reino de Galicia, para facer presente, unha vez máis, esta fermosa tradición, que simboliza, entre outras cousas, que os galegos e as galegas podemos camiñar xuntos como pobo cara ao futuro, mais sempre coa bandeira da fraternidade, cara a nós mesmos e cara aos demais.

Quero comezar facendo un voto pola convivencia, no desexo de que todos xuntos construamos unha sociedade cada día máis aberta, culta, máis tolerante, máis cívica.

Vivimos un momento clave no que a sociedade debe adaptarse aos novos tempos, ás novas formas de relación, ás novas realidades e situacións. Asumimos ese reto e facémolo como sempre o fixemos os galegos, con decisión e determinación, convencidos de que podemos salvar ás dificultades, resolver os problemas, seguir crecendo, e facendo unha Galicia mellor onde todos e todas poidamos vivir con respecto mutuo, sen perder os dereitos que con xustiza nos pertencen como persoas.

Poque estou convencido de que a sociedade que anhelamos, a Galicia que queremos, a que perseguimos, só é posible dende a liberdade, a tolerancia, e o esforzo común.

Son estas cualidades as que fixeron posible o noso pobo, e son estes mesmos valores sobre os que poderemos avanzar con seguridade cara ao futuro.

Betanzos, en nome das antigas cidades do reino de Galicia, solicita, señor, a vosa intercesión para superar os retos que acompañan os momentos dificiles que vivimos a novel xeral. Como sociedade valente e emprendedora, que non se resigna pasivamente a esperar o fin dos problemas senón que quere ser parte da súa solución, invocamos a túa protección para que nos audes e nos deas a enerxía necesaria para loitar unidos por un futuro máis próspero, un mañá mellor.



Todo isto, señor, prégavolo unha Galicia que é consciente de que é o momento de emprender unha tarefa común que a todos nos afecta, unha reconstrución económica e social, un novo modelo que amplíe as oortunidades de progreso de toda a cidadanía. Temos moito traballo por diante e precisamos de todos para facelo.

Neste proceso, sentimos que é imprescindible contar coa participación da xuventude, porque non podemos resignarnos a considerar os nosos mozos e mozas como unha xeración perdida, xusto ao contrario, queremos facer deles verdadeiros protagonistas do futuro e non desistir no empeño de que acheguen o seu ímpeto e a súa fortaleza nesa viaxe cara a unha nova sociedadeque agora emprendemos.

Nestas tarefas pedimos que nos axudes, para que os nosos mozos en vez de camiñar de novo cara a migración milenaria, volvan a ter traballo en Galicia. Axúdanos tamén para que a pobreza, que é unha triste realidade en moitas familias galegas, quede borrada do noso mapa social.

Non me esquezo dos maiores, os doentes… a todos eles protéxeos como sempre fixeches ao igual que os emigrantes da nosa terra que miran hoxe con nostalxia cara a Galicia.

Os galegos e as galegas poboamos sucesivamente boa parte da Península Ibérica, das illas británicas, do occidente da Europa continental, ademais de América e outras latitudes. Sabemos adaptarnos con humildade e con traballo a todo tipo de circunstancias e coñecemos ben o que significa ser emigranate.

E debe ser por iso polo que somos un dos pobos máis hospitalarios do mundo, como o recoñece o Codex Calixtinus cando fala do Camiño de Santiago, un camiño de peregrinación, por certo, herdeiros doutros máis antigos e que nos converte en meta e centro de Europa e do mundo, a pesar de situarnos nun finisterre xeográfico. Mimar este Camiño polo que é e polo que significa, máis aló das crenzas íntimas de cada quen, debe ser un dos obxectivos de calquera galego, pero sempre coa visión ampla de que este camiño articula espiritualmente Europa e, en certo modo, o mundo enteiro.


Pídoche, Señor, que nos axudes neste traxecto, que non deixes que o medo ó futuro nos atenace, e que fagas de nós un exemplo de ilusión e de esperanza no porvir. Que o espírito deste día de festa e de ledicia, no que proclamamos a nosa unidade e a nosa fraternidade universal, non esmoreza nunca. Que a esperanza estea sempre en nós.



11 de xuño de 2018

Coa entrega de diplomas rematou a Campaña de Educación Vial impartida polo concello a través da delegación de Tráfico para máis de trecentos alumnos de primaria do colexio Francisco Vales Villamarín.

16-19 de xuño de 2018



No Edificio Liceo tivo lugar a exposición «XX aniversario da AAVV O Norte».

Xuño de 2018

A moza brigantina, Julia Nieto Mantiñán, estudante do IES Francisco Aguiar, foi a gañadora, en categoría xuvenil, do concurso de relatos Inspiraciencia, organizado polo Consejo Superior de Investigaciones Científicas y la Fundación Española parala Ciencia y la Tecnología.

17 de xuño de 2018

Celebrouse o XXI Encontro de Bandas de Música coa participación da Banda de Música de Santiago de Arteixo e a Banda Municipal de Música de Betanzos.

Xuño, xullo, agosto de 2018



Ao longo destes meses veuse celebrando o programa de paseos polo río ata Os Caneiros na lancha Diana Cazadora.

20 de xuño de 2018

Deuse a coñecer o ganador do concurso para o logo da celebración do 800 aniversario da cidade de Betanzos dotado cun premio de 3.000 euros, que recaeu no diseñador gráfico, Alberto García.

26 de xuño-12 de xullo



No edificio Liceo tivo lugar a exposición fotográfica «Sorrisos transformadores», co fin da visibilización, sensibilización e naturalización do colectivo trans dentro das actividades do Día da Diversidade. Foi organizada polo Concello, Deputación de Pontevedra, Asociación de Familias de Menores Trans de Galicia (ARELAS).

27 de xuño de 2018

Tivo lugar a clausura do obradoiro de emprego promovido pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, no que se deu formación a 20 persoas en dúas especialidades, e no que participaron, ademais de Betanzos, os concellos de Abegondo, Carral, Coirós e Paderne.

28 de xuño-16 de xullo

Na Sala de Exposicións Jesús Núñez do edificio tivo lugar a exposición fotográfica da betanceira María Selgas Pérez titulada «Asfixia».

30 de xuño de 2018

Celebrouse no Campo da Feira o evento «Música Local 15300 BTZ», no que participaron oito bandas locais: «Radio Infame», «Stacy Karre Limbos», «Rojo Sugar», «Still Broken», «Bebidos Espirituosos», «Keko», «Dr. Garimba» e «Punk-Tojas».

1 de xullo de 2018

Foron máis de catrocentos nenos os que participaron na V MiniBtt organizada polo club Caimanes de Betanzos no entorno do Pasatempo.

Xullo-setembro de 2018
Ao longo destes meses leváronse a cabo as actividades do programa «Verán para todos en Betanzos», organizadas polo Concello en colaboración coa Xunta de Galicia, Deputación da Coruña, Abanca e Gadis. Estiveron compostas de campamentos, obradoiros, cursos, actividades deportivas, musicais turísticas e culturais.

4 e 5 de xullo de 2018
Na Igrexa de Santo Domingo, dentro dos actos culturais previos da XXI Feira Franca Medieval, tiveron lugar os concertos de música antiga por conta dos grupos grupo Canta Compaña e La Xácara.



6-8 de xullo de 2018
Celebrouse a XXI edición da Feira Franca Medieval, declarada de Interese Turístico de Galicia, que contou con diversas recreacións históricas realizadas por voluntarios e grupos teatrais: expulsión dos leprosos, tributo das cen doncelas, torneo medieval... A Feira deu comezo coa lectura do pregón por conta do actor mugardes e alma mater da Feira Medieval desde os seus inicios, Manuel Basoa.

Pregón da XX Feira Franca Medieval
Pregón Feira Medieval
Sr. Pérez de Andrade, Sr. Correxidor, membros do Consistorio, Sr. Obispo, Cabaleiros, Belidas Damas, Betanceiras, Betanceiros, Xentes de toda Galicia e mesmo de España, que estades aquí para visitar a famosa Feira Medieval da fermosa Cidade de Betanzos.
Hoxe teño a honra de dirixirme a todos vostedes para pregoar as maravillas da Cidade de Betanzos e así mesmo falar un pouco dos Betanceiros e Betanceiras, que levan con eles unha historia extraordinaria, estas xentes que son traballadores, loitadores, valentes, trouleiros e emprendedores.

Traballadores, pois xa cando os exércitos romanos chegaron a Brigantia xa tiñan as plantacións de viño, e como di a canción, chícharos, patacas novas, repolo de Betanzos e máis cebolas, así mesmo, mariñeiros e pescadores.

Loitadores, pois no ano 783 comandados polos irmáns Figueroa pelexaron contra dos mouros que enviados por Abb-el-Rahaman, querían levar seis doncelas, tres nobres e tres plebeias, para o harén de Córdoba, e aquí deron morte a Yusuff Hamar que comandaba as tropas mususlmanas. No ano 884, os normandos comandados por Horrich queimaron e saquearon a Cidade de Betanzos, pero foron repelidos por un exército formado por nativos da Cidade. O Rei Alfonso VIII de Castela, cunha licencia do ano 1212, concedeu a Betanzos o título de Vila, acolléndoa baixo a proteción real. No ano 1219, por Real Cédula de Alfonso IX, Rei de León, Betanzos é trasladado o Castro de Untia. No ano 1255, reinando Alfonso X, A Coruña acada favor Eal para descarga de sal, que ata entón era no porto de Betanzos. No ano 1350, o Rei Alfonso XI, otorgou privilexios a liberdade de tributos os productos do campo e pesca, diezmo de viño e pescado, premiando os servicios de armas, prestados polo pobo de Betanzos na Batalla de Tarifa. No ano 1416, a Vila de Betanzos, fixo un voto ó seu Patrón San Roque, fundando a Confraría do seu nome e tentando de construir unha capela na súa honra. No ano 1465, o Rei Enrique IV, concedeu o título de Cidade e son colocados na Porta da Vila, tres escudos, un de Castelos e Lións, que son as armas reales, outro do Reino de Galicia, que leva cinco copóns e o terceiro de Betanzos, de Torre con Coroa mesmo seis roeles, tres a cada lado, enriba dunha ponte e dun río, baixo a inscrición «ESTA CIBDAD ES DE LAS DEL REY». Os veciños tiñan o privilexio de mercar dereitos libres, e cada nao, dez varas de pano fino, reparto de cen mollos de sal dos seus alfolíes, a venda de viño na Coruña e liberdade portuaria no peirao de Betanzos. No ano 1490, os Reia Católicos confirman o título de Cidade e son restauradas as murallas que circundan a Cidade e dan a capitalidade dunha das sete provincias do Reino de Galicia. No ano 1569, reinando Felipe II, un incendio arrasou a maior parte do núcleo urbán, e os adegueiros trataron de apágalo lume co viño dos seus bocois. No ano 1591 o Rei Felipe II promulgou as ordenanzas municipais. NO ano 1623, no reinado de Felipe IV, Galicia é restituida do seu dereito a Voto en Cortes, sendo o seu primeiro procurador o betanceiro Antonio de Castro e Andrade, nomeado Cortina de Cámara da súa Maxestade, segundo consta na súa tumba no mosteiro de San Francisco.


Arume


Arume

Valentes, pois no Reinado de Felipe V, ano de 1734, créase o Reximento de Betanzos que prestou servicios á Patria e destacou na liberación da Cidade de León,o 12 de xuño de 1810 entre outras loitas. No ano de 1841, desaparece este bizarro reximento reinando Isabel II a quen se lle debe a nova organización territorial, que anula a Provincia de Betanzos en 1834.
Trouleiros, pois as Festas do San Roque, famosas en toda Galicia, Os Caneiros e tantas outras que son orgullo da cidade de Betanzos.
Emprendedores, pois hai moitos Betanceiros que emigraron ás Américas creando Centros de Cultura, traballos, negocios e axudas a tódalas xentes que emigraban a busca de progreso, así mesmo despois da nosa guerra foron a Inglaterra, onde aínda residen moitos Betanceiros, e nos anos anos 60, 70 e 80 a emigración foi para Alemaña, Francia, Suiza e outros países de Europa. Moitos crearon escolas e vivendas para os veciños, parques, salóns de baile, cine e fixeron da Cidade unha das máis fermosas de Galicia.
Ben, hoxe para rematar a miña parolada e despois de pasar vinte anos confesando ás mulleres na Feira Medieval, despois das cinco da mañá, naturalmente, vou confesarvos que non teño inconvinte en confesar tamén ós homes, pero para iso teño que pedirvos unha cousa e que espero me contestedes. Por iso pregunto. ¡BETANCEIROS QUE QUEREDES!
¡QUE SUBA O PAN E QUE BAIXE A CAÑA!

13-15 de xullo de 2018
Dentro do programa de actuacións do VII Festival BetanJazz, organizado polo Concello, celebráronse na praza da Constitución concertos dos grupos: Diego Negro & The Berefoot Zen Wondererds, Azougue e Black.
17 de xullo-2 de agosto
Na Sala de Exposicións Jesús Núñez tivo lugar a exposición colectiva titulada «Paseo atlántico», do Grup Raima Valencia.


Arume

18 de xullo-28 de agosto de 2018
Ao longo destes días as rúas de Betanzos acolleron as obras participantes na XVI Bienal Balconadas, organizada polo Concello. O primeiro premio foi para o artista valenciana, Tania Ansio Martínez coa obra titulada «Espacios múltiples». Os accésits foron para Lucía López Sánchez e para Raúl Gil.
20 de xullo de 2018
No Pleno deste día renunciou o ata o de agora alcalde, Ramón García Vázquez.
21 de xullo de 2018
Celebrouse na Praza dos Irmáns García Naveira o «XXII Festival de Folclore Día de Galicia» organizado polo Concello. Participaron: Grupo La Encina (Olivenza-Badajoz), Obradoiro de Cultura tradicional Ultreia (Santiago de Compostela) e Grupo Azougue (da EMuF de Betanzos).



26-28 de xullo de 2018
Desenrolouse ao longo destes días no Cine Alfonsetti a XVII Semana Internacional do Cine de Betanzos, organizada polo Concello de Betanzos, e dedicada nesta edición ao actor ferrolán Javier Gutiérrez baixo o título «Animal cinematográfico».



Arume

27-28 de xullo de 2018
Desenrolouse ao longo destes días o III Festival de Artes Escénicas na Rúa «Vai de rúa», organizado polo concello coa colaboración da Deputación da Coruña. Participaron nesta edición as compañías: Pistacatro, Entremans, Exire, Sue Moreno, Cía IO, Caxoto, o grupo Pablo Díaz, ademais do grupo The Revival Stompers, Soledad Felloza e o Mago Rafa.



28 de xullo de 2018

No Paseo da Tolerancia tivo lugar a Noite de Djs coa actuación do *Dj* Sebas e participantes no obradoiro de *Dj* organizado pola OMIX (Oficina Municipal de Información Xuvenil).

Agosto de 2018

Dentro do Plan Provincial de Obras levaronse a cabo os traballos de mellora da rúa da Cerca así como das redes de abastecemento e saneamento.

4 de agosto de 2018

Celebrouse a xornada «Caneiros en familia», organizada polo Concello e destinada a difundir e inculcar os valores tradicionais da romaría.

6-31 de agosto de 2018

Na Sala de Exposicións Jesús Núñez tivo lugar a exposición titulada «Cartelismo no San Roque» realizada polo Arquivo Municipal de Betanzos e que recolleu carteis de festa desde 1880, así como fotos da evolución das festas ao longo dos anos.



Arume

6 de agosto de 2018

Na sesión plenaria deste día foi investida alcaldesa Dª. María Barral Varela despois de que presentara a súa dimisión D. José Ramón García Vázquez por motivos de saúde.

Pablo Beade Pérez entrou a formar parte da Corporación municipal en sustitución da acta do exalcalde, Ramón García, asumindo as tarefas de Turismo, Xuventude, Promoción económica e Protocolo dentro do equipo de goberno.

13 de agosto de 2018

Na igrexa de Santiago celebrouse o tradicional Concerto Cidade de Betanzos, coas actuacións da Agrupación Musical Carlos Seijo, a Coral Polifónica de Betanzos e a Banda Municipal de Música do Concello de Betanzos.

14 de agosto de 2018

Na praza da Constitución a alcaldesa María Barral, coroou á raíña das festas, a moza brigantina Sandra Sánchez Gómez. Seguidamente, desde o balcón da Casa Consistorial tivo lugar a lectura do pregón a cargo do maxistrado betanceiro Antonio Fraga Mandián. Este acto representou o comezo oficial das festas.



Arume



Arume

Pregón das Festas de San Roque

En primer lugar, no quiero desaprovechar esta ocasión para en público dar la enhorabuena a la nueva alcaldesa que ante esta nueva singladura y haciendo acopio de grandes dosis de trabajo e ilusión habrá de conseguir éxitos que no sólo serán personales, sino que han de redundar en beneficio de todos nosotros. Y en esta tarea no hemos de dejarla sola sino que sus conciudadanos y particularmente los grupos políticos que representan las distintas opiniones y creencias de los betanceiros, han de apartar sus diferencias en pos de un propósito común e irrenunciable cual es el bienestar de los vecinos de esta ciudad, objetivo que tendrá muchas variantes que habrá que consensuar y modular, pero que en último término han de estar respaldadas por todos o por amplias mayorías. Decía Lyndon Johnson (presidente de los EEUU) que «No hay problema que no podamos resolver juntos y muy pocos que podamos resolver por nosostros mismos».

A continuación, como es obligado, no puedo sino mostrar mi sincera gratitud por la deferencia que se ha tenido conmigo al confiarme la labor del pregón, tarea que asumo gustoso, pues es un placer,



máxime para un betanceiro, poder anunciar la celebración de estas fiestas e incitar a nuestros vecinos y a los visitantes a participar en ellas; pero como paso previo es forzoso exaltar y descubrir, para aquellos que no lo conozcan ya, el porqué de acercarse a esta tierra o, por qué no, las prerrogativas y beneficios, casi terapéuticos diría yo, de residir en Betanzos.

He de confesar que la tarea ha sido ardua, sobre todo porque no se trata de una alocución a un grupo de personas con un perfil homogéneo, tal y como acontece en una conferencia o ponencia al uso, sino que me encuentro ante un público muy heterogéneo.

Ya les avanzo que orillaré las referencias a la historia de esta ciudad, dado que personas de mucha mayor erudición en la materiay, por lo tanto, más versadas en esta disciplina, son mejores instrumentos para dar cuenta del grandioso y apasionante tiempo pretérito de la urbe. Y par una información básica al respecto basta consultar la wikipedia. Yo quiero hablarles de otras cosas.

De este modo, en esta ocasiónúnica, y dado el tiempo limitado del que dispongo, me ocuparé de «sintetizar sensaciones» mis sensaciones, la percepción que tengo de esta ciudad tras nacer y vivir prácticamente toda mi vida en ella (salvo cuando por razones profesionales me he tenido que ausentar) el sentimiento de pertenencia a esta comunidad. Y en este empeño realizaré un breve y emotivo viaje al pasado, a mi pasado, y acto seguido una prospección del Betanzos que ansío para el futuro. El bagaje con el que cuento es de dos tercios de una «viviendo Betanzos», «respirando Betanzos», lo que me permite poder echar, con toda la humildad y modestia de la que soy capaz, una mirada atrás y otra hacia delante, desde un punto de equilibrio a medio camino entre la experiencia de lo que aconteció y la ilusión por lo que está por llegar. Y en esta dicotomía entre pasado y futuro desarrollaré este pregón.

PRIMERA PARTE: PASADO

Lo que relataré es seguramente trasladable, con accidentales diferencias, a muchos de los que me escuchan. He nacido en la C/ de La Ribera y en pocos meses nos trasladamos a la C/ Cervantes, ignoro si sigue con la misma denominación, es la calle empinada situada al lado del mercado, o de la «Pescadería» como conocemos el edificio (bueno esto no es muy identificativo toda vez que la acusada pendiente



Arume

es una característica de muchas calles de nuestra ciudad). Ha sido en aquellas calles y en sus alrededores donde se acumulan y arremolinan en mi cerebro las vivencias de mi niñez, mi adolescencia y mi juventud, repito, como la de muchos otros, donde he disfrutado de la vida, donde he sido feliz y con casi nada, no necesitábamos mucho para reírnos. Con pocos años pululaba por «mi atrio» de Santa María, me acercaba a la bodega de Pepe Lastras a comprar un trozo de queso del país y vino a granel (por cierto, el conocido como «calciamón» se decía que resucitaba a un muerto, más eficaz que un desfibrilador) jugábamos a las chapas (lo podría describir como una especie de scalextric ancestral) a las bolas (las más modestas de barro, las buenas de cristal y las más cotizadas las de trébol) a la villa, al cinturón, a los carabineros, al ojo, pico araña (actividades que hoy serían calificadas de alto riesgo y prohibidas) descendíamos por las cuestas en una especie de artilugio velocísimo construido en madera que llamábamos «avioneta» y eso sí, siempre, siempre, el fútbol, le denominábamos «jugar a defensas». Las escasas dimensiones del atrio hacían necesario el pase y golpeo del balón con una precisión milimétrica, pues de lo contrario escapaba por las cuestas o se perdía en la «huerta de los frailes» que así conocíamos al espacio aledaño a la Iglesia y Convento de San Francisco, habitado en aquellos tiempos por monjes de esta orden. Esa pulcritud y exactitud en el pase era ya un anticipo de lo que hoy dan en llamar el «tiki-taka». Y llegada la noche escuchaba la voz en grito de Isabel, mi madre, mi luz, que desde aproximadamente 100 metros me requería reiteradamente para ir a cenar, (¡Tito a cenar!, hipocorístico por el que me conocen en esta ciudad) ante lo que me resistía hasta lo imposible. Vivíamos la calle, «socializábamos», como pomposamente se dice ahora, a diferencia de hoy en que los niños pasan gran parte de las horas del día «enclaustrados» en consolas, tabletas, móviles y televisiones, incluso contemplas como los jóvenes deambulan por la calle con la vista centrada en su inseparable teléfono, que es a modo de un apéndice inescindible del cuerpo de su dueño y abstraídos de la realidad que les circunda, lo que, por cierto, es especialmente arriesgado en los pasos de cebra a los que no es que accedan sin más, sino que se arrojan.

El juego y la diversión no impedían nuestra instrucción en la Academia de Dª Rosita, de D. Hipólito, en las escuelas de San Francisco, en las pasantías particulares de D. Constantino y Dª Olguita Ucha, a quien tanto apreciaba, en las clases de mecanografía, taquigrafía o contabilidad de «Las Princesitas» y todo en estas calles, entre estas piedras.

El casco viejo era bullicioso, fluía la vida, un ir y venir de personas al mercado de abastos (edificio emblemático sobre el que pivotaba la actividad) que aglutinaba carnicerías (a da *Sra. Luisa*, fornida mujer coronada por un moño, y su hija *Luisiña*, Marujita Lastras, *A Salvadora*, *A Carabinera*, con sus codiciados chorizos, *A Lurditas*, que también regentaba una panadería, o *Ton o Cuchilleiro*) y pescaderas de Betanzos (*Las Pilaritas*) o venidas de Sada, que desde primeras horas de la mañana publicitaban a gritos las excelecias de sus productos por frescura y tamaño, a los ultramarinos (de *Xulio o do Carbón*, *O Milimes*…) a las tiendas de alimentación (de *Tomasa A Barrendeira*, *A Pura*, *A Rubia*, *o José O Bonome*, además mecenas del fútbol infantil) a ls fruterías (*A Delia, A Carmen* ou *A Fina*) a las tiendas de ropa, tintorerías, mercerías (La Tijera de Oro, Mercería Galicia o la Palma) talleres de costura donde las jóvenes aprendían el oficio y a tricotar (*O Balamei*) a las farmacias de toda la vida (Couceiro, Espiñeira o de Agustín Leis), librerías (Lugami, Iglesias o Brea), bodegas (*Tomás o do Galo o Eladio*) ferreterías (La Nueva, La Vieja, la de la Cabeza del Caballo, José Luis el del Butano o Eusebio *O Tenreiro*), zapaterías (Pepe el Granero, Brandariz o Agraso), mueblerías, funerarias, peluquerías, barberías (Burei, Cesáreo, Vales, Churrasco o Raúl) floristerías, joyerías, jugueterías, pastelerías (*A Mariñeira*, con sus estupendas trufas) ópticas (Selgas), panaderías (Villaverde, con sus cornechos y palitos, Pandelo, Carnasada, Priseliño o Rabizas) o fotógrafos (Novío, Gabín o Delgado, nuestro incombustible reportero gráfico, cuya familia tenía también carnicería en el mercado, según creo recordar). En la planta superior del mercado de abastos estaba situado un «super», ya en los años sesenta, con sus pasillos, sus cajeras uniformadas y que anunciaba el nuevo devenir del comercio, a modo de vanguardia importada de los EEUU, como vanguardia era en aquel entonces la apertura de Galerías Deive con sus inmensos escaparates y todo un edificio dedicado a la última moda. Y ya en las inmediaciones de los límites del casco, en la plaza de El Campo (conocida como de Hermanos García Naveira) restaurantes como el de Pepe Casanova (ejemplo de bonhomías, como lo eran también Paco el Sastre, en Os Prateiros, Gabriel Maifer o el médico pediatra Gabriel, que tanto bien ha hecho en esta ciudad y de la saga de Os Cuquitos, a la que me honro pertenecer) La Cueva,

cafeterías como El Chirri o la Barra (todas ellas en los bajos del edificio Liceo) o las clásicas de Avenida y Capitol, más pastelerías (Rábade y Carmiña Añón) ferreterías (El Martillo), churrerías, quioscos (La América) la Sala de Fiestas La Pista, con su infranqueable portero y bancos, muchos bancos, claro síntoma de la opulencia económica de la ciudad. En fin, podría referir sin descanso decenas de establecimientos, bien por sus nombres comerciales, bien por los motes de las personas o familias que los llevaban, y aun así no sería comparable al conocimiento que poseía mi padre sobre los habitantes de Betanzos, sus familias y sus orígenes.

Las iglesias abiertas de par en par, pero también las puertas de las casas, ¿os imaginais hoy tal proceder cuando las estadísticas recogen en Galicia diez robos diarios?.

Tiempo después, con el paso de los años, las pandillas de juventud, el despertar de la adolescencia, mi novia, María, trabajadora incansable, también de Betanzos y desde hace la maravillosa cifra de 29 años, esposa (espero por mi bien no equivocarme de año…)

Pertenezco a las generaciones del *baby boom* donde no se programaban los hijos y se podía ser feliz con lo indispensable. Días atrás leía una entrevista a un famoso cirujano valenciano que contaba como cuando su trabajo se lo permitía viajaba al África subsahariana para realizar intervenciones, ayudando en todo aquello que podía, y que tales experiencias en contraste con el modo de vida del primer mundo le había mostrado como en éste nos ocupábamos polemizando hasta extremos inauditos, sino ridículos, para optar entre la memez A o la B (a buen seguro que no les cuesta imaginar muchos ejemplos, algunos de viva actualidad) sin reparar en las cosas verdaderamente importantes. Así, al tiempo en que en aquellas tierras escasea el agua, los alimentos básicos o los medicamentos, aquí nos enzarzamos en el ilustrativo debate de si el piropo debe ser elevado a la categoría de delito leve. No obstante, y mientras tal propósito no cristalice en una ley, todavía estoy a tiempo de decir a estas jóvenes damas y reina que estais radiantes.

Y no quiero dejar de mencionar mi río, mi malecón, mis Caneiros lugares que guardan confidencias, alegrias y penas. ¡Ay los Caneiros! En ocasiones comento con mis amigos el privilegio que supone ponerse a andar, a ritmo de paseo, que no e colesterol, desde la fuente de La Diana Cazadora durante veinticinco minutos y encontrarse en pleno campo de Os Caneiros, en un ambiente bucólico, en el que parece haberse detenido el tiempo, alejados del ruido y en pleno contacto con la naturaleza con el frescor que fluye del río. ¿Habeis reparado en esto?, ¿sabéis cuánto darían en otros lugares por este tesoro? Bueno, y si el tránsito es en barca ni os cuento, el verdor que se refleja en las aguas, el surcar los sucesivos meandros, el ligero viento que alivia el asfixiante calor de la canícula.

Y qué decir de aquellas regatas de bucetas de madera (Adelita, Marinita, Margarita…) que con cuatro remeros curtidos y timonel astuto aderezaban las fiestas patronales; o la vida del malecón en los días previos a la romería de Os Caneiros cuando se varaban los botes y lanchas de madera para repararlas y adecentarlas para el evento. Son personas, lugares y vivencias que jalonaron una parte de mi existencia y la de muchos de los presentes.

El pasado, aunque lo parezca, no era en blanco y negro, también era en color.

Todas estas experiencias forjan la personalidad, una manera de entender la vida, de afrontarla, de disfrutarla, conforman el ser betanceiro, y de ello nada malo puede salir. Este sello o impronta del brigantino no es una mera licencia lingüística, sino que está avalado científicamente, y para ello baste recordar que un renombrado genetista gallego defiende que Galicia tiene una enorme y variada subestructura genética que se detecta hasta niveles de 20 Km de distancia, lo que viene a decir que nos diferenciamos incluso de los habitantes de pueblos y ciudades próximas; no somos ni mejores ni peores, sino que mantenemos ciertas peculiaridades.

En el año 1991 tuve la ventura de obtener destino profesional en La Coruña donde he servido hasta la fecha (ciudad a la que tanto debo y quiero y donde he hecho tan buenos amigos) y por tal circunstancia he podido ganarme la vida sin tener que renunciar a mi familia (toda ella de Betanzos desde generaciones atrás) a mi ciudad, a mis raíces, pasear a diario por ella saludando continuamente a mis vecinos. Estos vecinos que mudan con el inexorable transcurso del tiempo, el entorno permanece con distintos protagonistas. Alguna que otra vez me paro a pensar en los que ya no están, en un paisaje humano cambiante, es el fluir de la existencia. En el banco de piedra de la barbería que estaba situada en el puente viejo, en el atrio de Santa María, o el malecón ya no se sientan los mismos.

Siempre se recuerda la sentencia bíblica de Jesucristo de que «Nadie es profeta en su tierra», pero sin dejar de valorar lo que de verdad encierra, retomo aquella otra visión más positiva y gratificante, la del artista Juan Lobillo que decía «Pinto mi pueblo natal, porque gracias a él tengo la vida que tengo».
Un conocido antropólogo mencionaba días atrás que «El paraíso del gallego es donde se socializó, donde tomó noción del tiempo y el espacio, no es el terruño, es lo que viviste en esa tierra». Y esta misma idea ya la transmitió el poeta alemán Rilke cuando escribía: «El paraíso del hombre es la infancia». Pues bien, Betanzos es nuestro paraíso.
Llegados hsta aquí es hora de abandonar la añoranza, la nostalgia y vislumbrar el futuro. En este apartado del pregón me atrvo a esbozar los ejes del porvenir de nuestra ciudad, sus, a mi entender, prioridades.

PARTE SEGUNDA: FUTURO
PRIMER EJE.- El casco histórico.
Si hay algo de singularidad y que individualice a Betanzos son estas calles, sus edificios, sus monumentos, tal y como le ocurre a otros muchos pueblos y ciudades. Extramuros de las zonas antiguas, el desarrollismo, la especulación y la globalización impide distinguir unos lugares de otros. Es innegable que ésta ha sido una zona abandonada precisamente por la huída al extrarradio, favorecida por aquella pauta o estrategia del sector de la construcción que consistía en permutar solares (que no eran sino *leiras*) por pisos y locales comerciales, y ello, con pingües beneficios, casi sonrojantes, tanto para el promotor como para los propietarios de fincas. En nuestra ciudad tenemos claros ejemplos y no es necesario extenderse en este aspecto.
Tras lo que se ha dado en llamar «estallido de la burbuja inmobiliaria» hemos transitado en muy breve tiempo de una especie de «fiebre constructiva» a un «enfriamiento» absoluto. Una de las características de nuestro país es precisamente esto, el movimiento pendular. Esta situación ha conllevado que, paradójicamente, y tras diez años de parálisis exista muy poca vivienda nueva en oferta, cobre auge el mercado de alquiler y las rentas vayan en aumento.
Es el momento de hacer realidad aquella archiconocida y también manida frase de Churchill: «Un optimista ve una oportunidad en toda calamidad, unpesimista ve una calamidad en toda oportunidad». Seamos, pues, optimistas. Ha de reactivarse el sector de la construcción en su adecuada medida y volcarse sobre los núcleos urbanos, y más concretamente sobre los cascos históricos mediante una ordenada rehabilitación de los numerosos inmuebles que la requieren. No habrá de esperarse la rentabilidad de antaño, pero si márgenes que hagan atractivo el proyecto, incentivando la autopromoción, flexibilizando la normativa urbanística y recabando la inversión. Es cierto que tenemos muestras recientes de la iniciativa pública en esta materia, pero con la rehabilitación de una decena de casa arreglaremos poca cosa; sin desdeñar aquélla y reclamando que continúe en esa senda como motor de arranque, es menester que la iniciativa privada desembarque con fuerza. Seguramente, habrá que llamar a muchas puertas, incluso a las de grandes corporaciones, desbrozar el camino y publicitar las ventajas, pero saldrá a cuenta. Tenemos ejemplos de ciudade mucho mayores que han iniciado este camino y han obtenido grandes resultados.
Es imprescincible «vender» nuestro producto, el entorno es envidiable, nuestro núcleo urbano, nuestros ríos buscando las playas, nuestra historia, nuestro enclave geográfico cerca de las ciudades y del progreso que éstas traen consigo, disponemos de unas buenas vías de comunicación, aunque mejorables, con un aeropuerto a tiro de piedra, lo tenemos casi todo y hemos de aprovecharlo.
Este objetivo dinamizaría, sin lugar a dudas, nuestra economía, fijaría población y atraería servicios. La siguiente pregunta es: ¿Para quién vamos a rehabilitar? Hemos dejado pasar la oportunidad que tuvimos cuando se produjo un éxodo desde La Coruña a los municipios limítrofes, basta recordar la dimensión que, en no muchos años, han adquirido Arteixo, Oleiros, Cambre o Culleredo, pero todavía no es tarde porque se nos presenta una nueva coyuntura. Precisamente, la práctica paralización del sector de la construcción ha traído consigo la carestía de la vivienda en las ciudades. Hemos de crear las condiciones para que se puedan ofrecer pequeñas viviendas unifamiliares en el centro histórico, la clásica casa con su bajo, su balcón, su galería y su bajocubierta que vemos a diario con una red de protección, sin romper para nada la fisonomía de nuestro casco, y a precios razonables, bien en

alquiler, bien en venta. La situación en pleno núcleo cerca de todos los servicios, tales como farmacias, centro de salud, supermercados, tiendas variadas y sin tener que hacer uso del automóvil es un activo que no puede despreciarse. Además, como efecto dominó, ello arrastraría muchos servicios más, por ejemplo, debiéramos recuperar las salas de cine comerciales, ¿recordais? Un «cine nuevo» el Capitol, ya desaparecido, y un «cine viejo», el Alfonsetti, tan viejo que llegó a ser la sala de cine más antigua de España.

La construcción, ya fuera del casco, pero cerca de él, de una urbanización de casas de planta baja desde el Parque del Pasatiempo hasta el puerto, parque municipal en medio, y bordeando el río Mendo, cuyas márgenes hay que adecentar, sería otro claro elemento de convicción para residir en Betanzos. Se trataría de alcanzar una cifra de habitantes que rondase los 30.000, al menos en una primera fase. Y no se trata de propiciar un aluvión de personas, lo que sería muy dificil de digerir, sino de una incorporación progresiva y ordenada. Recordemos que uno de los beneficios de poblaciones como la nuestra es que no estamos solos, conocemos a una gran parte de nuestros vecinos y a sus familias, a diferencia de las ciudades de cientos de miles y millones de habitantes en las que la soledad reina, sobre todo entre los mayores. Y al respecto de estos últimos, es apremiante disponer de un centro de día, que además tendría una óptima ubicación en la parte nueva del convento de San Francisco, previo concierto con la propiedad.

El incremento general de actividad trae otro favorable efecto, que es poner coto al desarraigo. Es estremecedor constatar como nuestros jóvenes, tras años de formación y sacrificio, han de abandonar estas tierras, cuando no el país, para buscar oportunidades. Es, por otra parte, una frustración personal de aquellos que, aconsejados por sus mayores acerca de que el estudio y el trabajo siempre tienen recompensa, se ven abocados a hacer el equipaje; no podemos, no debemos, dejarlos marchar, hemos de brindarles futuro cerca de sus familias, que, además, también se han dejado la piel en el reto, y, por otra parte, porque además el propio Estado ha invertido mucho en su cpacitación y no puede claudicar ante la sangría continua que supone la fuga de talento para beneficio de otros. Tengo la fortuna de que, al igual que yo, mis hermanos han conseguido mantenerse en nuestra tierra, y deseo lo mismo para mis hijos y para los vuestros, si quieren, claro está, pues sabido es que el gallego es alma viajera.

El desarraigo y la desafección de hijos y nietos no se cura con Skipe.

Llenar de vida nuestras calles, que languidecen, es el fin primordial.

Y para ello advierto también otra circunstancia beneficiosa, la cercanía de la Universidad de La Coruña y la población flotante que atrae. Si la vivienda en aquella ciudad se ha encarecido, esto es especialmente preocupante para los estudiantes. En prensa reciente se demandaban opiniones de éstos en las que llegaban a calificar de odisea el buscar vivienda. Si logramos ofrecer a los estudiantes viviendas en el casco con rentas asequibles y además, como elemento indispensable, conseguimos que se puedan desplazar a la ciudad universitaria en diez minutos habremospuesto en marcha la máquina de nuestra revitalización y el rejuvenecimiento de la urbe. Para esto último es fundamental el TREN, aspecto al que me referiré a renglón seguido.

SEGUNDO EJE.- El tren.

El tren es un medio de locomoción que ha sido desperdiciado en los últimos cincuenta años, cuando para las medias y pequeñas distancias es el elemento ideal. Tenemos una estación abandonada y una vía obsoleta. Es el momento de recuperar el tren. Existen ya movimientos de la sociedad civil al respecto que se dejan oír cada vez más. Y es que sin demasiada inversión y con la técnica existente es factible conectar La Coruña y Betanzos en menos tiempo que el que se emplea en desplazarse dentro de esa ciudad. Llegar en diez minutos desde Betanzos-Ciudad al campus universitari (en el que ya hay una parada) o a la propia estación de San Cristobal está muy facilmente al alcance a poco que se quiera. Y lo mismo puede decirse de la comunicación con Ferrol. Estar a medio camino entre ambas ciudades es una ventaja que no podemos ignorar.

Y precisamente por esta ubicación ¿por qué no complementar los campus universitarios de ambas capitales? Vemos continuamente como jóvenes preparados se quedan, por las inaccesibles notas de corte, a las puertas para acceder a su vocación en carreras universitarias con enorme demanda y de las que la sociedad tiene una necesidad acuciante. Estoy considerando las vinculadas as sector sanitario, con una carencia cada vez mayor de personal (estos días se alertaba de la falta de pediatras) agravada

por una sociedad cada vez irremediablemente más envejecida. Las facultades y escuelas existentes son claramente insuficientes. Pues bien, Betanzos, entre los campus de La Coruña y Ferrol y bien comunicado, tiene un gran potencial para poder albergar alguna facultad o escuela, sea de iniciativa pública o privada. El Ayuntamiento dispone de edificios que podrían albergarlos y que están en desuso o infrautilizados.

En este apartado, e incluso en otros, como el aludido de la rehabilitación del casco, no está de más llamar la atención de una de las corporaciones más importantes del mundo (Grupo Inditex) y que tenemos al lado. Desde esta atalaya, permítanme la osadía, emplazo y animo al Sr. Ortega para que nos acompañe en el apasionante viaje de rehabilitación del casco histórico, fórmulas legales hay variadas para ello. No es el ingente patrimonio el que hace trascender a los hombres, sino el uso que han hecho del mismo. ¿Quién recordaría los Hermanos García Naveira por muchos doblones que atesoraran si no hubieran erigido las escuelas, el asilo o el pasatiempo?

Las grandes metas nunca son fáciles, hay que poner laboriosidad y esperanza y deshacer los nudillos en muchas puertas, echando mano también de los banceiros que han tenido o tienen puestos de responsabilidad. No es tiempo de enfrentamientos, sino de unión tras unos objetivos claros, una vez que definamos qué queremos ser, a donde queremos ir.

TERCER EJE.- Los ríos.

En este punto sólo expondré tres deseos: 1º Control y erradicación absoluta y sin paliativos de los vertidos, el fin ineludible es «vertidos cero». No nos sirve la excusa de «contamino, pero pago». 2º Es inapazable comenzar a ejecutar la senda peatonal a Os Caneiros, ciertamente sin alterar el entorno más que lo indispensable, pero ya; y 3º Hay que facilitar la navegación entre Betanzos y la desembocadura de la ría un canal de 40 metros de anchura, debidamente dragado, señalizado y conservado y un puerto deportivo con oferta hostelera. La navegación desde la bocana de la ría (Sada, Ares, Miño…) hasta el puente de Teixeiro es dificilmente igualable.

Tenemos la intransferible obligación de dejar un lugar mejor que el que recibimos y en tal fin hay que afanarse con imaginación y esfuerzo.

Las fiestas patronales son un tiempo inmejorable de mostrar en casi dos semanas lo que somos, nuestra ciudad, sus rincones, su habitat, la afabilidad y hospitalidad de nuestras gentes, de hacer llegar al que se acerca que visitarnos o vivir aquí merece la pena. Para ello cada año hemos de lucir nuestras mejores galas, dar el máximo de nosotros mismos, al modo que lo hacemos con los fmiliares y amigos que nos visitan y a los que agasajamos con la mejor mantelería y cubertería, las mejores viandas y el mejor semblante. Y esta misión es la que desempeñan hoy aquí estos jóvenes que irradian y contagian alegría e ilusión, encarnan el rostro de nuestra ciudad.

Hemos de reconocer que actos como el que celebramos no son del agrado de todos, mas nada de prohibir; la intolerancia y el odio, en ésta y en otras materias, son las semillas de la opresión. Si ante estas actitudes nos ponemos de perfil y permanecemos inermes y arrinconados, nos habremos de ver, tenedlo por seguro, en situaciones como las que sufren nuestros compatriotas del Este del país. Hay paralelismos muy preocupantes, pero todavía estamos a tiempo de evitarlo.

Por favor, visítennos y no vengan sólo por la tortilla, que también, sino que tenemos muchas otras cosas que ofrecerles.

Vivid las fiestas, pero con mesura, los excesos te hacen sufrir no disfrutar, y, por favor, para los niños y jóvenes, escuchad a vuestros mayores. Ya lo decía el jurista Cicerón «Estos son malos tiempos. Los hijos han dejado de obedecer a sus padres y todo el mundo escribe libros».

He sido feliz en Betanzos y espero seguir siéndolo hasta que Dios lo disponga, y tal quisiera para todos los que tenéis la regalía de residir aquí.

Esta radiografía delpasado y de anhelos de futuro no pretende se una lección de vida, Dios me libre, solo una visión personal y humilde llena de buenas intenciones.

Con «Su venia» finalizo, pues ya se sabe que «Abogado, juez y doctor, cuanto más lejos, mejor».

Y como no hay deber más necesario que el de dar las gracias, ¡sea pues!, mil gracias por escucharme, por su paciencia, salud y suerte.



Arume

14 de agosto de 2018

Fíxose entrega dos premios Garelos 2018. Foron foron para Luis Galán no apartado de Cultura; Mónica Granero en Deporte; Funeraria y Muebles Mariano en Innovación e Industria e houbo ademais un Garelo Especial para Restaurante La Casilla.

15 de agosto de 2018

Na praza da Constitución tivo lugar o acto de coroamento da raíña infantil das festas, a fermosa rapaciña Zaira Bascoy Raposo, que recibiu a coroa de mans da alcaldesa, María Barral. Seguidamente, o mozo, Mateo Río Pérez, deu lectura ao pregón infantil.

Función do Voto (16 de agosto)

Señor San Roque

É a primeira vez que estou diante de Ti para cumprir co voto que, ano tras ano, século tras século, como patrón de Betanzos que es, o pobo de Betanzos che fai este día. Traio comigo todo o agarimo do meu pobo, as ledicias, os anceios, mais tamén as fondas preocupacións diante dun mundo que non sabemos cara a onde camiña.

Señor, vimos este ano a ti cheos de dor polas dificultades económicas e sociais que seguen a pasar moitos dos homes e mulleres que viven no noso pais e dos que noutros lugares pasan continuas dificultades motivadas pola guerra ou pola fame, causadas sempre polo egoismodo ser humano, que non é consciente de que foi irmandado por Deus e pola inxustiza daqueles que ven no outro un exclusivo motivo de explotación ou de simple interese económico.

O ser humano queda reducido a un simple valor de uso como se fose unha mercadoría máis nun mercado agresivo en que a única finalidade é a ganancia. Queremos que nos axudes e nos deas luces para saír desta situación que se nos antolla angustiosa. Hai moitas familias que o están a pasar mal; moitos mozos e mozas que non encontran traballo e non poden facer o seu proxecto de vida, o que os leva a caer na desesperanza; moitas persoas que teñen que emigrar pola fame, polas enfermidades ou pola represión política, que teñen que arriscar a vida e deixar os seus, empurrados pola necesidade; moitas mulleres que sofren mesmo a morte só polo feito de selo; moitas persoas maiores que viven na soidade e na tristura porque a sociedade e as familias non as consideran necesarias; moita xente enferma pola crueldade de quen antepón o seu beneficio ao servizo para os demais.

Señor San Roque, que nos pasa? Se somos irmáns e irmás, é incomprensible que sexamos tan insolidarios e insolidarias, inxustos e inxustas; é incomprensible que poidamos permitir tanta inxustiza ao noso redor. Fixemos un mundo en que as cousas e os cartos ocuparon un posto relevante, en que ter é superior a ser, en que o poder político se someteu ao poder económico e non buscou o ben común, senón, algunhas veces, a defensa dos intereses de minorías insolidarias e avarentas.



Señor, é verdade que en moitas ocasións nos esquecemos de Ti, sobre todo cando coidamos que podemos con todo. Porén, sen a túa axuda, non poderemos conquistar as nosas metas. Por iso, pedímosche que nos deas forzas para continuar sendo mulleres e homes xustos e solidarios no goberno das cousas deste mundo. Habería pan para todos e todas se no noso corazón reinase esa fame de xustiza e solidariedade que Ti, San Roque, nos predicaches e amosaches. Non deixes que polo mal obrar humano nos desentendamos das persoas que máis o necesitan.

Señor, estamos angustiado porque nos afectan a cotío problemas que nos parecen irresolubles e de toda índole. Non en tanto, non é menos certo que esa angustia non nos paraliza, senón que nos motiva para traballar máis e máis polo ser humano e polos seus intereses lexítimos. Ademais, sabemos que non estamos sós nin soas, que Ti estás connosco. E aquí, nesta igrexa de San Domingos, estás dun xeito perenne, como queréndonos dicir que nos amas de maneira especial. Cos problemas xerais que viven todos os homes e mulleres, tamén vivimos as persoas galegas e betanceiras, que de sufrir sabemos como ninguén porque a inxustiza que padecemos foi palpable ao longo do tempo. A falta de desenvolvemento económico, a emigración, o analfabetismo e a persecución cultural foron pragas que nos perseguiron

Durante séculos. Hoxe, moitas delas están afastadas, mais outras volven.

Señor San Roque, coida de todas aquelas persoas que marcharon deste país para buscar o pan de cada día e fainos, por iso, máis solidarias e xenerosas coas persoas que viñeron buscar aquí o seu pan, que foron recibidas cando as necesitamos como man de obra barata e que agora parecen ser a causa de todos os males.

Axúdanos, Señor, a estar á altura das necesidades reais de todos aqueles e aquelas que máis o precisan neste momento. Axuda os nosos gobernos para que busquen e atopen as políticas económicas e sociais xustas e solidarias, que devolvan a confianza no seu futuro, futuro que temos que construír dun xeito novo, sen que ninguén quede no camiño e sen sacrificar dereitos sociais que tantos anos e tanto esforzo custou conquistar. A solución non está en quitarlle a quen menos ten, senón nunha xustiza distributiva que reparta mellor os bens materiais e que nos axude a compartilos coas persoas menos afortunadas, sen perder a perspectiva de que eses bens materiais non son un fin en si propio.

Axúdanos a transformar esta sociedade nun mundo mellor tal e como Ti nos predicaches, en que a paz, a solidariedade e a xustiza sexan referentes para superar esta situación. Move tamén os corazóns das persoas que tanto fan sufrir ás demais e axuda a todas aquelas que, desde a paz, están loitando para acabar coa inxustiza e que buscan un mundo mellor.

Como peregrinas da vida, axúdanos a ver con claridade o camiño, ese camiño que, dalgún xeito, nos amosan os peregrinos e as peregrinas que cruzan ano tras ano as nosas terras na procura da luz de Occidente, esa mesma luz que está aquí, entre nós.

Grazas



Arume

16 de agosto de 2018

Profunda tristeza causou no numeroso publico que ateigaba a Praza do Camo ver como rachaba o Globo de San Roque no momento de inflalo. Parece que se debeu a un repentino remuíño de vento. Había moitos anos que o aerostato saía con regularidade desde a última vez en 1964 .

17 de agosto de 2018

No edificio Liceo presentouse o libro «O día do Globo» da autoría de Xosé Tomás, que foi editado pola tenda de regalos Quince300.

18 e 25 de agosto de 2018

Como é tradicional foron moitas as lanchas engalanadas que subiron río arriba polo Mandeo ata o campo dos Caneiros, para o que se contou cun amplo dispositivo de seguridade.



20 de agosto de 2018

Dentro do programa de festas do San Roque celebrouse no claustro do Museo das Mariñas un concerto do quinteto Azahar Ensemble, do que forma parte o músico betanceiro Antonio Lagares.





24 de agosto de 2018
Celebrouse no Parque do Pasatempo a primeira romaría modernista organizada pola Asociación de Amigas do Parque do Pasatempo, que contou coa colaboración do concello. O obxectivo, ademais de revivir unha festa de 1910 organizada polos García Naveira, foi a de reclamar a súa rehabilitación.

28 de agosto de 2018
A alcaldesa, María Barral reuníuse co xefe da Demarcación de Carreteras en Galicia para concretar diversos aspectos dos traballos para evitar as inundacións na Ribeira e que deron comezo ao día seguinte por parte do Ministerio de Fomento.

1 de setembro de 2018
Na Aula Municipal de Cultura Xulio Cuns tivo lugar o espectáculo «Con piel Canela» por conta da Trova organizado polo Concello de Betanzos dentro da Rede Cultural da Deputación da Coruña.

6 de setembro de 2018
No edificio Liceo tivo lugar o video-forum «O empoderamento no eido deportivo», por conta das deportitas Ruth Ballesteros e Ruth Lorenzo, organizado pola Deputación da Coruña coa colaboración do Concello de Betanzos.

8 de setembro de 2018
Tivo lugar no Porto de Betanzos o III Encontro de Embarcacións Tradicionais de Betanzos, no que participaron embarcacións de Sada, Perbes, Redes e Ares. A organización foi da Asociación Porta da Vila.

8-9 de setembro de 2018
Tivo lugar na praza do Campo a XIV edición de MercaBetanzos, o mercado das oportunidades do comercio local. Foi organizado pola Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos en colaboración co Concello.

10-28 de setembro de 2018
Na Sala de Exposicións Jesús tivo lugar a exposición titulada «Betanzos histórico: rúas doentes» con fotografías do alumnado de 3º da ESO do IES Francisco Aguiar.



14 de setembro de 2018
Celebrouse no Cine Alfonsetti o IV Certame de Monólogos Cómicos no que a humorista e aztriz, Goize Blanco acadou o premio do xurado e o do público.

15 de setembro de 2018
Na Biblioteca Municipal de Betanzos A. Castelao desenvolveuse un «Obradoiro de globoflexia», impartido por Elisa e Ian dentro das actividades do programa «Outono de lecer na Biblioteca».

15-23 de setembro de 2018
Desenvolveuse nestes días a VII Semana de Custodia do Territorio organizada pola Fundación Fragas do Mandeo e pola Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas Betanzos coa colaboración de outras asociación e colectivos. O programa incluíu conferencias, actividades de voluntariado e unha eco-regata para a mellora dos espazos naturais da Reserva da Biosfera.



17 de setembro de 2018
Na Praza da Constitución, tivo lugar a inauguración da exposición titulada «Francisco Llorens, o pintor das Mariñas», de seguido desenvolverase unha visita guiada por conta da comisaria da mostra Rosario Sarmiento. Foi organzada polo Consorcio das Mariñas que contou coa colaboración Concello de Betanzos.

22-23 de setembro de 2018
Na praza do Campo celebrouse a VI edición da Mostra de Viños e Produtos das Mariñas organizada polo Grupo de Desenvolvemento Rural Mariñas Betanzos e o Concello de Betanzos. Foron vinte e tres os expositores con Viño da Terra de Betanzos, produtos de horta e alimentos de agricultura ecolóxica.



Arume

22 de setembro de 2018
Como xa é tradición, os/as betanceiros/as que cumpriron 50 anos xuntáronse para celebralo.


Arume

27 de setembro de 2018
Na igrexa de Santiago tivo lugar o concerto da Orquesta Sinfónica de Galicia «Oberturas y sinfonías en la España del siglo XVIII», dirixida por Aarón Zapico. Foi organizado pola OSG coa colaboración da Unidad Pastoral de Betanzos e o Concello de Betanzos.

28 de setembro de 2018
Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a presentación do Anuario Brigantino 2017 n.º 40. O acto estivo presidido pola alcaldesa, María Barral, a quen acompañaba o concelleiro de cultura, Andrés Hermida e o director da publicación, Alfredo Erias. A presentación correu por conta do catedrático de Historia da Educación da Universidade de Santiago, Antón Costa Rico.

29 de setembro de 2018
Na Biblioteca Municipal de Betanzos A. Castelao tivo lugar «A incrible historia da maxia», por conta do Mago Teto dentro das actividades do programa «outono de lecer na Biblioteca».

3-22 de outubro de 2018
Na Sala de Exposicións Jesús Núñez tivo lugar a exposición do XI Certame de artesanía Antonio Fraguas dentro do programa de exposicións itinerantes organizado pola Deputación Provincial da Coruña.



5-14 de outubro de 2018
Ao longo destes días celebrouse a VIII Semana da Tortilla de Betanzos, organizada polo Concello e na que participaron vinte e un establecementos. O evento contou coa colaboración da casa de refrescos Coca-Cola quen premiou aos escollidos entre os participantes na votación. O premio á mellor tortilla recaeu no restaurante Sinuessa. O premio de votación popular foi para Taberna 1931.

5 de outubro de 2018
Na Aula Municipal de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a actividade «Música e lingua, repaso da nosa música contemporánea e o papel da muller nel» por conta do grupo galego Zenzar, para o alumnado do IES Francisco Aguiar e do IES As Mariñas. Foi organizada polo Concello de Betanzos dentro do programa Lingua a escena da Rede cultural da Deputación da Coruña.

5 de outubro de 2018

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar o concerto «Noite de fado» por conta do grupo de fado «Cançao de Coimbra & fado de Lisboa» (Portugal), dentro das actividades do Encuentro Internacional de Música de Pulso y Púa en Galicia 2018. Foi organziado pola Asociación Cultural Pórtico das Artes, coa colaboración do Concello de Betanzos.

6 de outubro de 2018

Na Biblioteca Municipal de Betanzos «A. Castelao» desenvolveuse o obradoiro creativo de cociña, teatro e danza titulado Chocolate, por conta de *Teatro Calavera*, dentro das actividades do programa «Ler conta moito» da Xunta de Galicia. Foi organziado polo concello de Betanzos.

6 de outubro de 2018

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «O servidor de dous amos» interpretada pola compañía Talía Teatro, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.



7 de outubro de 2018

Bullas e Betanzos asinaron o irmandamento das dúas cidades nun acto que tivo lugar no concello murciano entre as alcaldesas María Dolores Muños e María Barral coa presencia de varios concelleiros.

7 de outubro de 2018

Na Aula Municipal de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral «Asubíos» inspiranda no conto Cada home é unha raza, de Mia Couto, por conta da compañía de teatro Elefante elegante. Foi organziado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, dentro da Rede de Dinamización Lingüística, en colaboración co Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Betanzos.

8 de outubro-5 de novembro de 2018

Levouse a cabo nestes días unha «Escola de Empoderamento de mulleres do rural» coa realización de obradoiros. Foi organizada por Arabías e o Sindicato Labrego Galego que contaron coa colaboración da Deputación da Coruña e o Concello de Betanzos.

13 de outubro de 2018

Tivo lugar no Paseo da Tolerancia a «Noite de DJ´s» organizada polo concello.

17 de outubro de 2018

No edificio Liceo tivo lugar a presentación do Programa Universitario para Maiores que puxo en marcha o concello en colaboración coa Universidade da Coruña. O acto estivo presido pola alcaldesa, María Barral, e a vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Educativa, Nancy Vázquez, además da directora da Universidad Sénior, Matilde García Sánchez e o concelleiro de Educación, Andrés Hermida.



17-19 de outubro de 2018

Desenvolveuse ao longo destes dáis no edificio Liceo o XIV Festival Internacional de Títeres Consorcio As Mariñas (Galicreques 2018), organizado pola Asociación Cultural Barriga Verde e o Concello de Betanzos, no que participaron os seguintes grupos: Mano y Contramano (México), Titiritainas (Ecuador) e Ulularia Teatro (Arxentina).

20 de outubro de 2018

No edificio Liceo tivo lugar o obradoiro/ contacontos «A casa encantada de Alí» por conta de Luis Prego e Fabaloba. Foi organizado polo concello de Betanzos dentro do programa Lingua a escena da Rede cultural da Deputación da Coruña.

25 de outubro-13 de novembro de 2018
Na Sala de Exposicións Jesús Núñez desenvolveuse a exposición titulada «A banda deseñada: unha ollada en feminino», da artista Julia Soler. Foi organizada polo concello de Betanzos.

31 de outubro de 2019
Visitou Betanzos o escritor e exministro de Cultura, César Antonio Molina, que vemos no Museo das Mariñas na compaña dos concelleiros Antonio Vázquez e Andrés Hermida, ademais do director do Museo, Alfredo Erias.



2 de novembro de 2018
A Cruz Vermella e o concello asinaron un convenio de colaboración para a xestión do programa de reforzo de alimentos dende o que se atenden casos de familias en situación de especial vulnerabilidade residentes no concello.

Novembro de 2018
O escritor betanceiro, Xabier López, coa novela «900» foi o gañador da premio Torrente Ballester de narrativa galega convocado pola Deputación da Coruña.



10 de novembro de 2018
No edificio Liceo, organizado polo concello dentro da Rede cultural da Deputación da Coruña, tivo lugar o obradoiro/contacontos «Un bico para Alí» por conta de Luis Prego e Fabaloba.

9 de novembro de 2018
O escritor betnceiro, Xabier López presentou na libraría Biblos o libro «Max&Franz» editado pola Editorial PRE-TEXTOS e co que o autor gañou o XXVI Premio de Novela Breve Juan March Cencillo o pasado mes de agosto.

10 de novembro de 2018
Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «Castrapo» interpretada pola compañía Os Náufragos, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.



Arume

12 de novembro de 2018
O veciño de Betanzos, Alejandro López Sánchez foi o gañador do Premio María Remedios Guillén de Novela corta de Montañismo, coa súa obra «Alfa».

16 de novembro de 2018
Organziados polo concello tiveron lugar na Aula de Cultura Xulio Cuns os actos do VII Memorial Carlos López García-Picos, que consistiron na presentación da edición da obra «Dúas cancións de Carlos López García-Picos» e o concerto «A Canción galega de concerto», coa estrea de dúas pezas de Carlos López, por conta do grupo de solistas da Compañía Lírica de Galicia**.**



Arume

25 de novembro de 2018

Máis de duascentas asociacións, colectivos e comerciantes da cidade sumáronse á campaña «Betanzos en Negro» organizada polo Concello con motivo do Día Internacional pola eliminación da violencia contra as mulleres.

25 de novembro de 2018

Na Igrexa de Santa María tivo lugar o Concerto da Ilusión da Banda Municipal de Música de Betanzos, organizado polo Concello de Betanzos coa colaboración da Asociación Amigos da Banda. Ingresaron na Banda cinco novos integrantes: Katia Sofía Gómez, Ana Limón, Pablo Deive, Matilda Silva e Mario Taibo.



30 de novembro- 9 de decembro de 2018

Ao longo destes días desenvolveuse a Semana do Pincho, organizada polo Concello en colaboración cos hostaleiros. Nela participaron 28 establecementos, e o petisco da Taberna 1931 foi o escollido como gañador do certame. No concurso popular dos clientes resultaron gañadores «A Artesa da Moza Crecha e Cho».

Decembro de 2018

En todo este mes e parte de xaneiro de 2019 desenvolveuse o programa de Festexos de Nadal, organizado polo Concello, que contou coa colaboración de diferentes asociacións e colectivos da cidade, así como da Rede Cultural da Deputación da Coruña. O programa editado foi ilustrado cun debuxo de Noa Viqueira Miramontes e Matilda Silva Sánchez, gañadoras do concurso de carteis de Nadal do Concello.



Decembro de 2018

Neste mes celebrouse na Aula de Cultura Xulio Cuns o X ciclo de Teatro en Familia incluído na programación de Nadal do Concello dentro da Rede Cultural da Deputación da Coruña. As obras representadas foron: «Xoga» pola compañía Entremans, «Patapatúm» por Elefante Elegante, «A galiña azul» por Tanxarina e «Planeta Ardora» pola compañía Trompicallo. Ao mesmo tempo celebrouse e ciclo Cine Familiar de Nadal.

1 de decembro de 2018
Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «O Rei Morre» interpretada pola compañía Sarabela Teatro. Foi organizada polo concello dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

4 de decembro de 2018
O betanceiro, Ángel Arcay Barral, foi premiado pola Universidade de Vigo por un traballo sobre a simboloxía masónica do parque do Pasatempo. O Premio de Investigación Masonería Aberta está organizado pola Facultade de Historia de Ourense e o Instituto de Estudos Masónicos de Galicia.

5 de decembro de 2018
Na Praza da Constitución colocouse un reloxo que marcou a conta atrás para a conmemoración do 800 aniversario da fundación da cidade.

6 de decembro ao 6 de xaneiro
Nas diferentes rúas do Casco Histórico tivo lugar a Exposición das obras participantes no I Concurso de fotografía «Nadal no Casco Histórico». Foi organizada pola Asociación de Comercio Hostalaría e Servizos do Casco Histórico de Betanzos.

5-25 de decembro de 2018
Na Sala de Exposicións Jesús Núñez tivo lugar a exposición fotográfica titulada «El eterno retorno del tiempo pasado», de Cristina Mejías Bamio e Alejandro Tolva.

9 de decembro de 2018
Dentro dos actos de Nadal puido visitarse a partir deste día o belén móbil que dirixe Manuel López Castro, situado no segundo andar do edificio Liceo.

13-21 de decembro de 2018
Ao longo destes días desenvolvéronse nos centros educativos da cidade diversos concertos, obradoiros e espectáculos, organizados polo concello dentro da Rede Cultural da Deputación da Coruña, nos que participaron o Mago Benxamín, Caxoto **,** Compañía Exire, Mago Rafa, Ramiro Neira, Mago Román, Charo Pita, Mago Martín Camiña e a Compañía Exire.

14 de decembro de 2018
Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar o festival Nadal en Danza da Escola Danzarte.

18 de decembro de 2018
Celebrouse na Aula de Cultura Xulio Cuns unha sesión dun Pleno Infantil, organizado polo Concello de Betanzos en colaboración con UNICEF e os centros educativos.

18 de decembro ao 3 de xaneiro
No Edificio Liceo tivo lugar a exposición fotográfica titulada «Express-Arte», cedida pola Secretaría Xeral de Igualdade.

20 de decembro de 2018
A empresa Viaqua de Galicia fixo entrega ao Concello de Betanzos dunha partida de xoguetes destinada a nenos e nenas de familias necesitadas dentro dunha campaña que ten coma finalidade que «ningún neno se quede sen o seu regalo nestas festas de Nadal e Reis».



21 de decembro de 2018
Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a III Gala do deporte, na que se recoñeceron varios deportistas e entidades locais destacadas no ano 2017.



23 de decembro de 2018

Arredor de trecentas personas participaron na «Caminata por nosotras: Por correr sin miedo y no por miedo», iniciativa dun grupo de veciños en homenaxe a Laura Luelmo, xove asesinada en Huelva.

28 de decembro ao 5 de xaneiro

Na Sala de Exposicións Jesús Núñez tivo lugar a exposición e mercadiño de bordados artesanais realizados polo Centro Ocupacional Pai Menni de Betanzos.

31 de decembro de 2018

Celebrouse a II San Silvestre Betanceira, con saída e chegada na Praza da Constitución, Organizada pola Asociación As Vellas non Paramos e o concello.





NORMAS DE PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS DO ANUARIO BRIGANTINO

Tema
O *Anuario Brigantino* é una revista de investigación nos campos da Arqueoloxía, Historia, Historia da Arte, Historia da Literatura e Antropoloxía, podendo admitir excepcionalmente outros, segundo o criterio do Comité Científico.

Publicación
Os orixinais deberán ser inéditos. Oportunamente e diante de traballos de especial interese, o Comité Científico poderá contemplar a publicación de traducións, a reedición de traballos raros e/ou antigos, así como edicións corrixidas e/ou aumentadas de traballos publicados fóra da revista.

Formato e soporte
Os orixinais presentaranse a través dunha copia en papel Din-A4 e outra en soporte informático (Word ou procesadores similares). Cando sexa preciso tamén se poderá utilizar o correo electrónico. As direccións respectivas son: Anuario Brigantino, rúa Emilio Romay, 1, 15300 Betanzos, A Coruña, España.

Extensión e ilustracións
Unha vez maquetado co estilo propio do *Anuario Brigantino*, aconséllase que o traballo non supere as 25 páxinas, se ben o Comité Científico poderá establecer as excepcións que considere oportunas. Canto ás ilustracións, o *Anuario Brigantino* caracterízase por favorecer a súa utilización sen máis atrancos que a coherencia co texto e o sentido común canto ao seu número, aspectos que quedan a criterio do Comité Científico, o mesmo que o emprego de cor ou branco e negro.

Idioma
A redacción poderá entregarse en galego ou castelán, se ben, excepcionalmente e sempre a criterio do Comité Científico, poderá utilizarse outro idioma.

Autor-Autores
Engadirase a dirección completa do/a autor/a ou autores/as, incluídos teléfonos e correo electrónico, así como a institución onde presten os seus servizos, se fose o caso, e o cargo que ocupan. Engadirase, así mesmo, nota biográfica do autor ou autores, que non exceda de 5 liñas maquetadas.

Sumario e *Abstract*
Os orixinais deberán acompañarse dun sumario ou resumo na lingua do traballo e outro (*abstract*) en inglés, que non deben exceder, cada un, das 10 liñas maquetadas.

Texto
Empregarase a *cursiva* para aquelas palabras que se utilicen como denominacións técnicas ou sexan alleas á lingua na que se redacta o orixinal.
Utilizaranse as comiñas « ... » para as citas textuais breves (inferiores a 50 palabras); as demais irán en parágrafo á parte e sangradas na marxe esquerda sen entrecomiñar.
As aspas simples ‘ ... ’ resérvanse para encerrar significados.
As supresións de texto nas citas indicaranse mediante tres puntos entre corchetes [...].
As intervencións do autor nas citas tamén se farán entre corchetes.

Citas bibliográficas
Aceptaranse dous sistemas, separados ou mixtos.

A) Na medida do posible, farase un uso preferente do sistema de referencias parentéticas, información que se complementará coa bibliografía do final do texto. Entre paréntese sitúase o apelido (ou apelidos, se se considera) do/a autor/a ou autores/as, con minúscula e sen a inicial do nome propio, seguido por coma, espazo e ano de publicación. Se é preciso, despois de dous puntos, iría o número de páxina (se se sinala a primeira e a última, sepáranse por un guión). Se se trata dunha obra en varios volumes, antepoñerase o número do que corresponda ao da páxina, separados por coma. Se o envío non é a unha páxina senón a unha columna, un documento, etc. incluirase antes da cifra a abreviatura correspondente. Exemplos: (Miguez, 2000), (García Bellido, 1943: 21), (Pastoureau, 1988: 261-316), (Meijide, 1988: doc. 2, 38).
Cando no mesmo ano hai dúas ou máis publicacións dun mesmo autor ás que hai que referirse, colócase detrás do ano unha letra para identificalas: (Monteagudo, 2000a)
Cando se inclúe o nome do autor no texto, entre paréntese ponse só o ano e, se procede, as páxinas. Exemplo: Como indicou Barreiro Fernández (1984: 51)...
Se hai máis dun autor, inclúense todos ata tres, separados por comas, e se hai máis ponse só o primeiro seguido de *et al.*

B) As tradicionais chamadas ou notas no corpo do texto indicaranse mediante números voados. Neste caso, as citas bibliográficas numeradas a pé de páxina seguirán as normas expostas no apartado de Bibliografía.

Bibliografía

A BIBLIOGRAFÍA situarase ao remate do traballo, seguirá unha orde alfabética por apelidos e, dentro do mesmo autor, por orde cronolóxica. Teranse en conta as consideracións seguintes: 1) os/as autores/as españois e hispanoamericanos ordénanse polo primeiro apelido e cando é idéntico, polo segundo; se este tamén se repite, polo nome. 2) os/as anglosaxóns/nas, rusos/as e portugueses/as, polo 2. apelido, o paterno: KEYNES, John Maynard; PAWLOV, Ivan Petrovich; CAETANO, Marcello Jose Neves Alves...

Se se trata dun **libro**, indicarase o nome do/a autor/a (APELIDOS, nome completo ou só coa inicial), ano de publicación (entre paréntese seguido por dous puntos), *Título do libro en cursiva*. Editorial (Colección se é pertinente) e cidade. P. ex.: CHAMPEAUX, Gérard de, STERCKX, Dom Sébastien (1989): *Introducción a los símbolos*. Ediciones Encuentro (Colecc. *Europa Románica,* v. 7.), Madrid.

Se se trata da **edición dun texto** indicarase o nome do/a editor /a (es/as) (APELIDOS, nome), seguido da expresión (ed(s).), ano de publicación, *Título da obra en cursivas*. Cidade: Editorial (Colección se é pertinente). P. ex.: TROMBETTI BUDRIESI, Laura (ed.) (2000): Federico II, *De arte venandi cum avibus. L'arte di cacciare con gli uccelli*. Bari: Laterza (Collana di Fonti e Studi, 10). E incluirase unha entrada adicional baixo o nome do autor da obra: FEDERICO II, *De arte venandi cum avibus. L'arte di cacciare con gli uccelli*, ed. Laura Trombetti Budriesi. Bari: Laterza (2000) (Collana di Fonti e Studi, 10).

Se se trata dunha **achega nunha obra colectiva**, indicarase o nome do autor (APELIDOS, nome) (ano de publicación): «título da achega entrecomiñado», autor/a (es/as) da obra colectiva (se é preciso, mención ed., coord., dir., etc.), *Título da obra colectiva en cursivas*. Editorial (Colección), cidade: páxinas. P. ex.: FRADEJAS RUEDA, José Manuel (2000): «Una traducción al castellano de Pero Menino ¿desconocida?». Andrew M. Beresford y Alan Deyermond (eds.), *Proceedings of the Ninth Colloquium*. Londres: Department of Hispanic Studies - Queen Mary and Westfield College, (Papers of the Medieval Hispanic Research Seminar, 26): 31-41.

Se se trata dun **artigo nunha revista**, indicarase o nome do/a autor/a (APELIDOS, nome) (ano de publicación): «título do artigo». *Título da revista en cursivas*, tomo en cifras arábigas, páxinas: MORALES MUÑIZ, María Dolores Carmen (1998): «Los animales en el mundo medieval cristiano-occidental: actitud y mentalidad». *Espacio, Tiempo y Forma*, Serie III, Historia Medieval, 11: 307-29.

Se se citan varios libros, traballos, etc. dun/ha autor/a, poñerase APELIDOS, nome e debaixo, reservando tres espazos á marxe, indicarase o ano de publicación da obra, diferenciando coas letras, a, b, c, etc., os traballos publicados por un/ha autor/a nun mesmo ano:

GARCÍA BELLIDO, A.

(1943a): «Algunos problemas de arte y cronología ibéricos». *Archivo Español de Arqueología,* XV: 78-108.

Documentos electrónicos en liña, exemplo: <http://hemeroteca.betanzos.net> [Consulta: 30 maio 2010].

Corrección de probas

Correrá a cargo dos/as autores/as, que deberán efectualas no prazo máximo dunha semana a partir da recepción.



Javier Garaizábal. Figura de espaldas 35x27 cm

ESTE *ANUARIO BRIGANTINO* 2018, N. 41
REMATOUSE DE IMPRENTAR
NO PRELO DE LUGAMI EN
BETANZOS O 25 DE
XULLO DE 2019
en pleno 800 aniversario
do traslado de Betanzos ó Castro de Unta



Javier Garaizábal.
Suelo hidráulico
100x81 cm



Copatrocinan:

//ABANCA

GADIS